

COLECCIÓN **BASE**



O monllo de traballos recollidos neste volume foi presentado no marco do simposio “Variación e prescrición” organizado polo ILG en 2003. Son todos eles traballos orixinais encargados a recoñecidos especialistas con acreditada capacidade de reflexión verbo das cuestións que presenta a integración da variación lingüística na descrición gramatical e sobre a delicada problemática da delimitación de fronteiras entre as tarefas de descrición e prescrición. Conta así mesmo coa colaboración de ilustres lingüistas en representación dos equipos responsables das ambiciosas gramáticas do español, o catalán e o portugués editadas recentemente, que acompañaron ao equipo que redacta na actualidade a gramática da Real Academia Galega. O presente volume recolle todas estas achegas, que afondan nos límites do modelo normativo establecido, nesa fronteira en que falla a descrición de ‘como debe ser’ ou ‘como é preferible que sexa’, o que tamén implica en moitos casos ‘como non debe ser’ ou ‘como non é’.



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA



SECCIÓN DE LINGUA

Serie
Lingüística
3



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

EDITORES

ROSARIO ÁLVAREZ
HENRIQUE MONTEAGUDO

NORMA LINGÜÍSTICA E VARIACIÓN


COLECCIÓN **BASE**



COLECCIÓN **BASE**

Serie
Lingüística

NORMA LINGÜÍSTICA E VARIACIÓN



ROSARIO ÁLVAREZ
HENRIQUE MONTEAGUDO

EDITORES



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

SECCIÓN DE LINGUA

NORMA LINGÜÍSTICA E VARIACIÓN.
UNHA PERSPECTIVA DESDE O IDIOMA GALEGO

Norma lingüística e variación. Unha perspectiva desde o idioma galego
/ Rosario Álvarez, Henrique Monteagudo (editores). — Santiago de
Compostela : Consello da Cultura Galega : Instituto da Lingua Galega,
2004. — 440 p.: 22 cm. —

(Colección Base. Serie Lingüística ; 3)

DL 474/2005 — ISBN 84-95415-94-1

1. Lingua galega-Lexicografía. I. Álvarez, Rosario. II. Monteagudo,
Henrique. III. Consello da Cultura Galega. IV. Instituto da Lingua
Galega

Serie Lingüística nº. 3

Directores Rosario Álvarez Blanco
Henrique Monteagudo

REVISIÓN EDITORIAL
Silvia Viso Pérez

© CONSELLO DA CULTURA GALEGA
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 957 202 Fax 981 957 205
correo@consellodacultura.org

© INSTITUTO DA LINGUA GALEGA
Praza da Universidade, 4
15782 Santiago de Compostela
Tel. 981 563 100 Fax 981 572 770
ilgsec@usc.es

Proxecto gráfico e deseño de cubertas
Manuel Janeiro

ISBN: 84-95415-94-1
Depósito legal: C-474/2005

Imprime: Grafisant, S.L.

NORMA LINGÜÍSTICA E VARIACIÓN.
UNHA PERSPECTIVA DESDE
O IDIOMA GALEGO

Rosario Álvarez
Henrique Monteagudo
(editores)

Esta obra reúne os relatorios presentados no Simposio *Prescripción e variación* que tivo lugar na Universidade de Santiago entre o 13 de novembro e o 2 de decembro de 2003. A súa celebración foi posible mercé ao financiamento fornecido polo Vicerrectorado de Investigación e Innovación (Universidade de Santiago de Compostela), a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Xunta de Galicia) e a Secretaría de Estado de Política Científica y Tecnológica (Ministerio de Ciencia y Tecnología).

ÍNDICE

Limiar	9
<i>Violeta Demonte</i>	
La esquiva norma del español. Sus fusiones y relaciones con la variación y el estándar	13
<i>Joan Solà</i>	
Descripció i prescripció en la Gramàtica del català contemporani (2002)	31
<i>Inês Duarte</i>	
Gramática descritiva, língua padrão e variação	43
<i>Rosario Álvarez, Francisco Cidrás, Ernesto González Seoane, Xosé Luís Regueira, Xosé Xove</i>	
Entre o uso e a norma. O proxecto de <i>Gramática</i> da Real Academia Galega	61
<i>Xosé L. Regueira</i>	
Estándar oral	69
<i>Elisa Fernández Rei</i>	
O estándar prosódico	97
<i>Concepción Diéguez Diéguez, Soraya Domínguez Portela, Belén López Gómez e Fátima Rodríguez Ruibal</i>	
Maiúsculas e minúsculas: criterios de uso	127
<i>Luz Cures Vázquez, Xesús Manuel Mosquera Carregal e Marta Negro Romero</i>	
Problemas na identificación e acentuación das interrogativas indirectas: Dime que acentúo ben / Dime qué acentúo ben	165
<i>Serafín Alonso Pintos</i>	
Escribir e prescribir. Variación e prescripción ortográfica e gramatical da lingua galega (1950-1982)	189
<i>Paulo Sánchez Vidal</i>	
Unha achega ó estudo do proceso de codificación ortográfica e gramatical da lingua galega (1980-2000)	201

Francisco Dubert García

¿Influente ou influínte? Prescrición e uso da vogal temática verbal
da c-iii nos adxectivos en -NTE na lingua galega 223

Larisa Santos Suárez

O diminutivo na definición actual do estándar morfolóxico 247

Bieito Silva Valdivia

Converxencia e diverxencia en certas estruturas morfosintácticas
do galego..... 259

Isabel Vaquero Quintela

A corrección lingüística nas cláusulas de relativo..... 283

Xosé Xove

O verbo galego: usos e abusos, descrición e prescrición 313

Francisco A. Cidrás Escáneo

A sintaxe na gramática: problemas de descrición e
problemas de prescrición 335

Rosario Álvarez

A definición dun estándar sintáctico: problemas, cautelas, límites..... 359

Henrique Monteagudo

Do uso á norma, da norma ao uso (Variación sociolingüística
e estandarización no idioma galego)..... 377

Programa 437

LIMIAR

O fenómeno da variación sociolingüística sincrónica nos seus diferentes parámetros (territorial, social e funcional), escasamente atendido polas diversas escolas lingüísticas modernas, está a concitar unha atención crecente. Os gramáticos son cada vez máis conscientes da necesidade de integráreno nos seus programas de traballo, co duplo propósito de fornecer unha descrición lingüística máis axustada á realidade e de procurar xebrar os difusos límites entre a descrición e a prescrición. Tal integración constitúe unha tarefa especialmente incontornable á hora de derivar as distintas aplicacións que os estudos gramaticais atopan en campos tales como a definición dos códigos normativos, a didáctica da lingua, a tradución, a edición de textos ou a fixación de pautas idiomáticas para os medios de comunicación. En idiomas que presentan problemas específicos de definición do estándar normativo, por carencia tanto dunha tradición histórica que teña establecidos con precisión os perfís duns modelos de corrección solidamente asentados, canto duns medios de difusión e socialización de tales modelos, este labor de esclarecemento ten carácter perentorio.

A partir da devandita reflexión, o Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela convocou o Simposio 'Variación e prescrición', coordinado polos profesores Rosario Álvarez e Henrique Monteagudo, coa asistencia da licenciada Silvia Viso, que se celebrou na Facultade de Filoloxía da USC entre o 13 de novembro e o 2 decembro de 2003; formaban tamén parte do Comité organizador a profesora Elisa Fernández Rei e a licenciada Mónica Baleirón. O programa desenvolveuse ao longo de dezaseis conferencias e tres mesas redondas a cargo de recoñecidos especialistas con ampla experiencia no tratamento destes asuntos e contrastada capacidade de reflexión verbo das cuestións levantadas. Traballamos, pois, nos

límites do modelo normativo establecido, nesa fronteira en que falla (ou simplemente falta) a descrición de ‘como debe ser’ ou ‘como é preferible que sexa’, o que tamén implica en moitos casos aclarar ‘como non debe ser’ ou ‘como non é’ (a contraño dalgunhas prácticas máis ou menos estendidas). E fixémoslo convidando á reflexión e ao debate non só especialistas nos diversos campos (aos que encargamos traballos orixinais para a ocasión), mais tamén os participantes no proceso de definición do estándar e na aplicación práctica dos ditames emanados das instancias autorizadas. Pareceunos do maior interese convidar ilustres e experimentados lingüistas involucrados na redacción de tres grandes proxectos de gramática de linguas peninsulares (de publicación recente), o que nos permitiu contemplar os problemas do galego nunha perspectiva comparada. As reflexións vertidas en cadansúa palestra, acompañadas polas do equipo que redacta a gramática da Real Academia Galega (en proceso de elaboración), abren o volume.

O Simposio ‘Variación e prescrición’ constituíu o terceiro dunha serie que cada ano se centra nun tema que reclama unha atención prioritaria. En convocatorias anteriores foran abordados os temas ‘Dialectoloxía e léxico’ (2001) e ‘Léxico e estandarización en Galicia’ (2002); acabamos de celebrar o Simposio ‘Lingua e territorio’ (2004). O obxectivo común de todos eles é contribuíren ao progreso da investigación e da reflexión naquelas facetas do estudo da lingua galega que ou están insuficientemente atendidas ou non están dabondo adiantadas en relación ás demandas actuais, ora da comunidade científica ora do corpo social. Na súa andaina os simposios contaron coa colaboración da Universidade de Santiago, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e o Ministerio de Ciencia y Tecnología, institucións que achegaron subvencións de distinta contía. Agradecemos a estas entidades o seu imprescindible contributo.

Por parte, é de xustiza deixar especial constancia da colaboración da Sección de Lingua do Consello da Cultura Galega, que garante a publicación anual do correspondente volume monográfico. Xa viñeron a lume os títulos *Dialectoloxía e léxico* e *A estandarización do léxico*. No momento en que redactamos estas liñas atópase no prelo o cuarto volume, coas actas do simposio de 2004. Destarte, vai tomando corpo, dentro da ‘Colección base’ do Consello da Cultura, a ‘Serie Lingüística’, que temos a honra de dirixir os que asinamos o presente Limiar. Estas obras atópanse a dispor do público en edición

tradicional en papel e mais en edición electrónica, accesible a través da páxina web do CCG (<http://www.consellodacultura.org>).

Énos particularmente grato expresar a nosa profunda satisfacción pola excelente acollida tanto dos Simposios canto dos volumes de actas, así nos ambientes especializados coma entre os profesores e estudantes de lingüística galega. Tal acollida reafírmanos na pertinencia e oportunidade do noso empeño, e dános azos para seguirmos contribuindo, desde a modestia pero tamén desde un circio compromiso, ao progreso do coñecemento científico e á difusión social da lingua galega.

*Rosario Álvarez
Henrique Monteagudo*

LA ESQUIVA NORMA DEL ESPAÑOL. SUS FUSIONES Y RELACIONES CON LA VARIACIÓN Y EL ESTÁNDAR

Violeta Demonte

Universidad Autónoma de Madrid

LA ESQUIVA NOCIÓN DE NORMA

El objetivo de esta lección es intentar discurrir sobre las no siempre formales relaciones entre la norma lingüística y la gramática descriptiva. Abordaré esta reflexión desde dos miradores: el más general de la teoría gramatical y la gramática de la lengua española en su conjunto, y el más específico de la gramática más extensa que hasta el momento existe sobre nuestra lengua, la *Gramática descriptiva de la lengua española (GDLE)*, publicada hace ya más de cuatro años, que tuve el honor de dirigir con Ignacio Bosque.

Para llevar a cabo la tarea plantearé primero la cuestión de las imprecisas fronteras entre la descripción y la norma: de la versatilidad de esas fronteras surge el oxímoron, como luego diré. Me referiré a continuación a las características de lo que denominamos “español estándar”, entidad socio-político-lingüística en la que inevitablemente se basa –al menos en este momento– la descripción, y la norma implícita o explícita en esa descripción. Abordaré en último lugar lo que a mi juicio es una tarea ineludible del gramático descriptivo –y del gramático teórico–: la de cómo incorporar la variación geográfica, social y estilística en la descripción gramatical.

En la *Gramática descriptiva de la lengua española* definimos la gramática –lo que allí se va a entender por gramática– como:

La disciplina que estudia sistemáticamente las clases de palabras, las combinaciones posibles entre ellas y las relaciones entre esas expresiones y los significados que puedan atribuírseles. Esas propiedades, combinaciones y relaciones pueden formularse de maneras diversas y puede haber, por lo tanto, muchas gramáticas de la Gramática de una lengua [I. Bosque y V. Demonte, “Introducción” a la *GDLE*, Madrid, 1999: i].

Ambos aspectos (análisis de las categorías léxicas y gramaticales y de las combinaciones entre ellas, más el estudio de las clases de construcciones y oraciones) conforman la sintaxis-morfología de la lengua. Entendemos por tal la caracterización de las posiciones que las categorías ocupan en las oraciones, sus posibilidades combinatorias, las funciones argumentales o adjuntas que desempeñan, las relaciones entre clases léxicas de categorías y distribución de ellas mismas y sus argumentos en las construcciones, las construcciones de las lenguas (pasiva, interrogativa, exclamativa), los tipos de subordinadas, etc. Pero la gramática es también el sistema de los sonidos, la estructura prosódica de las oraciones y las condiciones de uso impresas en las estructuras lingüísticas de las que disponemos. Todos estos aspectos conforman pues la gramática descriptiva; ¿entran todos ellos en la gramática normativa, en el supuesto de que la haya?

Con otras palabras, si todos esos aspectos son describibles, ¿son todos ellos normativizables? ¿Qué pasa con las variedades de la pronunciación y con las opciones prosódicas, que no suelen ser de libre opción para los hablantes? ¿Por qué, en efecto, cuando se habla de norma gramatical lo frecuente es aludir a la sintaxis, la morfología y el léxico, los componentes básicos de la gramática, y las pronunciaciones, en cambio, suelen situarse en el terreno de la variación dialectal? ¿Qué sucede, por otra parte, con la escritura, mucho más fácil de regular por consenso pues no se trata –como indica Coseriu– de un código lingüístico en sentido estricto sino de un código social?

Son pues resbaladizos los cortes en el interior de la gramática en cuanto a qué entra en la norma y en la variación; también parece difícil marcar las fronteras entre las dos nociones: la de gramática descriptiva y la de gramática normativa.

Salvador Fernández Ramírez nos decía lo siguiente en el Prólogo a la edición de 1951 de su *Gramática española*:

He meditado mucho tiempo antes de decidirme a adoptar criterios estimativos frente a los hechos del lenguaje. Frecuentemente en esta obra, como es normal hacerlo, se da indirectamente una calificación de los usos, o bien por el hecho de estar incluidos o no dentro de la norma común o literaria, o bien por su carácter arcaizante, poético, vulgar o coloquial. Pero además he meditado largamente acerca de la posibilidad de encontrar por lo menos el sentido de una norma que se inspire en *las leyes mismas del lenguaje, que fuese dictada por la consistencia de su propia realidad* (cursiva mía, VD) [GE, ed. de 1985: 305].

En su discurso de ingreso en la RAE, señala I. Bosque que esta acepción de norma no es la que prevalece comúnmente, y recuerda que nuestro gramático solía distinguir entre tres sentidos de ‘norma’: la que “se investiga y

se descubre” (precisamente la que se sigue del texto antes citado), “la que se distingue y se modula” (la que se deduce de adjetivos estimativos como los antes mencionados), y “la... [que] se vigila” (Bosque 1997: 35). Podríamos añadir que la primera noción tiene que ver con la gramática, la segunda con la sociología del lenguaje (“corrección”, “prestigio”) y la tercera con la política (con la legislación y los preceptos para lo que se distingue y modula).

Fernández Ramírez, pues, sin precisarlo apenas (“la cuestión es muy espinosa y renuncio, por el momento, a abordarla”, 1985: 305), relaciona la norma con la gramática e indica algo con lo que no se puede estar sino de acuerdo: la norma ha de relacionarse con las leyes mismas del lenguaje.

En el Prólogo de su *Gramática de la lengua española* (1994) Emilio Alarcos indica también que la gramática normativa es parte de la gramática descriptiva; se incluye en esta, más estrictamente, dado que no puede ya escribirse alejada de ella, pero no se desprende de ella, como quería FR. Por otra parte, su condición es distinta: mientras que la gramática normativa es “provisional y a merced del uso” (véase lo que nos recuerda a propósito del *Appendix Probi*) la gramática descriptiva “establece ordenadamente ciertos hechos” (1994:20):

Que juzguemos, por ejemplo, incorrecto decir o escribir *este área* (en vez de *esta área*) no depende de que *este* y *esta* se designen como “pronombre” o “adjetivo”, como “determinante”, “demostrativo” o “deíctico”: en todo caso, eso está mal dicho. Una gramática es pues normativa con independencia de que sus normas queden envueltas por fuerza en este o aquel excipiente metalingüístico. Ya no sería gramática el resultado de reducir la exposición de los hechos a un seco repertorio de usos correctos e incorrectos, sin dar ninguna explicación, como el viejísimo *Appendix Probi*. Y ya sabemos los hablantes del brillante éxito práctico de los esfuerzos normativos del Pseudoprobo; casi todo lo que condenaba ha triunfado en los romances. *Conviene así que el normativismo se forre de escéptica cautela. En el orden jerárquico interno de la gramática, primero viene la descripción de los hechos; de su peso y su medida se desprenderá la norma, siempre provisional y a merced del uso* (cursiva mía, VD) [GLE, 1994: 20].

Alarcos, igual que Fernández Ramírez, no quiere renunciar a la norma, y no ve fácil separarla de la gramática descriptiva, al menos en lo que respecta al “vocabulario” que usamos para formularla y porque las observaciones normativas son provisionales compañeras de viaje de las gramáticas descriptivas. No es la lista del *Appendix*, pero tal vez es un anejo.

Moreno (2000) llega a la misma conclusión por un camino bien diferente: en realidad, toda descripción implica la opción por alguno de los dialectos de una lengua:

Si lo que se describe habitualmente en los estudios gramaticales es, en la mayor parte de las ocasiones, una determinada variedad, la estándar, se está dando la impresión de que es la única variedad accesible a los métodos científicos, por ser la más regular y sistematizable; y se está haciendo de la descripción prescripción [Moreno 2000: 56].

Citando a Pakayama (1995) añadirá que “la descripción es siempre una forma débil de prescripción”.

A lo que dicen estos estudiosos se deben añadir al menos tres razones más que hacen difícil aislar ese objeto llamado Gramática Normativa. En primer lugar, una vez que se conoce la lógica profunda de la variación lingüística (derivada de presiones internas –parámetros del cambio, recategorizaciones, gramaticalizaciones...–, tanto como externas –calcos y préstamos–) la separación entre descripción y norma no parece fácilmente articulable pues no hay fenómeno normativo puro en sentido estricto: lo que parece normativizable –si se mira desde el análisis de la variación– o es historia o es cambio en ciernes o es interferencia, en muy pocos casos es justo tildar a esos fenómenos de errores o insensateces. En segundo lugar, las consideraciones sobre los usos “incorrectos” son propias del orden jurídico, o del terapéutico, y no del lingüístico, y resultan incómodas en un momento de extensión de la educación, y de la conciencia de que es posible ser tratado como igual siendo diferente. Por último, tales consideraciones podrían resultar inconvenientes cuando tratamos de lenguas extensas e internacionales, como es el caso del español, cuya unidad se aspira a mantener por encima de todo. No olvidemos que uno de los dogmas casi sagrados de la política lingüística tradicional y actual sobre el español es el de la unidad en la diversidad.

Si así son las cosas, y si la normativización es extraña a los cometidos de la gramática, lo que le incumbirá a esta, en todo caso, es presentar, caracterizar y razonar la “variación” lingüística, de modo que los usuarios del lenguaje puedan disponer de información sobre los dialectos de su propia lengua, sobre los usos “estandarizados”, sobre los problemas de diglosia e interferencia (en el caso de la gramática de zonas bilingües o de los textos para extranjeros) y sobre las connotaciones que acompañan a algunos modos de pronunciar, o a ciertas expresiones léxicas porque corresponden a otros registros o porque no significan lo que el hablante cree que significan.

Pero bueno, a la vez que afirmamos esto, aceptemos el oxímoron o la pura y dura contradicción. Por mucho que neguemos estatuto teórico a la gramática normativa hay una noción histórico-social –o, si se prefiere, de la ciencia popular– de gramática normativa. Tal entidad es concebida, por el lego y por el experto, como una gramática parcial (una sintaxis y una léxico-sinta-

xis parcial), una gramática descriptiva donde sólo algunas de las construcciones de la lengua en sentido amplio recibirían juicios estimativos.

La noción de gramática normativa que acabo de esbozar es la que corresponde a lo que denominaré “visión tradicional renovada”; hay una visión tradicional arcaica que es la que abogaba, por ejemplo, porque se enseñase la distinción entre -s- y -z- en las escuelas de la América hispánica y la que consideraba al castellano peninsular como el estándar de la lengua española. En la visión tradicional renovada la Gramática Normativa es parcial y “caprichosa” en el terreno de la sintaxis y la morfología, y deja fuera, como antes indicaba, un conjunto amplio de fenómenos de diversos niveles: variaciones que afectan a aspectos fonético-fonológicos de la lengua (el seseo y el ceceo), o fenómenos de flexión verbal y de complejidad morfofonológica (cultismos, palabras abstractas, usos en contextos especiales), que no suelen incluirse en las gramáticas normativas pese a su fuerte impacto en la variación intra e interlingüística.

Un corolario prudente de lo que vengo diciendo hasta aquí es que la relación entre norma y gramática descriptiva, y entre norma y variación, no está bien establecida en el mundo hispánico, seguramente porque esa relación no es accesible, o porque el establecimiento de espacios relativos no puede hacerse sobre entidades de distinto rango: un objeto sistemático de rango lingüístico: la *gramática*, un objeto que refleja presiones externas (sociales e históricas) e internas, sobre la lengua: la *variación dialectal*, y un objeto puramente cultural y que refleja el poder de las élites lingüísticas: la *norma gramatical*.

NORMA Y LENGUA ESTÁNDAR. CARACTERÍSTICAS DEL ESTÁNDAR ESPAÑOL

2.1. Noción de lengua estándar

Vayamos a una tesis. En el momento presente de la lengua y la gramática del español el concepto de norma es a mi juicio inseparable del de *lengua estándar* [LE], la materia impalpable de la variación. Lo es por varias razones. En primer lugar porque la LE no refleja ya un patrón de dominio de un dialecto sobre otro, sino un patrón de complementariedad y coherencia, como luego diré. Lo es también porque la estandarización, por así decir, acoge cordialmente la variación: “debilita” los aspectos que podrían generar más conflictos –los rasgos fonéticos (los acentos), prosódicos y léxicos– y mantiene la variación que tiene justificación en la historia y en el sistema de la lengua: la variación en los fenómenos sintácticos y morfológicos.

En un trabajo que presenté en el *II Congreso internacional de la lengua española* (Valladolid, 2001) –disponible en la página web del Instituto Cer-

vantes— intentaba definir las características del estándar español y lo que si-gue es una reelaboración de aquellas consideraciones.

Para Dubois *et alii* la variedad estándar de una lengua es “aquella que se impone en un país dado, frente a las variedades sociales o locales. Es el medio de comunicación más adecuado, que emplean comúnmente personas que son capaces de servirse de otras variedades. Se trata generalmente de la lengua escrita y propia de las relaciones oficiales. La difunden la escuela y los medios de comunicación”.

A esa caracterización se debe añadir la idea de que la suprarvariedad estándar tiene un carácter acordado o convencional:

[...] el estándar debe entenderse como una intersección de lectos, [...] como una variedad convencionalmente superpuesta [...] al conjunto de variedades geográficas, sociales y estilísticas de una lengua [Pascual y Prieto de los Mozos 1998: n.6].

La definición que sigue, debida a Lewandowski (1982), recoge las características recién mencionadas y añade dos elementos importantes: la naturaleza histórica de la institucionalización de los estándares y su condición de herramientas para el ascenso social de los usuarios que estén en condiciones de adoptarlos:

[Estándar es] La lengua de intercambio de una comunidad lingüística, legitimada e institucionalizada históricamente, con carácter suprarregional, que está por encima de la(s) lengua(s) coloquial(es) y los dialectos y es normalizada y transmitida de acuerdo con las normas del uso oral y escrito correcto. Al ser el medio de inter-comprensión más amplio y extendido, la LE [lengua estándar] se transmite en las escuelas y favorece el ascenso social; frente a los dialectos y sociolectos, [es] el medio de comunicación más abstracto y de mayor extensión social [Lewandowski 1982: 201].

El prestigio, la convención, las actitudes y la historia (Pascual y Prieto 1998: 3, Milroy y Milroy 1991: 15), pues, están en el origen de toda estandarización. Así las cosas, la LE es de suyo un objeto de naturaleza abstracta que se define por lo que no es más que por lo que es. Por ello las lenguas estándar no suelen estar descritas en ninguna parte, ni nadie se atreve demasiado, al menos en este momento de corrección política, a pronunciarse sobre qué opción léxica o de pronunciación ha de considerarse como más prestigiosa. Esto se debe a que la LE es un objeto que por definición está siempre incompleto —en proceso de configuración y pactando consigo mismo—, es susceptible de cambios que dependen más de la voluntad de los usuarios que de propiedades objetivas, y constituye una entidad heterogénea (social, con-

vencional, política, lingüística) tanto en su origen como en sus límites y contenido.

2.2. *El estándar abarcador del español: algunas características*

La sociolingüística y la sociología del lenguaje aplicadas al español, por lo que se me alcanza, no disponen aún de la obra de conjunto sobre las variedades regionales y sociales de nuestra lengua –y sobre la manera como los hablantes perciben esas variedades– que permita hacer apreciaciones certeras sobre qué se entiende exactamente por español estándar y cuáles son los rasgos y procesos que engloba y que lo definen. Pese a esa ausencia, me atreveré con una caracterización global, primero de las características ideológicas de nuestro estándar, y las tendencias que llevan a ellas; esbozaré luego una ejemplificación de esa caracterización general.

En lo que concierne a las actitudes, a la ideología, en un tiempo ciertamente muy corto, en el mundo hispano parece haberse girado de una percepción –siempre aceptada con reservas por parte de los latinoamericanos– del castellano peninsular como “dialecto primario del español [...] norte orientador y casi modélico para un número vasto de hispanohablantes, que se realiza en unos vastos límites espaciales” (Hernández Alonso 1996: 197, tomado de Borrego 1999: 13) a una concepción más suelta y comprehensiva del español estándar en la que el prestigio no aspira ya a ir asociado a la pronunciación de la *c* y *z* como interdental, de la *s* como ápico alveolar, o al leísmo de persona. Más aún, es indudable que los países latinoamericanos con mayor peso político, cultural y demográfico contribuyen en igual medida que España a ese español estándar abstracto cuya materialización es la unidad del español.

La variedad estándar española es, a mi juicio, un dialecto construido con un vocabulario y construcciones sintácticas no específicos, en donde los acentos no se manifiestan de forma llamativa, aunque persisten rasgos, particularmente fonéticos y prosódicos, que identifican la zona geográfica a la que pertenece el hablante. Los hablantes utilizan esa variedad en la escritura, en la enseñanza del español como lengua extranjera, en situaciones formales y en la interacción con usuarios de otras variedades del español. Los hispanohablantes poseedores del estándar (aunque no sean conscientes de ello) saben adaptarse a quienes tienen normas distintas de las suyas.

En este sentido, el caso español sigue la regla según la cual un estándar es una *koiné* (Benincá 1999: 248), una variedad común a un conjunto de dialectos, donde se elimina aquello que sea demasiado peculiar, particularmente en el terreno de la pronunciación, y se buscan formas léxicas y morfológicas transparentes y de consenso. Para llegar a esta situación ha sido esencial

el cambio político en España y el interés económico y cultural de la España democrática por la América de habla española. La Real Academia Española y el Instituto Cervantes, por otra parte, no han dudado en señalar en numerosas ocasiones que el español del siglo XXI será americano o no será; una consideración tal era simplemente impensable hace veinte años.

Por lo tanto, el estándar español actual es multiareal y configura un modelo regido por un principio de coherencia o complementariedad (Corbeil 1983) y no de dominio de un dialecto sobre otros. Es no obstante culturalmente más coactivo que el de otros países equivalentes (los EEUU, por ejemplo) porque la noción de norma y corrección tienen un papel decisivo en nuestra cultura social. Los hablantes aspiran a tener modelos lingüísticos, y los enseñantes tienen conciencia implícita o explícita de esa norma.

¿Cuales son los *principios generales* que regulan la formación de ese supradialecto que incluye tanto al español de la Argentina, como al de Valladolid, al de las dos Guadalajaras o al de Caracas?

En primer lugar, es una variante en la que la distancia entre la lengua hablada y la *lengua escrita* se reduce en lo posible: quien habla bien habla como se escribe y pronuncia de la manera más cercana a la escritura. De ahí que nunca hayan prosperado las propuestas de reformas ortográficas radicales.

En lo que toca a la *pronunciación*, en el consenso fonológico del español parecen estar actuando varias fuerzas reguladoras. En el español en su conjunto no se plantea ya –como habría sucedido hace unos años– la opción entre el español de Castilla y su zona de influencia y el español meridional y latinoamericano. Ni España pretende ser “norte regulador” ni surgen voces reivindicando un idioma de los argentinos o de los mexicanos. El mestizaje es la norma. No obstante, si se toman como referencia los periodistas radiofónicos y los presentadores de TV en los dos continentes, en el español europeo la pronunciación más escogida en estos medios parece ser la central-norteña (con algunos rasgos catalanes y vascos incluidos) y en el español americano la que da un acento intermedio que atenúa –pero no elimina– los rasgos muy particulares de una determinada región (la velarización de las nasales, la reducción vocálica, ciertas formas de la -r-, el exceso de aspiraciones, acaso); quizá Colombia y el mexicano culto sean lo más próximo a la estandarización, aunque el dialecto argentino goza de un fuerte prestigio. En España, como es sabido, hay un cambio evidente de actitud frente a la variedad andaluza, giro este que se relaciona directamente con los 14 años de gobierno de políticos socialistas con acento andaluz.

En ese mismo espíritu de complementariedad, se extiende cada vez más –sobre todo en los círculos académicos– la aceptación de pronunciaciones alternativas como elementos que forman parte de una lengua estándar común. Me refiero a la aceptación del seseo americano, andaluz y canario,

–probablemente debamos decir en este momento que el seseo es la norma del español– o a la consideración de *y* / *ll* como elementos del mismo rango. Se consideran también comunes ciertas formas debilitadas de algunos de los procesos fonológicos que delimitan dialectos geográficos muy diferenciados: ciertas aspiraciones de la -s, algunos debilitamientos de las consonantes finales, la relajación de las dentales en la terminación de participios, etc.

Este supradialecto, a la vez que elimina rasgos fonéticos y morfofonológicos específicos, amplía y negocia el caudal *léxico*. Los lexicones de las lenguas del mundo reflejan la manera como los seres humanos conceptualizan las acciones, estados, cualidades y entidades de la realidad; codifican también los cambios que se producen en esa realidad: nuevos objetos y acciones serán nuevos nombres y nuevos predicados; ambas fuerzas no son incompatibles. Pues bien, si la globalización es el patrón de desarrollo político y económico dominante en el mundo actual, es natural que exista una globalización lingüística y que la tendencia a la homogeneización contribuya a la mejor delineación de un léxico estándar estable y bien definido.

López Morales (2001), tras examinar comparativamente varios trabajos recientes sobre vigencia, disponibilidad y mortandad de unidades léxicas del español en varias ciudades hispanoamericanas así como en España¹, formula las siguientes conclusiones relativas a las tendencias actuales del léxico hispanoamericano:

Primero, como era de esperar, existe una variación léxica diatópica y diastrática, materializada ésta en dos grandes vertientes: la ruralia sigue conservando un vocabulario patrimonial teñido –a veces levemente– de indigenismos regionales; las zonas urbanas, por su parte, presentan una diversidad menor, pero no despreciable, de la que participan las adaptaciones y los calcos del alud de anglicismos que llegan a ellas. Segundo, [...] ha empezado a producirse un proceso globalizador, muy vivo sobre todo en las ciudades, que se aprecia preferentemente en las nóminas pasivas del vocabulario colectivo [López Morales 2001: 22-23].

1 López Morales basa sus conclusiones en el examen, entre otros, de los datos proporcionados por los siguientes proyectos de investigación, monografías o tesis doctorales sobre léxico español e hispanoamericano: José Moreno de Alba, "Léxico de las capitales americanas frente al léxico madrileño", en *El español de América*, Actas del IV Congreso Internacional, vol. II, Santiago de Chile, Pontificia Universidad Católica de Chile, 1995, 1024-1034; Proyecto VARILEX (dirigido por Hiroto Ueda), <http://gamp.c.u.-tokyo.ac.jp/ueda/varilex.htm>; H. López Morales, "Muestra del léxico panantillano: el cuerpo humano", en *Scripta Philologica in Honorem Juan M. Lope Blanch*, México, UNAM, vol. III, 1992, 393-625; Juan López Chávez, "Alcances panhispánicos del léxico disponible", *Linguística* 4, 1992, 26-124; José Antonio Samper Padilla, "Gran Canaria y Puerto Rico: comparación de sus léxicos disponibles", en *Homenaje a María Vaquero*, Universidad de Puerto Rico, 1999, 128-141; y Orlando Alba, "Variable léxica y dialectología hispánica", *La Torre* [Universidad de Puerto Rico] 3, 1998, 317-330.

La globalización y estandarización del léxico del español se debe a la acción de las siguientes fuerzas o factores que no comentaré aquí (cfr. Demonte 2001): a) la tendencia a la homogeneización del léxico del español, b) la fuerza centrípeta de la incorporación de neologismos, c) la extensión a otras zonas (y mayor disponibilidad) de algunas formas dialectales, d) la coincidencia en los procesos léxico-sintácticos de recategorización, e) los paralelismos en el empleo y normalización de algunas desinencias derivacionales. (Pascual 1996).

Paradójicamente, la tradición normativa del español se ha centrado en buena medida en la *gramática* de la lengua (en fenómenos sintácticos y morfo-sintácticos) cuando este es en realidad el terreno en que la estandarización está más consolidada. Tal consolidación se debe simplemente a que nuestra gramática se normalizó hace ya muchos siglos, al igual que las de la mayoría de las lenguas romances, y a que la sintaxis es más impermeable que otras regiones del lenguaje a mutaciones y sesgos. Las pocas variaciones que persisten (cfr. Demonte 2000) tienen por lo general una larga historia y representan antes bien estrategias alternativas posibles (a veces reanálisis muy superficiales) que se sienten todas ellas como normales.

Entendemos por variación sintáctica la coexistencia en la gramática de una misma lengua de dos (o más) construcciones sintácticas que alternan libremente y a las que no se asocia un cambio de significado (ambas construcciones pueden usarse en los mismos contextos y poseen en ellos idéntico valor de verdad). Entre los fenómenos de variación más estudiados por los especialistas están los que enumero a continuación, sin pretensión de exhaustividad (advuértase que los dos últimos fenómenos se dan en situaciones de contacto de lenguas):

- 1) *El dequeísmo y el queísmo*: Comentó con alguien de que yo era profesora [Bentivoglio 1976: 4] / Estoy segura que mañana no dirás lo mismo.
- 2) *La variación en las oraciones relativas: relativas enfáticas y quesuismo*: Imagínate en las tonterías que habrá pensado / Imagínate las tonterías en que habrá pensado, o: El chico [cuyo / que su] padre no lo quiere.
- 3) *La variación en las perífrasis de relativo*: Lo que Juan comía era papa / Era papa lo que Juan comía / Juan comía era papa.
- 4) *La concordancia del verbo impersonal*: Hubieron muchos espectadores en el campo [Gómez Torrego 1989: 92] / Hubo muchos espectadores en el campo.
- 5) *La concordancia en las construcciones partitivas*: Una docena de niños no pudieron patinar / Una docena de niños no pudo patinar.
- 6) *La reduplicación de los clíticos de objeto directo*: Lo quiero mucho a Juan / Quiero a Juan.

- 7) *La variación en el empleo de algunas preposiciones*: un retrato a colores (México) / Saque la basura hasta que den las siete ('Saque la basura [en el momento / a partir del momento] en que den las siete')/ Me arrimé junto de mi papá (E. Poniatowska, *Hasta no verte, Jesús mío*, 13).
- 8) *La diferencia (entre el español del Caribe y el español general) en la presencia / ausencia de pronombres tónicos en posición de sujeto*: ¡Cómprelas que ellas son muy buenas! (Santo Domingo).
- 9) *Eliminación del pronombre átono de objeto directo en el español del Paraguay*: –¿Viste el coche que pasaba por allí? –Ví, frente a: –Lo vi (en la mayoría de los dialectos del español).

He argumentado en Demonte (2000) que estas construcciones paralelas representan en algunos casos opciones “(micro)paramétricas” (en el sentido de la teoría generativista de los “principios y los parámetros”), aunque no es oportuno traer a colación esa argumentación en este texto. Deseo mencionar tan solo que la serie anterior se puede reducir drásticamente si esos fenómenos se reagrupan a su vez entre los que implican a las conjunciones y pronombres que introducen oraciones subordinadas (1 y 2), los relativos a procesos de concordancia (4 y 5), y aquellos en los que interviene la ‘flexión’ pronominal (6, 8 y 9). En todos estos casos, la variación gira en torno a un conjunto reducido de rasgos gramaticales presentes precisamente en categorías desprovistas de significado léxico: los pronombres –acaso formas flexivas del verbo–, las conjunciones subordinantes, las marcas de número y persona de las formas verbales. Esos rasgos delimitan parámetros (gramáticas alternativas, si se quiere), que pueden muy bien darse simultáneamente en una misma lengua. Por lo tanto, esas variaciones no son fortuitas y están allí porque pueden estar.

Pues bien, para retomar nuestro hilo, como se trata de construcciones que alternan libremente, sin que la opción por una u otra afecte al significado, y como se ha dado el caso de que alguna de las variantes ha sido más frecuente entre los hablantes de ciertos dialectos sociales, resulta que estas últimas han recibido en ocasiones juicios estimativos negativos por parte de los normativistas.

Ciertamente, la estigmatización del *queísmo* (o del *dequeísmo*), que usan con normalidad presidentes y primeros ministros de repúblicas y de no repúblicas, y adoptan sin sonrojo escritores reconocidos, se podría ver en los días que corren como una imposición desinformada. La concordancia de *haber* con el ‘objeto directo’ (más bien se asemeja a una concordancia con el sujeto de un verbo existencial) se usa como forma general y culta en dialectos específicos (Canarias, los países del Caribe). En cuanto a las perífrasis de relativo, muchas lenguas tienen varias estrategias de focalización con añadi-

do del verbo *ser* (el portugués, sin ir más lejos) y no es frecuente que se marque ninguna de ellas como preferible o normal frente a la otra; algo similar puede decirse de la reduplicación de los clíticos, aunque ciertamente la tradición gramatical sólo ha considerado este fenómeno como una especificidad del Río de La Plata, sin más connotaciones.

Para la cuestión que aquí nos ocupa: la de la gramática de la lengua estándar y su relación con la norma, lo que se sigue de mis consideraciones es que esas variantes son todas por igual parte del estándar: corresponden a dialectos cultos, el empleo de una u otra de las construcciones alternativas no impide la intercomprensión, concurren en textos formales, y reflejan, por último, los avatares de la historia de la lengua.

Entre los fenómenos antes enumerados, el único que merece –y necesita– ser objeto de escrutinio a efectos de la normalización es el de 7. La modificación del valor sintáctico y léxico de las preposiciones (a medio camino por lo general entre la variación léxica y el calco sintáctico por influencia de lenguas próximas) es un hecho tanto social como lingüísticamente condicionado. En efecto, las preposiciones, por su condición intermedia entre categoría léxica y categoría gramatical son un terreno abonado para las confusiones: los hablantes las usan como marcas formales puras y olvidan muchas veces que también tienen significado léxico.

Consideraciones similares a las anteriores (aunque no idénticas) merecen los fenómenos de variación en los que intervienen los morfemas de concordancia, sobre todo los que marcan el género y el número. Los hablantes se preguntan muchas veces por el género de las ciudades (*el Madrid de los Austrias* frente a *la Roma de Alberti*), por cómo pluralizan *mujer objeto*, *buque escuela* o *maltrato*, (a saber: *mujeres objeto*, *buques escuela*, frente a *guardias civiles*; y el aparente doblete *maltratos* / *malos tratos*), por el contraste, en cuanto a la manera de concordar en género, entre el primer elemento de los compuestos *veintiúnmil* y *décimoquinta*, por mencionar sólo algunas de otras muchas cuestiones. En algunos casos, la normalización parece no haberse cerrado aún (*veintiunamil* y *veintiúnmil* me suenan igualmente posibles y normales), en otros, la gramática y la historia de la formación en cuestión invitan a ser tajantes en la propuesta de una forma estándar.

En todo caso, y como tímido corolario de esta sección, la sintaxis, el léxico y la prosodia parecen ser terrenos por los que la estandarización discurre en buena medida por cauces naturales, lingüísticos –digamos– más que institucionales. El ojo avizor se requiere, sin embargo, cuando en la variación (o seudovariación) los elementos en discordia tienen que ver con la actuación de los ‘morfemas’ gramaticales, particularmente los de concordancia, o los términos funcionalmente intermedios como las preposiciones.

Hay buenas razones, en suma, para insistir en lo que indicaba al comienzo de esta sección: la norma la fija el consenso, de una parte, y, de otra, el peso político y demográfico de los países hispanos. El estándar parece incluir asimismo las gramáticas alternativas.

LA NORMA EN LA *GRAMÁTICA DESCRIPTIVA DE LA LENGUA ESPAÑOLA*

Creo que de lo que he sostenido en las anteriores secciones de esta conferencia se sigue cuál es el lugar de la norma en la *Gramática descriptiva de la lengua española*: no hay en realidad lugar para ella. La *GDLE* no es una obra normativa ni directa ni indirectamente. En este tratado se evitan las actitudes de censura o condenación hacia los usos sintácticos considerados “no cultos” o “menos cultos” tanto si los acepta la RAE, como el leísmo de persona, como si los rechaza, como el laísmo o el dequeísmo, los relativos despronominalizados o algunos tipos de solecismos o silepsis.

Más aún, algunos de estos usos considerados incultos o incorrectos, como el caso del dequeísmo, merecen en la gramática un capítulo completo donde se analizan los contextos sintácticos de las oraciones dequeístas y queístas (cap. 34); estas oraciones se marcan con un diacrítico [*], que significa solo que muchos hablantes no usan esas oraciones y que las gramáticas las caracterizan bien como incorrectas o como propias de ciertos dialectos geográficos y sociales:

10) [*] Lo que me preocupa es de que no me hayas llamado.

[*] Me acuerdo que teníamos seis años.

Las oraciones dequeístas no son ciertamente agramaticales para los hablantes que las usan, por lo que el empleo del asterisco resultaría inapropiado en términos estrictamente descriptivos. Así pues, en lugar del asterisco usaremos el signo [*] y, como es norma habitual en los estudios sociolingüísticos evitaremos las estimaciones de censura o de condena que suelen caracterizar las presentaciones de corte normativo. Los términos ‘dequeísmo’ y ‘queísmo’ no se usarán tampoco en este capítulo –frente a lo que es normal en la bibliografía sobre estas cuestiones– con carga normativa, sino como términos neutros que describen esquemas sintácticos bien definidos en la gramática de la subordinación.” [*GDLE*, cap. 34: pág. 2107].

Pero veamos otros ejemplos de cómo se tratan las cuestiones normativas en la *GDLE*:

Relativas con pronombre pleonástico o reasuntivo:

- 11) El atracador, a quienes algunos testigos aseguran haberlo visto por la zona (pág. 403, GDLE).

El hombre que no sabes cuándo lo viste (pág. 406, GDLE).

En la *GDLE* Se estudian las condiciones que favorecen la aparición de esos pronombres pleonásticos y se señala:

En general, la norma del español tiende a considerar incorrectas las variantes reduplicadas (pág. 403) y... En conclusión: pese a que el único patrón admitido por la norma del español es el que impide que la función desempeñada por el relativo aparezca reiterada por medio de un pronombre personal inserto en la subordinada, las variantes duplicadas se atestiguan con frecuencia, particularmente en la lengua hablada (pág. 408) [El autor de este capítulo 7 de la *GDLE* es J. M. Brucart].

Silepsis

En la §7.2.4.6 (p. 460) tras proporcionar un análisis de la oración:

- 12) Uno de los que firmaron el manifiesto fue inmediatamente despedido.

se nos dice que el verbo va en plural porque el antecedente de la relativa es un nombre elíptico cuyos rasgos se ponen de manifiesto por la presencia del artículo. Se indica asimismo que,

no obstante, enunciados como **Uno de los que firmó el manifiesto fue inmediatamente despedido* no son insólitos en el habla ni aún en la lengua escrita (pese a que Bello los calificaba de “absurdos”).

En este caso, un asunto corriente de la norma se traslada al terreno de la agramaticalidad, pero sin introducir ningún juicio valorativo.

En el capítulo 36, sobre la gramática de los infinitivos, se dedica un breve apartado (§36.4.2.3) a *los infinitivos imperativos*:

- 13) Niños{¡hacerme / hacedme caso!} /Vosotros {¡salir / salid rápido!}

El uso del infinitivo como imperativo, habitual en el registro hablado, tiene menor incidencia en la lengua escrita, debido a su carácter familiar e incluso vul-

gar en opinión de algunas gramáticas (cf. RAE 1973: §3.13.5c). Particularmente frecuente resulta en el plano oral la alternancia, en la segunda persona del plural *vosotros*, entre el infinitivo y la forma correspondiente del imperativo, solapamiento que viene facilitado por su carácter cuasi homófono (...) [Cap. 36: 2339, autora M. L. Hernanz].

Fijémonos también en lo que se dice sobre *el verbo haber existencial*:

- 14) Es el verbo haber existencial... el que da pie a la mayor parte de las construcciones –tan frecuentes como normativamente censuradas– en las que un sustantivo plural, complemento directo en principio, se concibe como sujeto y, consecuentemente, reclama plural en el verbo. Se trata de casos como *A pesar del gran tráfico por las fiestas no hubieron accidentes* [GDLE, Cap. 42: 2770, autor J. A. Martínez].

En el capítulo sobre partículas prepositivas –adverbios nominales, cfr. §9.3.1.2– se analizan las propiedades nominales de *delante* o *detrás* que explican, por ejemplo, que puedan ir seguidos de posesivos. No se hace mención alguna aquí a los usos incorrectos para los normativistas como *detrás suya*.

Además de los fenómenos enumerados en el apartado anterior, la GDLE se refiere, entre otras muchas cuestiones, a los diferentes *usos de las preposiciones*, pero no emite ningún juicio sobre cuál debe ser norma del español, pese a que esta cuestión interesa a los normativistas estrictos:

- 15) Impuesto al valor añadido / impuesto sobre el valor añadido
 Salir a vacaciones / salir de vacaciones
 Entrar a la casa / entrar en la casa
 Ayer en la noche / ayer por la noche
 Meterse de fraile / meterse a fraile [cfr. pág. 700, cap. 10]

La GDLE en su conjunto, por otra parte, contiene múltiples consideraciones sobre la variación sintáctica en el español, particularmente las que trazan las diferencias entre el español peninsular y el americano en sus varias formas. Hemos hecho referencia ya al dequeísmo / queísmo tratado como un fenómeno gramatical y merecedor de un capítulo independiente. Otros fenómenos de variación gramatical que tienen capítulo propio en la gramática son el que corresponde al *leísmo*, *laísmo* y *loísmo* y el que se refiere a *las formas de tratamiento* (cap. 22).

Trata también de los adverbios nominales plenamente nombres: *en su delante* (Bolivia, Ecuador) (pág. 606, cap.9).

Se dedica un apartado especial (35.3.1.2) a *las interrogativas indirectas del español caribeño*:

- 16) No han decidido quién tú eres.
Yo no sé qué la muchacha quería.

En el apartado sobre doble negación (§40.1.2), se hace referencia a Bolivia, Ecuador y Paraguay como los únicos países donde este fenómeno tiene lugar y se atribuye su presencia a razones de historia y de contacto de lenguas.

CONCLUSIONES

En estas escuetas reflexiones, que solo reelaboran algunas anotaciones de trabajos anteriores, he procurado dejar constancia de mi visión esperanzada de la unidad del español como una lengua bien normalizada, consciente de su variación y reflexiva respecto de ella. Lengua a su vez de una sociedad y una comunidad académica que percibe y admite la existencia de un español estándar donde conviven los signos del español peninsular con aspectos de la lengua que las normas americanas empiezan a convertir ya en la seña de identidad del español general. Estoy segura de que la Nueva Gramática que la RAE hará pública a comienzos de 2006 estará imbuida de estos tonos y será una contribución fundamental a la unidad del español.

La GDLE, obra no normativa, ha sido y puede seguir siendo una Gramática de referencia para acercarse al conocimiento que los lingüistas expertos han elaborado sobre la lengua española. Es también una aproximación a lo que podría ser el mejor análisis posible –hasta el momento, por supuesto– de muchas de sus construcciones y de las propiedades de ellas.

REFERENCIAS

- Benincà, Paola (1999): “Sintassi”. En A. A. Sobrero (ed.), 247-288.
Borrego Nieto, Julio (1999): “El español de Castilla León ¿Modelo lingüístico o complejo dialectal? En A. Álvarez Tejedor (coord.): *La lengua española patrimonio de todos*. Burgos, Caja de Burgos, 13-40.
Bosque, Ignacio (1997): La búsqueda infinita. *Sobre la visión de la gramática en Salvador Fernández Ramírez*, Madrid, RAE.

- Bosque, Ignacio y Demonte, Violeta (dirs.) (1999): *Gramática descriptiva de la lengua española*. Madrid, Espasa Calpe (Colección Nebrija y Bello).
- Brucart, José María (1999): "La estructura del sintagma nominal: Las oraciones de relativo". Cap. 7 de I. Bosque y V. Demonte (dirs.), 395-522.
- Corbeil, Jean-Claude (1983): "Éléments d'une théorie de la regulation linguistique". En E. Bédart y J. Maurais, 281-301.
- Coseriu, Eugenio (1967): "Sistema, norma y habla". En E. Coseriu: *Teoría del lenguaje y lingüística general*. Madrid, Gredos, 11-113.
- Demonte, Violeta (2000): "Gramática, variación y norma. Una tipología". *Estudios Hispánicos* (Revista de la *Sociedad Coreana de Hispanistas*) 17: 12, 3-49.
- Dubois, Jean *et alii* (1973): *Dictionnaire de linguistique*. Paris, Larousse.
- Fernández Ramírez, Salvador (1951): *Gramática española*. Madrid: Revista de Occidente.
- Hernández Alonso, César (1996): "Castilla la Vieja". En M. Alvar (director): *Manual de Dialectología Hispánica. El español de España*. Barcelona, Ariel, 198-212.
- Lewandowski, Theodor (1982): *Diccionario de Lingüística*. Madrid, Cátedra. (Traducción de *Linguistisches Wörterbuch*, Quelle & Meyer, a cargo de M^a L. García Denche y E. Bernárdez).
- López Morales, Humberto (2001): "Tendencias del léxico hispanoamericano". *Revista de Occidente* 240, 5-24.
- Martínez, José Antonio (1999): "La concordancia". Cap. 42 de I. Bosque y V. Demonte (dirs.), 2695-2786.
- Milroy, J. y Milroy, L (1991): *Authority in language. Investigating language*
- Moreno Cabrera, Juan Carlos. 2000. La dignidad e igualdad de las lenguas. Madrid: Alianza Editorial.
- Pascual, José Antonio (1996): *El placer y el riesgo de elegir. Sobre los recursos derivativos del español*. Salamanca, Universidad de Salamanca.
- Pascual, José Antonio y Prieto de los Mozos, Emilio (1998): "Sobre el estándar y la norma". En C. Kent y M. D. de la Calle (eds.): *Visiones salmantinas* (1898 / 1998). Salamanca, Universidad de Salamanca / Ohio Wesleyan University, 63-95. (Cito por una versión mecanografiada previa que consta de veintiséis páginas.)
- Sobrero, Alberto A. (ed.) (1993): *Introduzione al italiano contemporaneo. Le strutture*. Roma-Bari, Laterza.

DESCRIPCIÓ I PRESCRIPCIÓ EN LA GRAMÀTICA DEL CATALÀ CONTEMPORANI (2002)

Joan Solà

Universitat de Barcelona

1. GRAMÀTICA DESCRIPTIVA VS. PRESCRIPTIVA

1.1. *Les nocions de variació, prescripció i descripció*

El tema del simposi que avui ens reuneix preocupa darrerament diverses comunitats lingüístiques. També als territoris de llengua catalana es fan sovint col·loquis o conferències sobre aquesta qüestió, i fins hi ha grups de treball universitaris que duen noms com *variació*.

És possible que alguna de les persones implicades en aquests grups o en aquests col·loquis no tingui clara la diferència entre *variació*, *descripció* i *prescripció*, i potser per això abunden tant aquests actes: una manera d'arribar a saber què és la matèria en la qual treballa és preguntar-t'ho a tu mateix de manera constant, però també preguntar-ho als altres col·legues. Com que a mi se m'ha invitat aquí a propòsit de la publicació de la *Gramàtica del català contemporani* (*Gcc*), els explicaré una anècdota molt significativa que ara ja no em fa vergonya però que abans sí que me'n feia. En una de les primeres reunions de la direcció de la *Gcc* vaig dir que algun col·laborador havia insinuat que no tenia clar què volia dir *gramàtica descriptiva*, que és el que pretenia ser la *Gcc*. Un membre de la direcció, Joan Mascaró, va dir, sense vacil·lar: "Doncs jo ho tinc ben clar". Jo vaig callar, perquè jo tampoc no ho tenia clar, gens clar, i em feia una cosa de confessar-ho davant els altres col·legues als quals precisament jo havia cridat a dirigir equell magne projecte: se suposava que si algú ho havia de tenir clar era jo. Ja veuen la paradoxa. Quan vam acabar l'obra, aleshores sí que ho vaig veure amb tota evidència, i ara estic satisfet d'haver après, entre una multitud d'altres coses (lingüístiques i no lingüístiques), aquesta, que és tan essencial per a qui es dedica a la llengua.

¿Per què jo no tenia clara la diferència entre descripció i prescripció i sí que la tenia clara Joan Mascaró? Ara ho puc expressar molt breument: doncs perquè jo m'havia dedicat tota la vida a la *prescripció*, a furgar en els detalls de les “gramàtiques” del nostre mercat, que eren *totes* prescriptives (que és sinònim de *normatives*, una sinònimia de la qual és possible que no tothom s'adoni immediatament). A mi, que tenia una intuïció relativament bona sobre els fets concrets de la meua llengua, m'interessava discutir i completar aquells manuals. Malgrat que m'havia preocupat d'eixamplar el meu horitzó, estudiant a fons el generativisme i fins i tot anant al Regne Unit a fer un màster en lingüística general, se'm feia difícil de percebre que hi havia dues maneres de veure aquells fets concrets de llengua. Un cop acabada la *Gcc*, vaig veure que l'obra contenia una multitud de fets i de pàgines i fins i tot molts capítols que no afectaven per a res, o molt poc, aquells fets que a mi m'havien preocupat tota la vida. En canvi, Joan Mascaró havia tirat sempre per la via més aviat *descriptiva* i teòrica de la llengua: s'havia dedicat més buscar les lleis profundes dels fets visibles.

Doncs ara entenc aquelles nocions de la manera que diré tot seguit. Una gramàtica *descriptiva* intenta fer una radiografia del funcionament d'una llengua en la realitat quotidiana, cosa que equival a trobar i formular les lleis profundes dels fets visibles.

Igual que una radiografia mèdica, la verbalització d'aquest funcionament exigeix un metallenguatge concret i unívoc: què és un *article*, què vol dir *verb d'acció*, què vol dir *oposició* entre dues opcions, què són el *gènere* gramatical, l'*aspecte* verbal, la *concordança negativa*, què és el *nucli* d'una oració, què és una *dislocació*, què vol dir *pragmàtica*, *semàntica*, *sintaxi*, *funció*, *seqüència*, què és un *complement* i què és un *adjunt*, què és exactament un *pronomen* i concretament què vol dir pronomen *personal*. Etcètera. Nocions i paraules que has trobat milers de vegades en les teves lectures, però que no les “entens” profundament (pràcticament) fins que no et poses a treballar personalment en un projecte com aquest, sobretot si tu n'ets el director principal. Una descripció dóna compte de tots els fets que la ciència del moment considera rellevants: per exemple, analitza detingudament el *sintagma nominal*, tots i cada un dels seus components, i diu quines restriccions semàntiques i d'ordre respectiu manifesten els uns amb els altres. La majoria d'aquests fets no tenen cap “interès” per a una gramàtica *normativa*: cap catalanoparlant no “veu” res d'especial, d'interessant, en una seqüència com *les tres primeres setmanes de juliol*.

Una gramàtica *normativa* (o preceptiva), sobretot aplicada a llengües com el gallec i el català, políticament perseguides durant segles i socialment barrejades amb la llengua del poder, es preocupa bàsicament o exclusivament d'aquells fets que contribueixen a distingir un escrit "correcte" d'un escrit "incorrecte", i per tant que ajuden de manera immediata els usuaris de bona voluntat que volen integrar en la seva vida aquella llengua bandejada, perseguida, ignorada. Però resulta que aquests dos qualificatius, *correcte* i *incorrecte*, són tan difícils de definir que aviat observem la dispersió a què un manual normatiu es veu abocat. I, efectivament, en la nostra gramàtica "escolar" (accepteu el sarcasme per a una llengua prohibida a l'escola) teníem a la banda de l'"incorrecte" tant un infinitiu com *capiguer* com un altre de la forma *incurrir* i una tercera persona singular de l'imperfet d'indicatiu en la forma *anae* (estàndard *anava*), etc. (1).

(1)

- a [Infinitiu del verb *cabre*]
cabre, ?*cabre*, +*capiguer*
- b [Infinitiu del verb *incórrer*]
incórrer, +*incurrir*
- c [3a sg imperf ind]
anava, *portava*, *tenia*... || +*anae*, +*portae*, +*tenie*, +*teniva*
[occidental]

Ara bé: la forma *incurrir* (1b) és simplement una infiltració del castellà *incurrir* (verb de la tercera conjugació) en una forma tradicional segura *incórrer* (verb de la segona conjugació); en canvi, les altres formes que dono a (1) són simplement formes orals "normals" de diferents parlars ("normals", en el sentit de Coseriu: la norma de la societat o minisocietat que les usa correntment). Per tant, una gramàtica normativa no es fixarà pas en la seqüència esmentada, *les tres primeres setmanes de juliol*, perquè no hi ha o no hi veu res a "corregir"; perquè a ningú no se li ocorrerà mai de dir o escriure "*tres primeres les setmanes de juliol*". És cert que algú es pregunta si també podem dir "*les primeres tres setmanes de juliol*", però això ja seria propi de gent molt "escrupolosa". En termes actuals: aquesta pregunta és simplement pròpia d'un gramàtic *descriptiu*, que analitza totes les possibilitats estructurals de les seqüències i, en el cas del sintagma nominal, especifica quina posició hi ocupen els *articles*, els *quantificadors*, els *complements* (2).

(2)

- a *les tres primeres setmanes de juliol*
- b *³les primeres tres setmanes de juliol*
- c **tres primeres les setmanes de juliol*

Finalment, la *variació*, aquest terme que avui s'ha posat de moda, segurament no vol dir gran cosa més que el tradicional de *dialectologia*, encara que potser té una mica més d'amplitud semàntica. En el nostre cas, afectaria formes com les de (1a, c). Com que un investigador necessita més terreny per moure's, sota el concepte de variació es podrien estudiar molts fenòmens sincrònics i diacrònics de la llengua, inclosos potser aspectes més aviat sociolingüístics (nivells de llenguatge, argots de grups socials, etc.). Tot, naturalment, ben emmarcat en les metodologies del moment.

1.2. Altres exemples

Els dono tot seguit uns altres exemples que faran veure la diferència entre *descripció* i *prescripció*, almenys si prenem com a objecte d'observació un manual qualsevol del mercat pedagògic i el comparem amb la *Gcc*.

En fonètica i fonologia, a una gramàtica normativa li interessa gairebé exclusivament aclarir si són o no són estàndards certes pronunciacions generals de la llengua o particulars de diferents dialectes. A (3a) dono tres casos d'aquests, i a la resta de (3) dono altres fenòmens que es troben a la *Gcc*:

(3) Fonètica i fonologia

- a gràcia grà[s]ja || elefant [a]lefant || psiquiatre [s]liquiatre
- b ¿Que veureu la Maria? \ || ¿Veureu la Maria?/
- c Veureu la Maria || ¿Veureu la Maria? || Veureu LA MARIA

La nostra gramàtica normativa arrossega des de fa molts anys l'escrúpol de decidir si paraules com *gràcia* són bisíl·labes i trisíl·labes. En català antic hi ha constància que eren trisíl·labes o que almenys podien ser-ho. Però avui, i des de fa segles, són bisíl·labes, i així ho fa constar la *Gcc*. La primera vocal de la paraula *elefant* es pronuncia com si fos una *a* en una part important dels parlars catalans (els occidentals), i la gramàtica normativa dictamina si tal pronunciació és acceptable en un noticiari de televisió o només ho fóra en una pel·lícula. La *Gcc* es preocupa de definir bé el fenomen i de delimitar-ne

bé l'extensió: la resta no l'afecta. Així mateix, un locutor de ràdio vol saber si ha de pronunciar o no la *p* de *psiquiatre*. La *Gcc* descriu llargament el fenomen de paraules cultes que tenen síl·labes d'aquesta mena, en dóna molts més exemples que el manual normatiu, i fa veure quines lleis profundes i tradicionals regeixen en català pel que fa a les possibilitats estructurals de les síl·labes: amb la qual cosa ajuda també l'autoritat normativa a reconsiderar, si cal, la seva posició pel que fa a l'acceptabilitat d'una o altra pronunciació. Recordin que en castellà aquest afer desembocà en la simplificació fins i tot gràfica de tals síl·labes.

Però una gramàtica descriptiva (la *Gcc*) es preocupa de fets tan essencials per a una llengua com la prosòdia, aspecte que no havia interessat mai a la normativa. A (3b) veiem dues maneres de pronunciar una oració interrogativa: amb final ascendent (/) o amb final descendent (\). I a (3c) ens adonem que la prosòdia és sovint l'única manera que té una llengua de distingir dràsticament seqüències lèxicament i sintàcticament idèntiques (: la primera pronunciació és una afirmació, la segona és una pregunta i la tercera focalitza *la Maria* (fa contrastar aquest element respecte d'un altre del context). Observin en quins mons nous ens situa una gramàtica descriptiva i quin al·licient pot tenir fins i tot per als professors de llengua, que ja no cal que es limitin a torturar els alumnes amb correccions i inco-reccions.

En morfologia, a (4a) tenen algun exemple dels interessos d'una normativa, i a la resta de (4) tenen altres fets que potser no formen o no han format part dels manuals normatius:

(4) Morfologia

- a “Errors” en gènere i nombre: *una* / **un anàlisi* || “Errors” en conjugació: *escollir* → *escull* / **escolleix*; *escriure* → *escrivíis* / **escrigués*
- b *cama* ‘perna’ → c[ə]meta [Derivat] || *camatrencar* [Compost]
- c *Joaquim* → *Quim/Ximo* [Hipocorístic]; *cine*, *ràdio*, *Montse-rrat* → *Rat/Montse* [Truncament]; *bup-bup* [Onomatopeia]; *DOGC* [Sigla]; *futbol*, *bulto* [Manlleus]

En català hi ha paraules de gènere diferent de les corresponents castellanques (*anàlisi* és femenina, com en italià i en francès). I verbs com *escollir* i *escriure* presenten per a certs temps i persones formes

diverses, entre les quals la normativa fa una selecció. La *Gcc* informa àmpliament de tals *variacions* dialectals, tant en els verbs “regulars” com en els “irregulars” (alhora que intenta redefinir aquests conceptes, que no són pas tan clars com la gent es creu i com els manuals escolars diuen).

Però la *Gcc* aborda moltes altres qüestions que ja cauen fora o més lluny de les necessitats prescriptives. En català oriental (el dialecte més important demogràficament i econòmicament) les vocals *a* i *e* es redueixen a vocals *neutres* quan són àtones. Així, és neutra l'última vocal de *cama*, i la primera *a* també esdevé neutra en un *derivat* (diminutiu) com *cameta*. En canvi, els mots *compostos* no redueixen la vocal, encara que hagi esdevingut àtona, com en *camatrencar* (4b). A (4c) hi ha exemples d'un capítol de la *Gcc* que estudia els fenòmens exemplificats, que mai no havien sigut estudiats sistemàticament: els manuals de normativa es limitaven a indicar que tradicionalment els truncaments en noms propis es feien reduint *l'ini*ci de la paraula (*Montserrat* → *Rat*) i no pas el *final* (*Montserrat* → *Montse*) i que aquesta segona reducció era un castellanisme. La *Gcc* deixa constància d'aquest canvi de sistema i l'estudia més sistemàticament. El concepte d'estudi *sistemàtic* és, doncs, essencial en una gramàtica descriptiva: només així s'arriben a conèixer fets fins ara ocults o mal coneguts (com el de *camatrencar*).

En sintaxi, la nostra normativa es preocupava de corregir fets interns de la llengua, com ara el desplaçament (en una part important del domini lingüístic, però no en valencià) de la combinació pronominal *li'n* per la combinació *n'hi* (5a) (avui el fenomen s'accepta en la pràctica); o de prohibir solecismes com *tenir que* en lloc d'*baver de* per a les expressions d'obligació (5a).

La *Gcc*, a part d'estudiar aquests fenòmens i de dir com es troben avui normativament i socialment, estudia més sistemàticament les perífrasis verbals i explora molts altres aspectes tan essencials com els que indico a (5b), tradicionalment abandonats. Observin, per exemple, un cas ben simple d'el·lipsi: el català no té la construcció que dono a (5b), que és normal en castellà.

(5) *Sintaxi*

- a *Li donaré pa* → *Li'n / N'hi donaré* || **Tinc que venir* → *He de venir*
- b Ordre de mots || Quantificadors || Condicions de pronominalització || El·lipsi [*Me dijo lo que Ø tú Em va dir el mateix que tu*]

2. ACTITUD DE LA GCC DAVANT LA NORMA LINGÜÍSTICA

2.1. L'estat actual de la llengua. Una certa crisi de la norma

Com és inevitable en llengües perseguides i excloses durant tants segles de l'escola i dels àmbits de recerca, el català presenta avui molts punts que un dia es van "resoldre" d'una certa manera per qüestions d'urgència i que avui (a mesura que hi ha hagut investigació i presència pública de la llengua) es troben discutits o en situació vacil·lant. En dono una mostra a (6):

(6)

- a Signes inicials *¿, ¡*
¿Has vist la Maria? || *¡Quina calor!*
- b *Per / per a* + INF
[Sistema "normatiu"] Parlo per distreure'l || Això serveix per
a netejar la pantalla
[Sistema Coromines-Solà: *per* + INF] Parlo per..., Això serveix per...
- c Concordança del verb *haver-hi*
Hi ha / Hi han moltes dificultats
- d *Té bastant / bastanta paciència*
- e Infinitiu temporal, amb *en* o amb *al*
En / Al veure'l em vaig alegrar
- f Duplicació pronominal
On (hi) diu tal cosa (hi) ha de dir tal altra
- g Preposicions locatives *a* i *en*
Veurem això {al / en el} capítol segon || *La formulació bàsica del fenomen és la de (2), exemplificada a/en (3)*
- h Pronominalització d'atributs definits
Sembla la meua mare però no ho és [ʔl'és]
¿Dis que non é túa nai? Ser no a/o será, pero parecer parecea/o
- i Concordança negativa o negació doble
Tampoc (no) la veuré jo
- j Escriptura de paraules derivades i compostes
exgovernamental, sintacticosemàntic
Gcc: *ex-governamental, sintàctico-semàntic*

Detalls com aquests i d'altres divideixen amb més o menys vehemència els usuaris (o, millor, els professionals) de la llengua en dos grups: els que treballen per a l'administració o que estan lligats a organismes oficials o que decideixen arrecerar-se en el que creuen que és la norma o el que creuen que ha dit l'autoritat, i els altres. No sé quin percentatge d'usuaris hi ha a cada banda, però podria ser que estigués equilibrat. De qualsevol manera, aquests detalls (i molts altres) es troben vacil·lants en tots dos grups, però especialment al primer. El problema és que avui la llengua catalana es troba en una situació social (i política) molt delicada, i això fa que molts usuaris es facin bandera d'aquesta mena de detalls i es creguin obligats a “respectar” la norma, com una manera de protegir la llengua, quan jo crec que la majoria d'aquests detalls no tenen cap mena d'influència en la salut pública de la llengua.

Paradoxalment, entre les qüestions que arriben a esdevenir emblemàtiques hi ha les més irrelevantes per a l'estructura i la vitalitat de la llengua, com ara les ortogràfiques: l'ús dels signes inicials d'interrogació i exclamació (6a) ha arribat a enfrontar unes persones o institucions amb altres. De fet, el català té en aquest punt una estructura idèntica a la del castellà, i per tant li és imprescindible el signe inicial d'interrogació; el d'exclamació no és pragmàticament tan imprescindible. Però Fabra va creure que era millor que el català restringís l'ús d'aquests signes (i que així la llengua s'assemblés més a les altres llengües que només usen els signes finals).

Aquest estat de la llengua ha produït un fenomen ben explicable: la majoria dels manuals pràctics de gramàtica (i els diccionaris) prefereixen mantenir-se en una posició “ortodoxa”. I davant els detalls controvertits o no aclarits pels codis oficials (gramàtica i diccionari), se situen implícitament o explícitament allà on creuen que es troba la norma o l'autoritat. Molt sovint l'autoritat o la norma no diuen res sobre un determinat detall, i per tant aquesta posició representa l'acceptació de pressupòsits “clàssics”. Més d'un d'aquests pressupòsits avui es considera erroni o almenys revisable.

Donem-ne algun exemple. La nostra gramàtica “clàssica” tenia com a principi ben establert que les duplicacions pronominals (dites “pleonasmes”) eren “faltes” de gramàtica i per tant s'havien d'evitar. Un exemple d'aquest fenomen seria *En el segon capítol hi hem llegit les declaracions dels ministres*, on es considerava que *en el segon capítol* i el pronom *hi* representaven el mateix constituent de l'oració i per tant hi havia un “pleonasma” que calia corregir així: *En el segon capítol Ø hem llegit les declaracions dels ministres*. Però avui tothom

dóna per bo que no hi ha duplicació sinó que *en el segon capítol* pot ser un adjunt locatiu dislocat, i en aquest cas hi hauria d'haver el pronom que el representa a l'interior de l'oració. Un altre cas és el de (6f): els investigadors han deixat clar, des de fa anys, que aquí el pronom fa la funció d'impersonalitzar el verb *dir*, no pas la mateixa funció (locativa) que el relatiu *on* (i per tant no hi hauria duplicació); però encara avui molts professionals es resisteixen a acceptar el pronom, influïts per aquella vella temença de "pleonasme".

Un altre exemple comparable seria el de (6d): el quantificador *bastant* té avui quatre terminacions ("*Tinc bastant* mal de cap, *bastanta* feina, *bastants* dies de festa, *bastantes* raons per creure-ho"), igual que d'altres adjectius com *blau*; però antigament aquesta paraula funcionava de manera diferent i no tenia terminació per al gènere ("*No té lo món coses a mi bastants*", Ausiàs March). D'altra banda, no tots els parlars catalans l'han adoptada: els valencians no la coneixen i utilitzen *prou* (*Té prou diners*). La sensació (injustificada) de solecisme que un dia es va instal·lar en aquesta paraula ha provocat que fins avui molts professionals es resisteixin a acceptar *bastanta*, *bastantes*, i l'autoritat lingüística no ha despenalitzat aquestes formes fins fa quatre dies, i encara amb molta recança. Però resulta que no hi ha cap parlant que pugui prescindir d'aquestes formes: ningú no podria dir mai, de cap manera, en una conferència, en un sobre-*taula*, en una pel·lícula, *Té bastants preocupacions*.

Finalment, és important de dir que l'home del carrer no sap o no pot distingir entre els codis sancionats i la resta de material pedagògic i de suport del mercat (llibres d'estil, manuals escolars, diccionaris de barbarismes, etc.), material que, com he dit, gairebé sempre es manté en posicions cautelars, és a dir "ortodoxes" o clàssiques.

2.2. Actitud de la Gcc

En principi, la *Gcc* no té com a missió ni establir ni reforçar ni recordar ni reproduir la norma, i de fet la immensa majoria de les seves pàgines són alienes als problemes normatius. Tanmateix, quan es presenta un aspecte que té algun dictamen normatiu, en general el redactor fa esment d'aquest aspecte i si vol el comenta assentint-hi o dissentint-ne. La *Gcc* té un altre objectiu: descriure de manera àmplia la realitat de la llengua, perquè en puguem tenir una coneixença que vagi més enllà de les necessitats peremptòries. Fins fa molt poc, i sempre per les mateixes raons socials i polítiques ja dites (la llengua catalana no era una llengua "alta", no era llengua d'escola, de televi-

sió, de cine, de conferències, de llibres de ciència), tot el que hi havia eren manuals d'urgència que només s'ocupaven de quatre detalls considerats prioritaris (en general, usos divergents respecte de la llengua imposada).

Vegem algun cas en què la *Gcc* comenta la normativa. En la qüestió de la supressió del guionet amb el prefix *ex-* (6j), a la pàgina 786 es diu: “En la revisió que l’IEC [Institut d’Estudis Catalans] fa actualment de la gramàtica normativa sembla que el prefix *ex-* admetrà guionet en casos de mots no consolidats (*ex-governamental*, *ex-mariít*), i aquest és l’ús que s’ha adoptat en aquesta *Gramàtica*”. En aquest punt, evidentment hi va prendre cartes la mateixa direcció de la *Gcc* (vg. altres pàgines afectades: 796-797, 817, 1290).

Sobre la concordança negativa o negació doble (*Ningú (no) ho ha vist*) (6i), l'autora del capítol (M. Teresa Espinal) diu això: “Les gramàtiques tradicionals insisteixen a remarcar que no convé suprimir l’adverbi *no* quan els mots negatius apareixen en posició preverbal [...]. No obstant [...], la tendència en el llenguatge parlat actual i en el llenguatge dels mitjans de comunicació és a prescindir del marcador *no*” (p. 2767; vg. també p. 2775).

La pronominalització dels atributs definits (6h) és una qüestió que s’arrossega des de fa molts anys. Fabra va apostar per distingir aquest cas dels altres i per tant feia pronominalitzar amb els pronoms definits *el*, *la*, *els*, *les*. Diversos gramàtics han posat seriosament en qüestió aquest fenomen. El gallec sembla que és una de les llengües en què el fenomen es manifesta clarament, encara que hi és possible la pronominalització definida i la neutra (a part alguna altra solució, com *¿Dis que non é túa nai? Ser non será ela, pero parecer parece*), com m’informa Rosario Álvarez (vg. (6h)). L'autora d’aquesta part de la *Gcc* (Júlia Todolí) aposta decididament per l’eliminació del pronom definit: “Coromines va fer un pas endavant [...]. Algú hauria de fer el següent pas i eliminar definitivament el pronom definit de la funció d’atribut” (p. 1411).

Pel que fa al fenomen dit de “canvi i caiguda de preposicions”, el català normatiu prescriu la desaparició de preposicions febles davant la conjunció *que* (*No m’he recordat [de] que havia de venir el teu germà*) i el canvi de *en* i *amb* en *a* o *de* davant l’infinitiu (*Confia en el seu germà*; però *Confia d’acabar-ho avui mateix*). L'autor del capítol de les preposicions (Pelegrí Sancho) fa notar que ens falta un estudi de la realitat de la llengua parlada, però assegura que “Segurament avui dia els usos no normatius estan molt més estesos que en el temps en què Fabra elaborà la normativa”, etc. (p. 1720).

La direcció de la *Gcc*, d'altra banda, va prendre diverses precaucions en aquest terreny.

a) En primer lloc, va definir clarament quins cren els codis normatius sancionats i va procurar que cap autor no els confongués amb la resta d'obres de consulta. En el llibre d'estil de la *Gcc* s'establí que s'utilitzés el concepte *normatiu* únicament per referir-se a les obres normatives oficialment sancionades, i que en els altres casos es recorregués a perfrasis com ara les següents: "En general, [les gramàtiques / els gramàtics] consideren/diuen...", "Hi ha una certa tradició...", "Certs manuals defensen...", "L'opció estilísticament recomanada per certs gramàtics...".

b) En segon lloc, en el mateix llibre d'estil la direcció va referir-se a uns quants detalls dels que hem esmentat més amunt i a d'altres de no esmentats i va dir com s'havien de tractar aquests detalls en la llengua de redacció. Per exemple, van quedar com a fets lliures (optatius per als redactors) els següents: la concordança del verb *haver-hi* (6c) (efectivament, en algun capítol hi ha concordança sistemàtica), l'ús de les preposicions *per* i *per a* amb infinitiu (6b); l'ús de *en* o *al* amb l'infinitiu temporal (6e); la concordança negativa (6i); la presència de *de* en construccions com *davant*, *darrere*, *damunt* (*de*) *la taula*; l'ús del "subjecte" a la vora de la locució *no obstant* (per tant, es podia escriure *no obstant això*, però també simplement *no obstant*); la introducció amb *de* de certs infinitius complements o subjectes (*Convindria* (*d'*)*anar-hi*).

En altres casos la direcció va prescriure un sol ús. Per exemple, en els següents: les terminacions nominals de plural en *-scs*, *-sts*, *-xts* (normals en certes parles no majoritàries) normalment s'havien d'evitar (per tant, calia escriure *boscscs*, *contrastscs*, *textscs* i no *boscscs*, *contrastscs*, *textscs*); l'infinitiu *ésser* s'havia de substituir pel modern i general *ser*; els signes d'interrogació i exclamació (6a) s'havien d'usar sistemàticament davant i darrere dels elements afectats (sense cap excepció); els adverbis en *-ment* coordinats havien d'acabar tots en aquesta terminació (*dícticament* o *anafòricament*, no pas *dicticament* o *anafòrica*, com era possible en català antic).

c) La direcció de la *Gcc* va vigilar també que el corrector d'estil de l'obra no imposés certs usos als autors que no els acceptaven. El cas més espectacular d'això el va constituir l'ús de les preposicions locatives *a* i *en* (6g). El corrector aplicava en aquest punt una teoria prò-

pia que xocava a més d'un autor. Per exemple, el corrector canviava en *en* la *a* de casos com aquests dos: "Com hem vist *a* (23b), l'infinitiu..."; "aquells detalls (i molts altres) es troben vacil·lants en tots dos grups, però especialment *al* primer"; i diversos autors van reclamar que s'hi restituís la *a*, cosa que va fer la direcció. Cal tenir en compte que una obra com aquesta és producte de professionals de la llengua catalana, i per tant calia prendre moltes precaucions a no imposar usos que no fossin absolutament segurs o bé usos que (com el que acabem de citar) són precisament discutits.

GRAMÁTICA DESCRITIVA, LÍNGUA PADRÃO E VARIAÇÃO*

Inês Duarte

Departamento de Linguística Geral e Românica
Faculdade de Letras (Universidade de Lisboa)

No prefácio à 1.^a edição da sua obra *The Philosophy of Grammar*, datado de Janeiro de 1924, Otto Jespersen afirmava

I am firmly convinced that many of the shortcomings of current grammatical theory are due to the fact that grammar has been chiefly studied in connexion with ancient languages known only through the medium of writing, and that a correct apprehension of the essential nature of language can only be obtained when the study is based in the first place on direct observation of living speech and only secondarily on written and printed documents. In more than one sense a modern grammarian should be *novarum rerum studiosus*.

[Jespersen, 1924: 7]

Todos os colegas que, como eu, se atreveram a aceitar o desafio de produzir descrição gramatical sabem como as palavras de Jespersen mantêm actualidade. A persistência do pensamento normativo, implícito em muitas gramáticas vindas a lume no século XX, sobrevive exemplarmente na opinião que o cidadão médio tem de um gramático: alguém que legisla sobre o que o uso linguístico de cada um deve ser, alguém que conhece a etimologia de todos os vocábulos da língua e dela erradica os que não possuem prova de vida centenária, alguém que, pela convivência íntima com as obras do cânone literário, absorveu e reproduz as formas correctas e elevadas do bem escrever e por extensão, estranhamente, do bem falar. No pólo oposto, tem-se assistido a tentativas de descrição gramatical em que se assume a fórmula jesperseniana de gramático como *novarum rerum studiosus*, na ausência de

* Agradeço ao Ivo Castro a conversa inspiradora sobre a questão da norma, e as sugestões bibliográficas que ele então me deu.

qualquer reflexão sobre critérios de demarcação que permitam filtrar e situar as ocorrências erigidas em dados de língua.

Adicionalmente, quase oitenta anos volvidos sobre o texto de Jespersen, a consciência da complexidade envolvida na escrita de gramáticas de línguas de cultura como são as línguas peninsulares que aqui nos ocupam tornou-se ainda mais aguda, devido, por um lado, às mudanças vertiginosas que têm marcado a nossa sociedade e, por outro, aos novos conhecimentos que os estudos linguísticos do último século permitiram ir acumulando.

Na primeira parte desta conferência, proporei uma reflexão sobre a questão da norma, centrada em referências específicas à situação da língua portuguesa e ao pensamento gramatical luso-brasileiro. Utilizarei como texto ilustrativo preferencial a *Nova Gramática do Português Contemporâneo*, saída a lume em 1984, um *remake* das sucessivas edições da *Gramática do Português Contemporâneo* de Celso Cunha (1.^a edição de 1970, 10.^a edição de 1983), em que “se deve a Lindley Cintra a redacção do capítulo 2, da maior parte do Capítulo 3 e a do tratamento contrastivo do Capítulo 13” (Cunha & Cintra, 1983: XV).

Reservarei a segunda parte da conferência para a explicitação das opções subjacentes à *Gramática da Língua Portuguesa*, na edição revista e aumentada de 2003, da autoria de Maria Helena Mateus, Ana Maria Brito, Isabel Hub Faria, Sónia Frota, Gabriela Matos, Fátima Oliveira, Marina Vigário, Alina Villalva e de mim própria. Ilustrarei, com exemplos desta obra, o entendimento que o linguista, o *novarum rerum studiosus* de Jespersen, tem da empresa gramatical, em particular do modo como encara a descrição do objecto sistematicamente heterogéneo que é uma língua histórica.

I. A QUESTÃO DA NORMA: DO GRAMÁTICO AO LINGUISTA

1. *Um pouco de história*

Na *Gramática Secundaria da Língua Portuguesa*, Said Ali, uma referência incontornável no pensamento gramatical luso-brasileiro, afirmava:

Grammatica é o conjunto das regras, observadas em um ou mais idiomas, relativas aos sons ou phonemas, às formas dos vocabulos e á combinação destes em proposições.

A *grammatica* de uma lingua pode ser *historica* ou *descriptiva*.

Grammatica historica é aquella que estuda a evolução dos diversos factos da lingua desde a sua origem até a epoca presente.

Grammatica descriptiva é a que expõe os factos da lingua actual.

A grammatica descriptiva é *pratica* quando tem principalmente em vista ensinar a falar e a escrever correctamente; é *scientifica* quando procura esclarecer varios factos á luz da sciencia da linguagem e da grammatica historica.

As regras grammaticais são estabelecidas segundo o uso geral, a pratica das pessoas cultas e a dos bons escritores.

[Said Ali, 1927: 5]

As gramáticas de referência do Português produzidas no século XX partilham a concepção de *grammatica descriptiva scientifica* que encontramos em Said Ali. Como se pode ler no Prefácio da *Nova Gramática do Português Contemporâneo*,

Trata-se de uma tentativa de descrição do português actual na sua forma culta, isto é, da língua como a têm utilizado os escritores portugueses, brasileiros e africanos do Romantismo para cá, dando naturalmente uma situação privilegiada aos autores dos nossos dias.

[Cunha & Cintra, 1984: XIV].

Esta citação mostra bem como, descartado embora o objectivo normativo, muitos gramáticos modernos continuaram a considerar a prática dos bons escritores como fonte de dados gramaticais, uma herança da escola de Alexandria. Como se pode ler na abertura da *Arte de Gramática* de Dionísio de Trácia, o primeiro tratado gramatical que chegou até nós, “A gramática é o conhecimento empírico das palavras que encontramos nos poetas e nos prosadores”¹.

Com efeito, a tradição gramatical de que somos herdeiros nasce no período helenístico, com a unificação do mundo grego sob a dinastia macedónia de Filipe e Alexandre, época em que o sentimento de unidade política exigia a partilha de uma língua comum e o consequente esbatimento das diferenças entre os dialectos das várias cidades-estado e colónias gregas. Neste contexto, a empresa gramatical assume um papel normativizador e o papel pedagógico de permitir o acesso dos falantes à literatura do período áureo.

Como sabemos, esta concepção normativa e pedagógica marca fortemente o pensamento gramatical ocidental até ao século XX: se os produtores de muitas gramáticas descritivas científicas se demarcam do objectivo pedagógico atribuído à gramática pelos alexandrinos, ainda assim utilizam preferencialmente autores consagrados no cânone literário como fonte, ou melhor, autoridade, para os dados que justificam as generalizações que propõem. Na

¹ *Apud* Casevitz & Charpin, 2001: 31, n. 28.

Nova Gramática do Português Contemporâneo, e conforme explicitado pelos seus autores no prefácio, o grosso dos dados é retirado de escritores portugueses, brasileiros e africanos dos séculos XIX e XX, mesmo quando se trata de ilustrar asserções como

Os sujeitos de 3.^a pessoa podem ter como núcleo:

a) um substantivo:

Matilde entendia isso.

(Agustina Bessa Luís, *OM*, 170.)

Os *olbos* dela estavam secos.

(Machado de Assis, *OC*, 495.)

[Cunha & Cintra, 1984: 125]

A extensa base de dados literários oferecida como fonte de autoridade surge naturalizada, anuladas as diferenças entre variantes nacionais e regionais, entre factos gramaticais de diferentes diacronias e entre estilos de escola e individuais. Exemplificando com a mesma obra, (i) para ilustrar as ocorrências de *onde* e *aonde* usam-se dois versos de Machado de Assis em que espregueia a sintaxe antiga na construção do verbo *ir* (*Mas aonde te vais agora/Onde vais, esposo meu?!?*)², (ii) para ilustrar o uso do indefinido *algo*, utiliza-se uma frase de Jorge Amado em que a construção possessiva e a colocação do pronome átono representam exclusivamente a variante brasileira (*Minha Teresa tem algo a me dizer, não é?*)³, (iii) para ilustrar o uso de expressões quantitativas, recorre-se a uma frase de Aquilino Ribeiro onde figura um verbo característico de variantes dialectais e populares do Português (*Botou a cinco cântaros o mel ... e a dois lagares o azeite*)⁴.

Não se infira das minhas palavras que critico a apresentação de dados que evidenciam tipos de variação característicos do português moderno numa gramática. Critico, isso sim, que estes dados tenham sido apresentados para atestar ocorrências dos itens lexicais em questão, quando tal poderia ser feito com o recurso a enunciados conformes à norma padrão das variantes europeia e brasileira. Critico, além disso, que os exemplos tenham sido apresentados sem comentário que os indexe às variantes da língua em que são legítimos, dando do português moderno uma imagem pouco rigorosa, porque não “cartografada”, e permitindo, por exemplo, que alguém que queira aprender português possa supor que enunciados como *O sítio onde*

² Cunha & Cintra (1984: 352).

³ Cunha & Cintra (1984: 357).

⁴ Cunha & Cintra (1984: 367). Os negritos são dos autores.

João se vai botar seu voto fica perto de minha residência será julgado como bem formado e comunicativamente adequado por falantes da norma padrão europeia. Critico, finalmente, que, relativamente aos fenómenos/construções que o exigem, problemas de variação como os observados nos exemplos transcritos não sejam objecto de descrição sistematizada na gramática em análise.

Contudo, a autoridade dos escritores como justificação dos descritivos e normativos gramaticais é uma ilusão criada pelos próprios gramáticos, como o comprova exemplarmente a seguinte história contada por Ivo Castro:

[...] contava Celso Cunha que Augusto Abelaira, incerto quanto a uma construção sintáctica infelizmente não identificada, pegou na *Nova Gramática do Português Contemporâneo* para verificar se ela estava atestada; estava, mas atestada por uma citação do próprio Abelaira, que me confirmou a anedota.

[Castro, 2003: 12]

E, a propósito desta história, formula as seguintes perguntas:

[...] se o escritor tinha dúvidas permanentes quanto à construção, estaria em condições de fornecer sólido respaldo aos gramáticos? Se Celso estivesse ciente das hesitações de Abelaira, teria mantido a citação? E, sem ela, a regra? O que um escritor escreve, porventura desviadamente, torna-se logo português de lei?

[*Ibid.*]

Posto o que conclui:

a) não é o escritor, mas o gramático normativo quem fixa a norma; o escritor é o pretexto;

b) se a norma fosse fixada por linguistas e não por gramáticos, seria certamente mais respeitadora dos fenómenos de variação e dos actos de fala reais e verificáveis.

[Castro, 2003: 13]

Por tudo isto, os grandes projectos gramaticais do final do século XX, da responsabilidade de linguistas, retiraram às fontes literárias o lugar privilegiado que tradicionalmente lhes era reservado e reflectem a consciência de que a língua falada por uma comunidade não é uma realidade homogénea.

Uma das primeiras concretizações desta tomada de consciência, recorde-mo-lo, deve-se a Coseriu, um herdeiro da linguística estrutural inaugurada por Saussure, com a sua proposta de fractura da *langue* saussuriana nos conceitos de sistema e norma. Este autor caracteriza o sistema como uma en-

tidade abstracta, “um conjunto de possibilidades que indicam “os caminhos abertos e os caminhos fechados” de expressão de uma comunidade” (Cunha, 1985: 53) e a norma como uma realização socialmente determinada do sistema, relativamente constante. Assim,

[...] o sistema admite uma multiplicidade de realizações, sem que, com isso, as condições funcionais do instrumento lingüístico sejam alteradas. A norma, pelo contrário, impõe-se ao indivíduo, limitando sua liberdade de expressão ao restringir as possibilidades oferecidas pelo sistema. Ela não corresponde ao que se pode dizer, mas sim àquilo que habitualmente se diz.

[Cunha, 1985: 53-54]

Encarada como um sistema de comunicação social utilizado por uma comunidade linguística diversificada geográfica, social e culturalmente, qualquer língua histórica surge então como um objecto heterogéneo, um sistema realizado em múltiplas normas de natureza geográfica (falares locais, variantes regionais e nacionais), sócio-cultural (língua culta, língua padrão, língua popular), sócio-profissional (linguagens especiais, gírias) e sócio-estilística (língua escrita, língua falada, linguagem planeada, linguagem coloquial). E, desde o artigo clássico de Weinreich, Labov & Herzog (1968), é corrente considerar a heterogeneidade de qualquer comunidade linguística monolíngue como *sistemática*. Como afirmam Fernando Tarallo, um sociolinguista brasileiro desaparecido prematuramente, e Tania Alkmin,

[...] a comunidade tem à sua disposição um repertório composto de múltiplas variantes que, por sua vez, fazem parte de variáveis lingüísticas. O uso de cada uma dessas variantes não é absolutamente aleatório. Fatores lingüísticos e não-lingüísticos condicionam variavelmente o uso das variantes.

[Tarallo & Alkmin, 1987: 9-10]

Como afirma Ivo Castro, a heterogeneidade sistemática posta em evidência pela investigação desenvolvida em Sociolinguística determina que

O conceito de *correção* que a linguística moderna propõe é um conceito matizado, que substitui a oposição dicotómica entre “certo” e “errado” por uma escala gradativa que, tendo em conta a projecção dos factos lingüísticos na esfera do social, do histórico e do cultural, separa aquilo que na língua é “obrigatório” (a que será errado fugir) daquilo que é “inadmissível” (que será errado praticar). Entre estes dois extremos, dispõem-se situações intermédias, que vão desde o “facultativo” (ou seja plenamente permitido, mas não compulsivo) e o “tolerável” (que não infringe regras, mas não é recomendado) até ao “grosseiro ou “impróprio”

(que, sem ser impossível face às regras vigentes, as aplica de modo que deve ser evitado).

[Castro, 1991: 56]

Neste quadro sociolinguístico de uma comunidade linguística sistematicamente heterogênea e de um conceito de correcção linguística indexado às variáveis que condicionam o uso de cada variante, pode emergir o sonho de uma

[...] gramática da comunidade. Tal gramática deveria, em princípio, descrever o conjunto de variáveis lingüísticas em uso numa determinada comunidade, atribuindo a cada uma delas seu valor social, isto é, definindo os limites de seu espaço. Mais importante ainda, tal gramática demonstraria, de um lado, a convivência pacífica, a coexistência, a coocorrência das variedades e, de outro, a concorrência e o entrecruzamento entre elas, às vezes não tão pacífico; enfim, descreveria os fenômenos de mescla intracomunitária.

[Tarallo & Alkmin, 1987: 10-11]

Mas, como todos sabemos, do “o homem sonha” até ao “a obra nasce” medeiam esforço, energia, recursos humanos e fundos que as nossas sociedades não estão tipicamente dispostas a pagar para projectos gramaticais deste fôlego. Concretizado para a língua portuguesa, este tipo de projecto (a) envolveria dados de estratificação social e de literacia em Portugal, no Brasil, nos novos países de língua oficial portuguesa, nas comunidades emigrantes na Europa, América e África, (b) amostras representativas de língua oral e língua escrita nos vários segmentos de cada uma das comunidades consideradas, e (c) descrição, feita de acordo com os mesmos parâmetros, dos dados levantados.

Acresce que alguns tipos de variação encontrados seriam os característicos de sociedades em que convivem línguas diferentes, e em que a língua portuguesa ora é a língua de prestígio, ora é socialmente pouco valorada. No primeiro dos casos, como sabemos, vastos segmentos da sociedade adquiriram-na / adquirem-na como língua segunda, com a fenomenologia daí decorrente; no segundo caso, o seu uso pleno tende a perder-se, nomeadamente no que se refere ao modo escrito e ao oral planeado requerido em situações institucionais.

Acrescente-se, finalmente, que enquanto a questão da norma culta ou padrão é, no que respeita à variante europeia, relativamente pacífica, ela encontra-se em aberto em países africanos que tomaram como referência a variante europeia e permanece no centro de um apaixonado debate no Brasil.

2. A lupa sobre a questão da norma no Brasil

Olhemos um pouco mais de perto para a questão da norma no Brasil.

Numa complexa situação de contacto em que foram maioritárias como língua materna, pelo menos até meados do século XVIII, línguas ameríndias e línguas africanas, a língua portuguesa vai sendo adquirida como língua segunda por sucessivas gerações de “proto-brasileiros”⁵ e brasileiros (descendentes de portugueses e índias, descendentes de índios, descendentes de escravos negros, descendentes de sucessivos contingentes de emigrantes falantes de línguas românicas, germânicas, altaicas, eslavas e semíticas) que fornecem dela um modelo “diluído” para a sua aquisição como língua materna pela geração seguinte⁶. Como afirma Rosa Virgínia Mattos e Silva,

Por todo o período colonial, de 1532 a 1822, a taxa populacional de africanos e afro-brasileiros, de indígenas e seus descendentes somados atinge uma constante média de 70% da população, enquanto os portugueses europeus e os seus descendentes perfazem, conseqüentemente, 30% do todo. Esse fator demográfico indica que a massa da população colonial adquiriu a língua hegemônica da colonização, o português europeu, numa situação hoje designada de aquisição imperfeita ou de aprendizagem irregular, isto é, em condições de história familiar que configuram a situação de aquisição de uma língua segunda.

[Mattos e Silva, 2000: 170]

Acresce que este processo de transmissão irregular decorreu esmagadoramente na oralidade, já que

Durante três séculos, o Brasil foi, no dizer de Caio Prado Júnior, uma “vasta colônia de analfabetos”. Sem núcleos culturais capazes de irradiar um padrão idiomático, sem Universidades, com um número insignificante de escolas de primeiras letras – as únicas que ensinavam o idioma –, sem imprensa (lembre-se de que o primeiro texto impresso no Brasil data de 1808, quando da transferência da Corte Portuguesa para o Rio de Janeiro), com a população realmente produtiva espalhada pelas fazendas e pelos engenhos, a língua oral passou a seguir os seus caminhos sem nenhum controle normativo.

[Cunha, 1985:71]

⁵ Termo utilizado por Ribeiro (1997).

⁶ Cf., entre outros, Baxter (1995), Baxter & Lucchesi (1997), Mattos e Silva (1998).

e que a escolarização como factor de normalização linguística desempenhou um papel diminuto:

Acrescente-se a essa situação bilingüe / multilingüe o fato de essa aquisição se ter processado plenamente na oralidade, sem a sistematização e a pressão normativa da escolarização e conseqüentemente sem o suporte regulador da escrita.

A história do Brasil informa que, até ao final do século XVII, o número de letrados não ultrapassariam 0,5% da população (Houaiss 1985: 147). Só ao longo do século XIX e inícios do XX é que essa precaridade do letramento no Brasil passa a um patamar significativo de 20 a 30% de indivíduos escolarizados.

[Mattos e Silva, 2000: 171]

Dados do 1º censo brasileiro, de 1872, indicam que, numa população estimada em 4 600 000 habitantes, (a) 99.9% dos escravos eram analfabetos, (b) 80% da população livre era analfabeta, (c) só 16.8% da população entre os 6 e os 15 anos frequentava a escola primária e (d) só 12 000 alunos estavam matriculados em cursos secundários⁷. Ora dados de Março de 1990 indicam que:

Se admitirmos como letrados os que concluem o 1º grau, tem-se ainda hoje a taxa de 20% com que iniciamos o século XX.

[Mattos e Silva, 2000: 171].

Esta situação de dramático insucesso escolar, que compromete o desenvolvimento económico e cultural do Brasil, coloca compreensivelmente o problema da variante da língua portuguesa a adoptar como língua de escolarização. Ou seja, a questão da norma padrão da variante brasileira torna-se uma *questão política central*, e confrontados com os dados do insucesso escolar, muitos linguistas brasileiros subscrevem a ideia de que ela deve ser construída exclusivamente sobre a língua falada (ainda que nem sempre o explicitem). Presenciei várias situações em que resultados de investigação sobre dados de língua escrita de meios de comunicação social de larga difusão no Brasil suscitaram a colegas brasileiros o seguinte tipo de comentário: os dados não são fiáveis porque estão enviesados pela normatização imposta pela escola. Ouvi, num seminário de especialistas, uma insigne linguista brasileira afirmar que corrigia a colocação de pronomes átonos nas teses dos seus estudantes de pós-graduação, porque estes seguiam o padrão da língua escrita aprendido na escola. Um exemplo caricatural dos dislates as-

⁷ Dados de Fausto (1994: 237), *apud* Mattos e Silva (2000).

sentes em preconceitos ideológicos que a este propósito têm sido escritos pode encontrar-se no prefácio de Marcos Bagno à antologia de textos *Norma Lingüística*⁸, e que me abstenho de reproduzir perante esta assembleia respeitável.

A meu ver, dois outros factores contribuíram para os contornos que a questão da norma da variante brasileira assume na actualidade. Em primeiro lugar, avulta a ineficácia da Academia de Ciências de Lisboa como instituição fixadora de um padrão lexical e gramatical para a língua portuguesa no momento histórico próprio⁹. Todas as tentativas tardias de o fazer no século XX, quer solitariamente, quer em diálogo com a Academia Brasileira de Letras, se basearam na ilusão de que, através da unificação ortográfica, se chegaria a tal padrão e, como é sabido, redundaram compreensivelmente em fracasso. Em segundo lugar, desde o esforço modernista para acentuar a especificidade da “língua brasileira”, em parte como reacção ao purismo exacerbado das elites das gerações anteriores¹⁰, (a) foram considerados criações da variante brasileira, nascidas do contacto com as línguas ameríndias e africanas, vocábulos e construções que afinal eram característicos de estádios anteriores da língua portuguesa e (b) manteve-se entre as elites brasileiras e, em particular, entre muitos linguistas brasileiros, a ilusão de que os falantes da variante europeia *falavam* a língua escrita das obras do cânone literário e das gramáticas que nelas se apoiavam. Só recentemente o estreitamento de laços e a cooperação na investigação de linguistas portugueses e brasileiros tem permitido começar a desmistificar tal ilusão e a matizar algumas proclamações de diferenciação gramatical radical habituais na literatura linguística produzida no Brasil a partir dos anos setenta.

⁸ Trata-se da tradução de uma selecção de artigos extraídos do volume *La Norma Linguistique*, publicado em 1983 pelo Conselho da Língua Francesa do Governo do Québec.

⁹ Veja-se a este propósito o seguinte passo de Castro, Duarte & Leiria (1986: XII-XIII):

“[...] lamentar que a confecção e a aceitação de uma ortografia geral para todo o espaço geográfico do português não tenham sido empreendidas no tempo em que isso era fácil, quando a Academia de Lisboa não tinha congéneres nem rivais a contestar as iniciativas que tomasse. Quando teria sido unânime o aplauso e a aceitação do seu dicionário, da sua gramática e da sua ortografia. Como aconteceu aqui ao lado: «Fundada la Real Academia Española por Felipe V en 1713, durante un siglo legisló con plena y inobjetable autoridad en todos los vastos dominios de la Corona española. El primer trabajo de la flamante Academia fue el monumental *Diccionario* llamado de *Autoridades*, en seis volúmenes, que se publicó entre los años de 1726 y 1739. A esse *Diccionario* siguieron la *Ortografía española* (1741) y, por fin, la *Gramática* (1771)». “.

A citação contida no passo acima transcrito é de Rodolfo Barón Castro, no prefácio a A. Rosenblatt (1965: 5).

¹⁰ Um exemplo anedótico deste purismo exacerbado foi a fundação, em 1876, de “uma sociedade filológica no Rio de Janeiro com o fim de fixar a língua ou fazê-la volver ao século XVI, pela imitação dos belos tipos do áureo período.”. In Silva Neto (1950: 212).

3. A questão da norma em Portugal

Por oposição à situação brasileira, a questão da norma em Portugal é, como afirmei anteriormente, relativamente pacífica. Portugal é um estado com notável homogeneidade linguística e é “uma sociedade bastante aberta, homogênea no sentido de não ser constituída por grandes minorias, e recheada de recursos comunicativos modernos” (Castro, 2003: 13). É comumente aceite que a norma padrão é o dialecto do eixo geográfico Lisboa-Coimbra característico das camadas sociais mais escolarizadas dessa região, como proposto em Cunha & Cintra (1984: 10): “o conjunto de usos linguísticos das classes cultas da região Lisboa-Coimbra”.

Mas, como afirma Ivo Castro, em Portugal, a norma

Não é muito conhecida, não é muito protegida, mas também não é muito desrespeitada. Vai acontecendo.

[Castro, 2003: 13]

O que o leva a sugerir a seguinte metáfora:

A norma que temos em Portugal, e que chega se a soubermos utilizar, é como uma prancha de surf.

[Castro, 2003: 14]

Mas atenção, esta prancha de surf, quem a comercializa, adapta e promove hoje em dia, mais do que a escola – que, em Portugal como em outros países é uma instituição em crise a necessitar urgentemente de reinvenção –, são os meios de comunicação social¹¹, com particular relevância para a televisão, para os jornais desportivos e para as revistas *light* dirigidas ao público feminino.

II. A GRAMÁTICA DA LÍNGUA PORTUGUESA OU NOVE LINGUISTAS À PROCURA DE UMA GRAMÁTICA

4. A Carta de Intenções da Gramática da Língua Portuguesa

Quando o quarteto inicial da *Gramática da Língua Portuguesa*, constituído por Maria Helena Mateus, Ana Maria Brito, Isabel Hub Faria e por mim própria, iniciou as negociações para a elaboração de uma edição revista e

¹¹ Esta é igualmente a opinião de Ivo Castro. Cf. Castro (2003:12).

aumentada (a que me referirei, a partir de agora, como *GLP*), várias decisões de fundo foram desde logo tomadas. Rebuscando na minha memória, procurarei reconstituí-las como a “Carta de intenções” que norteou o trabalho da equipa entretanto constituída.

Carta de intenções da GLP

1

Assumir, como nas edições anteriores, que esta seria uma gramática de linguistas, ou seja, uma obra empenhada na *descrição* da estrutura gramatical de uma sincronia da língua portuguesa.

Como se pode ler no prefácio,

Deve [...] lembrar-se, relativamente ao carácter desta obra, que ela não é uma gramática normativa, ou seja, não é um instrumento que regule o *bom uso* da língua. O seu objectivo consiste na apresentação de descrições e análises de um largo conjunto, evidentemente não exaustivo, de aspectos da língua portuguesa.

[Mateus *et alii*, 2003: 17].

2

Apresentar de uma forma não polémica os períodos reconhecíveis na história da língua portuguesa, bem como as duas variantes nacionais sobre as quais já existe algum conhecimento sólido e as variedades geográficas existentes no território português.

3

Como nas edições anteriores, eleger como objecto de estudo a *norma padrão da variante europeia*, sem esquecer que os falantes dessa variedade não a usam indiferenciadamente na escrita e na oralidade, nem em contextos formais que exigem planeamento e em contextos informais de maior tolerância quanto ao formato e qualidade das produções linguísticas.

4

Propor uma descrição consistente com um modelo de gramática que permita integrar factos de natureza lexical, sintáctica, morfológica, fonológica e semântica.

5

Aumentar a cobertura linguística das edições anteriores, bem como o pendor descritivo da obra.

6

Fundar as descrições propostas em resultados de investigação.

Para a realização destes objectivos nos prazos acordados com a editora, a equipa de investigadoras foi reforçada com cinco novos membros, especialistas em diferentes áreas da Teoria da Gramática: Morfologia (1), Sintaxe (1), Fonologia (2), Semântica (1). Do ponto de vista das assunções partilhadas quanto à Teoria da Gramática, trata-se de um equipa notavelmente homogênea, cujos membros foram formados e treinados no quadro do programa de investigação generativista.

A perspectiva teórica comum permitiu encarar a empresa gramatical como a tentativa de explicitação de sistemas de conhecimento da língua portuguesa responsáveis pelos comportamentos linguísticos observáveis em diferentes “classes” de falantes.

Foram usados como fontes (a) dados produzidos por membros da própria equipa, desde que aceites por todos os membros, (b) dados de *corpora* recolhidos em projectos de investigação e em dissertações de mestrado e de doutoramento, (c) no capítulo reservado aos “Aspectos linguísticos da organização textual”, dados retirados da imprensa, e de obras literárias, textos ensaísticos e textos científicos.

5. Variação e mudança na GLP

Privilegiou-se aqui, como explicitado no n.º 3 da “Carta de Intenções”, a gramática (interna) adulta dos falantes cultos da faixa Lisboa-Coimbra. Claramente, estes falantes dominam gramáticas internas parcialmente diferentes, que seleccionam em função dos contextos de uso: deu-se particular atenção às diferenças entre escrito e oral. Em casos de variação que revelam tendências de mudança, usou-se como variável o grupo etário. Quando a análise de um determinado fenómeno o aconselhava, explicitaram-se variações entre variantes nacionais e entre variedades sócio-culturais. Finalmente, quando se considerou relevante para a compreensão do fenómeno em análise, teve-se em consideração variação interlinguística.

Permitam-me que ilustre rapidamente algumas destas afirmações.

5.1. Gramática do escrito vs. gramática do oral

Na área da sintaxe, existem diferenças assinaláveis nos usos orais e escritos de certo tipo de relativas e de completivas.

No primeiro dos casos, salientam-se as estratégias disponíveis na formação de relativas. Enquanto a tradição gramatical apenas reconhece relativas

formadas através da estratégia canónica (constituente relativo em início da oração relativa, categoria vazia na posição correspondente à da relação gramatical que mantém), dados do oral (e mesmo do escrito¹²) mostram que os falantes utilizam outras duas estratégias: a *estratégia resumptiva* (cf. (1)), e a *estratégia cortadora* (cf. (2))¹³.

- (1) a. “Temos lá, no meu ano, rapazes que *eles* parecem atrasados mentais.”
 b. “[...] Que é uma pronúncia cantada que eu própria que sou de cá não *a* sei muito bem dizer [...]”
- (2) a. “[...] é uma arte que eu dou muito valor.” (*a* = 0)
 b. “Passo assim os dias que estou em casa.” (*em* = 0)

Resultados de investigação mostraram que a estratégia resumptiva é sentida pelos falantes cultos como marginal e socialmente estigmatizada; pelo contrário, a estratégia cortadora é generalizadamente aceite no oral informal, “o que permite supor que estamos perante uma tendência de mudança, mesmo no português europeu” (GLP: 667).

É interessante notar que a formação de orações relativas foi uma das áreas da sintaxe em que vários linguistas brasileiros procuraram encontrar diferenças radicais entre as variantes europeia e brasileira (cf., por exemplo, Kato 1993, que procura derivar a existência das estratégias resumptiva e cortadora na variante brasileira de uma mudança sintáctica que teria ocorrido, levando esta variante a caracterizar-se como língua com proeminência de tópico), com base na ilusão de que em português europeu apenas a estratégia canónica era observada nos usos dos falantes.

No segundo dos casos, observam-se comportamentos sobretudo orais, mas também escritos, de falantes cultos em que ocorre *dequeísmo* e *queísmo* (cf., respectivamente, (3) e (4)).

- (3) a. “O Secretariado Europa 1992 [...] faz constar, através do presente aviso, *de* que pretende contratar [...] três funcionários [...]”
 b. “Seja como for, é convicção geral *de* que Mário Soares decidirá a realização de eleições [...]”
- (4) a. “[...] o senhor secretário de Estado ainda nos convence que pagar impostos faz bem à saúde” (*de* = 0)
 b. “[...] “Recordemo-nos que o Presidente dos Estados Unidos é um conspirador e um traidor”, escreve Saddam” (*de* = 0)

¹² Veja-se a este propósito o conjunto de dados recolhidos na imprensa em Peres & Mória (1995).

¹³ Os exemplos são retirados da GLP: 667.

Estes fenómenos são descritos na *GLP* a pp. 617-620, procurando-se encontrar explicações para a sua ocorrência nos diferentes contextos inventariados.

Exemplificado, no que se refere ao dequeísmo, são avançadas as seguintes hipóteses de explicação: (a) reanálise de completivas sujeito extrapostas como complementos de predicados secundários adjectivais e nominais, em casos como *É impossível de que a situação económica e social melhore no corrente ano*; (b) regularização de propriedades de construção heterogêneas de verbos como *acreditar*, *crer*, *pensar*, que seleccionam complementos nominais preposicionados, mas completivas não preposicionadas.

5.2. Gramática do oral: a sintaxe sensível ao contexto discursivo

Consideradas na tradição gramatical como figuras, as elipses têm merecido, sobretudo desde a década de oitenta, a atenção de muitos especialistas em Sintaxe. Constituem, como sabemos, processos produtivos e recorrentes tanto na fala espontânea quanto no modo escrito, e investigação recente permitiu proceder a uma tipologia destas construções, que recorre a parâmetros de natureza gramatical (por exemplo, a possibilidade de ocorrência em domínios-ilha) e discursiva (por exemplo, o tipo de informação que aparece tipicamente elidida).

Na *GLP* incluiu-se, na Parte da Sintaxe, um capítulo sobre construções elípticas (pp. 869-913) em que se descrevem não só construções que ocorrem na escrita, como tipos de elipses característicos do diálogo, como é o caso das *Perguntas abreviadas* (cf. (5)), das *Respostas abreviadas* (cf. (6)) e das *Réplicas rectificadoras* (cf. (7))¹⁴.

- (5) A: Depois sobes.
B: *Para onde?*
- (6) A: Quem cumprimentaste?
B: *O João.*
- (7) A: Depois da praça viramos à direita.
B: Não, *à esquerda.*

5.3. Áreas de mudança: a variável classe etária

A colocação dos pronomes átonos no português moderno é, como se sabe, um dos fenómenos mais intrigantes da sintaxe das línguas românicas.

¹⁴ Os exemplos são retirados da *GLP*, p. 907.

Com padrões semelhantes aos das restantes línguas românicas nos períodos antigo e clássico, na viragem do português clássico para o moderno, a mudança catastrófica que atinge a gramática do português reflecte-se na sintaxe de tais pronomes. Esta é, como se sabe, uma área de variação interna à língua portuguesa, com as variantes europeia e brasileira a divergirem e, tanto quanto é possível ajuizar perante os dados disponíveis, com algumas variantes africanas a acentuarem tendências de mudança observáveis na variante europeia. Neste caso concreto, dados de crianças em período de aquisição do português como língua materna (cf. (8)¹⁵), e dados orais e escritos de adolescentes e jovens (cf. (9)¹⁶) mostram que (a) a mesóclise, já em perda na oralidade na gramática adulta dos falantes cultos, está igualmente em perda no escrito e (b) a ênclise está a invadir os contextos de próclise da norma padrão.

- (8) a. “não chama-se nada (M., 20 meses)”
 b. “foi alguém que meteu-me nesta fotografia (R., 29 meses)”
- (9) a. “porque não apercebeu-se que...” “ (12 anos, escrito)”
 b. “correspondem à classe onde “só” combina-se com SN ...” (estudante universitário, escrito)

Refira-se que a mesóclise, enquanto relíquia histórica do período em que o futuro e o condicional eram sentidos pelos falantes como formas analíticas, i.e., como verdadeiras formas perifrásticas, apenas tem permanecido na norma padrão da variante europeia devido ao efeito normativizador da escolarização: por outras palavras, é uma construção que tem de ser aprendida, visto que, como produto do processo de aquisição, apenas a ênclise aparece como possibilidade na gramática do português europeu moderno.

5.4. Processos de regularização: norma padrão vs. variedades “populares”

Existem na *GLP* referências esparsas a diferenças entre a norma padrão e variedades populares. Uma delas refere-se a processos de regularização de casos excepcionais de acento principal de palavra, que procedem através de reestruturação silábica, como os exemplificados nos pares *árvores* / *arves* e *quilómetro* / *quilontro* (cf. *GLP*: 1051, n. 18).

¹⁵ Estes exemplos são retirados da *GLP*: 850.

¹⁶ Estes exemplos são retirados da *GLP*: 850-1.

5.5. Variação interlinguística

Dado o quadro teórico assumido pelas autoras, está naturalmente presente na *GLP* a perspectiva comparada na descrição e análise dos factos gramaticais. Deste modo, a variação interlinguística é introduzida como forma de (a) salientar propriedades gramaticais que distinguem o português moderno de outras línguas geneticamente próximas e (b) mostrar que o português moderno partilha propriedades gramaticais com línguas não pertencentes à família românica.

Dois exemplos deste tipo são as referências ao Parâmetro do Sujeito Nulo, a pp. 443-447, desenvolvidas nas notas 9-17, e as secções sobre *Topicalização* e *Objecto Nulo*, a pp. 497-506.

6. Em conclusão

Embora qualquer gramática seja sempre um instrumento de normatização, no sentido em que fixa usos da língua através da descrição das estruturas e processos que lhes subjazem, quando ela sai da mão de linguistas, a língua descrita não aparece como um objecto monolítico, extraído de páginas escolhidas a dedo de criadores literários. Antes se apresenta ao leitor como uma realidade multifacetada, flexível e plástica, intrinsecamente variável e mutável, nos limites impostos pelas propriedades universais da linguagem.

REFERÊNCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Bagno, M., org. (2001). *Norma Linguística*. São Paulo: Edições Loyolla.
- Baxter, A. (1995). Transmissão Geracional Irregular na História do Português Brasileiro ? Divergências nas Vertentes Afro-Brasileiras. *RILP*, 14.
- Baxter, A. & D. Lucchesi (1997). A Relevância dos Processos de Pidginização e Crioulização na Formação da Língua Portuguesa no Brasil. *Estudos Linguísticos e Literários*, 19.
- Casevitz, M. & F. Charpin (2001). A Herança Greco-Latina. In Bagno, org: 23-53.
- Castro, I. (1991). A Língua Portuguesa no Tempo e no Espaço. In AA. *Falar Melhor, Escrever Melhor*: 53-81. Lisboa: Selecções do Reader's Digest.
- Castro, I. (2003). O Linguista e a Fixação da Norma. In Mendes & Freitas, orgs, *Actas do XVIII Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Linguística*: 11-24. Lisboa: APL.

- Castro, I., I. Duarte & I. Leiria (1987). *A Demanda da Ortografia Portuguesa. Comentário do Acordo Ortográfico de 1986 e Subsídios para a Compreensão da Questão que se lhe Seguiu*. Lisboa: Edições João Sá da Costa.
- Cunha, C. (1985). *A Questão da Norma Culta Brasileira*. Rio de Janeiro: Tempo Brasileiro.
- Cunha, C. & L. F. Lindley Cintra (1984). *Nova Gramática do Português Contemporâneo*. Lisboa: Edições João Sá da Costa.
- Jespersen, O. (1924). *The Philosophy of Grammar*. Londres: George Allen & Unwin Ltd. 8.^a edição, 1958.
- Kato, M. (1993). Recontando a História das Relativas em uma Perspectiva Paramétrica. In Roberts & Kato, orgs, *Português Brasileiro. Uma Viagem Diacrônica*: 223-261. Campinas: Editora da UNICAMP.
- Mateus, M. H. M., A. M. Brito, I. Duarte, I. H. Faria, S. Frota, G. Matos, F. Oliveira, M. Vigário & A. Villalva (2003). *Gramática da Língua Portuguesa*. Edição revista e aumentada. Lisboa: Editorial Caminho.
- Mattos e Silva, R. V. (1996). O Português São Dois: Variação, Mudança, Norma e a Questão do Ensino do Português no Brasil. In Duarte & Leiria, orgs, *Actas do Congresso Internacional sobre o Português*. Vol. 2. Lisboa: APL/Colibri.
- Mattos e Silva, R. V. (2000). O que Corrigir no Português de Nossos Alunos? Uma Avaliação do Fator Escolarização na Compreensão do Português Brasileiro. Reis *et alii* (orgs) *Didática da Língua e da Literatura*. Vol. I. Coimbra: Almedina.
- Ribeiro, D. (1995). *O Povo Brasileiro. A Formação e o Sentido do Brasil*. 2.^a edição. São Paulo: Companhia das Letras. 1997.
- Peres, J. A & T. Mória (1995). *Áreas Críticas da Língua Portuguesa*. Lisboa: Caminho.
- Rosenblat, A. (1965). *Las Nuevas Normas Ortográficas y Prosódicas de la Academia Española*. Madrid: Oficina de Educación Iberoamericana.
- Said Ali, M. (1927). *Grammatica Secundaria da Língua Portuguesa*. São Paulo: Companhia Melhoramentos de São Paulo.
- Silva Neto, S. (1950). *Introdução ao Estudo da Língua Portuguesa no Brasil*. 5.^a edição. Rio de Janeiro: Presença. 1986.
- Tarallo, F. & T. Alkmin (1987). *Falares Crioulos. Línguas em Contato*. São Paulo: Editora Ática.
- Teyssier, P. (1982). *História da Língua Portuguesa*. Tradução de Celso Cunha. Lisboa: Livraria Sá da Costa. 7.^a edição, 1997.
- Weinrich, U., W. Labov & M. Herzog (1968). Empirical Foundations for a Theory of Language Change. In Lehmann & Malkiel (orgs.), *Directions for Historical Linguistics*. Austin: University of Texas Press.

ENTRE O USO E A NORMA. O PROXECTO DE *GRAMÁTICA* DA REAL ACADEMIA GALEGA

Rosario Álvarez, Francisco Cidrás, Ernesto González Seoane,
Xosé Luís Regueira, Xosé Xove

Instituto da Lingua Galega (USC) / Seminario de Gramática (RAG)

En novembro de 2000, a Real Academia Galega fíxolle o encargo da redacción da gramática da institución ao equipo de gramática do ILG constituído polos asinantes desta comunicación. Ben entendido que no seo do ILG hai outros investigadores que tamén se ocupan de cuestións gramaticais, cos que mantemos unha relación de colaboración fluída, pero este equipo así conformado ten tras si unha xa longa experiencia de traballo conxunto, desde o momento en que eramos os cinco profesores que tiñan o encargo das materias de *Gramática Galega* (I e II) no antigo plano de estudos de Filoloxía Hispánica (Galego-portugués), pasando por trienios sucesivos dedicados aos proxectos de investigación en *Gramática descritiva* (1995-1997) e *Sintaxe descritiva* (1998-2001). A asunción do encargo implicaba, para a RAG e para o equipo, a colaboración no proxecto de Antón Santamarina (na altura director do Seminario de Gramática da RAG), en parte como coordinador e supervisor da obra, en parte como fornecedor de materiais das bases de datos do seu proxecto para podermos fundamentar a descrición.

No marco deste simposio asumimos a tarefa de expoñer con que criterios cremos que se deben seleccionar e integrar os trazos sometidos a variación lingüística nunha gramática que se presenta como descritiva; e facelo sobre a base da experiencia de nos termos que enfrontar decote con problemas desta natureza na redacción da gramática dunha institución á que, desde a fundación, se atribúe unha orientación e autoridade prescritivas.

DESCRITIVO VS PRESCRIPTIVO

A gramática *prescritiva* (ou *normativa*) ten como obxectivo dar regras de uso da lingua, establecendo, a partir dunha descrición dada e polo tanto de formas e comportamentos existentes e comprobables, o que é correcto e incorrecto, e en que grao unha forma lingüística resulta aceptable nesa varie-

dade estándar. A gramática *descriptiva* tenta describir as formas e estruturas propias dunha ou máis variedades lingüísticas e o seu funcionamento, en principio atendendo á súa existencia e, se acaso, á súa frecuencia, sen empregar criterios de corrección que actúen como filtros sobre a realidade lingüística. Calquera variedade dunha lingua pode ser obxecto dunha gramática descriptiva (por caso, *gramática da variedade coloquial de Santiago de Compostela*), pero cando non se especifica máis có nome da lingua histórica (*gramática galega, gramática portuguesa...*) adoita entenderse que se describe a variedade estándar desa lingua, definida cun criterio máis ou menos laxo.

Ora ben, o problema que se lle presenta de maneira inmediata ao gramático é decidir que trazos describe, cales acolle na descrición feita na súa gramática e, por contra, cales deixa fóra, por consideralos infrecuentes, pouco axeitados ao nivel medio estándar, marcadores dunha ou máis variedades diatópicas e por iso pouco asumibles pola comunidade no seu conxunto, etc. E isto ocórrelles a todos os gramáticos, mesmo aos que describen linguas moi codificadas.

LÍMITES DA CODIFICACIÓN

Non significa iso que os problemas se presenten con independencia do grao de codificación, pois de feito si existe unha relación proporcional, senón que mesmo habendo un ditame normativo moi detallado e moi estrito o gramático ten que enfrontarse nalgún momento da descrición con problemas deste tipo. En Galicia, para os aspectos gráficos e morfolóxicos contamos cunhas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* e, por tanto, cunha definición moi axustada do estándar, se ben non completa, como teremos ocasión de comprobar. A definición é menor no caso do léxico, a pesar do *Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG)* e do *Diccionario da Real Academia Galega (DRAG)*; aínda que ningún dos dous se presenta como prescriptivo, o certo é que se veñen considerando dese xeito por teren o carimbo da RAG. O ditame en materia fonética redúcese ás anotacións que figuran a carón do alfabeto nas *Normas* e a algunha que outra nota ao longo do texto, onde nada se di sobre a prosodia, a pesar de que algúns sectores reclaman unha precisión nestes campos. Non hai ningún pronunciamento sintáctico, salvo o criterio comunmente aceptado de rexeitar as construcións debidas a interferencia do español. Ao longo destas xornadas teremos ocasión de comprobar como os problemas non se presentan da mesma maneira nin coa mesma frecuencia nos ámbitos en que existe xa un acordo normativo ca naqueles en que só existe como criterio “galego / non galego”, e ta-

mén como a existencia de codificación diminúe, pero non anula, a posibilidade de que se presenten problemas de distinto alcance.

Claro que tampouco é por acaso que uns ámbitos esixiron un esforzo codificador antes ca outros, do mesmo xeito que hai ámbitos, coma o da sintaxe, en que non é habitual que haxa un ditame normativo completo, nin sequera nas linguas máis codificadas. Tivemos ocasión de comprobalo nas exposicións precedentes: todo o máis, existe un ditame ou un parecer asumido temporariamente polos gramáticos a propósito desta ou outra construción, non unha sintaxe normativa en sentido estricto.

TIPOS DE VARIACIÓN E NIVEIS DE CODIFICACIÓN

Nas exposicións realizadas polos representantes de tres grandes proxectos de gramática peninsulares, xa concluídos, podemos comprobar tamén que a cuestión de acollermos a variación dentro da gramática descritiva (moderadamente prescritiva) se presenta de distintas maneiras nos distintos ámbitos: fónico, morfolóxico, sintáctico e léxico. Ímonos deter moi brevemente nas varias partes da gramática para que se comprenda o sentido e alcance desta afirmación.

1. No establecemento dos paradigmas morfolóxicos adóitase evitar a duplicidade de formas, de xeito que a escolla dunha variante determinada implica a exclusión das formas correspondentes nas restantes variedades. Así ocorre na elaboración do estándar morfolóxico do galego: *irmán* / *irmã* / *irmáns* / *irmás* practicamente non existe como variante dialectal, pero a escolla de masculino *irmán* (fronte a *irmao*, *irmã*, *irmou*, *irmão*), do feminino *irmã* (fronte a *irmán*, *irmãa*), e plural *irmáns* (fronte a *irmás*) deixa fóra do estándar todas as outras variantes. En xeral, os casos en que se dan dobres opcións (*ao* e *ó*, *posibel* e *posible*, etc.) séntense cun punto de incomodidade, tanto por parte dos normativizadores coma por parte dos usuarios, e de xeito especial por parte dos ensinantes e correctores. Nunha gramática descritiva do Galego (de todo o galego) habería que integrar toda esta variación, todas as variantes de todas as variedades de galego –o que sen dúbida constitúe un reto interesante para o lingüista, mais tamén un labor inxente– e, polo mesmo, nunha gramática descritiva da variedade estándar, estritamente só teñen un lugar asegurado as formas que se aceptan como pertencentes a esa variedade. Ora ben, pode ser interesante, nun certo tipo de gramática descritiva, flexibilizar o criterio e acoller nun segundo ou terceiro plano da descrición determinados trazos; mais deseguida xorde o problema de con que criterio ou criterios seleccionalos: os de maior extensión territo-

rial e que constitúen desviacións espontáneas máis frecuentes da norma [p. ex., *irmao*, *lacós...*, *¿animales?*], os que gardan congruencia paradigmática coas formas estándares [p. ex., *din*, co *-n* final da P1 do Ind. Pto., presente en todos os outros verbos irregulares], os que teñen gran tradición na lingua escrita [p. ex., *eiquí*, *il...*], os que son desviacións inadecuadas por contaminación doutros niveis ou rexistros [p. ex., *anque*] ou decididamente incorrectas por seren interferencia de sistemas non galegos [p. ex., **quenes*], etc.

2. Mais partamos de que, en sentido estrito, unha descrición morfolóxica da variedade estándar se pode cingir ao modelo deseñado en que o paradigma se conforma sobre a base da escolla dunha soa forma entre as diversas variantes equivalentes. Non é este o criterio que se segue no léxico, onde se percibe positivamente, como riqueza, a acollida de distintas variantes territoriais que se integran como sinónimos, se ben cunha certa limitación, que condiciona a representación das variantes das distintas series dentro das distintas familias: no *VOlGa* figura *estadullo* ('cada unha das estacas que se colocan polos lados do carro para suxeita-la carga', *DRAG*), que ten unha distribución territorial precisa fronte aos moitos derivados de lat. *FUNARIO*, que á súa vez tamén teñen a súa distribución dialectal; destes, figura *fungueiro*, que dá conta da evolución a *-ng-* a partir de [N] interior, e máis *fumeiro*, que dá conta da labialización da nasal, pero non outras variantes "menores" como *fueiro* (mesmo aparece con asterisco), *fuñeiro*...

Algo semellante ocorre se pasamos das formas aos significados. No *DRAG* lemos:

GALIÑA *s.f.* Ave doméstica con crista pequena e vermella e peteiro curto, que se cría para aproveita-los seus ovos e a súa carne para a alimentación. *Caldo de galiña*. *Granxa de galiñas*. SIN. **pita**. CF. **galo**, **pito**, **pola**, **polo**.

PITA¹ *s.f.* 1. Galiña nova. *As pitas aínda non poñen*. SIN. **pola**. 2. Galiña. *Temos dous galos e tres pitas*. CF. **pola**.

É dicir, o dicionario académico acolle en pé de igualdade dúas realidades diatópicas: en parte de Galicia *pita* é sinónimo de *galiña*, e estas dúas formas –con distinto grao de frecuencia ou distinto uso estilístico dentro da área– correspóndense no resto do territorio con *galiña*, unha área diferente en que *galiña* e *pita* non son formas sinonímicas, xa que se opoñen polo trazo [$\pm$ adulto]; sería conveniente fixar posición ao respecto, para evitar ambigüidades na lingua estándar, pero prima o respecto ao criterio supradialectal. Hai outras ocasións en que a distribución dialectal dá significados contrarios, que nunha descrición se deben acoller por igual, coas debidas

anotacións de tipo diatópico, pero que no galego estándar deberían ser obxecto dun acordo explícito para evitar confusións:

CESTA *s.f.* Recipiente feito de vimbios, vergas ou varas entretecidos de distintas formas e tamaños segundo os usos, que pode ter ou non asas ou un aro polo medio. OBS. A designación en masculino ou feminino depende das zonas e lugares e o que nun sitio se chama *cesto* noutro pode ser *cesta* e viceversa. *A cesta para as uvas na vendima. A cesta dos ovos, do pan.* CF. **canastra, canastro, paxe**².

3. Son distintos tamén os problemas que presenta a elaboración dun estándar no campo da pronuncia, con dúas pólas básicas, a da fonética e a da prosodia, sobre as que se reflexiona de maneira específica e máis demorada noutro lugar deste volume. Non sempre son cuestións que dependen das escollas dos falantes, aga que individualmente acollan variantes alternativas que aprendan doutras variedades lingüísticas: dicir hoxe que o galego asumido como estándar sempre conta cunha lateral palatal é faltar á verdade, e pretender que o galego normativo non acolla como alternativa a pronuncia yeísta é absurdo por inviable. Iso non quere dicir que non haxa modificacións fónicas posibles por asunción como estándar dunha variedade distinta da propia espontánea: nas primeiras páxinas das *Normas* prescribíse que son igualmente aceptables, desde o punto de vista normativo, a pronuncia con gheada e a pronuncia sen gheada, e tamén a pronuncia con seseo (predorsal) e a pronuncia con interdental; ora ben, este ditame normativo de amparo da gheada e o seseo non coutou a decantación que, socialmente, colectivamente, se viña dando cara a unha variedade estándar sen gheada e sen seseo (digamos que, hoxe por hoxe, coexisten un estándar por elaboración [que podemos chamar A] e un estándar por decantación social [que podemos chamar B, ou ao revés], pero lembren que o estándar non é inamovible...), o que implica que amplos grupos sociais incorporan formas fónicas alternativas ás súas orixinarias.

Na práctica non se tende tanto a definir un modelo único coma a conformar un modelo con alternativas múltiples, aceptables para todos e non excesivamente marcadas como pertencentes a unha certa variedade (sen as nais dos ancareses, sen os ditongos de Goián, sen a despalatalización de certas áreas seseantes, sen as curvas de interrogación dos do Morrazo...; pola mesma, pode ser indiferente *dênte/dènte*, pero non hai a mesma percepción para *bôca/bòca* nin, por suposto, para Imp. **còlle*).

4. No campo da sintaxe tamén se sente a variación como algo positivo, como unha amplitude de recursos que constitúe en si mesma unha riqueza. É, ademais, un ámbito en que a incorporación de construcións a partir

doutras variedades e incluso doutras linguas próximas resulta máis doada e menos rechamante, quitado naturalmente que vaian contra o funcionamento básico do idioma. En xeral, o falante non ten consciencia dos límites precisos da sintaxe da súa lingua, o que implica aí unha alta marxe de aceptabilidade.

LÍMITES DA DESCRICIÓN

Como indicamos máis arriba, a elaboración dunha gramática descritiva dunha lingua histórica dada coloca sempre ao gramático ante a delicada fronteira entre a descrición e a prescrición, pois inevitablemente a selección dunha serie de trazos por diante doutros comporta darlles prioridade sobre os non elixidos, que por omisión quedan postergados e con frecuencia implicitamente condenados.

Tendo isto presente, a tarefa descritiva que nos propomos ao redactar a *Gramática* da RAG defínese e límitase de acordo cos seguintes principios:

(a) Seguindo o principio que preside a elaboración da norma e o sentimento xeral, colectivo, da comunidade, unha gramática descritiva do galego estándar non pretende nin ser a gramática dunha variedade (diatópica) determinada nin acoller unicamente trazos que se dean na totalidade do territorio. Dito doutro xeito, na descrición acóllense formas, construcións, etc. procedentes de variedades territoriais, sociais ou estilísticas distintas.

(b) A acollida dunha forma dada non implica a exclusión doutras equivalentes. En todo caso, eventualmente, débese advertir do diferente grao de aceptabilidade, vixencia ou adecuación, cando estes se poidan obxectivar a través da tradición gramatical ou deducir do sentimento xeral dos falantes.

(c) A selección dos trazos considerados ten unha dobre limitación: dunha banda, a marxe de manobra que deixa a decantación xa citada; doutra, a extensión da descrición. Pódese dicir que a difusión no uso, oral ou escrito, e a persistencia na feble tradición gramatical son unha garantía de selección; por contra, ser un trazo minoritario (na fala e na literatura) e marcar en exceso unha certa variedade aconsellan a súa exclusión.

(d) Cómpre tomar decisión nos casos en que comportamentos posibles e mesmo habituais en determinadas variedades son inaceptables e contrarios á gramática noutras, así coma naqueles outros en que solucións formalmente equivalentes teñen significados distintos nas respectivas gramáticas.

VARIACIÓN E PRESCRICIÓN NA GRAMÁTICA DA RAG

A pesar da consciencia e asunción plena dos trazos, comportamentos e principios enunciados ata agora, a tarefa de levalos á práctica na redacción dunha gramática en concreto preséntase chea de dificultades. Tentaremos mostrar cal é o noso criterio e modo de actuación no marco dunha exposición, por forza breve, dos trazos que definen o texto que estamos a preparar para a RAG:

A gramática está integrada polas catro partes básicas: fonética e fonoloxía, morfoloxía, sintaxe e lexicografía.

É unha gramática con vontade e obxectivos fundamentalmente descritivos. Ora ben, non hai que esquecer que é unha obra promovida pola Real Academia Galega e que, como tal, é inevitable que sexa recibida polo público como unha gramática con forte carga prescritiva. Unha tal recepción é esperable en calquera sociedade, pois ten moito peso a tradición dunha institución encargada de ditar a *norma*: non esquezamos que a mesma existencia das academias se sustenta no seu carácter prescriptivo, na necesidade que as comunidades teñen de que se diten normas sobre como debe ser a lingua estándar, sobre a corrección e incorrección de determinadas formas e usos. É seguro que na sociedade galega esta recepción como prescritiva vai ser moito máis acusada, pois nesta altura está moi pendente da definición da lingua estándar, con amplos sectores da poboación inseguros acerca da galegitude/non galegitude, corrección/ incorrección, adecuación/inadecuación... de formas que os falantes usan na lingua espontánea. En fin, os autores elaboramos unha gramática descritiva conscientes de que, con independencia das nosas declaracións, vai ser lida como prescritiva.

Polo feito de ser descritiva, non renuncia a dar resposta ás inquietudes sociais a que acabamos de aludir nin a guiar o usuario, proporcionándolle seguridade sobre as opcións escollidas; e iso ten moito que ver coa selección dos trazos considerados, e antes de máis coa resposta á pregunta de *quen* son os destinatarios e *para que* queren a gramática. A gramática diríxese a un amplo sector da poboación co nivel cultural previsible en quen acode a unha obra desta natureza: dunha banda, ten que ofrecer unha descrición rigorosa, ben fundamentada de acordo cos principios teóricos e metodolóxicos esixibles, a xuízo dos investigadores e especialistas na materia; doutra, ten que ofrecer información sobre a maneira de ser da lingua comprensible para ese público culto antes aludido, que non ten por que ter coñecementos técnicos de lingüística e ao que non lle interesan as discusións teóricas nin as opcións de análise, pois busca respostas concretas que despxen as súas dúbidas.

Non pretendemos unha gramática dirixista, senón unha gramática que dea conta da maneira ou maneiras de ser da lingua estándar, con todo o que iso implica: en síntese, e de acordo cun ideario socialmente difundido e maioritariamente aceptado, unha gramática de tendencia purista, supradialectal, na que se acoute con rigor a influencia do castelán e se manteña unha marxe de apertura cara ao portugués.

Somos conscientes tamén de que na definición do nivel “estándar” temos unha marxe de manobra limitada. Non se parte de cero, e non só porque xa haxa unha definición normativa en determinados ámbitos, senón, sobre todo, porque socialmente xa se foi decantando nun certo sentido; e nós temos que ofrecer unha descrición do estándar que sexa asumible colectivamente polos destinatarios da gramática, que son en primeira instancia os falantes desta lingua. Por poñer un exemplo, propoñemos en pé de igualdade na lingua estándar *non se che oe* e *non che se oe* ou darmos preferencia á segunda sobre a primeira suporía ir contra o sentimento xeral dos falantes, incluso contra o sentimento de moitos dos que usan a secuencia *che se*; en cambio, non ocorrería iso de actuarmos do mesmo xeito con *pónmelle... / pónlleme un pouco de azucre*.

A magnitude de obra impón os seus condicionantes, porque limita sempre os trazos considerados, o detalle da descrición, a extensión das explicacións e a cantidade dos exemplos aducidos. Traballamos nunha gramática que terá arredor do dobre de extensión cá publicada recentemente por Galaxia (Álvarez & Xove 2002).

É unha gramática que parte do galego como lingua independente, baseada na nosa propia investigación e no coñecemento profundo da realizada por outros investigadores, especialmente intensa nas últimas décadas. Isto non é incompatible con que se atenda á necesidade de privilexiar determinados trazos dedicándolles unha atención especial: ben porque a inestabilidade ou falta de definición no estándar provoca problemas obxectivos nos usuarios, ben porque a falta de difusión do estándar faga que estean pouco difundidos aínda na comunidade, ben porque haxa características de certa relevancia do galego literario ou popular que interese potenciar ou orientar.

Finalmente, cremos que tanto os redactores, coma a corporación que promove a gramática, coma o público a que se destina debemos ter presente que o estándar non é inamovible, que está en construción permanente. Naturalmente, é moito máis permanente o estándar escrito có estándar oral, ata o punto que non de raro se crea unha sorte de divorcio entre un e outro, pero un e outro mudan, unhas veces de xeito espontáneo e outras inducido.

ESTÁNDAR ORAL

Xosé L. Regueira

Instituto da Lingua Galega (USC)

INTRODUCCIÓN

Desde hai algún tempo parece existir unha maior conciencia da necesidade de “establecer un estándar oral” para a lingua galega, particularmente entre galegofalantes comprometidos co desenvolvemento social da lingua. Ao mesmo tempo tamén é frecuente que algúns profesionais que traballan en galego (medios de comunicación, teatro...) se queixen da “falta de modelos”. A inexistencia dun estándar oral claramente definido contrasta cun estándar escrito cada vez máis asentado, e esa deficiencia é sentida como unha necesidade que empeza a ser urxente atender:

Ese galego culto e neutro e enxebre que nos textos escritos xa o palpamos, nos textos orais (aínda os producidos nas cátedras universitarias) está moito máis atrasado, e mesmo non sei se haberá moito acordo de como debe ser. [...] Pero non é un tema menor, porque mentres non haxa ese galego de tecnócrata, funcionario ou asalariado, que non é de sitio ningún, non se terá superada de todo a eiva do dialectalismo (Santamarina 1998: 41).

Existen na sociedade galega posicións contrapostas sobre esta cuestión, como insinúa Santamarina nese fragmento, aínda que non sempre se manifestan de maneira explícita. En diferentes ocasións algúns lingüistas teñen criticado algúns modelos de galego que se difunden a través dos medios de comunicación falados (Regueira 1994, 1997), desde unha posición purista, baseada na consideración de que resulta inescusable que os modelos de prestixio conserven os trazos fundamentais que caracterizan a fonoloxía e a gramática do galego herdado. Fronte a isto, outros especialistas advirten que é preciso sermos tolerantes cos novos falantes procedentes do español para facilitar a súa integración e evitar que as esixencias puristas se convertan en barreiras para o cambio de lingua. Ademais, entre os profesionais da prensa

falada e nalgúns outros sectores (incluídos algúns profesores de galego) non é raro encontrar posicións contrarias ás esixencias puristas, aínda que polo de agora non chegaron a se articular de maneira formal, e sobre todo percíbense fortes resistencias a practicar modelos que se aproximen ao galego tradicional. Todo isto configura unha situación complexa e potencialmente conflitiva.

Neste contexto, o propósito desta intervención é promover unha discusión sobre estas cuestións. Máis ca presentar unha descrición de como debería ser segundo o meu criterio o galego oral estándar, paréceme necesario analizar as actitudes e os conflitos que esta cuestión está a suscitar (ou a revelar). Para iso debemos facer unha reflexión sobre a necesidade e o carácter dese modelo de lingua, así como as ideoloxías e os intereses que poden estar intervindo na súa configuración e na súa aceptación. Así pois, despois de considerar a natureza dos estándares das linguas do noso ámbito cultural, farei unha breve revisión crítica do proceso de construción do estándar galego; a seguir referireime aos estándares orais, en particular ao caso galego e aos problemas e conflitos que se producen ao seu arredor, para finalizar con algunhas consideracións sobre a conveniencia, o posible alcance e os límites das accións de codificación que poidan ser emprendidas desde ámbitos académicos.

A LINGUA ESTÁNDAR E A ESTANDARIZACIÓN

Todos os que nos ocupamos da lingua galega temos empregado algunha vez o concepto de “lingua estándar” e todos coñecemos (máis ou menos) o seu significado. Hai uns días nesta mesma sala (V. Demonte, neste mesmo libro) déronse varias definicións de lingua estándar que son normalmente aceptadas entre nós, e que lle atribúen como notas características a de ser unha variedade común (supradialectal, *koiné*, “intersección de lectos”), estendida social e xeograficamente, de consenso, transparente, accesible, apta para a comunicación (“lingua de intercambio”), lexitimada, situada nun plano superior ás demais variedades, etc. Esta idea está moi estendida en países con linguas “normalizadas”, coma o francés, o portugués ou o español:

La lengua común ha podido ser, en sus orígenes, una de las formas menores de la lengua histórica, un dialecto, pero su jerarquía histórico-política es otra que la de los dialectos y quien la adopta no la adopta como un dialecto, sino en un plano superior de solidaridad idiomática. [...] La constitución de la lengua común implica un determinado ideal de lengua, una lengua ejemplar o normalizada, y ésta resulta, a su vez, idealmente unitaria, por encima de las variedades regionales y aún más exonerada de localismos que la lengua común (Salvador 1988: 72).

Esta noción idealizada da lingua estándar é unha compoñente importante das ideoloxías nacionalistas (unha patria, un pobo, unha “lingua nacional”), e como tal tivo a súa máxima difusión como parte da ideoloxía difundida polos estados-nación da Idade Contemporánea. Con todo a idea de que a variedade “ilustre” é “común” e está situada nun “plano superior” é previa ao nacionalismo, pois aparece xa coa estandarización das linguas romances a finais da época medieval e a comezos da Idade Moderna. Xa Dante, en *De vulgari eloquentia* (libro 1, cap. XVI), defendía que o vulgar ilustre de Italia, en palabras de Fernández Rei (1991: 31), “é aquel que se oe en tódolos lugares pero que non se limita a ningún”. A ideoloxía que sitúa as variedades “ilustres” nun plano de superioridade sobre calquera outra variedade ou lingua falada nos respectivos reinos iníciase xeralmente no século XVI e desenvólvese ata a actualidade, nalgúns países con especial intensidade (como en Francia, cfr. Lodge 1991).

Mais se queremos entender o papel ou os papeis que os estándares lingüísticos desenvolveron e desenvolven nunha sociedade coma a nosa debemos ir máis alá destas concepcións ideolóxicas. Tocante á orixe e ó significado deste termo, sabemos que a palabra “estándar” foi tomada do inglés *standard*, que á súa vez procede do francés medio *estandard*, de orixe xermánica, de onde vén tamén o noso *estandarte* ‘bandeira, insignia’. En inglés, a definición que fornece o *Oxford English dictionary* (ou noutros coma o *Merriam-Webster's Unabridged Dictionary*, p.e.), tras a acepción correspondente a “insignia militar” (equivalente a *estandarte*), é:

STANDARD, *n.* (*a.*)

II. Exemplar of measure or weight.

9. *a.* The authorized exemplar of a unit of measure or weight; e.g. a measuring rod of unit length; a vessel of unit capacity, or a mass of metal of unit weight, preserved in the custody of public officers as a permanent evidence of the legally prescribed magnitude of the unit.
[...]

10. *a.* (Originally *fig.* from 9.) An authoritative or recognized exemplar of correctness, perfection, or some definite degree of any quality.

Estas acepcións son ben coñecidas polos sistemas de pesos e medidas e polos procesos de fabricación industrial. Como modelo fixado polas institucións e polas autoridades, o estándar aspira á fixación, á permanencia, á prevención de toda variación. E tamén no referente á lingua:

Thus standardisation aims to ensure fixed values for the counters in a system. In language, this means preventing variability in spelling and pronunciation by se-

lecting fixed conventions uniquely regarded as 'correct', establishing 'correct' meanings of words [...], uniquely acceptable word forms [...] and fixed conventions of sentence structure (Milroy & Milroy 1999³: 23).

Non obstante, sabemos que esa meta é inalcanzable, xa que unha lingua viva ten que ser flexible para adaptarse ás necesidades da sociedade. A estandarización absoluta, por tanto, non existe. Por esta razón, como propoñen Milroy & Milroy (1999³: 22-23), sería preferible falar da ideoloxía da estandarización e da lingua estándar "as an idea in the mind rather than a reality". Tore Kristiansen (1998: 127) completa esta definición, engadíndolle unha dimensión social:

By standard ideology I mean the idea that there is one best, correct way of speaking the national language, and also the idea that it is necessary for a modern society to develop a standard language and enforce its use in public, in school, in business, etc.

Na sociedade complexa e xerarquizada en que vivimos, en que por riba das desigualdades sociais e das diferenzas culturais se proxecta unha ideoloxía de unidade nacional, cultural e política, a "ideoloxía do estándar" ten vixencia.

O estudo das orixes, da constitución e da difusión xeográfica e social dos principais estándares europeos mostra que a súa presentación como "linguas comúns" ou como "koinés" non se corresponde cos feitos históricos. Así, Vázquez Corredoira (1998) pon de manifesto que o estándar portugués se construíu a partir da variedade empregada polas clases altas da capital ("o ideal de lingua classicista é [...] abertamente capitalino e aristocrático", p. 62), e despois foi difundido por medio do aparello do estado. O proceso histórico de formación e de extensión do estándar francés pode seguirse en Cohen (1973⁴), quen mostra como a "langue du roi" (a lingua das clases altas de París, e sobre todo a da corte, p. 186) se foi implantando en todo o territorio da coroa, empezando polas capas superiores das provincias e polas cidades (p. 142), para irse estendendo ao resto da poboación.

A difusión do estándar alemán está asociada á tradución da Biblia levada a cabo por Martín Lutero, quen simplificou a ortografía e sistematizou a lingua escrita, mais el mesmo afirma que empregou a lingua que se escribía na chancelería saxona (moi próxima tamén á que utilizaba a chancelería imperial) porque esa era a que falaban os nobres e os príncipes, a que se escribía nas cidades libres e nas cortes da nobreza, e polo tanto a que podía ser mellor recibida nos diferentes territorios de fala alemana (Tonnelat 1952⁵: 124-125; Fisher 1996: 78). Pola súa parte, o estándar inglés está baseado na lingua

falada na corte e entre as clases altas de Londres, como o deixa claro xa en 1762 Thomas Sheridan (citado en Fisher 1996: 148-149):

[...] in the very metropolis [London] two different modes of pronunciation prevail, by which the inhabitants of one part of the town, are distinguished from those of the other. One is current in the city, and is called cockney; the other at the court-end, and is called the polite pronunciation.

As primeiras bases do estándar español, por último, son o “castellano drecho” de Alfonso X, que segundo Lapesa (1981⁹: 241) “respondía en general al gusto de Burgos, pero con ciertas concesiones al lenguaje de Toledo y León”. Para Penny (2000: 198) a nobreza castelá difundiu a variedade lingüística de Burgos na nova capital, Toledo: “Consequently, when the speech of upper-class Toledo was selected as the basis of the Castilian standard, it was characterized by a significant number of features imported from Burgos”. O castelán estendeuse, pois, por amplos territorios da Península (e máis tarde nas colonias) gracias ás conquistas militares e logo a través das institucións do estado.

En definitiva, tras repasar os estándares das principais linguas da Europa Occidental, Fisher (1996) conclúe que todos eles naceron como linguas da burocracia gobernamental e do poder económico, e a pesar dos cambios sociais e culturais ocorridos desde entón, así segue sendo: “make no mistake, standard language is still anchored as firmly in the seats of power as it has been since the dawn of writing” (p 82).

Foron, pois, esas variedades aristocráticas as que serviron de base para a elaboración das linguas “de cultura” que tivo lugar a partir do Renacemento. Por unha parte, importáronse ou calcáronse numerosos termos e estruturas das linguas clásicas (e, ás veces, doutras linguas “de cultura” dominantes) e desenvólveronse variedades “cultas” e especializadas, a medida que ían substituíndo o latín como linguas do coñecemento científico e da especulación filosófica. Isto levou, pois, a un maior afastamento entre esas variedades e a lingua popular. Por outro lado, foron sometidas a un proceso de codificación interna, o que Garmadi (1981: 65) chama *sur-norme*, e que corresponde á “norma” definida por Dubois et al. (1994: 330) como “un système d'instructions définissant ce qui doit être choisi parmi les usages d'une langue donnée si l'on veut se conformer à un certain idéal esthétique ou socioculturel”. Nos inicios da Idade Moderna esa codificación era bastante laxa (o mesmo Lutero escribe por exemplo *zweifel*, *zweyfel*, *zweiffel* e *zweyffel*; Milroy & Milroy, 1999³: 45, lémbrennos que Shakespeare escribía o seu propio nome de tres maneiras diferentes), pero foise facendo máis estricte e impositiva a medida que a mobilidade social se foi incrementando e

que a lingua escrita se foi estendendo na sociedade, e algúns estados mesmo crearon institucións específicas (Academias) para implementar ese purismo lingüístico.

A superioridade da lingua elaborada e empregada polas elites é, por tanto, de carácter social e político. Mais insítese en que se trata dunha superioridade estrutural, inherente a esas variedades, e serve así como elemento de lexitimación do poder: as clases dominantes non só serían superiores social, política e economicamente, senón tamén intelectual e moralmente (Shapiro 1989: 22-23). Son eles os dotados dunha lingua lóxica, rica, limpa e depurada, e por oposición as variedades que se desvían dela son pobres, corruptas, deformes:

Cada vez mais, as variedades 'provinciais' discrepantes do 'uso da corte' / 'da gente mais civilizada e instruída' são avaliados pelos *legisladores linguísticos* como 'vícios', 'trocas' à toa, 'corrupções vulgares', num fundo de desordem e despropósitos. Elaborado o modelo de lingua, a sociedade (*os dez mil de cima*) reconhece em base a ele o próprio e considera estranho ou bárbaro o que não concorda (Vázquez Corredoira 1998: 62).

Se a utilización da lingua alta supón estar en contacto coa cultura “superior” (escrita, escolar, erudita) e é signo de intelixencia e de valía intelectual, usar variedades non estándar demostra incapacidade intelectual, ignorancia, idiotéz (cfr. Mugglestone 1995; Regueira 1999): lémbrese a consideración da gheada como “defecto de la gente idiota” (Valladares 1884: VI). A elevación da lingua das elites leva consigo, por tanto, a discriminación, a exclusión social dos falantes das variedades non estándar.

Co establecemento do estado-nación e o auxe do nacionalismo a lingua convértese nun dos elementos fundamentadores e lexitimadores da nación. Unha nación idealmente unitaria e homoxénea necesita tamén un código lingüístico común, e a diversidade de dialectos ou de linguas dentro das fronteiras do estado é vista como un perigo potencial: “[t]he dialects, at least if they threaten to become languages, are potentially disruptive forces in a unified nation: they appeal to local loyalties, which could conceivably come into conflict with national loyalty” (Haugen 2003: 416). Daquela os estándares construídos polas clases dominantes convértense en “linguas nacionais”, que son difundidas entre a cidadanía polo aparello do estado:

No se trata, entonces, de una lengua del pueblo elevada a lengua del estado, sino de un estado que impone su lengua. En este sentido transcurre la historia: primero se diferencia el castellano como variedad románica, luego se difunde hasta llegar a ser ‘el idioma general de la nación’ (Garrido Medina 1994: 327).

Neste contexto, a ideoloxía do estándar e o purismo lingüístico alcanzan unha grande extensión social, transmitidos de maneira coercitiva a través da escola. A ideoloxía nacionalista xustifica a imposición desa variedade dentro das fronteiras do estado presentándoa como a lingua común, situada nun plano superior, e como a única correcta. Por exemplo, nun excelente exemplo de ideoloxía nacionalista aplicada á lingua, Gregorio Salvador (2001: 9) xustifica a imposición do castelán no estado español e mais nas antigas colonias americanas pola súa superioridade estrutural sobre os restantes dialectos e linguas (e mesmo sobre tódalas demais linguas do mundo!):

Gran parte del éxito del castellano como *coíné* peninsular, primero, y americana, después, hay que atribuírselo a sus cinco vocales netamente diferenciadas, el sistema vocálico más perfecto de los posibles, sin vocales mixtas ni intermedias, sin sensibles diferencias en su intensidad. Si añadimos a ello el predominio de las sílabas abiertas y el polisilabismo imperante [...] podemos aseverar, con objetividad, que el español es, entre las grandes lenguas de intercambio y de cultura, entre las lenguas supranacionales, la que ofrece mayores facilidades de aprendizaje, acaso la única que puede aprenderse, hasta cierto punto, en los libros, sin voces interpuestas (subliñado meu).

Fronte a estas pretensións de superioridade, desde o punto de vista da súa estrutura as linguas do mundo, como é coñecido, son equivalentes en valía, en complexidade e en capacidade expresiva, sen que poidan sinalarse linguas máis primitivas nin linguas máis evoluídas:

Certainly, then, the evolution of language as such has never been demonstrated, and the inherent equality of all languages must be maintained on present evidence. Languages are equal in the sense that they are all “created equal”, that is, have equal potentialities. In fact, some which have undergone cultivation probably have greater resources of expression, but this is not owing to any inherent superiority. Any language placed in the same position through non-linguistic factors will be capable of similar development (Greenberg 1957: 65).

Cfr. tamén Comrie (1996: 13) ou Crystal (1997²: 6). Da mesma maneira, cada variedade dunha lingua histórica ten os mesmos potenciais e é intrinsecamente equivalente ás demais: “la lengua estándar es una variedad tan perfecta o imperfecta como cualquier otra variedad lingüística [...] y [...] cualquier variedad lingüística puede dar origen a una lengua estándar” (Moreno Cabrera 2000: 59). Neste sentido, Milroy & Milroy (1999³: 83) constatan a eficiencia comunicativa das variedades non estándar: “working-class dialects operate within working-class communities as efficiently as any other linguis-

tic system, sometimes including useful distinctions which are not present in the standard forms of language". Non son inferiores á lingua estándar, por tanto, desde o punto de vista da súa capacidade para a comunicación, senón no plano sociopolítico.

Consecuentemente, a pretendida superioridade intrínseca dunha lingua ou dunha variedade sobre outras non ten moito que ver con criterios lingüísticos, senón con pretensións de superioridade política, intelectual ou moral. A superioridade do estándar invocada por exemplo por Gregorio Salvador (ver cita ao comezo desta sección 2) revela unha ideoloxía social que xustifica a discriminación, como argumenta Moreno Cabrera (2000: 55):

Ese plano de superioridad en la solidaridad idiomática hay que interpretarlo, según nuestro punto de vista, como un eufemismo por *superioridad sociopolítica*. Este párrafo muestra de modo palmario que, al hablar de la superioridad de la lengua común estandarizada sobre las demás variedades, estamos ante una postura claramente ideológica y que la lengua ideal y ejemplar lo es por cuestiones políticas y no gramaticales. Unir la noción de pureza, universalidad (exoneración de localismos), idealidad, a una situación de superioridad sociopolítica lleva indefectiblemente a la discriminación lingüística y a posturas que intentan justificar el dominio de una clase sobre otra.

As acusacións realizadas contra determinadas variedades dunha lingua de seren toscas, pobres, corrompidas ou ilexítimas por calquera razón traducen, por tanto, unha ideoloxía de supremacía social ou política dunhas clases sobre outras. Denigrar unha variedade lingüística normalmente supón unha tentativa de exclusión non da variedade lingüística en si mesma, senón dos individuos que a falan:

such attitudes to language can be interpreted as a kind of social-class discrimination, and it may be that political power favouring certain élite groups is exercised in part through these shibboleths. Although public discrimination on the grounds of race, religion and social class is not now publicly acceptable, it appears that discrimination on linguistic grounds *is* publicly acceptable, even though linguistic differences may themselves be associated with ethnic, religious and class differences (Milroy & Milroy 1999³: 3).

A discriminación lingüística non debe ser considerada como máis leve ou tolerable ca calquera outro tipo de discriminación, como xa o facían ver Halliday et al. (1964: 105): "A speaker who is made ashamed of his own language habits suffers a basic injury as a human being: to make anyone, specially a child, feel so ashamed is as indefensible as to make him

feel ashamed of the colour of his skin". Cfr. na mesma liña Wolfram (1997: 124).

A estandarización lingüística non só reproduciu, por tanto, a desigualdade social, senón que lexitimou e reforzou a xerarquía de clases: "The establishment of the dominance of standard English and the subordination of other social dialects was part and parcel of the establishment of the dominance of the capitalist class and the subordination of the working class" (Fairclough 2001²: 48; V. tm. Crowley 1989: 157). Se ben pode pensarse que a escolarización universal contribuíu á extensión da lingua, e por tanto á minoración desa desigualdade, tamén hai que considerar que os programas educativos e as prácticas docentes seguiron (e seguen) a ser instrumentos de discriminación social, levando á práctica a que Robert de Beaugrande (1996) chamou "*the fundamental contradiction in the ideology of Western societies between inclusive theory and exclusive practice*". Neste sentido a escola difundiu máis a ideoloxía do estándar (e así as clases son convencidas de que non falan "proper English" ou, en Francia, de que falan *patois*, e non *la langue*) cá propia lingua alta, de maneira que eses estándares que aspiran a ser (e son descritos como) linguas comúns, pertencentes a todos, seguiron a ser en boa medida dialectos de clase.

A imposición da ideoloxía do estándar funciona dentro das fronteiras do estado tanto sobre os falantes de dialectos non estándar coma sobre os que usan linguas históricas diferenciadas. Ben se sabe que en Galicia a escolarización estendeu e reforzou a valoración negativa do galego, mais os rapaces galegofalantes, a pesar de asumiren eses valores, seguían a falar galego, porque dispoñía de "prestixio encuberto". Esa ambivalencia móstrase en comentarios coma este, dun galegofalante de Soexo, Vilalba: "O noso falar, a nosa idioma, pois eu considero que non é das más malas, pero das mellores tampouco, eh. [...]. A min non me aprenderon doutra maneira. A miña idioma é esta. Non é ben feita, pero eu enténdome" (Regueira 1989: 641).

Esta actitude tamén se encontra entre os falantes de dialectos non estándar. Por unha parte, conséntase que, nos estados desenvolvidos e cunha mobilidade social relativamente alta, prodúcese un cambio de lingua cara á variedade de prestixio e, por tanto, a eliminación dos dialectos xeográficos e sociais. Desta maneira, a desaparición dos dialectos galegos, a pesar de que os desexos de moitos difusores e defensores do estándar fosen outros (lémbrese o significativo título do traballo de Ares Vázquez & Arias Méndez, 1985: "O galego estándar na escola sen merma da variante dialectal"), asímese como unha perda inevitable: "A emerxencia dun estándar traballa en contra da diversidade. [...] Iso vai antes ou despois acabar cos dialectos do galego como a *koiné* acabou cos dialectos gregos; é o prezo que hai que pagar para que unha lingua se converta nunha institución nacional" (Santama-

rina 2003: 50). Un exemplo de nivelación lingüística moi avanzada é o de Dinamarca, onde durante o século XX os dialectos tradicionais desapareceron case por completo (Kristiansen 1998; Pedersen 2003), nun proceso de converxencia co danés estándar, é dicir, “the speech of the educated middle class in Copenhagen” (Pedersen 2003: 25). Esta nivelación é promovida de maneira planificada polo Estado: “one of the major goals of Danish education is to socialise children to uniformity, and to work against social, regional or ethnic diversity” (Ladegaard 1998: 193).

Por outra banda, non obstante, a nivelación lingüística ou ben non é aceptada por toda a poboación ou ben non é completa, senón que se manteñen diferenciacións que revelan distincións sociais e ideolóxicas. Así, a pesar de que o inglés ten un alto prestixio e ten unha forte presenza social, só é falado por unha minoría reducida (entre o 3 e o 5 % da poboación, segundo Milroy & Milroy 1999³: 29). No caso danés, o propio feito de que a ideoloxía da uniformización teña que ser mantida desde o estado mostra que seguen existindo desigualdades. Ademais, Kristiansen (1998: 118) constata que o proceso de extensión do estándar danés vai acompañado doutro menos visible de difusión entre a xente nova de todo o país de trazos das variedades baixas de Copenhague, “traditionally associated with the working class of Copenhagen, with low social status, and strongly stigmatised as ‘bad’ language” (p. 118; tm. Pedersen 2003: 25-26). Estes feitos ilustran o feito coñecido de que, a pesar de que a mobilidade social leva a adoptar unha lingua de maior prestixio, os dialectos desfavorecidos mantéñense porque simbolizan a identidade social e os valores aos que os falantes se adhíren, e son por tanto elementos fundamentais na cohesión do grupo (Milroy 1987²: 208-211). É dicir, existe unha resistencia ao estándar porque, en palabras de Fairclough (2001²: 48): “people know it is someone else’s language and not theirs, despite the claims to the contrary”.

3. A ESTANDARIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

A lingua galega empezou a usarse de maneira máis ou menos continuada como lingua escrita, na época moderna, a partir de principios do século XIX, como se sabe. Daquela o galego non contaba con elites sociais que a utilizasen, cando menos de maneira formal, nin con institucións que a promovesen e difundisen, senón que era fundamentalmente a lingua das clases baixas. Esta situación de partida é, pois, moi diferente da que viamos para os estándares dos estados-nación e condicionou que se seguise un camiño en parte distinto.

Desde un punto de vista nacionalista adóitase presentar a recuperación do galego como lingua escrita e a estandarización como a loita do “pobo ga-

lego” pola recuperación da súa lingua e por elevala a “lingua nacional”. Mais se non concibimos o “pobo galego” como unha entidade idealmente homoxénea, senón como unha sociedade con desigualdades, en que a existencia de clases é marcada e a discriminación social é corrente, podemos tratar de entender algunhas das características destes procesos, así coma a ideoloxía social que os guía.

Os ideólogos e construtores do estándar escrito son parte das elites urbanas, están formados na cultura oficial e todos dominan o estándar do español (e moitos algunha outra lingua). Así é que, a pesar de que o galego do século XIX se ten caracterizado como “galego popular” e mesmo de “galego dialectal”, xa desde os seus inicios aparece como unha lingua construída con elementos da lingua popular sobre os esquemas do español estándar. Por poñer só un exemplo, *Proezas de Galicia* contén elementos de diversos dialectos na boca duns mesmos personaxes (*cañois, cañóns, dragós, tizós...; oficiás, xenerales...*) ao tempo que non son raros os calcos e os préstamos do español escrito ou formal (*eu no me pismo delo, ó acordarme de sementexantes cousas...*). Desta maneira o galego escrito axiña empezou a diverxer da fala. Cando o galego se vai consolidando como lingua literaria aparece cada vez máis clara a división entre partidarios de afastarse netamente do galego popular e defensores dunha lingua máis próxima a este (González Seoane 1994: 77). A discusión sobre os modelos de lingua, ás veces baixo forma de discusión ortográfica, pasa a primeiro plano a fins do século XIX e continúa no XX. A posición máis profundamente democrática da construción do galego escrito é a que expresa Aurelio Ribalta, que propón unha ortografía fonética:

Kada letra falada, una eskirta. Desta maneira todos saberíamos a ortografía. O rapaziño que bai ko as bakas, o labradore ke traballa pra kriare os seus fillos, todos poderían eskirbir kartas ke os sakasen adiante nos seus asuntos, redautare kontratos, outorgare dekumentos de toda kras (Ribalta 1910: 165; cursivas engadidas).

Mais en realidade non se estaba a construír un estándar para que os labregos escribisen, senón para que o fixesen as elites urbanas. Monteagudo (1999: 479-480) cita as críticas aparecidas en *A Nosa Terra* contra a literatura anterior, descualificada como “cousas de labregos en linguaxe de labregos”. Obviamente, a literatura referida non fora escrita por labregos, pero o uso deste termo para manifestar o desprezo por esa produción literaria é suficientemente ilustrativo.

Por contra, os galeguistas aspiran a crear unha “lingua de cultura”, equiparable aos outros estándares veciños (español, portugués, francés...), e para

iso non serve a “linguaxe de labregos”. A construción dunha “lingua nacional” pasa por elaborar un estándar urbano, aínda que sexa a partir das variedades rurais:

unha fala xeitosa, peneirada, pulida e culta, facendo urbano o que sexa rústico, traguendo ás vilas os ars da aldea pra devolverllos dimpois envolveitos na veste albiña da cultura, coma un ben d’amore e d’exebrismo (Taibo 1917, cit. en Monteagudo 1999: 479).

Esa empresa preséntase coma un “ben de amor” para as clases baixas, que foron as que conservaron a lingua. Pero en realidade, en que consistía esta “veste albiña da cultura”? Fundamentalmente na importación de numerosos cultismos (con tendencia a adaptalos nesa época seguindo patróns arcaizantes ou aportuguesantes, cfr. Regueira 2003), na incorporación de arcaísmos e mais en numerosos calcos (semánticos, sintácticos) do español e, nalgúns casos, do portugués. É dicir, na construción dun estándar de características semellantes ás do español e do portugués, asumindo a xerarquización social que a estandarización trae consigo. A actitude máis común dos galeguistas é a mostrada por Victoriano Taibo, aínda que posicións máis abertas de discriminación non eran excepcionais (V. Alonso Montero 1991: 141-143).

Estas cuestións volveron a discutirse vivamente na década de 1970, cando o ILG, publicou os coñecidos *Galego 1, 2 e 3*, que propoñían un modelo moito máis achegado á lingua popular (Alonso Pintos 1998: 75-76, e neste mesmo libro), o que foi severamente censurado pola RAG e por outros sectores. A morte do ditador en 1975 e o proceso de reformas políticas emprendido polo réxime franquista a partir dese momento permitiu que se abrisen perspectivas de emprego do galego nas institucións, fundamentalmente no ensino. Nese contexto elaboráronse as *Bases prá unificación das normas lingüísticas do galego* (1977, 1979), e nelas o ILG aceptou a deriva do galego escrito e a necesidade de crear unha “lingua nacional” equiparable aos estándares veciños.

Neste punto as diferencias entre as propostas que aceptan o galego literario como base (todas agás os “reintegracionistas de máximos”) redúcense, pois, á codificación interna (á *sur-norme* mencionada antes). Dado que a estandarización se entendía como necesaria para os usos institucionais que se avecinaban, pero sobre todo para defender a lingua fronte ao español, existía (e existe) un amplo consenso de que deben evitarse as formas coincidentes coa lingua dominante, cando menos na morfoloxía e no léxico. Entre as restantes formas populares ou literarias en moitos casos escolléronse as que tiñan unha forte tradición de uso literario ou as que coincidían co portugués.

Tanto nas *Bases* coma nas *Normas* de 1982 o ILG procurou seleccionar formas moi estendidas na fala, especialmente na morfoloxía verbal (V. Alonso Pintos & Sánchez Vidal, neste mesmo libro), sempre que cumprisen os criterios puristas, mentres que o “reintegracionismo de mínimos” daba primacía á converxencia co portugués. As diferentes propostas corresponden, tamén, con ideoloxías sociais diferentes.

Unhas cantas consultas ao Tesouro Informatizado da Lingua Galega (TILG), dirixido por Antón Santamarina (<http://www.ti.usc.es/TILG/>) poden servir como ilustración (en Regueira 2003 preséntanse gráficos dos datos extraídos desa mesma base). Unha desas consultas pode ser referida aos plurais das palabras rematadas en *-l*, do que podemos tomar como mostra o lema *animal*. Se na primeira metade do XIX *animales* é case exclusiva, vai compartir espacio coa outra forma diferencial e amplamente estendida na fala, *animás*, que chegará a ser maioritaria durante a ditadura de Franco. O plural *animais*, minoritario, diferencial e coincidente co portugués, apenas ten emprego ata a década de 1930, e tras a guerra civil volve desaparecer, con poucas excepcións (coma os *Contos vianes*, de Laureano Prieto); mais a partir de 1972 empeza a usarse de maneira importante, seguindo o establecido na normativa da RAG (1971), e xeneralízase nos anos 1980.

Na morfoloxía verbal, unha forma como *sexa*, que a penas se documenta no galego falado, impónse sobre as súas competidoras por ser diferencial e coincidente co portugués. Por outro lado, *estea* é unha forma popular amplamente difundida e non coincidente co español (tampouco co portugués), e estivo amplamente documentada no galego escrito desde os inicios.

No léxico o criterio de supresión de castelanismos (cando menos dos máis visibles e recoñecibles) é case indiscutido entre os elaboradores e cultivadores do galego escrito, a pesar de que contribúe a afastar o galego estándar da lingua falada. A aplicación do criterio purista pode verse doadamente en formas coma *dios* / *deus*: a primeira é a forma case única do galego escrito no século XIX, segue sendo maioritaria ata a guerra civil, e logo vai sendo substituída progresivamente por *deus*, forma hoxe case exclusiva na escrita. Outros casos, coma o de *igrexia*, ofrecen aínda máis información. Segundo os datos do Atlas Lingüístico Galego, hai restos de *eirexa* en Lugo, e de *igrexia* en Ourense, aínda que son formas arcaicas, substituídas de maneira xeral polo español *iglesia* (ou por adaptacións deste, coma *ilesia*). Entre 1860 e 1970 o galego escrito decantárase claramente por *eirexa*, e só a partir de 1970 se impón de maneira clara *igrexia*, debido ao modelo do portugués.

En definitiva, e aínda que en certos aspectos da morfoloxía o galego estándar poida ser presentado coma unha *koiné*, con trazos de diferentes falas populares filtrados por criterios puristas (*animais*, oriental, e *leóns*, occidental; *irmán*, occidental / *irmá*, central; tamén en aspectos da morfoloxía ver-

bal), incorpora tamén numerosos elementos alleos a esas variedades, tomados sobre todo da tradición erudita e das linguas “de cultura” próximas (entre eles numerosos préstamos e calcos léxicos, semánticos e sintácticos). Así pois, a pesar de non se basear na lingua dunha clase aristocrática senón na lingua das clases baixas, este estándar, modelado por elites urbanas de acordo coa súa ideoloxía social e coas súas necesidades e intereses, acaba por estar bastante afastado da lingua tradicional que lle serviu de base, mais é apto para esa comunicación “cultura” que se pretendía e para converterse en “lingua nacional”. Esa é a lingua que as institucións (ensino, administración, medios de comunicación) están a difundir na sociedade, ante a que se presenta como un galego máis lexítimo e máis culto (aínda que é cuestionado polos que propoñen un estándar “reintegrado”, moito máis afastado aínda do galego falado).

Por outra parte, a extensión social e funcional da lingua fixo que se elaborasen novas variedades (algunhas moi especializadas, coma a lingua administrativa e a xurídica), en xeral moi distantes da lingua popular. Esas variedades cultas e de maior formalidade, sobre todo na súa modalidade escrita, son as que se esixen na escola e para acceder a algúns empregos públicos, e que os galegofalantes teñen que aprender. Dadas as características desas variedades (urbanidade, elitismo), non resulta infrecuente que moitos galegofalantes de clases baixas sexan superados nesa empresa por español-falantes de clases máis elevadas. Reprodúcese así a discriminación social, a exclusión, dos falantes de variedades “baixas”, tamén dentro do galego. Eses falantes do galego tradicional, por tanto, consideran que o galego da escola e da televisión é mellor ca o seu, pero non se senten identificados con el: é a lingua doutros, non a súa, parafraseando a Fairclough.

4. ESTÁNDAR ORAL

O estándar oral, pola súa natureza, nunca chega a codificarse nun grao tan elevado coma o escrito. O seu grao de fixación é menor e a variación tolerada é maior ca na escrita, e mesmo se admiten certas variedades non estándar para a comunicación pública nalgúns contextos ou con certas funcións. Nas linguas desenvolvidas e promovidas polos aparellos estatais, os estándares orais fóronse conformando sobre o modelo das variedades aristocráticas, como vimos, de maneira paralela aos estándares escritos, e en parte sobre os seus patróns. A idea de que a lingua oral culta debe asemellarse no posible á lingua escrita está presente desde a Idade Moderna (“Man muss sprechen wie man schreibt”, dicía Berthold Brocks en 1721, cit. en Fisher 1996: 79) ata os nosos días (non hai moito repetía Fernando Sánchez Dragó

nun programa de radio: “A hablar se aprende leyendo”). Esta idea ten unha ampla aceptación, e de aí que na lingua culta se procure pronunciar os grupos consonánticos latinos dos cultismos sen adaptalos á fonoloxía da lingua, por exemplo (Penny 2000: 210).

Aínda así, en linguas coma o español ou o francés non existe unha *normativa* que prescriba a pronuncia dos sons nin a prosodia da lingua. Normalmente os modelos de pronunciación “correcta” preséntanse como descrições da lingua estándar (cfr. a *Received Pronunciation* de Daniel Jones), é dicir, a pronuncia das elites preséntase como modelo de corrección, esixible para certas funcións comunicativas. Mais os estados non lexislan sobre a pronuncia, mentres que si o fan sobre as ortografías. Nos países europeos con burguesías desenvolvidas a difusión destes estándares lingüísticos estivo relacionada co teatro (*Comédie Française*, *Bühnendeutsch*), coa escola e, xa no século XX, cos medios falados (*BBC English*).

A lingua galega diferénciase das linguas estatais (ademais de nas condicións de partida vistas antes) por unha marcada asincronía entre o desenvolvemento do estándar escrito e o do estándar oral. E así, mentres que o estándar escrito queda bastante definido no primeiro terzo do século XX, a variedade oral correspondente é moito máis recente, e o seu grao de seu grao de definición e de institucionalización é aínda escaso. Como se sabe, no século XIX o galego ten un importante emprego como lingua literaria, pero en cambio non se usa como lingua oral formal. Este emprego iníciase na primeira parte do século XX, pero ten unha difusión social moi reducida. Esta situación só cambia a partir dos anos 60 e sobre todo na década de 1970, coa reforma política e a promoción do galego como lingua pública. Nese momento incorpóranse ao galego moitos profesionais, docentes, escritores, etc., que en moitos casos falan un galego aprendido como L2, que se corresponde máis coa estrutura fónica do español ca non coa do galego herdado.

Por unha parte, ese galego oral configúrase cos presupostos ideolóxicos da ideoloxía do estándar, que levan por exemplo a tomar a lingua escrita como modelo da oralidade “cultura”. Así, xeralmente considérase máis correcto pronunciar todos aqueles grupos consonánticos que se representan na escrita de latinismos e helenismos; por poñer outro caso, Carballo Calero (1979⁷: 132) tiña por “máis culta” unha pronuncia que se amoldase á escrita e que, por tanto, non realizase as elisións nin as contraccións vocálicas que non se reflicten na escrita. Desta maneira, os aspectos fonéticos e fonolóxicos que non teñen representación escrita (coma os timbres vocálicos ou a prosodia) quedaron excluídos das actuacións puristas, que se centraron na morfoloxía, no léxico e en certos aspectos da sintaxe.

Esa actitude de purismo selectivo na lingua oral obedece por tanto á fixación pola lingua escrita como modelo de corrección; ademais, tamén esti-

vo motivada polo desexo de atraer, de non rexeitar, os falantes procedentes do español, e ese galego con fonética española é xustificicado como resultado dunha aprendizaxe incompleta da estrutura fónica da lingua. Non obstante, cando ao cabo de décadas persiste esa situación non só en xente allea ao mundo da lingua, senón mesmo entre algúns profesores de galego (que poden non ter reparo en recoñecer que non distinguen as sete vogais tónicas, por exemplo) ou cando se comproba que ese galego con fonética española é o que se difunde polos medios de comunicación, que é mellor considerado e mesmo imitado por galegofalantes, pode defenderse que ese modelo de galego se está a consolidar no mundo urbano, e que se corresponde cunha determinada ideoloxía social (Regueira 1999). Aínda dentro dos sectores urbanos que promoven o galego moitas veces parece que non se está disposto a asumir como propio, e por tanto a imitar, calquera modelo de lingua. Fica excluído, principalmente, calquera galego que estea asociado con ruralidade e con clase baixa.

Esa é unha das razóns (ademais doutras de tipo económico ou persoal) polas que algúns actores e dobradores reaccionan negativamente ante as esixencias dos lingüistas da TVG de que se utilice un galego “auténtico” na dobraxe de películas ou en certos programas da cadea, e denúncianas publicamente como actos de “intolerancia”, “discriminación lingüística”, “excesivo purismo”, etc. *La Voz de Galicia* (15.05.98) recolle as declaracións dalgúns dobradores: “Estos profesionales aseguran que se les exigía una pronunciación determinada, ‘muy marcada’, que no es ‘la forma de hablar de todos los gallegos’”, e queixáanse de facérenos “repetir una toma cinco veces porque la ‘o’ no se ha pronunciado lo suficientemente cerrada”. En certa ocasión puiden ler un informe redactado por un profesor de galego en defensa da dobraxe dunha película que fora rexeitada polos lingüistas da TVG, en que argumentaba que a lingua da dobraxe (clíticos persoais antepostos ao verbo, cinco vogais tónicas, $x = s$, prosodia española) era a lingua da xuventude urbana, e que os lingüistas que a rexeitaran pretendían impoñer un modelo rural que só falaba unha porcentaxe pouco significativa da poboación. Feitos coma estes non son simples problemas de mala aprendizaxe da lingua, nin actitudes illadas.

Este tipo de manifestacións, comentarios ocasionais na mesma dirección, e a observación de como se avalían os diferentes tipos de galego na vida cotiá, parécenme suficientemente indicativos. Esta interpretación é confirmada por un traballo recente do Seminario de Sociolingüística da RAG (2003), que utiliza tres técnicas diferentes (entrevista en profundidade, grupos de discusión e *matched-guise*) para estudar as actitudes lingüísticas da mocidade, e demostra a vitalidade

de prexuízos tradicionais que se consideraban superados, e que reaparecen proxectados nalgúns trazos propios da fonética galega. Os que se expresan nas variedades con acento galego percíbense como un grupo pouco dotado para o éxito social, mentres que os que o fan en lingua galega cunha fonética similar á do castelán son caracterizados como un grupo innovador e socialmente competente, se ben espertan escasos sentimentos de empatía social na mocidade (p. 185-186).

Os informantes “neofalantes urbanos” son os que se asocian “ó galego percibido como normativo” (p. 186).

A división debuxada nese estudo non parece doadamente salvable. Non se trata de criterios lingüísticos, ao meu entender, senón de poder social, e os galegofalantes “con acento galego” non teñen nestes momentos máis poder cós que falan galego “con acento español”. As valoracións así o mostran.

Daquela, cando alguén di que é necesario establecer un estándar, pode estar dicindo que as autoridades académicas (a RAG, os departamentos universitarios, p.e.) deberían *prescribir* un modelo fónico e obrigar a que sexa cumprido nos medios de comunicación (sobre todo). A idea é que os usuarios do galego estándar adoptarían ese modelo. Normalmente estas demandas proceden de galegofalantes “con acento galego”. Cada vez é máis frecuente oír esa proposta, e de cando en cando aparecen na prensa colaboracións que reclaman un galego máis “auténtico” nos medios de comunicación, como o fai Xosé Luís Franco Grande (*La Voz de Galicia* 31.08.99), académico numerario: “[...] o noso caso é único. Porque é unha televisión que emite e transmite nunha lingua que non existe. Non se fala, nin se falou nunca en ningures como se fala na TVG, nin a fonética alí usada ten nada que ver coa fonética galega, e si coa da lingua dominante”.

Por outro lado, xornalistas, actores e dobradores quéixanse a miúdo da falta de modelos de referencia. Probablemente senten a falta de modelos “dignos de imitar”, xa que os modelos de falante “con acento galego” en xeral non teñen esa consideración. Ou se callar están expresando a idea de que, ao non haber un estándar establecido nin modelos de prestixio, non existe unha pronuncia esixible e que por tanto calquera pronuncia é válida. Este tipo de comentario provén normalmente de persoas que non falan “con acento galego”.

Ambas posicións están representando diferentes ideoloxías lingüísticas. A primeira é unha opción purista, no sentido de elixir un modelo fónico conservador, achegado ao galego transmitido de xeración en xeración, e evitar todo o que sexa tomado do español. Este purismo, visto como necesario polos planificadores e por moitos falantes para preservar a lingua fronte ao español, ten tamén o risco de reforzar a barreira entre galegofalantes e españolfalantes: “O purismo lingüístico, entendido como un criterio conservador de autenticidade

lingüística, opera como unha ideoloxía que penaliza a incorporación de novos falantes e lexitima o *statu quo*” (Seminario de Sociolingüística da RAG, 2003: 186). A posición “non purista”, pola contra, non presenta ese inconveniente, pero está promovendo unha pronuncia converxente coa do español e cada vez máis afastada do galego tradicional. A opción purista é congruente cos criterios aplicados no estándar escrito; a posición non purista non o é, aínda que é frecuente en falantes do novo galego urbano que son moi puristas no tocante ao léxico ou á morfoloxía, incluso en reintegracionistas partidarios de eliminar todo o que sexa diferente do portugués.

5. PROBLEMAS, CRITERIOS E EFICACIA

Partimos, pois, dunha situación complexa e non exenta de conflitos. Na sociedade en que vivimos, e para as funcións comunicativas que se requiren (administración, medios de comunicación, ensino, etc.) crese necesario que exista un modelo máis ou menos unificado para a comunicación: “[unha] variedade oral e escrita codificada, fixada e intelectualizada, que sexa quen de dar resposta ás necesidades comunicativas dunha sociedade diversificada e desenvolvida” (Lorenzo Suárez 2003: 164). Ese modelo ofrecería garantías de ser ben recibido e ben comprendido en diferentes situacións de comunicación formal, e tería por tanto e en principio o obxectivo de conseguir unha eficiencia comunicativa óptima. Ademais, a “ideoloxía do estándar”, no sentido de que hai unhas formas de lingua máis correctas ca outras, está fortemente asentada, mesmo entre a xeneralidade dos profesionais da lingua e dos medios, e sobre todo entre as elites cultivadas.

Por tanto, desde o punto de vista da construción nacional de Galicia, a existencia dun estándar oral é unha necesidade inescusable e urxente, posto que o obxectivo de “normalizar” o galego na nosa sociedade só parece que poida conseguirse por medio dunha variedade que sexa percibida como posuidora de prestixio social ou cando menos que teña posibilidades de gañalo. Ademais, non hai que esquecer que ten que competir co español, que ten un estándar ben establecido, que goza dun prestixio elevado e que é promovido polo estado español. E como di Moreno Cabrera (2000: 59): “ante los estándares dominantes pueden resistirse en mejores condiciones los estándares de las lenguas dominadas”. Ese estándar galego, segundo o consenso académico máis amplo, debería servir tamén para preservar a lingua da converxencia co español, para evitar a creación e consolidación dun galego con fonética fundamentalmente española.

As preguntas que xorden son varias e de diferente carácter. Algunhas delas poden ser: que características cremos que debería presentar ese estándar?

Debemos intervenir desde os ámbitos académicos e cos medios de que dispoñemos para definilo? Que aspectos se deben tratar? Que efectos vai ter esa intervención?


No referente á primeira pregunta, despois de actuar con criterio purista no estándar escrito parece congruente que se apliquen os mesmos criterios na lingua oral: purismo selectivo, dirixido sobre todo a marcar a fronteira co español. A continuación atención á lingua falada (nas variedades tradicionais, conservadoras) e ao portugués. A aplicación destes criterios leva a prescribir un galego con sete vogais tónicas e pretónicas, con /j/ fronte a /s/, con /ŋ/, e sen interrogativas con final ascendente, por citar só algúns detalles salientes. En xeral ninguén se mostra abertamente en desacordo con estas prescricións (ou só marxinalmente, coma nas declaracións dos profesionais da dobraxe citadas máis arriba), mais a maioría dos neofalantes e da mocidade urbana non se senten motivados para aprender e adoptar esas pronuncias, especialmente no tocante aos timbres vocálicos.

Outra cuestión é a prescrición da soante lateral palatal [ɲ], que só as xeracións máis vellas e algúns individuos illados conservan. Neste punto o criterio purista choca coa realidade lingüística, e nin mesmo os puristas pronunciamos esta soante nin na comunicación máis formal.

Tocante á gheada non vou engadir nada ao que xa está escrito en varios lugares. Soamente que é un terreo magnífico para explorar diferentes posicións ideolóxicas sobre a lingua. O feito é que ningunha das variedades de prestixio do galego actual ten gheada, e nisto posiblemente ten moito que ver o elitismo que estivo presente na estandarización do galego (Alonso Montero 1991: 149). Non obstante, algunha xente nova está cuestionando este estado de cousas; que consigan mudalo ou non dependerá da súa capacidade de influencia social. Nunha situación similar está o “seseo”, aínda que con algunhas diferenzas: está menos estigmatizado cá gheada, e desde posicións reintegracionistas non é mal visto, mentres que se ataca con dureza o galego con gheada (cfr. Freixeiro Mato 1998: 142-159, 162-175).

Pero no que distinguimos como “acento galego” están incluídas outras características non menos importantes, aínda que si menos coñecidas porque non foron descritas con detalle ata hai pouco. Entre elas están algunhas referidas á prosodia, e tamén o timbre das vogais átonas. Cando oímos dicir [bo'nito], todos os que falamos un “con acento galego” percibimos que esa pronuncia non corresponde co galego, en que diríamos máis ben [bu'nitu]. En traballos recentes (Molinos Castro 2002; Regueira, no prelo) mostrouse que o timbre das vogais finais átonas en galego difire sensiblemente das vogais do español (en que son moi semellantes en timbre ás tónicas):

Gráfico 1
Vogais tónicas e átonas finais en interior de enunciado
en Vilalba e en Outes/Lousame



Por unha parte, as vogais átonas galegas adoitan ser notablemente máis breves e menos intensas cás tónicas, de maneira que están máis sometidas aos efectos da coarticulación e o contraste tónica/átona resulta moito máis marcado ca no español. Por outra banda, as vogais finais centralízanse e elévanse, dunha maneira moi semellante ao que acontece en portugués, a pesar de que o grao de elevación é en galego menor ca en portugués, como se ve nos triángulos seguintes (tomados de Regueira, no prelo):

Gráfico 2
Triángulo das vogais finais (en final e en interior de enunciado)
no portugués respecto das vogais tónicas





Gráfico 3
*Triángulo das vogais finais no galego de Vilalba
 respecto das vogais tónicas (contexto bilabial)*



Esta diferenza reflíctese na representación fonética destas vogais, que poderían ser en galego [i] [ɐ] [u] (non se quere dicir que non existan outras realizacións, senón que estas son moi comúns) mentres que Mateus & d'Andrade (2000) transcriben as vogais portuguesas como [i] [ɐ] [u].

Debe terse en conta que estas realizacións das vogais finais non só aparecen na lingua rural, senón tamén na de profesores, escritores e outros profesionais urbanos con orixes galegofalantes. Non obstante, é este un trazo socialmente aceptable? Creo que a caracterización negativa de certas variedades como “galego cerrado” ten que ver co tratamento destas vogais.

O Seminario de Sociolingüística da RAG (2003: 186) conclúe o seu estudo coa recomendación de “que se difundan modelos de prestixio asociados á fonética galega”, especialmente a través do ensino e dos medios de comunicación. Esta modalidade de “prescripción branda” creo que ten o acordo da maioría dos profesionais da lingua. Non obstante, tamén parece claro que eses modelos de galego van encontrar problemas de aceptación, dada a existencia probada de actitudes negativas cara a esa fonética. En primeiro lugar habería que preguntarlles aos profesionais deses medios se estarían dispostos a falar ese galego. A resposta, hoxe por hoxe, probablemente non sexa moi positiva.

O criterio purista que preside o estándar galego escrito levaría para o estándar oral a procurar os modelos no propio galego, como se dixo, e, onde fose necesario, no portugués, evitando no posible a penetración do español. Por riba de diferenzas ben notorias e coñecidas entre a fonética e a fonoloxía do galego e do portugués, as afinidades nese terreo son tamén claras.

Mais non se vai avanzar nesa dirección se non existe unha valoración positiva do galego, por unha banda, nin tampouco do portugués. Por outro lado, para poder seleccionar recursos fónicos e prosódicos do portugués necesítase contacto frecuente con esta lingua, o que hoxe por hoxe é impedido pola ideoloxía españolista do poder e das elites sociais.

A difusión a través da escola e da prensa falada tería o efecto procurado? Aínda que ese modelo fose aceptado polos medios de comunicación, non sería decisivo; Saladino (1990) mostra que a difusión dun estándar a través dos medios non implica que os falantes modifiquen a súa lingua para converxer con el (“the mere existence of a model does not guarantee that it will be adopted, even if, as is the case with standard Italian, it is overtly the language of social advancement and prestige”, p. 67). Outro caso coñecido é o do Reino Unido, onde a poboación leva máis de 60 anos oíndo constantemente o inglés estándar a través da radio e da televisión, pero esa variedade segue a ser falada soamente por unha pequena minoría.

En resumo, non parece doado que a curto prazo os medios de comunicación difundan de maneira xeneralizada un estándar con “acento galego”. Pero, de o faceren, tampouco se pode asegurar que ese modelo vaia ser adoptado por un grupo urbano máis ou menos compacto, profesionalmente prestixioso, mentres siga a ser valorado negativamente (tendo en conta que neste caso tampouco ten “covert prestige”). Este horizonte marca o desafío que hai que afrontar nos próximos anos, e que fai imprescindible a mobilización de tódolos recursos ao noso alcance. Se ben é certo que non existen grupos compactos con poder social que difundan modelos de galego que cumpran os criterios puristas, si hai personalidades con visibilidade e prestixio social que están nesa situación. A utilización desas figuras, de recursos académicos e didácticos, e o apoio das institucións comprometidas coa normalización do idioma, pode actuar como contrapeso da tendencia observada actualmente, e mesmo tratar de invertela. Esas accións deberían procurar, en todo caso, ser compatibles coa incorporación de novos falantes á lingua, sen que as esixencias puristas se perciban como unha barreira.

6. CABO

O establecemento dun estándar oral non debe concibirse coma o enunciado dunha serie de regras prescritivas por parte dalgunha autoridade ou institución, tal como acontece coa normativa ortográfica. Parece claro que non abonda cun dicionario, unha listaxe, un libro nin un curso para cambiar o rumbo dun proceso social coma o que se leva a cabo na Galicia actual, e que inclúe a formación de novas elites e de novas identidades sociais asocia-

das ao galego mais nitidamente diferenciadas das clases baixas galegofalantes. Será a consolidación do galego como lingua desas elites ou de parte delas o que determine o afianzamento dun estándar oral.

Dada a natureza destes procesos, a capacidade de influencia das propostas das autoridades académicas (que tamén forman parte desas elites) é limitada, pero existe en certa medida. Tendo en conta que en xeral as elites galegofalantes están comprometidas co futuro do idioma e posúen unha forte ideoloxía do estándar, as accións dirixidas a reforzar a fronteira entre galego e español poden surtir algún efecto. Esa aplicación de criterios puristas debe ser compatible por unha parte coa incorporación de novos falantes, e por outra, e sobre todo, coa existencia de trazos diferenciais (tamén na fonética) que simbolizan fronteiras sociais.

Esta última afirmación baséase no recoñecemento do feito de que, nunha sociedade de clases, a construción dunha lingua nacional, co seu estándar e as súas variedades elevadas, leva consigo a discriminación social por razón de lingua. O proceso de “normalización” do galego reproduce, a outra escala, a discriminación lingüística contra a que se dirixe (cfr. Mey 1989). Non obstante, tamén sabemos que a construción dunha nación galega é un paso no camiño da liberación, como recoñecen desde posicións internacionalistas Hardt & Negri (2001: 106): “whereas the concept of nation promotes stasis and restoration in the hands of the dominant, it is a weapon for change and revolution in the hands of the subordinated”, posto que “[t]he right to self-determination of subaltern nations is really a right to secession from the control of dominant powers”. Consecuentemente, aínda sabendo que leva consigo unha carga de discriminación contra moitos galegofalantes, as posibilidades de futuro do galego pasan polo desenvolvemento, o reforzamento e a difusión dunha “lingua nacional”, cos seus estándares.

Mais sabendo que canto máis distantes da lingua popular estean estes estándares, maior carga de discriminación se exercerá contra os galegofalantes tradicionais, e por outro lado máis difícil será que estes se identifiquen con eses modelos, os que estamos comprometidos coa xustiza social e aspiramos a unha sociedade realmente democrática non podemos máis ca estar de acordo co documento aprobado pola Fronte Popular Galega (1998: 126), en que fixa a súa posición sobre o idioma e que neste sentido resulta modélico:

A FPG debe manterse en primeira liña na defensa inequívoca do idioma en tanto que idioma nacional; debe procurar a pureza e o perfeccionamento bebendo na tradición do nacionalismo, da literatura, pero sobre todo nas xentes dos barcos, das fábricas, do agro e dos fogares onde aínda o idioma se mantén vivo.

A discriminación lingüística non é un reflexo doutras discriminacións, senón que en si mesma é un acto de discriminación por razón de pertenza a un grupo social. Cando non se tolera socialmente a discriminación por razón de sexo nin por pertencer a unha minoría (racial ou doutro tipo), ningún argumento debe servir de escusa para tolerar a discriminación por razón de lingua. A posición ante esta cuestión pon de manifesto a ideoloxía social de cada un de nós, as nosas aspiracións: superioridade, poder e privilexio ou democracia e xustiza.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Alonso Montero, Xesús (1991): "Prehistoria da Academia Galega. Á procura da norma cujita de 1875 a 1905", in *Informe(s) sobre a lingua galega (presente e pasado)*. Vilaboa: O Cumio, 1991, 135-150 [Publicado antes en *Grial* 99, 1988, 8-17].
- Alonso Pintos, Serafín (1998): *Contribución ó estudio dos antecedentes inmediatos do moderno proceso de estandarización do galego. As propostas de codificación da lingua no período 1966-1980*. Memoria de Licenciatura. Fac. de Filoloxía - Univ. de Santiago de Compostela.
- Ares Vázquez, M. C. & X. Arias Méndez (1985): "O galego estándar na escola sen merma da variante dialectal", in *I Semana do Maxisterio Lucense (Lugo, 1985)*. Lugo: Diputación Provincial, 1986, 219-223. Reprod. in *Revista Galega de Educación* 3 (1986), 29-31.
- Beaugrande, Robert de (1996): *New foundations for a science of text and discourse*. Norwood, NJ: Ablex.
- Carballo Calero, R. (1979⁷): *Gramática elemental del gallego común*. Galaxia: Vigo.
- Cohen, Marcel (1973⁴): *Histoire d'une langue: le français*. Paris: Éd. Sociales.
- Comrie, Bernard (1996): "Introduction", in Bernard Comrie et al: *The Atlas of the languages*. New York: Facts on File, 8-15.
- Crowley, Tony (1989): *The politics of discourse. The standard language question in British cultural debates*. Houndmills / London: McMillan.
- Crystal, David (1997²): *The Cambridge encyclopaedia of language*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Dubois, Jean, et al. (1994): *Dictionnaire de linguistique et des sciences du langage*. Paris: Larousse.
- Fairclough, Norman (2001²): *Language and power*. Harlow: Longman.
- Fernández Rei, Francisco (1991): "La questione della lingua galega", *A Trabe de Ouro* 5, 29-40.

- Fisher, John H. (1996): *The emergence of Standard English*. Lexington: The University of Kentucky Press.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (1998): *Gramática da lingua galega*. Vol. 1: *Fonética e fonoloxía*. Vigo: A Nosa Terra.
- Fronte Popular Galega (1998): "Materiais asemblearios", *A Trabe de Ouro* 35, 123-136 [esp. "Por unha política lingüística independentista", 123-126].
- Garmadi, Juliette (1981): *La sociolinguistique*. Paris: PUF.
- Garrido Medina (1994): *Idioma e información. La lengua española de la comunicación*. Madrid: Síntesis.
- González Seoane, E. X. (1994): "Concepcións do galego estándar nos gramáticos galegos do século XIX", in Ramón Lorenzo (ed.): *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas (Santiago, 1989)*. Vol. 6. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 75-88.
- Greenberg, Joseph H. (1957): "Language and evolutionary theory", in Joseph H. Greenberg: *Essays in linguistics*. Chicago / London: Chicago University Press, 56-65.
- Halliday, M. A. K., Angus McIntosh & Peter Stevens (1964): *The linguistic sciences and language teaching*. London: Longmans.
- Hardt, Michael & Antonio Negri (2001): *Empire*. Cambridge, Ma. / London: Harvard University Press.
- Haugen, Einar (2003): "Dialect, language, nation", in Christina Bratt Paulston & G. Richard Tucker (eds.): *Sociolinguistics. The basic readings*. Oxford: Blackwells, 411-422 [Publicado antes en *American Anthropologist* 68, 4, 1966, 922-935].
- Kristiansen, Tore (1998): "The role of standard ideology in the disappearance of the traditional Danish dialects", *Folia Linguistica* 32, 1-2, 115-129.
- Ladegaard, Hans I. (1998): "Assessing national stereotypes in language attitude studies: The case of class-consciousness in Denmark", *Journal of Multilingual and Multicultural Development* 19, 3, 182-198.
- Lapesa, Rafael (1981⁹): *Historia de la lengua española*. Madrid: Gredos.
- Lodge, R. Anthony (1991): "Authority, prescriptivism and the French standard language", *French Language Studies* 1, 93-111.
- Lorenzo Suárez, Anxo M. (2003): "A estandarización da lingua galega: algunhas características sociolingüísticas desde a perspectiva da variación social", in Ana M. Vázquez Facchini (ed.): *Galicia dende Samalanca 4: Xornadas de Lingüística Galego-Portuguesa (Salamanca, 6-8 maio de 2002)*. Salamanca: Xunta de Galicia / Univ. de Salamanca, 162-183.
- Mateus, Maria Helena & Ernesto d'Andrade (2000): *The phonology of Portuguese*. Oxford: Oxford University Press.
- Mey, Jacob L. (1989): "'Saying it don't make it so': the 'Una Grande Libre' of language politics", *Multilingua* 8, 4, 333-355.

- Milroy, James & Lesley Milroy (1999³): *Authority in language. Investigating standard English*. London: Routledge.
- Milroy, Lesley (1987²): *Language and social networks*. Oxford: Blackwell.
- Molinos Castro, Rita (2002): "As vocais finais en galego: estudio acústico", *Cadernos de Lingua* 24, 55-93.
- Monteagudo, Henrique (1999): *Historia social da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Moreno Cabrera, Juan Carlos (2000): *La dignidad e igualdade de las lenguas. Crítica de la discriminación lingüística*. Madrid: Alianza.
- Mugglestone, Lynda (1995): *'Talking proper': the rise of accent as social symbol*. Oxford: Clarendon.
- Pedersen, Inge Lise (2003): "Traditional dialects of Danish and the de-dialectalization 1900-2000", *International Journal of the Sociology of Language* 159, 9-28.
- Penny, Ralph (2000): *Variation and change in Spanish*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Regueira Fernández, Xosé Luís (1989): *A fala do Norte da Terra Cha: estudio descriptivo*. Microficha. Santiago de Compostela: Universidade.
- Regueira, X. L. (1994): "Modelos fonéticos e autenticidade lingüística", *Cadernos de Lingua* 10, pp. 37-60.
- Regueira, X. L. (1997): "Elementos para a definición dun modelo fonético estándar da lingua galega", in Benigno Fernández Salgado (ed.): *Proceedings of the 4th International Conference on Galician Studies (Univ. of Oxford, 1994) / Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos (Univ. de Oxford, 1994)*. Vol. 1. Oxford: Centre for Galician Studies, 179-194.
- Regueira, X. L. (1999): "Estándar oral e variación social da lingua galega", in R. Álvarez / D. Vilavedra (eds.): *Cinguidos por unha arela común: home-naxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Vol. 1. Santiago de Compostela: Universidade, 855-875.
- Regueira, X. L. (2003) "Lingua falada e estándar escrito: o galego desde o Rexurdimento á modificación ortográfica do 2003", in Ana M. Vázquez Facchini (ed.): *Galicia dende Samalanca 4: Xornadas de Lingüística Galego-Portuguesa (Salamanca, 6-8 maio de 2002)*. Salamanca: Xunta de Galicia / Univ. de Salamanca, 186-220.
- Regueira, X. L. (no prelo) "Vocais finais en galego e en portugués: un estudio acústico", in *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos (Barcelona, 28-31 de maio de 2003)*. Barcelona.
- Ribalta, Aurelio (1910): "Nota sobre a reforma da ortografía gallega", in *Libro de Konsagrazión. Feixe de poesías galegas*. Madrid: Suc. de Hernando, 139-165.

- Saladino, Rosa (1990): "Language shift in Standard Italian and dialect: a case study", *Language Variation and Change* 2, 57-70.
- Salvador, Gregorio (1988): "Política lingüística", in Gregorio Salvador: *Política lingüística y sentido común*. Madrid: Istmo, 33-46.
- Salvador, Gregorio (2001): "El reino de Cervantes", *El Cultural* [suplemento de *El Mundo*], 18-24 de abril de 2001, 6-9.
- Santamarina Fernández, Antón (1998): *A linguaxe e as linguas. Ramón Piñeiro revisitado ós 30 anos do seu ingreso na Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Santamarina Fernández, Antón (2003): "Resposta", in Rosario Álvarez Blanco: *Variedade e diversidade da lingua. Algunhas reflexións sobre cambio, variación e galego estándar. Discurso lido o día 6 de xuño de 2003, no acto da súa recepción, pola Ilustrísima Señora Dona Rosario Álvarez Blanco e resposta do Excelentísimo Señor Don Antón Santamarina Fernández*. A Coruña: Real Academia Galega, 39-50.
- Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega (2003): *O galego segundo a mocidade*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Shapiro, Michael J. (1989): "A political approach to language purism", in Björn H. Jernudd & Michael J. Shapiro (eds.): *The politics of language purism*. Berlin / New York: Mouton de Gruyter, 20-29.
- Tonnelat, Ernest (1952⁵): *Histoire de la langue allemande*. Paris: Armand Colin.
- Valladares Núñez, Marcial (1884): *Diccionario gallego-castellano*. Santiago de Compostela: Imprenta del Seminario Conciliar Central.
- Vázquez Corredoira, Fernando (1998): *A construção da língua portuguesa frente ao castelhano. O galego como exemplo* a contrario. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Wolfram, Walt (1997): "Dialect in society", in Florian Coulmas (ed.) (1997): *The handbook of sociolinguistics*. Oxford: Blackwell, 107-126.

O ESTÁNDAR PROSÓDICO

Elisa Fernández Rei

Instituto da Lingua Galega (USC)

1. INTRODUCCIÓN

Habitualmente, ao escoitarmos falar de *estándar oral*, pensamos sobre todo na axeitada pronuncia e asignación de vogais abertas e pechadas, na correcta realización de determinados sons (xeralmente, os que non existen en castelán), etc., pero sen dúbida tamén se nos veñen á cabeza certos aspectos prosódicos, como a entoación. Aínda así, nos traballos sobre o estándar oral o tratamento do nivel prosódico, que abrangue máis aspectos cá entoación, ocupa un segundo plano ou, no mellor dos casos, é o epígrafe final. Así pois, a razón de tratar por separado a compoñente prosódica do estándar é que quero outorgarlle un lugar de maior relevancia e tratalo coa demora que require. Deste xeito, desvinculado, ata certo punto claro, da fonética segmental, apreciaremos mellor as súas peculiaridades non só no eido da prescrición, senón tamén no da descrición. Polo que se refire á perspectiva prescritivista, é manifesta a maior dificultade de codificación dos aspectos prosódicos (de feito, case todo o que ata agora se formalizou do estándar oral pertence ao nivel segmental); en canto á perspectiva de intencións descritivas, o grao de desenvolvemento que presentan os estudos sobre o nivel segmental é moito maior có dos dedicados ao nivel suprasegmental. Finalmente, cando falamos de estándar oral, referíndonos ao plano segmental, movémonos sempre dentro do lingüístico; porén, cando tratamos a entoación, por exemplo, estamos bordeando terreos nos que ás veces é moi difícil dirimir que significados son lingüísticos e que outros son paralingüísticos (vid. Ladd 1996 e Sosa 1999).

En calquera caso, a pertinencia do título e, en consecuencia, do tema que trato susténtase na necesidade que parece existir de que se proporcione algunha orientación sobre a prosodia e, en especial, a entoación. Teño escoitado en non poucas ocasións a moita xente, recoñezo que do medio académico, queixarse da entoación dos locutores da televisión e defínilla mesmo

como unha “copia do castelán”. Moitos dos profesionais que traballan nos denominados gabinetes de normalización en medios de comunicación audiovisual teñen exposto a necesidade de contar cunhas pautas que lles axuden a depurar esas entoacións que tan mal soan a algúns. Desde este punto de vista, parece logo necesario que se leve a cabo un labor de prescrición neste campo.

Con todo, hoxe pretendo ademais presentar o labor que se leva feito no ámbito da descrición prosódica do galego, para tratar así a variación na prosodia e facer unha comparación entre distintas variedades na medida en que o desenvolvemento dos estudos neste campo o permite. En primeiro lugar, vou definir e delimitar o campo da prosodia e presentar o estado da cuestión, para así saber que grao de desenvolvemento teñen os estudos prosódicos de índole descritiva e coñecer, en definitiva, non só qué describe a prosodia, senón tamén canta prosodia galega hai descrita. En segundo lugar, vou intentar poñer de manifesto certas características da prosodia dos medios de comunicación, por ser este un dos principais difusores do estándar, en comparación coas descricións existentes doutras variedades. Por último, repasarei as dificultades ás que nos enfrontamos no labor de prescrición que queiramos facer no terreo da prosodia.

2. O OBXECTO E O CAMPO DE ESTUDO DA PROSODIA

Aínda que agora hei reparar naqueles aspectos da descrición da prosodia do galego que son de relevancia para a configuración dun estándar oral, sería conveniente comezar por situar a prosodia no seo da gramática, así como expoñer a orientación teórica e metodolóxica que sigo para a descrición prosódica das variedades lingüísticas.

Polo xeral ao falar de prosodia alúdese fundamentalmente á entoación, o acento e o ritmo. No entanto, a concepción que eu teño de prosodia é algo diferente, se cadra máis ampla, pois non é só un sinónimo do que tradicionalmente se denominaba nivel suprasegmental, é dicir, a descrición daqueles trazos que se estenden máis alá do segmento, senón que por prosodia entendo o sistema de organización fonolóxica alén do fonema: un sistema de estruturación xerárquica das unidades fonolóxicas.

Esta concepción da prosodia está baseada na fonoloxía prosódica, da que son fundadoras Nespor e Vogel (1986). Basicamente, estas autoras presentan unha visión da fonoloxía dentro da gramática da lingua afastada da teoría xenerativa tradicional, no sentido de que esta entendía a fonoloxía como unha organización lineal de segmentos e un conxunto de regras fonolóxicas que tiñan uns ámbitos de aplicación definidos implicitamente en ter-

mos de lindes na estrutura de superficie do constituínte morfosintáctico: o educto (output) da compoñente sintáctica constituía o aducto (input) da compoñente fonolóxica (Nespor / Vogel 1986). Pola contra, no marco da fonoloxía prosódica, estímase que as regras fonolóxicas non remiten directamente a información morfosintáctica, senón que a compoñente prosódica é a que organiza a cadea sonora en unidades fonolóxicas, formadas a partir da información proveniente das compoñentes morfolóxica e sintáctica.

Phonology is thus a theory of the sonorous interpretation of the strings generated by the morphological and the syntactic components. The interpretation is indirect, mediated by prosodic structure (Nespor 1990: 375).

Estas unidades fonolóxicas, organizadas xerarquicamente, son os dominios² da sílaba (σ), o pé (Σ), a palabra fonolóxica ou prosódica (ω), o grupo clítico (C)³, a frase fonolóxica (ϕ), a frase de entoación (I) e o enunciado fonolóxico (U). Cada unha destas unidades defínese mediante regras de proxección, que incorporan información proveniente das compoñentes morfolóxica, sintáctica e mesmo semántica, das que resultan constituíntes non necesariamente isomórficos dos constituíntes morfosintácticos. As unidades ás que me referirei na análise da elisión vocálica son a frase fonolóxica e a frase de entoación, polo que paga a pena repasar as súas regras de proxección:

(1) *Formación de la Frase Fonológica*

I. *Ámbito de ϕ*

El ámbito de ϕ consta de un C que contiene un núcleo léxico (X) y todos los C de su lado no recursivo, hasta llegar al C que contiene otro núcleo situado fuera de la proyección máxima de X.

II. *Construcción de ϕ*

Reúnanse en un ϕ de ramificación n-aria todos los C incluidos en una secuencia delimitada por la definición del ámbito de ϕ .

(Nespor / Vogel 1994: 194-195)¹

¹ Cito pola tradución española indicada na bibliografía.

² Optamos pola utilización dos mesmos símbolos que empregan Nespor / Vogel (1986) e que son de uso común nas publicacións de traballos de fonoloxía prosódica: σ (sílaba), Σ (pé), ω (palabra fonolóxica), ϕ (frase fonolóxica). En vez de usarmos as traducións, consideramos máis práctico conservar as letras provenientes do inglés para I (*Intonation Phrase* = frase de entoación) e U (*Phonological Utterance* = enunciado fonolóxico), pois evita a multiplicidade de etiquetas que sempre dificulta a lectura e ao mesmo tempo escusa explicacións.

³ Estas autoras inclúen na xerarquía o grupo clítico (C), entre ω e ϕ , pero este é un constituínte non aceptado por todos os autores e que foi obxecto de numerosas críticas nos traballos posteriores dentro deste mesmo marco teórico. Pódese ver unha discusión sobre C con exemplos do galego en Fernández Rei (2002).

Nespor / Vogel (1986) establecen na súa xerarquía prosódica un dominio intermedio entre a palabra fonolóxica e a frase de entoación, o grupo clítico (C). Este constituínte foi moi discutido e son moitos os autores que non o consideran un constituínte da xerarquía prosódica (Booij 1996, Hall 1999, Peperkamp 1999, Selkirk 1996, Vigário 1999), de xeito que se non se quixese considerar na xerarquía a existencia de C, habería que enunciarse unha nova regra de proxección para a definición da frase fonolóxica, na que esta non estaría formada por grupos clíticos senón por palabras fonolóxicas (un núcleo léxico e todas as palabras fonolóxicas do seu lado non recursivo).

En (1) vemos que a frase fonolóxica inclúe dentro da súa proxección os complementos do núcleo que se sitúan no seu lado non recursivo. Se aparecen complementos polo seu lado recursivo, pódese producir unha reestruturación, isto é, a unión de dúas frases fonolóxicas nunha soa:

Reestructuración de ϕ (opcional)

Una ϕ no ramificada que es el primer complemento de X por su lado recursivo se agrupa con la ϕ que contiene a X.

(Nespor / Vogel 1994: 200)

(2) (2a). [Os rapaces] _{ϕ} [díscolos] _{ϕ} son os máis simpáticos

(2b). [Os rapaces] _{ϕ} [dese colexio francés] _{ϕ} son os máis simpáticos

(2a) pode reestruturarse e dar como resultado [os rapaces díscolos] _{ϕ} , posto que [díscolos] _{ϕ} se sitúa no lado recursivo do núcleo e non está ramificada. Pola contra, en (2b) non se produciría a reestruturación, dado que [dese colexio francés] _{ϕ} é unha frase fonolóxica ramificada. Isto quere dicir que se hai algunha regra fonolóxica que teña como ámbito a frase fonolóxica pero non actúe entre frases, esta só operaría en (2a) e non en (2b).

Por riba do nivel da frase fonolóxica atopamos a seguinte unidade na xerarquía, a frase de entoación. Este constituínte presenta peculiaridades importantes con respecto aos que vimos ata agora, en tanto que a natureza da súa definición é máis xeral e que se pode ver afectado por factores ou condicionantes extrasintácticos que non tiñan incidencia ningunha nas unidades situadas máis abaixo na árbore prosódica, por exemplo a velocidade de elocución, lonxitude dos constituíntes, etc.

Nespor / Vogel (1986) propoñen as seguintes regras de proxección e formación:

(3) *Formación de la Frase de Entonación*I. *Ámbito de E [= I]*

Una E puede constar de

- a. todas las ϕ de una secuencia que no esté incorporada estructuralmente al árbol de la oración en el nivel de la estructura-S.
- b. toda secuencia de ϕ pertenecientes a una oración radical que queden adyacentes tras la aplicación de Ia.

II. *Construcción de E*

Únanse en una E de ramificación n-aria todas las ϕ incluidas en una secuencia delimitada por la definición del ámbito de E.

(Nespor / Vogel 1994: 220)

Tamén con respecto á reestruturación da frase de entoación hai diferenzas en relación cos niveis inferiores da xerarquía prosódica, pois normalmente a reestruturación da frase de entoación prodúcese para crear constituíntes máis curtos. Ademais, é moito máis flexible e depende con frecuencia de factores non sintácticos, como a lonxitude dunha determinada secuencia, a velocidade de elocución, o estilo de fala e consideracións especiais de prominencia semántica⁴.

Finalmente, as evidencias de que as regras de proxección definen axeitadamente as unidades prosódicas proveñen da análise das regras fonolóxicas⁵ que teñen como ámbito de actuación os devanditos constituíntes. Aínda que non pretendo estenderme aquí nos fundamentos da fonoloxía prosódica, é importante que se teña en conta que todas as regras fonolóxicas que operan no seo dun determinado dominio ou entre dominios prosódicos son pertinentes para un estudo prosódico.

El subsistema que abordaremos en el presente estudio es el subsistema prosódico y, en particular, la teoría de los ámbitos [ingl. 'domains']. De acuerdo con la teoría prosódica, la representación mental del habla está dividida en fragmentos jerárquicamente organizados. En el fluir típicamente continuo del habla, esos fragmentos mentales, los constituyentes prosódicos de la gramática, están marcados con diferentes clases de señales que abarcan desde modificaciones segmentales en sí hasta cambios fonéticos más sutiles. Esto es, cada constituyente prosódico

⁴ Vid. Nespor / Vogel 1994: 224-238 para os factores que restrinxen os lugares en que pode aparecer un corte na frase de entoación.

⁵ Segundo Nespor / Vogel (1994: 27-28) debemos diferenciar as regras de proxección, que representan a interacción entre a compoñente fonolóxica e as outras compoñentes da gramática, das regras fonolóxicas propiamente ditas. As primeiras son regras que definen as unidades da xerarquía prosódica, mentres que as segundas son as responsables dos cambios no patrón fonolóxico.

actúa como ámbito de aplicación de regras fonolóxicas específicas y de procesos fonolóxicos (Nespor / Vogel 1994: 13).

Así a todo, non só remiten á xerarquía prosódica as regras fonolóxicas, senón tamén outros fenómenos de carácter duracional, relativos á prominencia, rítmicos e entoacionais (Frota 2000). A xustificación dos constituíntes prosódicos pode provir así mesmo de que un determinado dominio sexa o ámbito de restricións fonotácticas (Hall 1999).

Tras esta breve presentación do marco teórico, detereime nalgúns aspectos prosódicos que me parecen de especial relevancia, nomeadamente os procesos fonolóxicos de sandhi e a entoación, por se tratar dos aspectos que mellor poderían servir para caracterizar prosodicamente unhas variedades fronte a outras⁶.

3. O SANDHI VOCÁLICO

O termo *sandhi externo* era utilizado na tradición clásica india para designar aqueles procesos fonolóxicos que operan entre palabras, fronte ao *sandhi interno* que se reservaba para os que actúan no seo da palabra. Á elisión, que é a regra fonolóxica da que me vou ocupar, acáelle á perfección esa etiqueta de sandhi externo, pois actúa entre palabras:

- | | |
|--------------------------------|-----------|
| (4) a. be b le o] leite | [o] |
| b. bé b [eo] | [eo]/*[o] |
| c. ví d [eo] | [eo]/*[o] |

Non obstante, Nespor / Vogel (1994: 86) propoñen utilizar o termo *sandhi* sen adxectivos, dado que na xerarquía prosódica a palabra non ocupa o lugar nuclear ou central, polo que non ten sentido facer unha distinción que tome esa unidade como punto de referencia.

Unha das cuestións que habitualmente xorden en relación coas regras de sandhi é a influencia que ten o estilo de fala no seu comportamento. Así, Dogil (1984) defende que o marco teórico que se empregue para o estudo das regras fonolóxicas debe ser capaz de explicar o seu funcionamento nos diferentes estilos de fala. Segundo este autor, a fonoloxía prosódica proporciona todos os criterios necesarios e suficientes para a descrición da fala rá-

⁶ Tamén cabería aquí falar do fraseo prosódico e, de feito, farei mención del brevemente no seu momento, pero por falta de datos non me deterei coa demora que requiriría.

pida e informal, de xeito que non forza ao investigador a adaptar a teoría ás particularidades que presenten os datos que está examinando:

Let us take, for instance, a rule of nasal assimilation. In slow speech in German, this rule can apply only within scope of a foot (Σ) (...). In faster speech, however, the scope of this rule becomes greater; in German it will be a word (ω), in Italian a phrase (ϕ) (...). Prosodic structure, understood as a specific mapping of syntactic structure, also explains the fact why assimilation does not take place in certain contexts (Dogil 1984: 112).

Este modelo teórico permíteme, por tanto, describir non só as distintas variedades dialectais, senón tamén as diferentes variedades estilísticas. Con todo, cabería facer unha observación ás palabras de Dogil, posto que non é o mesmo a fala rápida cá fala informal e as repercusións dunha e doutra nas regras fonolóxicas tampouco son as mesmas: a fala empregada nun rexistro coloquial pode ser máis ou menos rápida, do mesmo xeito que unha velocidade de elocución alta non ten por que implicar que o rexistro sexa informal. Así mesmo, hai procesos fonolóxicos que só se producen, ou que teñen unha maior incidencia, cando se fala rápido, independentemente do rexistro utilizado, mentres que outros só teñen lugar nos rexistros máis coloquiais, aínda que se fale a unha velocidade menor.

Nespor (1987:81) propón unha clasificación das regras de fala rápida: por un lado, os procesos que operan sexa cal sexa a velocidade de elocución, pero que amplían o seu dominio de actuación ao aumentar a velocidade; e, por outro lado, os fenómenos típicos da fala rápida, como por exemplo a desaparición de sílabas. A elisión encadraríase, pois, no primeiro tipo, en tanto que é unha regra sensible á organización da cadea en constituíntes prosódicos, como veremos a continuación, se ben é certo que pode ter unha maior incidencia se se aumenta a velocidade de elocución.

3.1. *Elisión vocálica*

O encadeamento de palabras na fala dá lugar con frecuencia a secuencias de vogais en hiato, para o que as linguas habilitan os mecanismos necesarios que resolvan estes encontros vocálicos. Entre estes mecanismos, dirixidos a crear esquemas máis regulares, está a elisión vocálica, que consiste basicamente en que, dada unha secuencia de vogais, unha delas desapareza, ou ben a primeira vogal da secuencia (V_1) ou ben a segunda (V_2). En (5) recóllese un exemplo de elisión de V_1 : en (5a) realízase unha transcrición de todo o enunciado, onde ten lugar a elisión da última vogal da palabra “colle”; en (5b) extraio as dúas sílabas que se ven implicadas no proceso de eli-

sión e ofrezco a sílaba resultante; e en (5c) represento a estrutura silábica das sílabas orixinais e da sílaba obtida tras a elisión. Como podemos ver, prodúcese un cambio na estrutura silábica, xa que se parte de dúas sílabas e obtense, tras actuar a elisión, unha soa sílaba, co ataque da primeira e o núcleo e a coda da segunda.

- (5) a. Colle un prato na cociña → [ˈkoʝ um ˈprato na koˈθiɲa]
 b. ... lle un... → ... llun...
 c. CV]σ VC]σ → CVC]σ

Así a todo, isto non quere dicir que o galego non permita secuencias heterosilábicas de vogais: hai ítems léxicos que as conteñen (*vídeo*, *abanear*, *aldeia*, etc.), aínda que moitos deles, dependendo das vogais implicadas e da posición do acento, poden sufrir procesos de redución como a ditongación ou sinérese (*vídeo* [ˈbiðjo], etc.). Así mesmo, a sinérese tamén pode aparecer entre palabras para desfacer secuencias hiáticas:

- (6) Dixo qu[e o] vira na rúa [kjo]

En primeiro lugar, farei un repaso dalgúns traballos en que se describiu o funcionamento da elisión vocálica en distintas variedades dialectais; en segundo lugar, enunciarei as regras de elisión tal e como funcionan no dialecto da Mariña luguesa que estudei na miña tese de doutoramento (Fernández Rei 2002); e, finalmente, compararei estes datos co comportamento da elisión noutros textos, seleccionados non pola súa procedencia dialectal, senón por representaren estilos e rexistros de fala distintos.

3.2. Estudos descritivos dalgunhas variedades diatópicas

A única gramática que trata con algo de detemento as resolucións dos encontros vocálicos é Freixeiro Mato (1998: 193-205). Dado o carácter desta obra, non se recollen as solucións a estes encontros nunha variedade dialectal concreta, nin sequera se fai referencia á variabilidade dialectal, senón que, a partir dunha descrición do funcionamento na literatura do que el denomina “crases vocálicas”, fornece pautas sobre a maneira en que se deberán resolver os encontros vocálicos nun rexistro formal e culto. Así pois, a principal fonte da que proveñen os seus exemplos é a lingua literaria, que, desde o meu punto de vista, non é o corpus idóneo no que basear unha descrición sobre este aspecto da fonoloxía, dado que este tipo de lingua, aínda que pretenda ser un reflexo da fala popular, é unha elaboración, e en moitos casos mesmo manipulación, da lingua con fins literarios: pénsese,

por exemplo, nas repercusións que poden ter as necesidades métricas e que poden dar lugar a resultados nada habituais na lingua non literaria. Así mesmo, a grafía fracasa xeralmente na representación de certas características fonéticas e fonolóxicas que nun estudo da elisión ou da coalescencia son moi importantes, como por exemplo, o timbre das vogais. Eu suxeriría, en todo caso, facer o camiño inverso: a partir da descrición do funcionamento do sandhi na fala real, describir e interpretar a plasmación destes procesos na escrita literaria.

Antes de pasar a ver algúns traballos dialectais que proporcionan datos moi valiosos sobre o comportamento da elisión, debo facer unha aclaración: tanto nestas obras como na miña tese de doutoramento, da que falarei a continuación, estúdase o comportamento da elisión nas secuencias de vogais átonas e nas secuencias en que unha delas é tónica; porén, aquí só vou ter en conta para a explicación os casos en que as vogais implicadas son átonas, porque determe agora nas secuencias en que aparece unha vogal tónica obrigárame a falar de aspectos rítmicos que alongarían en exceso a exposición. Volvendo, logo, aos estudos dedicados a variedades dialectais, destaco o de López Castro (1990) sobre o galego do sur da provincia de Lugo e o de Regueira (1989) sobre a lingua do norte da Terra Chá, pois neles dedícase-lles unha sección aos encontros vocálicos. López Castro (1990:43-61), baséndose nun corpus de gravacións de fala espontánea (monólogos a partir de temas propostos pola enquisadora e cantigas), repasa os resultados que atopa e clasifícaos. A partir dos seus datos, dedúcese que o [e] átono se elide sempre, estea precedido ou seguido de calquera vogal⁷:

(7) a. *Elisión de V₁ ante átona*

métes'ó camiño
sóbes'arriba
sempr'ibamos
sempr'os fixen
contaría'ch'unha cousa

b. *Elisión de V₂ ante átona*

ó'ntrar
pero'ncontrárono

Polo que se refire aos encontros en que está implicada [a] (con vogais distintas de [e]), esta só se ve afectada polo proceso de elisión cando é V₁ (se é V₂ mantense: *i-ó apear*). Ademais, vemos que os exemplos que se fornecen son só ante [e] e ante [ɔ] (represéntoos coa correspondente maiúscula):

⁷ Reproduzo os exemplos coa transcripción ortográfica utilizada pola autora na obra citada.

- (8) a. volt'E volta
 b. se se poñ'Ó sol (<se se poña ao sol)

En canto ao [o] ten algún exemplo de elisión de [o] ante [u] e [o]:

- (9) a. fix'un ruído
 b. cinc'oras

Regueira (1989: 73-81) tamén extrae exemplos de gravacións da fala popular, a partir dos que elabora uns cadros nos que se recollen os resultados dos encontros vocálicos para as diferentes combinacións de vogais. Fagamos un repaso dalgúns dos exemplos que el atopa no seu corpus:

- (10) a. Elisión V_1 ante átona
- | | |
|--------------------------|-----------------------------|
| irme axudar | [ʼirm aʃuʔar] |
| parteuse ao medio | [par'tewʃ ɔ 'meðjo] |
| de inverno | [d im'berno] |
| houbéache unha filateira | [ow'βeratʃ unʃa fila'tejra] |
| cun peso ao lombo | [kum 'peʃ ɔ 'lombo] |
| teño oído | [ʼteɲ ɔ'iðo] |
| pero un vrao | [per um 'braw] |
- b. Elisión V_2 ante átona
- | | |
|-------------------------|----------------------------|
| mellores què eses pitos | [mi'l'koreʃ ke ʃeʃ 'pitoʃ] |
| nunha escada | [nuɲa ʃ'kaða] |
| no estranxeiro | [no ʃ'traniʃ'ejro] |
| e agora | [e 'ʎora] |
| e andando | [e ŋ'daɲdo] |

Como veremos a continuación, estas secuencias de vogais dan resultados semellantes na fala por min analizada. No entanto, Regueira (1989: 74) fornece outros exemplos de elisión que xa non aparecerán na variedade que eu analicei:

- (11) a. polo peito arriba [polo 'pejt a'riβa]
 b. pa un lado e pa outro [pɔɲ 'lað e pa 'owtro]
 c. bailando igual [baɲ'laɲd i'ʎwal]

Estas combinacións de vogais, nas que Regueira atopa o resultado de elisión, non parecen estar sometidas ao mesmo proceso no dialecto que estudei e que presentarei a continuación. Basicamente, a diferenza consiste en que na fala tratada por el [o] (en posición de V_1) se elide ante calquera vogal, tónica ou átona (coa única excepción de [e] átono, xa que nese caso é esta

vogal a que desaparece), mentres que no dialecto da Mariña esta vogal só se elide ante [o] e [u] átonos (igual que ocorría no dialecto descrito por López Castro).

Con todo, as diferenzas entre o estilo de fala estudado por Regueira (1989) e o estudado por min en Fernández Rei (2002) son substanciais: el toma os datos da fala espontánea, nunha variedade popular e nun rexistro máis ou menos coloquial, mentres que os meus exemplos proveñen de fala de laboratorio. Ademais, aínda que entre os seus informantes hai algún máis novo, a meirande parte deles supera os sesenta anos e non conta con estudos superiores, fronte ás miñas entrevistadas que teñen idades comprendidas entre os vinte e os trinta anos e posúen formación universitaria. Por tanto, é posible que non atopase elisións nalgunhas secuencias a causa do tipo de fala do que partín e poida que os resultados fosen diferentes se empregase fala espontánea e a idade das informantes fose máis avanzada. Así a todo, non me parece probable, dado o meu coñecemento do dialecto e dado que os resultados atopados por López Castro (1990) son semellantes aos meus, a pesar de que o estilo de fala do que parte e o tipo de informantes que emprega son similares aos que viamos en Regueira (1989).

3.3. Estudo prosódico do sandbi nun dialecto da Mariña luguesa

Acabo de repasar brevemente os exemplos que fornecían os traballos previos e que proviñan das ocorrencias atopadas en corpora libres (non deseñados especificamente para observar a resolución dos encontros vocálicos). No estudo que levei a cabo na tese (Fernández Rei 2002) partín dun tipo de corpus moi diferente: tratábase dun conxunto de enunciados deseñado especificamente para o estudo das resolucións dos encontros vocálicos co obxectivo de investigar como estas solucións se vían condicionadas por factores prosódicos.

Antes de comezar a exposición pormenorizada deste traballo, permítaseme facer un par de observacións xerais: todos os procesos de elisión vocálica que trato presentan resultados moi semellantes, isto é, aínda que as vogais afectadas sexan diferentes en cada caso, o seu comportamento segundo as distintas localizacións prosódicas é parello e non observei diferenzas substanciais entre uns e outros; no entanto, os resultados son diverxentes se as vogais implicadas son átonas ou algunha delas é tónica, polo que neste caso si deben tratarse por separado. Ata agora só fixen mención ao comportamento das vogais átonas e así farei no que segue, posto que, como xa mencionei anteriormente, os procesos en que se ve implicada unha vogal tónica presentan restricións de tipo rítmico ás que non podo atender neste momento polas razóns devanditas.

O obxectivo primeiro é formular unha regra que dea conta de todos os casos en que se produce elisión e que prediga todos aqueles en que non é posible. Hai que propoñer dúas regras, unha para a elisión da vogal en posición final de palabra e outra para a elisión cando está en posición inicial de palabra. Estas regras terían nunha primeira formulación esta forma:

(12) a. *Elisión de V_1 (opcional)*

$$V \rightarrow \emptyset / [\dots ______]_o [V \dots]_o$$

b. *Elisión de V_2 (opcional)*

$$V \rightarrow \emptyset / [\dots V]_o [______]_o$$

Hai que resaltar que en (12) non se explicitou a restrición que impide que a vogal obxectivo da elisión sexa tónica:

(13) a. Regaloulle un libro porque **le a** miúdo [ea] / *[a]

b. Regalaríalle un libro se lese *a* miúdo [a]

A partir dos resultados observados en traballos anteriores, así como da propia competencia lingüística, enuncié tres regras diferentes para cada unha das vogais que en galego aparecen en posición átona final de palabra: [e] elídese ante calquera vogal, [o] só ante vogais tamén recuadas e [a] ante vogais medias abertas, frontais ou recuadas. Despois, o traballo consistiu en comprobar o funcionamento destas regras nas distintas localizacións prosódicas, co fin de descubrir cales permitían a súa actuación e cales a bloqueaban. A hipótese da que partía era que esta regra operaría entre palabras, pero o límite entre frases de entoación bloquearía a súa actuación:

(14) a. *Elisión de V_1 (opcional)*

$$V \rightarrow \emptyset / [[\dots ______]_o [V \dots]_o]_l$$

b. *Elisión de V_2 (opcional)*

$$V \rightarrow \emptyset / [[\dots V]_o [______]_o]_l$$

Vexamos en (15) algúns exemplos de funcionamento da regra de elisión (en cursiva os encontros que se resolven con elisión e en negriña aqueles en que se mantén o hiato):

(15) a. Ese *armador* visita empresas no Brasil

b. Aquela rapaza *ecuatorial* ocultaba moitos datos

c. Esa *oficinista* cometía *omisións* graves

d. O coche *ocupou* a entrada

e. A rapaza *ecuatorial* *ocultaba* moitos datos

f. O xastre, *obrigado* por aquel home, *abriu* a caixa forte

A predición que facía a regra era que a elisión actuaría no seo dunha frase fonolóxica (15a), entre dúas frases fonolóxicas reestruturables (15b) e entre dúas frases fonolóxicas nas que non hai posibilidade de reestruturación (15c). No caso de (15d) e (15e) as vogais susceptibles de seren elididas aparecen entre suxeito e predicado, onde é moi frecuente a introdución dunha fronteira entre frases de entoación, de xeito que a posibilidade de que opere a regra depende da introdución dese límite: se a hipótese inicial é correcta, o proceso de elisión tería lugar só no caso de que non se inserise unha fronteira entre frases de entoación. A inserción deste límite prosódico maniféstase foneticamente a través dunha pausa, moi habitual nestes contextos, e/ou a través de marcas tonais, como os tons de fronteira: no gráfico 1 podemos ver como na realización de M hai unha continuidade na curva de frecuencia fundamental desde o comezo ata o final, mentres que en A hai un corte brusco na curva de entoación que se produce xustamente no límite entre suxeito e predicado.




Gráfico 1: *Aquele rapaza ecuatoriana ocultaba moitos datos*

Así pois, no gráfico 1 pódese comprobar, por unha parte, que hai evidencias entoacionais de que na realización de A se produce a reestruturación dunha frase de entoación en dúas máis pequenas, e, asemade, constátase que a elisión pode actuar no límite entre dúas frases de entoación, posto que tanto nunha coma noutra realización tivo lugar a elisión da vogal.

Por último, en (15f) temos dous exemplos de encontros vocálicos no límite entre frases de entoación, onde a priori non podería producirse a eli-

sión, aínda que apareceron bastantes exemplos en que si tiña lugar. Estes resultados, xunto cos obtidos nas fronteiras entre suxeito e predicado, leváronme a reformular a hipótese inicial, pois os datos non avalaban que a regra se bloquease na fronteira entre dúas frases de entoación. A solución máis inmediata é propoñer que o ámbito de actuación desta regra sexa o enunciado fonolóxico, o último constituínte da xerarquía. Así pois, en primeiro lugar hai que revisar o comportamento do proceso que nos ocupa na fronteira entre dous enunciados fonolóxicos, para así constatar que a elisión opera no seu seo, pero non no límite entre dous enunciados fonolóxicos diferentes:

- (16) a. Non tedes aceite. Oínte chegar
b. Compreivos catro. Oínte chegar

Efectivamente, os resultados corroboran que estaba no certo: o bloqueo da regra nos exemplos de (16) é total. Agora ben, débese ter en conta que os enunciados fonolóxicos son reestruturables baixo certas condicións:

Los EF adyacentes pueden unirse en un solo EF cuando se cumplen las condiciones pragmáticas y fonológicas básicas y cuando existe una relación sintáctica (elipsis, anáfora) y/o una relación semántica positiva (y, por tanto, porque) entre los EF en cuestión (Nespor / Vogel 1994: 282).

As condicións pragmáticas ás que se refiren son que as oracións sexan pronunciadas polo mesmo falante e que as dúas se dirixan ao mesmo ou mesmos interlocutores. En canto ás condicións fonolóxicas, esíxese que as dúas oracións sexan relativamente curtas e mais que non se insira unha pausa entre elas.

- (17) a. Non lle toque. **A**índa está quente
b. Non lle falaba. **O**diábao a morte

En (17) ofrécese un par de exemplos de enunciados fonolóxicos reestruturables, onde en principio podería producirse a elisión, posto as vogais, tras a actuación da regra, xa non se atopan no límite entre dous enunciados fonolóxicos senón entre dúas frases de entoación. No entanto, nestes casos as falantes non realizaban a elisión⁸. Isto colócanos ante unha situación contraditoria: ¿por que a elisión actúa no límite entre frases de entoación no seo dun enunciado fonolóxico, pero non se comporta do mesmo xeito se o

⁸ Unicamente unha das falantes, N, presentaba unha pequena porcentaxe de elisións neste contexto.

enunciado fonolóxico é reestruturado? A resposta ten que ver con que baixo a denominación de frase de entoación estamos a agrupar constituíntes fonolóxicos distintos: as frases de entoación que conforman o enunciado recollido en (15f) non son da mesma natureza que as acabo de comentar en (17). Como vimos en §2, a xerarquía prosódica non contempla a existencia de ningún constituínte entre a frase de entoación e o enunciado fonolóxico, pero o estudo doutras regras fonolóxicas posléxicas en diversas linguas (Frota 2000, por exemplo) demostraron a necesidade de solventar problemas semellantes ao que aquí estamos tratando e adoptaron unha solución proposta por Ladd (1996): recoñecer a existencia de unidades compostas, é dicir, unidades que teñen como constituíntes inmediatos unidades do seu mesmo tipo. Seguindo esta idea, a reanálise dos enunciados (15f) e (17) daría como resultado que no primeiro caso estaríamos ante unha frase de entoación composta ($I^{\max}$) pola súa vez por tres frases de entoación, mentres que no segundo caso estaríamos ante un enunciado fonolóxico constituído por dúas frases de entoación compostas⁹. Deste xeito, en (15f) a elisión opera porque o límite no que se atopan as vogais é de frase de entoación, mentres que en (17) o sandhi non actúa porque existe unha fronteira entre dúas frases de entoación compostas. En conclusión, a elisión pode traspasar o límite entre frases de entoación, pero non entre frases de entoación compostas. A regra de elisión vocálica quedaría definitivamente enunciada como se mostra en (18):

- (18) a. *Elisión de V_1 (opcional)*

$$V \rightarrow 0 / [\dots]_0 [V \dots]_1^{\max}$$
 b. *Elisión de V_2 (opcional)*

$$V \rightarrow 0 / [\dots V]_0 [\dots]_1^{\max}$$

Ata aquí, o desenvolvemento da explicación necesaria para a comprensión do funcionamento da regra de elisión e a xustificación de como se ve afectada por condicionantes prosódicos. Con todo, só vou utilizar unha parte desta información para a comparación desta e das outras variedades dialectais con outras variedades pertencentes a rexistros e estilos de lingua distintos. A razón é obvia: as conclusións tiradas en Fernández Rei (2002) proveñen dun estudo sistemático e deseñado a tal efecto, de xeito que se requiría un inxente traballo de análise doutros rexistros e estilos para que fo-

⁹ Vid. Fernández Rei (2002) para a xustificación máis detallada deste constituínte e das razóns polas que unha frase de entoación composta pode estar constituída mesmo por tres frases de entoación.

sen comparables en todos os aspectos alí investigados. Por tanto, voume limitar agora a extraer unha conclusión básica que me servirá para facer unha cala noutras variedades: a actuación da regra de elisión non parece ter ningún tipo de restrición cando actúa entre palabras fonolóxicas no seo da frase fonolóxica ou entre frases fonolóxicas.

3.4. *Variación diastrática e diafásica*

Comezaremos por observar o comportamento da elisión en distintos tipos de textos: dous textos cultos (fragmentos de dúas conferencias), dous textos dun locutor da TVG, un texto extraído dun telexornal da TVG no que aparecen varios locutores¹⁰ e dous textos narrativos da fala popular¹¹. Esta comparación levouse a cabo unicamente nesas localizacións prosódicas que se demostrou non impedían a actuación da regra de elisión. O obxectivo que se persegue é comprobar se a resolución de encontros vocálicos se comporta da mesma maneira nos textos populares de carácter coloquial ca no estándar, así como se a súa incidencia nos medios de comunicación oral é semellante á doutro tipo de textos cultos, que tamén poderían ser tomados como modelos orais de referencia. Tamén se tomarán en consideración os resultados de Fernández Rei (2002), aínda que non se poden considerar representativos da proporción na que este tipo de procesos se dan realmente na fala, porque foron obtidos en condicións de laboratorio e non a partir de fala real.

Coa salvidade xa exposta de que o tipo de corpus de Fernández Rei (2002) é de índole moi diferente, a elisión das vogais átonas en posición de V_1 ante vogais átonas¹² producíase alí de maneira xeneralizada tanto dentro das frases fonolóxicas como entre frases fonolóxicas: entre o 75-90%, dependendo das falantes¹³. No caso da elisión de eV_2 , tiña lugar de maneira xeneralizada no seo da frase fonolóxica (100%, tanto na simple coma na reestruturada) e descendía na fronteira entre dúas frases fonolóxicas para situarse entre o 75% e o 100%.

¹⁰ As transcripcións dos textos dos telexornais utilizadas son resultado do traballo realizado no proxecto de investigación Desenvolvemento dun sistema de transcrición automática de noticias, financiado polo Ministerio de Ciencia y Tecnología (TIC2000-1104-C02-02), pola Xunta de Galicia (PGIDT01PX132201PN) e pola Televisión de Galicia.

¹¹ Os textos das conferencias, así como os dunha das narracións populares son gravacións pertencentes ao Arquivo Dialectal da Lingua Galega do Instituto da Lingua Galega. A outra narración popular é unha gravación e transcripción recollida en Regueira (1989).

¹² Só efectúo a comparación da elisión de /e/, dado que son os exemplos máis numerosos, entre outras causas, porque se eliden ante calquera vogal.

¹³ Tiña un total de 1595 exemplos de vogais átonas en posición final ante vogais átonas, en distintos contextos prosódicos e realizados por cinco informantes distintas.

Se agora tomamos os datos extraídos dos textos antes mencionados, atopamos que o comportamento da elisión varía en función do estilo de fala do texto. Así, nos textos populares (19) parece haber unha clara tendencia a que actúe a elisión (100% dos exemplos, tanto no seo da frase fonolóxica coma entre frases fonolóxicas distintas), fronte aos textos procedentes dos medios de comunicación (20), onde vemos que a presenza deste proceso se reduce de maneira drástica: opera a elisión no 40% dos contextos posibles, aínda que é máis frecuente no seo da frase fonolóxica (48,57%) ca entre frases fonolóxicas (20%)¹⁴.

(19) Textos populares

- | | |
|--------------------------------|-----|
| a. torre d[e ɛ]rcules | [e] |
| b. e púxos[e ol] quilo de uvas | [o] |
| c. acercous[e aɪ] fonte | [a] |

(20) Textos dos telexornais

- | | |
|-------------------------------------|------|
| a. sufriu cortes d[e e]lectricidade | [e] |
| b. est[e a]mbicioso proxecto | [ea] |
| c. recomendoull[e aɪ] poboación | [a] |
| d. superárons[e oɪ]s cen litros | [eo] |

Tras unha primeira análise, advertín que existían comportamentos diverxentes entre os xornalistas, polo que efectuei unha segunda análise máis pomenorizada xebrando os datos dos distintos locutores. Así, identifiquei un dos locutores, fixen un estudo do funcionamento da elisión en varias das noticias que lía e descubrín unha notable diferenza na presenza da elisión neste locutor con respecto aos outros (66,66% no seo da frase fonolóxica e 33,33% entre frases fonolóxicas).

Entre un extremo e outro sitúanse os textos cultos e dun rexistro formal procedentes de conferencias (21), onde vemos que tamén hai unha incidencia importante do sandhi, aínda que non nunha proporción tan alta como a que se aparecía nos textos populares: 87,5% no seo da frase fonolóxica e 66,66% entre frases fonolóxicas.

- | | |
|---|-----|
| (21) a. entr[e a] grande catástrofe que supuxo... | [a] |
| b. de tanta frustración d[e i]deais | [i] |
| c. forma de ser e d[e e]star | [e] |
| d. está aí patent[e e] presente | [e] |

¹⁴ Esta menor incidencia da elisión podería interpretarse como consecuencia de se trataren de textos moi próximos á lectura. Con todo, os enunciados usados na miña tese tamén están lonxe de seren fala oral espontánea e porén as porcentaxes de elisión son moito maiores.

Non creo que destes datos se poidan tirar conclusións definitivas, pero si apuntan nunha determinada dirección: a actuación da regra de elisión parece verse condicionada pola variación diafásica e diastrática, en tanto que actúa en maior ou menor medida dependendo do rexistro e do nivel de lingua utilizados. Este distinto comportamento dos encontros vocálicos dependendo do estilo de fala usado xa fora sinalado en Regueira et alii (1998) no seu método para a práctica da pronuncia:

[As alteracións produto dos encontros vocálicos] dependen do ritmo de locución, do rexistro que se está a utilizar e de características individuais. Nun enunciado pronunciado cun ritmo rápido e nun rexistro coloquial producírase un número maior de contraccións e reducións vocálicas ca nunha locución lenta e nun discurso formal (Regueira et alii 1998: 33).

Con todo, Regueira e os seus colaboradores establecen unha relación entre ritmo rápido e rexistro coloquial, por un lado, e locución lenta e discurso formal, por outro lado, malia non seren factores necesariamente asociados. Non estudei nin comparei a velocidade de elocución nos distintos textos que usei neste traballo, así que non podo presentar datos que o demostren, pero si se percibe que non son os textos coloquiais nos que os informantes falan máis rápido, nin tampouco son os textos formais os que sistematicamente presentan unha menor velocidade de elocución.

3.5. O sandhi e o estándar

Ata aquí estiven a falar da descrición da elisión en distintos traballos dialectais e expuxen o aparello teórico necesario para a descrición da elisión e dos factores prosódicos que condicionan a súa actuación. Así mesmo, presenteí unha parte dos datos atopados en Fernández Rei (2002) e que me permitiron facer unha comparación entre variedades diastráticas e diafásicas distintas tendo en conta as distintas localizacións prosódicas. Agora ben, unha vez que se atoparon indicios da existencia dunha notable diferenza na incidencia da elisión nos distintos rexistros e niveis de fala, podemos discutir cal se considera que sería o comportamento correcto da resolución de encontros vocálicos na lingua estándar¹⁵.

¹⁵ Aquí estou a traballar unicamente coa elisión, pero isto mesmo se podería aplicar a outros fenómenos de sandhi como a coalescencia, que presentan un comportamento presumiblemente parello (vid. para a coalescencia Fernández Rei 2002).

Vimos que non todos os dialectos se comportan do mesmo xeito: lémbrese, por exemplo, que en Regueira (1989) se recollían certas solucións inexistentes en López Castro (1990) ou Fernández Rei (2002), nomeadamente a elisión de /o/ en posición átona final. Por conseguinte, en primeiro lugar habería que resolver a cuestión de que dialecto se toma como modelo, aqueles en que a vogal /o/ só se elide ante vogais recuadas arredondadas ou aqueloutro en que se elide ante calquera que sexa a vogal que apareza a continuación. Ademais, estes datos refírense só aos traballos que eu revisei, pero hai que ter en conta que existen e que se poderían aínda realizar outras descrições dialectais que poderían fornecer novos resultados e, en consecuencia, outras posibilidades nas resolucións dos encontros vocálicos.

Non hai moitos intentos de prescrición neste campo, pero xa mencionei anteriormente a gramática de Freixeiro Mato (1998), que representa unha desas poucas tentativas, e do que vou reproducir un fragmento no que se ofrecen unhas directrices claras sobre que crases, segundo a súa terminoloxía, se deben producir:

Nese modelo [fonético culto para a lingua oral] e só a modo de aproximación reflexiva, talvez houbese que consagrar entre os encontros vocálicos resoltos oralmente en crase só os dos clíticos en –e seguidos doutra vogal inicial de palabra (*de ouro, que eu, non me opoño, xa lle ouvín a voz*) e o encontro de vogais átonas homólogas (*colle estoutro, na aldea, dixo o neno*) (...).

En definitiva, a fonética culta do galego debe preservar a identidade da lingua, mais tamén a clareza e a comprensión. Así mesmo, debe ofrecer un modelo común onde todos se poidan sentir identificados, desbotando fenómenos non xeneralizados que poden desfigurar a necesaria identificación das unidades lingüísticas, e primando as realizacións plenas e máis propias dun rexistro formal e culto (Freixeiro Mato 1998: 216).

Estou de acordo con que as elisións en *de ouro* ou *de auga* poderían ser cualificadas como apropiadas para ese “modelo común onde todos se poidan sentir identificados”, porque é unha solución eu diría que xeral na lingua popular, aínda que podería poñer varios exemplos tirados dos textos cultos que analicei nos que tal elisión non se produce. Agora ben, non creo que poidamos meter no mesmo saco exemplos, que segundo as súas indicacións se comportarían igual, pero que como vemos en (22) non se ven afectados pola elisión nin por outro tipo de crase:

- | | |
|-----------------------------|------|
| (22) a. Dille qu[e a]bro eu | *[a] |
| b. Non m[e a]nda | *[a] |
| c. Non quere falarll[e o]xe | *[o] |

Xunto a isto, tamén podería sinalar exemplos de encontros vocálicos que se resolven de maneira xeral coa elisión e que aí non aparecen contemplados, como por exemplo a elisión de /e/ en posición de V_2 :

- | | |
|--|----------|
| (23) a. Ninguén est[la e]scatimand[o e]sforzos | [a], [o] |
| b. Aquí e[n Galicia] | [i] |
| c. (...) falaba dest[la e]mpresa dantesca | [a] |
| d. (...) que x[la e]mpezan a ouvea-los cas | [a] |
| e. (...) x[la e]staba sendo noite | [a] |

(23a-b) son dos medios de comunicación, (23c) dunha conferencia e (23d-e) dun texto popular.

En (22) danse restricións rítmicas, pois trátase en todos os casos de clíticos rematados en /e/ ante vogais tónicas, que ademais en (22b) e (22c) portan o acento do enunciado, e que dan lugar a un clash acentual que bloquea o sandhi. Así, o relevante non é que sexan clíticos, senón as condicións rítmicas que van propiciar ou, neste caso, impedir a elisión. Obsérvase que dos exemplos que proporciona Freixeiro Mato no texto antes reproducido só se produce a elisión ante vogal tónica no caso da preposición *de*, porque co resto dos clíticos todos os seus exemplos son ante vogal átona. Por tanto, á hora de elaborar unhas pautas para o uso da elisión ou doutros procesos de sandhi vocálico non hai que esquecer que o seu funcionamento está condicionado prosódica e ritmicamente (Fernández Rei 2002) e, daquela, cómpre facer referencia a isto e explicar os contextos nos que a podemos usar. Por outro lado, habería que ter máis datos sobre a súa incidencia nos textos de diferentes estilos para así podermos falar con certa rigorosidade de que procesos son certamente xeneralizados e cales son minoritarios ou particulares dunha determinada variedade.

Finalmente, outra cousa ben distinta é se estamos de acordo ou non coa afirmación deste autor de que no estándar se deben primar “as realizacións plenas e máis propias dun rexistro formal e culto”. Destas palabras infírese que a lingua estándar só posúe un rexistro, formal, e un nivel de lingua, culto, de maneira que non se recoñece ningunha variación no estándar. En consecuencia, cabe preguntarse se se utiliza o mesmo rexistro e o mesmo nivel de lingua dando un telexornal que retransmitindo un partido de fútbol, posto que, se esas dúas actuacións non son unha mesma variedade, deberíamos deducir que só é estándar a lingua usada no telexornal. Daquela, xurdiría a dúbida da etiqueta que deberíamos outorgarlle á variedade que emprega o locutor de deportes ou á que utilizan os personaxes de *Os luns ao sol* cando falan das súas cousas no bar. Eu considero que si existe a variación diafásica na lingua estándar e, por tanto, as diferentes variedades sinfásicas

presentan características propias, de xeito que, probablemente, nos rexistros máis coidados e cultos do estándar non poidan aparecer as elisións da maneira tan xeneralizada en que o fan na lingua popular, pero isto non quere dicir que noutras variedades do estándar máis coloquiais e próximas á fala real deban estar totalmente ausentes ou que se deban primar as realizacións plenas. En todo caso, non se debería perder de vista que non se está aquí dirimindo se un proceso fonolóxico debe ter presenza ou non no estándar, senón que o que parece estar en cuestión é a proporción en que debería aparecer, isto é, discútase sobre a cantidade de elisión que debería estar presente. Obviamente, non parece moi fácil facer unha prescrición neste sentido.

4. ENTOACIÓN

As regras fonolóxicas de sandhi vistas ata agora permítenme xustificar e explicar a estrutura prosódica, pero no estrato prosódico adóitase situar tamén a entoación e é este un aspecto de especial relevancia para o tema que hoxe trato. A pesar de que eu concibo a compoñente prosódica da linguaxe dun xeito en que a entoación é só unha das súas manifestacións, son consciente de que moita xente que se refire á prosodia dos locutores dos medios audiovisuais está a pensar basicamente na entoación. Por esta razón creo conveniente establecer a relación entre prosodia e entoación. Non é este un traballo doado e tampouco non hai entre os autores unha única postura ao respecto, de feito case nunca se trata de maneira explícita, nin nos traballos sobre a entoación, nin nos estudos dedicados á prosodia. Así a todo, a interrogante de cal é a relación entre entoación e prosodia xorde de inmediato, dado que hai unha unidade da xerarquía prosódica, a frase de entoación, definida en relación coa entoación:

La formulación de la regla de formación de E se basa en nociones de que la frase de entonación es el ámbito de un contorno de entonación y de que los finales de las frases de entonación coinciden con las posiciones en que se puede introducir pausas en una oración (Nespor / Vogel 1994: 218).

Esta formulación da frase de entoación fai que nos atopemos de maneira recorrente coas seguintes preguntas: ¿coinciden os límites entre as frases de entoación cos límites dos contornos de entoación? e ¿cales son os indicios tonais de que realmente estamos ante un ton de xuntura, un ton que sinala o comezo ou final dun contorno? Unha das posibles respostas é considerar as pausas como indicador inequívoco da existencia dun límite entre dúas frases

de entoación. Non obstante, é moi probable que se a pausa non vai acompañada doutras marcas tonais, non esteamos ante tal fronteira: pénsese, por exemplo, nunha elocución lenta na que se van inserindo pausas tras cada frase fonolóxica e mesmo tras cada palabra. A cuestión é saber se estamos no límite entre frases de entoación ou nos encontramos ante pausas no seo dunha frase de entoación: a resposta probablemente sexa que só estamos ante unha fronteira se as pausas van acompañadas doutras marcas tonais, como un ton de xuntura ou un alongamento da átona final (ou da tónica se a última palabra é aguda).

Neste momento non dispoño do tempo necesario nin tampouco podería sustentar con datos certas intuicións que teño sobre o tema, pero non quixera deixar de mencionar a relevancia que isto ten para a descrición das distintas variedades, nomeadamente o modelo empregado nos medios de comunicación: estou a pensar en como se organiza o texto en constituíntes prosódicos, como os enunciados fonolóxicos e as frases de entoación, e os eventos tonais a eles asociados; así mesmo, a relativa frecuencia con que nos medios se vulneran certas regras o que fai que non percibamos o cambio de tema pola entoación, senón polo contido da mensaxe.

Volvendo á definición de frase de entoación como unidade fonolóxica, ou prosódica se se quere, dicía que se trata do dominio sobre o que se estende un contorno de entoación. Así pois, aínda que as regras de proxección poñen de manifesto a interrelación existente entre prosodia e sintaxe, é na natureza da propia unidade onde reside a conexión entre prosodia e entoación. Agora ben, abordando esa cuestión desde o lado prosódico, haberá que indagar se se trata dunha relación biunívoca, é dicir, se a todo contorno de entoación lle corresponde unha frase de entoación e se a toda frase de entoación lle corresponde un contorno de entoación independente. Como é fácil de supoñer, as opinións entre os estudiosos son diverxentes, en parte porque con frecuencia se achegan ao problema do fraseo ou ben desde a perspectiva entoacional ou ben desde unha perspectiva exclusivamente prosódica. Sen me estender agora a explicar as diferentes posturas, si destacarei que Frota (2000) propugna unha visión integradora das orientacións entoacional e prosódica¹⁶ e concibe as propiedades entoacionais como unha clave máis, xunto cos fenómenos rítmicos, o sandhi e outros procesos morfofonolóxicos, para comprender a estrutura prosódica.

¹⁶ Representantes doutras posturas son, por exemplo, Hayes / Lahiri (1991), que defenden que a xerarquía prosódica organiza os dominios prosódicos que son ámbito de actuación das regras prosódicas e, asemade, dos eventos tonais; ou Dresher (1994), que sostén que os dominios relevantes para as regras fonolóxicas se organizan de maneira distinta aos dominios en que operan fenómenos duracionais como o alongamento ou sobre os que se estenden contornos de entoación.

In this attempt at an integrated approach, (...) prosodic structure is given a pivotal place in phonological structure (...), and sandhi processes, rhythmic, intonational and boundary strength phenomena are seen as possible ways in which prosodic structure manifest itself (Frota 2000: 14).

Deste xeito, unha vez que xa se situou a entoación na compoñente prosódica da linguaxe, pasarei agora a revisar o estado en que se atopan os estudos sobre este tema, cal é o nivel de desenvolvemento da descrición das distintas variedades e, finalmente, repararei nalgúns aspectos arredor do labor de prescrición neste terreo.

4.1. O estudo da entoación do galego

Existen poucos estudos dedicados á entoación do galego e só un par deles teñen carácter monográfico, pois a maioría son artigos publicados en revistas e, por conseguinte, de extensión limitada. Contamos cun par de artigos de Prieto (1972, 1986) que presentan unha achega fonolóxica á entoación: no primeiro caso propón os trazos distintivos dos contornos tonais en galego (un ton ascendente, [+Ps], para as interrogativas e un ton descendente, [-Ps], para as afirmativas); e o segundo artigo é de índole teórica e nel trata de demostrar que os nós das árbores prosódicas coinciden cos niveis e cos nós das árbores sintácticas, situándose pois dentro da corrente xenerativa máis tradicional. Porén, o traballo clásico no estudo da entoación do galego é, sen dúbida, o de Carril (1973), onde se fai unha caracterización dos distintos tipos de enunciados (afirmativos, interrogativos, exclamativos, imperativos e disxuntivos) mediante unha análise configuracional e de niveis, isto é, distínguense niveis de ton (/1 2 3/) e xunturas terminais (ascendente e descendente). Tamén nos anos setenta, aparece outra contribución importante, a de Porto (1977), que dedica un capítulo do seu libro sobre a fala da comarca ferrolá á entoación. En definitiva, agás neste último caso, no que se describe unha determinada variedade dialectal, no resto dos estudos faise referencia sempre á entoación DO galego, é dicir, hai implícita a idea de que existe unha entoación característica do galego común, e en ningún caso se menciona que a descrición estea baseada nunha determinada variedade. Isto é especialmente resaltable no traballo de Carril, pois é unha descrición que vai ter moita influencia nas que se realicen posteriormente¹⁷.

¹⁷ Só por citar un caso, é na que se basea Freixeiro Mato para facer a descrición da entoación que aparece na súa gramática e que, na mesma liña que Carril, fai referencia ao galego común, pois di poder “establecer diferentes modelos xerais de entoación en galego, sempre suxeitos a variacións polo contexto, por razóns individuais ou mesmo dialectais” (Freixeiro Mato 1998: 236).

Partindo destes antecedentes, no seo do laboratorio de fonética do Instituto da Lingua Galega, realizáronse na segunda metade dos 90 dúas memorias de licenciatura que tratan a entoación de xeito monográfico (Fernández Rei 1995 e Sobrino Pérez 1997¹⁸). Encádranse dentro do que Ladd (1996: 12) denomina “instrumental approach”, isto é, dentro dunha tradición fonética interesada basicamente na identificación dos índices acústicos da entoación en xeral e, nestes casos en particular, na descuberta dos índices acústicos das modalidades oracionais (enunciativas, interrogativas, imperativas...). Estes dous traballos teñen unha orientación moi semellante, aínda que difiren nalgúns aspectos metodolóxicos, como a selección dos informantes ou o mecanismo de obtención do corpus. Con todo, o máis relevante é que se trata de estudos de carácter fonético e de pretensións eminentemente descritivas, onde se presta atención principal á frecuencia fundamental, aínda que tamén se presentan datos sobre a duración. Así mesmo, os dous traballos céntranse unicamente nos enunciados producidos entre pausas, constituídos por un único grupo de entoación, e non abordan o fraseo entoacional, aínda que de maneira tanxencial tratan os enunciados constituídos por grupos de entoación menores. Así a todo, a diferenza fundamental entre ambos é, precisamente, o tratamento da variación e as intencións de describir un modelo común nun e noutro caso: o traballo de Sobrino Pérez é unha descrición dunha variedade dialectal, concretamente a do Baixo Miño, mentres que no caso da miña memoria de licenciatura tratábase de presentar patróns de entoación dos enunciados interrogativos que puidesen ser cualificados de comúns ás distintas variedades, ou se se quere, de patróns cos que os falantes se puidesen sentir identificados.

En Fernández Rei (1995) levei a cabo a elección de informantes que consideraba, a priori, representantes dunha entoación común e evitei seleccionar falantes procedentes de áreas dialectais que supoñía que presentarían unha entoación característica das interrogativas (do Baixo Miño, por exemplo, como despois se demostrou nos traballos de Sobrino Pérez 1997, 1999). Así mesmo, todos eles eran xente nova e con formación universitaria. Este traballo non tiña intención prescritora, pero si pretendía contribuír na medida das súas posibilidades, pois era un traballo de iniciación á investigación e, por conseguinte, con moitas limitacións, á definición dunha entoación que puidese ser recoñecida polos falantes como supradialectal, como estándar. De feito, foron moi poucas as diferenzas observadas entre os patróns de entoación dos informantes escollidos. Vexamos algún exemplo nos gráficos

¹⁸ Pódese acudir a un resumo publicado en Sobrino Pérez (1999).

2 e 3¹⁹, onde se representan os patróns asociados, en primeiro lugar, a un enunciado declarativo, e en segundo lugar á mesma secuencia nun enunciado interrogativo:




Gráfico 2: *Estivo chovendo toda a tarde*




Gráfico 3: *¿Estivo chovendo toda a tarde?*

Unha das limitacións do traballo derivase da carencia dun estudo de variación dialectal da entoación, de xeito que, ao estudar un só falante por punto, non sabía de certo se as diferenzas atopadas no comportamento dos informantes se debían a razóns idiolectais ou dialectais. Por esta razón é de

¹⁹ Só se representan os datos das vogais tónicas, pero tómanse tres medidas por vogal (no inicio, no medio e no final). O cero da escala (en hertzios) é a frecuencia fundamental media (calculouse unha para os homes e outra para as mulleres). Os dous gráficos recollen exemplos de informantes masculinos.

grande relevancia, e vai supor un pulo importante nos estudos da entoación, o proxecto que actualmente estamos poñendo en marcha na Universidade de Santiago de Compostela: o Atlas Multimedia da Prosodia do Espazo Románico (AMPER). É este un proxecto de ámbito europeo, no que se pretende describir a prosodia de todo o dominio románico, facendo unha pesquisa dialectal, na que se recollerá a entoación dos dialectos das distintas variedades romances. Será, por tanto, un paso fundamental na descrición da variación diatópica da entoación do galego, que como acabamos de ver non está moi desenvolvida.

Esta é, de maneira resumida, a situación dos estudos descritivos da entoación. Así, botamos en falta, por exemplo, traballos que se dediquen ao estudo da entoación dos medios de comunicación e que demostren ou boten por terra esa idea tan estendida, e á que fixemos referencia máis atrás, de que a entoación que os locutores presentan é unha copia da do castelán. Con todo, paréceme ese un estudo difícil de levar a cabo, pois se se intenta tomar, por unha parte, un texto dun telexornal galego e, por outra parte, dun telexornal español, atoparanse notables dificultades en tirar exemplos en que as entoacións sexan realmente comparables: teríanse que conseguir frases, en castelán e en galego, sen elementos focalizados, ou de habelos que se sitúen no mesmo lugar no enunciado e sexan do mesmo tipo para que non desvirtúen o conxunto da curva, de estrutura sintáctica semellante, de lonxitude parella, cun tipo de voz o máis semellante posible, etc.

Outra investigación de interese consistiría na comparación dos patróns de entoación que aparecen na fala popular no rexistro coloquial e dos que se utilizan nas dobraxes de películas ou nas series de produción propia da televisión nas que se producen intervencións ou diálogos nese mesmo rexistro. Sería interesante ver ata que punto se trasladan eses modelos populares a unha fala, que aínda que requira un rexistro coloquial, exerce, polo medio a través do que se difunde, a función de modelo de referencia.

5. DIFICULTADE PARA A CODIFICACIÓN DO ESTÁNDAR PROSÓDICO

A denominación de “estándar prosódico” encerra un paradoxo: por unha parte, todo o mundo reconece que se deben dar certas indicacións ou orientacións sobre a pronuncia axeitada no nivel prosódico, pero, por outra parte, creo que todos somos conscientes da inviabilidade de codificar un estándar prosódico. Con todo, habería que facer neste momento unha distinción entre a entoación e os fenómenos rítmicos, por un lado, e os procesos fonolóxicos que presentan condicionamentos prosódicos, polo outro. Estes últimos son, evidentemente, moito máis fáciles de codificar, porque se rexen por unha se-

rie de regras, aínda que é certo que presentan outro problema distinto, como o de tomar a decisión de que procesos deberían estar representados no estándar e cales non, así como o da proporción na que deberían aparecer.

Moitas veces falamos da depuración de modelos de entoación espúreos e todos parecemos coincidir na conveniencia deste tipo de accións, así como parece que sabemos moi ben a que nos estamos referindo e como se leva a cabo tal depuración. Con todo, se pasamos aos detalles e intentamos dar uns criterios concretos que axuden a determinar que modelos son espúreos e cales non, ou intentamos formalizar dalgunha maneira eses modelos correctos que deberían servir de referencia, as ideas parecen non estar xa tan claras e comezan a xurdir multitude de dificultades. Así mesmo, aínda supoñendo que fósemos quen de confeccionar eses criterios, cabería preguntarse cales serían os modelos alternativos non espúreos que propoñeríamos ou como se codificaría esta información (¿en forma de curvas de entoación?).

Por outra parte, non só se trata de desbotar realizacións entoativas que consideramos alleas ou pouco apropiadas, senón que hoxe en día existen ámbitos que reclaman solucións que van máis alá das listas do que é correcto e do que é incorrecto. As necesidades que aparecen nos medios de comunicación, por exemplo, non se resolven simplemente acudindo aos patróns ou modelos que atopamos na fala corrente ou popular: é un contexto distinto que require un modelo entoativo tamén distinto. Non quero dicir con isto que deba estar necesariamente afastado da realidade lingüística cotiá, nin moito menos que teña que ser unha copia do modelo doutra lingua (portugués ou castelán), pero si considero que non se pode levar a cabo un labor de prescrición de como debe ser, baseándose no coñecemento do comportamento da entoación na fala popular, porque eses modelos non son intercambiabiles. Creio que estamos ante un aspecto do estándar que se debe ir configurando co uso e que son os propios profesionais os que teñen a maior parte do traballo. Xunto aos profesionais deben estar os correctores lingüísticos, que neste caso deben facer máis ben o labor de correctores de estilo e, guiados pola súa competencia lingüística e polo sentido común, orientar aos locutores, actores, etc.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Booij, Geert (1996a): "Cliticization as prosodic integration: The case of Dutch", *The Linguistic Review* 13: 219-242.
- Carril, Ramón B. (1973): "Miscelánea. Notas de entonación gallega", *Revista de Filología Española* LVI: 95-101.

- Cruttenden, Alan (1986): *Intonation*, Cambridge University Press, Cambridge.
- Dogil, Grzegorz (1984): "Grammatical Prerequisites to the Analysis of Speech Style: Fast / Casual Speech", in Dafydd Gibbon / Helmut Richter (eds.): *Intonation, Accent and rhythm. Studies in discourse phonology*, Walter de Gruyter, Berlin, 91-119.
- Dresher, B. Elan (1994): "The prosodic basis of the Tiberian Hebrew system of accents", *Language* 70-1: 1-52.
- Fernández Rei, Elisa (1994): "Contribución ó estudio da entoación das cláusulas interrogativas (totais e parciais) en galego", in Fernández Salgado, Benigno (ed.) (1997): *Actas do IV Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos*, vol. I: 241-253, Oxford Centre for Galician Studies.
- Fernández Rei, Elisa (1995): *Aproximación á entoación dos enunciados interrogativos en galego. Estudio Acústico*, Memoria de Licenciatura, Universidade de Santiago (inédita).
- Fernández Rei, Elisa (2002): *Regras fonolóxicas posléxicas e regras precompiladas de alomorfia sintagmática: dominios prosódicos en galego*, Universidade de Santiago, Santiago.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (1998): *Gramática da Lingua Galega I. Fonética e Fonoloxía*, Edicións A Nosa Terra, Vigo.
- Frota, Sónia (2000): *Prosody and Focus in European Portuguese. Phonological Phrasing and Intonation*, Garland Publishing, Nova York / Londres.
- Frota, Sónia / Marina Vigário (2000): "Aspectos de prosódia comparada: ritmo e entoación no PE e no PB", in R. V. Castro / P. Barbosa (eds.): *Actas do XV Encontro da Associação Portuguesa de Lingüística*, APL, Coimbra, 533-555.
- Hall, T. Alan (1999): "Phonotactics and the prosodic structure of German function words", in T. Alan Hall / Ursula Kleinhez (eds.): *Studies on the Phonological Word*, John Benjamins, Amsterdam / Philadelphia, 99-131.
- Hayes, Bruce / Aditi Lahiri (1991): "Bengali Intonational Phonology", *Natural Language and Linguistic Theory* 9: 47-96.
- Ladd, D. R. (1996): *Intonational Phonology*, Cambridge University Press, Cambridge.
- López Castro, María Xosé (1990): *A fala de Sarria (Lier, Calvor, Castelo): estudo fonético e léxico*, Memoria de Licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela.
- Nespor, Marina (1987): "Vowel degemination and fast speech rules", *Phonology Yearbook* 4: 61-85.
- Nespor, Marina (1990): "Vowel deletion in Italian: the organization of the phonological component", *Linguistic Review* 7: 375-398.
- Nespor, Marina / Irene Vogel (1986): *Prosodic Phonology*, Foris Publications, Dordrecht. Citamos pola tradución española: *La Prosodia*, Visor, Madrid, 1994.

- Peperkamp, Sharon (1999): "Prosodic Words", *GLOT International* 4.4: 15-16.
- Porto Dapena, José Antonio (1977): *El gallego hablado en la comarca ferrolana*, Verba, anexo 9, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.
- Prieto Alonso, Domingo (1972): "Un sistema fonolóxico trinario do galego e unha teoría da entoación", *Grial* 38: 431-437.
- Prieto Alonso, Domingos (1986): "Sobre a intonação do galego", *O Ensino* 18/22: 199-206.
- Regueira Fernández, Xosé Luís (1989): *A fala do norte da Terra Chá. Estudio descriptivo*, Tese de Doutoramento, Universidade de Santiago (inédita).
- Regueira Fernández, Xosé Luís (1994a): "Modelos fonéticos e autenticidade lingüística", *Cadernos de Lingua* 10: 37-60.
- Regueira Fernández, Xosé Luís (1994b): "Elementos para a definición dun modelo fonético estándar da lingua galega", in Benigno Fernández Salgado (ed.) (1997): *Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos*, Oxford Centre for Galician Studies, vol 1: 179-194.
- Regueira Fernández, Xosé Luís (2001): "Acerca de la estructura prosódica del texto: final de enunciado en gallego", in Jesús Díaz García (ed.) (2002): *Actas del II Congreso de Fonética Experimental*, 301-306, Universidad de Sevilla.
- Regueira Fernández, Xosé Luís (coord.) (1998): *Os sons da lingua*, Edicións Xerais, Vigo.
- Selkirk, Elisabeth O. (1996): "The prosodic structure of function words", in James L. Morgan / Katherine Demuth (eds.): *Signal to Syntax. Bootstrapping from Speech to Grammar in Early Acquisition*, Lawrence Erlbaum Associates, Mahwah, NJ, 187-213.
- Sobrinho Pérez, María dos Anxos (1997): *A entoación do galego do Baixo Miño. Aproximación descriptiva*, Memoria de Licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela.
- Sobrinho Pérez, María dos Anxos (1999): "A entoación do galego do Baixo Miño. Aproximación descriptiva", *Cadernos de Lingua* 20: 97-125.
- Sosa, Juan Manuel (1999): *La entonación del español. Su estructura fónica, variabilidad y dialectología*, Cátedra, Madrid.
- Vigário, Marina (1999b): "On the prosodic Status of Stressless Function Words in European Portuguese", in T. Alan Hall / Ursula Kleinhenz (eds.): *Studies on the Phonological Word*, John Benjamins, Amsterdam / Philadelphia, 254-294.

MAIÚSCULAS E MINÚSCULAS: CRITERIOS DE USO

Concepción Diéguez Diéguez
Soraya Domínguez Portela
Belén López Gómez
Fátima Rodríguez Ruibal

Instituto da Lingua Galega (USC)

INTRODUCCIÓN

A complexidade do uso da maiúscula nace a partir da dificultade de lin-
dar o que se entende por nome propio. Por iso comezamos vendo como se
define nalgúns dicionarios a etiqueta *nome propio*:

Termo que serve para designar de maneira individual un ser ou unha cousa
dentro da súa especie. Obs. En gramática chámasele nome propio. *Creo que o seu*
nome era Antón. (DRAG97)

O que se lle dá a unha persoa, animal ou cousa para individualizala dentro
das da mesma clase. (GDXL)

Substantivo que designa um indivíduo de uma classe ou categoria. [Em portu-
guês normalmente se escreve com inicial maiúscula por oposição a nome comum]
(Houaiss)

El que se aplica a una cosa determinada para distinguirla de las demás de su
especie. Se escribe siempre con letra mayúscula. En realidad, son nombres pro-
pios todas las expresiones que constituyen denominaciones y títulos particulares
de las cosas, pero solo se llaman así cuando constan de una sola palabra o de va-
rias que no forman frase completa. (Moliner)

Como se pode ver, en todas estas definicións non se recolle a complexi-
dade que inclúe a etiqueta nome propio. Talvez non sexan os dicionarios a
ferramenta idónea para resolver esa dificultade de definición; por iso acudi-
mos a obras especializadas. Segundo a bibliografía consultada (véxase bi-
bliografía), os trazos que comunmente se empregan para delimita-la catego-
ría de nome propio son:

- trazos morfosintácticos
 - ausencia de artigo ou modificador
 - número singular
- trazos semánticos
 - referencia singularizada
- trazos ortográficos
 - uso da maiúscula

Mais estes parámetros non son totalmente válidos.

En galego é posible o uso de determinante co nome propio sen que este lexicalice necesariamente –por exemplo, *Veu a María*. Así, segundo María Moliner, “El artículo es una palabra cuyo papel exclusivo es el de acompañante del nombre, y a todos los nombres se les puede aplicar.”

O número plural ou os modificadores tampouco carretan de seu a lexicalización do nome propio –*Administración local*, *Vinde tódolos Alonsos*.

A respecto do significado da unidade léxica, será o coñecemento enciclopédico do usuario o que vai determinar en moitos casos que o falante considere unha realidade como propia ou común. Isto explica que a consideración dun apelido como nome propio é menos dubidosa cá dun nome de entidade.

O punto máis conflitivo de entre os tres tipos de trazos é o ortográfico. Presupor que a diferenciación nominal implica o recoñecemento do principio ortográfico e que, á vez, a convención ortográfica presupón a diferenciación nominal é unha evidente contradición; amais de que non en tódolos casos en que se emprega unha maiúscula hai realmente un nome propio (por exemplo: a función demarcativa da maiúscula).

Isto é, estes trazos non son tallantemente válidos, nin tampouco completamente inválidos. O seu cumprimento é gradativo; non están presentes do mesmo xeito en tódolos tipos de nome propio.

Se non contamos con características lingüísticas suficientes que definan o nome propio como tal, debemos buscar apoio noutro nivel da lingua. Este é o social.

O nome propio é unha especie de etiqueta posta polo sentimento lingüístico contemporáneo. Isto é, por motivos sociais, relixiosos, xurídicos, etc. dáselle unha particular adherencia ó ente que designa. Polo tanto, que un nome sexa concibido como propio ou como común nun sistema lingüístico será, en gran medida, froito da súa consideración nun determinado grupo social. Un exemplo disto é o paso a nome común dos usos lexicalizados de denominacións singulares.

Nós facemos así unha proposta para a comunidade galega contemporánea.

METODOLOXÍA DE TRABALLO

Para entender mellor a metodoloxía que seguimos, debemos primeiro explicita-las intencións que nos moveron.

A primeira foi razoar e aprofundar sobre unha cuestión apenas tratada con rigor en ningunha lingua. Nas gramáticas –na maioría das linguas–, o nome propio en xeral e o uso da maiúscula en particular conta cun espazo moi reducido. A isto hai que engadirlle que o máis común nas diferentes propostas é baseárense na *tradición de uso*, mais do que nun emprego razoado doutra marca tipográfica.

Outro punto que pode demostra-la falla de visión global da cuestión das maiúsculas é o feito de os diferentes manuais estilísticos faceren fincapé en determinadas categorías, segundo as preferencias ou necesidades de grupos socioprofesionais concretos, sen procurar unha visión do conxunto.

A segunda intención –ou a grande intención– que nos moveu foi facer unha proposta de uso da maiúscula para o galego. Esta debería ter en conta a maior cantidade posible do material anterior que versa sobre a cuestión.

Para ter esa visión acertada de como fora tratado o uso da maiúscula non só no galego senón tamén noutras linguas, e poder aproveitar todo o feito ata o de agora, elaboramos un repertorio bibliográfico de manuais. A partir del creámo-lo noso corpus de traballo.

Os primeiros que atendemos foron os manuais galegos. Pensamos que foron recollidos os títulos máis representativos ou empregados nos diferentes campos, sen ter en conta a súa escolla de norma.

Aínda sendo tamén galegos –e en galego–, consideramos que os manuais escolares debían ser estudados á parte polo interese potencial que se lle supón ó tratamento desta cuestión no sistema educativo.

Finalmente seleccionamos diferentes manuais doutras linguas. Interesábanos observa-lo estado desta problemática e o seu tratamento noutros ámbitos lingüísticos. Ademais permitíronnos amplia-la casuística. As linguas escollidas foron o portugués, o español, o catalán, o francés e o inglés.

O portugués é o código máis próximo ó noso e consideramos que sempre debe ser un referente da nosa norma escrita. Por iso entraron varios manuais desta lingua no noso corpus.

Non admite discusión que o español funciona para a maioría da poboación como referente do código escrito, froito do conflito lingüístico do noso país. Por iso non ter en conta esta lingua sería enganarnos e saca-lo galego da súa situación real do día a día. Amais tamén debemos advertir que en moitos dos casos en que se emprega o criterio de *tradición de uso* para optar por determinado tipo de grafía nalgúns manuais, realmente o que hai é unha traslación dos costumes da escrita española para a galega.

A coincidencia, en grandes trazos, da problemática lingüística nos espazos catalán e galego, levounos a ter en conta tamén os manuais referentes da lingua catalana.

Vivimos nun mundo globalizado onde unhas cantas linguas e as súas comunidades establecen, entre outras cousas, os costumes lingüísticos do resto. O francés e o inglés son as máis importantes a este respecto. Esta foi a razón pola que tivemos en conta manuais destes dous idiomas.

Unha vez que tiñamos establecido o corpus bibliográfico comezou o noso traballo. O primeiro foi a creación dunha base de datos coa información que baleiramos dos manuais escollidos. O resultado é unha recompilación de, aproximadamente, 3000 rexistros. Estes rexistros non só están formados a partir das categorías tratadas nos diferentes manuais. Tamén se extraeu información dos exemplos presentados –non sempre en liña coa categoría en que os incluían.

Cada autor utilizaba unha nomenclatura propia e atopámonos con que exemplos idénticos eran denominados de forma distinta. Isto é, debiamos harmonizar os nosos criterios de clasificación. Esta listaxe de categorías foi sufrindo modificacións constantes polas novas necesidades que se nos presentaban con cada un dos manuais.

Unha vez harmonizados tódolos rexistros, comezou a fase de contraste das diferentes propostas. Aquí atopamos que:

- Hai posturas diferentes nunha mesma casuística.
- En moitos casos o linde entre o uso da maiúscula e da minúscula é posto en diferente altura segundo o manual.
- A falla de razoamento das escollas, xunto co peso da *tradición de uso*, son dous dos grandes problemas da maioría das propostas.
- A copia inter e intralingüística é unha constante nos manuais de todas as linguas. Acontece isto cos exemplos, cos criterios etc.

Foi fundamental ademais para nós a consulta con especialistas –e manuais especializados– dos dominios de saber máis alleos ó noso coñecemento.

O seguinte paso foi a configuración das propostas propias. Estas debían cubrir unha serie de requisitos. Terían que ser razoadas e coherentes entre elas. Para isto cada unha das escollas debe apoiarse en razóns argumentadas e non en impresións dos usuarios ou en *tradicións de uso*. Ademais dentro dunha mesma categoría non debe haber excepcións se non hai tamén mudanza da súa natureza.

Por último, pareceunos moi importante incluír un bo número de exemplos, (estes serán representantes do que formulamos) e tamén tocar aqueles casos máis conflitivos.

CORPO DA PROPOSTA

En primeiro lugar, dicir que optamos polo ordenamento alfabético das categorías por se-lo que máis facilidades, consideramos, lle dá ó usuario. O conxunto de categorías que imos tratar son:

1. Abreviatura
2. Accidente xeográfico, categorización de lugar (división administrativa, lugar público, vía, edificios ou monumentos, dependencias de edificios)
3. Acontecementos e datas históricas
4. Acrónimo
5. Altos conceptos
6. Apelido
7. Atributos divinos
8. Celebracións
9. Colectivo
10. Cosmónimos
11. Datación
12. Documentación oficial
13. Documentos acreditativos
14. Ensino
15. Entidade e/ou organismo
16. Enumeración
17. Época, período, idade ou era
18. Estilo epistolar
19. Fenómenos atmosféricos
20. Función demarcativa
21. Marca comercial
22. Movemento
23. Nome de persoa
24. Nome étnico
25. Nome singularizado
26. Notas musicais
27. Numeración
28. Premios ou condecoracións honoríficas
29. Profesión
30. Pseudónimos, nomes artísticos
31. Puntos cardinais
32. Sigla
33. Signos do zodíaco
34. Símbolos non científicos
35. Sobrenome, alcume

- 36. Sobrenome descritivo
- 37. Termos científicos
- 38. Termos informáticos
- 39. Textos
- 40. Títulos
- 41. Topónimos
- 42. Tratamento

Outro aspecto que merece explicación é a estruturación de cada unha das categorías.

Presentamos toda a casuística dunha mesma categoría baixo o epígrafe que lle corresponda. Polo tanto, se unha mesma categoría presenta varias situacións posibles –subcategoría 1 ou inclusive subcategoría 2–, todas aparecerán baixo a entrada correspondente pero en cadros diferentes.

Os campos que pode atopar en cada cadro son:

- subcategoría 1: aquelas casuísticas que diferenciamos dentro dunha categoría determinada.
- subcategoría 2: aquelas casuísticas que diferenciamos dentro dunha subcategoría 1 determinada.
- comentario de uso: todos aqueles comentarios sobre o tipo de etiqueta coa que estamos a traballar, sobre a súa natureza gráfica, sobre a xustificación da nosa escolla gráfica, etc. que tiñámo-la necesidade de precisar, incluímos neste campo.
- comentario tipográfico: moitas veces alén de indica-la escolla pola maiúscula ou minúscula, precisamos engadir máis información. Por exemplo, naqueles nomes propios formados por varias palabras precisaremos se todas, se só a primeira ou só as palabras con carga semántica van en maiúscula.
- tipo de letra: aquí presentámo-la nosa escolla entre a maiúscula ou a minúscula en cada un dos casos.
- exemplo: moitas veces serán os exemplos os que mellor lles farán entender ós usuarios a que nos estamos a referir en cada cadro.

Aqueles campos que non foron necesarios en determinados cadros, eliminámoslos. De modo que son poucos os casos en que están todos.

Unha vez especificadas estas cuestións, presentamos xa o corpo da nosa proposta.

1. Abreviatura

comentario de uso	As convencións de uso serán as que determinen que a abreviatura vaia toda en maiúscula (S.A.), só a primeira letra en maiúscula (Sr.) ou en minúscula (deleg. por delegación). Véxase nas restantes categorías o tratamento das súas abreviaturas.
tipo de letra	maiúscula/minúscula

2. Accidente xeográfico, categorización de lugar (división administrativa, lugar público, vía, edificios ou monumentos, dependencias de edificios)

subcategoría 1	formando parte do nome propio ou topónimo; nome reducido
comentario de uso	As designacións de accidentes xeográficos son todas elas substantivos comúns mais naqueles casos en que se inclúen na designación oficial dun topónimo pasan, pois, a ser propios. A este último caso referímonos coa etiqueta “formando parte do nome propio”. No caso dos topónimos galegos, o uso da maiúscula ou da minúscula nestes casos dependerá da forma oficial establecida pola Comisión de Toponimia. Aqueles casos en que no nome oficial dun lugar atopamos un accidente xeográfico ou unha categorización de lugar que perdeu o seu significado primeiro é, con toda seguridade, parte do nome oficial (Illa de Arousa -designa un concello; A Ponte da Rocha (lugar)).
tipo de letra	maiúscula
exemplo	A Illa de Ons (parroquia), Vila de Cruces (concello), Cabo Verde (país), Estreito de Xibraltar (Estreito), Península Ibérica (Península), Barrio Chino Fontes Rosas (lugar), Parque de Castrelos, Campos Eliseos Rúa Nova, Gran Vía, Autoestrada do Atlántico, Vía Rápida do Salnés Casa da Xuventude, Casa Branca, Torre de Hércules (Torre), Pazo de Xelmírez, Muralla de Lugo Aula Castelao
subcategoría 1	non formando parte do nome propio ou topónimo; sentido xenérico
tipo de letra	minúscula
exemplo	río Miño (Miño), océano Atlántico (Atlántico), monte Aloia (Aloia), a illa de Ons ('illa'), a vila de Noia a península do Barbanza navegar polo ancho océano provincia da Coruña, comarca do Salnés, partido xudicial de Caldas a extensión do concello de Moraña

	praza de Galicia, paseo da Ferradura, rúa do Franco, avenida de Castelo casa do Rueiro, edificio de Correos, casa consistorial, mosteiro de Oseira, castelo de Monterreal a aula grande, sala de reunións, campamento de Furelos onte foron ó centro comercial
--	--

3. Acontecementos e datas históricas

comentario de uso	Nesta categoría incluímos acontecementos con destaque ou puntuais no transcurso da historia que contan cunha designación particular establecida polo uso. Isto explica que “o afundimento do Prestige”, aínda sendo un acontecemento histórico, non se escriba con maiúsculas. O mesmo trato teñen as datas de acontecementos históricos con relevo, sen seren celebracións (o Vintecincos de Xullo de 813: o día da Invención do Sepulcro do apóstolo Santiago). Un modelo máis recente de nomea-las datas relevantes é o do tipo 23F. Esta é unha importación anglosaxona pero aceptada polo seu estendido uso.
comentario tipográfico	tódolos substantivos e adxectivos
tipo de letra	maiúscula
exemplo	Segunda Guerra Mundial, Guerra Civil, Primeira Guerra Irmandiña, Revolución Francesa, Revolución Rusa, Revolución de Outubro, Revolución Cubana, Revolta dos Irmandiños, a Marcha Verde, a Primavera de Praga, Queda do Imperio Romano, Revolución Industrial, Reforma Católica, o Descubrimento do Brasil, os Fusilamentos de Carral, Conferencia de Desarme, Conferencia de Kyoto

4. Acrónimo

subcategoría 1	nome propio
subcategoría 2	empresa, proxecto, produto comercial
comentario de uso	Acrónimo: unidade léxica produto da combinación de sílabas de diferentes palabras. Algúns autores fan unha distinción no modo de escribi-los acrónimos segundo o número de letras que os formen. Nós non seguimos este criterio.
comentario tipográfico	só a letra inicial
tipo de letra	maiúscula
exemplo	Renfe, Fenosa, Termigal

subcategoría 1	lexicalizado
comentario de uso	Lexicalizado: considerado como unha palabra común no noso corpus léxico de exclusión.
tipo de letra	minúscula
exemplo	radar, kolkhoz

5. Altos conceptos

subcategoría 1	en sentido xeral ou singularizados
comentario de uso	Entendemos por “altos conceptos” realidades político-nacionais, culturais ou relixiosas e valores sociais que poden estar empregados co seu valor común ou individualizados nun contexto onde se procura o seu destaque. Todos eles escribíranse con minúscula ó seren substantivos comúns. A singularización destes conceptos non é outro valor semántico da palabra, senón un valor pragmático que posúe en determinadas situacións comunicativas. Algúns autores consideran que as linguas, en determinados casos, merecen un trato de destaque que, por suposto, marcan con maiúscula. Parécenos un uso non válido xa que en tódolos casos é un substantivo común. Tampouco é válido destacar coa maiúscula as letras, palabras, etc. cando se refiren á unidade lingüística en si. Para este fin hai moitos outros medios tipográficos (a negra, a versal, a curva, un tipo de letra máis grande, etc.). Os nomes dos diferentes tipos de letra de imprenta escribíranse tamén en minúscula xa que son substantivos comúns, aínda que se creen a partir de nomes propios (nome do creador, homenaxe a edificios...).
tipo de letra	minúscula
exemplo	igreja, nación, patria, pobo, igualdade, xustiza, neutralidade, amor, poder, fraternidade, virtude, fe, paraíso, inferno, ceo, paz, a lei, liberdade, a liberdade de expresión iso é obxecto da moral; a túa casa é un inferno; os tres poderes do estado democrático; gástase moito diñeiro do orzamento da nación; vive envelenando a nosa patria; ¿e onde se coloca a ética no noso intento de comprende-la moral?; o amor é o que todos procuran a lingua, o galego hai cinco palabras no texto que levan <r> baskerville, caslon, garamond, bodoni, bembo, times

6. *Apelido*

subcategoría 1	tanto aparecendo só, coma precedido de determinadas partículas (prefixos ou preposicións) ou especificado con modificadores
comentario de uso	Os apelidos ó indicaren familia poden aparecer con forma singular ou plural (mais sempre con artigo en plural); o plural tamén pode indicar un conxunto de persoas que comparten apelido sen seren, necesariamente, familiares. Este último valor non se dá con aqueles apelidos que designan dinastías ou liñaxes únicas. As partículas (artigos, preposicións, adxectivos, frases nominais) que acompañan os apelidos, mais sen formar parte deles, escribíense en minúscula (o Cunqueiro xornalista).
tipo de letra	maiúscula
exemplo	Miguéns, Couso é pro-Beiras o Curros dos 60 é Celso Emilio Ferreiro; está a traballar sobre o Cunqueiro xornalista os Alonso(s) son moi simpáticos; vinde tódolos Alonso(s) (os alumnos que se apelidan Alonso) para diante; os Borbón(s) recuperaron a monarquía
subcategoría 1	con preposición ou/e artigo
subcategoría 2	precedido de nome de persoa
tipo de letra	minúscula
exemplo	el é Manuel do Castro
subcategoría 1	con preposición ou/e artigo
subcategoría 2	non precedido de nome de persoa
comentario de uso	Apostamos pola maiúscula na preposición e/ou artigo para evita-la confusión a respecto dos límites do apelido (estas partículas sen carga semántica forman parte do apelido, non só o acompañan).
tipo de letra	maiúscula
exemplo	ese artigo que tanto che gustou escribiuno Do Castro
subcategoría 1	lexicalizado ou convertido en adxectivo
tipo de letra	minúscula
exemplo	a colección conta con trinta picasos por fin un shakespeare ben interpretado; este é o único mozart que aínda non escoitara mercou un quinqué unha visión castrista é o que nos debe mover

7. Atributos divinos

subcategoría 1	nomes de deuses, de seres mitolóxicos e denominacións correferentes (advocacións da Virxe, de Deus, de Xesús ou outras realidades singulares relixiosas)
comentario de uso	Advocación: título complementario que se engade ó nome da Virxe, etc. As denominacións correferentes das divindades escribíranse en maiúscula cando funcionan como substantivos e non como adxectivos (p. ex.: o Creador, o Todopoderoso pero o Deus todopoderoso).
comentario tipográfico	tódolos substantivos e adxectivos
tipo de letra	maiúscula
exemplo	Alá, Iavé, Deus, Xeová, Minerva, Ra, Buda, Medusa, Amazonas, Diana, Demo, Virxe (pero: Guadalupe é unha virxe negra), nosa señora do Carme, Guadalupe, Rocío, o Pai, Cristo, o Mestre, o Cordeiro, o Anticristo, o Espírito Santo, Santísima Trindade, Todopoderoso, Creador
subcategoría 1	deus e nomes de seres mitolóxicos
subcategoría 2	sentido xenérico, lexicalizado
comentario de uso	Configuramos unhas normas de uso da maiúscula con visión global. Por iso, se nas obras relixiosas os autores consideran, polas súas crenzas, adecuado pór con maiúscula estes nomes ó considerárenos sempre como referencias singulares, nós, sen recomendalo, tampouco penalizaríamos esa escolla.
tipo de letra	minúscula
exemplo	o meu deus é Xeová; é unha venus; as amazonas; as ninfas do río; estes rapaces son uns anxos
categoría	atributos divinos
subcategoría 1	aparecendo con outros elementos
subcategoría 2	formando unidade semántica
comentario de uso	acostuman aparecer separados por trazo
tipo de letra	minúscula
exemplo	os sen-deus

8. Celebracións

subcategoría 1	cívís, relixiosas, tradicionais, deportivas
subcategoría 2	formalmente constituídas ou con referencia temporal concreta
comentario de uso	Os actos dentro das celebracións non teñen a mesma consideración cás propias celebracións, isto é, son substantivos comúns (a ofrenda ó Apóstolo). As celebracións que non son propias dunha época ou momento do ano particular escribíranse en minúscula (foliada).

comentario tipográfico	tódolos substantivos e adxectivos
tipo de letra	maiúscula
exemplo	Día da Patria (Galega), Día das Letras Galegas, Feira Franca de Pontevedra, Día do Paí, Día Mundial do Libro, Primeiro de Maio Nadal, Pascua, Ramadán, Saturnais, Corpus, Venres Santo, Semana Santa, Anunciación Carnaval, Entroido, (noite de) san Xoán, Aninovo, os Maíos Mundial de Atletismo, Liga de Campións
subcategoría 1	cívís, relixiosas, tradicionais, deportivas
subcategoría 2	sentido xenérico
comentario de uso	As celebracións que non son propias dunha época ou momento do ano particular.
tipo de letra	minúscula
exemplo	foliada, romaría
subcategoría 1	actividades puntuais instituídas de xeito oficial
comentario de uso	Por seren actividades puntuais deben te-lo mesmo tratamento cás actividades educativas (seminarios, congresos, encontros...) non incluídas nos ciclos de estudo
comentario tipográfico	tódolos substantivos e adxectivos
tipo de letra	maiúscula
exemplo	Xacobeo 93 II Congreso do Partido Liberal V Mostra de Encaixe de Camariñas

9. Colectivo

subcategoría 1	deportivo, político, relixioso, xeracional, sindical
subcategoría 2	formalmente constituído, nome reducido
comentario de uso	Non considerámo-los colectivos sociais formalmente constituídos porque estes encaixámoslos nas “entidades e/ou organismos: asociacións e agrupacións”.
comentario tipográfico	tódolos substantivos e adxectivos
tipo de letra	maiúscula
exemplo	Deportivo da Coruña (Deportivo) Bloque Nacionalista Galego (Bloque); Grupo Parlamentario Mixto; ETA Político-Militar Orde de san Francisco, Orde do Temple, Irmáns das Escolas Cristiás Xeración Nós (Nós), Grupo Galaxia Confederación Intersindical Galega

subcategoría 1	deportivo, político, relixioso, social, sindical
subcategoría 2	sentido xenérico, sinónimo
tipo de letra	minúscula
exemplo	club deportivo o noso grupo parlamentario (Grupo Parlamentario Mixto); o partido (PSOE); o equipo de goberno (por Xunta Directiva) católicos, protestantes, luteranos, un convento dos dominicanos, os franciscanos os ecoloxistas, os pacifistas, as feministas, os nacionalistas, o proletariado, os racistas apuntouse nun sindicato; foi ó sindicato onte

10. *Cosmónimos*

subcategoría 1	astros, planetas, satélites, cometas, estrelas, constelacións, galaxias, nebulosas, estacións orbitais, zonas do universo
subcategoría 2	nome astronómico
comentario de uso	Tanto a nomenclatura astronómica coma a tradicional galega escribíranse con maiúscula.
comentario tipográfico	tódolos substantivos e adxectivos
tipo de letra	maiúscula
exemplo	Terra, Venus, Marte, Xúpiter a Terra está constituída por tres partes (pero: esta é a nosa terra; esta terra é moi fértil); Lúa (pero: esta noite a lúa está moi bonita; noite de lúa chea; estar de lúa) Halley; Estrela Polar Luceiro da Alba, Sol (pero: tomou o sol; ía moito sol), Orión ou o Arado, Pléiades ou Setestrela Vía Láctea, o Camiño de santo Andrés
subcategoría 1	tipos de astros
comentario de uso	Aquelas denominacións que fan referencia a tipos de astros serán escritas en minúscula por seren substantivos comúns.
tipo de letra	minúscula
exemplo	estrela de neutróns/binaria/dobre
subcategoría 1	terra, sol, lúa
subcategoría 2	non referidos ós corpos astronómicos ou en sentido xenérico
tipo de letra	minúscula
exemplo	esta é a nosa terra; esta terra é moi fértil; esta noite a lúa está moi bonita; noite de lúa chea; estar de lúa; tomou o sol; ía moito sol

11. *Datación*

subcategoría 1	estacións do ano, meses, días da semana, anos e ciclos
comentario de uso	Esta escolla é compartida por tódalas linguas tratadas fóra do portugués continental e o inglés. As formas tradicionais dos meses, aínda de derivar de nomes propios, sufriron un proceso de lexicalización que inxustifica a maiúscula. O mesmo acontece con outras nomenclaturas como son o calendario francés republicano ou o árabe. De entender por ciclo 'serie dun número determinado de anos que se renova incesantemente ó termo de cada unha delas', débese considerar só un tipo de datación e, polo tanto, un nome común.
tipo de letra	minúscula
exemplo	inverno, primavera novembro, mes de santos, decembro, nadal, ramadán, brumario mércores, corta feira, xoves, quinta feira ano do coello, ano santo ciclo da indicción

12. *Documentación oficial*

subcategoría 1	con entidade propia
subcategoría 2	nome completo ou reducido
comentario de uso	Incluínos baixo a etiqueta de "documentación oficial": decretos, leis (decreto lei), ordes, tramitacións, fondos, impostos, tratados...
comentario tipográfico	só a letra inicial
tipo de letra	maiúscula
exemplo	Imposto sobre a renda das persoas físicas; Real decreto lei...; Lei de normalización lingüística; a Orde do 10 de agosto de 1990 sobre as axudas ó sector cárnico; Estatuto de autonomía; Tratado de Roma; Proxecto de lei de reforma do Código penal; Código civil; a Iniciativa lexislativa popular a prol da reciclaxe; Fondo europeo para o desenvolvemento rexional; Proposición non de lei...; Informe da Comisión de Saúde; Carta europea das linguas rexionais e minorizadas
subcategoría 1	sentido xenérico ou sinónimo
tipo de letra	minúscula
exemplo	os estatutos da universidade; moción de censura; os proxectos de lei do Goberno; esta lei; resolución; orde; orde do día; bando; circular; o motu propio Ministeria quedam (15 de agosto de 1972) de Pablo VI; aprobouse através dun real decreto

13. Documentos acreditativos

tipo de letra	minúscula
exemplo	documento nacional de identidade; pasaporte; carné de estudante número de identificación fiscal, tarxeta sanitaria (do Instituto Nacional da Seguridade Social), carné de manipuladora de alimentos, carné de conducir
subcategoría 1	abreviado
tipo de letra	maiúscula
exemplo	NIF, DNI

14. Ensino

subcategoría 1	materias, cátedras, departamentos, tipos de estudos, actividades formativas non integradas nos ciclos de estudos
subcategoría 2	nome oficial completo ou reducido
comentario de uso	Coa etiqueta “materias” referímonos só ás que están dentro dun ciclo de estudos. Incluimos baixo a etiqueta de “tipo de estudos” os ciclos de formación básico, medio e superior (licenciaturas, diplomaturas ou ciclos de formación profesional). Incluimos baixo a etiqueta “actividades formativas non integradas nos ciclos de estudos” cursos, seminarios, congresos, simposios, xornadas, encontros...
comentario tipográfico	tódolos substantivos e adxectivos
tipo de letra	maiúscula
exemplo	aprobou Matemáticas de terceiro; non lle gustou Lingüística Xeral con ese profesor a Cátedra de Dereito Civil, Departamento de Filoloxía Románica, licenciouse en Filoloxía (Licenciatura en Filoloxía Galega); Electrónica (o Ciclo de Formación Profesional de), ó parecer, é moi difícil; Educación Secundaria Obrigatoria (estudou a Secundaria na vila); para o ano comeza co Bacharelato VII Encontros de Normalización Lingüística
subcategoría 1	áreas de coñecemento, tipos de estudo, departamentos, actividades formativas non integradas nos ciclos de estudos
subcategoría 2	sentido xenérico ou sinónimo
comentario de uso	Nas “actividades formativas non integradas nos ciclos de estudos”, cando na designación non está incluído o tipo de actividade, este irá en minúsculas (o simposio Variación e Prescrición)
tipo de letra	minúscula
exemplo	sempre lle gustaron moito as matemáticas; as ciencias non son o seu

os bacharelatos europeos teñen un funcionamento moi diverso
chamou todo o departamento
foi a un seminario que non lle gustou demasiado

15. Entidade e/ou organismo

subcategoría 1	xurídico-pública, cultural, económica, educativa, militar, relixiosa, institución, asociacións e agrupacións, comisións e servizos, medios de comunicación, empresas e establecementos (públicos ou privados)
subcategoría 2	formalmente constituído ou nome reducido
comentario de uso	Consideramos que tódolos elementos do nome oficial destas entidades deben ir en maiúscula (aínda non aparecendo tódolos elementos: a Xunta), mais non aquelas denominacións sinónimas que non están rexistradas dentro do nome oficial (Parlamento de Cataluña vs. Parlamento catalán). O nome oficial dunha entidade tamén pode empregarse para designa-lo edificio en que está situada. Polo tanto, en ámbolos dous casos aparecerá esta designación en maiúscula: o Teatro Principal (pódese referir tanto á entidade coma ó propio edificio en que esta está localizada). Entendemos como nome reducido aquel elemento da designación oficial que individualiza a entidade, aínda aparecendo só. Se o nome está rexistrado noutra lingua, escribírase tal cal, mais o uso da maiúscula adecuarase a esta regra.
comentario tipográfico	tódolos substantivos e adxectivos
tipo de letra	maiúscula
exemplo	Xunta de Galicia (ou Xunta), Ministerio de Interior (ou Interior), Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda (ou Política Territorial) Parlamento de Galicia (ou Parlamento), Departamento de Xustiza (ou Xustiza), Departamento Federal de Seguridade Pública, Deputación de Ourense, Concello de Santa Comba, Consello da Cultura Galega, Consello Social, Capitanía Xeral da Mariña, Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Tribunal Supremo (Supremo) Biblioteca Nacional, Auditorio de Galicia (ou Auditorio), o Museo do Pobo Galego, o Centro Galego de Arte Contemporánea, o Teatro Principal (ou Principal, pero teatro) a Bolsa de Barcelona Universidade de Santiago de Compostela, Universidade Nacional Autónoma de México, Facultade de Filoloxía (Filoloxía), Instituto de Estudos Galegos, Escola Diplomática, Escola de Artes Aplicadas e Oficios Artísticos Mestre Mateo (Mestre Mateo), Instituto Piñeiro Manso (o Piñeiro Manso pero o instituto), Instituto da Lingua Galega, Fundación Otero Pedrayo,

	Real Academia Galega Corpo Nacional de Policía a Santa Alianza, Tribunal da Santa Inquisición (Inquisición) Asociación de Veciños de Vite, Cooperativa Vitivinícola do Baixo Miño, Xabarán Club Comisión de Cultura, Claustro Universitario (Claustro), Xunta Directiva do Real Club Celta de Vigo Radio Galega, Televisión de Galicia Caixa de Aforros de Galicia, Hostal dos Reis Católicos, Forzas Eléctricas de Cataluña, Tipografía Lousanense, Edicións Xerais de Galicia (Xerais) Hospital Meixoeiro
subcategoría 1	xurídico-pública, relixiosa
subcategoría 2	sentido colectivo
comentario de uso	O emprego da maiúscula xustifícase para evita-la confusión coa referencia común dese mesmo substantivo. Esta razón non carrega que os posibles –e moi variados– modificadores que acompañen o substantivo teñan que ir tamén en maiúscula.
comentario tipográfico	tódolos substantivos
tipo de letra	maiúscula
exemplo	Estado español, Administración local/pública/autonómica/galega (pero a “a administración galega (o xeito de administrar da xente galega) acostuma ser pésima”), Goberno galego; Igrexa católica/protestante/anglicana
subcategoría 1	xurídico-pública, cultural, económica, educativa, militar, relixiosa, institución, asociacións e agrupacións, comisións e servizos, empresas e establecementos (pública ou privada)
subcategoría 2	sentido xenérico, sinónimo ou non formalmente constituído
comentario de uso	Referímonos con “sentido xenérico” ós casos en que os termos non se refiren a realidades concretas, senón que son substantivos comúns. “Sinónimo” é, neste caso, aquel substantivo que denomina unha entidade formalmente constituída sen se-lo nome oficial. Tamén consideramos denominación sinonímica aquel elemento dun nome oficial, aparecendo só, que non singulariza a entidade.
tipo de letra	minúscula
exemplo	as funcións das capitanías xerais, os concellos da provincia de Pontevedra, ningunha deputación pode facelo, é unha cuestión de estado, os estados europeos, o papel do parlamento é debate-las leis, os tres poderes do estado democrático, non

me gusta o mundo da administración, cámara galega (por Parlamento), a corporación municipal, o concello (por Concello de Outes), o ministerio (por Ministerio de Interior), percorreu os mellores auditorios do mundo, o museo da cidade está pechado
 cotizan en bolsa
 pensa ir á universidade, pasouno moi mal no instituto, unha escola de barrio, as escolas rurais, as universidades públicas, a calidade da escola en Galicia, o meu instituto (por Instituto Piñeiro Manso) funciona ben
 queremos crear unha fundación
 entrou no exército
 as igrexas de todo o mundo
 as confrarías de mariñeiros, unha comisión de axuda a Bosnia, os claustros da universidade galega
 esta empresa, un hotel de categoría

16. Enumeración

subcategoría 1	elemento oracional
comentario de uso	As enumeracións acostuman ir introducidas por dous puntos e, normalmente, cada elemento constitúe un parágrafo. Tomamos como requisito para o emprego da maiúscula que os elementos da enumeración sexan oracións. Isto é, cada elemento da enumeración é independente semanticamente a respecto dos restantes.
comentario tipográfico	só a letra inicial
tipo de letra	maiúscula
exemplo	Neste asunto hai tres cuestións básicas: 1. Comprende-la teoría. 2. Levala correctamente á práctica. 3. Obte-los resultados esperados.
subcategoría 1	elemento non oracional
tipo de letra	minúscula
exemplo	Deben presentar: 1. fotocopia de DNI 2. certificado de estudos 3. fotografía recente

17. Época, período, idade ou era

subcategoría 1	histórico, xeolóxico
comentario de uso	Poderíase optar pola escolla da minúscula ó seren nomes de datación coma as estacións, os meses ou os días, mais a situación non é a mesma. As etiquetas aquí tratadas teñen un uso

	exclusivo, só designan un determinado período temporal e non se volven empregar no transcurso do tempo para ningún outro, en confronto cos nomes de días (o ano ten 365, polo que hai unha chea de luns), meses ou estacións. Considerámos que estes son nomes propios. De entender era como ‘período indefinido de tempo, en que a única limitación está establecida no seu comezo, referido a un acontecemento convencional’ mais que non se repite no tempo, debemos considerala como nome propio.
comentario tipográfico	tódolos substantivos e adxectivos do nome “oficial”. Exemplos en que usámo-la minúscula coa designación temporal son “época do Neolítico” ou “época neolítica” (neste caso a minúscula usámola no conxunto por a segunda palabra pasar a ser un adxectivo), ó non pertencer en ningún caso ó nome propio. En confronto está “idade” en estruturas do tipo “Idade Media”. Esta si forma parte do nome propio, polo que empregamos con ela a maiúscula.
tipo de letra	maiúscula
exemplo	Idade Media, Idade Contemporánea, Séculos Escuros, Segunda República, a Ditadura de Franco, Neolítico, Paleolítico, Terciario, Xurásico (pero: o período xurásico) Era Cristiá, Era Alexandrina, Era de Roma
subcategoría 1	histórico, xeolóxico
subcategoría 2	lexicalizado ou con función adxectiva
tipo de letra	minúscula
exemplo	Aqueles anos foron unha idade media (época escura, retrógrada); o período xurásico

18. Estilo epistolar

comentario de uso	Nalgúns manuais acóllese a posibilidade de escribir con maiúscula as referencias ó receptor no estilo epistolar. A razón acostuma se-la deferencia ou consideración demostrada cara ó outro; o uso da maiúscula con este fin é totalmente inxustificado. Polo tanto, deberase ter en conta as normas xerais de emprego das maiúsculas tamén nestes casos.
tipo de letra	minúscula
exemplo	“escriboche esta carta, querido amigo, porque...”; “foi, prezado colega, un encontro...”

19. Fenómenos atmosféricos

subcategoría 1	puntuais
comentario de uso	O tipo de fenómeno non está incluído na designación singularizada, polo que conserva a minúscula.
tipo de letra	maiúscula
exemplo	ciclón Hortensia, furacán Mitch
subcategoría 1	cíclicos ou ventos
tipo de letra	minúscula
exemplo	vento terral, nortada, siroco, gota fría

20. Función demarcativa

subcategoría 1	comezo de período, comezo de parágrafo, comezo de parágrafo precedido de enumeración
comentario de uso	Non incluímos aquí o comezo de cada verso porque consideramos que, seguindo as regras xerais, só debería empregarse a maiúscula cando comeza un período sintáctico. De tódolos xeitos, sempre queda nas mans do autor como unha outra ferramenta estilística, que nas citas se debe respectar. No comezo de parágrafo escribirase con maiúscula a primeira letra independentemente do signo de puntuación co que remate o anterior (punto, coma, punto e coma ou, ás veces, dous puntos). Polo tanto, despois do saúdo de cartas, circulares... escribirase en maiúscula. Consideramos un “comezo de parágrafo precedido por unha enumeración” cando hai unha mudanza do tema entre os parágrafos que bordean a enumeración.
tipo de letra	maiúscula
exemplo	A asistencia ás aulas é obrigatoria. Querido amigo,/ Escriboche despois de tanto tempo... Precísase: – fotocopia do DNI – 4 fotografías – declaración xurada Recollerase a documentación nos rexistros da Universidade.
subcategoría 1	despois de punto, despois de puntos suspensivos, despois de punto e coma, despois dos signos de admiración ou interrogación
subcategoría 2	marcan final de período
comentario de uso	Non se escribirá maiúscula despois dos puntos das abreviaturas. Non se escribirá maiúscula despois dos puntos suspensivos cando marcan só elisión de información e non fin de período.

tipo de letra	Non se escribirá maiúscula despois dos signos de interrogación ou exclamación cando as preguntas ou exclamacións están introducidas dentro dunha oración superior en que estes signos non indican o final de período. maiúscula
subcategoría 1	despois de número, continuación de parágrafo interrompido por unha enumeración, cita directa extraída dun discurso elidindo o comezo da oración
comentario de uso	Consideramos unha “continuación de parágrafo interrompido por unha enumeración” cando hai un mantemento do tema entre os parágrafos que bordean unha enumeración. Cando se elide o comezo dunha oración que se vai citar textualmente, conservarase a minúscula do orixinal, independentemente de que a cita estea separada do texto a través dos dous puntos ou estea inserida nel.
tipo de letra	minúscula
exemplo	1000 ou máis; 2000 non creo que sexan. Precísase: – fotocopia do DNI – 4 fotografías – declaración xurada para poder inscribirse nas Xornadas de Planificación Lingüística. A definición que nos dá García Larragueta de ciclos é: “[...] son series de números...”. García Larragueta afirma que os ciclos “son series de números...”.
subcategoría 1	despois de dous puntos
subcategoría 2	despois do encabezamento dunha carta ou documento xurídico, introduce o subtítulo dunha obra, introduce unha cita directa dun discurso oral ou escrito dende o comezo de período
comentario de uso	Aínda que actualmente é máis común a recomendación de empregarla coma despois do saúdo nas cartas ou do encabezamento nos documentos, segue sendo habitual empregarlos dous puntos. Por iso tratamos esta posibilidade.
tipo de letra	maiúscula
exemplo	Estimada colega:/ Espero que te atopes ben de saúde... <i>Gallegada: Tradicións, costumes e contos da terraña.</i> Ela dixo: “Non te soporto máis”. A definición que nos dá García Larragueta de ciclos é: “Os ciclos son series de números...”.

21. *Marca comercial*

comentario de uso	Aínda tendo un uso moi común, cando só designan o produto pertencente a unha marca determinada, consideramos que non está lexicalizada e, polo tanto, continúa sendo un nome propio.
tipo de letra	maiúscula
exemplo	Coca-Cola, Seat; pasaron dous Fiat; póname un Marqués de Garoña (un viño desta marca) (pero: póname un albariño (designa un tipo de viño e non unha marca))
subcategoría 1	lexicalizada
comentario de uso	Consideramos que aquelas marcas que designan un tipo de produto –sen remitir a marca ningunha– están lexicalizadas. Un caso especial é aquel en que, a partir do nome da compañía ou empresa, se designa o seu produto (por exemplo: “seis mihuras” son seis touros da gandería Mihura). A minúscula será a empregada aquí.
tipo de letra	minúscula
exemplo	celo, aspirina, uralita, maicena, whisky, papel albal, bote de nocilla, seis mihuras

22. *Movemento*

subcategoría 1	artístico e/ou cultural
comentario de uso	Apoiándonos no DRAG97: aqueles movementos desenvolvidos nun espazo e nun tempo determinado, que carretan unhas características ou tipo de pensamento concretos, considerámoslos realidades singulares e, por iso, escribíranse en maiúscula.
tipo de letra	maiúscula
exemplo	Rexurdimento, Romanticismo, Románico, Gótico, Humanismo (movemento cultural nacido na Italia de fins do séc XIV e con vida durante todo o Renacemento), Modernismo, Vangarda, Cubismo
subcategoría 1	relixioso, político, filosófico
comentario de uso	Ó non estaren delimitados a un único período temporal considerámoslos nomes comúns.
tipo de letra	minúscula
exemplo	catolicismo (relixión católica), budismo, hinduísmo, protestantismo (moral protestante) marxismo, capitalismo, socialismo, nacionalismo existencialismo, humanismo (teoría que ten como centro dos seus intereses o ser humano)

23. Nome de persoa

subcategoría 1	tanto a forma plena, coma o hipocorístico, coma precedido de determinadas partículas (prefixos ou preposicións) ou especificado con modificadores
comentario de uso	As partículas (artigos, preposicións, adxectivos, frases nominais) que acompañan os nomes de persoa, mais sen formar parte do nome, escríbense en minúscula (a Rosalía feminista).
tipo de letra	maiúscula
exemplo	Xenoveva, Lois, Paco, Merche, Adrián, Xenebra, a Rosa, o Paulo; ten unha postura pro-María; traballa sobre a Rosalía feminista.
subcategoría 1	lexicalizado ou convertido en adxectivo
tipo de letra	minúscula
exemplo	abriunos o benxamín da casa; é un xan; o conde era o seu mecenas; este home é un hércules; a sección felipista do partido propón...
subcategoría 1	fulano, citrano
comentario de uso	A definición que nos ofrece o DRAG97 é 'persoa da que non se coñece o nome ou non se quere mencionar'.
tipo de letra	minúscula
exemplo	é un bo fulano; díxomo un fulano amigo de María; non foi nin fulano nin citrano

24. Nome étnico

subcategoría 1	pobos, razas, tribos, xentilicios
comentario de uso	Teñen o mesmo trato os nomes que ora remitan ó conxunto, ora remitan a unha parte do conxunto ora a través do singular se refiran ó total do conxunto.
tipo de letra	minúscula
exemplo	os europeos camiñan cara á súa destrución; os franceses (por "os corredores franceses") fixérono moi ben no último Mundial; o galego é retranqueiro; os brancos teñen unha historia manchada de sangue doutros pobos; o negro aínda hoxe está discriminado nos Estados Unidos de América; os tutsi e os utus están continuamente en guerra grazas ó apoio dos Estados Unidos de América; xaponeses, ingleses

25. Nome singularizado

subcategoría 1	de animais, de plantas, de minerais, de naves, de obxectos, de monumentos...
comentario de uso	Nesta categoría incluímos os “nomes de pía” de realidades non humanas mais igualmente individualizadas. Cando o nome propio do monumento vai acompañado do nome de construción, véxase “categorización de lugar”.
tipo de letra	maiúscula
exemplo	Rocinante, Laica, Lupo, Marela, Donald árbore da Cruz, árbore da Vida Gran Mogol (nome de diamante), Caaba (pedra sagrada musulmá) a nave Apolo, a sonda Voyager, o trasatlántico Achille Lauro, o Prestige, o Titánic a espada Durendal, a espada Escálibur, o Grial <a Berenguela
subcategoría 1	de animais, de plantas, de minerais, de naves, de obxectos, de monumentos...
subcategoría 2	lexicalizado
comentario de uso	Se “nomes de pía” de realidades non humanas mais igualmente individualizadas sufriron un proceso de lexicalización e son xa nomes comúns, escribíranse con minúscula.
tipo de letra	minúscula
exemplo	subía pola estrada un rocinante

26. Notas musicais

tipo de letra	minúscula
exemplo	do; re; mi; fa

27. Numeración

subcategoría 1	romana ou ordinal
subcategoría 2	formando parte do nome propio
tipo de letra	maiúscula
exemplo	século XX; II Congreso de Medicina Xeral; Alfonso X; Quinta Avenida; Terceiro Mundo

28. Premios ou condecoracións honoríficas

subcategoría 1	sentido xenérico ou cando designa o obxecto
subcategoría 2	material que o representa
tipo de letra	minúscula
exemplo	honoris causa, medalla de ouro; recibiu dous goyas

29. *Profesión*

subcategoría 1	referida a unha persoa concreta ou en sentido xenérico
comentario de uso	As profesións, sexa cal for o seu grao na escala social, serán escritas en minúscula (a dignidade xa vai incluída no propio cargo). Tamén se escribirá con minúscula cando o nome de profesión estea precedido por calquera das diferentes formas de tratamento ou por artigo. Non muda a tipografía dos nomes de profesión, referidos a unha persoa en concreto, segundo aparezan con antropolónimo ou non. Con sentido xenérico ou poético mantén tamén a minúscula. O mesmo comportamento terase nas circunstancias con especial cerimonia. Deberase empregarla minúscula con estas palabras en tódolos tipos de documentos, tamén nos xurídicos.
tipo de letra	minúscula
exemplo	o papa (referido ó papa Xoán Pablo II), o fiscal Albelo, o xeneral Martínez, o profesor Carro, a alcaldesa de Muros, o presidente, o cura, señora delegada, señor director xeral, o ilustrísimo señor alcalde, a excelentísima señora presidenta, sacristán, pintor, xardineiro, auxiliar administrativo, notaria, xuíz, enxeñeiro, avogado, carpinteiro; o neno quere ser astronauta; revivindo na memoria do poeta.
subcategoría 1	abreviado
tipo de letra	maiúscula
exemplo	Prof. Ferreira, Dra. Magariños

30. *Pseudónimos, nomes artísticos*

comentario de uso	Para ve-lo tratamento das preposicións, contraccións e artigos que forman parte do nome artístico ou pseudónimo (con forma de antropolónimo: nome de persoa + apelido) véxase o tratamento que se lle dá ó estaren estas partículas ante apelido.
comentario tipográfico	tódalas palabras con carga semántica
tipo de letra	maiúscula
exemplo	Miguel de Lira, Marga do Val, Borobó, Farruco, Heriberto Bens, o Mago Antón

31. *Puntos cardinais*

subcategoría 1	designan orientación ou dirección; designan límites ou áreas non completamente delimitadas
tipo de letra	minúscula
exemplo	norte, sur, este, noroeste; diríxese cara ó sur a Galicia do norte; o nordeste non dispón de televisión paga
subcategoría 1	abreviado
tipo de letra	maiúscula tódalas letras
exemplo	N, SO
subcategoría 1	formando parte do topónimo; designan límites ou áreas xeopolíticas
tipo de letra	maiúscula
exemplo	Polo Norte, Corea do Norte, América do Sur Oriente Próximo, Europa do Leste, os países do Levante, Occidente; coa fin da URSS, o Leste está a pasar por unha fase particularmente difícil

32. *Sigla*

subcategoría 1	soa ou precedida de determinadas partículas (artigo, prefixo)
comentario de uso	Formación léxica que resulta da combinación das iniciais dunha palabra; é un recurso gráfico con plasmación na lingua oral. As convencións de uso serán as que determinen que a sigla vaia toda en maiúscula (OTAN), ou con algún carácter minúsculo como é común nas siglas bibliográficas (CUn).
comentario tipográfico	tódalas letras; non levan punto
tipo de letra	maiúscula/minúscula
exemplo	ONU, OTAN, UNESCO, FAO, USC, ILG, PG, BNG, FPG, DOG, BOE, IVE, PIB, DNI, WP, RAM, MS DOS, CPU, ISBN, AELG (Anuario de Estudios Literarios Galegos), CiU; onde houbo unha manifestación anti-OTAN.
subcategoría 1	lexicalizada
comentario de uso	Consideramos lexicalizadas aquelas siglas que son recollidas como entrada nos dicionarios e, polo tanto, son consideradas polo falante como palabras. Ó estaren lexicalizadas adaptaciónse á acentuación do sistema galego.
tipo de letra	minúscula
exemplo	láser, ovni, inri, sida (caso dubidoso: no GDXL considéranse acrónimo pero o Houaiss e o Cumio sigla)

33. Signos do zodiaco

subcategoría 1	referido ó signo ou á súa icona
tipo de letra	maiúscula
exemplo	Libra, Xémeos, Acuario
subcategoría 1	designan as persoas nadas nese signo
tipo de letra	minúscula
exemplo	Lois é saxitario; atopeime con dous capricornios

34. Símbolos non científicos

tipo de letra	maiúscula
exemplo	PTA (peseta), F (franco), BCN (aeroporto de Barcelona)

35. Sobrenome, alcume

comentario de uso	Naqueles casos en que o sobrenome se refire á naturalidade, á nacionalidade ou á raza e vai unido –sen coma– ó substantivo, mantéñense os mesmos criterios (Vieira Lusitano). Calquera palabra pode funcionar como sobrenome. Non se deben confundir eses usos singularizados cos comúns: Apóstolo vs apóstolo (clasificación do nome propio) Santiago.
comentario tipográfico	tódalas palabras con carga semántica
tipo de letra	maiúscula
exemplo	o Apóstolo (pero: o apóstolo Santiago); o Picafolia, o Che, a Galochas, o Foguetes, o Seisdodos; D. Dinís, o Labrador; D. María I, a Piedosa; Fernando II, o Casto; Afonso X, o Sabio; á Felisa chámanlle a Faneca; veu á festa o Coello, Xoán sen Terra; Vieira Lusitano, Palas Atenea

36. Sobrenome descritivo

comentario de uso	Aposición explicativa que individualiza un determinado personaxe.
tipo de letra	minúscula
exemplo	san Pedro, o príncipe dos apóstolos; don Quixote, o cabaleiro da triste figura; Elvis Prestley, o rei do rock and roll

37. Termos científicos

subcategoría 1	leis; elementos químicos e compostos; unidades e conceptos; enfermidades; nome galego de especie ou raza; adxectivo(s) que indican especie nos nomes científicos en latín ou latinizados
comentario de uso	Alguns nomes galegos de especies vexetais ou animais teñen entre os seus constituíntes referentes humanos –sobre todo santos– ou outros nomes propios. Nestes casos a maiúscula só

tipo de letra	se mantén nos nomes propios que precisan do xenérico (herba de santa Cunegunda) fronte a aqueles outros onde xa pode non estar presente ((herba de) sanxoán).
exemplo	minúscula a lei da gravidade, a teoría da relatividade manganeso, ácido sulfúrico, un amperio, penicilina hepatite viral carballo, bidueira, margarida, herba de sanxoán, herba de san Bento, herba de Vigo lobo, vaca, xoaniña basalto, cuarzo, casiterita, prata leguminosas, roedores, rumiantes vaca rubia galega, vaca hereford, fox-terrier, pequinés, pónei, siamés, doberman, mazá golden Homo sapiens, Cucurbita maxima, Trogon collaris puella, Capsicum annuum, Sardina pilchardus (sardiña)
subcategoría 1	substantivo que indica xénero nos nomes científicos en latín
comentario de uso	Nalgúns nomes científicos o autor inclúe o seu nome; este, como nome de persoa, irá en maiúscula (Alisma plantago-acuatica L. (abreviatura de “Linné”)). Se se inclúen no nome científico outras abreviaturas de nomes propios (libro ou revista en que foi publicado...) tamén irán en maiúscula.
tipo de letra	maiúscula
exemplo	Cucurbita maxima, Trogon collaris puella, Capsicum annuum, Sardina pilchardus, Clostridium tetani, Escherichia influenzae
subcategoría 1	símbolos e fórmulas
comentario de uso	Non hai unha regra homoxénea para os símbolos dos termos científicos; neste caso debe seguirse a norma de uso en cada rama do saber.
tipo de letra	maiúscula/minúscula
exemplo	A (amperio), a (área), g (gramo), km (quilómetro), W (vatio), V (voltio), O (osíxeno), Ag (prata), kW (quilovatio) H ₂ O

38. Termos informáticos

subcategoría 1	linguaxes, programas, sistemas
comentario de uso	As siglas informáticas teñen o mesmo tratamento có resto das siglas.
comentario tipográfico	só a letra inicial
tipo de letra	maiúscula
exemplo	sistema operativo Windows'98, Cobol

subcategoría 1	sentido xenérico ou lexicalizado
tipo de letra	minúscula
exemplo	software, disco duro, sistema operativo, ordenador, pantalla, bit

39. Textos

subcategoría 1	xurídico-públicos, publicitarios, propagandísticos ou proverbiais
comentario de uso	Neste tipo de textos é moi común o uso da maiúscula como marca tipográfica para destacar palabras ou partes do documento. Este parécenos un comportamento errado, xa que para este fin hai outras vías tipográficas (a negra, a curva, o subliñado, diferente tipo de letra, diferente tamaño de letra...). Polo tanto, tamén nestes casos se debe acata-la norma xeral do uso da maiúscula. Noutros casos o que se pode atopar é, nestes fragmentos escritos completamente en maiúscula, as maiúsculas “lexítimas” destacadas a través do uso da versal menor. Isto é dobremente contradictorio, mais é un problema con fácil solución: emprega-las maiúsculas só seguindo as regras xerais. Igualmente inxustificado é escribir con maiúscula parte ou tódolos elementos dunha frase sacramental, proverbial, feita ou dun modismo con finalidades de destaque.
tipo de letra	minúscula

40. Títulos

subcategoría 1	calquera tipo de produción cultural, proxectos, subtítulos, tomos, partes, capítulos, escenas, tempos, seccións... (de documentos ou obras)
subcategoría 2	nome completo, reducido ou correferente
comentario de uso	Entendemos por “calquera tipo de produción cultural” libros, poemas, obras teatrais/pictóricas/escultóricas/cinematográficas, entregas de banda deseñada, programas/series televisivas ou radiofónicas, composicións musicais, discos, etc. Teñen o mesmo tipo de tratamento os libros sagrados có resto de libros. Consideramos, fronte a algúns autores, que os títulos das composicións musicais deben te-lo mesmo tratamento cós das restantes producións culturais independentemente da dimensión da obra, da longura do título ou de que este inclúa ou non unha denominación musical (Novena sinfonía). É unha práctica bastante común que nas portadas, nas cubertas ou nos titulares se escriban tódolos elementos dun título en maiúsculas. Consideramos que isto é inaceptable, xa que existen outros medios tipográficos para o destaque fóra da maiúscula (a negra, a curva, o subliñado, diferente tipo de letra, diferente tamaño de letra...).

	Tampouco é xustificado o emprego das maiúsculas cando nunha obra se cita a mesma obra. Cando o título comeza por artigo e a este o precede unha preposición coa que contrae na lingua oral, esta contracción non se reflicte na escrita ou pódese marcar co apóstrofo (Gustou moito d'<i>A esmorga</i>).
comentario tipográfico	Só a primeira palabra do título e os nomes propios que haxa nel.
tipo de letra	maiúscula
exemplo	<i>A tecedeira de Bonaval, Cantares gallegos</i> (Cantares), <i>Pensa nao, Cantar dos cantares</i> (un dos libros que forman a Biblia), <i>Gran diccionario Xerais da lingua</i> (Xerais), <i>Aí vén o Maio</i>, <i>Os vellos non deben de namorarse</i>, <i>Os xirasoís</i>, <i>O pensador</i>, <i>Trece badaladas</i> Loitando polo seu fillo, de <i>O Coiote</i> Diario cultural, Xabarán club, Mareas vivas, As catro estacións, Himno galego, Vigo capital Lisboa Sagradas escrituras (por Biblia) Adecuación do camiño de ferro; Base de datos lexicográfica para un diccionario da lingua galega; Plan xeral de normalización lingüística <i>Á primeira luzada: Obras completas de Francisco de Fientosa</i> sección “A aldea global” de <i>A Nosa Terra</i>; consultamos O uso das maiúsculas (capítulo 4) nas <i>Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego</i>; “Maiúsculas e minúsculas: criterios de uso” é a nosa conferencia no simposio Variación e Prescrición.
subcategoría 1	colección, calquera produción cultural ou partes, capítulos, escenas, tempos, seccións... (de documentos ou obras)
subcategoría 2	sentido xenérico
tipo de letra	minúscula
exemplo	nesta colección, o diccionario (por, por exemplo, <i>Diccionario Houaiss da lingua portuguesa</i>), a escultura da esquerda, o epígrafe, o anexo, capítulo 20, disposición transitoria, orde do día, andante; a introdución deste libro é pouco interesante
subcategoría 1	publicacións periódicas, coleccións
comentario de uso	Terase en conta só as palabras que forman parte do título e non aquelas que, sen estaren incluídas, só designan o tipo de publicación (p. ex.: revista <i>Tempos Novos</i>). É unha práctica bastante común que nas portadas ou cubertas se escriban tódolos elementos dun título en maiúsculas. Consideramos que é unha práctica inadecuada, xa que existen outros medios tipográficos para o destaque fóra da maiúscula (a negra, a curva, o subliñado, diferente tipo de letra, diferente tamaño de letra...).

comentario tipográfico	a primeira e tódalas palabras con carga semántica
tipo de letra	maiúscula
exemplo	A Nosa Terra; Galicia Hoxe; Tempos Novos; Revista de Estudos Miñoranos; Biblioteca Básica da Literatura Galega; Ablativo Absoluto; Golfinho (colección de banda deseñada)
subcategoría 1	libro sagrado, pregaria
subcategoría 2	lexicalizado
comentario de uso	No caso dos libros sagrados –Biblia, Evanxeo...– pódese facer referencia ó seu valor na comunidade e non ó propio libro en si (p.ex.: O capital é a súa biblia (isto é, é o seu manual de referencia para o seu comportamento vital)), ou a determinada característica común deses libros (papel biblia). Este tipo de usos considerámoslos lexicalizados.
tipo de letra	minúscula
exemplo	O capital é a súa biblia; papel biblia; rezou unha avemaría; fíxoo nun credo

41. Topónimos

subcategoría 1	forma oficial ou denominación correferente
comentario de uso	As partículas sen carga semántica que forman parte do topónimo só van en maiúscula se encabezan o nome oficial. Se o artigo que encabeza o topónimo vai precedido dunha preposición coa que pode contraer, a contracción pasará a escribirse en minúscula. As partículas (artigos, preposicións, adxectivos, frases nominais) que acompañan os topónimos, mais sen formar parte deles, escríbense en minúscula (a Galicia rural, a Francia).
comentario tipográfico	tódolos substantivos e adxectivos da forma oficial
tipo de letra	maiúscula
exemplo	Galicia, Ourense, Pontellas, un viño do Condado, Cidade das Burgas (por Ourense), A Eira Vella, Trás-os-Montes, A Coruña (pero: a Arxentina), O Porriño (pero: marchou do Porriño), Ribeira do Sil, a Galicia mariñeira, a Terra Cha
subcategoría 1	lexicalizado
comentario de uso	Son empregados sobre todo para designar produtos comerciais ou a súa denominación de orixe.
tipo de letra	minúscula
exemplo	un condado (viño), auga de colonia, roquefort (queixo), Holanda (tipo de tecido)

42. Tratamento

subcategoría 1	formas e títulos
subcategoría 2	forma plena
comentario de uso	Serán escritas con minúscula tódalas formas e títulos de tratamento escritos coa súa forma plena, tanto os galegos coma os estranxeiros e tanto os substantivos coma os adxectivos. Esta regra esténdese a aqueles casos en que, por tradición de uso, se considerou que a forma ou o título de tratamento é parte do antropolónimo. Mantense esta regra tamén en documentos oficiais, en leis, en decretos, en disposicións ou en textos semellantes.
comentario tipográfico	tódolos substantivos e adxectivos
tipo de letra	minúscula
exemplo	señor Xaquín, dona María, san Xosé, sor Inés, padre Antonio Vieira, excelentísimo señor reitor, sir Arthur, doutor Antón Santamarina, licenciada Fátima Miguéns, xeneral Fortes, mariscal Pardo de Cela, conde de Lemos
subcategoría 1	formas e títulos
subcategoría 2	abreviados ou formando parte dun topónimo
comentario de uso	Naqueles topónimos en que se inclúe unha forma ou título de tratamento, estes irán escritos en maiúscula coma tódolos elementos con carga semántica do topónimo (rúa de Frei Rosendo Salvado)
comentario tipográfico	tódolos substantivos e adxectivos abreviados
tipo de letra	maiúscula
exemplo	Sr. (señor), Dra. (doutora), S. (santo), Lda. (licenciada); o Excm. Sr. reitor (o excelentísimo señor reitor); rúa de San Pedro, rúa do Xeneral Pardiñas
subcategoría 1	pronomes e posesivos
comentario de uso	Nalgunhas obras observan a necesidade de escribir en maiúscula estas partículas cando se refiren a altas personalidades da xerarquía social ou política ou cando estas falan delas mesmas. Nós non concordamos con esta posibilidade, xa que a dignidade do suxeito irá marcada polo seu propio cargo ou posición social e non a través de estratexias tipográficas.
tipo de letra	minúscula
exemplo	a súa maxestade; estamos contentos porque veñades ata nós (o papa falando no seu nome); no noso nome e pola nosa autoridade (o presidente da República falando no seu nome), o señor seu pai

CONCLUSIÓN

Non cabe dúbida, despois de todo o visto ata este punto, de que a limitación do uso da maiúscula é unha problemática común en tódalas linguas. Isto reflícteo a falla de coherencia entre as diferentes propostas ou a practicamente nula xustificación que aparece nos manuais.

Os principais problemas dos manuais educativos pódense resumir nas seguintes ideas:

- Basean a definición dos nomes propios en que estes aparezan en maiúscula e, ó tempo, explican a maiúscula como marcador dos nomes propios.
- Os contidos son moi semellantes nos diferentes niveis educativos; moitas veces o que os diferencia é o paso de emprega-la etiqueta nome para a de substantivo.
- No caso galego, a cuestión aparece tratada con demasiada vaguidade. En moitos casos os alumnos teñen que extrae-las regras a partir dos exercicios ou exemplos sen contar cunha previa ou posterior explicación.

Mentres que a crítica ós manuais de estilo pode centrarse en que:

- Son propostas prescritivas pero coa explicación e argumentación das escollas ausente na maioría dos casos.
- Tamén é moi común que cada manual estea feito para un sector profesional en concreto. Isto non sería un problema, sempre e cando estiveran establecidas nalgún lugar unhas regras máis globalizadoras.

Mais, por que é tan difícil delimita-lo uso da maiúscula? A complicación nace do uso clasista que se lle acostuma dar á maiúscula. Ninguén dubida de que *muller* é un substantivo común. Mais, como todo nome común, ten a posibilidade de referirse a unha unidade concreta contextual –por exemplo, *esta muller é moi intelixente*– fronte a un valor xenérico –*literatura de muller* ‘tódalas mulleres do mundo’. Esta mesma situación atopámola con outros nomes comúns que se refiren a realidades con alto valor na sociedade. Aquí é onde comezan en moitos casos as dúbidas. A situación é a mesma, pero como se ve socialmente inaceptable darlle o mesmo tratamento ca ás realidades máis vulgares do noso sistema, aparece a necesidade da maiúscula. É evidente que nós estamos contra esta posibilidade. Un nome apenas levará maiúscula cando sexa propio e en ningún caso segundo a súa dignidade na comunidade.

Outro valor que se lle acostuma dar á maiúscula e co que nós non concordamos é o seu uso como ferramenta de destaque de palabras –ou fragmentos– nos textos. A maiúscula é unha marca tipográfica que transmite valores gramaticais. Polo que, se se quere resaltar algún elemento dun texto,

débense empregar aquelas ferramentas tipográficas creadas para este fin: negra, curva, subliñado...

Ante esta situación xeral, o que nós presentamos con este documento é un traballo que acolle propostas orientadas a un gran número de sectores profesionais –froito de extraer toda a información que nos ofertaron os manuais xa existentes. Intentamos tamén que non quedara nada sen explicar ou argumentar. Poida que o usuario non concorde coa nosa escolla, mais poderá observar qué motivou cada unha das nosas decisións. E, por último, procuramos, en todo momento, mante-la coherencia no conxunto das propostas, aínda que, en moitos casos, foi complicado.

Xa para rematar, chamámo-la atención sobre a necesidade dunha proposta xeral para o uso da maiúscula. Esta marca tipográfica, para nós, está en liña co acento, xa que ten consecuencias gramaticais. Polo tanto non se debe apoiar-la liberdade de uso actual.

Por iso destacamos que fixemos esta proposta cunha clara finalidade de uso.

Somos conscientes de que para isto debemos contar con dous tipos de apoio: das institucións con poder decisivo en cuestións de norma de lingua –RAG, ILG, Xunta de Galicia- e dos sectores profesionais implicados no uso da lingua (correctores, SNL, editoras, profesores de tódolos niveis de ensino...). Deberían sentar e ler esta proposta para atopar nela os puntos acertados e tamén os posibles erros e así crear unha ferramenta que sexa guía para todos nós.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

MANUAIS GALEGOS

- : “Uns apuntes sobre o uso das maiúsculas” en *Lingua e administración*. Santiago de Compostela, Asociación de funcionarios para a normalización lingüística de Galicia, xaneiro-febreiro de 1996. Nº 8.
- : “O sentido das maiúsculas” en *O Cartafol Dixital*. Nº6. [en liña] <<http://www.ocartafol.usc.es>> [22-07-03]
- ÁLVAREZ Rosario; Xosé XOVE: *Gramática da lingua galega*. Vigo, Galaxia, 2002.
- ÁREA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DA UNIVERSIDADE DE VIGO: *Lingua galega: Criterios lingüísticos*. Vigo, Servicio de Publicacións da Universidade de Vigo, 2003.
- ARIAS LÓPEZ, Valentín: *Prontuario ortográfico de galego*. Vigo, Edicións do Cumio, 1993.

- ASOCIACIÓN DE FUNCIONARIOS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DE GALICIA: “Algunhas cuestións gráficas” en *Lingua e administración*. Santiago de Compostela, autor, 1985. Nº 5.
- ASOCIAÇÃO GALEGA DA LÍNGUA: *Prontuário ortográfico galego*. Ourense, AGAL, 1985.
- COROMINES, Joan: “Sobre a unificación ortográfica galego-portuguesa” en *Grial*. 1976. T. 14, nº 53.
- DOSIL LÓPEZ, Benxamín: “As maiúsculas e a linguaxe xurídico-administrativa galega II” en *BAL*. 1994. Nº 2.
- DOSIL LÓPEZ, Benxamín: “As maiúsculas e a linguaxe xurídico-administrativa galega III” *BAL*. 1995. Nº 3.
- DOSIL LÓPEZ, Benxamín: *Maiúsculas e abreviaturas*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1997.
- DOSIL LÓPEZ, Benxamín; Xesús RIVEIRO COSTA: *Diccionario de ortografía de lingua galega*. A Coruña, Fontel Edicións, 1996.
- DURAO, Carlos: “Breve caraterização práctica da Ortografia Simplificada” en *Actas do II Congreso Internacional da Lingua galego-portuguesa na Galiza*. Santiago de Compostela/Ourense, AGAL, 1987.
- FEIXO CID, X.: *Ortografía e estilo da lingua galega*. Vigo, Cumio, 2002.
- FERNÁNDEZ PAZ, Agustín, et al.: *Lingua e Literatura 3º ESO*. Vigo, Xerais, 2003.
- FERNÁNDEZ PAZ, Agustín, et al.: *Lingua e Literatura 4º ESO*. Vigo, Xerais, 2003.
- FERNÁNDEZ SALGADO, B. (coord.): *Manual de estilo. O Correo Galego*. Santiago de Compostela, Compostela, 2001.
- GARCÍA CANCELA, Xermán: “Algunhas consideracións sobre o galego como lingua da administración”, en *Cadernos de Lingua 1*. Santiago de Compostela, RAG, 1990. Páx. 47-56.
- GARCÍA CANCELA, Xermán: *Manual de Linguaxe administrativa*. Santiago de Compostela, EGAP, 1994.
- HERMIDA GULÍAS, Carme: *Ortografía práctica*. Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 2001.
- LÓPEZ TABOADA, Carme, et al.: *Curso superior de linguaxe xurídica para funcionarios da administración de xustiza*. A Coruña, Consejo General Poder Judicial, Xunta de Galicia, 1997².
- LÓPEZ TABOADA, Carme; Consuelo Mª ROMERO LADO; Mercedes LEOBALDE GARCÍA: *Curso de linguaxe administrativa*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2001.
- LORENZO VÁZQUEZ, R.: “Problemas da lingua” en *Vieiros: Revista do Padroado da Cultura Galega de México*. S.I., Muñoz, 1962.
- OBRAIRO: *Lingua galega e Literatura 3º de ESO*. Santiago de Compostela, autor, 2002.

- OBRADOIRO: *Lingua galega e Literatura 4º de ESO*. Santiago de Compostela, autor, 2002.
- PÉREZ FROIZ, Salvador: *Lingua e deporte*. www.crtvg.es [última consulta: 15-10-03]
- RAG; ILG: *Normas Ortográficas da lingua galega*. Vigo, autor, 1995.
- RIVAS CID, Xoán: “As maiúsculas e a linguaxe xurídico-administrativa galega I” en *BAL*. 1994. Nº 1.
- RIVEIRO COSTA, X.: *Letras e palabras*. Santiago de Compostela, Consellería de Cultura e Comunicación Social, Dirección Xeral de Promoción Cultural, Xunta de Galicia, 2001. Colección Andel.
- RIVEIRO COSTA, X.: *Ortografía do texto*. Santiago de Compostela, Consellería de Cultura e Comunicación Social, Dirección Xeral de Promoción Cultural, Xunta de Galicia, 1997. Colección Andel.
- RIVEIRO, Xesús: *Signos ortográficos*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1996.
- RODRÍGUEZ RÍO, Xusto: *Mellorando os servicios*. Santiago de Compostela, USC, 1997.

MANUAIS PORTUGUESES

- BARROSO, Henrique: *Forma e substância da expressao da língua portuguesa*. Coimbra, Livraria Almedina, 1999.
- BERGSTRÖM, M.; Neves, R.: *Prontuário ortográfico e guia da língua portuguesa*. Lisboa, Notícias, 1994²⁶.
- CASTRO, IVO de; Inês DUARTE; Isabel LEIRIA (org.): *A demanda da ortografia portuguesa: Comentário do acordo ortográfico de 1986 e subsídios para a compreensão da questao que se lhe seguiu*. Lisboa, Joao Sá da Costa, 1987.
- LEAO, Duarte Nunes de: *Origem da lingua portuguez: Dirigida a el rei D. Filipe o II de Portugal Nosso Senhor*. Lisboa, Pedro Craesbeek, 1606.
- MOURA NEVES, Maria Helena de: *Gramática de Usos do português*. Sao Paulo, UNESP, 2001.
- PINTO CASTRO, José M. de: *Novo prontuário ortográfico*. Lisboa, Plátano, 2002.
- SANTOS ALVES, Manuel dos: *Prontuário de língua portuguesa*. Lisboa, Universitária Editora, 1993²⁰.
- VERNEY, Luís António: *Verdadeiro método de estudar*. Lisboa, Livr. Sá da Costa, 1949³⁰. Vol.I.
- VIDAL FIGUEROA, Tiago: “Novo acordo ortográfico” en *Grial*. 1981. T. 29, nº 112.

MANUAIS ESPAÑOIS

- AGENCIA EFE: *Diccionario de español urgente*. Boadilla del Monte, SM, 2000.
- EL PAÍS: *Libro de estilo*. Madrid, autor, 1990⁷.

GÓMEZ TORREGO, Leonardo: *Gramática didáctica del español*. Madrid, SM, 2000⁶.

LA VOZ DE GALICIA: *Libro de estilo de La Voz de Galicia*. Arteixo, autor e Biblioteca Gallega, 2002.

MARTÍNEZ DE SOUSA, José. *Manual de estilo de la lengua español*. Xixón, Trea, 2003².

RAE: *Ortografía de la lengua española*. Madrid, Espasa, 1999.

MANUAIS CATALÁNS

DIRECCIÓ GENERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA: *Majúscules i minúscules*. Barcelona, Departament de Cultura de la Generalitat de Catalunya, 1992.
<http://cultura.gencat.net/llengcat/publicacions/majus/index.htm> [17-11-03]

MENTRES I SERRA, Josep M., et al.: *Manual d'estil: la redacció i l'edició de textos*. Barcelona, Universitat de Barcelona, 2000².

MANUAIS INGLESES

EASTWOOD, John: *Oxford Practice Grammar*. Oxford, Oxford University Press, 1999².

QUIRK, R. et al.: *A comprehensive grammar of the English language*. Harlow, Longman Group Limited, 1985.

SWAN, Michael: *Practical English Usage*. Oxford, Oxford University Press, 1995².

MANUAIS FRANCESES

GREVISSE, M.: *Le von usage: Grammaire française*. París, Duculot, 1986¹².

Manuais sobre o nome propio

BAJO PÉREZ, Elena: *La caracterización morfosintáctica del nombre propio*. Noia, Toxosoutos, 2002.

BRIDAROLLI, Mónica; Gabriela BUFFA; María Celia MATTEODA: "La clave ortográfica en la identificación de categorías nominales: nombre propio/nombre común" en *Revista Mexicana de Investigación Educativa*. Xaneiro-xuño 1999. Vol. 4, nº 7, páx. 79-99.

CHRISTIN, Anne-Marie (edt.): *L'écriture du nom propre*. París, L'Harmattan, 1998.

MIGLIORINI, Bruno. *Dal nome proprio al nome comune: Ristampa fotostatica dell'edizione del 1927 con un suplemento*. Florencia, Leo S. Olschki, 1968.

- MILDERS, Maarten Valentijn: *Memory for people's names in closed head injured patients*. Groningen, University Library Groningen, 1997. <http://www.ub.rug.nl/eldoc/dis/ppsw/m.v.milders/c1.pdf> [15-11-03]
- MOYA, Virgilio: *La traducción de los nombres propios*. Madrid, Cátedra, 2000.
- REBOLLO TORÍO, M. A.: "El nombre propio y su significado" en *Anuario de estudios filológicos*. Cáceres, Universidad de Extremadura, 1995. Nº 18.

OBRAS DE APOIO

- : *Nueva enciclopedia Larousse*. Madrid-Barcelona, Planeta, 1984.
- : *Diccionario manual Vox*. Barcelona, Bibliograf, 1998.
- ANDRÉS, Olimpia; Gabino RAMOS: Manuel SECO: *Diccionario del español actual*. Madrid, Aguilar, 1999.
- CABANES CATALÁ, M^a Luisa: *El tiempo y la humanidad*. <http://www.cervantes-virtual.com/historia/ht/tiempo.shtml> [24-10-03]
- CARBALLEIRA ANLLO, Xosé Luís, et al.: *Gran diccionario Xerais da lingua*. Vigo, Xerais, 2000.
- FEIXÓ, Xosé: *Diccionario Cumio da lingua galega*. Vigo, Cumio, 1999.
- GARCÍA LARRAGUETA, Santos A.: *Cronología: Edad Media*. Pamplona, Universidad de Navarra-Facultad de Filosofía y Letras, 1976.
- GARCÍA, Xosé Ramón: *Guía das plantas con flores de Galicia. Vols. I e II*. Vigo, Xerais, 1991.
- GONZÁLEZ Manuel; Antón SANTAMARINA (coords.): *Vocabulario ortográfico da lingua galega*. Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega e Real Academia Galega.
- HOUAISS, Antônio: *Dicionário Houaiss da língua portuguesa*. Rio de Janeiro, Objetiva, 2001.
- <http://www.xunta.es>
- <http://www.xunta.es/dog/dog.nsf>
- INSTITUTO DA LINGUA GALEGA: *Base de datos lexicográfica para un diccionario da lingua galega*.
- MOLINER, María: *Diccionario de uso del español*. [CDROM]
- RAE: *Diccionario de la lengua española*. Madrid, autor, 1989²⁰.
- RAG: *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña, autor, 1997.
- XUNTA DE GALICIA: *Nomenclátor de Galicia: Toponimia oficial das provincias, concellos, parroquias e lugares*. Santiago de Compostela, autor, 2003.

PROBLEMAS NA IDENTIFICACIÓN E ACENTUACIÓN DAS INTERROGATIVAS INDIRECTAS:

Dime que acentúo ben / Dime qué acentúo ben

Luz Cures Vázquez

Xesús Manuel Mosquera Carregal

Marta Negro Romero

Instituto da Lingua Galega (USC)

1. INTRODUCCIÓN

O obxectivo da presente comunicación é o de poñer de relevo as vacilacións que suscitan na escrita da lingua galega as denominadas oracións interrogativas indirectas a respecto da súa acentuación gráfica. As súas orixes radican na experiencia acumulada como correctores e/ou tradutores de textos e en reparar nas dúbidas dos usuarios da lingua á hora de determinar se hai que pór ou non acento gráfico, na escasa claridade do texto normativo ao respecto no seu apartado de acentuación en calquera das súas distintas edicións, e, en último termo, na pouca reflexión gramatical achegada polos distintos manuais de lingua. A isto aínda lle hai que engadir, como haberá ocasión de comprobar, que é un tema obxecto de até dous trasacordos normativos desde a publicación das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* na súa primeira edición de 1982: no ano 1995 cando se introduciron lixeiras modificacións e máis recentemente no 2003 cando se oficializou o denominado “Acordo normativo”¹.

Precisamente a hipótese de partida é que a falta de claridade do texto normativo e a ausencia dunha reflexión gramatical ao redor da cuestión (a inmensa maioría dos manuais e obras de referencia consultadas limítanse a seguir a literalidade do texto oficial²) derivaron na imposibilidade de fixar no usuario un criterio formado e coherente xa non só para poder saber cando cómpre acentuar ou non, senón primeiramente para saber discernir cando se trata dunha oración interrogativa indirecta e cando non. Entendemos que o tema que nos ocupa non é unicamente unha cuestión ortográfica que tan só

¹ Tal é así que as únicas modificacións entre o texto lido no congreso “Variación e prescrición” (novembro de 2003) e o recollido nas presentes *Actas* gardan relación coa circunstancia de que no momento de ler a comunicación as *Normas* 2003 aínda non foran publicadas.

² A excepción constituíaa a obra *Ortografía práctica* de Carme Hermida (2001).

admite dúas opcións (presenza *versus* ausencia de acentuación gráfica), senón máis ben unha cuestión gramatical, máis complexa, na cal entran en xogo parámetros como a tipoloxía dos verbos rexentes, a súa modalidade, etc.

O período temporal estudado comprende as dúas últimas décadas, é dicir o galego escrito moderno, regulado xa por unha normativa ortográfica e morfolóxica oficial. O corpus textual manexado para tirar exemplos foi, por accesibilidade e por se axear ao período cronolóxico obxecto de análise, o *Corpus de referencia do galego actual* (CORGA) sobre o que se executaron buscas orientadas tanto para dispor de exemplos con pronomes interrogativos acentuados, como para comprobar o tratamento ortográfico dispensado a eses mesmos pronomes interrogativos cando van ao carón de verbo *dicendi*. En menor medida o corpus de exemplos obtido foi complementado por outros exemplos tirados do noso labor cotián como lingüistas.

Logo desta breve introdución abordaremos a vertente gramatical do asunto que nos ocupa, isto é, a identificación das unidades das que estamos a falar, para de seguido, abordar o estado da cuestión a partir da revisión bibliográfica de manuais de lingua e gramáticas. Finalmente, para concluír, intentaremos argumentar unha proposta que aclare o uso (e, sobre todo, evite o abuso) do acento gráfico nos interrogativos indirectos.

2. INTERROGATIVA INDIRECTA: CONCEPTO, DELIMITACIÓN E TIPOLOXÍA DE VERBOS REXENTES

Sabido é que a facultade para reproducir un discurso é un universal da linguaxe, común daquela a todas as linguas, e sabido é que dúas das modalidades ou procedementos discursivos máis comúns cos que dar a coñecer o discurso ou acto de fala dalgún locutor son o denominado discurso directo (DD) e discurso indirecto (DI).

O *discurso directo* consiste na reprodución literal das palabras propias ou alleas. Formalmente caracterízase pola existencia dunha expresión introdutora (EI) que contén un verbo *dicendi* ou de comunicación, xeralmente flexionado, unha cita directa (CD) marcada tipograficamente coas convencións ortotipográficas que previamente se estableceran no texto (polo común os dous puntos e as comiñas ou raias) e o contido citado (CC) que é sempre a reprodución literal dun enunciado:

Anxo dixo: “Non vos podo axudar”.

Pola súa banda, no *discurso indirecto* xa non existe a reprodución literal do contido, senón que este se transmite máis ou menos fidedignamente.

É dicir, prima a información sobre a expresión lingüística e non importa que esta non coincida coa que realmente foi empregada polo locutor que se cita (adoita haber cambios nos tempos verbais, na orde de palabras...). Formalmente, preséntase baixo a forma dunha oración subordinada, de xeito que hai unha expresión introdutora (EI) que contén un verbo *dicendi* flexionado, unha cita indirecta que ten como marca a conxunción *que* e o contido citado (CC):

Anxo dixo que non nos podía axudar.

Entre estas dúas formas de reproducir o discurso opera un mecanismo de reconstrución (tamén chamados de translación, trasposición, transformación...), a través do cal dúas estruturas formais distintas ou dúas expresións encerran o mesmo contido, incluída a modalidade oracional (aseverativa, desiderativa, imperativa...):

Dixo: “tráiocho mañá” => Dixo que cho traía mañá.

Dixo: “¿cóllelo ti?” => Dixo que se o collías ti.

Dixo: “¡vémonos!” => Dixo que nos viamos.

Dixo: “cómeo ti” = > Dixo que o comera eu.

Se nos centramos nas interrogativas podemos falar dunha tese de equivalencia de xeito que unha oración interrogativa directa se corresponde cunha oración interrogativa indirecta:

Pedro preguntou: ¿Cando volves?

Pedro preguntou (que) cando volvías.

Como xa foi advertido, as oracións interrogativas indirectas inclúense dentro da subordinación substantiva, xa que desempeñan a mesma función que pode ter un sintagma substantivo, xeralmente a de obxecto directo:

Preguntou que hora era ~ Preguntou a hora ~ Preguntouna.

Segundo o elemento introdutor distínguense entre *interrogativas parciais* (relativas ou pronominais) e *interrogativas totais*. As primeiras son aquelas introducidas por *que*, *quen*, *cal*, *cando*, *canto*, *onde*, *como* e *por que*, e o sintagma interrogativo funciona como un dos argumentos ou complementos circunstanciais do predicado en que aparece:

Preguntoulle á súa filla (que) qué desexaba estudar.

Pola súa banda, as interrogativas totais presupoñen unha resposta afirmativa ou negativa na procura da confirmación ou falsidade dun enunciado e son introducidas por *se*:

Preguntoulle á súa filla se estaba estudando.

En todo caso, ambas teñen en común que van introducidas por unha frase interrogativa e que son empregadas para disipar incógnitas. Así mesmo, que sexan construcións subordinadas quere dicir que son seleccionadas por un predicado que recibe o nome de rexente. Pode ser nominal, adxectivo ou verbal:

a) nominal:

Agóbiame a dúbida de se se faría mal.
Róeme a incerteza de quen viría buscarme.
Tomaron a decisión de onde vivirían.

b) adxectivo:

Non estaba segura de quen ía vir.
É importante cal elixas para a cea.
Está interesado en como adquirilo.

c) verbal:

Preguntoume a que hora íamos ir.
Contoume canto agardaba a túa chamada.
Buscou como sobrevivir na cidade.

Será nos predicados verbais nos cales centraremos a nosa atención, pois son estes os que pola súa aparente variedade inicial suscitan máis dúbidas á hora de determinar se estamos ou non ante verdadeiras interrogativas indirectas e, en última instancia, á hora de determinar se se acentúan ou non.

Revisando o *Corpus de referencia do galego actual* (CORGA) atopámonos coa seguinte lista de predicados verbais que rexen unha cláusula interrogativa:

a) verbos exclusivamente interrogativos do tipo *preguntar(se)* e *inquirir*:

Preguntoulle quen a peinaba. (Rodríguez López, Ediciós do Castro, 1983).

Preguntándome cál das dúas será. (Gándara, Xerais, 1997)

Para preguntarse qué sentido tería clonar seres humanos completos. (O Correo Galego, 2000).

E váleme tanto o xeito de preguntar cómo perciben ou buscan a cociña os de fóra. (O Correo Galego, 2000).

Pregunteille qué lle parecía como andaban as cousas polas Grañas (Puentes, 2001).

Preguntoulle cál era o motivo daquel tormento (Riveiro Coello, 2001).

b) verbos de comunicación do tipo *revelar, anunciar, argumentar, asegurar, comunicar, corroborar, confirmar, contestar, dicir, declarar, enumerar, explicar, informar, mencionar, opinar, propoñer, precisar, repetir, responder, afirmar, falar de, discutir de/sobre*, etc.:

Non se molestara ninguén en comunicarlle en qué podía basearse aquela sentenza (Bernárdez Vilar, 1987).

Veríanse obrigados a discutir qué carácter tería este (Baamonde, en *Tempos Novos*, 1997).

Anque non revelou sobre qué está a escribir, admitiu que a escritura é “un vicio”. (*O Correo Galego*, 2000).

Foi Haupai Puke quen me explicou o que é, en qué consiste unha taniwha (*O Correo Galego*, 2000).

Para contestarlle ó BNG que denunciou cómo o financiamento público a centros privados pasou de 16,362 millóns (*O Correo Galego*, 2000).

Pero deixou sen precisar cómo terán que facelo, (*O Correo Galego*, 2000).

Discutían qué temas van aprobarse por maioría (*O Correo Galego*, 2000).

E dixeran non sei qué parvadas (Perozo, 2001).

Se me dis de qué se trata, podería ir adiantando algo (Reigosa, 2001).

c) verbos de maneiras de dicir, como *corear, berrar, xemir, gritar, besbe-xar, suspirar, tatexar*, etc.

Intentou revolverse berrando un qué fas puta, qué fas, ó que ela respondeu cun socorro (Alonso, 1995).

d) verbos dubitativos e de falta de coñecemento como *dubidar, non entender, poñer en dúbida, non estar seguro, non saber, ignorar, descoñecer*, etc.:

Antón só dixo non sei qué detalle e eu permanecía completamente muda (Suárez Abel, 1987).

Dixo descoñecer en qué punto se encontran os trámites. (*O Correo Galego*, 1996).

Ignoro qué foi del, os pais morreron nun accidente (Pena, 1997).

Non sei por qué, pensei que ías ir lonxe (Jaureguizar, 1998).

Dubidei que facer e inclineime por crer que sería mellor entrar (Romero, 2000).

Non estaba segura de qué pasaría cando Petra lle puxera as mans enriba (Queizán, 2000).

Deben ignorar qué é ETA, porque saben o que é (*O Correo Galego*, 2000).

Ninguén sabe ben de qué vive (Perozo, 2001).

Non entendo por qué te ofendín (Perozo, 2001).

Non sei por qué se interesa vostede por ese personaxe deleznable (Perozo, 2001).

Carlos Conde non sabía qué dicir (Reigosa, 2001).

Se saía do cuarto, descoñecía qué o agardaba no corredor (Reigosa, 2001).

e) verbos de percepción do tipo *ver*, *oír*, *percibir*, *observar*, *sentir*, etc.:

Non vexo por qué o fas (Durán, 1978).

Outra vez observamos cómo máis da metade das rendas destas dúas importantes... (Villares, 1982).

Xa viu vostede qué pouco lle custou ao Comandante ocupar as cristas da serra (Carballo Calero, 1982).

Dixo que non vía cómo a sociedade puidese funcionar sen bancos nin contables (Rodríguez Baixeras, 1987).

Era incapaz de tolerar un peido, ou de oír cómo ruxían as súas tripas (Rábade Paredes, 1989).

Se sentise de verdade cómo amencía, cómo abría os labios aquela viaxeira (*O Correo Galego*, 1996).

Oíndo cómo descende o seu ritmo cardíaco (Rodríguez Sánchez, 1997).

Pola acción do medo que o coutaba ó sentir cómo os outros corrían tras del (Valcárcel, 1997).

E xa sentía o metal no esófago, cómo entraba no estómago (Dacosta Molanes, 2000).

Bateulle coa culata no rostro e viu cómo caía no chan (Riveiro Coello, 2001).

Pasarei hoxe polo Axexo, a ver qué hai (Reigosa, 2001).

Camilo observou cómo o ferido realizaba un sacrificio estéril. As rulas de Bakunin, Antón Riveiro Coello (2001).

Abandonaron a cantina e percibiron cómo o cheiro a terra lles batía na cara (Riveiro Coello, 2001).

Viu cómo o home se espía cunha prema bárbara (Riveiro Coello, 2001).

f) verbos de coñecemento ou aprendizaxe como *aprender, acordar(se), deducir, comprender, entender, ocorrer, lembrar, recordar, recoñecer, esquecer, saber, darse (de) conta, esquecerse de*, etc.:

Anselmo non comprende por qué (Moreiras, 1976).

Ela non comprende por qué ela os olla daquela maneira e despois esconde a face (Vilaboa Ramos, 1982).

Argallara xa non recordo ben qué historias (Ballesteros, 1988).

Non recordo qué familia tiña (Alvillares, 1992).

Non me acordo cómo se chamaba o equipo de Santiago (*O Correo Galego*, 1996).

Non podemos esquecer nunca en qué tempo e espacio vivimos (*O Correo Galego*, 1996).

E seguía sen comprender cómo esvaraba esa pinga de sangue (Méndez, 1997).

É imposible esquecer qué di Lizarra e quen o impulsou. (*O Correo Galego*, 2000).

Nunca entendía qué demo quería dicir iso que todos os docentes algunha vez tiñan na boca (Caneiro, 2000).

Non se me ocorría qué outra cousa dicir (Neira Cruz, 2001).

Curso para aprender cómo funciona a USC (*O Correo Galego*, 2001).

Diamantino non acadaba a comprender cómo aquel home tan forte... (Puentes, 2001).

Non podo recordar quen e para qué (Perozo, 2001).

Que nunca saberemos qué díaños deberon pasar pola súa mente (Araguas, 2001).

No primeiro non soubera qué facer (Queipo, 2001).

g) verbos de “descubrimento” como *investigar, examinar, descubrir, indagar, dilucidar, adiviñar*, etc.:

Obrigaríanos a investigar por qué non se deron correntamentos de poboación (Villares, 1982).

Neste mes e medio oíronse insultos como para adiviñar cál vai ser o ton xeral da campaña. (*O Correo Galego*, 1996).

A ciencia trata de descubrir por qué precisamente este tipo de cancro resulta tan agresivo. (*O Correo Galego*, 1996).

Desde onte, xoves, e ata hoxe, venres, dilucidarase qué equipos pasan ás semifinais. (*O Correo Galego*, 1996).

Supoñía descubrir cál desas hipóteses diferentes era razoablemente admisible. (*O Correo Galego*, 1998).

Gústalle descubrir qué pezas caeron dentro do panorama social. (*O Correo Galego*, 2000).

Intentei descubrir de qué ía aquela tía (Costas, 2000).

Lito Ferro deu unhas voltas polo piso, tratando de adiviñar qué podía haber detrás daquel estraño suceso (Reigosa, 2001).

Simplemente temos a obriga de indagar qué e canto sabemos, a aprendizaxe exerce a función de recordar (Perozo, 2001).

h) verbos de medio de comunicación, do tipo *apuntar*, *anotar*, *ditar*, *escribir*, *telefonar*, *gravar*, *relatar*, etc.:

A continuación relatou cómo comunicou a Rita Barberá... (*O Correo Galego*, 1996).

Relatoulles ós seus familiares cómo o desaparecido saíra a cuberta alertado pola nai. (*O Correo Galego*, 2000).

Relatan cómo Xuok viaxou ó norte e atopou barro branco. (*O Correo Galego*, 2000).

i) verbos de valoración, como *aplaudir*, *aprobar*, *avalíar*, *criticar*, *elogiar*, *louvar*, *xulgar*, etc.:

Examinará cada solicitude e avaliará qué compañías reúnen os requisitos. (*Teatro do Noroeste*, 1997).

l) verbos de decisión, como *decidir*, *determinar*, *resolver*, *concretar*, *especificar*, *acordar*, *revelar*, *precisar*, etc.

O fillo estaba a chegar e xa determinaría il qué debía facerse (Rodríguez López, 1983).

Non acordaron polo momento cómo pasarán á reserva os obxectores (*O Correo Galego*, 1997).

Carecen da motivación abonda que determina por qué a Administración optou por esta vía (*O Correo Galego*, 1999).

Resolver o problema de quen ostentaría a representación política (Varela Díaz, 1999).

Que se negou en reiteradas ocasións a revelar quen era o verdadeiro propietario (*O Correo Galego*, 1999).

Aínda que non especificou cómo, durante a VI Conferencia das Nacións Unidas. (*O Correo Galego*, 2000).

Uns expertos reúnen en Barcelona para decidiren cómo trata-la traxedia televisiva. (*O Correo Galego*, 2000).

Para determinar qué pasou e por qué o 12 de agosto. (*O Correo Galego*, 2000).

Agora seguimos esperando oír noticias de Arafat, para decidir cómo continuar. O Correo Galego, Editorial Compostela (2000).

Aínda que queda por concretar cómo se acometerá (*O Correo Galego*, 2000).

Deixou sen precisar cómo terán que facelo (*O Correo Galego*, 2000).

Ora ben, ¿son todos estes exemplos de verdadeiras interrogativas indirectas?, ¿agochan unha incógnita?, ¿permiten resolvela? Todo parece indicar que non, senón que tal e como recollen diferentes estudos e a propia *Gramática galega* de Álvarez e Xove (páxs.: 181-185), cómpre distinguir entre preguntas indirectas verdadeiras e preguntas indirectas impropias ou pseudointerrogativas.

Apoiándonos en criterios semánticos e sintácticos son varias as probas que axudan a establecer os extremos entre estas dúas modalidades. Unha primeira consiste na que podemos denominar a “xeneralización de Plann” recollida no artigo “Indirect Questions in Spanish”: “Only those verbs of communication that can be followed by a direct question can be followed by *que* plus an indirect question.”; (Plann: páx.: 303). Nela abonda a profesora Carme Hermida na súa obra *Ortografía práctica* na que tamén mantén que só aqueles verbos de comunicación que se usan para citar unha pregunta directa, poden utilizarse para introducir preguntas indirectas.

Preguntoume con quen fixo o traballo => Preguntoume: ¿con quen fixo o traballo?

Dime qué tal che foi => Dime: ¿que tal che foi?

Este pode ser considerado o criterio básico e clarificador para distinguir as preguntas indirectas verdadeiras das pseudointerrogativas ou impropias, xa que serve para marcar unha fronteira entre aqueles verbos que seleccionan como obxecto semántico unha verdadeira pregunta (co fin de encher unha lagoa no coñecemento) e aqueloutros que o que fan é seleccionar unha proposición, que se pode vulgar como certa ou non no mundo real, xeralmente para aseverala.

Pero aínda hai máis criterios que axudan a perfilar mellor os verbos que poden exercer de rexentes de verdadeiras preguntas interrogativas indirectas:

a) as preguntas indirectas verdadeiras poden ir precedidas pola conxunción *que* que se antepón aos outros nexos:

Ti dis (que) cómo pescaba a traíña (Méndez Ferrín, 1976).

Pensei (que) cómo ía saber pintar tanta maxestade (Méndez Ferrín, 1991).

Contestoume (que) cómo se me ocorría preguntar iso (de Toro, 1991).

No papel dicía (que) cómo era posible que un mariñeiro quedase embarazado. (*Tempos Novos*, 1997).

Por ser o verbo prototípico introdutor das interrogativas (directas e indirectas), *preguntar* atópase lexicamente restrinxido (unicamente pode seleccionar subordinadas interrogativas e non proposicións) e non require de xeito obrigatorio a presenza da conxunción (“Indirect questions that occur after verbs that allow only an indirect question as complement –for example, *preguntar* ‘ask’, *preguntarse* ‘wonder’– are exceptions to this generalization. In such cases the indirect question must be interpreted as a question, even if it is not preceded by *que*, due to the nature of the matrix verb.”; Plann: 302).

Subía a ver o qué pasaba (Santiago, 1976).

Sáiron para ver qué pasaba. A saga dun afiador, Xosé Fernández Ferreiro, Edicións do Castro (1980).

Baixou por ver qué pasaba (Rodríguez López, 1983).

Tampouco saberían moi ben qué pasaba (Lorenzo Tomén, 1996).

Ela colleuno mal e preguntoume cómo me permitía opinar sobre cousas das que non sabía máis ca Ignacio (Risco, 1998).

Cando o médico lles pregunta qué pasou (Rei Núñez, 2000).

Pura dirixiuse ao cantador de boleros e preguntoulle qué opinaba da sinceridade (Caneiro, 2000).

Vestiuse rapidamente preguntándose qué caste de individuo sería aquel (Miranda, 2000).

Outro informador preguntoulle cómo pensaba dirixir o seu partido desde a cárcere (*O Correo Galego*, 2000).

A ruliña preguntouse qué fixera mal (Perozo, 2001).

Lola deixou de rir e preguntoulle cal era o motivo daquel tormento (Riveiro Coello, 2001).

E aínda tiña azos para me preguntar cómo estaba (Neira Cruz, 2001).

Posiblemente por este motivo, o emprego desta partícula tende a evitarse, pero en ocasións mesmo pode ser útil e preferible mantela para así evitar ambigüidades. De feito verbos como *repetir* ou *dicir* só coa súa presenza resultan equivalentes ao verbo *preguntar*:

El dixo tantas veces pensabas chamalo vs. El dixo *que* tantas veces pensabas chamalo.

Ana repetiu como temos pensado facelo vs. Ana repetiu *que* como temos pensado facelo.

b) as pseudointerrogativas, pola súa banda, xa non poden ir precedidas pola devandita conxunción:

Eu sabía (*que) cando ía regresar.

Ignoraba (*que) cantas veces o designaran.

Outra proba máis radica na paráfrase dos enunciados. Unha pregunta indirecta impropia como pode ser:

Xoán explicou como sucedera todo.

El sabe onde puxo túa nai as chaves.

son parafraseables como:

Xoán sabe a resposta á pregunta ¿como sucedeu todo?

Ela sabe a resposta á pregunta ¿onde puxo túa nai as chaves?

mentres que *Xoán preguntou como sucedera todo* ten como paráfrase posible *Xoán fixo a pregunta de como sucedera todo*.

Ao fin do exemplo anterior co verbo *saber*, pódese pensar que no caso de ir modificado por un adverbio de negación a distinción entre verdadeiras e impropias se torna problemática ou mesmo se anula (*El non sabe onde puxo túa nai as chaves*). No entanto, isto non é así: o verbo *saber* selecciona un obxecto de carácter proposicional, e non unha pregunta; a negación semella converter esa proposición nunha pregunta:

Miraba e non sabía qué explicación dar, nin cómo amañar tal espectáculo (Carballude, 1998).

Non sabía qué facer de min (Puentes, 2001).

Non sabía qué dicirle a aquel pai ferido (Reigosa, 2001).

Mais a realidade indica que segue a ser incompatible coa secuencia “que + frase interrogativa”

*El non sabe que onde puxo túa nai as chaves.

*Non sabía que que facer de min.

*Non sabía que que dicirle a aquel pai ferido.

*Miraba e non sabía que que explicación dar nin que como amañar tal espectáculo.

Igualmente “non saber” non permite introducir unha pregunta directa xa que a negación inverte o valor de verdade da oración (converte algo afirmativo en negativo) e amosa un estado de coñecemento da realidade, ou se cadra mellor dito de descoñecemento, determinado pero non por isto cambia o obxecto semántico que selecciona o verbo³:

*El non sabía ¿Onde puxera as chaves túa nai?

*Non sabía ¿Que facer de min?

*Non sabía ¿Que dicirlle a aquel pai ferido?

*Miraba e non sabía ¿Que explicación dar e como amañar tal espectáculo?

Chegados a este punto podemos establecer tres grupos de predicados verbais rexentes:

1.- *preguntar* (e sinónimos de escaso uso como *inquirir*): verbo introdutor prototípico que unicamente selecciona interrogativas. Como xa foi mencionado é o único que non require a presenza obrigatoria do *que* precedendo a interrogación.

Preguntoume que tal ía todo.

A xente preguntaba que pasaba alí.

Preguntaron cales eran os que viñeran pola tarde.

Preguntábame canto tempo máis tería que agardar

O gigolo preguntouse cando as clases medias do mundo serían conscientes...

(Jaureguizar, 1998).

2.- verbos de modos de falar ou que modulan a maneira de dicir un enunciado: *susurrar*, *berrar*, *gritar*, *balbucear*... Sempre van precedidos da conxunción *que*.

Rin ás escondidas, susurrando cales das láminas son as máis chamativas: Mulleres e Mar (Heinze, 1989).

Mentres lle preguntaba berrando ás paredes por qué lle tivo que tocar a ela. (Marcos, 1997).

³ Algo semellante ocorre coas exclamativas indirectas: unha oración como *El non sabe como puido facerlle iso ao seu pai* é problemático como exclamativa indirecta, pois as exclamativas presupoñen a verdade do que expresan o cal choca coa oración principal.

3.- verbos como *dicir, repetir, comentar, contar, contestar...* que si precisan da conxunción *que* para que as oracións sexan consideradas preguntas indirectas verdadeiras

El non deixaba de repetir que como íamos saír daquela.

Os raparigos, impacientes, non deixaban de dicir que cando virían os Reis.

Sen a preposición *que* xa estamos diante dunha interrogativa indirecta impropia ou pseudointerrogativa.

Non dixo cando ía volver.

Repetiu onde o pousou e non lle escoitei.

Á vista destes tres grupos pouco queda daquela primeira lista tan ampla que viamos ao comezo. Só estes tres parecen cumprir o requisito semántico de seleccionar unha subordinada que poida ser interpretada como unha verdadeira pregunta e non como unha proposición. Moitos están lonxe das características propias dos verbos de comunicación, caso dos verbos dubitativos, dos de falta de coñecemento ou dos de descubrimento⁴. Outros son eminentemente aseverativos (*confesar, confirmar...*) e outros, os que rexen preposicións, malia seren verbos de comunicación non pasan a inescusable proba de Plann e non poden introducir unha interrogativa directa.

Só quero que confeses por qué me chaman Fona (Caneiro, 2000).

O 18 dese mes ten que confirmar quen será o próximo presidente (*O Correo Galego*, 2000).

Para concluír, entendemos que as orixes das confusións parten de entender as interrogativas indirectas como un todo amplo no que entran verbos que, aínda pertencentes todos ao ámbito da comunicación e do coñecemento, presentan diferenzas no plano sintáctico e semántico.

En realidade, a indeterminación, e aquí é onde comezan as vacilacións ortográficas, vén dada polas aquí denominadas pseudointerrogativas: non son verdadeiras preguntas, senón oracións que contextualmente por cuestións pragmáticas poden interpretarse como demandas ou solicitudes de in-

⁴ No caso destes non queda claro se seleccionan como obxecto semántico unha pregunta ou unha proposición. Nun exemplo do tipo *Pescudou toda a semana como facerse cun exemplar* ou *Explicounos como funcionaba o aparello* non parece haber unha pregunta xenuína, pois o propio falante é quen dá a resposta, quen resolve a incógnita, quen, en definitiva, enche as lagoas de información ou coñecemento.

formación, máis aínda se temos en conta que adoitan aparecer en contextos imperativos ou condicionais (lembrems que os modos verbais serven para reflectir a actitude do falante).

Explicame como o fas.

Isto temos detectado que é especialmente frecuente en libros de texto, onde se tende a abusar destas construcións (no canto dunha interrogativa directa) e mesmo en ocasións se transforma erroneamente o discurso directo en indirecto simplemente substituíndo os signos de interrogación por un acento (cfr. os mecanismos de transformación entre discurso directo e indirecto).

Busca e nomea qué fundamentos empíricos parecen avalar algunhas das seguintes teorías ou leis. (*Filosofía da Ciencia de da Tecnoloxía*, 1998).

Investiga e expresa qué razóns múltiples levaron á caída da concepción xeocéntrica do sistema. (*Filosofía da Ciencia de da Tecnoloxía*, 1998).

Resulta impactante observar cómo esta terra amosa unha visión engaiolante (*O Correo Galego*, 2000).

Observar cómo nace e crece unha planta (Libro de texto, 2003).

Despois escribe de quen é cada disface (Libro de texto, 2003).

Explica quen fai estes traballos na túa casa (Libro de texto, 2003).

Describe cómo es ti (Libro de texto, 2003).

Marca de quen se trata en cada caso (Libro de texto, 2003).

Explica cál das dúas paisaxes che gusta máis (Libro de texto, 2003).

Sabes cousas sobre as plantas. Sabes cómo son e para qué serven os obxectos (Libro de texto, 2003).

Caso distinto é aquel en que temos oracións relativas independentes (sen antecedente) cun pronome obxecto directo e que si dan pé a enunciados ambiguos, xa que tamén sería posible que se entendese o *que* como unha conxunción.

Di que /qué sabes do tema.

Dime que/qué acentúo ben.

A ambigüidade é maior cando o verbo subordinado é un infinitivo como ocorre en:

Non teño que / qué ler.

A xente non ten que /qué facer.

Non teñen que /qué comer.

A policía non pode facer nada, non ten qué investigar. Arqueofaxia, Manuel Lourenzo González, Xerais (1995).

Tamén cando son interrogativas de dúbida ou vacilación do tipo:

El non soubo que /qué contestar.

Non sabía que /qué escoitaban detrás da porta.

Non soubemos que /qué querían construír.

Era fácil adiviñar que /qué soñaba.

3. REVISIÓN BIBLIOGRÁFICA

Neste apartado realizaremos un breve percorrido por algunhas das gramáticas, manuais, libros de estilo e de ortografía publicados na nosa lingua desde o ano 1982 deica a actualidade, para, deste xeito, analizar como se abordou a cuestión que nos ocupa por parte dos distintos autores.

Tomamos como punto de partida o ano 1982 por ser esta a data de publicación das *Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego*, nas que se establecía, dentro do apartado dedicado ao acento diacrítico, o seguinte: “tendo en conta que o uso do acento diacrítico é unicamente necesario para diferenciar palabras en principio homógrafas, pero non homófonas, o seu uso para diferenciar entre distintas funcións dunha mesma palabra supón a introdución dun novo criterio non xustificado. Por iso debe escribirse *esta mesa, quero esta, ¿cando vés?, ¿canto queres?, ¡que desgracia!, dime cal queres, non sei que anda facendo*”. Mas a continuación sinálase que “poden levar acento gráfico as formas do interrogativo e exclamativo naqueles casos en que se produza anfiboloxía: *dille que queres / dille qué queres, ¿xa sabes que hai? / ¿xa sabes qué hai?, xa sabes canto lle custou / xa sabes cómo lle custou*, etc.” (1982: 20).

A seguinte data de referencia no noso percorrido é o ano 1995, ano no que as *Normas* do 82 foron revisadas nalgúns apartados, entre eles o da acentuación das interrogativas indirectas. Nas novas *Normas* considérase que “a utilización de recursos gráficos para distinguir entre as funcións gramaticais que pode ter unha mesma palabra debe reducirse a aqueles casos que poidan causar problemas de interpretación do texto escrito”. Por este motivo, considérase necesario acentuar sempre as formas do interrogativo e exclamativo cando introducen interrogativas indirectas para, deste xeito, “marcar na escrita a diferenza de tonicidade existente na lingua oral e evitar posibles anfiboloxías” (1995: 29-30). Como exemplos de casos de ambigüi-

dade vólvese recorrer aos expostos nas *Normas* do 82 e é frecuente que estes se repitan nas obras revisadas para o noso estudo, o que conduce a pensar que a ambigüidade queda reducida a pouco máis de tres casos.

Debido ao que acabamos de explicar, dividiremos o noso estudo en dous apartados: o tratamento da acentuación das interrogativas indirectas nas obras publicadas desde 1982 deica 1995, e mais o tratamento da acentuación das interrogativas indirectas nas obras publicadas desde 1995 deica a actualidade.

3.1 Tratamento da cuestión desde 1982 deica 1995

De entre as vinte e sete obras analizadas, quince situaríanse neste período, e só catro delas recollen o establecido nas *Normas* do 82: *Gramática Galega* (1986); *O galego correcto* (1991), *Manual de linguaxe administrativa* (1991) e *Iniciación ó galego* (1993). Outras catro obras ni sequera abordan o tema como sucede en: *Edigal galego. Primeiro método audiovisual para a aprendizaxe da lingua galega* (1985), *Galego para vós* (1993), *Libro de estilo* (1993) e *Retallos. Manual práctico de galego* (1993, 1995²).

As outras sete publicacións podemos dicir que non se meten en fonduras ao non falar dos casos de anfiboloxía, e decántanse pola non acentuación das partículas interrogativas indirectas. Esta é a solución adoptada en: *Manual de galego urxente* (1987), *Avante. Curso de galego. Perfeccionamento 2* (1989), *Prácticas de lingua* (1993²), *Método activo de lingua galega* (1994), *Curso de galego. A palabra herdada* (1995) e *Curso de galego para as administracións* (1995). Como podemos observar, as obras citadas son manuais de uso de galego, o que pode explicar que non se fale de acentuar en casos de ambigüidade para deste xeito facilitar a aprendizaxe da lingua. Por outra parte, é preciso sinalar que nalgúns casos dise que non se acentúan os pronomes interrogativos e exclamativos, pero só se ofrecen exemplos de interrogativas directas, polo que supoñemos que para as indirectas a solución adoptada é a mesma. Isto é o que sucede en *Prácticas de lingua* e en *Curso de galego. A palabra herdada*, onde se nos di: “Non se acentúan os pronomes interrogativos e exclamativos. ¿Que fas?, ¿quen vén?, ¿canto queres?, ¿cantos rapaces! (...)”.

3.2 Tratamento da cuestión desde 1995 deica a actualidade

Das doce obras encadradas neste período hai dúas que seguen recollendo a postura das *Normas* do 82 e non a das *Normas* do 95. Falamos de *Ortografía práctica* (2001) e *Gramática da lingua galega* (2002). Consideramos necesario facer unha mención especial á obra de Carme Her-

mida, *Ortografía práctica*, por ser a única que afonda na problemática da acentuación das interrogativas indirectas. A autora sinala a enorme confusión que provocou a entrada en vigor da regra recollida nas *Normas* do 95 na que se prescribe a colocación do acento gráfico en todas as interrogativas e exclamativas indirectas. Deste xeito pasaron a acentuarse pronomes relativos ou adverbios no lugar de pronomes interrogativos (“non sei de qué me falas”, “empeñouse en non me querer dicir quen era o tío Amadeo” ...), polo que, como ben indica Carme Hermida, “sería recomendable modifica-la regra dictada no 95 e volver á situación anterior” (2001: 33)⁵. Esta volta atrás exactamente foi o que se fixo no denominado *Acordo normativo* do ano 2003: establécese a acentuación das formas do interrogativo e exclamativo cando introducen interrogativas e exclamativas indirectas “para evitar posibles anfiboloxías: dille qué queres / dille que queres, xa sabes qué hai?/ xa sabes que hai?, xa sabes canto lle custou / xa sabes canto lle custou, etc.” (2003: 31-32). Por tanto, continúaase utilizando o criterio da anfiboloxía, insístease nos mesmos exemplos de sempre e a única diferenza radica en que o que no ano 1982 era unha posibilidade (“Poden levar acento gráfico...” [1982: 20]) agora convértese en norma o cal segue a presentar problemas como sinalaremos máis adiante.

En canto ás dez obras restantes, todas elas propoñen a acentuación das formas do interrogativo cando introducen interrogativas indirectas, e seguen, polo tanto, o establecido nas *Normas* do 95. Estas dez obras son: *Diccionario de ortografía da lingua galega* (1996), *Guía rápida da lingua* (1997), *Letras e Palabras* (1997), *Curso de galego para non-galegofalantes* (2000), *As normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. Actualizacións, complementos e desviacións* (2001), *Vencello. Lingua e cultura galega para estudantes de fóra de Galicia* (2001), *Manual de estilo do Correo Galego* (2001), *Ortografía e estilo da lingua galega* (2002) e *Galego para cursos de iniciación* (2002).

Nesta segunda etapa podemos observar que a pesar da diversificación do material, xa non se reduce case exclusivamente a manuais de uso da nosa lingua como acontecía no período anterior, non existe un tratamento crítico da cuestión nin sequera nunha obra que pretende facer unha revisión das *Normas* como é *As normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. Actualizacións, complementos e desviacións*. Noutros casos non se chega a tratar a cuestión como sucede en *Manual de gramática galega* (2001), sendo polo tanto a única excepción deste panorama a obra xa citada de Carme Hermida.

⁵ Ademais, considera importante que se saiban distinguir as interrogativas e as exclamativas indirectas das directas para o cal ofrece regras útiles para todos os usuarios da lingua.

4. CONCLUSIÓNS / REFLEXIÓNS FINAIS

Como se sinalou ao comezo, as orixes desta comunicación radicaron nas vacilacións, dúbidas e disparidade de criterio que observabamos no tratamento ortográfico das denominadas oracións interrogativas indirectas, e que ademais non atopaban, ao noso entender, un tratamento axeitado nos numerosos manuais e obras de consulta dispoñibles no mercado tal e como se constatou na revisión da bibliografía realizada. De feito, o que nun principio consideramos que era unha simple cuestión ortográfica terminou por se converter nunha cuestión máis complexa, de raíces gramaticais da que en ningunha das obras analizadas se facía mención. Observamos que o problema de partida era a consideración das interrogativas indirectas como un todo amplo que incluía oracións rexidas por verbos, aínda que semellantes, con propiedades sintáctico-semánticas diferentes (cfr. a lista de exemplos tirada do CORGA recollidos na parte teórica).

É por isto que o primeiro obxectivo foi o de ofrecer unha caracterización das interrogativas indirectas e dos seus verbos rexentes para establecer unha barreira entre estas oracións e as que a propia gramática, se cadra non moi afortunadamente, etiqueta como pseudointerrogativas ou interrogativas impropias cando en realidade nin agochan unha interrogación nin disipan unha incógnita.

A revisión bibliográfica serviu para comprobar a inexistente reflexión gramatical coa que os distintos manuais e obras de referencia abordan o tema, a excepción da xa comentada obra de Carme Hermida. No mellor dos casos restrinxen a cuestión a un simple problema ortográfico (se se acentúan ou non) e reproducen as indicacións das *Normas* vixentes no momento da súa publicación. Quere isto dicir que o tratamento da cuestión quedou reducido a un único parágrafo encadrado baixo o epígrafe da “Acentuación diacrítica” sen que xurdiran novas propostas, alén das normativas, e a pesar de que a consulta do corpus revela que sempre, con maior ou menor intensidade, foi unha cuestión problemática e confusa para os usuarios da lingua escrita estándar nos distintos ámbitos.

No período 1982-95, cando a acentuación se limitaba aos casos ambiguos, ademais de erros e vacilacións que teñen que ver máis co estado aínda tantariñante do coñecemento e dominio do estándar⁶, xa é posible documentar exemplos de acentuación en contextos en que a ambigüidade non é tal. No seguinte cadro achéganse algúns exemplos que permiten comprobar

⁶ No ano 1982 aínda é posible atopar exemplos de *cóma* acentuados: As series decimais galegas até agora estudadas amosan *cóma* dende fins do XVIII se produce A desamortización dos...

un uso aleatorio da acentuación con interrogativas indirectas rexidas polo verbo *preguntar*:

Preguntar qué/cómo/cándo... do 1982 ó 1995 (acentuado)

Don Xerome preguntou qué hora era, e Oliveira subiu ós faiados a ver as... (Freixanes, 1982).

Quietán leuna e cando me preguntou que qué cadro era aquel, respondinlle que un que me regalara Pedro (Conde, 1982).

Preguntoulle qué facía e a coitada, con arrepiantes laios, faloulle dunha cobra... (Rodríguez López, 1983).

Cristina preguntoulle qué lle pasara. El soamente respondeu que estaba canso e que... (Reigosa, 1984).

Cando terminou o parlamento apoloxético, preguntou por qué razón Pulpeiro non acudiría á reunión convocada na esquelina que... (Rodríguez Baixeras, 1987).

Preguntei cómo podía ser posible (Rábade Paredes, 1989).

Sempre teño o costume de comentarllo e preguntarlle qué lle parece; e así, cunha tonteiría destas, moitas veces boto (Gondar Portasany, 1991).

A xente preguntábase qué comería de cotío. Castañas e froitas do monte, digo eu (Cabana, 1994).

Xa estou onda eles para lles preguntar ola, qué queredes (Alonso, 1995).

Preguntar que/como/cando... do 1982 ó 1995 (sen acentuar)

Entón preguntou Ricardo que lle acontecerá ó que faltaba (Alcalá, 1984).

Cando terminou de me contar a súa vida, preguntoume que era o que facía eu (Costa Clavell, 1985).

Preguntouse con certo pavor que pasos tería que dar agora para localizar a Purificación sen... (Rodríguez Baixeras, 1987).

Exeo notou que andaba toda inqueda e preguntoume que tiña (Alonso, 1988).

Preguntei catro veces quen ía sentado aquí, á beiriña do morto, e case agardo (de Souza, 1989).

Nunha ocasión preguntoulle por que non escribía algo en galego (del Caño, 1990).

Unha vez pilloume o xuíz na súa horta, roubándolle peras, e preguntoume que facía alí. Eu díxenlle que pasaba de casualidade, e tivera... (del Caño, 1990).

Lanzós preguntoulle que son empanadas; contestou que son as masas de pan coma paredes que levan dentro (Miranda, 1991).

Mais non sabían que contestar cando se lles preguntaba de quen era o tubo, quen o puxera alí e canto tempo (Martín, 1992).

Preguntou quen era e de que familia, e dixéronllo, facéndolle saber tamén que era a noi-va (Fernández Ferreiro, 1993).

Pegoume un cometón cariñoso e preguntoume que me parecía a Varciela, se sería propiamente unha illa ou... (Cabana, 1994).

O deputado Enrique Tello preguntou que actuacións ten previstas a Xunta para que se cumpra a... (*O Correo Galego*, 1995).

É no período posterior (1995-actualidade), tras a introdución de lixeiras modificacións nas *Normas* (entre elas a que inclúe a extensión do acento

gráfico a todas as formas do pronome interrogativo para evitar posibles anfiboloxías e como marca de tonicidade), cando as ocorrencias de exemplos coma os anteriores sofren un aumento espectacular por mor da mala interpretación que da modificación se realizou. Con todo segue a haber exemplos que se desvían do indicado nas *Normas*:

Preguntar qué/cómo/cándo... a partir de 1995 (acentuado)

xa estou onda eles para lles preguntar ola, qué queredes, cando lembro Gloria Estefan, e retrocedo brusco desculpándome (Alonso, 1995).

Que os outros se pregunten qué miro con tanta obstinación ó bordo da auga (*O Correo Galego*, 1996).

Nunha ocasión meses atrás, non obstante, chegáralle a preguntar por qué non se atrevía a dicirlle ou, non sei, polo menos (Pena, 1997).

O Rei non preguntou qué horta era aquela nin ónde estaba (Aleixandre, 1998).

Nas que preguntaba qué pensarían os cidadáns sobre o pacto entre PNV (*O Correo Galego* 1999).

Cando era un home incumplido preguntándolles ós seus compañeiros qué se sentía ó estar cunha muller (Rei Núñez, 2000).

Un deles preguntoulle ó amigo Pardo qué pasaba coa xente das Grañas que xa levaban moito tempo (Puentes, 2001).

Preguntar qué/cómo/cándo... a partir de 1995 (sen acentuar)

Aínda sorrinte preguntándose que lle estaría a suceder a el (Conde, 1995).

Pregunteille por que o pai o chamara verbo da rapaza fuxida (Alcalá, 1996).

Pero se me preguntaran que me parece a música... (Vázquez Freire, 1997).

Fixolle preguntarlle á súa nai que facía toda aquela xente alí. (Jaureguizar, 1998).

Se alguén pregunta como me foi o día, eu respondo. (Costas, 2000).

Todos se preguntaban de onde me saíra aquela elegancia (Puentes, 2001).

Ante este estado de confusión entendemos que efectivamente unha posible solución é a volta atrás, tal e como indicaba Carme Hermida na súa obra e tal e como así indican as *Normas* 2003. Non obstante, son varias as precisións que queremos achegar ao respecto, en especial sobre a inclusión novamente do criterio de ambigüidade.

En primeiro lugar, a experiencia confirma que os usuarios da lingua, e os propios lingüistas, nos achegamos ás obras de consulta (dicionarios, manuais de ortografía, gramáticas...) na procura de solucións concretas ás nosas dúbidas. Entendemos que introducir o criterio de ambigüidade, que é en si mesmo confuso ou vago, non axuda á resolución das dúbidas dun usuario da lingua, incluso pode crear outras novas e/ou afondar nas xa existentes. Cómpre ter en conta que determinar se hai ambigüidade ou non nun enunciado dado, pode resultar unha cuestión subxectiva, variable en función do

falante e do contexto e que mesmo pode admitir gradación (fronte ao típico exemplo de *Dime que me queres*, hai outros en que poden non resultar tan evidente a existencia dun dobre significado ou sentido: *Para saber que pasa en Galicia*). Cabe pensar que un dos requisitos que deben de cumprir as *Normas* e os manuais que delas se deriven é o de ofrecer solucións concretas e non deixar as portas abertas a interpretacións persoais.

Unha segunda apreciación ten que ver coa escasa frecuencia de enunciados que poidan resultar ambiguos (os que hai semellan ser froito da capacidade infinita da linguaxe para crear enunciados, máis que a unha suposta frecuencia intrínseca deles). Entendemos que fronte a enunciados do tipo *Non teño qué ler / Non teño que ler*, son máis frecuentes outros enunciados nos que calquera tipo de ambigüidade xa é imposible e o seu sentido resulta moito máis claro (*Non teño nada para ler / Non teño que ler ningún libro ...*). Ademais, por outra parte, dá a sensación de que o tratamento desta cuestión semella estar condicionado polo feito de achegar sempre exemplos de casos ambiguos presentandos dun xeito illado, transmitindo a falsa sensación de que existe un corpus moito maior do que realmente é, e, sobre todo, esquecéndose de que todo enunciado dispón dun contexto e é encadrable nunha situación comunicativa determinada. Afondando nesta liña argumentativa mesmo se podería chegar a cuestionar se é preciso acentuar os devanditos casos, se é rendible crear unha regra específica para tentar aclarar uns poucos a custa de posiblemente crear problemas no tratamento ortográfico de moitos outros (¿facilitar a lectura para complicar a escritura?). Por unha banda, existen outros exemplos de enunciados ambiguos e sobre eles non se cuestiona que poidan ser desambiguados mediante a acentuación, xa que é evidente que irían en contra do principio de economía e sinxeleza que toda ortografía debe procurar.

¿Xa sabes quen foi? [caso de sincretismo no que a forma verbal pode ser do verbo *ser* ou *ir*].

Dixo que seu pai xa marchara [exemplo de discurso indirecto no que se descoñece a quen fai referencia “seu pai”].

Pola outra, o fluír do discurso e a cohesión dos elementos que o compoñen é na meirande parte dos casos suficiente para saber se estamos ante unha oración de carácter aseverativo, interrogativo ou exclamativo como sucede nos seguintes exemplos:

Teu pai xa sabe canto nos custou o coche (aseverativo).

El sabe cantas veces teño agardado por el (exclamativo).

Seguimos sen saber canto ten pensado investir (interrogativo).

Sexa como for, mantendo o criterio de acentuar aqueles casos que poidan presentar máis dun significado en función do elemento gramatical que estea presente (pronomes ou conxunción), entendemos que o seu modo de representalo no texto normativo, co fin de casar do mellor xeito posible a gramática coas regras ortográficas, podería pasar polas seguintes posibilidades:

- a. Especificar que os casos ambiguos son minoritarios.
- b. Relacionado co anterior, reducir o corpo tipográfico da indicación (que ao usuario das *Normas* lle chegue tamén dun modo visual que son minoría os exemplos e case constitúen unha excepción á norma).
- c. Conectar mediante remisións a parte da acentuación coa parte destinada aos pronomes e conxuncións dentro do propio texto normativo.
- d. Ampliar e renovar o grupo de exemplos achegados.

Por desgraza, estas observacións, feitas antes da publicación das *Normas* 2003, non teñen reflexo no novo texto normativo: non se lle especifica ao usuario que os casos ambiguos sexan minoritarios (non se emprega ningunha indicación tipográfica que así o faga entrever), non se remite ao apartado dos pronomes e conxuncións e o catálogo de exemplos mantense inalterado vinte e un anos despois⁷.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Bibliografía activa

- Álvarez Blanco, R. e Xove Ferreiro, X. (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Plann, S. (1982): "Indirect Questions in Spanish", *Linguistic inquiry* 13, páxinas 297-312.

⁷ Na segunda edición de *Ortografía práctica*, publicada con anterioridade do texto normativo e acompañada dun opúsculo, Carme Hermida propón unha redacción ao noso entender máis completa e na liña das nosas observacións. Certo que é un texto de carácter didáctico pero ten o valor de sinalar o que é unha oración indirecta (interrogativa ou exclamativa) e explicitar os elementos entre os que se pode producir confusión (pronomes interrogativos, conxunción e pronomes relativos).

Suñer, M. (1999): “La subordinación sustantiva: la interrogación indirecta” en *Gramática descriptiva de la lengua española*, Bosque, I. e Demonte, V. (dirs.). Madrid: Espasa Calpe, páxs.: 2149-2195.

Bibliografía pasiva

- Álvarez Blanco, R., Monteagudo, H. e Regueira, X. L. (1986): *Gramática Galega*. Vigo: Galaxia.
- Arias, V. (1992): *Libro de Estilo*. A Coruña: Anel / Xunta de Galicia.
- Barros Taboada, M., Núñez Pombo, C. e Vicente Terceiro, M. (1993, 1995²): *Retallos. Manual práctico de galego*. A Coruña: Fontel Edicións.
- Beltrán Carballeira, R. X. (2002): *Galego para cursos de iniciación*. A Coruña: Baía Edicións.
- Bermúdez, A. e Colmenero, A. (1993²): *Prácticas de lingua*. Vigo: Edicións do Cumio.
- Castro Soliño, D. e Gullón González, R. (1995): *Curso de galego. A palabra herdada*. Lugo: Citania Publicacións.
- Cid González, C. e Tesouro Borrajo, X. (1995): *Curso de galego para as administracións*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Dosil López, B. e Riveiro Costa, X. (1996): *Diccionario de ortografía da lingua galega*. A Coruña: Fontel Edicións.
- Chacón Calvar, R. e Rodríguez Alonso, M. (1991): *O galego correcto*. Madrid: SM.
- Feixó Cid, X. G. (1993): *Iniciación ó galego*. Vigo: Ir Indo.
- Feixó Cid, X. G. (2001): *As normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. Actualización, complementos e desviacións*. Vigo: Edicións do Cumio.
- Feixó Cid, X. G. (2002): *Ortografía e estilo da lingua galega*. Vigo: Edicións do Cumio.
- Fernández Salgado, B. (coord.) (2001): *Manual de estilo do Correo Galego*. Santiago: O Correo Galego.
- Freixeiro Mato, X. R. (2001): *Manual de gramática galega*. Vigo: A Nosa Terra.
- García, X. et al. (1985): *Edigal galego. Primeiro método audiovisual para a aprendizaxe da lingua galega*. 4 vols. + 3 casetes. Santiago: Edigal.
- García Cancela, X. e Díaz Abreira, C. (1991): *Manual de Linguaxe Administrativa*. Santiago: Escola Galega de Administración Pública.
- Hermida Gulías, C. (2001): *Ortografía práctica*. Santiago: Sotelo Blanco.
- Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega (1982): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Vigo: ILG / RAG.
- Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega (1995): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Vigo: ILG / RAG.

- Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega (2003): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Vigo: ILG / RAG.
- Mata Iglesias, A. M. e Núñez Argiz (2000): *Curso de galego para non galego-falantes*. Santiago: Xunta de Galicia.
- Mouriño Cagide, X. (1989): *Avante. Curso de galego. Perfeccionamento 2*. Santiago: Xunta de Galicia.
- Nieto, A. e Troitiño, X. (1994): *Método activo de lingua galega*. Vigo: Edicións do Cumio.
- Paül Carril, Valeriá (coord.) (2001): *Vencello. Lingua e cultura galega para estudantes de fóra de Galicia*. Santiago: Xunta de Galicia.
- Pena, X. R. e Rosales, M. (1987): *Manual de galego urxente*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Pombo Mosquera, X. A. (1997): *Guía rápida da lingua*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Rivas Cid, X. (1993): *Galego para vós*. A Coruña: Fontel Edicións.
- Riveiro, X. (1997): *Letras e Palabras*. A Coruña: Anel / Xunta de Galicia.
- Sánchez Vales, D. et al. (1991): *Curso de lingua galega para as corporacións locais*. Santiago: Xunta de Galicia.

ESCRIBIR E PRESCRIBIR. VARIACIÓN E PRESCRICIÓN ORTOGRÁFICA EN LINGUA GALEGA (1950-1982)

Serafín Alonso Pintos

IES Abrente (Ribadavia)

Un observador externo que pretenda analizar a ortografía galega da segunda metade do século XX podería, en principio, optar por limitar o seu estudo ás regulamentacións oficiais da época, desbotando por irrelevantes aquelas outras que viron a luz sen o respaldo da Academia ou sen a cobertura legal do poder político. Pero calquera que afonde algo no proceso percibe logo que a normativa da Real Academia Galega non pode ser o único modelo de galego escrito culto actuante naqueles anos, pois non aparece formulada ata os comezos da década dos setenta (*Normas ortográficas do idioma galego*, 1970; *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, 1971) e deixa fóra, na súa concisión, moitos e moi importantes extremos ortográficos para os que se viña reclamando desde había tempo unha ordenación específica. E outro tanto acontece coa primeira regulamentación ortográfica sancionada pola autoridade política, xa que as *Normas ortográficas do idioma galego* (1980) encomendadas pola Xunta preautonómica resultaron inaplicables na práctica pola súa esencia dúplice. E se seguísemos empregando o criterio de atención exclusiva ás preceptivas oficiais, a análise remataría nas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* aprobadas pola Real Academia da Lingua (RAG) e o Instituto da Lingua Galega (ILG) en 1982.

Pero é sabido que o itinerario do galego escrito foi menos simple e menos lineal, de maneira que o comentario da variedade de matices ortográficos que un lector pode atopar en escritos do noso período vai requirir doutra estratexia aproximativa, que dea entrada, entre outros aspectos, á pluralidade dispersa de intentos de codificación ortográfica promovidos polos defensores dun maior achegamento da ortografía galega á portuguesa. Esta apertura do campo de visión permitirá contemplar outras regulamentacións, de influencia igual ou superior ás oficiais, para dar conta dun grupo de documentos que establecen entre si unha mesta relación dialéctica que irá moldeando a fasquía gráfica do galego moderno¹. Na década dos cincuenta, poderíamos

¹ Para unha análise máis por extenso cf. Alonso (1998, 2002).

afirmar que, en certo sentido, o importante era *escribir*. En plena ditadura, publicar en galego constituía de seu unha acción meritória e a cuestión ortográfica tiña un relevo menor. A principios dos setenta, os intentos de ordenación do galego escrito aínda se autodefinían en xeral como breves, elementais, mínimos, provisionais... e presentaban un carácter escasamente prescriptivo. Pero co paso do tempo o contexto experimentará mudanzas substanciais. O cambio de escenario político dará entrada a novos actores e intereses, e o nacente marco lexislativo constitucional animará un número notable de publicacións encamiñadas a preceptuar a ortografía da lingua.

O punto de inflexión máis importante deste percorrido de estandarización vén marcado pola aprobación da xa mencionada normativa RAG-ILG de 1982, que resultará oficializada polas autoridades políticas a través da Lei de Normalización Lingüística (1983). As normas de 1982 convidan a segmentar metodoloxicamente esta panorámica da ortografía da segunda metade do século pasado en dúas partes: unha primeira, que abranguería desde os anos cincuenta ata principios dos oitenta e unha segunda, iniciada en 1983, que ocuparía máis ou menos os vinte anos seguintes². A primeira fase (c. 1950-1982) caracterizaríase pola influencia dunha serie de normativas que, malia non recibiren o referendo do poder político –excepción feita das malogradas normas da Comisión de Lingüística de 1980– deseñan os perfís da escrita tal e como hoxe a coñecemos. A segunda (1983-2003), principiaría coa longa serie de críticas que recibiu a normativa da Academia e do Instituto por parte daqueles que avogaban por un máis profundo acercamento ortográfico do galego ao portugués, e xulgaban que a súa postura non fora debidamente tomada en consideración nas normas de 1982. Esta polémica pexou o proceso de normalización que daquela se iniciaba, afeou durante anos a imaxe pública do incipiente galego estándar e, afortunadamente, parece en vías de superación nestes inicios do s. XXI, co regreso ao debate ortográfico dunha vontade de concordia desaparecida tempo atrás³.

Como dixemos, a historia ortográfica da lingua galega ata os anos oitenta do século pasado non vén marcada por regulamentacións elaboradas en primeira instancia por un comité de lingüistas especializados, validadas logo por unha Academia da lingua e finalmente oficializadas polo poder político gobernante. Na nosa etapa, pola contra, a escrita desenvolveuse tutelada por

² Sobre a vintena 1983-2003 cf. o artigo de Paulo Sánchez Vidal neste volume.

³ Sobre este tema pode consultarse a síntese aparecida na revista dixital do Consello da Cultura Galega con motivo do intento de reforma de 2001 (culturagalega.org/especiais/reforma/contexto.htm). Sobre o debate público que precedeu aquela proposta cf. Alonso (2000b).

unha serie de contribucións propositivas (non impositivas) que, en liñas xerais, continuaban unha tradición iniciada na segunda metade do s. XIX que se vira freada, na Galicia da Terra, polo estalido da guerra civil española e o establecemento posterior da ditadura franquista. A tendencia básica das décadas dos cincuenta e sesenta podería exemplificarse na coñecida como “normativa Galaxia”, unha convención que conseguiu un consenso tácito practicamente unánime na posguerra. Trátase dunha normativa fáctica, máis coñecida polas súas plasmacións discursivas na edición de textos literarios ca polos seus fundamentos teóricos e que ten na eliminación de guiños, apóstrofes e acentos ortográficos distintos do agudo a súa característica máis visible. Unha mostra ampla e sistematizada do que os de Galaxia entendían por bo galego escrito podémola contemplar na súa gramática (*Gramática elemental del gallego común*, 1966), na que, á parte da poda de diacríticos, deféndese a ortografía do castelán para a representación do galego, rexéitase a portuguesa por inadecuada e desbótase a etimolóxica (*fugir* no canto de *fuxir*, p.e.) por incongruente e pouco práctica. O redactor daquel texto, Ricardo Carballo Calero, preconizaba un ideal de galego culto marcadamente literario, e, arrandeándose entre o aparentemente descritivo e o explicitamente prescriptivo, ofrecía aos lectores da súa gramática un ensaio de ordenación do galego escrito que se presentaba máis como un conxunto de recomendacións ca como unha enumeración de obrigas ortográficas de cumprimento irrecusable⁴.

Unha porción sumaria do patrón establecido por Galaxia para a publicación dos seus produtos editoriais recibe sanción académica nas *Normas ortográficas do idioma galego* publicadas en 1970. Na súa primeira versión, o opúsculo da Real Academia Galega apenas dá conta das “letras” (o alfabeto), o acento ortográfico (“As regras de acentuación son as mesmas que en castelán”, RAG 1970: 13) e algunhas contraccións (*ao, do, cun, nel, polo...*). Uns meses despois, xa en 1971, a aparición do *Gallego 1* do Instituto da Lingua Galega empuxa a Academia a engadir ás súas normas ortográficas unhas poucas anotacións morfolóxicas (“Algunhas normas para a unificación morfolóxica da lingua galega”), que resultan igualmente cativas e non logran afastar da esfera galeguista unha sensación xeral de pronunciamento insuficiente, ao ficaren sen arbitrase académica cuestións ortográficas e morfolóxicas centrais.

As normas da RAG limitáanse, en definitiva, a dar oficialidade (provisional: “mentras outra cousa non se provea como consecuencia dunha eventual reforma científica que a Academia realice ou acolla” RAG 1971: 8) a unha

⁴ Sobre o ideal de lingua da gramática de Carballo e a súa evolución cf. Alonso (1998, 2000a).

presíña de prácticas non problemáticas –fixadas polo uso e escasamente conflitivas– da escrita de posguerra. Entre elas, a representación do *n* velar mediante o dígrafo *nh* (*algunba*), a do prepalatal fricativo xordo con *x* (*fuxir*), a eliminación de guións e apóstrofos como marca de contraccións e fenómenos fonotácticos, ou a asunción do sistema de acentuación gráfica do castelán. Do apéndice morfolóxico (“Algunhas normas...”) salientan asemade a non representación gráfica do seseo e a gheada, a solución que se dá para uns poucos grupos consonánticos cultos e terminacións (*chamar, preito, clima; doutor, acto; dobre, simple; irmán/irmá; estábel*) ou a promoción do plural en *-is* (*animais*) para os polisílabos agudos rematados en *-l*. Ao contraer de maneira tan marcada o ámbito da súa oficialización, a Academia reforzaba as súas posibilidades de éxito e limitaba o risco de que reaxustes futuros puidesen virlle tirar a razón. A estratexia resultou efectiva: as decisións académicas de 1971 cadran coas de 1982 e, en consecuencia, chegan ata os nosos días como modelo ortográfico básico de referencia.

A década dos setenta principia cun documento legal que vai resultar moi ao xeito para as linguas daquela chamadas “vernáculos” do Estado español. A Ley General de Educación de 1970 (Decreto 1433/75) tolera a docencia de galego, catalán e vasco nos centros de ensino, o que incrementa entre nós a urxencia dunha codificación da escrita. Amparado tamén nesa mesma regandixa legal créase na Universidade de Santiago de Compostela un organismo que vai desempeñar un importante papel no proceso de estandarización do galego: o Instituto da Lingua Galega. O ILG presenta publicamente en 1971 as súas credenciais no proceso de normativización co primeiro volume dun manual para a aprendizaxe da lingua. A información contida naquel método (*Gallego 1*, 1971; *Gallego 2*, 1972; *Gallego 3*, 1974) resultou moi valiosa para os cursos de galego que viñan desenvolvéndose por todo o país mercé ao labor das asociacións culturais e, asemade, para aqueles outros que ao abeiro da nova lei comezaban a ter lugar nos propios centros de ensino.

No relativo á ortografía, o Prefacio do *Gallego 1* declara explicitamente que o Instituto acata as normas da RAG, a excepción da denominada segunda forma do artigo (*come-lo caldo*) e do resultado das contraccións das preposicións *a* e *para* coas formas do artigo determinado (o Instituto aconsellaba *ó* e *pró* nos casos en que a Academia defendía *ao* e *para o*). Non obstante, impelido en parte polas zonas que quedaran orfas de prescrición oficial e en parte pola súa defensa dun xiro enxebrista cara á realidade oral da lingua, o manual do ILG distánciase da oficialidade académica en máis puntos dos declarados. Se o modelo da RAG privilexiaba as escollas dos clásicos da tradición literaria iniciada no Rexurdimento, o *Gallego* representa o máis conseguido intento de alzar o galego popular ao rango de vehículo idiomático de transmisión cultural, o que lle carrexou críticas polos vulgaris-

mos, castelanismos e toda caste de “desvíos” característicos da oralidade que pretendía elevar á categoría de lingua culta.

Este tipo de discrepancias entre Academia e Instituto non implicaba, en todo caso, a existencia de diferenzas insalvables en materia de galego escrito. A RAG, que percibira inicialmente no ILG unha ameaza ao seu liderado socioinstitucional, compartía con este organismo unha idea xeral de cal debía ser o futuro do galego. Ambas as institucións entendían que a salvación da lingua pasaba por acadarmos unha regulamentación uniforme que habilitase o idioma para os usos públicos cultos que se albiscaban como posibles no inminente cambio de escenario político, por máis que cada unha delas defendese priorizacións distintas en relación aos formantes literario e popular do futuro galego culto común.

Nun célebre artigo aparecido en 1973 (“A recuperação literária do galego”), o ilustre filólogo portugués Manuel Rodrigues Lapa, que viña alentando cordialmente o noso proceso de reivindicación cultural, comeza a patrocinar un proxecto novo, caracterizado dialecticamente na crítica severa dos intentos de elaboración dun galego culto autónomo e na defensa a ultranza do portugués como único estándar posible para Galicia. O seu ofrecemento, porén, recibe a negativa da *intelligentsia* galeguista, nun abano de respostas públicas que vai desde o silencio ata a explícita desestimación amable. Entre as desaprobacións máis coñecidas están as de intelectuais como Ramón Piñeiro, escritores como Álvaro Cunqueiro ou Ramón Otero Pedrayo, e políticos nacionalistas como Francisco Rodríguez⁵. Esta recusación inicial, capitaneada precisamente por aqueles seus vellos amigos de Galaxia –nos que Lapa contaba influír de maneira máis directa–, relega as novas teses do filólogo de Anadía ao ámbito de difusión privado, sobre todo epistolar, e haberá que agardar uns anos para volver atopar algún artigo de interese sobre a cuestión reintegracionista, que veremos renacer en 1976 da man de Xosé-Martiño Montero Santalla reformulada en termos exclusivamente ortográficos (“Unificación ortográfica galego-portuguesa”, *Grial* 51), sen conseguir tampouco desta volta un respaldo maioritario⁶.

Se repasamos as tendencias fundamentais que levamos visto ata o de agora temos, por unha banda, a normativa da Real Academia Galega (1970, 1971), tardía e exigua para a época en que se publicou, e a do ILG (1971-1974), máis ampla pero carente da consideración institucional privilexiada de que gozaba a anterior. Por outra banda, nesta primeira metade dos setenta principian os experimentos de asimilación ortográfica ao portugués, na

⁵ Cf. Piñeiro (1973), Cunqueiro (1973), Otero (1973), Rodríguez (1976).

⁶ X.- M. Montero Santalla publicará anos despois unhas *Directrices para a reintegración lingüística galego-portuguesa* (1979), que avanza no camiño da converxencia ortográfica co portugués.

procura de aclimatar á realidade galega o plano maximalista exposto por Lapa en 1973. Á parte destes dous grandes grupos, que denominamos convencionalmente *autonomistas* e *reintegracionistas*, poderíamos aínda considerar outros casos illados, persoais, entre eles algúns continuadores de prácticas escritas de preguerra que non conseguiran afacerse aos modos ortográficos contemporáneos.

Un intento de harmonizar esta relativa diversidade formal nun modelo unitario pero aberto de galego escrito foron as *Bases pra unificación das normas lingüísticas do galego*. O texto, prologado polo presidente da RAG, recolle os resultados dunha serie de seminarios de lingua organizados polo ILG que se celebraron entre nadal de 1976 e xuño de 1977 coa finalidade de conformar unha normativa ortográfica que puxese fin á variedade de solucións escritas que existía aínda naqueles anos. Ás reunións asistiron representantes das diversas tendencias e os debates transcorreron nun clima de diálogo e vontade decidida de lograr acordos que resultasen aceptables por todos, fose cal fose o seu ideal de lingua.

Que todas as correntes tiveron voz –e voto– naquelas reunións compróbase na relación de participantes, un colectivo plural de homes e mulleres de letras que inclúe desde lingüistas e escritores ata docentes dos distintos niveis do ensino, pasando por membros da Academia, eclesiásticos conciliares ou galeguistas autodidactas⁷. No que toca á filosofía lingüística dos participantes atopamos dous grandes grupos: por unha banda, o dos defensores dunha ortografía galega autónoma de base castelá e pola outra, o conformado por algúns protagonistas destacados da primeira fase do movemento reintegracionista como José Luís Rodríguez, Xosé-Martiño Montero Santalla ou Ricardo Carballo Calero, que avogaron nas *Bases* por unha ortografía máis próxima da portuguesa.

Unha mostra do talante que gobernou aquel intento vese na enunciación das propostas. Nos casos en que –despois de reunírense, escoitaren todas as opinións e discutiren sobre a máis axeitada en cada caso– a unanimidade non resultou finalmente posible, o texto das *Bases* brinda ao lector ambas as posibilidades (*ô/ao*, para a contracción da preposición e o artigo; *pra/para* no caso da preposición; ou, p.e., *-bel/-ble*, *-ción/-zón* ou *-aría/-ería* no apartado de sufixos e terminacións) nunha exposición que outorga preferencia ao primeiro membro do par pero non condena o emprego do outro (aconséllase *ô* pero non se rexeita *ao*).

En conxunto, as *Bases* constitúen o grande intento estandarizador do período preestatutario, no que salientan non só polo sistema de reunións plu-

⁷ Cf. Rivas (1977: 41).

rais, discusións abertas e busca de consenso adoptado para a súa elaboración, senón sobre todo pola altura dos seus resultados, que se mostran no documento final cunha serie de glosas aclaratorias dun rigor científico desconecido ata daquela na historia do galego escrito. Reparemos, a modo de exemplo, na ordenación ortográfica postulada para os grupos consonánticos cultos. Máis que por defender unha solución “moderna” –modernidade que caracterizaría en todo caso a carga teórica do investigador e non o obxecto analizado–, as *Bases* destacan por delimitar clara e firmemente, con comentarios explicativos amplos e ben fundamentados, un problema complexo para o que se carecía aínda dunha solución institucional ao xeito. Desta maneira, para os *reutores* e *técnicas* que inzaban os escritos daquel tempo aconsellábase a representación das dúas consoantes do grupo (*rectores*, *técnicas*), achegando unha solución cultista, novidosa no seu día, pero que coñecerá desde aquela unha aceptación xeral.

Coas *Bases*, a ortografía consuetudinaria contaba por fin cun pautado de referencia, tan necesario naqueles anos nos que o cambio de réxime político invitaba a pensar nunha incorporación da lingua galega aos usos escolares e institucionais. De feito, como “base” (fundamento, apoio), e non como mandato ortográfico imperativo foron recibidas na súa época e empregadas de guieiro para a escrita. Pero non todos estiveron de acordo con elas e houbos os que preferiron fabricar as súas propias normativas. Deste xeito, a década dos oitenta iníciase coa intelectualidade galeguista dividida entre un centro maioritario, que xira arredor das propostas das *Bases*, e unha periferia na que se van sucedendo intentos particulares de aproximar a ortografía galega da portuguesa.

De entre as millenta normativas defensoras dunha máis estreita proximidade gráfica ao portugués hai unha que, nas décadas dos oitenta e dos noventa do século XX, coñecerá unha fortuna moi superior ao resto: trátase das *Orientacións para a escrita do noso idioma* da Asociación Sócio-Pedagóxica Galega⁸ (AS-PG). En realidade, as *Orientacións* están moito máis próximas das *Normas* da Academia de 1971 –ou, sobre todo, das *Bases* do 77– ca do proxecto de Manuel Rodrigues Lapa de asumirmos o portugués como lingua literaria. Pode acontecer porén, que, aos ollos dun leigo, peculiaridades ortográficas moi evidentes, como o sistema de acentuación, fagan parecer máis grande a distancia que media entre as *Orientacións* e outros textos do autonomismo, pero na filosofía lingüística de fondo existiron sempre moitas máis

⁸ O noso comentario é valedoiro para as tres versións non reintegracionistas deste texto (AS-PG 1979, 1980a, 1980b), anteriores á titulada *Orientacións para a escrita do noso idioma* (AS-PG 1980c).

coincidencias ca diverxencias entre os que desenvolveron aquel proxecto gráfico –que foron coñecidos, entre outros nomes, co de “reintegracionistas de mínimos”– e a legalidade oficial representada pola Academia e o Instituto a partir de 1982/3. De aí os apelos á concordia reiterados por uns e outros, apelos que finalmente semellan cristalizar nas reformas de 2003 das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, modificacións de detalle motivadas polo desexo compartido de reagrupar ortograficamente os defensores do galego en torno a un modelo unitario de grafización.

Pero volvamos por un momento a 1980. Naquel ano, as autoridades políticas da Xunta de Galicia deciden nomear unha comisión para elaborar unhas normas ortográficas que poñan fin ás tensións entre as distintas tendencias (nomeadamente, entre autonomistas e reintegracionistas). Entre os integrantes daquela Comisión de Lingüística había filólogos de valía, e constituíu sen dúbida unha boa oportunidade para poñer orde ortográfica nun momento de inminente incorporación do galego aos ámbitos institucionais. Malfadadamente, aquel documento acabou envolto en polémica porque, tal e como se deron ao público, as *Normas ortográficas da lingua galega* de 1980 permitían a cadaquén escribir pola súa. A ambigua redacción do articulado provocou que as correntes en discordia se visen na obriga de publicar textos explicativos que definisen a imprecisa opcionalidade das normas da Comisión de Lingüística de 1980 segundo unha ou outra das filosofías lingüísticas en conflito.

Xoán Carlos Rábade Castiñeira, p.e., publica no xornal *La Voz de Galicia* unha interpretación reintegracionista destas *Normas ortográficas* e asesora con idéntico criterio a novena edición do método de lingua *O Galego Hoxe*, da asociación cultural coruñesa O Facho. Ricardo Carballo Calero modifica á luz destas normas a ortografía orixinal dun grupo de artigos seus que dá ao prelo co título *Problemas da lingua galega*. No ámbito do ensino, algúns dos primeiros libros de texto que se publicaron para o bacharelato traduciron igualmente a indefinición das normas da Comisión de Lingüística nun sentido reintegracionista en manuais como os publicados pola editorial Everest (*Língua Galega* de M. C. Enríquez Salido e X. L. Fernández Pérez, e *Língua Galega-2* de X. C. Rábade, X. R. Pena e A. P. Gil Hernández) ou, de maneira algo menos marcada, no titulado *Língua. Gramática metódica da lingua galega* de X. C. Rábade, X. R. Pena e M. C. Vázquez.

Ao tempo, os autonomistas disputanlle a oficialidade ás normas da Comisión coa publicación do Ditame da Subcomisión de Programación de Textos da Comisión Mixta Ministerio de Educación – Xunta de Galicia, publicado en decembro de 1980 no *Boletín Oficial da Xunta de Galicia*. En esencia, o Ditame é unha revisión das normas da Comisión de Lingüística que, respectando o seu esquema expositivo, elimina a súa ambigüidade nunha lectura non

reintegracionista. Un documento posterior, a Resolución do 15 de outubro de 1980 –publicada igualmente no *Boletín Oficial da Xunta de Galicia*–, ratifica o Dictame como normativa oficial para os libros de texto e o material didáctico.

En síntese, o camiño percorrido polo galego desde a década dos 50 ata a aprobación da normativa ortográfica e morfolóxica de 1982 caracterízase pola procura constante dun modelo de referencia unificado e digno de estimar, apto para os novos ámbitos de uso que a lingua estaba conquistando. Durante décadas, a mostra máis recoñecible de galego escrito era a que a editorial Galaxia empregaba nas súas publicacións, un arquetipo de base literaria que resultaría nas súas liñas elementais sancionado pola Academia nas normativas de 1970 e 1971 e que será cuestionado en parte polo ILG nos tres volumes do seu método de aprendizaxe da lingua, nos que se defendía unha maior intimidade do estándar coa oralidade popular. Tamén naqueles primeiros anos 70 o filólogo portugués Manuel Rodrigues Lapa propón abandonar o galego literario que se viña construíndo desde o Rexurdimento para adoptar o estándar portugués continental como lingua de cultura de Galicia. Pero a idea de Lapa non foi en xeral ben recibida pola comunidade galeguista, e algúns dos seus líderes manifestáronse publicamente en contra do proxecto. Anos despois, seguíamos aínda pendentes dunha ordenación completa e axeitada do galego escrito. Para resolver esa carencia, un colectivo amplo e representativo de homes e mulleres de letras reuniuse durante meses nun intento de consensuar unha regulamentación que tomase en conta, entre outros factores, a tradición literaria, a realidade dialectal e a vontade daqueles que, ao abeiro do ofrecemento de Rodrigues Lapa, estaban por acaroarse máis á ortografía do portugués. O pacto ortográfico das *Bases* resultou do agrado da maioría e a súa influencia comezou axiña a percibirse nos escritos da época. Pero o gusto da maioría non é o gusto de todos e durante o bienio 1979/80 viron a luz unha morea de ensaios normativos, case sempre tendentes a modificar á portuguesa a ortografía usual; de entre eles, as *Orientacións* da AS-PG salientan como o modelo máis perdurable. Porén, o malo non foi a marea normativa senón o estouro dunha polémica controversia que terminou por estragar o traballo da Comisión de Lingüística de 1980 e predispuxo determinados sectores en contra do acordo normativo RAG-ILG de 1982, fracturando unha vontade de converxencia que só agora, nos primeiros anos do s. XXI, parece en vías de recomposición, co activismo galeguista reconciliado arredor dunha escrita común.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Agrupación Cultural O Facho (1978): *O Galego Hoxe. Curso de Lingua*. La Coruña: La Voz de Galicia.
- Agrupación Cultural O Facho (1980): *O Galego Hoxe. Curso de Lingua. Adaptado ás Normas Ortográficas da Comisión de Lingüística da Xunta de Galicia*. La Coruña: La Voz de Galicia [é a novena edición do texto anterior, revisada e modificada].
- Alonso Pintos, S. (1998): *Contribución ó estudio dos antecedentes inmediatos do moderno proceso de estandarización do galego. As propostas de codificación da lingua no período 1966-1980*. Memoria de Licenciatura (inédita). Universidade de Santiago de Compostela, Facultade de Filoloxía.
- Alonso Pintos, S. (2000a): “O ideal de lingua na *Gramática* de Carballo Calero”, *Grial* 147, 461- 474.
- Alonso Pintos, S. (2000b): “Debate real/debate mediático”, *Boletín do Arquivo de Planificación e Normalización Lingüística-Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia* 1, 8.
- Alonso Pintos, S. (2002): *Para unha historia do estándar galego. As propostas do período 1966-1980*. Madrid: UNED.
- Asociación Sócio-Pedagóxica Galega (1979): *Orientacións para a escrita do noso idioma*. Edición ciclostilada.
- Asociación Sócio-Pedagóxica Galega (1980a): *Orientacións para a escrita do noso idioma*. Santiago: Xistral [Prelo: Adral, A Coruña].
- Asociación Sócio-Pedagóxica Galega (1980b): *Orientacións para a escrita do noso idioma*. Santiago: Xistral [Prelo: Gráficas Rodi, Ourense].
- Asociación Sócio-Pedagóxica Galega (1980c): *Orientacións para a escrita do noso idioma*. Ourense: Galiza Editora.
- Carballo Calero, R. (1966): *Gramática elemental del gallego común*. Vigo: Galaxia.
- Carballo Calero, R. (1981): *Problemas da língua galega*. Lisboa: Sá da Costa.
- Cunqueiro, Á. (1973): “A recuperación literaria do galego”, *Faro de Vigo*, 9 de setembro.
- Enríquez Salido, M. C. e X. L. Fernández Pérez (1980): *Língua Galega 1*. León: Everest.
- Instituto de la Lengua Gallega (1971): *Gallego 1*. Santiago de Compostela: Universidad de Santiago.
- Instituto de la Lengua Gallega (1972): *Gallego 2*. Santiago de Compostela: Universidad de Santiago.

- Instituto de la Lengua Gallega (1974): *Gallego 3*. Santiago de Compostela: Universidad de Santiago.
- Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega (1982): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Santiago: Instituto da Lingua Galega - Real Academia Galega.
- Lapa, M. Rodrigues (1973): “A recuperación literaria do galego”, *Grial* 41, 278-287.
- Montero Santalla, X.-M. (1976): “Unificación ortográfica galego-portuguesa”, *Grial* 51, 1-13.
- Montero Santalla, X.-M. (1979): *Directrices para a reintegración lingüística galego-portuguesa*. Ferrol: ed. do autor.
- Otero Pedrayo, R. (1973): Carta a “Sr. Dr. Rodrigues Lapa”, en M. A. Alegria Marques, A. P. Figueira Santos, N. Rosmaninho, A. Breda Carvalho e R. Godinho (eds.) [1997]: *Correspondência de Rodrigues Lapa. Seleção (1929-1985)*. Coimbra: Livraria Minerva Editora, 341-342.
- Piñeiro, R. (1973): “Carta a don Manuel Rodrigues Lapa”, *Grial* 42, 389-402.
- Rábade, X. C.; Pena, X. R. e M. C. Vázquez (1980): *Língua. Gramática metódica da língua galega*. A Coruña: Ed. do Ruedo.
- Rábade Castiñeira, X. C. (1980): *Normas ortográficas do idioma galego. Texto íntegro, guía e comentários*. A Coruña: La Voz de Galicia.
- Rábade [Castiñeira], X. C.; Pena Sánchez, X. R. e A. P. Gil Hernández (1982): *Língua Galega 2*. León: Everest.
- Real Academia Gallega (1970): *Normas ortográficas do idioma galego*. A Cruña: Real Academia Gallega.
- Real Academia Gallega (1971): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. A Cruña: Real Academia Gallega.
- Rivas, M. (1977): “Poñerlle pés á lingua escrita”, *Teima* 22, 41-43.
- Rodríguez, F. (1976): *Conflicto lingüístico e ideoloxía en Galicia*. Monforte: Xistral.
- Universidade de Santiago de Compostela (1977): *Bases prá unificación das normas lingüísticas do galego. Resume dos seminarios celebrados na Universidade de Santiago de Compostela desde decembro de 1976 a xuño de 1977*. Madrid: Anaya [ed. non venal].
- Xunta de Galicia (1980a): *Normas ortográficas do idioma galego*. Santiago de Compostela: Publicacións da Xunta de Galicia, maio.
- Xunta de Galicia (1980b): *Ditame da Subcomisión de Programación de Textos da Comisión Mixta Ministerio de Educación - Xunta de Galicia*, Boletín Oficial da Xunta de Galicia, decembro, 21-23.
- Xunta de Galicia (1981): *Resolución de 15 de outubro de 1980 pola que se regula a autorización de libros de texto e material didáctico redactado en lingua galega*, Boletín Oficial da Xunta de Galicia, febreiro, pp. 42-43.

UNHA ACHEGA Ó ESTUDO DO PROCESO DE CODIFICACIÓN ORTOGRÁFICA E GRAMATICAL DA LINGUA GALEGA (1980-2000).

Paulo Sánchez Vidal

IES Lagoa de Antela (Xinzo de Limia)

Gustáriame agradecer, antes de comezar este relatorio, aos organizadores deste encontro, en concreto a todos e cada un dos membros do Instituto da Lingua Galega e do Consello da Cultura Galega, a súa xenerosa invitación a participar neste foro de reflexión sobre a interesante e, ás veces, controvertida cuestión da variación e a prescrición.

A codificación ortográfica e gramatical do noso idioma, como sabe toda persoa que teña mostrado un mínimo de interese por esta cuestión, foi, é, e probablemente será nun futuro, un dos temas máis comprometidos, enleados e espiñentos de cantos se teñen tratado ata este momento no ámbito da lingüística galega. Ante a complexidade interna e amplitude bibliográfica que comporta o proceso de codificación ortográfica e gramatical da nosa lingua desde 1980 ata o ano 2000 parece pertinente adoptar un ton xeral de mesura que prescindia, en todo momento, de afirmacións categóricas que puidesen dar a impresión de que pretendemos ir máis aló dunha visión panorámica e provisional de todo este período. E isto debe ser así, segundo o meu parecer, porque nunca debemos esquecer que, por moito que teñamos investigado sobre esta cuestión, por moito que nos apoiemos na forza dos datos contrastados e por moito que creamos que sabemos tocante á codificación ortográfica da nosa lingua, sempre haberá feitos concretos do noso obxecto de estudo que, ou ben puidesen ter escapado á nosa tensión investigadora, ou ben, posibilidade en absoluto desbotable e mesmo desexable, puidesen ser susceptibles de interpretacións discordantes coa nosa.

En definitiva, cómpre reconecer que esta é unha visión persoal e propia do acontecido ao longo de todo este período que como moito aspira a ser unha outra contribución, como reza o título deste relatorio, para un coñecemento máis profundo e miúdo do camiñar evolutivo do estándar da nosa lingua.

1. AS CORRENTES CODIFICATORIAS EN CONFLICTO E OS SEUS FUNDAMENTOS TEÓRICOS

Tocante ao debate sobre o proceso de codificación ortográfica da lingua galega no período cronolóxico que se estende, aproximadamente, desde o ano 1980 ata a actualidade, a maioría dos especialistas na materia viñan diferenciando dúas grandes liñas codificadoras que, polo común, recibían as denominacións de *orientación autonomista* e *orientación reintegracionista* respectivamente.

Agora ben, malia que a visión dos feitos que subxace a esta parella terminolóxica goce da aceptación máis ou menos xeneralizada de círculos eruditos así como de ámbitos non estritamente académicos preocupados por esta cuestión, cremos que non estaría fóra de lugar ensaiar (ao abeiro da información colleitada como base de traballo para a redacción dunha memoria de licenciatura presentada na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela no ano 2000 baixo o título de *Contribución ó estudo do proceso de codificación ortográfica e gramatical do galego: orientacións, conflito e fases do debate normativo*¹) estoutra proposta de organización interna para o debate codificador da nosa lingua. Nestoutra hipótese de traballo, sempre susceptible, claro está, de ulteriores precisións e revisións, ás correntes codificadoras xa coñecidas por todos en maior ou menor medida, engadimos neste traballo unha terceira perspectiva para a codificación ortográfica da nosa lingua que, en consonancia cos seus propios defensores, tomamos a determinación de designar coa etiqueta de *orientación lusofonófila*.

En consecuencia, segundo o punto de vista que aquí defenderemos e daremos a coñecer, no periplo cronolóxico que abre o ano 1980 poderíamos diferenciar tres correntes no debate sobre a codificación ortográfica da nosa lingua: a orientación autonomista, a orientación reintegracionista e por último a orientación lusofonófila.

Con todo, é obvio que esta proposta de organización interna da polémica codificatoria en tres correntes, e non en dúas como viña sendo ata agora habitual, só tería xustificación en tanto en canto como investigadores: 1º) soubesemos recoñecer en cada unha das correntes en conflito, cando menos, un principio individualizador e 2º) fosemos quen de explicitar ese principio así como as consecuencias que del se extraen.

Así pois, este traballo debe, se desexamos dotar de pleno sentido ás nosas reflexións analíticas, primeiro, camiñar pola senda da análise e identificación dos fundamentos que alicerzan cada unha das correntes para o debate

¹ Esta memoria de licenciatura, mellorada e ampliada segundo as directrices marcadas polo seu tribunal cualificador, será publicada proximamente. Aí poderá encontrar a persoa interesada unha relación bibliográfica máis completa.

ortográfico e gramatical do noso idioma, e segundo, unha vez concluído este labor, penetrar nas diferentes propostas normativas que destes principios se derivan.

A orientación autonomista presenta como principio nucleador e vertebrador de si mesma o constructo teórico que os investigadores veñen designando nos últimos anos como *Tese ou Teoría da Individualización Sociolingüística*. Esta teoría, que naceu como edificio teórico máis ou menos consciente e fechado ao longo da década dos anos oitenta do século pasado, considera que na Iberorromania occidental conviven na actualidade dúas *Linguas por Elaboración (Ausbau)* modernas, a lingua galega e a lingua portuguesa, que se foron conformando paseniño como tales *Linguas por Elaboración* nos períodos cronolóxicos que van desde o século XIX ata a actualidade e desde o século XVI ao XIX respectivamente.

A defensa do galego como *Lingua Elaborada* moderna independente da *Lingua Elaborada* portuguesa aséntase, en esencia, sobre dous criterios de índole extralingüística, para sermos exactos de carácter sociolingüístico: 1º) a consciencia plurisecular da comunidade lingüística galega de posuírmos un idioma propio diferente da lingua portuguesa e da lingua castelá e 2º) os esforzos desde o Rexurdimento por elaborar un estándar autónomo e propio para o nosa lingua así como na reivindicación explícita e efectiva do seu uso.

A *Tese ou Teoría da Individualización sociolingüística* reivindica, en consecuencia, unha variedade estándar autónoma e propia para a lingua galega non subordinada directa ou indirectamente á variedade estándar da lingua portuguesa en atención a: 1º) fidelidade á tradición espontánea de cultivo autónomo da nosa lingua desde o século XIX, manifestación en última instancia, como xa vimos, dunha consciencia idiomática autónoma fronte ao castelán e ao portugués e 2º) un principio de tipo práctico que ansía a singularización da comunidade lingüística galega fronte ás comunidades castelanófona e lusófona ademais da rearticulación da nosa comunidade lingüística mediante a incorporación ou reincorporación ao ámbito lingüístico galegófono dos individuos, en número crecente, castelanófonos.

Non obstante, os teóricos da *Tese ou Teoría da Individualización Sociolingüística* son asemade conscientes, cando menos aqueles que se declaran seguidores da chamada *lingüística relativística* así como do *modelo relativístico* que dela emana (p. ex. Žarko Muljačić 1990, 1991a, 1991b, 1991c, 1995, 1999), de que a lingua galega manifesta no momento actual unha incuestionable subordinación funcional con respecto á variedade estándar do español dado que os nosos falantes (ben na dimensión de simples falantes, ben na vertente de oíntes ou lectores) executan *volentes* unha parte (en ocasións considerable e substancial) dos seus actos lingüísticos nun castelán

máis ou menos correcto (ou se se prefire máis ou menos incorrecto). Precisamente, se atendésemos en exclusiva a esta limitación funcional o idioma galego podería ser caracterizado como unha *L(ingua) B(aixa)* verbo do castelán estándar²; mais, se focalizásemos a nosa atención, de novo de forma illada, no proceso de planificación da estrutura experimentado pola nosa lingua desde o século XIX con vistas á conformación dunha variedade estándar autónoma e propia quen de supraordinar ás nosas variedades lingüísticas vernáculas, o idioma galego podería ser definido, pola contra, como unha *L(ingua) A(lta)*, esta vez fronte ao galego popular. Daquela acontece, segundo o parecer dos teóricos que defenden a lingüística relativística, que o idioma galego é hoxe en día, ao mesmo tempo, *L(ingua) A(lta)* e *L(ingua) B(aixa)*, e, polo tanto, como por outra banda tamén lle acontece, por citar só algún dos casos máis coñecidos no contexto do estado español, ao catalán e ao éuscaro, constituiría en realidade o que, desde unha perspectiva sociolingüística, deuse en chamar *L(ingua) M(edia)*.

Con todo, non estaría de máis lembrar que o estatuto de *L(ingua) M(edia)* non é de carácter estático nin inmutable visto que, como a lingüística relativista permite contemplar, pode variar en dirección ascendente ou descendente no decorrer temporal e conforme ás circunstancias sociais, políticas e económicas que circunden ao idioma galego. Así, se a lingua galega consegue rematar de modo satisfactorio o proceso de conformación dunha variedade estándar e liberarse da súa subordinación funcional á lingua castelá, ascendería ao nivel de *L(ingua) A(lta)*, mais, polo contrario, e na peor das situacións, se a variedade estándar do idioma galego perdese toda capacidade de supraordinación das variedades lingüísticas vernáculas do galego popular, descendería inexorablemente á condición de *L(ingua) B(aixa)*. Esta dobre evolución de índole prospectiva é a que outorga, ao entender da corrente autonomista, a súa auténtica relevancia ao debate sobre a codificación ortográfica da lingua galega dado que, segundo escollamos unha ou outra opción ortográfica, contribuiremos en positivo ou en negativo á ansiada liña ascendente do idioma galego.

En relación a este último punto, a orientación autonomista entende que unha contribución positiva á dirección ascendente da lingua galega pasa, por necesidade (xunto a outros factores), pola elaboración, defensa e reivindicación dunha variedade estándar autónoma e propia para a lingua galega. Con todo, se ben o consenso foi unánime tocante a este principio, non sucedeu o mesmo, consciente ou inconscientemente, coa súa posta en práctica, pois, unha vez que houbo que descender do “ceo dos sabios” ao “inferno

² Na terminoloxía de José Joaquín Montes Giraldo (1986) a lingua galega sería un dialecto heteroxéneo por subordinación.

dos humanos”, a substanciación efectiva deste principio materializouse non nunha soa proposta normativa, como cabería esperar, senón en varios códigos normativos que pretenderon desenvolver na praxe, todos eles, os fundamentos da orientación autonomista.

En consecuencia, ante a multiplicidade de modelos normativos que buscaron levar a efecto os principios da corrente autonomista, debemos, se queremos aprofundar en capacidade analítica, proceder con suma cautela, posto que, como parecen demostrar as discrepancias entre os estudosos á hora de confeccionar a nómina de modelos normativos de cada orientación, corremos o risco de que as árbores non nos deixen ver o bosque; ou, noutras palabras, corremos o perigo de que as contadas diverxencias que se advirten entre os diferentes modelos normativos da orientación autonomista verbo de puntos moi concretos nos impidan cobrar plena consciencia da común concepción lingüística que durmiña baixo todos eles.

Aínda que como dicíamos no parágrafo anterior non existe total acordo entre os investigadores verbo dos códigos normativos que conforman a orientación autonomista, non hai, porén, disensións na convicción de que as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* do ano 1982 (en adiante NOMIG 82) son a proposta normativa máis elaborada, completa e representativa do principio que se ten denominado *autoxestión lingüística*.

O principio de *autoxestión lingüística*, que malia estar sempre presente na corrente autonomista tornouse máis evidente a partir de 1971 –data de creación do Instituto da Lingua Galega (ILG)– implicou de contino un traballo consciente, rigoroso e constante de aprofundamento na realidade lingüística conformada polas variedades lingüísticas vernáculos galegas. A maior abundamento, a posta en efecto deste principio de autonormación conduciu a un método de traballo no cal nunha primeira etapa se procedeu ao estudo rigoroso das estruturas básicas do galego popular no ámbito fonolóxico, morfosintáctico e léxico, logo, a seguir, abriuse un período de atención ao galego escrito para rematar, ao final, coa busca da coherencia interna non só coa propia lingua senón tamén co resto de linguas románicas.

Este principio de *autoxestión lingüística*, que permitiu elaborar primeiro modelos normativos non definitivos (estou a pensar por exemplo nas *Bases prá unificación das normas lingüísticas do galego* de 1977), dotou, á súa vez, aos seus grandes valedores, sobre todo ao ILG, dun coñecemento científico da realidade lingüística do momento abondo profundo como para que fose factible, coas garantías necesarias, dar o grande salto cara a un modelo normativo que aspirase a superar definitivamente o estadio de código provisional. Precisamente con esa angueira naceron as NOMIG 82. As NOMIG 82 foron elaboradas por unha Comisión mixta integrada por membros do Instituto da Lingua Galega da Real Academia Galega, aprobadas en sesión con-

xunta (ILG/RAG) o 3 de xullo e finalmente publicadas o 17 de novembro de 1982.

Fóra do caso das NOMIG 82, ao redor do cal, insistimos, parece non haber dúbida entre os especialistas sobre a súa adscrición á orientación autonomista, encontrámonos con todo un conxunto bastante amplo de códigos normativos que, segundo o investigador en concreto, e en función do punto de vista que este adopte, incluíronse, ou non, na corrente autonomista.

En semellante situación, seguindo unha orde, en primeiro lugar, cronolóxica e, en segundo termo, alfabética, atopámonos coa seguinte nómina de códigos normativos:

(1º) *Orientacións para a escrita do noso idioma* (1979) da Asociación Socio-Pedagóxica Galega (en adiante Normas da AS-PG 79). As Normas da AS-PG 79 distribuíronse en edición ciclostilada entre os docentes congregados nas III Xornadas do Ensino celebradas en Ourense durante os días 29, 30 e 31 de agosto na entón chamada Universidade Laboral. Uns meses máis tarde aparece unha segunda versión deste texto (*Orientacións para a escrita do noso idioma*, 1980; a partir de aquí Normas da AS-PG 80), que foran, en síntese, á súa vez, unha reedición aumentada das Normas da AS-PG 79. As normas da AS-PG 80 déronse ao público baixo a forma de dúas edicións minimamente diferenciadas entre si. A segunda edición, ao cargo de Edicións Xistral, realízase en Barallobre (A Coruña) e imprímese en Adral. A terceira edición, tamén a cargo de Edicións Xistral e agora con ilustracións interiores, lévase a cabo en Mariñamansa (Ourense) en Gráficas Rodi. Aínda temos constancia dunha cuarta edición das Normas da AS-PG 79 co título *Orientações para a escrita do noso idioma* da Associação Socio-Pedagógica Galega que foron editadas en 1982 (en adiante Normas da AS-PG 82) pero descoñecemos por qué causa, se por erro ou por outro motivo, figuran con data de 1980. Estas últimas, das que falaremos máis polo miúdo ao longo deste estudo, xunto coas outras dúas inmediatamente anteriores, isto é, as tres edicións aparecidas a partir de 1980, curiosamente teñen todas elas o mesmo ISBN (84-85271-20-3) e idéntico DL (C. 451-1980).

(2º) *Normas ortográficas do idioma galego* (1980) elaboradas pola Comisión de Lingüística da Xunta de Galicia presidida polo profesor Ricardo Carballo Calero (en adiante Normas da Comisión-Xunta 80) e publicadas no número 10 do Boletín Oficial da Xunta de Galicia do mes de xuño de 1980. Seis meses máis tarde, na segunda quincena do mes de decembro dese mesmo ano, a Subcomisión de Programación de Textos da Xunta de Galicia presenta no número quince do Boletín Oficial da Xunta de Galicia unha segunda versión das *Normas Ortográficas do idioma galego* (desde este momento Normas da Subcomisión-Xunta 80) máis

achegadas, nesta ocasión, ás *Bases prá unificación das normas lingüísticas do galego* de 1977.

Tocante ás Normas da AS-PG (AS-PG 79, 80), sería moi interesante, ao noso entender, cara á comprensión cabal da evolución futura do debate sobre a codificación ortográfica da nosa lingua, que tivésemos presente, no momento de situar calquera destes dous modelos normativos nunha ou noutra corrente codificatoria, que a grande maioría dos especialistas, sobre todo a partir da década dos anos 90 do século pasado e mesmo desde posturas diametralmente opostas á autonomista, considera que a aceptación e uso efectivo do sistema ortográfico da lingua castelá debería ser a fronteira metodolóxica primeira e esencial á hora de delimitar os dominios reais non só da orientación autonomista senón tamén, en correlato negativo, da orientación reintegracionista.

En reforzo desta opción metodolóxica, parécenos, tamén, interesante lembrar que unha parte considerable dos estudosos que traballaron sobre as Normas da AS-PG (AS-PG 79, 80) coinciden na percepción de que existe nelas unha implícita consideración do galego como lingua de seu, aspecto que debería primar sobre puntos concretos de achegamento real e incuestionable ao portugués estándar.

Esta aproximación ao código ortográfico do portugués estándar non é, non obstante, unha característica exclusiva da codificación normativa da AS-PG, visto que as Normas da Comisión-Xunta 80, por unha banda, ofertan solucións gráficas dobres (como opción para o presente e sen ningún tipo de restrición), unha delas, sen dúbida, dentro da órbita do espazo gráfico do portugués estándar (p. ex. o uso dos grafemas *g* e *j* para o fonema palatal fricativo xordo) e, por outra banda, deixan unha porta aberta á posibilidade global dunha ortografía máis “solidaria” coas opcións gráficas do estándar luso (nesta ocasión, ben a título experimental en círculos eruditos, ben como opción futurible). Desde esta realidade, sería perfectamente aceptable que o investigador, de focalizar o seu centro de interese sobre estes aspectos concretos, excluísese este modelo normativo da orientación autonomista. Así e todo, de acordo cos criterios de delimitación das diferentes correntes codificadorias que bosquexabamos nos parágrafos anteriores, vémonos na obriga de poñer de relevo que: 1º) este código normativo acepta de modo explícito e utiliza, na súa praxe ortográfica, destacadas marcas específicas da orientación autonomista (p. ex. o uso do grafema *x* para o fonema palatal africado xordo) e 2º) non recolle na redacción do propio texto auténticos “grafemas símbolo” das correntes codificadorias non autonomistas (p. ex. os dígrafos *nb* e *lb* para os fonemas palatal nasal sonoro e palatal lateral sonoro respectivamente). Daquela, cremos que sería máis operativo desde un punto de

vista metodolóxico, con vistas a reelaborar sobre criterios máis ou menos fixos a nómina de códigos ortográficos que integra cada corrente codificatoria, incluír as Normas da Comisión-Xunta 80 na orientación autonomista.

Á vista do anterior resulta sinxelo advertir que, na práctica, as Normas da AS-PG (AS-PG 79, 80) e as Normas da Comisión-Xunta 80 (dobre posibilidade moito máis xustificada para estas últimas) quedarían fóra ou dentro da orientación autonomista segundo os criterios aos cales dese primacía o investigador. Non pensamos, pola contra, que se puidese facer o mesmo coas Normas da Subcomisión-Xunta 80, na medida en que, quitadas diverxencias moi puntuais (p. ex. tocante ao plural das palabras rematadas en *-il* átono), estas son, de feito, case unha repetición das *Bases prá unificación das normas lingüísticas do galego* (1977) e que, por conseguinte, deberían conformar o grupo de códigos normativos de corte autonomista.

Para fechar a nosa análise verbo das propostas normativas que poderían integrar a orientación autonomista, procedemos agora a facer referencia sucinta a outros dous textos que, segundo a nosa opinión, serían tamén parte da orientación autonomista. Estámonos a referir, en concreto, a: 1º) *Nova gramática para a aprendizaxe da lingua* de Costa et al. (desde agora Normas da APLL), na cal, conforme á información que se tira do propio texto, se seguen os criterios normativos da Asemblea da Asociación de Profesores de Língua e Literatura (APLL) e 2º) *Guía elemental para a escrita do galego. Normativa dos mínimos* (s. d. [1998]) da Confederación Intersindical Galega-Normalización Lingüística (en adiante Normas da CIG). En solución de continuidade cos criterios de deslinde entre as diferentes correntes normativas que aquí viñemos defendendo, malia que o primeiro dos códigos normativos se autodefina como “normativa de mínimos” e o segundo como “normativa reintegracionista de mínimos”, pensamos que a presenza e aceptación nestes dous textos do código ortográfico do castelán sería argumento de suficiente peso e entidade como para situalos dentro da orientación autonomista.

Así pois, o cadro-resumo dos modelos normativos que integran a corrente autonomista tería o seguinte aspecto:

ORIENTACIÓN AUTONOMISTA
Normas da AS-PG 79
Normas da AS-PG 80
Normas da Comisión-Xunta 80
Normas da Subcomisión-Xunta 80
NOMIG 82
Normas da CIG
Normas da APLL

Pasaremos agora, sen máis dilacións, ao estudo da orientación reintegracionista que se asenta, en esencia, segundo a investigadora Sabine Taschenberger (1990:137) no principio que esta estudosa denomina *Tese ou Teoría da Reintegración*. A *Tese ou Teoría da Reintegración*, segundo esta mesma especialista (Taschenberger 1990: 137), tería a súa orixe inicial no artigo de Manuel Rodrigues Lapa “A recuperación literaria do galego” (Lapa 1973). O carácter iniciático que este artigo tería para a *Tese ou Teoría da Reintegración*, cando menos para as súas manifestacións máis modernas, goza tamén da aceptación doutros lingüistas como Xesús Ferro Ruibal (1984:208), Johannes Kabatek (1992: 68-69) ou Herrero Valeiro (1993: 186).

A *Tese ou Teoría da Reintegración* implica para Kabatek (1992: 65) un proxecto consciente de integración ou achegamento ao campo lingüístico portugués e para Taschenberger (1990: 137) comporta unha aproximación ao portugués literario. Definicións deste xorne da corrente reintegracionista aparecen ademais en Benigno Fernández Salgado e Henrique Monteagudo Romero (1995) que entenden que o reintegracionismo carrega unha vontade de aproximación “máis ou menos rápida do (proto-)estándar galego ó portugués” (Fernández e Monteagudo 1995: 148) ou mesmo en Antón Santamarina, que destaca o feito de que a perspectiva reintegracionista defende un proceso de converxencia co portugués (Santamarina 1995: 74).

O primeiro que chama a atención cando un se achega a este tipo de definicións, tanto da *Tese ou Teoría da Reintegración* como da orientación reintegracionista no seu conxunto, é o elevado nivel de indeterminación teórica no cal se moven todas elas. Con todo, ao noso entender, o problema non está tanto nas definicións en si mesmas (ou nunha suposta incapacidade dos seus autores para acadar un maior grao de concreción) como no propio concepto de reintegración.

Acontece que a *Tese ou Teoría da Reintegración* constitúe un edificio especulativo significado polo seu elevado nivel de inconcreción teórica, de modo que baixo a etiqueta de *orientación reintegracionista* ou *reintegracionismo* acolléronse diferentes solucións prácticas tan arredadas entre si que mesmo poden ir desde unha mínima aproximación ao portugués estándar en cuestións ortográficas e morfolóxicas (como acontece por exemplo nas Normas da AS-PG 80) á utilización do Acordo Ortográfico de Rio (1986) e o Acordo Ortográfico de Lisboa (1990).

Neste sentido un dos teóricos da órbita da corrente reintegracionista máis prolífico dos últimos anos, Herrero Valeiro (Herrero 1991/1994: 202), recoñece que a etiqueta *corrente reintegracionista* serve para designar liñas teóricas e prácticas para a codificación ortográfica da lingua galega tan afastadas entre si que se podería dicir que na actualidade xa non ten ningunha utilidade analítica. Así mesmo, asume que non existe un único e cohesiona-

do discurso reintegracionista senón varios potencialmente tan diverxentes uns verbo dos outros que incluso poderían chegar a excluírse mutuamente. Noutras palabras, semella que as distantes perspectivas que, por tradición, se agruparon baixo a etiqueta de orientación reintegracionista teñen como único elemento común a proposta de achegamento ao padrón ortográfico e gramatical da variedade estándar do portugués pero poden diferir entre si de modo considerable e notorio en canto ao desenvolvemento do proceso de aproximación e en canto ao grao de aveciñamento á variedade estándar do portugués.

Xunto á defensa da necesidade de aproximación á lingua portuguesa, con toda a problemática que esta imprecisa proposta carrega, a *Tese ou Teoría da Reintegración* ten outro do seus piares sustentadores na convicción de que galego e portugués non son linguas autónomas unha da outra de acordo a argumentos: a) de natureza lingüístico-científica e b) de índole pragmática.

O primeiro grupo de razoamentos, tal e como aparecen habitualmente na orientación reintegracionista, afirma, en síntese, que galego e portugués non son idiomas independentes un do outro, se temos en conta, ben que a lingua galega e a lingua portuguesa compartiron o período histórico-lingüístico da Idade Media (etapa denominada “galego-portuguesa”), ben que estas dúas linguas comparten un conxunto de atributos básicos de configuración interna ou mesmo en atención a ambas as dúas posibilidades ao mesmo tempo.

O segundo grupo de razoamentos, isto é, aqueles de índole pragmática, defenden basicamente que galego e portugués non son linguas autónomas unha verbo da outra, porque entre os seus falantes é posible, sen necesidade de aprendizaxe previa, a intelixibilidade mutua.

En resumo, a *Tese ou Teoría da Reintegración* defende que a lingua galega e a lingua portuguesa non son na actualidade (nin o foron no pasado) idiomas autónomos entre si e que, por conseguinte, a lingua galega debería abordar un proceso de converxencia coa variedade estándar do portugués. Non obstante, como acabamos de ver, esta proposta de achegamento á lingua portuguesa queda sen explicitar en canto: 1º) ao modo de desenvolvemento do proceso e 2º) ao grao de aveciñamento a esta lingua.

Segundo este estado de cousas, na práctica (como de feito así aconteceu), por exemplo as Normas da AS-PG 80 poderían catalogarse como texto da orientación reintegracionista, mais tamén sería factible facer o mesmo co Acordo Ortográfico de Rio (1986).

Abonda con reflexionar un mínimo para advertir que, así formulada, a etiqueta *orientación reintegracionista* descendería a niveis ínfimos de operatividade metodolóxica visto que os modelos normativos susceptibles de aco-

modo baixo o epígrafe de corrente reintegracionista poderían chegar mesmo a excluírse mutuamente.

Para restituír certa capacidade analítica ao termo de orientación reintegracionista somos da opinión de que deberíamos retomar, agora en correlato negativo, a aceptación e uso do sistema ortográfico da lingua castelá como fronteira metodolóxica primeira e esencial á hora de elaborar a nómina dos códigos normativos que conforman esta corrente codificatoria. De acordo con esta perspectiva, xa vimos que, avalada nos últimos anos por unha grande maioría de estudosos, o rexeitamento explícito do código ortográfico da lingua castelá sería o criterio central que nos permitiría restrinxir o ámbito da orientación reintegracionista aos seguintes modelos normativos ordenados, en primeiro lugar, por orde cronolóxica, e, en segundo termo, por orde alfabética:

1º) *Directrices para a reintegración lingüística galego-portuguesa* (1979) X.- M. Montero Santalla (en adiante MONT 79).

2º) *Orientaçõs para a escrita do noso idioma* [1982] da Asociaçom Sócio-Pedagógica Galega (Normas da AS-PG 82).

3º) *Estudo crítico das Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (1983) da Associaçom Galega da Língua (en adiante AGAL 83).

4º) *Método práctico de língua galego-portuguesa* (1983) de J.-M. Montero Santalla (en adiante MONT 83).

5º) *Prontuário ortográfico da língua galego-portuguesa* (1984) das Irmandades da Fala (desde agora PRONT 84).

6º) *Manual de iniciaçom à língua galega* (1998) de Maurício Castro Lôpez (en adiante MANUAL 98).

Analizado o núcleo esencial da corrente reintegracionista e antes de entrar de cheo no estudo da corrente codificatoria que ao principio deste traballo denominabamos orientación lusofonófila, gustaríanos comentar unha última particularidade tocante á corrente reintegracionista.

Se reflexionamos con vagar ao redor do que ata este momento viñemos defendendo, semella que non ten demasiada xustificación fragmentar, como por tradición se acostumaba a facer, a orientación reintegracionista en dúas grandes pólas ou subgrupos: a corrente reintegracionista de mínimos (denominada, ás veces, tamén *reintegracionismo de mínimos* ou *norma-*

tiva de concórdia) e a corrente reintegracionista de máximos (tamén chamada, en ocasións, *reintegracionismo de máximos*). Na nosa proposta, a orientación reintegracionista de mínimos, xunto cos códigos que por costume se lle asocian (cando menos as Normas da AS-PG 79, as Normas da AS-PG 80, as Normas da Comisión-Xunta 80, as Normas da CIG e as Normas da APLL), ao aceptaren e usaren o sistema ortográfico do castelán, quedarían fóra da orientación reintegracionista e irían á gabela da orientación autonomista.

O cadro-resumo desta corrente quedaría conformado, en consecuencia, polos seguintes modelos normativos:

ORIENTACIÓN REINTEGRACIONISTA
MONT 79
Normas da AS-PG 82
AGAL 83
MONT 83
PRONT 84
MANUAL 98

Para finalizar con este primeiro subapartado continuaremos agora a nosa reflexión sobre o debate codificadorio da nosa lingua coa análise da corrente lusofonófila.

Malia que sexa de obrigado recoñecemento que esta corrente ten a súa raíz na orientación reintegracionista, somos da opinión de que o cambio de perspectiva que se produciu a partir do bienio 1985/1986 (do que máis adiante falaremos) é de suficiente entidade como para que poidamos considerar a lusofonía (en ocasións esta foi a súa denominación) como unha corrente codificatoria singularizada verbo do resto.

Se a corrente autonomista e reintegracionista fundamentábanse sobre a *Tese da Individualización Sociolingüística* e sobre a *Tese da Reintegración* respectivamente, a orientación lusofonófila aséntase, segundo os seus propios defensores (Durão 1986), sobre a que eles designan como *Tese Unificacionista*. Esta Tese, en congruencia co principio de que galego e portugués son a mesma lingua, céntrase, como liña teórico-lingüística, na existencia dunha mesma e única ortografía para todo o diasistema lingüístico lusófono así como na reivindicación dun padrón ortofónico mínimo común para as variedades lingüísticas que integrarían este espazo lingüístico. Desde esta base, os partidarios da corrente lusofonófila adhírense sen fisuras, aceptan e propugnan como práctica ortográfica para Galicia, nun primeiro momento, o Acordo Ortográfico de Rio (1986) e máis tarde o Acordo Ortográfico de Lisboa (1990), pero, o que aínda é máis relevante, desde a nosa perspectiva,

rexeitan de modo categórico, e sen ambigüidades, toda posible diverxencia ortográfica coa variedade estándar do portugués.

Basicamente o que pretende a orientación lusofonófila con esta “fuxida cara a adiante”, como así lle chaman algúns teóricos do reintegracionismo, é elevar ao máximo nivel as potencialidades de reafirmación da identidade lingüística galega fronte ao idioma castelán utilizando a globalidade de opcións gráficas “símbolo” do ámbito gráfico portugués. De acordo con esta visión dos feitos, a orientación lusofonófila concibe determinados elementos do código ortográfico portugués (p. ex. o til de nasalidade) a modo de “fronteiras símbolo” ou “muros de contención” que deteñan a fagocitación do galego polo castelán.

A corrente lusofonófila constitúe, ao noso entender, unha deriva, en certo modo lóxica e coherente, da corrente reintegracionista se temos presente que, no proceso evolutivo do debate en torno á codificación ortográfica da nosa lingua, foi unha tendencia xeral que cada corrente codificatoria fose cobrando progresivamente cada vez máis consciencia non só dos seus propios principios rectores senón tamén das repercusións e esixencias dos mesmos se procediamos cun mínimo de coherencia interna. Desde este punto de vista a corrente lusofonófila podería entenderse non tanto como unha versión radicalizada do reintegracionismo, como tradicionalmente se viña facendo, senón máis ben como un salto cualitativo na comprensión real das obrigas que traía consigo a posta en práctica do fundamento de que galego e portugués eran unha soa e mesma lingua.

A corrente lusofonófila, polo tanto, é totalmente coherente consigo mesma cando:

1º) Critica a corrente reintegracionista (fundamentalmente a liña representada pola Associaçóm Galega da Língua) á cal acusa de escasa coherencia interna cando se nega a aceptar en 1989 o til de nasalidade ou a substitución do dígrafo *mb* por *m*. Segundo a orientación lusofonófila, cando o reintegracionismo rexeita puntos concretos do código ortográfico do portugués como os que acabamos de mencionar sobre o argumento de que se debe buscar unha resposta social mínima que garanta a consolidación e posterior expansión do modelo normativo proposto, acontecen dous feitos que non se poden pasar por alto: a) a corrente reintegracionista estase a redefinir a si mesma no proceso de “integración” na lingua portuguesa, de modo ilexítimo, como estadio e modelo permanente cando, en verdade, o seu único papel lexítimo sería o de etapa provisional e transitoria cara a unha ortografía única para todo o diasistema lusófono e b) se aprofundamos na análise crítica e obxectiva da corrente reintegracionista esta, en última instancia, estaría a validar a *Tese ou Teoría da Individualización Sociolingüística* ao dar á realidade social, política, económica e cultural que vive hoxe en día a

lingua galega a pertinencia suficiente como para condicionar o código ortográfico e gramatical do noso idioma,

2º) Cuestiona a denominada ortografía histórico-etimolóxica defendida pola orientación reintegracionista polo que esta ten de atentado contra a unidade ortográfica substanciada na variedade estándar do portugués. Así rexeita, por exemplo, o *m* final para representar a nasalidade final en vocábulos como *nom*.

3º) Lamenta as dúas formas de escribir portugués que hai hoxe no mundo (a brasileira e a portuguesa) porque: a) atentan contra a unidade ortográfica do diasistema lusófono e en certo modo, ao nacer e atender a realidades sociolingüísticas diferenciadas, dotan de argumentos mediatos de auto-afirmación á orientación autonomista e b) provocan problemas de tipo práctico á hora de optar por unha ou outra forma de escribir.

4º) Ataca a etiqueta *lingua galega* porque entende que, de forma directa ou indirecta, permite crear consciencia idiomática.

Unha vez que temos traballado engorde sobre as tres correntes codificadoras que interveñen no debate sobre a codificación ortográfica da nosa lingua, pensamos que, se queremos ter unha visión máis real e profunda do calado e complexidade que acadou a polémica verbo da codificación do idioma galego, non nos deberíamos limitar dun modo estrito ao ámbito exclusivo da planificación da estrutura.

En apoio desta posición metodolóxica, a sociolingüística e a estandardoloxía (p. ex. Joseph 1987, Fodor e Hagège 1983/1990) lémbrennos, sobre todo nos últimos anos, que as diferentes variedades estándar non se poden concibir como entidades completamente fechadas á influencia dos fenómenos de índole socio-cultural e/ou política que as rodean.

Dado que o estudo desta interesante cuestión soborda con moito os límites concretos deste artigo, cremos que, para os nosos intereses, abondaría con lembrar que, hoxe en día, a grande maioría de sociolingüistas poderían estar de acordo coa idea de que non é estraño que o proceso de conformación progresiva dunha nova variedade estándar, así como a súa existencia efectiva, xogue, ou poida xogar, un papel máis ou menos relevante no artellamento gradual dunha novidosa consciencia de identidade nacional autónoma.

Galicia, tal e como entenden non poucos dos que se teñen achegado ao seu debate codificadorio, non sería unha excepción a esta tendencia xeral aos procesos de elaboración das diferentes variedades estándar. Neste sentido, os especialistas no debate codificadorio galego veñen a coincidir, en cantidade crecente, na hipótese de que a polémica sobre a codificación ortográfica da nosa lingua constitúe a codia dunha confrontación moito máis profunda na que se estaría a dirimir en última instancia cál pode ser, ou

mellor sería dicir cál debería ser, o futuro social, político, económico e cultural da nosa comunidade.

Agora ben, se na “punta de iceberg” da reflexión sobre a identidade futura da comunidade lingüística galega, encontrabámonos con tres correntes codificadoras distanciadas entre si, a bibliografía activa consultada verbo desta problemática dá pé a que, á altura da “base do bloque de xeo”, reduzamos estas tres opcións codificadoras a tan só dúas liñas discursivas nas cales a dimensión lingüística, de maior peso específico a nivel superficial, conviviría agora en igualdade coa compoñente ideolóxica.

A liña discursiva ideolóxico-lingüística que subxace á orientación autonomista pon a súa énfase na necesidade dun idioma galego diferenciado fronte á lingua castelá e portuguesa como mecanismo vital para a conformación, ou sería mellor dicir recuperación, dunha consciencia nacional como pobo diferenciado. Desde esta perspectiva semella que a orientación autonomista, como así manifestan os seus teóricos máis destacados (Fernández 1995, Monteagudo 1995, Santamarina 1995), é parte integrante dun discurso nacionalista galego que se opón de forma radical á fagocitación lingüística e cultural promovida desde o mundo lingüístico castelanófono, pero que ademais tamén é abondo prudente co excesivo achegamento ao ámbito lingüístico lusófono. Así entendida, a orientación autonomista contribuiría ao proxecto global do nacionalismo galego de artellamento progresivo e consciente dunha identidade nacional autónoma quen de loitar contra a asimilación lingüística e cultural promovida desde o espacio cultural asociado á lingua castelá.

Pola contra, a liña discursiva ideolóxico-lingüística que durmiña por baixo das orientacións reintegracionista e lusofonófila, de modo máis evidente nesta última, concibe a unidade ortográfica, total ou parcial, co código gráfico da variedade estándar do portugués como un punto de partida previo, necesario e indispensable desde o cal sería factible iniciar a (re-)formulación dunha futura e auténtica identidade nacional galega ao redor de tres grandes opcións políticas: a) Galicia de seu (= nacionalismo galego), b) Galicia con Portugal nun marco político superior (= nacionalismo galego-portugués) e c) Galicia con Portugal, este segundo como nación única (= nacionalismo portugués).

Acéptese ou non esta visión dos feitos (en tanto en canto pode resultar unha perspectiva en exceso anovadora ou arriscada), cremos, así e todo, que non resultaría moi produtivo, desde un punto de vista metodolóxico e analítico, que non deixasemos unha fenda aberta á posibilidade de que semellantes liñas discursivas tivesen unha existencia real na medida en que axudarían a que nos explicasemos: 1º) a virulencia que, por veces, alcanzou en Galicia a polémica codificatoria do noso idioma, xa que, ao final, a confrontación non se circunscribiría só ao estrito ámbito ortográfico senón que

tamén tocaría ao futuro de Galicia como nación e 2º) o escaso eco que atinxiu a corrente reintegracionista nos anos máis recentes no conxunto dunha sociedade galega que parece orientarse cada vez máis á demanda de cotas de poder político progresivamente máis elevadas (co horizonte posto nunha Galicia autoxestionada, dentro ou fóra do marco político español) ca á integración no marco político portugués.

2. AS ETAPAS DO DEBATE NORMATIVO

O profesor Johannes Kabatek (1994) diferenciaba a mediados dos anos 90 do século pasado catro grandes etapas ou fases no debate normativo da nosa lingua: a) anterior a 1936, b) de 1936 a 1966, c) de 1966 a 1982 e d) de 1982 ata a actualidade. Da periodización feita por este estudoso sobre a progresión do debate normativo interésanos destacar a súa apreciación, na cal coincide con outros moitos investigadores, de que aproximadamente ata 1977 a polémica sobre esta cuestión moveuse, polo xeral, dentro dun clima xeral de diálogo e tolerancia.

En 1977 saíron á rúa as *Bases prá unificación das normas lingüísticas do galego*, feito que convertirá a este ano nunha data clave na progresión do debate normativo. Segundo o profesor Henrique Monteagudo Romero (1993) este texto significará un caso insólito e puntual de consenso normativo na historia da controversia codificatoria da nosa lingua. E isto foi así porque na súa redacción e elaboración tomaron parte activa mestres, filólogos e escritores de todo signo e condición. Nos seminarios previos ás *Bases prá unificación das normas lingüísticas do galego* celebrados desde decembro de 1976 a xuño de 1977 participaron todos aqueles que no momento tiñan algo que dicir sobre a codificación ortográfica e gramatical do noso idioma, mesmo, como se pode comprobar na revista *Teima* (Rivas 1977: 41-43) significados reintegracionistas como X.- M. Montero Santalla e J. L. Rodríguez. O talante conciliador que aínda impregnaba o debate sobre a codificación da nosa lingua en datas próximas a 1977, faise explícito cando X.- M. Montero Santalla lle confesa a X. Ferro Ruibal (1984: 278) que el “defendía a súa opción lusista, pero que, se perdía, el someteríase, porque era máis importante a normalización cá normativización”.

Porén, en poucos anos, en concreto no período que abrangue de 1977 a 1982, ou se así se prefire no bienio 1979/1980 visto que o que acontece con posterioridade semella ter a súa raíz nestes dous anos, teñen lugar unha serie de sucesos que, ao noso entender, marcan un primeiro punto de inflexión na progresión histórica do debate normativo sobre o noso idioma. Este salto cualitativo na polémica ortográfica arrinca no instante en que a corren-

te reintegracionista comeza a cobrar plena consciencia das obrigas que carexaba consigo o principio de que galego e portugués non son, entre si, linguas autónomas. Noutras palabras, a progresión histórica do debate codificador do idioma galego entrou nunha nova dimensión cando, ao callar, cristalizar e primar sobre outras consideracións os principios rectores da propia orientación reintegracionista, isto, se se procedía cun mínimo de coherencia interna, impedía: 1º) continuar coa práctica de anos anteriores de achegar solucións puntuais máis ou menos reintegracionistas a modelos normativos en esencia autonomistas e 2º) aceptar a posibilidade dun acordo efectivo coa orientación autonomista.

Deste modo, a corrente reintegracionista escorou, guiada sempre por criterios de coherencia interna, desde unha previa vontade de concordia que permitira os acordos das *Bases prá unificación das normas lingüísticas do galego* de 1977 cara a un talante posterior de confrontación aberta coa orientación autonomista. Os feitos denotadores desta viraxe, que en parte xa comentamos máis arriba, foron, segundo o noso parecer, os seguintes:

1º) En 1979 destacados lingüistas como R. Carballo Calero e X.- M. Montero Santalla decláranse, a través dos textos que publican, abertamente reintegracionistas. Carballo Calero publica ese ano a 7ª edición da *Gramática elemental del gallego común*, na que revisa os postulados das seis anteriores desde un punto de vista reintegracionista, e X.-M. Montero Santalla dá ao prelo as *Directrices para a reintegración lingüística galego-portuguesa* onde nega categoricamente a posibilidade de acordo entre a orientación reintegracionista e autonomista (Montero 1979: 3-4).

2º) O 17 de maio de 1980 créase a Asociación Galega da Língua que se legaliza o 20 de maio dese mesmo ano. A AGAL, que terá entre os seus fundadores a personalidades como R. Carballo Calero, J. L. Rodríguez e X.-M. Montero Santalla, establecerá como obxectivo fundamental, de acordo aos seus estatutos, conseguir unha fundamental reintegración do galego (principalmente das súas manifestacións escritas) na área cultural e lingüística galego-portuguesa.

3º) En 1980 publícanse as Normas da Comisión-Xunta 80. Estas normas constitúen na práctica unha conxunción entre dous modelos normativos aglutinados en torno a principios radicalmente opostos entre si, o que podería constituír outra proba evidente de que ao redor de 1979/1980 comezaban a callar, cristalizar e primar sobre outras consideracións os principios rectores de cada corrente normativa.

4º) Desde 1979 a 1982 a Asociación Sócio-Pedagóxica Galega experimenta unha evolución interna marcada por unha progresiva bifurcación de correntes de opinión entre un sector maioritario máis achegado ás posicións lingüísticas da orientación autonomista, aínda que, na opinión do investi-

gador Antón Santamarina (1995), con diverxencias puntuais coas NOMIG 82 de natureza esencialmente política máis ca lingüística, e un sector minoritario cada vez máis próximo á orientación reintegracionista.

Segundo J. L. Fontenla Rodríguez (1986: 57) o día 23 de xaneiro de 1982 celébrase unha primeira reunión a instancias da AS-PG para elaborar un código normativo máis acorde coa liña de pensamento lingüístico defendido pola corrente reintegracionista. A esta primeira reunión acoden entre outros: R. López Suevos, J. L. Fontenla, F. Rodríguez, P. García Negro, X.- M. Montero Santalla e S. Esteban Radío. Nesta primeira reunión fórmulase a posibilidade de introducir na futura normativa o acento circunflexo, o *ç* e o *s* duplo, proposta que J. L. Fontenla (1986), sen dar máis detalles, di que unha parte dos alí reunidos rexeita. Nunha segunda sesión celebrada o 8 de maio de 1982, na que Fontenla recoñece que non están todos os que participaron na primeira reunión, acéptase como posibilidade a pé de páxina o acento circunflexo, o *s* duplo e os plurais en *-ôis* e *-ôes*.

En consecuencia, as *Orientações para a escrita do noso idioma*, que figuran con data de 1980, aínda que en realidade son de 1982, defenden escollas ortográficas que non foron aceptadas pola totalidade de membros que daquela conformaban a AS-PG. O mesmo acontece cunha serie de folletos posteriores que levan por título *Para ler textos escritos en galego* (1982), *Observações sobre as normas ortográficas e morfológicas do Instituto da Língua Galega-Real Academia Galega* (1982) e *Explicações sobre alguns pontos das Orientações para a escrita do noso idioma* (s.d.).

Se o período que vai de 1977 a 1982 marcaba un punto de inflexión na progresión histórica do debate codificadorio da nosa lingua, a partir de 1985 asistimos ao inicio dun novo salto cualitativo na evolución do debate ortográfico do idioma galego. Neste espacio cronolóxico entrará en escena unha nova corrente codificatoria, a orientación lusofonófila, que nace, de acordo ao noso punto de vista, cando a inminencia para a lingua portuguesa do Acordo Ortográfico de Río (1986) aboca, por vez primeira, aos colectivos galegos que defenden que o galego e o portugués son unha mesma lingua a un exercicio inescusable de coherencia interna verbo dos seus propios postulados. Isto obrigaralles, na práctica, a: 1º) participar neste e en posteriores acordos ortográficos da lingua portuguesa e 2º) levar a efecto en Galicia o Acordo Ortográfico de Río (1986), primeiro, e, máis tarde, o Acordo Ortográfico de Lisboa (1990).

A corrente lusofonófila aparece como orientación individualizada para a codificación ortográfica do idioma galego en 1985 cando no IV *Encontro Internacional da Língua Galaico-portuguesa*, celebrado en Pontevedra nos días 6 e 7 de decembro dese mesmo ano, tómase a decisión de crear unha *Comissão para a integração da Língua da Galiza no Acordo Ortográfico*

Luso-Brasileiro (en adiante COM 85). Forman parte da COM 85, entre outros, os seguintes colectivos: Irmandades da Fala da Galiza e Portugal, Associação de Amizade Galiza-Portugal, Associação Sócio-Pedagógica Galaico-Portuguesa e Associação Pedagógica Jornadas do Ensino de Galiza e Portugal. A COM 85 decide intervir no Acordo Ortográfico de Rio (1986) por medio dunha delegación de “observadores de Galicia” integrada por tres membros: J. L. Fontenla, A. Figueroa e I. A. Estravis, facultada para tomar decisións e colaborar en representación da COM 85.

Malia que a delegación de “observadores de Galicia” non conseguiu introducir ningunha das súas propostas, manifestaron de modo público a súa adhesión ao Acordo Ortográfico de Rio (en adiante AOR 86) de modo que as organizacións non gobernamentais xa mencionadas, xunto coa asociación Escritores em Língua Galego-Portuguesa, foron as únicas (xunto con outras no Xapón) que o levaron á práctica dado que este acordo, que debería ter entrado en vigor o 1 de xaneiro de 1988, fracasou nos países de fala portuguesa debido á oposición xurdida en Portugal.

Ante o fracaso do AOR 86 e diante do novo acordo que se aveciña para a lingua portuguesa en 1988 créase unha segunda *Comissão para a integração da Língua da Galiza no Acordo de Ortografia Unificada* (en adiante COM 88). A COM 88 acode ao *Encontro da Unificação Ortográfica*, celebrado na *Academia de Ciências de Lisboa* do 8 ao 12 de decembro de 1990, representada por unha nova delegación de “observadores de Galicia” integrada agora por J. L. Fontenla e A. Gil Hernández. A pesar de que esta delegación só logrou introducir no Acordo Ortográfico de Lisboa (1990) as palabras esdrúxulas *brêtema* e *lóstrego* (coas grafías *brêtema* e *lóstrego*, pasan a ser galeguismos no portugués), apoia publicamente o Acordo Ortográfico de Lisboa (en adiante AOL 90).

Para finalizar esta panorámica, presentamos a continuación o cadro-resumo que recolle as tres correntes codificadoras no debate ortográfico e gramatical da nosa lingua, así como os códigos normativos que integran cada unha destas orientacións:

ORIENTACIÓN AUTONOMISTA	ORIENTACIÓN REINTEGRACIONISTA	ORIENTACIÓN LUSOFONÓFILA
Normas da AS-PG 79	MONT 79	AOR 86 (COM 85)
Normas da AS-PG 80	Normas da AS-PG 82	AOL 90 (COM 88)
Normas da Comisión-Xunta 80	AGAL 83	
Normas da Subcomisión-Xunta 80	MONT 83	
NOMIG 82	PRONT 84	
Normas da CIG	MANUAL 98	
Normas da APIL		

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Durão, C. (1986): "A ortografia comum galego-portuguesa. Para um acordo ortográfico galego-luso-brasileiro-africano da língua portuguesa. Uma proposta galega", *Temas de O Ensino* II, 6/10, 79-88.
- Fernández Rei, F. (1995): "A 'questione della lingua' galega", en H. Monteagudo (ed.): *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*. Vigo: Galaxia, 177-195.
- Fernández Salgado, B. / H. Monteagudo (1995): "Do galego literario ó galego común. O proceso de estandarización na época contemporánea", en H. Monteagudo (ed.): *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*. Vigo: Galaxia, 99-176.
- Ferro Ruibal, X. (1984): "O acordo ortográfico morfolóxico de 1982. Entre a utopía foneticista e as heterografías lusistas", en *I Encontros Labaca. Ponencias*. Sada: Ed. do Castro, 176-307.
- Fodor, I. / C. Hagège (eds.) (1983-1990): *Language Reform / La réforme des langues / Sprachreform*. 5 vols. Hamburg : Helmut Buske Verlag.
- Fontenla, J. L. (1986): "Breve historia do conflito linguístico na Galiza: a normativa do galego desde a II república até hoje", *Temas de O Ensino* II, 6/10, 51-68.
- Herrero Valeiro, M. J. (1991-1994): "Ciencia e ideologia na investigación sociolingüística na Galiza", *Temas de O Ensino* VII/IX, 27/38, 195-205.
- Herrero Valeiro, M. J. (1993): "Guerre des graphies et conflit glottopolitique: lignes de discours dans la sociolinguistique galicienne", *Plurilinguismes* 6, 181-209.
- Joseph, J. E. (1987): *Eloquence and power. The rise of language standards and standard languages*. London: Frances Pinter.
- Kabatek, J. (1992): "Der Normenstreit in Galicien: Versuch einer Erklärung", *Lusorama* 18, 65-83.
- Kabatek, J. (1994): "Galego escrito e galego común na segunda metade do século XIX", *Grial* 122, 157-179.
- Lapa, M. Rodrigues (1973): "A recuperación literaria do galego", *Grial* 41, 278-281.
- Monteagudo, H. (1993): "Aspects of corpus planning in Galician", *Plurilinguismes* 6, 121-153.
- Monteagudo, H. (1995): "Sobre a polémica da normativa do galego", en H. Monteagudo (ed.): *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*. Vigo: Galaxia, 197-229.
- Montes Giraldo, J. J. (1986): "Lengua-dialecto una vez más. La persistencia y actualidad de un viejo problema", *Thesaurus* 41, 1-2-3, 23-41.

- Muljačić, Ž. (1990): "L'italien est-il une langue polynomique?", en J. Chiorboli (ed.): *Corti 90. Actes du Colloque international des langues polynomiques. Université de Corse, 17-22 septembre 1990. Publications Universitaires de Linguistique et d' Anthropologie (PULA)*, 3-4, Corti (1991), 338-343.
- Muljačić, Ž. (1991a): "L'approccio relativistico", *Rivista italiana de dialettologia. Lingue dialetti società*, 15, 183-190.
- Muljačić, Ž. (1991b): "Per un approccio relativistico al rapporto: lingua nazionale-dialetti", en *Fra dialetto e lingua nazionale: realtà e prospettive. XVIII Convegno di Studi Dialettali Italiani (Lugano 11-15 ottobre 1988)*. Lugano/Padova: Unipress, 247-259.
- Muljačić, Ž. (1991c): "Sullo status linguistico dell'istrioto mediavale", *Linguistica XXXI* (Paulo Tekavcic sexagenario in honorem oblata, I), 155-170.
- Muljačić, Ž. (1995): "A estandarización do galego e outros casos europeos", en H. Monteagudo (ed.): *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*. Vigo: Galaxia, 19-51.
- Muljačić, Ž. (1999): "Estandarización de linguas románicas 'baixo presión': unha proposta tipolóxica", en F. Fernández Rei / A. Santamarina Fernández (eds.): *Estudios de sociolingüística románica. Lingua e variedades minorizadas*. Santiago: Universidade, 11-26.
- Rivas, M. (1977): "Poñerlle pés á lingua escrita", *Teima* 22, 41-43.
- Sánchez Vidal, P. (2000): *Contribución ó estudo do proceso de codificación ortográfica e gramatical do galego: orientacións, conflito e fases do debate normativo*. Memoria de licenciatura. Universidade de Santiago.
- Santamarina, A. (1995): "Norma e estándar", en H. Monteagudo (ed.): *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*. Vigo: Galaxia, 53-98.
- Taschenberger, S. (1990): "Zur Rolle des orthographisch-morphologischen Abkommens (AOM-82), in der linguistischen Auseinandersetzung zwischen Realismus und Reintegrationismus in Galicien", *Beiträge zur Romanischen Philologie* 29, 135-142.

¿INFLUENTE OU INFLUÍNTE? PRESCRICIÓN E USO DA VOGAL TEMÁTICA VERBAL DA C-III NOS ADXECTIVOS EN -NTE NA LINGUA GALEGA*

Francisco Dubert García

Instituto da Lingua Galega (USC)

0. INTRODUCCIÓN

Na súa comunicación neste Simposio, dicía Joan Solà que a gramática normativa só se acorda dos fenómenos lingüísticos cando se ven implicadas formas diverxentes das recollidas no *bo uso*. Por esta razón, a maior parte dos fenómenos e as *leis máis profundas da lingua* permanecen invisibles para os gramáticos prescritivos, que só se ocupan do que eles consideran *anormal*. Un bo exemplo galego sobre a invisibilidade de problemas lingüísticos reais (e apaixonantes) encontrámolo arredor da estéril discusión creada sobre a forma que debe tomar o sufixo *-ción* / *-zón*, na que foi desbaldida unha gran cantidade de enerxía que podía ser utilmente consumida afrontando cuestións verdadeiramente importantes e frutíferas (e, curiosamente, tamén entretidas): ¿que relación morfolóxica hai, se é que a hai, entre *acción* e *acto*?, ¿e entre *acción*, *dimisión*, *producción*, *corrección* e *participación*?, ¿e entre *dimisión* e *dimitir*; *producción*, *producir* e *produto*; *corrección*, *corrixir* e *correcto*?, ¿cal é o formalismo que mellor as expresa?, ¿que implicacións teñen para a estrutura da gramática? Nada disto importa: só o puro valor simbólico de *-zón* e *-ción*.

Como obxecto da miña comunicación escollín un problema *algo invisible* ou, se se quere, *invisible ma non troppo*: o uso do sufixo *-nte* que encontramos en palabras coma *paralizante* ou *carente*. O uso deste sufixo aparece regulado en ILG-RAG (1982, 1995 e 2003), pois o seu emprego é problemático para os usuarios do galego estándar; con todo, segue a ser un sufixo *algo invisible*: non protagoniza ningunha agre controversia, nin é ob-

* Agradezo os comentarios con que me axudaron Rosario Álvarez e Ernesto González Seoane na elaboración deste traballo; evidentemente, tódolos erros que aquí aparecen son da miña responsabilidade.

xecto de ningunha conversa (como lles acontece, digamos, ós seus afortunados compañeiros os sufixos *-ción* e *-ble*, que si poñen máis ruído). Por exemplo, AGAL (1989), a contestación reintegracionista a ILG-RAG (1982), non lle dedica ningún epígrafe, pois salta de § 8.2, onde trata o famoso *-ción/-zón/-çom*, a § 8.4, que contén un segundón *-mento* (*¿esquecemento* ou *esquecemento?*), de modo que nada nos di sobre § 8.3, lugar dedicado en ILG-RAG (1982) a *-nte*; este silencio só pode significar que os autores de AGAL (1989) están de acordo coa proposta de ILG-RAG (1982) e que ben lles vale a descrición que alí se ofrece. A proposta e, incluso, a descrición de 1982 de ILG-RAG mantense íntegra nas revisións das *Normas* de 1995 e de 2003, onde pasa a ocupar a alínea § 9.3 (por esta razón, seguirei sempre referíndome á edición de 1982). Pola súa parte, Graña (1993), un gramático prescriptivo, tampouco toca esta cuestión, que só aparece de modo circunstancial ó tratar os hiperenxebrismos que sobrexeneralizan <e> a formas castelás con <ie> segundo a ecuación *piedra* > *pedra*. Polo tanto, vemos que aínda que o sufixo é problemático para os usuarios da lingua estándar, non é causa de preocupación para os polemistas que participan nos debates sobre o estándar galego: nin discuten sobre a súa forma nin se preocupan dos problemas que o seu uso *correcto* levanta. Evidentemente, non discuten pola forma porque todos concordan nela; e, con toda certeza, non se refiren ós problemas que levanta o seu uso porque *-nte* é un sufixo *algo invisible*. Sen dúbida, esta semi-invisibilidade xorde do feito de que *-nte* careza de valores simbólicos asociados. Pero, ¿por que *-nte* carece de valores simbólicos asociados?, ¿por que os seus usos *incorrectos* non orixinan *conversas*? Non teño respostas para estas preguntas, pero quizais as conclusións deste traballo sirvan de axuda para compoñelas.

Pola súa parte, Freixeiro Mato (1998, 1999, 2000) practicamente só menciona a cuestión de pasada, o que non deixa de ser estraño nunha gramática de forte orientación prescriptiva; mentres tanto, Álvarez e Xove (2002: 708-709) si dan unha visión xeral das vogais temáticas que lle corresponden a este sufixo sen profundar nos problemas que se contemplan no seu uso; en canto a Álvarez, Regueira e Monteagudo (1986), ofrecen conxuntos de exemplos quizais orientados por un certo carácter contrastivo galego/castelán. Polo tanto, os lingüistas descritivos tampouco se preocupan en exceso con esta cuestión, o que é fácil de comprender se nos percatamos de que o seu labor é describir a lingua estándar.

En todo caso, este estudo céntrase nos problemas que este sufixo *-nte* e, en xeral, estes adxectivos con *-nte* lles ocasionan ós usuarios do estándar; con todo, e por razóns de tempo e espazo, no presente estudo só me vou centrar nunha única cuestión: a calidade da vogal situada á esquerda do sufixo *-nte*, xeralmente considerada *vogal temática verbal*, nos temas de ad-

xectivos que por medio deste sufixo se relacionan con temas verbais da C-III gal. Refírome, xa que logo, a ítems léxicos coma *influente*, en que *in-* é prefixo, *-flu-* raíz, *-e-* a denominada vogal temática do verbo (o obxecto do presente traballo), *-nt-* sufixo e *-e* vogal temática do adxectivo. Como é sabido, a vogal temática verbal deste tipo concreto de adxectivos pode ser *-e-* coma en *influente*, *-ie-* coma en *nutriente*, ou *-i-* coma en *oínte* (fronte ós verbos da C-I gal., en que aparece *-a-* coma en *amante*, e os verbos da C-II gal., en que aparece *-e-* coma en *combatente*). Con todo, se se recorda o título deste Simposio, *Prescripción e variación*, comprenderase que non me ocupe de analizar o proceso derivativo que crea a relación entre os temas dos verbos e os temas dos adxectivos, nin de analizar a estrutura dos constituíntes, nin de analizar outras diferenzas que se dan entre a forma das raíces que figuran nos temas dos verbos e a forma das raíces dos adxectivos¹. O meu fin é:

- a) describir as diferenzas que se verifican entre as distintas variedades lingüísticas galegas canto ó tratamento da vogal temática do verbo,
- b) mostrar como interactúan as formas estándar con outras formas,
- c) describir as tendencias xa existentes nesas variedades.

Esta será unha análise, en fin, centrada no uso, nos enunciados, na fala, na linguaxe-E (onde *E* vale por exteriorizada ou externa) e non na competencia lingüística ou linguaxe-I (onde *I* vale por interna á mente do falante)².

Para acometer tal análise, organizo este estudo do seguinte xeito: en primeiro lugar (§ 1), mostrarei e comentarei as fontes dos datos; a seguir (§ 2), presentarei unhas breves reflexións teóricas sobre a variación e as variedades lingüísticas que tomarei en consideración; en terceiro lugar (§ 3), seguirá a descrición do tratamento que os adxectivos con *-nte* reciben no galego estándar e no castelán estándar, para así indicar os polos de atracción, i.e., os *teitos* que actúan sobre as variedades *cubertas* (para empregar unha terminoloxía usual xa en Galicia); despois (§ 4), analizarei o comportamento das va-

¹ Polo tanto, non me interesarán fenómenos relacionados, pero diferentes, coma as diverxencias na forma da raíz: *convencer* > *convinciente*, *decaer* > *decadente*, *ver* > *vidente* ou *convir* > *conveniente*.

² Desde xa, quero insistir en que o termo *fala* é empregado co significado de *uso da lingua* e refírese, sobre todo, ós resultados do uso da lingua (máis ca ó uso efectivo): ós enunciados. Non ten nada que ver con variedades subestándar nin cunha posible oposición ó mundo da escrita. Desde esta perspectiva existe fala oral (usos da lingua na canle oral) e fala escrita (usos da lingua na canle escrita), por máis que tamén sexa posible sinalar a existencia dunha lingua oral (unha técnica do discurso propia da expresión oral) e unha lingua escrita (unha técnica do discurso propia da expresión escrita).

riedades con respecto a este formante léxico; finalmente (§ 5), presentarei unhas breves conclusións.

1. OS DATOS

Para acometer este estudo empreguei a base de datos *CORGA* do Centro Ramón Piñeiro, a base de datos *TILGA* do Instituto da Lingua Galega, os textos obtidos para a elaboración da miña tese, os textos de Fernández Rei e Hermida Gulías (1996), unha enquisa realizada a alumnos de terceiro de Filoloxía Galega da USC. e os meus coñecementos sobre o galego.

En todo caso, cada unha destas fontes presenta limitacións diferentes. Por exemplo, *CORGA* é unha ampla base de datos que nos ofrece dezasete millóns de rexistros; con todo, a maioría dos textos incluídos son o resultado final dun traballo de corrección lingüística levado a cabo por ferramentas informáticas e por correctores profesionais; deste xeito, o que vemos non son os textos orixinais tal e como foron concibidos polos autores, senón textos filtrados. Calquera estudo que se faga sobre estes textos debe ter este feito presente: non se analiza directamente a fala dos autores, senón a fala dos autores peneirada por correctores lingüísticos; no resultado final é difícil (nalgúns casos imposible) saber que é o que se debe ó autor e que é o que se debe ó corrector.

A base de datos *TILGA* presenta unha ampla colección de textos literarios anteriores á aparición do estándar; está nunha mellor condición para ofrecernos as formas que realmente empregaban os escritores dos textos (ignorando neste momento a posibilidade de que os textos dos escritores foran tamén retocados polos editores)... En todo caso, e como todo corpus, presenta as limitacións propias deste tipo de materiais, entre as que cabe destacar a ausencia de formas posibles pero, pola razón que sexa, non rexistradas.

Por outra parte, os textos dialectais suman as dificultades dos corpóra escritos e ademais non acostuman a ser moi ricos en formas deste tipo, pois algunhas delas só aparecen nos lectos cultos e rara vez nos lectos populares.

En canto ós meus coñecementos da lingua galega, dependen da miña experiencia vital, que é tan ampla ou limitada coma a experiencia de calquera dos aquí presentes. Polo tanto, nada máis subxectivo.

Finalmente, polo que se refire ó cuestionario, é abundante a bibliografía sobre este aspecto. Baste aquí sinalar que esta amostra está limitada polo número de ítems léxicos incluídos e, sobre todo, polo número de informantes e pola especial relación que estes manteñen coa lingua: todos son estudantes de terceiro de Filoloxía Galega. ¿Como serían os datos se incluíse estudantes de dereito?, ¿e se incluíse escritores, avogados, políticos, sindicalistas,

xornalistas...? Polo tanto, o valor dos datos da amostra é moi relativo, algo que tampouco o lector debe esquecer. En todo caso, no cuestionario busco a forma que os estudantes consideran *estándar*, o que, cando menos, unifica en certa maneira as respostas (que neste caso non veñen condicionadas por ningún tipo de labor corrector externo); máis aínda, as respostas axudan a descubrir, cando menos, algunhas das tendencias que existen no uso real.

2. VARIACIÓN, VARIEDADES E ESTÁNDAR

Baixo este epígrafe vou tratar do estatus teórico das variedades lingüísticas e presentar as que vou comentar no presente traballo. Creo que a reflexión teórica previa é precisa para que o lector non se engane sobre que entendo por *variedade* e sobre o grao de *realidade* que lles atribúo ás variedades que identifico.

2.1. As variedades lingüísticas

Coma calquera lingua viva, o galego coñece variación xeográfica ou diatópica, social ou diastrática e contextual ou diafásica (cómpre engadir, ademais, a variación motivada pola canle ou variación diamésica, i.e., lingua oral fronte a lingua escrita). Un texto calquera poderá presentar trazos que o vencellan a unha área xeográfica máis ou menos ampla (na miña fala, /e/ en *dente* ou /o/ en *novo*); trazos que o vencellan a un grupo social (na miña fala, a ausencia de vogais paragóxicas en *comer* ou *cantar*); e trazos que indican en que contexto emprega a lingua (na miña fala, o uso de *ejemplo* nuns contextos e *exemplo* noutros). Agrupar conxuntos de trazos que presentan unha distribución máis ou menos homoxénea con respecto a un parámetro extralingüístico de ordenación (un punto xeográfico, unha clase social, un contexto comunicativo) permite crear variedades lingüísticas (variedades diatópicas ou dialectos, variedades diastráticas ou sociolectos e diafásicas ou estilos).

Sexa como for, a identificación das variedades lingüísticas constitúe un acto taxonómico, que serve para clasificar os enunciados e os elementos de que constan. Como todo acto taxonómico, depende dos primitivos que sirvan para establecer a clasificación e, sobre todo, dos fins da clasificación (véxase Dubert 2000 e 2002a). Por outra parte, a experiencia móstranos que as variedades son entidades abstractas, polo menos, en dous sentidos:

a) Para establecer as variedades só temos en conta os elementos comúns ós enunciados implicados, nunca os elementos diverxentes; a abstracción

neste caso provén de ignorar o que é diferente. Por esta razón, as falas agrupadas dentro dunha mesma variedade, aínda que similares nalgúns aspectos, carecen de homoxeneidade interlingüística.

b) Por outra banda, os trazos que tomamos en consideración para deslindar unha variedade doutra poden aparecer nun acto de fala concreto en variación con outros trazos que se adoitan adscribir a outras variedades ou que carecen de valor marcador. Véxase o tipo de variación a que me refiro no seguinte treito, en que a fala dun santiagués con estudos mostra a existencia de dúas variantes na forma de palabra que lle corresponde á entrada léxica do concepto PENDENTE:

Informante: tes que estar moito *pendiente* do... do que estás facendo, e ó poñer unha copa nun bar, ou servir un café, non deixa de ser unha cousa, nada fóra do... o sea, unha cousa moi moi fácil, ¡vamos!

Entrevistador: e ser cocineiro require...

Informante: claro, require estar pensando que ó millor estás facendo seis ou sete cousas ó mesmo tempo e estar *pendente* de todas.

A abstracción neste caso provén de non ter en conta este tipo de variación interior ó enunciado adscrito a unha variedade lingüística, que tampouco é un obxecto homoxéneo e que, polo tanto, tamén que carece de homoxeneidade intralingüística.

Moitos lingüistas queren explicar a diversidade intralingüística proclamando que estamos ante casos de interferencia dun trazo dunha variedade α nun texto propio dunha variedade β . Porén, as variedades lingüísticas son abstraccións creadas polos lingüistas para obter corpos lingüísticos homoxéneos que describir a partir de corpos lingüísticos heteroxéneos, i.e., as variedades son o resultado dunha necesidade metodolóxica, non obxectos do mundo real: os obxectos do mundo real son a fala con toda a súa heteroxeneidade e as competencias comunicativas individuais de cada falante. O argumento da interferencia entre variedades, visto como fenómeno sincrónico, é circular: debido a unha necesidade metodolóxica, decidimos crear a homoxeneidade (i.e., as variedades) onde existe heteroxeneidade (i.e., os enunciados) a través dun proceso de abstracción; para isto, primeiro agrupamos conxuntos de trazos con altas probabilidades estatísticas de concorreren xuntos en determinadas circunstancias extralingüísticas e a cada unha destas agrupacións de trazos máis ou menos ligadas a unha circunstancia extralingüística transubstanciámola en variedade lingüística; e, segundo, cada vez que encontramos un destes trazos que nós conuíñemos caracterizador dunha variedade α nun enunciado no que predominan trazos que conuíñemos caracterizadores doutra variedade β , considerámolo unha interferencia de α en

β . Creo, no entanto, máis adecuado afirmar que o que estamos a contemplar é simplemente que un trazo que caracteriza ós enunciados clasificados como variedade α tamén pode aparecer nos enunciados clasificados como variedade β . Dun lado, non hai necesidade da noción interferencia (polo menos desde un punto de vista sincrónico)³: algunhas falas agrupadas baixo α poden compartir algúns trazos das falas agrupadas baixo β ⁴. Doutro lado, a adscrición dun enunciado a unha variedade α ou a outra β é máis o resultado dun feito estatístico ca dun feito absoluto: chega con cambiar os límites estatísticos que trazan as fronteiras entre dúas variedades para que un conxunto de falas cambie de adscrición e pase dunha variedade a outra.

Polo tanto, e en definitiva, as variedades son entes abstractos e clasificatorios que non teñen por que agrupar enunciados homoxéneos, que os lingüistas creamos por necesidades metodolóxicas para efectuar determinadas operacións e cunha forma que depende das nosas necesidades (porque, a pesar do dito, as variedades son abstraccións necesarias para podermos explicar a realidade da linguaxe). A seguir vou presentar primeiro as variedades que tomarei en consideración neste estudo, para despois presentar unha lixeira descrición do estado do sufixo *-nte* nas variedades consideradas.

2.2. As variedades: o galego estándar, o galego elaborado e o galego popular

Neste estudo considerarei a existencia de tres variedades: o estándar, o galego elaborado e o galego popular. Por *estándar* entendo o modelo de lingua regrado pola autoridade lingüística; no noso caso, a autoridade lingüística que regra o estándar hoxe oficial é a RAG e o modelo recóllese no libro das *Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego* (ILG-RAG

³ Eu creo que: (a) a interferencia só pode producirse *entre falas*, non *entre variedades*, pois o falante só ten acceso directo á *fala* doutra persoa, mentres que as variedades son creacións dos lingüistas; e (b), que interferencia é unha noción diacrónica, pois explica por que figura un trazo nun repertorio lingüístico dun falante, pero non por que aparece nun acto de fala concreto (algo que só pode ser explicado noutros termos: monitorización e automatización do acto de fala, etc.).

⁴ No mundo da bioloxía, os taxónomos clásicos, debido a que non comprendían o papel da variación e do cambio, definían as especies "por sus «esencias»: rasgos fundamentales que las distinguían de todas las demás. La variación, en el mejor de los casos, era considerada como algo inconveniente, una especie de dispersión accidental en torno a la forma esencial". Os taxónomos que comprenden a plenamente a evolución cren que "existen, qué duda cabe, islotes de forma [...] Con todo, si bien las especies son discretas, carecen de esencia inmutable. La variación [...] representa la realidad fundamental de la naturaleza, y no un accidente que rodea una norma creada. La variación es primaria; las esencias ilusorias. Las especies deben definirse como parcelas de variación irreductibles [...]" (Gould 1985: 135-136 *passim*).

1982, 1995, 2003), no *Diccionario da Real Academia Galega* e no *Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega*. Como vemos, estandarízase a ortografía, a morfoloxía flexiva e o léxico. Non existe ata agora un traballo similar para a sintaxe (aínda que si existe unha serie de acordos básicos sobre o que podería ser unha sintaxe estándar da lingua galega: pensemos no que se refire á colocación do pronome, polo menos nos seus aspectos máis básicos, ou o uso do infinitivo conxugado, etc.), nin moito menos unha proposta para a fonoloxía; creo, incluso, que será difícil, se non imposible, planificar estas compoñentes da gramática tal como se planificaron as outras. Polo tanto, existe unha ortografía, unha morfoloxía e un léxico estándar, que son propostas perfectamente descritas en diferentes tipos de traballos.

Denominarei *galego elaborado* ó conxunto de falas con prestixio social aberto que son tendentes ó galego estándar, pero que non son exactamente iguais ca el, pois conteñen hiperenxebrismos, lusismos, dialectalismos e castellanismos excluídos da variedade normativa. Precisamente é a aparición de hiperenxebrismos e lusismos, xunto con formas estándar, o que separa estas variedades do galego popular. Estas variedades de prestixio orientadas cara ó estándar viven, con todo, unha dinámica propia, como penso mostrar neste traballo, ás veces converxente coas propostas estándar, ás veces diverxente e, en todo caso, unha dinámica motivada pola ideoloxía lingüística dos seus falantes, que *constrúen* a súa fala tendo o castelán ó fondo, no sentido de que moitas veces forman os seus enunciados tratando de evitar a influencia castelá neles.

Os elementos do galego elaborado móstranse tamén na *fala escrita* (véxase n. 2) e quedan restos deles nos *erros* que escapan ás ferramentas informáticas de corrección ou que esquecen os lingüistas encargados de corrixir os textos (quizais porque son *erros* que tamén eles poden cometer). É precisamente da fala escrita de onde tomo moitos destes datos que, sen dúbida, serían moi diferentes se fosen tomados de textos orais espontáneos ou de textos escritos non corrixidos, como mostrará a diferenza de resultados entre os datos do *CORGA*, o *TILGA* e a miña enquisa.

A terceira variedade que vou considerar é o *galego popular*, *vernáculo* ou *galego non elaborado*; esta variedade abrangue enunciados xeralmente falados (practicamente nunca textos escritos) producidos polos falantes máis afastados da cultura dominante. É o galego do que acostumamos ocuparnos os dialectólogos, que contén, alén dalgúns castellanismos característicos, formas que, desde a perspectiva do estándar, son consideradas dialectalismos. A ideoloxía lingüística dos usuarios do galego popular tamén ten o castelán ó fondo, só que, fronte ós usuarios/construtores do galego elaborado, os falantes do galego popular non necesariamente tentan eliminar os trazos converxentes co castelán; máis ben, a presenza de formas castelás na súa fala

non constitúe para eles ningún problema e os castelanismos incluso poden estar cargados de prestixio, quer encuberto quer explícito, ben porque asemellan o seu galego ó castelán ben porque serven de marca de solidariedade de intergrupala fronte ós falantes de galego elaborado.

Tanto o galego elaborado coma o galego popular poden ser agrupados co termo *variedades subestándar*, i.e., o conxunto de variedades que están cubertas polo estándar, que é a lingua teito (aínda que non estea mal recordar que en Galicia hai dúas linguas teito: o estándar galego e o estándar castelán). Estas variedades subestándar poden ser segmentadas de varios modos segundo as necesidades do analista: en Dubert (2002a) falo de *acrolectos*, *mesolectos* e *basilectos*, de modo que o galego elaborado estaría en relación cos acrolectos e mesolectos máis próximos ós acrolectos e o galego popular estaría en relación cos basilectos e os mesolectos máis próximos ós basilectos. En Dubert [2004] falo de *galego elaborado*, *galego popular rural* e *galego popular urbano*.

3. O SUFIXO *-nte* NA LINGUAS ESTÁNDAR GALEGA, PORTUGUESA E CASTELÁ

A seguir vou describir cómo se emprega o sufixo *-nte* nas linguas estándar máis difundidas en Galicia: o estándar de ILG-RAG e o estándar español; vou incluír tamén algunha referencia ó estándar portugués, pois, como veremos, esta variedade explica a proposta galega. Máis aínda, o portugués influíu practicamente de sempre o galego elaborado. A referencia ó estándar castelán é precisa porque explica a situación da lingua galega popular e, en parte e por vía indirecta, a da lingua galega elaborada.

En canto ó estándar de ILG-RAG (1982), o capítulo 8.3 das *Normas* (pp. 57-58) describe o emprego no galego estándar do que os autores denominan *terminación -nte*, “que permite formar adxectivos ou substantivos sobre a base dun verbo”. No caso dos verbos da C-I gal. e C-II gal., non existe ningún tipo de problema, pois “manteñen inalterada a vogal temática correspondente: *cantante*, *camiñante*; *valente*, *crente*, *nacente*, *crecente*”; pola contra:

Os [derivados, FDG] relacionados con verbos da terceira conjugación, en cambio, non presentan un resultado uniforme. Os máis deles son cultismos que se remontan á correspondente forma latina, no canto de formárense sobre o verbo romance, polo que presentan como vogal temática *e* ou *ie* (*ibidem*, p. 57).

No Cadro 1 mostro as propostas das normas ordenadas polo tipo de vogal temática que reciben:

Vogal temática -e-	Vogal temática -i-	Vogal temática -ie-
<i>maldicente, maledicente, producente, contraproductente, incidente, reincidente, transixente, intransixente; lucente, reluciente, escribente, constrinxente, insurxente, influente, confluyente, afluyente; vivente, supervivente; consecuyente, subsecuyente, etc.</i>	<i>concluín̄te, contribuínte, saín̄te, seguínte, conseguín̄te, oín̄te, constituín̄te, reconstituín̄te, saliente</i>	<i>expediente, conveniente, proveniente, interveniente, nutriente, recipiente,</i>

Cadro 1

Tamén nos avisan os autores de ILG-RAG da existencia de dous verbos que presentan un comportamento excepcional (p. 58): “Sobre o verbo *dormir* e *servir* os derivados esperados deberían presentar -ie- (como cultismos) ou -i- (como derivados romances). En lugar destas formas rexístranse como patrimoniais *dormente* (adx. e subst.) e *servente* (subst.)”. No caso de *servente*, Ferreiro (1995: 157, n.188) fala dalgunha “evolución intermedia: *servente* (< SĚRVĚNTE, de SĚRVĚRE), cunha var. antiga *servinte*”, sen aclararnos en que consiste este tipo especial de evolución intermedia. Con todo, se *servente* procede directamente de SĚRVĚNTE e non é unha produción románica (como si é *servinte*) e *dormente* de DÖRMĚNTE, non hai caso para evolucións intermedias nin para comportamentos excepcionais: *servente* e *dormente* aparentan ser o resultado natural da perda do iode que se formou no latín vulgar no hiato -ĭĕ-: “formas como *dormente*, *servente* são provavelmente sobrevivências de um período anterior ao advento da terminação -inte” (Williams 1938: 191). Polo tanto, *dormente* ou *servente* son tan regulares coma *soberba*, *vendima*, *nervo*, *durmamos* ou *adro* (Williams 1938: 89) ou coma *avó* (Ferreiro 1995: 175). Pola súa parte, cómpre indicar que *lucente* se relaciona sincronicamente con *lucir*, que provén á súa vez de LŪCĒRE, verbo da C-II lat. con participio presente LŪCĒNTE, polo que o actual adxectivo galego *lucente* se relaciona directamente co antigo participio latino.

Como se ve, na actualidade a escolla da forma da vogal temática é impredecible: *saír* > *saín̄te* (historicamente relacionado co tema latino SALĪ-, da C-IV lat.; cf. con *saliente*), pero *abrir* > *abrente* (historicamente relacionado co tema APERĪ-, da C-IV lat.); *seguir* (historicamente relacionado co tema SĚQUĪ-, da C-IV lat. vul.⁵) > *seguín̄te* e *ferir* (historicamente relacionado co tema FĚRĪ-, da C-IV lat.) > *ferinte*, pero *servir* (historicamente relacionado co tema SĚRVĪ-, da C-IV lat.) > *servente*. Pola súa parte, *vivente* e *escribente* rela-

⁵ Cf. con *consecuyente*, que está relacionado historicamente con SĚQUĪ (forma de palabra do infinitivo presente; o ĭ final non é vogal temática, senón sufixo), o verbo deponente do latín clásico que se corresponde co SĚQUĪRE (forma de palabra do infinitivo presente) do latín vulgar de onde provén o noso *seguir*.

ciónanse sincronicamente con *vivir* e *escribir* (historicamente relacionados cos temas VIVĒ- e SCRĪBĒ-, da C-III lat.)⁶.

No que se refire a bases máis complexas, nas que é posible detectar un afixo ligado a unha raíz, existe un padrón tan fácil de sistematizar coma difícil de adquirir/aprender. Presentan tamén -e- algúns verbos cultos ou semicultos coma os do tipo *-fluír* (provenientes do tema FLŪĒ-, da C-III lat., que se relacionan con formas coma *influyente*, *confluente*, *afluente*) ou do tipo *-ducir* (provenientes do tema DŪCĒ-, da C-III lat., que se relacionan con formas coma *producente*, *contraproducente*, *conducente*). Presentan unha vogal temática -i-, a pesar de que a forma latina contiña -Ē-, os verbos do tipo *-stituír* (provenientes do tema STATŪĒ-, da C-III lat., que se relacionan con formas coma *constituínte*), en *-tribuír* (provenientes do tema TRĪBŪĒ-, da C-III lat., que se relacionan con formas coma *contribuínte*), en *-chuír* (provenientes da raíz CLŪĒ-, da C-III lat., que se relacionan con formas coma *conchuínte*). Aparece a vogal temática -ie- (moitas veces acompañada de alternancias supletivas totais na raíz) en verbos provenientes da C-IV lat.: *convir* > *conveniente* (que no galego elaborado aparece ás veces coma *convinte*), *provir* > *proveniente* (no galego elaborado alternando con *provinte*); no caso de *nutriente*, que provén do tema simple NUTRĪ- (da C-IV lat.) e que foi adaptado directamente do latín, non existe raíz supletiva.

Polo tanto, na lingua estándar a adxudicación da vogal temática nos derivados adxectivais galegos en -nte non está directamente ligada á etimoloxía, como mostra a falta de concordancia entre os derivados formados sobre os descendentes dos temas FLŪĒ- e DŪCĒ-, dun lado, e os formados sobre os descendentes dos temas STATŪĒ-, TRĪBŪĒ- e CLŪĒ-, do outro. A razón máis plausible para esta falta de regularidade é que os elaboradores da lingua galega estándar se inspiraron neste punto no estándar portugués, xa que nesa lingua os verbos da C-I port. escollen a vogal temática -a-, os verbos da C-II port. escollen a vogal temática -e- e os verbos da C-III port. escollen as vogais temáticas -i-, -ie- e -e- cun condicionamento léxico. A vogal -i- non é etimolóxica, senón románica, e aparece pola presión analóxica que exerce a base verbal do derivado, de modo que a vogal temática do verbo se estende á vogal temática verbal do adxectivo con que se relaciona; segundo Houaiss:

⁶ Estes dous verbos son complicados desde un punto de vista normativo, pois o reintegracionismo considera que deben ser conxugados pola C-II gal., coma en portugués, mentres que o autonomismo considera que deben ser conxugados pola C-III gal., como hoxe se fai na fala viva; en todo caso, uns e outros postulan adxectivos con vogal temática -e-.

A partir do sXIV, a 3ª conj. port., donde quer que provinda, passou a desenvolver a f. *-inte*, vern., que convive, en niveis de diferentes registros e para fins diferentes, com os originais eruditos (*seguinte* e *seqüente*, *ouvinde* e *audiente*) (Houaiss 2001, s.v. *-nte*).

Como se sabe, a C-III port., igual cá gal., recolle verbos provenientes da C-II lat. (*luzir*), C-III lat. (*producir*) e C-IV lat. (*ouvir*), con diferenzas nas dúas linguas estándar (galego *dicir*, *escribir*, *recibir*, *vivir* vs. portugués *dizer*, *escrever*, *receber*, *viver*). En portugués, polo tanto, aparecen formas con *-e*-coma *circunferente*, *fluente*, *influyente*, *poluente* ou *refluente* e formas con *-i*-coma *concluinte*, *seguinte*, *consequinte*, *constituinte*, *contribuinte*, *ouvinde*, *pedinte* ou *possuinte* en función de cando e como apareceu nesta lingua o adxectivo en *-nte*: nalgúns casos temos *descendentes directos* da forma latina e noutros construcións romances; a distribución destas vogais en portugués, polo tanto, parécese a base fundamental sobre a que se construíu a proposta do galego estándar.

Pola súa parte, o castelán estándar presenta unha situación bastante diferente. Na C-II cast., ó lado da vogal temática monotongal da base verbal *-e*-correspondente a esta conxugación, aparecen vogais temáticas ditongadas *-ie-*, debido a que esta lingua ditongou os *Ē* (o castelán ditongou incluso a vogal temática nos verbos provenientes da C-II lat., pois o *Ē* desta conxugación tornábase *Ē* ante o sufixo *-NT-* do participio presente; Bassols de Climent 1983: 106-107); os adxectivos correspondentes a verbos da C-II cast. que hoxe presentan *-e-* deben ser considerados cultismos e supónse que entraron en castelán despois da ditongación da vogal temática. O mesmo vale para os adxectivos relacionados con verbos da C-III cast., en que tamén aparecen alternancias entre *-e-*, se o adxectivo entrou trala ditongación, e *-ie~-ye-*, se entrou antes. En castelán non hai adxectivos con vogal temática verbal *-i-*. Unha descrición básica é a seguinte:

En los derivados de los verbos de la segunda conjugación, la vocal temática puede quedar intacta (p. ej. *sorprender* > *sorprendente*) o diptongarse (p. ej. *depender* > *dependiente*). Si el verbo base es de la tercera conjugación, siempre hay cambio, sea en *-e-* (p. ej. *deprimir* > *deprimente*), sea en *-ie-* (p. ej. *escribir* < *escribiente*). Tanto en el caso de la segunda como en el de la tercera conjugación el cambio vocálico es esencialmente arbitrario, es decir, una propiedad no predecible de los verbos base (Rainer 1999: 4603).

Con todo, parécese necesario facer unha precisión moi importante. Todas estas similitudes entre as formas portuguesas, galegas, castelás e latinas son unicamente *gráficas*: cando dicimos que en latín, portugués, castelán ou

galego a vogal temática é *-e-* ou que o portugués *confluente* é un cultismo que presenta a *mesma* vogal temática có seu correspondente latino, corremos o risco de esquecer que en latín <e> representa un fonema *vocálico anterior breve medio*, en portugués <e> representa unha fonema *vocálico anterior medio pechado*, en galego <e> pode representar un fonema *vocálico medio aberto* ou *vocálico medio pechado* (dependendo dos dialectos) e en castelán un fonema *vocálico anterior medio*. Polo tanto, baixo ese mesmo grafema <e> está esgochada toda a diversidade que distingue os sistemas fonémicos vocálicos do latín, o portugués, o galego e o castelán. Insisto neste punto porque as discusións prescritivas acostuman a ocuparse só da cuestión gráfica, que é a máis *visible*, e habitualmente deixan de lado toda a cuestión fónica; pero cando dicimos que ó concepto *VIVENTE* lle corresponde unha vogal temática *-e-*, ou que *influente* mantén a vogal temática que lle correspondía en latín, non debemos esquecer que con *-e-* estamos a referirnos a unha letra e non ó *espírito* da letra, i.e., ¿que fonema representa esa letra? Con pouco que pensemos nisto veremos que a correspondencia latina/portuguesa/galega/castelá do <e> non está clara: en galego falado existen, polo menos, cinco xeitos de expresar o concepto *VIVENTE*, [biβ̞i̞nt̞e], [biβ̞e̞nt̞e], [biβ̞e̞nt̞e], [biβ̞je̞nt̞e] ou [biβ̞je̞nt̞e], aínda que estas cinco formas só se poidan escribir de tres maneiras diferentes, *vivinte*, *vivente* e *viviente*; por esta razón, a discusión non se debería reducir a se a vogal de que nos ocupamos é <e>, <ie> ou <i>, que é precisamente o que farei aquí, tanto por comodidade coma por falta datos, senón tamén a se a vogal é /i/, /e/, /ɛ/, /ie/ ou /iɛ/. Deste xeito, cada vez que, referíndome ó galego, eu falo da vogal temática *-e-*, o lector deberá entender /e/ ou /ɛ/; cada vez que eu falo da vogal temática *-ie-*, o lector deberá entender /ie/ ou /iɛ/; e, para non deixar ningún cabo sen amarrar, cada vez que eu falo da vogal temática *-i-*, o lector deberá entender /i/.

4. O USO DE *-NTE* NAS VARIEDADES GALEGAS SUBESTÁNDAR

Unha vez que coñecemos a distribución das vogais temáticas nas linguas teito, o castelán e o galego estándar, paso a describir a situación nas falas agrupadas nas dúas variedades subestándar galegas que xebrei: o galego elaborado e o galego popular. Aínda que, en principio, a situación do galego popular é máis simple cá do galego elaborado, é interesante expor como o galego popular funciona neste respecto porque, fóra do grupo dos neofalantes, que aprenden o galego desde o castelán, a lingua popular constitúe a base sobre a que os galegofalantes aprenden, empregan e crean o galego elaborado. Quero tamén insistir en que as falas agrupadas nestas variedades

presentan os trazos que aquí lles adxudico, pero non exclusivamente estes trazos, pois nunha mesma fala poden aparecer unha solución en variación coa outra. As variedades son, polo tanto, prototipos. O que importa é o que poderíamos denominar *o predominio estatístico* dunha solución ou da outra: *a maior tendencia á* ou *a maior posibilidade de* aparición dunha forma ou outra⁷.

4.1. O galego popular

Nas falas caracterizadas como galego popular aparece toda unha serie de castelanismos léxicos asociados a este sufixo, tanto en verbos da C-II gal. coma en verbos da C-III gal. Así, no primeiro grupo de verbos encontramos formas coma *independiente*, *aguardiente*, *corriente*, *valiente*, *pendiente*, ás veces, e só ás veces e dependendo dos dialectos ou dos sociolectos, ó lado das formas historicamente galegas correspondentes. Nos verbos da C-III gal. encontramos tamén algúns castelanismos coma *sirviente*, aínda que proliferan sobre todo no léxico de aparencia máis culta coma *siguiente* ou *influyente*. Nos casos en que temos unha vogal temática ditongada⁸ seguindo a unha vogal radical, coma no caso de *influyente*, é posible que o elemento semivocálico do ditongo se consonantice nunha oclusiva palatal voceada, dando lugar a formas coma [ɪmfluɲte]; en canto ó segmento vocálico, aparece, segundo os lectos, unhas veces [e] e outras veces [ɛ], tanto nas formas clasificables como castelanizadas coma nas clasificables como galegas.

⁷ É posible que un falante de galego elaborado use *siguiente*, pero é máis posible que, polo menos en determinados contextos, empregue *seguinte*; entre outros factores, a presenza dun elemento ou do outro depende da competencia comunicativa do falante (véxase Dubert 2002b). Isto lévame a sinalar que, polo menos nalgúns casos, estes trazos poidan ter tamén valor sinalador diafásico: por exemplo, eu mesmo tendo a empregar *siguiente* nuns contextos comunicativos e *seguinte* noutros. Tamén existen falantes que tenden a empregar só (ou que só empregan) *seguinte* e falantes que tenden a empregar só (ou que só empregan) *siguiente*. Quizais cumpriría definir a variedade *galego elaborado* cruzando criterios diastráticos con diafásicos (a fala que se recolle nos grupos sociais máis próximos á cultura dominante, nas situacións máis formais); véxase o traballo de Henrique Monteagudo neste mesmo volume. En todo caso, nada evita os problemas de fragmentación dos posibles *continua*.

⁸ Existe aquí un problema teórico que agora non podo tratar e que se refire á etiqueta *vogal temática ditongada*, que dá a entender que unha secuencia coma *-ie-* é unha vogal temática. Na lingüística galega considérase que os ditongos son entidades difonemáticas, i.e., conformadas por unha secuencia de dous fonemas vocálicos. Por agora chegue con indicar que *vogal temática* é unha etiqueta *morfolóxica*; nun caso coma *siguiente*, a vogal temática, etiqueta morfolóxica, está realizada por unha secuencia de vogais, sendo *vogal* unha etiqueta fonolóxica (do mesmo xeito ca en *boubo* ou *souben* vogal radical, outra unidade morfolóxica, tamén está representada por outra secuencia de vogais, entidades fonolóxicas).

Por outra parte, nas falas clasificadas como galego popular tamén existen formas castelanizadas co sufixo *-nte* pero que dificilmente se poden vencer, desde un punto de vista sincrónico, con ningún verbo: *teniente* ou *reciente*.

É interesante subliñar que no galego popular tamén aparece léxico co sufixo *-nte* que comparte forma plena co galego estándar e forma parcial co castelán estándar; refírome a palabras coma *antecedente*, relacionado con verbos da C-II gal., ou a *deprimente*, relacionado con verbos da C-III⁹ gal. É posible que estes ítems sexan tamén castelanismos, aínda que isto non se pode demostrar fidedignamente, pois non conteñen marcas formais que os identifiquen como tales; e, con todo, parece posible e mesmo razoable considerar que moitos destes ítems teñen a súa orixe no castelán. A razón que me move a tal atribución é a presenza no galego popular de formas coma *urgente*, *inteligente* ou *esigente~asigente*, cunha estrutura morfolóxica idéntica e unha vogal semellante ás das palabras correspondentes na lingua galega estándar, pero cun segmento fricativo velar na raíz que as sinala como castelanismos e que contrasta co postalveolar que se propón para estas palabras no galego estándar. Estes castelanismos, xunto coas formas coma *reciente* ou *teniente* de que falei arriba, mostran ó meu xuízo que palabras do galego popular coma *deprimente* ou *remitente* puideron tamén entrar no galego popular a través do castelán, pois todas elas pertencen á mesma esfera sociocultural. En todo caso, sexan ou non castelanismos, veremos que formas coma *urxente*, *esixente* ou *deprimente* poden presentar no galego elaborado un certo comportamento que as illa.

Neste sentido, pódese dicir que o castelán *relexificou* o galego popular, se se me permite empregar este termo da crioulística, máis neutro e menos cargado de connotacións pexorativas ca *interferiu*. Trask define o fenómeno nos seguintes termos:

The massive replacement of the words of language by new words taken from a different language. The term is most commonly applied to pidgins and creoles, but it can also be applied to the importation of words from the local prestige language in a case of language shift or even to massive borrowing generally, leading to the loss of most of the ancestral vocabulary (Trask 2000, s.v. *relexification*).

⁹ Insisto outra vez en que as similitudes co castelán son *parciais* e non plenas, pois, aínda que sexan plenas no plano gráfico, son parciais no plano fonémico: o <e> gráfico galego debe relacionarse cun fonema *vocálico anterior medio aberto* ou con outro *medio pechado*, mentres que o castelán só se relaciona cun fonema *vocálico anterior medio*. Baixo ningún concepto se pode perder de vista esta particularidade que matiza calquera expresión que afirme que *deprimente* son dúas palabras iguais en galego e en castelán.

Con todo, o castelán non só substituíu *léxico ancestral galego*, palabras coma *Deus*, *óso* ou *ovo*, senón que tamén introduciu no galego léxico preciso para as novidades da vida moderna. Entre este tipo de léxico aparecen os préstamos coma *influyente*, *urgente*, *teniente* e, se é préstamo como eu creo, *deprimente*.

É importante salientar que este proceso de relexificación, polo que respecta á fracción da gramática que estou a considerar, é de orde léxica nun sentido moi importante: non creo que neste tipo concreto de adxectivos o galego popular tome, illadamente, a vogal temática castelá e os padróns para crear os derivados, senón que toma palabras castelás enteiras que conteñen o sufixo, con vogal temática *-e-* ou *-ie-* conforme o modelo castelán, sen ningún tipo de reanálise, sen que exista ningún proceso que estea por baixo do nivel da palabra (aínda que é posible que despois os falantes poidan crear e estender o modelo a novas formas). Como a seguir mostrarei, non é esta a situación do galego elaborado, na que veremos a existencia de verdadeiros padróns produtivos de construción de derivados.

4.2. O galego elaborado

Se ata hai pouco o galego popular foi relexificado só polo castelán, que renovaba o léxico galego eliminando formas antigas ou introducindo novas formas, o galego estándar tórnase outra nova fonte de relexificación das falas galegas. Deste modo, a lingua galega estándar serve coma unha nova capa de pintura, coma un novo superestrato, que se aplica sobre as falas populares. Formas estándar coma *urxente*, *intelixente* ou *tenente* comezan hoxe a substituír os castelanismos correspondentes no galego popular, polo menos nalgúns sociolectos e nalgúns rexistros dentro deses sociolectos (véxase n. 7); estas formas do galego estándar comezan mesmo a encontrar certas resistencias e incluso se volven tema de conversa entre os falantes do galego popular, o que demostra que estes son xa conscientes da súa existencia e que, polo tanto, estas formas comezan a ser coñecidas pola sociedade enteira.

Ata certo punto, considero que o galego elaborado dos falantes con galego como lingua materna non é outra cousa có resultado dunha nova relexificación, e mesmo unha regramaticalización, do galego popular adquirido na infancia; esta relexificación prodúcese en cada individuo, sobre todo, mediante a súa interacción co mundo da educación e da cultura dominante; de feito, a adquisición como lingua materna dalgunha modalidade de galego clasificable como galego elaborado é, con certeza, un fenómeno moi recente. O máis importante é que neste proceso de adquisición/aprendizaxe do segundo dialecto (no caso presente, a lingua estándar), o individuo non é só un axente pasivo que rexistra os datos e adquire/aprende novas formas,

senón que, coma en tódolos procesos de adquisición/aprendizaxe, tamén participa activamente no proceso de construción da súa nova lingua, por exemplo, creando hipóteses acerca da forma ou do uso que terá un ítem lingüístico calquera nesa súa lingua renovada. De feito, esta é a explicación da aparición dos hiperenxebrismos do estilo *ordear* ou *diviño*, en que se sobrexeneraliza un padrón de equivalencias ó comparar as formas base do castelán ou do galego popular coas formas obxectivo do galego estándar. O mesmo vale, pola súa parte, para a maioría dos neofalantes que adquiren o galego fóra da casa e constrúen o seu galego elaborado a partir do castelán que teñen como base e do moito ou pouco galego popular que poidan coñecer.

Dado que a gramática do castelán e a gramática do galego popular coinciden moito neste punto, pois o galego popular contén moitos castelanismos no tipo de construción que estou a analizar, é posible esperar un comportamento uniforme en tódolos usuarios/construtores do galego elaborado neste punto, sexan neofalantes de procedencia castelá sexan falantes co galego popular como lingua materna, pois é posible que todos partan dunha base léxica e gramatical común no que se refire a este aspecto da gramática e do léxico.

Unha cala na base de datos do *CORGA* móstranos como se usa este sufixo no galego elaborado escrito. Como xa sinaléi, os textos escritos que aparecen en libros e artigos de xornais ou revistas son, normalmente, o resultado de procesos de corrección levados a cabo por lingüistas contratados ó efecto ou por ferramentas informáticas. Con todo, a mostra recollida na Táboa 1¹⁰, que contén o resultado dunha busca en textos posteriores a 1983 (1982 foi o ano de aprobación nas normas actuais), mostra a existencia tanto de formas idénticas ás estándar (non podía ser doutro xeito) coma a presenza de formas que se afastan do estándar, aínda que nunha dirección non orientada pola forza de converxencia co castelán; tamén observamos algúns casos, escasos, de castelanismo: 1 ocorrencia de *constituiente* de 1983, 4 de *siguiante* (a última de 1998), 2 de *superviviente* (a última de 1985) e 1 de *viente* de 1985.

Para contrarrestar os labores de corrección realicei unha pequena enquisa entre os meus alumnos de *Prácticas de Lingua Galega I*, que presento na Táboa 2.

¹⁰ Tanto na Táboa 1 coma na Táboa 2, as lendas precedidas do símbolo \$ mostran aqueles casos en que encontro máis ocorrencias de formas non-estándar ca de formas estándar; as lendas precedidas do símbolo # mostran aqueles casos en que encontro un número significativo de formas non-estándar.

<i>Forma estándar</i>	<i>-inte</i>	<i>-ente</i>	<i>-iente</i>
afluente	1/1984	45/2000	
\$confluente	5/1996	2/1995	
#influente	49/1999	79/2000	
conducente	2/1995	20/2001	
contraproducente	0	22/2000	
atribuínte	1/1988	0	
contribuínte	127/2001	0	
constituínte	141/2000	1/1989	1/1983
incluínte	1/1999	1/2000	
#concluínte	67/2001	10/2000	
#excluínte	61/2000	28/2000	
existente	2/1996	1070/2001	
\$requirente	2/2000	0	
#dormente	13/1995	19/2001	
escribente		5/1998	
lucente	2/1991	18/2000	
maldicente	0	1/1993	
nutriente	9/2000	0	320/2001
relucente	4/1990	59/2001	
seguínte	3825/2001	seguinte 1/1996	4/1998
servente	5/1996	55/2001	
#supervivente	16/2000	95/2001	2/1987
#vivente	23/2000	74/2001	1/1985

Táboa 1¹¹

Da comparación entre a Táboa 1 e a Táboa 2 resulta fácil ver que sen o labor dos correctores afloran con máis facilidade as formas non-estándar do galego elaborado que nin coinciden co uso da lingua estándar nin co uso da lingua popular.

¹¹ Nesta táboa coa notación “45/2000” quero expresar que se recolleron 45 ocorrencias dunha forma (por exemplo, *afluente*), a última obtida nun texto do ano 2000. Baixo o lema *dormente* inclúo 2 ocorrencias de *durmente* (a última de 1999), baixo *relucente*, 3 de *relocente* (a última de 2000); baixo *seguínte*, 3 de *siguinte* (a última de 1991). Aparecen 2 ocorrencias *siguinte*, pero son transcricións de fala popular nun traballo de antropoloxía. Aparecen 2 ocorrencias *Supervivientes*, pero refírense ó título dun programa español de televisión.

Forma estándar	-inte	-ente	-iente	-inte/-iente
#afluente	3	5		
\$confluente	7	1		
\$influente	8			
\$conducente	6	2		
contraproducente	1	7		
atribuínte	8			
retribuínte	8			
constituínte	8			
concluínte	8			
incluínte	8			
excluínte	8			
existente		8		
\$requirente	5	3		
remitente		8		
\$dormente	7	1		
\$escribente	7	1		
\$nutriente	7		1	
\$vivinte	5	3		
esixente		8		
#lucente	3	5		
maldicente	2	6		
oínte	8			
\$relucente	3	5		1
seguínte	8			
servente	2	6		
urxente		8		

Táboa 2¹²

As formas non-estándar créanse en virtude dunha tendencia a regularizar por medio da analogía a formación destes adxectivos en *-nte*; esta tendencia, que ten como resultado a simplificación da gramática, actúa de dúas maneiras¹³:

¹² Nesta Táboa 2, as respostas correspondentes a *requirir* son 3 ocorrencias de *requerinte*, 2 de *requirinte* e 3 de *requirente*, a *servir* son 2 de *servente*, 4 de *servente* e 2 de *servinte*; baixo *reluciente*, inclúo 1 *relocente*; un informante contestou a *relucir* as respostas *relucinte* e *reluciente*, por iso aparecen 9 ocorrencias como resposta a *relucir*. Como resposta a *escribir* outro informante respondeu *escribinte* e *escrebente*; é posible que este *escrebente* estea construído sobre un verbo da C-II *escreber* e non baixo un verbo da C-III *escribir*, polo que non o computei na Táboa 2.

¹³ A partir da existencia de formas coma *superviviente* ou *siguiente* da Táboa 1 podería pensarse nunha terceira tendencia a estender *-ie-*; pero a explicación máis plausible é considerar estas

- a) a extensión de *-e-* a contextos en que, conforme ás regras do estándar, debera aparecer *-i-*; é o caso de *concluyente*, *excluyente* e *incluyente* na Táboa 1;
- b) a extensión de *-i-* a lugares en que, conforme ás regras do estándar, debera aparecer *-e-*; é o caso de *influyente*, *dorminte* ou *vivinte* na Táboa 1¹⁴.

Destes dous padróns, é claro que (b) é o maioritario. Máis aínda: este padrón maioritario parece actuar con máis forza naqueles adxectivos galegos que se corresponden con adxectivos casteláns con *-ie~-ye-*: confróntese a vogal temática de *vivinte*, *influyente* ou *escribinte* coa vogal temática de *urxente*, *remitente*, *esixente*. Nestas últimas palabras, que non se regularizan en *-i-*, a vogal temática monotongal *-e-* é similar á vogal temática das palabras castelás correspondentes; de feito, as formas similares ás castelás con *-e-* practicamente non se recrean en galegas elaboradas con *-i-*, senón que manteñen o *-e-*, con raras excepcións coma *existente* ou *afluente*. Pero incluso estas excepcións indican que o falante que elabora o galego pode pensar que *existente* ou *afluente*, palabras máis ou menos comúns, son castelanismos e poden ser modificadas pasándoas ó padrón produtivo.

En todo caso, o padrón maioritario e produtivo de extensión de *-i-* é o mesmo que actuou no portugués no século XIV e que xa veu actuando no galego elaborado contemporáneo. Basta mirar na base *TILGA* datos anteriores a 1982 para encontrar que *afluente* e *influyente* aparecen nun texto de Tetamancy de 1912, *vivinte* nun texto de Galo Salinas de 1892, *servinte* nun texto de Dieste de 1927, *sirvinte* nun de Aurelio Ribalta de 1894, *reluciente* nun de Dieste de 1927, *relucinte* nun de Cunheiro de 1933, *locinte* noutro de Dieste tamén de 1927, *lucinte* nun de 1896 de Álvarez de Novoa e *durminte* rexístrase nun texto da revista *A Nosa Terra* en 1936. Sería interesante un estudo destes textos prenormativos para desentrañar os padróns produtivos nesas falas.

Esta é unha tendencia baseada naquelas *leis profundas da lingua* que os lingüistas prescritivos ignoran e, sobre todo, unha tendencia que nace de

formas como castelanismos idénticos ós que aparecen na lingua popular. De feito, son estes castelanismos os que os falantes de galego elaborado pretenden evitar.

¹⁴ No caso de *nutriente* ~ *nutrinte*, existiría unha terceira tendencia *ie* ~ *i*, pero nos caso de *ie* ~ *i* adoita existir tamén un cambio na raíz: *convir* > *conveniente* ~ *convinte*, *provir* > *proviniente* ~ *provinte*. Pola súa parte, o *CORGA* rexistra *suficiente* en 1998, ó lado de *suficinte* en 1997, e *coeficiente* en 1992... o que daría elementos para unha cuarta tendencia que relaciona *ie* ~ *e*. En todo caso, *suficiente* resulta dunha extensión de *-e-*, coma en (a), e *suficinte* resulta dunha extensión de *-i-*, coma en (b).

condicionamentos internos ó propio sistema lingüístico galego. A regularización cobra forza, sen dúbida, grazas á febleza do estándar galego, que aínda non tivo forza nin tempo para implantar o seu modelo; desta maneira, a lingua elaborada galega goza de maior liberdade para estender o padrón analóxico.

Creo que moitas destas diverxencias só serían plenamente explicables se fofamos capaces de crear unha clasificación do léxico en función de oposicións coma *palabras comúns* fronte a *palabras raras*, *derivacións transparentes* con significado predicible fronte a *derivacións lexicalizadas* con significado impredecible, *palabras existentes* fronte a *palabras posibles*, etc. En fin, todo un atractivo proxecto de investigación que non se pode abordar aquí.

Recórdame tamén Ernesto González Seoane que cómpre tamén explorar a natureza deste sufixo. En galego (véxase Álvarez e Xove 2002: 683-684) hai sufixos transcategorizadores de verbos a adxectivos ou substantivos que son atemáticos (i.e., aparecen, polo menos en superficie, directamente ligados á raíz, sen que haxa ningún tipo de vogal intermedia): *abusar* > *abusón*, *pilotar* > *pilotaxe*; e sufixos transcategorizadores que van despois dunha vogal temática. Estes últimos divídense en dúas categorías: sufixos que poden aparecer tras calquera das tres vogais temáticas: o sufixo *-dor* de *reparar* > *reparador*, *comer* > *comedor* e *descubrir* > *descubridor* pertence a este grupo; e sufixos en que a C-II gal. e a C-III gal. comparten unha mesma vogal temática, mentres que a C-I gal. mantén a súa forma: o sufixo *-ble* de *mover* > *movible* e *dirixir* > *dirixible* fronte a *desexar* > *desexable*.

Os lingüistas poderían sentirse tentados a falar de *hipercorreccións*, *hipergaleguismos* ou *hiperenxebrismos* en casos coma *vivinte*, *escribinte* ou *concluyente*. Pero ninguén debe esquecer que é a propia gramática a que ofrece as dúas posibilidades, *influyente* ou *influínte*, *conducente* ou *conducinte*; deste xeito, *influínte* ou *conducinte* poderán ser consideradas, se se quere, formas hipercorrectas porque non coinciden coas estándar e porque xorden da tendencia a eliminar castelanismos dun lado e irregularidades lexicais do outro, pero son enteiramente gramaticais: é a existencia do estándar o que as torna incorrectas (véxase Dubert 2002b para a diferenza entre *agramatical* e *incorrecto*). De non haber estándar, como non houbo durante moitos anos de cultivo e elaboración do galego, non tería sentido dicir que *influínte* e *conducinte* son hipercorreccións, hipergaleguismos ou hiperenxebrismos, pois non habería base de comparación; e se a estandarización se basease no uso galego elaborado actual e non na sistematización portuguesa, alén de gramaticais, *influínte* e *conducinte* quizais fosen hoxe correctas.

5. CONCLUSIÓNS

De acordo cos fins que sinaliei ó principio deste traballo, neste estudo tentei describir un segmento vocálico, xeralmente considerado vogal temática verbal, que aparece á esquerda do sufixo *-nte* en adxectivos coma *influyente*, *conducente*, etc., considerados derivados sincrónicos de verbos da C-III gal. No galego estándar esta vogal pode ter tres formas, escollidas a partir de criterios léxicos (nin fonolóxicos nin morfolóxicos): a vogal *-i-* aparece en adxectivos coma *seguinte*, relacionado con *seguir*, *-e-* en adxectivos coma *vivente*, relacionando con *vivir*; e *-ie-* en adxectivos coma *nutriente*, relacionado con *nutrir*; destas tres posibilidades, é evidente que só no primeiro caso coinciden a vogal temática do verbo base e a vogal temática verbal do adxectivo derivado. No entanto, as variedades lingüísticas subestándar galegas presentan escollas diferentes, que son o verdadeiro obxecto deste traballo.

Tras presentar a orixe dos datos que mostran as diferenzas existentes entre as diversas falas galegas e a proposta estándar, agrupei as diversas falas galegas en dúas variedades lingüísticas subestándar co fin de poder describir estas diferenzas: o galego popular e o galego elaborado. No galego popular aparecen formas *-ie-* segundo a distribución do castelán, tanto en adxectivos relacionados con verbos da C-II coma con verbos da C-III (é o caso de *siguiente*, *influyente* para a C-III ou *pendiente* para a C-II); no galego elaborado existe unha forte tendencia a evitar este tipo de castelanismos. Para poder evitalos, os falantes empregan unha estratexia que leva a regularizar os procesos de formación de palabras, evitando excepcións que se tornan dificultades. Esta estratexia (fundamentada na propia gramática da lingua galega) resulta na produción de formas diverxentes tanto do castelán coma do galego estándar e consiste no emprego da vogal temática *-i-* en adxectivos derivados de verbos da C-III que na lingua galega estándar presentan as vogais *-e-* ou *-ie-*, de modo que coincidan a vogal temática da base verbal (i.e., *vivir*) e a vogal temática verbal do adxectivo (*vivinte*).

Con todo, a estratexia está tamén relacionada dalgún xeito co castelán, pois parece actuar só, ou maioritariamente, en adxectivos galegos correspondentes a adxectivos casteláns que presentan unha vogal temática *-ie-*: galego elaborado *vivinte* fronte a galego estándar *vivente* e castelán *viviente*, *inflúinte* fronte a galego estándar *influyente* e castelán *influyente*, cabo de galego elaborado, galego estándar e castelán *remitente*, *urxente-urgente*, etc. Isto débese a que é un cambio orixinado precisamente pola intención dos falantes do galego elaborado de evitar castelanismos.

REFERENCIAS

- AGAL (1989): *Estudo Crítico das Normas Ortográficas e Morfolóxicas do idioma galego* (Instituto da Lingua Galega - Real Academia Galega 1982). Ourense: AGAL.
- Álvarez, R. e X. Xove (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Álvarez, R. H. Monteagudo e X.L. Regueira (1986): *Gramática galega*. Vigo: Galaxia.
- Bassols de Climent, M. (1983): *Fonética latina*. Madrid: CSIC.
- CORGA = Centro Ramón Piñeiro: *Corpus de referencia do galego actual*. <http://corpus.cirp.es/corga/>.
- Dubert García, F. (2000): “¿Norma galega, sistema galego-portugués? Aplicación dos termos de Coseriu ó «galego» e ó «portugués», en *Cadernos de lingua* 22, 101-122 [edición dixital en: <http://web.usc.es/~fgdubert>].
- Dubert García, F. (2002a): “Os sociolectos galegos”, en *Cadernos de Lingua* 24, 5-27 [edición dixital en <http://web.usc.es/~fgdubert>].
- Dubert García, F. (2002b): “Breves notas sobre o ensino da lingua e o ensino da gramática”, en R. Lorenzo (coord.) *Homenaxe a Fernando R. Tato Plaza*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 99-113 [edición dixital en <http://web.usc.es/~fgdubert>].
- Dubert García, F. [2004]: “Gheada, castelanismos con /x/, clases fonolóxicas e variedades lingüísticas no galego de Santiago de Compostela”, comunicación que será publicada nas actas do *I Encontro de Estudos Dialectolóxicos*. Ponta-Delgada, Azores, 6-7 de novembro de 2003 [edición dixital en <http://web.usc.es/~fgdubert>].
- Fernández Rei, F. e C. Hermida Gulías (1996): *A nosa fala: bloques e áreas lingüísticas do galego*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Ferreiro, M. (1995): *Gramática histórica galega*. Santiago de Compostela: Laiavento.
- Freixeiro Mato, X. R. (1998/1999/2000): *Gramática da lingua galega I. Fonética e fonoloxía; Gramática da lingua galega II. Semántica; Gramática da lingua galega III. Morfosintaxe*. Vigo: A Nosa Terra.
- Gould, S. J. (1985): “Of wasps and WASPS”, en *The flamingo’s smile*. New York: W. W. Norton & Company. Cito pola tradución española: “Sobre avispa y WASP”, en *La sonrisa del flamenco*. Barcelona: Crítica, 1995, 131-140.
- Graña Núñez, X. (1993): *Vacilacións, interferencias e outros “pecados” da lingua galega*. Vigo: Ir Indo.
- Houaiss, A. et alii (2001): *Dicionário Houaiss da língua portuguesa*. Rio de Janeiro: Editora Objetiva.

- ILG-RAG (1982, 1995, 2003): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Santiago de Compostela: ILG-RAG. Cito pola edición de 1982.
- Rainer, F. (1999): "Capítulo 70. La derivación adjetival", en Ignacio Bosque e Violeta Demonte (eds.) *Gramática descriptiva de la lengua española. Volumen 3. Entre la oración y el discurso. Morfología*. Madrid: Espasa Calpe, 4595-4643.
- TILGA = Instituto da Lingua Galega: *Tesouro informatizado da lingua galega*. <http://www.ti.usc.es/TILG/>
- Trask, R. L. (2000): *The dictionary of historical and comparative linguistics*. Edinburgh: Edinburgh University Press.
- Williams, E. B. (1938): *From Latin to Portuguese*. Philadelphia/London: Oxford University Press. Cito pola tradución portuguesa: *Do latim ao português*. Rio de Janeiro: Tempo Brasileiro, 1975³.

O DIMINUTIVO NA DEFINIÇÃO ACTUAL DO ESTÁNDAR MORFOLÓXICO

Larisa Santos Suárez

Imaxin Software

O tema que imos desenvolver nesta exposición enmárcase dentro do traballo realizado entre marzo de 2002 e outubro de 2003 na área de tecnoloxía lingüística da empresa Imaxin Software. Este traballo é froito das tarefas de investigación e de análise dos datos recompilados sobre a lingua galega (Álvarez 2002 e Álvarez/Xove 2002) realizadas dentro do proxecto de I+D Universidade–Empresa “Desenvolvemento de ferramentas informáticas de revisión lingüística para a lingua galega”. O proxecto foi desenvolvido conxuntamente por un equipo de traballadores de Imaxin Software e varios membros do Seminario de Lingüística Informática (SLI) da Universidade de Vigo¹.

1. OBXECTIVOS DO PROXECTO

O primeiro obxectivo deste proxecto era desenvolvermos, con axuda da informática, un dicionario de palabras da lingua galega o máis amplo e organizado posible, de maneira que calquera ferramenta de revisión lingüística desenvolvida a posteriori puidese tomar como base un lexicón razoablemente amplo e exhaustivo. Partindo da información que conteñen os habituais dicionarios de lemas ou “palabras base” (Álvarez/Xove 2002: 224), o que buscábamos era crear unha ferramenta informática que xerara automaticamente unha serie de flexións para cada un deses lemas, tendo en conta cada categoría gramatical e o tipo de morfemas afixais (flexionais e / ou derivativos) que lle son máis propios, de maneira que nos fose posible recoñe-

1. O proxecto foi subvencionado pola Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento da Xunta de Galicia, dentro do programa de investigación 2001-2004 (ref. PGIDT01TICC06E). Foi dirixido por Jose Ramon Pichel Campos (xefe da área de tecnoloxía lingüística de Imaxin Software) e o Prof. Xavier Gómez Guinovart (Director do SLI) e nel participaron José Luis Aguirre Moreno (SLI), Alberto Álvarez Luga (SLI), Antonio Fernández Cabezas (Imaxin Software), Elena Sacau Fontenla (SLI) e Larisa Santos Suárez (SLI e Imaxin Software).

cer un amplo abano de “palabras de discurso” (Álvarez/Xove 2002: 224). Así por exemplo, a categoría “verbo”, que nun dicionario normal de lemas se manifesta tan só mediante as formas de infinitivo (consideradas como “palabras base”), consiste nun amplo conxunto de formas xeradas por combinación do tema con todos os morfemas flexivos correspondentes ás categorías de modo, tempo, persoa e número, que conforman o paradigma conxugacional de cada verbo. O substantivo, unha das categorías que imos tratar con máis profundidade nesta exposición, tamén aparece representado nos habituais dicionarios de lemas pola súa forma masculina singular (salvo nos casos en que o xénero é explicitamente feminino ou o número plural), se ben existe un amplo abano de morfemas facultativos que se lle poden engadir e cos que se pode xerar todo un paradigma de formas nominais.

Unha boa ferramenta informática de revisión lingüística en calquera lingua debería ser capaz de recoñecer o maior número posible destas combinacións “lema (entendido aquí como “radical” ou “raíz”) + afixos”. De feito, moitas destas formas derivadas teñen de por si entrada propia nos dicionarios (p. ex.: *libro* – *librería*, *libreiro*...), posto que son recoñecidas polos falantes como palabras independentes con entidade propia. En realidade, son palabras novas creadas a partir doutras. No entanto, queda sen recompilar toda outra serie de formas (diminutivos e aumentativos no substantivo, comparativos e superlativos no adxectivo, entre outras) que non posúen esta etiqueta de “palabras independentes”, senón que son concibidas polos falantes como “variantes” ou “subprodutos” da palabra da que derivan. En realidade, ao engadirmos un morfema diminutivo ou aumentativo á raíz dun substantivo ou dun adxectivo estamos determinando o significado léxico da palabra, pero non creando unha nova. Por iso este tipo de formacións nunca se recollen nos dicionarios, a pesar da súa alta frecuencia de uso. Foi precisamente esta alta frecuencia de uso a que nos fixo pensar que sería interesante, mesmo imprescindible, tentar dar cabida no noso dicionario de palabras ao maior número posible delas, de maneira que puidesen ser facilmente identificables por calquera ferramenta de revisión lingüística informatizada.

Partindo desta base teórica, e utilizando un dicionario en formato electrónico como fonte de datos, centramos os nosos esforzos iniciais en deseñar uns modelos de flexión específicos para cada categoría de palabra que, a partir do lema correspondente, xerasen automaticamente as formas flexivas que consideramos máis importantes para cada unha delas. Lamentablemente, o noso traballo non pode recoller todas as posibilidades de flexión que poden existir, sobre todo para categorías tan abertas á flexión coma o substantivo e o adxectivo, das que se pode derivar multitude de formas. De maneira que tentamos seleccionar as que nos pareceron máis interesantes e produtivas.

2. O MORFEMA DIMINUTIVO

Ímonos centrar, pois, nun dos morfemas que máis xogo dá na modificación de palabras na nosa lingua, o diminutivo, polo que nos pareceu imprescindible incluílo na nosa definición de modelos de flexión para as dúas categorías de palabras coas que se adoita asociar: o substantivo e o adxectivo². O diminutivo, concretamente o morfo |iñ|, é con diferenza o morfema modificador máis habitual no substantivo e no adxectivo, nun principio utilizado como determinante do “tamaño ou magnitude do expresado polo substantivo [ou adxectivo]” (Álvarez/Xove 2002: 406), pero na realidade con valores ou funcións que chegan moito máis aló (usos afectivos que intensifican o significado da base ou engaden un valor de emotividade e que, en consecuencia, aumentan a súa frecuencia de uso). É tamén o modificador máis facilmente aceptado por un maior número de substantivos e adxectivos, o que permite a súa combinación con practicamente calquera unidade léxica destas dúas categorías de palabras. Non obstante, a pesar da súa frecuencia de uso, á hora de crear uns modelos de flexión xenéricos para catalogar os substantivos e adxectivos, atopámonos co problema da escasa definición que as regras prescritivas da lingua galega conteñen sobre a formación do diminutivo. A vacilación -iñ-/ -ciñ- non está sempre clara nin suficientemente documentada, de maneira que conviven en moitos casos distintas variedades rexionais sen que a norma se decante por unha ou outra (Álvarez 2002).

A continuación imos expoñer quince grupos de palabras que exemplifican os modelos de flexión que puidemos crear tendo en conta toda esta variación. Partimos da terminación do lema para estipular o alomorfo que se lle debe engadir a cada tipo de terminación, e analizamos as dificultades, dúbidas ou variacións atopadas neste proceso.

2.1. A formación do diminutivo: problemas detectados na definición do estándar

2.1.1. O primeiro grupo é o máis amplo e representativo. Recolle todos os substantivos e adxectivos rematados en vogal átona precedida de consoante, que forman o diminutivo eliminando esa vogal e engadindo o morfo |iñ| máis os correspondentes morfemas de xénero e número (Álvarez/Xove

2. O diminutivo é un morfema tan usual e frecuente na lingua galega, que se pode mesmo aplicar a categorías como o adverbio ou o verbo, se ben as dúas clases de palabras coas que máis habitualmente se identifica son o substantivo e o adxectivo. Por iso nos cinguiremos simplemente a estas dúas na nosa exposición.

2002: 407). Aos efectos dunha revisión lingüística informatizada, o único que cómpre notar é o cambio de sílaba tónica e que as consoantes /c/, /g/ e /z/ que preceden a vogal final de palabra cambian a /qu/, /gu/ e /c/ ao se anteponeren á vogal /i/ do morfema diminutivo.

TERMINACIÓN LEMA	TERMINACIÓN DIMINUTIVO	EXEMPLOS
- vogal átona	-iñ-	SUBST. neno > <u>neniñ</u>o adúltero > <u>adulteriñ</u>o galaico > <u>galaiquiñ</u>o gaélico > <u>gaeliquiñ</u>o galego > <u>galeguiñ</u>o antropófago > <u>antropofaguiñ</u>o afogadizo > <u>afogadiciñ</u>o suízo > <u>suíciñ</u>o ADX. alto > <u>altiñ</u>o acéfalo > <u>acefaliñ</u>o adunco > <u>adunquiñ</u>o abiotico > <u>abiotiquiñ</u>o abadengo > <u>abadengu</u>o análogo > <u>analogu</u>o achadizo > <u>achadiciñ</u>o suízo > <u>suíciñ</u>o

2.1.2. O segundo grupo recolle os substantivos e adxectivos rematados en vogal átona precedida de vogal tónica coa que forma hiato. Nestes casos cae a vogal átona final, o mesmo que no caso anterior, e engádese o morfo |iñ|, coa única particularidade de que o /i/ debe levar til para marcar o hiato (Álvarez/Xove 2002: 407).

TERMINACIÓN LEMA	TERMINACIÓN DIMINUTIVO	EXEMPLOS
- vogal átona precedida de vogal tónica (hiato)	-iñ-	SUBST. galileo > <u>galileiñ</u>o galináceo > <u>galinaceiñ</u>o río > <u>riñ</u>o radiografía > <u>radiografiñ</u>a ADX. alleo > <u>alleiñ</u>o asiduo > <u>asidu</u>o aéreo > <u>aereiñ</u>o baldío > <u>baldiñ</u>o

2.1.3. O terceiro grupo inclúe todos os substantivos e adxectivos rematados en vogal átona precedida de /i/ co que forma ditongo crecente. Novamente a formación do diminutivo esixe a perda desa vogal átona final. Ao engadirmos o morfo |iñ|, os dous /i/ do lema e mais do morfema diminutivo quedan reducidos a un só (Álvarez/Xove 2002: 407).

TERMINACIÓN LEMA	TERMINACIÓN DIMINUTIVO	EXEMPLOS
- vogal átona	-iñ-	SUBST. cambio > <i>cambi<u>ño</u></i>
precedida de /i/ co que forma ditongo crecente		ADX. acadio > <i>acadi<u>ño</u></i>

2.1.4. O cuarto grupo presenta maior dificultade, xa que entra nun ámbito menos definido na lingua estándar. Inclúe os substantivos e adxectivos rematados en vogal tónica e se ben semella que “-iñ- é de uso maioritario e aceptable en tódolos casos, existe unha variante diatópica -ciñ-, que continúa xeograficamente a forma portuguesa, con certa presenza nas gramáticas descritivas do galego estándar” (Álvarez 2002: 99). Non está claro que palabras exactamente admiten ou non o morfo |ciñ|, pero parece evidente que “en áreas occidentais hai tendencia a introduci-la variante |ciñ| do diminutivo en tódalas palabras rematadas en vogal tónica: pé > *peciño*, mamá > *mamaciña*, etc.” (Álvarez/Xove 2002: 408). De aí que nós incluíamos as dúas posibilidades nos nosos modelos de flexión para a revisión lingüística.

TERMINACIÓN LEMA	TERMINACIÓN DIMINUTIVO	EXEMPLOS
- vogal tónica	-iñ- -ciñ-	SUBST. chimpancé > <i>chimpance<u>ño</u></i> / <i>chimpance<u>ciño</u></i> pé > <i>pe<u>ño</u></i> / <i>pec<u>ño</u></i> mamá > <i>mama<u>ña</u></i> / <i>mama<u>ciña</u></i>
		ADX. israelí > <i>israeli<u>ño</u></i> / <i>israeli<u>ciño</u></i>

2.1.5. O quinto grupo recolle os substantivos e adxectivos rematados en ditongo decrecente (-eu, -ou, -au, -ai, -ei, -oi), para os que se documentan os dous alomorfos habituais do diminutivo |iñ| e |ciñ|. A distribución dun e doutro semella basearse en criterios de distribución xeográfica e cronolóxicos, que establecen a forma |ciñ| como preferente no sur e no oeste de Galicia e entre as xeracións máis novas e a forma |iñ| no resto do país e entre as xeracións máis vellas (Álvarez 2002: 100). Á vista destes datos, as nosas ferramentas de revisión lingüística ofrécenlle ao usuario ambas as dúas posibilidades.

O problema con este grupo está na redución das secuencias /i'i/ e /u'u/ a /i/. Mentres que o primeiro caso non presenta maior dificultade, por similitude co comportamento das palabras rematadas en ditongo crecente (*cambio* > *cambiño*, *rei* > *reíño*), a segunda secuencia resulta máis problemática. Hai datos que avalan a devandita redución co ditongo final /eu/ (*xudeu* > *xudeíño*), “quizais amparada na tendencia ó hiato final na lingua espontánea” (Álvarez 2002: 100). No entanto, cos outros dous ditongos en -u (-au e -ou) a redución non semella ser tan evidente, polo que parecen máis frecuentes formas diminutivas como *carlouíño* ou *tauíño*.

TERMINACIÓN LEMA	TERMINACIÓN DIMINUTIVO	EXEMPLOS
- ditongo decrecente	-iñ- -ciñ-	SUBST. rei > <u>re<i>i</i>ñ<i>o</i></u> / <u>re<i>ci</i>ñ<i>o</i></u> pai > <u>pa<i>i</i>ñ<i>o</i></u> / <u>pa<i>ci</i>ñ<i>o</i></u> boi > <u>bo<i>i</i>ñ<i>o</i></u> / <u>bo<i>ci</i>ñ<i>o</i></u> treu > <u>tre<i>i</i>ñ<i>o</i></u> / <u>treu<i>i</i>ñ<i>o</i></u> / <u>treu<i>ci</i>ñ<i>o</i></u> carlou > <u>carlou<i>i</i>ñ<i>o</i></u> / <u>carlou<i>ci</i>ñ<i>o</i></u> tau > <u>tau<i>i</i>ñ<i>o</i></u> / <u>tau<i>ci</i>ñ<i>o</i></u> ADX. tai > <u>ta<i>i</i>ñ<i>o</i></u> / <u>ta<i>ci</i>ñ<i>o</i></u> xudeu > <u>xude<i>i</i>ñ<i>o</i></u> / <u>xudeu<i>i</i>ñ<i>o</i></u> / <u>xudeu<i>ci</i>ñ<i>o</i></u>

2.1.6. O sexto grupo recolle os substantivos e adxectivos rematados en *-uo/-ua* ou *-üe*. Como calquera outro substantivo ou adxectivo rematado en vogal átona ou en ditongo crecente, non existe maior problema á hora de seleccionarmos o alomorfo |iñ| para crear a forma diminutiva. O que non resulta tan fácil delimitar é se o /u/ da terminación do lema forma hiato ou ditongo co /i/ do sufixo *-iño* e, polo tanto, se este /i/ debe levar til ou non. A documentación consultada non aclara nada ao respecto, de maneira que mentres non haxa un pronunciamento normativo parécenos máis lóxico supoñer que, en congruencia co comportamento habitual das vogais ante o /i/ tónico do diminutivo, deben formar hiato.

TERMINACIÓN LEMA	TERMINACIÓN DIMINUTIVO	EXEMPLOS
-uo / -ua, -üe	-iñ-	SUBST. residuo > <u>residu<i>i</i>ñ<i>o</i></u> quechua > <u>quechu<i>i</i>ñ<i>a</i></u> lingua > <u>lingu<i>i</i>ñ<i>a</i></u> ADX. continuo > <u>continu<i>i</i>ñ<i>o</i></u> bilingüe > <u>bilingü<i>i</i>ñ<i>o</i></u>

2.1.7. O sétimo grupo cataloga todos os substantivos e adxectivos rematados en *-ble*. Esta terminación é con moito máis frecuente en adxectivos ca en substantivos e o habitual é que ao formar o diminutivo o sufixo *-ble* se modifique en *-bil-*, “forma máis próxima á orixe latina da que procede” (Álvarez/Xove 2002: 424), dando lugar a pares como *amable* > *amabiliño*, *agradable* > *agradabiliño*. Non obstante, nalgúns substantivos en *-ble* tamén semella posible unha formación regular en *-biliño*, como se mostra no cadro inferior, que nos parece importante ter en conta.

TERMINACIÓN LEMA	TERMINACIÓN DIMINUTIVO	EXEMPLOS
-ble	-biliñ-	SUBST. moble > <u>mobiliñ<i>o</i></u> / <u>mobliñ<i>o</i></u> notable > <u>notabiliñ<i>o</i></u> / <u>notabliñ<i>o</i></u> ADX. amable > <u>amabiliñ<i>o</i></u>

2.1.8. No grupo oito incluímos os substantivos e adxectivos rematados en *-l*, *-s*, *-r* e *-z*. Para formaren o diminutivo, só teñen que engadir o morfo

|iñ| directamente a continuación do lema, como se ve nos exemplos do cadro seguinte (Álvarez/Xove 2002: 407).

TERMINACIÓN LEMA	TERMINACIÓN DIMINUTIVO	EXEMPLOS
-l, -s, -r, -z	-iñ-	SUBST. animal > <i>animal<u>iño</u></i> deus > <i>deus<u>iño</u></i> ganador > <i>ganador<u>iño</u></i> rapaz > <i>rapaz<u>iño</u></i>
		ADX. azul > <i>azul<u>iño</u></i> montés > <i>montes<u>iño</u></i> abafador > <i>abafador<u>iño</u></i> andaluz > <i>andaluz<u>iño</u></i>

2.1.9. No grupo nove incluímos todos os substantivos e adxectivos rematados en *-n*, incluídos aqueles pares masculino/feminino en que a forma feminina perde a nasal (*irmán/irmá*, *león/leoa*, *atalán/atalá*). Cando o lema acaba en *-n* ninguén parece dubidar de que o alomorfo empregado para a formación do diminutivo debe ser |ciñ|: *can* > *canciño*, *man* > *manciña*. É tamén xeral a extensión do uso deste alomorfo ás formas femininas rematadas en *-á* nas que historicamente houbo unha nasal (Álvarez/Xove 2002: 408), xa sexan palabras cun oposto masculino en *-án* (*irmán/irmá* > *irmanciño/irmanciña*) ou sen oposto masculino ningún (*mazá* > *mazanciña*). Os pares en *-án/-ana*, terminación reservada desde a reforma normativa de xullo do 2003 para adxectivos e substantivos que atribúen características pexorativas ou aumentativas, tamén presentan a variante |ciñ| tanto na forma masculina como na feminina: *folgazán/folgazana* > *folgazanciño/folgazanciña*, *lambón/lambona* > *lambonciño/lambonciña* (Álvarez/Xove 2002: 408 e Álvarez 2002: 97-98).

Son máis problemáticas as formas en *-án/-á* que antes da reforma normativa do 2003 eran *-án/-ana*, do tipo *atalán/atalá* (antes *atalán/catalana*) ou *sultán/sultá* (antes *sultán/sultana*). Estas formas engadían o alomorfo |ciñ| á forma masculina (*atalanciño*, *sultanciño*), de acordo co comportamento do morfema diminutivo tras nasal, e o alomorfo |iñ| á forma feminina (*atalaniña*, *sultaniña*), en consonancia co resto das palabras rematadas en vogal átona (Álvarez/Xove 2002: 408 e Álvarez 2002: 97-98). Á vista dos cambios aprobados con esta reforma, semella máis lóxico e coherente tentar acomodar todos estes pares a un mesmo modelo (o dos pares en *-án/-á*, que é ao que agora pertencen estas palabras), nun intento de atribuír unha certa lóxica ás leis de formación do diminutivo.

Presentan tamén problemas, debido á súa falta de definición na lingua estándar, as formas en *-ón/-oa*, como *león/leoa* ou *beirón/beiroa*. Hai datos recompilados na lingua oral que avalan a existencia de tres posibles formas diminutivas en feminino: *leoiña/leonciña/leoniña*, *beiroiña/beironciña/bei-*

roniña (Álvarez 2002: 98). Á espera dun pronunciamento normativo que aclare algo máis ao respecto, nós decidimos incluír no noso proxecto a forma que recupera a consoante nasal (*leonciña*, *beironciña*), mantendo a coherencia co resto dos pares incluídos neste grupo.

TERMINACIÓN LEMA	TERMINACIÓN DIMINUTIVO	EXEMPLOS
-n	-ciñ-	SUBST. can > <i>can<u>ciño</u></i> man > <i>man<u>ciña</u></i> irmán, irmá > <i>irman<u>ciño</u></i> , <i>irman<u>ciña</u></i> folgazán, folgazana > <i>folgazan<u>ciño</u></i> , <i>folgazan<u>ciña</u></i> lambón, lambona > <i>lambon<u>ciño</u></i> , <i>lambon<u>ciña</u></i> catalán, catalá > <i>catalan<u>ciño</u></i> , <i>catalan<u>ciña</u></i> león, leoa > <i>leon<u>ciño</u></i> , <i>leon<u>ciña</u></i>

2.1.10. O grupo dez recolle os substantivos e adxectivos rematados en *-ao*, con ou sen o correspondente feminino en *-á*. O diminutivo da forma feminina, cando a hai, presenta os mesmos problemas que o feminino dos pares en *-án/-á* aos que nos acabamos de referir no parágrafo anterior. O masculino, no entanto, presenta a dificultade de que a lingua oral non sempre representa a pronuncia do hiato gráfico final como tal hiato, senón que o transforma adoito nun ditongo (Álvarez 2002: 97). Dependendo desa pronuncia final da palabra podémonos atopar con formas diminutivas como *araoiño*, *araiño* ou *araociño*. Non contamos con datos suficientes sobre a lingua escrita que nos permitan decantarnos por ningunha destas formas como preferente, de maneira que polo momento mantemos as tres en pé de igualdade.

TERMINACIÓN LEMA	TERMINACIÓN DIMINUTIVO	EXEMPLOS
masc. <i>-ao</i> , fem. <i>-á</i>	-iñ- -ciñ-	SUBST. arao > <i>araoiño</i> / <i>araiño</i> / <i>araociño</i> ADX. mariñao, mariñá > <i>mariñaoiño</i> / <i>mariñaiño</i> / <i>mariñaociño</i> , <i>mariñanciña</i>

2.1.11. No grupo once incluímos toda unha serie de estranxeirismos rematados en *-ng*. Ao noso entender, o /g/ final desta secuencia é puramente gráfico. Representa un proceso de adaptación da palabra estranxeira aínda en curso, o que se reflicte no uso de secuencias gráficas foráneas. Esta en concreto representa na lingua orixinal un son nasal, o que nos fai pensar que o diminutivo de calquera destas palabras debería comportarse como o fai tras calquera outra palabra rematada en nasal e empregar a variante |ciñ|, tal e como se mostra no seguinte cadro.

TERMINACIÓN LEMA	TERMINACIÓN DIMINUTIVO	EXEMPLOS
-ng (estranxeirismos)	-ciñ-	SUBST. antidoping > <i>antidoping<u>ciño</u></i> big-bang > <i>big-bang<u>ciño</u></i> búmerang > <i>bumerang<u>ciño</u></i>

2.1.12. De maneira similar ao grupo anterior, os substantivos rematados en *-m*, a maioría deles cultismos, deberían por lóxica engadir o alomorfo |ciñ| para formar o diminutivo.

TERMINACIÓN LEMA	TERMINACIÓN DIMINUTIVO	EXEMPLOS
-m (cultismos, etc.)	-ciñ-	SUBST. módem > <i>modem<u>ciño</u></i>

2.1.13. Os estranxeirismos rematados en *-y*, dado que este representa un son vocálico, piden de xeito natural un diminutivo en |iñ| con redución do /y'i/ en /i/.

TERMINACIÓN LEMA	TERMINACIÓN DIMINUTIVO	EXEMPLOS
-y (estranxeirismos)	-iñ-	SUBST. hippy > <i>hippi<u>ño</u></i> whisky > <i>whiski<u>ño</u></i>

2.1.14. Outro dos grupos que consideramos no noso estudo inclúe toda unha serie de palabras rematadas en grupos consonánticos estraños á ortografía galega. A maioría deles son estranxeirismos e, ás veces, polo proceso de adaptación ao que nos referiamos máis arriba, mesmo os lexicógrafos mostran discrepancias á hora de escoller en a grafía máis axeitada. En consonancia coas propostas feitas para os tres grupos anteriores, semella razoable aplicar as regras máis básicas de formación do diminutivo en galego e tentar respectar ao máximo a grafía do lema segundo nos veña dada en cada caso.

TERMINACIÓN LEMA	TERMINACIÓN DIMINUTIVO	EXEMPLOS
-grupos consonánticos estraños á ortografía galega (estranxeirismos)	-iñ-	SUBST. hertz > <i>bertzi<u>ño</u></i> judoka > <i>judoki<u>ña</u></i> kamikaze > <i>kamikazi<u>ño</u></i> kolkhoz > <i>kolkebozi<u>ño</u></i> hóckey > <i>hockei<u>ño</u></i>

2.1.15. O último grupo que presentamos recolle exemplos de substantivos rematados en *-s* aos que resulta verdadeiramente complicado outorgar un diminutivo. En primeiro lugar, porque resulta difícil imaxinar estas formas empregadas en diminutivo. En segundo lugar, porque aínda imaxinándoas (algo que nós debiamos facer para o deseño das nosas ferramentas informáticas de revisión lingüística), calquera falante tería dúbidas sobre onde inserir o sufixo |iñ|. A nosa proposta é engadilo ao lema, procedemento habitual nas palabras rematadas en consoante distinta de /n/, en todos aqueles casos

en que queda claro que o -s final non é nin refire a un morfema de plural, senón que forma parte do tema (*luns, galimatías*). Naqueles casos en que o -s final nos poida facer pensar nun plural (talvez porque temos a referencia desa palabra noutras formacións), optamos por inserir o morfo |iñ| entre a raíz e os morfemas de xénero e número, como é habitual na formación do diminutivo en galego. Así, *mesías* pódenos remitir a *mesianismo*, e *microcosmos* a toda a familia de palabras formada sobre *cosmo*-, o que nos leva a propoñer os diminutivos *mesiñas* e *microcosmiños*.

Finalmente, recollemos un par de exemplos nos que nos resulta totalmente imposible decantarnos por unha ou outra opción, de maneira que preferimos optar porque o sistema ofrezca as dúas posibilidades: unha conforme á regra (*pancreasiño, menosíño*) e outra por analoxía (*pancreiñas, meniños*).

TERMINACIÓN LEMA	TERMINACIÓN DIMINUTIVO		EXEMPLOS
-s (casos problemáticos)	-iñ-	SUBST.	luns > <i>lunsiño</i> galimatías > <i>galimatiasíño</i> mesías > <i>mesiñas</i> microcosmos > <i>microcosmiños</i> páncreas > <i>pancreasiño</i> / <i>pancreiñas</i> menos > <i>menosíño</i> / <i>meniños</i>

3. CONCLUSIONES

Nas páxinas anteriores tentamos sintetizar os principais grupos de substantivos e adxectivos que podemos atopar en galego e as características que cada un deles presenta á hora de formar o diminutivo.

Tras a análise realizada podemos concluír que o diminutivo, a pesar de ser unha forma usada con gran frecuencia e en multitude de contextos en lingua galega, segue sendo un campo con moito por explorar, polo menos no que respecta á súa morfoloxía. Son múltiples e variados os usos espontáneos que os falantes fan desta forma, mais apenas hai estudos que analicen todos eses usos e avalen a escolla dunha forma ou outra como estándar en cada caso concreto. Fóra duns poucos casos que están claramente definidos e para os que non semella haber discrepancia ningunha entre os falantes, a maioría dos exemplos mostran que existen marcadas diferenzas de carácter dialectal. Contamos con poucos datos de estudos que demostren a existencia e o grao destas diferenzas. Pero aínda peor, apenas contamos con información prescritiva na materia que nos permita establecer unha ou outra forma como prioritaria ou “estándar” de cara ao ensino da lingua galega ou ao desenvolvemento de ferramentas lingüísticas do tipo da nosa.

O caso dos substantivos e adxectivos rematados en *-uo/-ua* ou en *-üe*, ou o dos pares masculino/feminino en *-án/-á* que antes da reforma do 2003 eran *-án/-ana* son dous claros exemplos desta falta de estudo e documentación a que nos referimos. O mesmo se pode aplicar a todos os grupos de estranxeirismos referidos (os rematados en *-ng*, en *-m*, en *-y* ou en calquera outro grupo consonántico estranho á ortografía galega), aos que non atopamos ningún tipo de referencia na bibliografía consultada. Finalmente, o último grupo incluído na nosa análise pretende ser unha breve mostra da existencia (feito que se pode constatar en todas as linguas) dalgunhas palabras de morfoloxía pouco clara e, en consecuencia, con dificultades engadidas para a súa flexión.

Quedaría aínda por discutir o caso das palabras compostas, que non nos pareceu oportuno incluír nesta exposición no estado actual da cuestión. Aínda cómpren moitos estudos e investigacións sobre as palabras simples, de maneira que tanto os falantes coma os profesionais da lingua poidamos seguir unhas pautas claras e coherentes.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Álvarez Blanco, R. (2002): "Gramática contrastiva do portugués e o galego: o diminutivo", en L. Iglesias Rábade et alii (eds.): *Studies in contrastive linguistics: proceedings of the 2nd International Contrastive Linguistics Conference (Santiago de Compostela, October, 2001)*. Santiago de Compostela: USC, 91-107.
- Álvarez, R. e X. Xove (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.

CONVERXENCIA E DIVERXENCIA EN CERTAS ESTRUCTURAS MORFOSINTÁCTICAS DO GALEGO

Bieito Silva Valdivia

Universidade de Santiago de Compostela

INTERFERENCIA E CONVERXENCIA LINGÜÍSTICAS

O contacto prolongado entre dúas linguas xera procesos de ‘cambio de lingua’, amplamente estudados en múltiples contextos, e tamén episodios máis ou menos extensos de ‘cambios na lingua’, en especial no que se refire á variedade minorizada, que adoita ser non só recesiva desde o punto de vista social senón tamén dependente desde a perspectiva estrutural. Desta maneira, moitos dos cambios que se producen en linguas que conviven nun mesmo territorio e que son empregadas polos mesmos individuos téñense atribuído a fenómenos de interferencia do outro idioma.

Na descrición dos cambios lingüísticos cómpre, porén, refugar explicacións simplistas que case nunca se corresponden coa realidade. A lingüística estrutural teimou durante décadas en apoiarse en razóns exclusivamente intrínsecas aos propios códigos para xustificar as modificacións que se produciran historicamente nos mesmos. A partir da década de 1950 os factores sociais comezan a compartir protagonismo explicativo cos estritamente estruturais, nunha perspectiva pluridisciplinar e integradora que defende xa con claridade Weinreich (1953/1974: 23) cando afirma que os estudos puramente lingüísticos das linguas en contacto teñen que coordinarse cos estudos extralingüísticos sobre o bilingüismo e os fenómenos relacionados con el. O desenvolvemento da sociolingüística e a importancia que acadou como disciplina científica nas décadas posteriores fixo que se subliñase a importancia dos fenómenos históricos, sociopolíticos e culturais, por considerar que son estes os que condicionan de maneira máis decisiva o tipo de contacto e as súas consecuencias lingüísticas e sociolingüísticas: Thomason e Kaufman (1988: 35) afirman, por exemplo, que a historia sociolingüística dos falantes é o factor principal do resultado lingüístico do contacto entre linguas e que os factores puramente lingüísticos, aínda sendo relevantes, son totalmente secundarios.

Esta variación que se apreciou no foco explicativo dos cambios lingüísticos ao longo da historia dá conta da súa complexidade e debe servir para reforzar a tese da multicausalidade dos mesmos, de que a prevalencia duns determinados factores non se pode entender como exclusividade e de que na historia dunha lingua concorren adoito influencias foráneas e tendencias endóxeas que unhas veces poden servir para frear -e mesmo neutralizar- procesos de cambio e outras, polo contrario, para aceleralos.

M. Sala resolve o debate sobre a causalidade dos cambios lingüísticos en situacións de contacto cunha afirmación de compromiso na que alude explicitamente a esa combinación de factores:

A veces es bastante difícil precisar si un fenómeno resulta de una evolución interna o de una influencia externa (...) Algunos fenómenos son consecuencia de una tendencia interna fortalecida por una influencia externa. (Sala, 1998: 314)

E, desde outra perspectiva, S. G. Thomason formulaba tamén hai poucos anos a tese da “unpredictability of contact effects”, defendendo que as pesquedas sobre predicións deterministas do cambio inducido polo contacto idiomático fallaran radicalmente, que os prognósticos de posibles resultados lingüísticos son máis sociais ca lingüísticos, e que unha cousa é dicir que un determinado factor é necesario para que se produza o cambio e outra que o provoque inevitablemente. As conclusións da súa argumentación e dos diversos exemplos nos que a apoia sintetízaas nos seguintes termos:

First, language change is unpredictable because even the most natural changes often fail to occur; therefore, although it is often possible to state NECESSARY conditions for change, it is never possible to state SUFFICIENT conditions for change. And second, since speakers can and do change their language deliberately, and since counterexamples have been provided to all the linguistic constraints that have been proposed on contact-induced change, it is extremely unlikely that there are nontrivial linguistic constraints on contact effects (Thomason, S. G., 2000: 174).

Estas cautelas na explicación causal dos cambios lingüísticos en situacións de contacto están especialmente xustificadas ao referírmonos a variedades lingüísticas emparentadas xeneticamente, pois é nestes casos cando a propia evolución interna pode levar a situacións de converxencia entre elas. Weinreich (1953/74) citaba a proximidade estrutural entre dous sistemas lingüísticos como un dos factores máis favorecedores da interferencia, aínda que non aludía á posibilidade de que estas interferencias puideran enmascarar resultados evolutivos autónomos. Van Overbecke (1976), pola súa banda,

referíase á importancia da economía lingüística como factor que leva en moitos contextos de contacto idiomático á simplificación e ao reforzamento de formas comúns en prexuízo das formas diferenciais. Lope Blanch (1981) falaba da debilitación das normas das linguas en contacto como causa dun polimorfismo lingüístico máis ou menos intenso que pode derivar na aparición de formas lingüísticas alleas ao sistema orixinario ou favorecer o desenvolvemento de posibilidades non realizadas con anterioridade; un afrouxamento normativo citado xa por Malmberg un par de décadas atrás cando afirmaba o seguinte:

La coexistence de deux systèmes amène nécessairement un affaiblissement des normes et, de là, un manque de stabilité, susceptible de conditionner une évolution' (Malmberg, 1959: 250)

Nas investigacións realizadas no ámbito peninsular fixéronse tamén reiteradas referencias ao fenómeno da converxencia entre os sistemas lingüísticos como factor engadido ao da interferencia estrita. Citemos algúns exemplos:

Ll. Payrató remata as súas consideracións sobre o carácter catalizador da interferencia na evolución das linguas coa seguinte conclusión:

Dues llengües emparentades genèticament i estructuralment semblants (...) solen tenir tendències d'evolució molt o bastant similars, les convergències (espontànies) de desenvolupament entre aquests idiomes, doncs, són un fet lògic i corrent de l'evolució lingüística. (Payrató, 1985: 182)

Blas Arroyo formula dúbidas sobre a natureza dalgúns fenómenos gramaticais do castelán de Valencia que se catalogan convencionalmente como interferencias do catalán. Pecha a súa exposición sobre un epígrafe que titula en forma interrogativa como "¿Interferencia o convergencia?" coas seguintes palabras:

Debemos aceptar consiguientemente que nos hallamos ante hechos que pueden ser definidos bajo etiquetas más amplias que la simple interferencia. O dicho de otro modo: la interferencia es en ocasiones sólo un factor más, aunque de indudable importancia, en el desarrollo y en la extensión social de un determinado fenómeno lingüístico. (Blas Arroyo, 1993: 30)

E, tamén no contacto catalán-castelán, pero neste caso entre unha poboación constituída por un colectivo de universitarios de Barcelona, Carmen Hernández somete a unha revisión similar algúns dos exemplos que se tratan habitualmente como catalanismos:

Algunos ejemplos, pese a estar documentados también como casos de interferencia del catalán, plantean algunas dudas. El uso del posesivo en lugar del pronombre personal precedido de preposición (*delante de mí*) se halla documentado en las gramáticas del español como un uso vulgar de la lengua que parece que va extendiéndose progresivamente, y no por catalanismo; por lo tanto, podríamos hallarnos ante un caso de convergencia de dos fenómenos: por una parte, un uso vulgar cada vez más común en español y, por otra, la existencia en catalán de esa misma estructura, normativa y muy productiva (Hernández, 1997: 635)

CONVERXENCIA E DIVERXENCIA MORFOSINTÁCTICA ENTRE O GALEGO E O CASTELÁN

Entendemos que a reflexión desenvolvida no epígrafe anterior é aplicable na súa totalidade á lingua galega: é indiscutible que a súa evolución estivo moi condicionada polo contacto dependente que mantivo co castelán ao longo da historia; pero está demostrado tamén que moitos procesos de converxencia con este idioma responden a derivas endóxeas, aínda que estas se puidesen ver favorecidas por esa situación de contacto.

As páxinas que seguen recollen unha aproximación a varias estruturas morfolóxicas e sintácticas do galego que ofrecen diversas realizacións posibles: unha converxente ou máis próxima ao castelán e outra diverxente ou máis afastada. Trátase dun achegamento á situación social das mesmas entre alumnado de 4º da ESO co que se pretende testar a competencia desta poboación escolar en relación con esas diversas alternativas que ofrece o idioma e tamén, aínda que máis indirectamente, comprobar a dispoñibilidade das mesmas no repertorio verbal deses suxeitos. Consiste, xa que logo, nunha radiografía de situación que achega información sobre esas dúas cuestións, pero sen pescudar nas súas causas e sen pretender, en consecuencia, atribuír os resultados obtidos á exclusiva influencia do castelán.

Como marco teórico partimos do concepto de ‘interferencia negativa’ formulado por Coseriu (1977) e aplicado ao contexto galego por Kabatek (1991 e 2000), que se basea na idea de que na práctica lingüística do individuo bilingüe non ten importancia só o que di, senón tamén o que non di; é dicir, as súas realizacións ‘negativas’ por mor da interferencia. É un concepto que ten dúas facianas contrapostas e non excluíntes: por unha banda, a non realización das posibilidades diverxentes dunha lingua por darlle prioridade aos elementos que ten en común coa outra coa que está en contacto, e, en sentido contrario, a preferencia polos elementos distintos, coa conseguinte non realización dos elementos comúns.

Os dous son para estes autores procesos que hai que incluír dentro da interferencia, porque supón escollas lingüísticas condicionadas pola outra variedade idiomática en presenza; e os dous traducen unha resposta 'negativa' do falante, no sentido de que se ve limitado no seu uso lingüístico por unha influencia indirecta desoutra lingua. Porén, aínda que se trate de procesos interrelacionados, adoitan responder a actitudes idiomáticas moi distintas e teñen consecuencias sociolingüísticas contrapostas, especialmente cando se trata dunha lingua subordinada: o diferencialismo asóciase con posturas de autoafirmación e serve para profundar nos trazos de identificación grupal e idiomática, mentres que a preferencia polas realizacións comúns contribúe máis ben a esvaeecer eses contornos diferenciais e á asimilación progresiva pola lingua dominante.

Polo que se refire en concreto á 'interferencia negativa por converxencia', trátase dun proceso de simplificación lingüística mediante o cal os falantes bilingües –ou que viven en contextos bilingües– tenden a situarse nas formas menos marcadas e formalmente máis próximas, e que no ámbito do léxico –o máis estudado– se manifesta na perda de funcionalidade dos termos máis diferenciados a favor dos que mostran unha maior correspondencia nos dous idiomas e na conseguinte desaparición dos mesmos dos usos cotiáns e espontáneos.

Este feito foi observado xa por Van Overbeke (1976), quen interpretaba a redución de vocabulario provocada por este tipo de interferencia como un mecanismo de economía memorística que levaba aos falantes a se instalaren preferentemente en vocábulos baleiros e dunha 'valencia' moi ampla, susceptibles de seren empregados nas dúas linguas. E, aínda que non se poidan extraer conclusións precipitadas sobre o empobrecemento léxico que se pode derivar deste tipo de procesos, parece claro que este é un risco evidente, especialmente para o idioma subordinado, de non se contrarrestar con modelos enriquecidos a través da escola, dos medios de comunicación e doutros usos públicos.

A 'interferencia por converxencia' non atopa, en principio, unha penetración tan doada na morfoloxía e na sintaxe, por seren niveis lingüísticos máis estruturados e menos abertos á variación ca o léxico; pero isto non impide que opere naqueles casos en que o sistema da lingua ofrece varias alternativas formais, das que unha delas é concorrente coa do outro idioma, tal como teremos ocasión de comprobar nos datos que se ofrecen a continuación.

No tocante á 'interferencia por diverxencia' responde a miúdo a posturas diferencialistas e de autoafirmación da singularidade lingüística; un propósito que no caso de idiomas coma o galego que viviu durante séculos baixo o teito social e estrutural do castelán se identifica nalgúns falantes cun compromiso especial co idioma. O problema, desde o punto de vista sociolin-

güístico, é que esta actitude que poderíamos definir de 'lealdade lingüística' se mestura con outros comportamentos moito máis inconscientes ou simplemente dependentes de modas dominantes nalgún sector social. E, desde a perspectiva máis lingüística, o perigo está en que a escolla sistemática das formas diverxentes pode levar, por unha banda, a unha expansión do seu uso a contextos indebidos e, por outra, á exclusión inxustificada das correspondentes formas converxentes ata o punto de que sexan sentidas por eses falantes como non lícitas ou carentes de autenticidade idiomática.

R. Álvarez chamaba a atención sobre estes riscos hai xa uns dez anos en relación con unha das construcións que mellor singulariza o galego fronte ó castelán, pero que se atopa sometida nas últimas décadas a un proceso en boa maneira contradictorio: a perda de vitalidade nos seu ámbito de uso máis tradicional (a oralidade coloquial) acompañada dun uso abusivo e ás veces incorrecto na lingua escrita e na oralidade formal:

Debido ó desexo de protexe-lo infinitivo conxugado, nos últimos tempos déronse usos erróneos e abusivos (...); conviría termos unha boa descrición gramatical para separar usos forzados pola discriminación positiva a favor do infinitivo conxugado, de posibilidades tradicionais que pola súa infrecuencia van caendo en desuso e son virtualmente descoñecidas por amplos sectores da comunidade galegofalante. (Álvarez, 1994: 28)

Converxencia e diverxencia son, xa que logo, dúas maneiras de resolver a escolla de formas lingüísticas nunha situación de contacto que, sendo aparentemente contrapostas, traducen adoito unha mesma relación de dependencia idiomática e introducen factores de inestabilidade lingüística que poden derivar en cambios na estrutura das variedades implicadas.

MOSTRA, INSTRUMENTOS E OBXECTIVOS DA INVESTIGACIÓN

Poboación e mostra

A poboación na que se centrou a análise destes procesos de converxencia e diverxencia morfosintáctica foi o alumnado de 4º curso de Educación Secundaria Obrigatoria, unha poboación que, pola súa idade (16 anos) e nivel académico (dez anos, como mínimo, de aprendizaxe da lingua galega), nos parecía representativa tanto da deriva que están sufrindo estes fenómenos entre a mocidade coma do seu nivel de dominio da norma lingüística.

Esta poboación estaba distribuída, segundo datos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia correspondente ao ano académico 2000-2001, do seguinte xeito:

	E. PÚBLICO		E. PRIVADO		TOTAIS
	ALUMNOS	ALUMNAS	ALUMNOS	ALUMNAS	
A CORUÑA	4.679	4.653	1.695	1.613	12.640
LUGO	1.428	1.616	381	339	3.764
OURENSE	1.124	1.124	516	566	3.330
PONTEVEDRA	3.751	4.074	1.662	1.649	11.136
TOTAL GALICIA	10.982	11.467	4.254	4.167	30.870

A selección da mostra realizouse atendendo ás variables de hábitat e titularidade de centro, que, implicitamente, supuñan tamén unha estratificación sociolingüística e de sexo. A distribución do alumnado da mostra de acordo con esas variables foi a seguinte:

	Urbano	Vilego	Rural	Total
C. Públicos	267	351	235	853
C. Privados	249	122	—	371
Total	516	473	235	1224

Realizados os cálculos estatísticos pertinentes, a ficha técnica da investigación quedou do seguinte modo:

Ámbito: Galicia
Poboación: Finita (30.870)
Tipo de mostraxe: Polietápica con estratificación segundo provincia, titularidade do centro (público ou privado) e sexo. Selección das unidades mostrais mediante conglomerados (hábitat, centro e aula).
Hipótese peor: $p=q=50$
Erro máximo: 2,80
Nivel de confianza: 95% ($\alpha = 0.05$)
Tamaño da mostra: 1224 participantes
Sistema de recollida da información: cuestionario autoadministrado nas aulas.
Momento de realización do estudo: marzo, abril e maio de 2002

Para as análises finais a mostra quedou reducida a 1162 participantes, debido ao alto número de non respostas nos 62 casos eliminados. Dado que nestes casos non existía un patrón determinado respecto a ningunha variable de análise considerada, non se valorou como unha falta de información transcendente a súa eliminación. A mostra resultante é igualmente representativa, cun nivel de erro máximo de 2,88.

INSTRUMENTOS UTILIZADOS NA INVESTIGACIÓN

Na investigación utilizouse un cuestionario organizado fundamentalmente a partir de ítems sociolingüísticos e escolares e catro probas nas que os estudantes debían resolver unha serie de actividades a partir duns textos:

- Na proba 1 presentábanse textos en galego relacionados cos fenómenos lingüísticos analizados para que indicasen se había algún erro desde o punto de vista normativo e, nese caso, que o corrixisen.
- Na proba 2 solicitábaselles que completasen uns textos que se lles ofrecían en galego, debendo para iso activar as estruturas morfosintácticas que eran obxecto de análise.
- Na proba 3 debían traducir ao galego uns textos casteláns nos que se integraban esas mesmas construcións.
- Finalmente, nunha proba 4 ofrecíanselles varias realizacións formais para unha mesma estrutura lingüística (unha converxente co castelán, outra diverxente e algunha agramatical) para que realizasen dúas tarefas sobre as mesmas: definirse sobre a corrección / incorrección de cada unha delas e seleccionar entre todas aquela coa que se identificaban máis.

OBJECTIVOS

Esta aproximación á situación dalgunhas estruturas morfosintácticas que ofrecen varias realizacións posibles trataba de achegar unha información sobre o coñecemento desas distintas formas históricas no idioma por parte do colectivo analizado e, máis indirectamente, sobre a dispoñibilidade das mesmas no seu repertorio verbal e sobre o grao de identificación con cada unha delas. Unha información referida en todos os casos a un sector de poboación que, tanto pola súa idade coma pola súa formación lingüística, consideramos estratéxica para establecer prospeccións sobre o futuro desas formas lingüísticas.

De xeito máis explícito, pensamos que os datos obtidos deben servir para:

- Coñecer o nivel de competencia idiomática do alumnado de 4º da ESO sobre as diferentes alternativas formais que ofrece o galego para resolver cada un deses contextos lingüísticos.
- Realizar un achegamento á dispoñibilidade de cada unha desas formas no repertorio verbal dos estudantes, especialmente no que se refire ás realizacións máis diverxentes.

- Coñecer o grao de identificación dese alumnado con cada unha das posibilidades formais.
- Como derivación de todo o anterior, realizar algunhas extrapolacións sobre a situación das formas entre a mocidade e establecer prospeccións sobre a súa vitalidade no futuro próximo.

A seguir presentamos as estruturas morfolóxicas e sintácticas que foron obxecto de análise e que consideramos representativas do que viñemos denominando 'interferencia negativa por converxencia ou por diverxencia', xunto cos textos en que se apoiou cada unha en cada proba e os resultados máis relevantes obtidos na investigación.

ESTRUTURAS MORFOSINTÁCTICAS ANALIZADAS E RESULTADOS

4. 1. *Posición do clítico nas perífrases 'ter / haber que + infinitivo'*

En galego, nas perífrases de infinitivo nas que hai un nexos intermedio entre o verbo auxiliar e o auxiliado, o pronome pode ir enclítico ó infinitivo, situarse entre a conxunción e o infinitivo ou ocupar unha posición enclítica ou proclítica, segundo corresponda, ao verbo auxiliar: *tes que dicírllo, tes que llo dicir, tesllo que dicir / non llo tes que dicir*.

Destas tres opcións, no castelán é válida a primeira (*tienes que decírselo*) e a terceira, aínda que só na posición proclítica, de acordo co que é a norma xeral nesta lingua (*se lo tienes que decir / no se lo tienes que decir*); é dicir, pospoñerse ó infinitivo ou antepoñerse ó conxunto da perífrase, se ben a anteposición é considerada máis coloquial e na lingua escrita é máis frecuente a posposición (Gómez Torrego, 1994: 98). Neste idioma, en cambio, non é aceptable a posición intercalada entre a conxunción e o infinitivo (**tienes que se lo decir*)

Os textos utilizados nas tres primeiras probas foron os seguintes:

- | | |
|---------------------|---|
| Proba 1 (Corrixir) | <i>Houbo que o levar en taxi para que chegase a tempo á cerimonia de entrega de premios</i> |
| Proba 2 (Completar) | <i>O meu irmán anda algo triste; (eu ter que animar a el) a ver se se repón.</i> |
| Proba 3 (Traducir) | <i>Es un compromiso y lo tenemos que hacer aunque no nos guste.</i> |

Os resultados hipotéticos son catro:

- A énclice co infinitivo: *Houbo que levalo en taxi...; ...teño que animalo a ver se se repón; ...temos que facelo aínda que non nos guste*. Trataríase dunha construción coincidente entre o galego e o castelán, e válida nos dous idiomas.
- A énclice co verbo auxiliar: *Hóuboo que levar en taxi...; ...ténnoo que animar a ver se se repón; ...témolo que facer aínda que non nos guste*. É unha alternativa correcta en galego, pero inexistente en castelán, idioma no que a construción equivalente leva o pronome anteposto (*lo bubo que llevar...; lo tengo que animar...; lo tenemos que hacer*)
- A anteposición absoluta: **O houbo que levar en taxi...; *...o teño que animar a ver se se repón; *...o temos que facer aínda que non nos guste*. Este tipo de construcións, inexistentes en galego e que reproducen a estrutura sintáctica do castelán, debémolas considerar interferencias directas deste idioma.
- A colocación do pronome entre a conxunción e o infinitivo: *Houbo que o levar en taxi...; ...teño que o animar a ver se se repón; ...temos que o facer aínda que non nos guste*. Como xa se indicou máis arriba, esta é unha posibilidade exclusiva do galego, tradicional no idioma e hoxe en retroceso, aínda que se aprecie un intento de restauración a partir de usos formais e da lingua escrita.

Estas tres probas completábanse cunha 4ª na que se lles preguntaba aos estudantes sobre a corrección ou incorrección de diversas alternativas formais e na que se lles pedía que sinalasen con cál delas se identificaban máis. Os textos utilizados neste caso foron os seguintes:

Para decidir se me interesa, tería que velo primeiro
Para decidir se me interesa, tería que o ver primeiro
Para decidir se me interesa, o tería que ver primeiro
Para decidir se me interesa, teríao que ver primeiro

Co conxunto destas catro probas buscábase un achegamento complementario ao comportamento do alumnado da mostra en relación con este fenómeno: na primeira ofrecíáselles unha construción no que denominamos ‘alternativa marcada’, de maneira que a súa substitución por outra significaría que a consideran incorrecta; é dicir, que xa non forma parte –nin sequera pasivamente– do universo lingüístico dese alumnado. A preferencia por esta ou outra das estruturas alternativas nas probas 2 e 3 orientaría sobre a vitalidade de cada unha entre esta poboación. Finalmente, a proba 4 serve para completar, desde outra perspectiva, a información sobre corrección / incorrección da proba 1; pero achega outra de valor máis cualitativo no que se

refire ao grao de identificación desta poboación con cada unha das construcións propostas.

A continuación presentamos os resultados das tres primeiras probas agrupados en tres alternativas:

- a) A que representa a forma diverxente co castelán (intercalada entre a conxunción e o infinitivo): *boubo que o levar...*, *teño que o animar...*, *temos que o facer*.
- b) A representada por algunha das outras formas válidas (a énclise co auxiliar ou co infinitivo, esta última converxente nos dous idiomas), que trataremos conxuntamente: *bóuboo que levar / boubo que levalo*, *téño que animar / teño que animalo*, *témolo que facer / temos que facelo*.
- c) A que denominamos forma castelá, que se corresponde coa próclise co auxiliar e que é unha posición válida en castelán pero anormativa en galego: **O boubo que levar*, **o teño que animar*, **o temos que facer*.

Frecuencias e porcentaxes conseguidas por cada opción (Probas 1, 2 e 3)

	Forma diverxente	Outras formas válidas	Forma castelá	N.C.
Proba 1	255 (21,9%)	879 (75,7%)	28 (2,4%)	
Proba 2	9 (0,8%)	972 (83,6%)	125 (10,8%)	56 (4,8%)
Proba 3	7 (0,6%)	889 (76,5%)	242 (20,8%)	24 (2,1%)

Polo que se refire á proba 4, os datos referidos ás dúas preguntas que se formulaban (corrección / incorrección de cada unha das construcións e selección da que lles resultaba máis familiar ou coa que se sentían máis identificados) foron os seguintes:

Opinión sobre corrección ou incorrección (Proba 4)

	Correcto	Incorrecto
<i>Para decidir se me interesa, tería que velo primeiro</i>	89,9%	10,1%
<i>Para decidir se me interesa, tería que o ver primeiro</i>	20,8%	79,2%
<i>Para decidir se me interesa, o tería que ver primeiro</i>	21,5%	78,5%
<i>Para decidir se me interesa, teríao que ver primeiro</i>	83,1%	16,9%

Porcentaxes globais de identificación con cada estrutura (Proba 4)

<i>1. Para decidir se me interesa, tería que velo primeiro</i>	63,6%
<i>2. Para decidir se me interesa, tería que o ver primeiro</i>	2,3%
<i>3. Para decidir se me interesa, o tería que ver primeiro</i>	4,5%
<i>4. Para decidir se me interesa, teríao que ver primeiro</i>	29,5%

A distribución destes datos globais sobre 'identificación' en función de distintas variables mostrais (sociolingüísticas, de hábitat, de sexo ou escolares) non presenta diferenzas significativas.

Como conclusión dos datos extraídos das distintas probas sobre o comportamento dos estudantes da mostra en relación coa posición do clítico persoal na estrutura *ter / haber + que / de + infinitivo*, podemos afirmar o seguinte:

- a) As construcións que sitúan o clítico en énclise co infinitivo e co auxiliar son claramente as asumidas con máis claridade como normativas entre este colectivo: 89,9% e 83,1%, respectivamente, na proba 4.

Destas dúas posibilidades, a énclise do pronome co infinitivo (*tería que velo*) é, sen dúbida, a que mostra maior vitalidade: recorren a ela maioritariamente no momento de corrixir (proba nº 1), completar (proba nº 2) ou traducir (proba nº 3), e practicamente 2 de cada 3 (o 63,6%) escóllena como construción coa que máis se identifican. Esta preferencia mantense, sen diferenzas substanciais, en todos os segmentos da mostra, independentemente da variable de estratificación que se utilice (de hábitat, sociolingüística, etc.).

Polo que se refire á énclise do pronome co auxiliar (*tería que ver*), preséntase como a segunda alternativa máis produtiva, pero en porcentaxes que se sitúan aproximadamente na metade da da énclise co infinitivo: só o 29,5% a seleccionan como construción coa que máis se identifican, fronte ao 63,6% que se inclina por esta última. Tampouco neste caso resultan moi relevantes as distintas variables utilizadas na estratificación da mostra, se ben se aprecia un incremento nos colectivos máis galegófonos en relación cos castelanófonos e nos do rural fronte aos urbanos.

- b) A intercalación do pronome entre a conxunción e o infinitivo, unha das opcións históricas no galego, é sentida como estraña pola maioría dos estudantes: só o 21,9% non a corrixen como errónea na proba 1 e unha porcentaxe moi semellante (o 20,8%) considéranla correcta na proba 4. Podemos afirmar, polo tanto, que para 4 de cada 5 estudantes da mostra esta construción non forma parte da norma do galego.

O descoñecemento desa estrutura por parte deste alumnado móstrase de xeito aínda máis contundente no momento de seleccionala na súa produción lingüística (só o fai o 0,8% na proba 2 e o 0,6% na tradución ó galego da proba 3) ou de manifestar a súa identificación con ela na proba 4 (só o 2,3%). O proceso de substitución case total na que parece atoparse esta construción refórzase por ser un fenómeno xeral ao conxunto da mostra, sen que se atopen diferenzas significati-

vas entre os distintos segmentos nos que a distribuímos: máis rurais / máis urbanos, máis galegófonos / máis castelanófonos, etc. É dicir, que non parece existir ningunha illa de resistencia a ese cambio no estrato poboacional que estamos a analizar.

- c) No tocante á estrutura que podemos identificar como calco do castelán (*o tería que ver*), observamos que, acada porcentaxes de aceptación normativa e de identificación preocupantes: o 10,8% opta por ela na proba 2 para completar o texto que se lles propuña; o 20,8% fai o mesmo na tradución do castelán ao galego da proba 3; o 21,5% defínea como correcta na proba 4, e o 4,5% selecciónaa como alternativa coa que máis se identifican. Estas porcentaxes sitúanse en todos os casos claramente por riba das obtidas pola construción histórica do galego que definimos como diverxente, o que indica que o proceso de converxencia co castelán se está a producir non só nas formas comúns aos dous idiomas, senón tamén na construción allea ao sistema do galego que se estende por influencia directa do castelán.

Neste caso, porén, as variables sociolingüísticas e de hábitat resultan moito máis significativas: polo que se refire ao grao de identificación, esta construción é practicamente ignorada polos individuos que viven no rural, que teñen o galego como L1 ou que se desenvolven habitualmente neste idioma, mentres que acada porcentaxes próximas ao 10% entre os máis urbanos, que teñen o castelán como L1 ou que se comunican de xeito habitual nesta lingua.

4. 2. *Perífrase imperfectiva* ‘estar + *xerundio*’ / ‘estar a + *infinitivo*’

O galego vóllese de distintas perífrases para expresar a acción contemplada na súa duración ou en proceso de desenvolvemento. Estas perífrases constrúense con auxiliares como *levar*, *andar*, *estar*, *seguir*, *ir*, *vir*... seguidos do *xerundio*, que é unha forma verbal que implica xa de por si duración; pero na maior parte dos casos o *xerundio* pode substituírse polo infinitivo precedido da preposición *a*: *leva desde onte maquinando* / *a maquinar nesa cuestión*; *anda rosmando* / *a rosmar polas esquinas*; *está chovendo* / *a chover a chuzos*; *seguía pensando* / *a pensar o mesmo*, etc. En todos estes exemplos o significado imperfectivo das perífrases é o mesmo (refírense sempre á fase media ou central da acción) independentemente de que se expresen con *xerundio* ou coa estrutura ‘*a* + infinitivo’, porque esta ten tamén un valor *xerundial*.

Nalgunhas gramáticas tipifícase a construción con ‘*a* + infinitivo’ como ‘dialectal e innovadora’ e chámase a atención sobre os abusos hiperenxebristas que se fan da mesma ás veces na lingua culta, ao utilizala mesmo

en contextos que non a admiten (ver, por ex. Álvarez e Xove, 2002: 361). Non obstante, non hai dúbida do seu carácter tradicional no idioma en parte do territorio lingüístico galego, aínda que, como sucede tamén con outras estruturas, nos atopemos nunha conxuntura na que se poden producir coincidencias aparentemente sorprendentes nas escollos lingüísticas entre polos idiomáticos moi afastados: neste caso entre falantes populares que a recibiron por vía tradicional e outro tipo de usuarios que posiblemente botan man dela por razóns diferencialistas e a miúdo con moi pouco rigor.

Está, por iso, moi fundada a preocupación de destacados estudosos do idioma pola expansión acrítica de certas formas tradicionais pero minoritarias do galego, como pode ser a que estamos comentando. Como moi ben indica R. Álvarez (1994: 24), “falta un pronunciamento da gramática normativa sobre a extensión á xeneralidade do galego da forma dialectal coñecida como infinitivo xerundial (...) e cómpre unha descrición o máis exacta posible do seu ámbito de uso, para impedir que esa ampliación territorial vaia acompañada dunha extensión das posibilidades reais de funcionamento”. Porén, estas cautelas tampouco nos deben levar a estimular a exclusividade da forma máis estendida coa consecuencia indirecta da desaparición da minoritaria.

O mesmo ca na estrutura analizada no apartado 4.1, o que pretendemos valorar na nosa investigación en relación con estoutra construción é o seguinte:

- Comprobar se se sente estraña a perífrase ‘a + infinitivo’ ata o punto de considerala incorrecta (probas 1 e 4).
- Observar se na escolla entre o xerundio e o infinitivo xerundial para completar o texto (proba 2) ou para realizar a tradución do castelán (proba 3) se opta preferentemente pola primeira posibilidade ou pola segunda.
- Coñecer o grao de identificación da poboación da mostra en relación con cada unha das alternativas e a súa distribución en función de variables sociolingüísticas, de hábitat e dialectais (proba 4).

Dado que en castelán este significado durativo só se pode conseguir a través dunha perífrase con xerundio (*está jugando al fútbol*; pero non **está a jugar al fútbol*), unha identificación excluín-te do alumnado coa forma galega coincidente coa castelá (a do xerundio) podería hipoteticamente poñerse en relación co que denominamos ‘interferencia de converxencia’, consistente en que os falantes se van decantando cara á forma común nas dúas linguas en prexuízo da forma máis discrepante, ata o punto de que esta última acaba

desaparecendo das escollos espontáneas e mesmo sendo sentida como estranha. En cambio, unha preferencia maioritaria polo infinitivo xerundial, dado o seu carácter de variedade minoritaria no conxunto do territorio do galego, seguramente indicaría que o alumnado da mostra se sente condicionado por un afán diferencialista en relación co castelán; é dicir, por unha 'interferencia de diverxencia'.

Para a análise valémonos dos seguintes textos nas probas 1, 2 e 3:

- Proba 1 (Corrixir) *Xa levaba a chover unba semana e non se vían trazas de que fose cambiar o tempo*
- Proba 2 (Completar) *Onte Manuel (estar + xogar) coa pelota e mancouse nunha perna*
- Proba 3 (Traducir) *¿Quieres que sigamos hablando de este tema?*

Na proba 4 completábase a indagación sobre a relación dos estudantes con esta dobre forma da perífrase formulándolles dúas preguntas (unha sobre corrección / incorrección e outra sobre identificación) a partir de tres textos: o primeiro coa forma *verbo + xerundio*, o segundo con *verbo + a + infinitivo* e o terceiro nunha construción con xerundio pero anormativa pola posición incorrecta do clítico. Os textos eran os seguintes:

Atopeinos xogando no patio
Atopeinos a xogar no patio
Os atopei xogando no patio

A continuación presentamos os resultados obtidos, en primeiro lugar nas probas 1, 2 e 3, e, despois, na proba 4:

Frecuencias e porcentaxes conseguidas por cada opción (Probas 1, 2 e 3)

	Construción co xerundio	Construción co infinitivo xerundial	Outras / N.C.
Proba 1	756 (65%)	389 (33,5%)	17 (1,5%)
Proba 2	711 (61,2%)	394 (33,9%)	57 (4,9%)
Proba 3	1108 (95,4%)	42 (3,6%)	12 (1%)

Entendemos que os datos máis categóricos son os da proba nº 1, que nos mostran que practicamente dous de cada tres estudantes (o 65%) consideraron incorrecto o sintagma *a chover*; substituíndoo, en consecuencia, pola forma do xerundio *chovendo*.

Os resultados da proba 2 son concordantes cos da 1 (o 33,9% fan uso do infinitivo xerundial), pero discrepan de maneira moi importante cos da 3, onde o sintagma '*a + infinitivo*' só é utilizado polo 3,6% da mostra. Conside-

ramos que esta discrepancia en dúas probas que, sendo diferentes, coinciden en estaren orientadas ao uso lingüístico se explica parcialmente pola literalidade dos textos: a presenza explícita do infinitivo no estímulo lingüístico que se ofrece na proba 2 (*estar + xogar*) puido inducir a un número determinado de estudantes a optar polo infinitivo xerundial; mentres que a construción con xerundio do texto castelán da proba 3 (*sigamos hablando*) puido favorecer o recurso a esa mesma forma verbal en galego.

Polo que se refire á proba nº 4, os datos sobre ‘corrección / incorrección’ e sobre ‘identificación’ foron os seguintes:

Opinión sobre corrección ou incorrección (Proba 4)

	Correcto	Incorrecto
1. <i>Atopeinos xogando no patio</i>	96,9%	3,1%
2. <i>Atopeinos a xogar no patio</i>	48,2%	51,8%
3. <i>Os atopei xogando no patio</i>	28,9%	71,1%

Como era de esperar, non ofrece dúbidas a corrección da construción nº 1 (só un residual 3,1% a considera incorrecta) e achégase ao 30% a porcentaxe de estudantes que considera correcta a nº 3; un dato preocupante desde o punto de vista normativo, pero que non se relaciona coa formación da perífrase, que é o que aquí nos ocupa.

No tocante á construción nº 2, que é a que realmente nos interesa neste apartado, vemos que hai máis estudantes que a consideran incorrecta ca correcta (51,8% e 48,2%); unhas porcentaxes que sen chegaren ás da proba 1, confirman que o infinitivo xerundial como alternativa para construír perífrases durativas coma as do texto é rexeitado por anormativo pola maioría do alumnado da mostra.

No tocante á pregunta sobre ‘identificación’, os datos globais que se recollen na seguinte táboa indican que a estrutura normativa con xerundio é a que lle resulta máis familiar á inmensa maioría do alumnado (86,9%), mentres que as outras dúas (a construción galega co infinitivo xerundial e o calco sintáctico do castelán) obteñen porcentaxes de identificación case idénticas e moi minoritarias.

Porcentaxes globais de identificación con cada estrutura (Proba 4)

1. <i>Atopeinos xogando no patio</i>	86,9%
2. <i>Atopeinos a xogar no patio</i>	6,5%
3. <i>Os atopei xogando no patio</i>	6,6%

Na distribución dos resultados de identificación co infinitivo xerundial en función das distintas variables da mostra (sociolingüísticas, de hábitat e escolares) non se observan diferenzas significativas. Pola contra, apréciase unha certa correlación co mapa dialectal deste fenómeno lingüístico (ver, por exemplo, Fernández Rei, 1990): a porcentaxe de identificación con esta construción sitúase entre o 10% e o 20% en centros situados en territorio no que o infinitivo xerundial é tradicional (por exemplo, Moraña ou O Porriño), mentres que non chega ao 5% noutros nos que esta construción non ten raíces históricas (coma Vila de Cruces ou Viveiro).

Como síntese, e referíndonos especialmente á construción co infinitivo xerundial, por ser a forma marcada pola súa diverxencia co castelán, podemos destacar o seguinte:

- a) En relación coa dimensión corrección / incorrección, que é a que nos dá unha información máis categórica, observamos que o número de estudantes que considera que a perífrase co infinitivo xerundial é incorrecta supera aos que entenden que é correcta: na proba 1 son practicamente dous de cada tres (o 65%) os que substitúen o texto *Xa levaba a chover* por *Xa levaba chovendo*, e, na proba 4, a porcentaxe dos que consideraron incorrecto o texto *Atopeínos a xogar no patio* supera tamén, aínda que cunha marxe máis estreita, aos que o aceptaron como correcto (o 51,8% fronte ó 48,2%).
- b) Sobre a porcentaxe de alumnado que escolle o infinitivo xerundial para construír os textos das probas 2 e 3, os datos son menos definidos e posiblemente están condicionados polos estímulos lingüísticos presentes nos mesmos: na proba 2, un de cada tres estudantes transforma *estar + xogar* en *estar a xogar* (a mesma porcentaxe, o 33,9%, que consideraba 'correcta' na proba 1 a perífrase con '*a* + infinitivo'); pero na proba 3 só un 3,6% opta por converter a perífrase castelá *sigamos hablando* en *sigamos a falar*. Unha diferenza tan marcada na escolla do xerundio ou do infinitivo xerundial para construír a perífrase, sen ningunha variación no contexto de realización das probas, parece que hai que relacionala coa tarefa que se demandaba en cada unha e coa mesma textualidade dos enunciados que se ofrecían: presenza explícita do infinitivo na 2ª (*xogar*) e do xerundio na 3ª (*hablando*).
- c) A pregunta sobre 'identificación' da proba 4 demostra que só unha minoría moi reducida (o 6,5%) afirma que se sente máis identificada coa perífrase *Atopeínos a xogar no patio*; exactamente a mesma porcentaxe cós que mostran unha maior familiaridade co texto anormativo *Os atopei xogando no patio*. Como era de esperar, a inmensa maioría

(o 86,9%) indica que se sente máis identificada coa perífrase con xerundio *Atopeinos xogando*.

A distribución da porcentaxe global de identificación obtida pola perífrase co infinitivo xerundial atendendo ás variables da mostra confirma que a maior parte delas son pouco significativas: a distribución por titularidade do centro, por hábitat e polas distintas variables sociolingüísticas ou escolares non perfila grupos claramente diferenciados, non podendo, en consecuencia, afirmarse que a maior familiaridade con esta construción se corresponda con ningún colectivo concreto.

A distribución territorial destes datos sobre identificación co infinitivo conxugado ofrece resultados superiores nos centros situados en localidades nas que esa estrutura é tradicional, pero trátase en todos os casos de porcentaxes moi minoritarias que non permiten afirmar que haxa unha distribución territorial claramente marcada, nin moito menos que existan zonas nas que esta construción sexa preponderante.

4. 3. *Infinitivo flexionado e infinitivo non flexionado*

Na exemplificación que estamos a realizar sobre o coñecemento e a vitalidade dalgunhas estruturas morfosintácticas que teñen unha realización converxente co castelán e outra diverxente, referirémonos finalmente ás formas flexionadas e non flexionadas do infinitivo.

Como describen todas as gramáticas, o galego dispón para o infinitivo dunha forma invariable e doutra variable en concordancia co seu suxeito, constituíndo esta última un dos trazos máis singulares da súa morfoloxía verbal en relación co castelán, que só coñece a forma invariable. Pero estas dúas formas do infinitivo non funcionan en galego en distribución libre; en concreto, o infinitivo flexionado, por ser a forma marcada, ten limitado o seu uso a certos contextos e non é obrigado en ningún caso.

Entre as condicións que favorecen a súa aparición os estudos gramaticais citan, por orde de importancia, os seguintes: que o infinitivo teña un suxeito diferente do do verbo principal (*O accidente produciuse ó irmos para a casa*); se o suxeito é o mesmo, que a oración de infinitivo vaia anteposta (*en vez de quedardes parados, poñédevos a traballar*); e, no caso de ser o mesmo suxeito e ir posposta a oración de infinitivo, que este vaia distanciada do verbo principal (*Ilusionáronse moito coa idea de seren eles mesmos os organizadores do acto*).

En contextos distintos dos expresados no parágrafo anterior o infinitivo flexionado é menos habitual e, nalgúns casos, mesmo está excluído. Isto último sucede, por exemplo, en situacións como as seguintes: cando non é realmente verbo ou cando carece de suxeito (*Querer é poder*; *Tanto traballar*

para nada...); cando o infinitivo é o verbo auxiliado dunha perífrase verbal ou cando forma parte dun complexo verbal (*Tiveron que escoitar o que non querían; Puxéronse a conversar coma se se coñecesen de sempre...*), entre outras.

A cuestión do uso social da forma flexionada do infinitivo parece estar sufrindo cambios substanciais que, posiblemente, gardan paralelismo co que xa comentamos en relación coa escolla da estrutura 'a + infinitivo' como forma da perífrase durativa en vez do xerundio: de seren preferentemente construcións tradicionais inseridas no galego popular, están pasando a ser, cada vez máis, recursos da lingua culta (tanto oral coma escrita), chegando nalgúns casos ó abuso hiperenxebriста. Este proceso, explicable pola conxuntura histórica na que se atopa a lingua galega, parece que discorre parello, porén, a outro de tendencia inversa: a desaparición progresiva desta forma na fala espontánea e a ocupación dos seus usos máis específicos polo infinitivo non flexionado.

Os textos utilizados nas probas 1, 2 e 3 para explorar o comportamento lingüístico dos estudantes en relación con este fenómeno lingüístico foron os seguintes:

- | | |
|---------------------|---|
| Proba 1 (Corrixir) | <i>Veña, rapaces, xa son as oito e é hora de marchardes</i> |
| Proba 2 (Completar) | <i>(Cando marchedes) Ó , procurade deixar todo recollido e ordenado</i> |
| Proba 3 (Traducir) | <i>Si seguís así, conseguiréis todo lo que os propoñáis</i> |

Os exemplos seleccionados responden a contextos nos que estaría indicada a forma flexionada (*...é hora de marchardes; Ó marchardes...; De seguides así...*); pero, como xa se sinalou, en todos eles é posible tamén o infinitivo non flexionado ou unha construción modotemporal (*...é hora de que marchedes; Cando marchedes...; Se seguides así...*). Por iso, a información máis categórica será a que nos acheguen as respostas á proba 1, que nos permitirá saber cuántos estudantes se senten distanciados da forma flexionada ata o punto de considerala incorrecta, e, en segundo lugar, a opción que se escolla na proba 2 entre a forma flexionada e a non flexionada. As respostas ao texto da proba nº 3, en cambio, deben ser valoradas con outro criterio: ao estar construído en forma modotemporal, o esperable é unha tradución ao galego neste mesmo formato, de maneira que o único que se pode valorar son as desviacións que se produzan sobre esta resposta esperada e facer unha interpretación máis cualitativa das mesmas.

Esta construción trátase tamén na proba 4, onde, como vimos noutros fenómenos xa comentados, se indaga, en primeiro lugar, sobre a percepción que

teñen os estudantes da corrección ou incorrección da forma flexionada ao lado da non flexionada e doutra forma inexistente no sistema da lingua galega, e, en segundo termo, sobre a estrutura coa que se senten máis identificados. Os textos propostos para explorar estas dúas cuestións foron os seguintes:

Ó verdes para a casa, recollédeme no Instituto

Ó vir para a casa, recollédeme no Instituto

Ó viñerdes para a casa, recollédeme no Instituto.

Os resultados obtidos nas probas 1, 2 e 3 foron os seguintes:

Frecuencias e porcentaxes conseguidas por cada opción (Probas 1, 2 e 3)

	Construción co infinitivo flexionado	Construción co infinitivo non flexionado	Outras posibilidades
Proba 1	686 (59%)	305 (26,3%)	171 (14,7%)
Proba 2	9 (0,8%)	972 (83,6%)	181 (15,6%)
Proba 3	2 (0,2%)	14 (1,2%)	1146 (98,6%)*

*Construción modotemporal

A disparidade dos resultados das tres probas hai que relacionala coas moi diferentes tarefas que se demandaban en cada unha:

- A máis categórica, sen dúbida, era a da proba 1, na que o que tiñan que facer os estudantes era subliñar e corrixir desviacións normativas no caso de habelas. Os datos da táboa indican que só o 59% considerou correcto o texto e que o restante 41% atopou algún problema normativo na construción flexionada do infinitivo, resolvéndoo da seguinte maneira: o 26,3% cambiando a forma flexionada (*marchardes*) pola non flexionada (*marchar*) e o 14,7% buscando outras fórmulas.
- Os resultados das probas 2 e 3 mostran unhas porcentaxes absolutamente insignificantes no emprego do infinitivo flexionado: na nº 2 só o 0,8% completou o texto na forma *Ó marchardes*, e na nº 3 foi a penas o 0,2% o que traduciu a frase castelá como *De seguirdes así...*. De calquera maneira, como xa se indicou máis arriba, o valor destes datos cómpre relativizalos, especialmente os da proba nº 3, debido a que a construción modotemporal do texto castelán remite espontaneamente a unha construción similar en galego.

Polo que se refire á proba 4, tanto no que se refire á opinión sobre ‘corrección / incorrección’ de cada texto coma á escolla daquel co que máis se identificaban, os resultados foron os seguintes:

Opinión sobre corrección ou incorrección (Proba 4)

	Correcto	Incorrecto
1. Ó virdes para a casa, recollédeme no Instituto	67,6%	32,4%
2. Ó vir para a casa, recollédeme no Instituto	89,8%	10,2%
3. Ó viñerdes para a casa, recollédeme no Instituto	6,1%	93,9%

Porcentaxes globais de identificación con cada estrutura (Proba 4)

1. Ó virdes para a casa, recollédeme no Instituto	15,5%
2. Ó vir para a casa, recollédeme no Instituto	83,1%
3. Ó viñerdes para a casa, recollédeme no Instituto	1,4%

Como se pode apreciar, case un terzo da mostra (o 32,4%) considerou incorrecta a construción co infinitivo flexionado, unha porcentaxe que se corresponde bastante coa que na proba 1 corruxía como incorrecta esta construción: o 26,3% substituíu alí esta forma pola non flexionada e aínda había un 14,7% máis que ofrecía outras alternativas. As opinións sobre as outras dúas construcións seguramente son máis esperables.

No tocante á 'identificación' os datos globais mostran tamén unha esperada preferencia pola forma non flexionada por parte do 83,1% dos estudantes da mostra fronte a un 15,5% que manifestan sentir unha maior familiaridade coa forma flexionada. O aspecto máis sorprendente xorde no momento de distribuír estas porcentaxes atendendo ás variables da mostra, porque se observa que son os colectivos máis urbanos e de perfil menos galegófono os que manifestan unha maior identificación co infinitivo flexionado (as diferenzas entre os que residen en ámbitos rurais e urbanos achégase aos 20 puntos, e entre os que falan habitualmente galego e os castelanfalantes habituais supera os 10; en ambos os dous casos, a favor dos segundos). Esta distribución contrasta co que sucedía coa construción diverxente na perífrase '*ter / haber que* + infinitivo' ou co 'infinitivo xerundial', nos que, con maior ou menor énfase, eran sempre os individuos do rural e máis galegófonos os que acadaban porcentaxes máis elevadas.

Como síntese, e centrándonos unha vez máis na estrutura diverxente co castelán, o máis subliñable en relación coa alternativa 'infinitivo flexionado / infinitivo non flexionado' entendemos que é o seguinte:

- a) No tocante á cuestión máis categórica das probas, a da aceptación do infinitivo flexionado como acorde coa norma da lingua galega, sorprende a alta porcentaxe dos que o consideran anormativo: o 41% dos estudantes corrixiu no texto da proba 1 a forma flexionada *marchar-des* (o 26,3% substituíndoa pola correspondente non flexionada *mar-*

char e o 14,7% restante por outras correspondencias non sempre normativas), e o 32,4% considerou tamén incorrecto na proba 4 o texto co infinitivo conxugado (*Ó virdes para a casa...*).

- b) No referente á escolla da forma flexionada para construír os textos das probas 2 e 3, só o fixo unha porcentaxe insignificante de estudantes (o 0,8% na segunda e o 0,2% na terceira), aínda que, como xa se comentou na descrición destes resultados, existen factores condicionantes da escolla (especialmente na proba 3) que nos obrigan a tomar estes datos con reservas.
- c) A pregunta sobre 'identificación' da proba 4 demostra que os estudantes se senten moito máis próximos á construción non flexionada (o 83,1%) ca á flexionada (o 15,5%). O resultado, sen dúbida esperable, non parece mostrar 'contaminación' polo contexto académico no que se realiza a proba; un contexto que podería inducir a respostas máis favorables á alternativa flexionada, por ser habitualmente un obxecto de atención destacado nos programas escolares de lingua galega.

A estratificación dos resultados sobre identificación por variables sociolingüísticas e de hábitat presenta uns datos que poden resultar sorprendentes: os colectivos que tradicionalmente se veñen asociando co galego popular (os que residen no rural, os que teñen o galego como lingua inicial, os que falan habitualmente en galego) son os que mostran menor identificación coa forma flexionada do infinitivo. Esta distribución parece indicar que o infinitivo flexionado se asocia máis con novos ámbitos de uso do galego ca co galego tradicional; todo o contrario do que comprobamos en relación coas outras estruturas 'marcadas' que comentamos en epígrafes anteriores.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Álvarez, R. (1994): "Gramática descriptiva e gramática prescritiva", en *CADERNOS de lingua* 10, Real Academia Galega.
- Álvarez, R. (et al.) (1986): *Gramática Galega*, Vigo, Galaxia.
- Álvarez, R. e Xove, X. (2002): *Gramática da lingua galega*, Vigo, Galaxia.
- Blas Arroyo, J.L. (1993): *La interferencia lingüística en Valencia (dirección catalán-español)*, Castellón, Univ. Jaume I.
- Coseriu, E. (1977): "Sprachliche Interferenz bei Hochgebildeten", en Kolb, H. e Lauffer, H. (eds.) *Sprachliche Interferenz, Festschrift für Werner Betz*, Tübingen, Niemeyer, pp. 77-100.
- Fernández Rei, F. (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*, Vigo, Edicións Xerais.

- Gómez Torrego, L. (1994): *Manual de español correcto II*, Madrid, Arco/Libros.
- Hernández, C. (1997): "Algunas propuestas didácticas para trabajar la interferencia catalán-español en el ámbito universitario", en *Didáctica de la Lengua y la Literatura para una Sociedad Plurilingüe del siglo XXI*, Universitat de Barcelona, pp 633-639.
- Hernández, C. (1998): *Algunas cuestiones más sobre el contacto de lenguas: estudio de la interferencia lingüística del catalán en el español de Cataluña*, Univ. de Barcelona, (Tese de doutoramento / Microforma).
- Kabatek, J. (1991): "Interferencias entre o galego e castelán: Problemas do galego estándar", en *Cadernos de Lingua* 4, pp. 39-48.
- Kabatek, J. (2000): *Os falantes como lingüistas*, Vigo, Edicións Xerais.
- Lope Blanch, J.M. (1981): "Influencia del contacto lingüístico en el español de América", en Cvitanovic e Fontanella de Weimberg (eds.): *Simposio Internacional de Lengua y Literaturas Hispánicas*, Bahía Blanca.
- Malmberg, B. (1959): "L'extension du castillan et le problème des substrats, en *Actes du Colloque International de Civilisations, Litteratures et Langues Romanes*, Bucarest, pp. 249-260.
- Payrató, Ll. (1985): *La interferència lingüística*, Barcelona, Curial Edicions Catalanes – Publicacions de l'Abadía de Montserrat.
- Sala, M. (1998): *Lenguas en contacto*, Madrid, Gredos (1ª ed. 1986, Centro de Lingüística Hispánica de la UNAM, México).
- Thomason, S. G. (2000): "On the unpredictability of contact effects", en *Estudios de sociolingüística* 1.1, pp. 173-182, Universidade de Vigo.
- Thomason, S. G. e Kaufman, T. (1988): *Language Contact, Creolization and Genetic Linguistics*, Berkeley, University of California Press.
- Van Overbeke, M. (1976): *Les mécanismes de l'interférence linguistique*, Ed. Fragua, Madrid.
- Weinreich, U. (1953): *Languages in contact. Findings and problems*, The Hague, Mouton. (Cítase por trad. Castelá: *Lenguas en contacto. Descubrimientos y problemas*, Caracas, Ed. Biblioteca de la Univ. Central, 1974).

A CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA NAS CLÁUSULAS DE RELATIVO

Isabel Vaquero Quintela

Servizo de Normalización Lingüística (USC)

1 INTRODUCCIÓN

O título deste simposio, “Variación e prescrición”, alude a dúas realidades que, en certo senso, son diferentes e complementarias.

A variación é a constatación da riqueza das linguas: rara vez a lingua presenta unha única forma, tanto a nivel sincrónico como sintópico ou sinfásico. Mais á hora de describir calquera aspecto dunha lingua, cómpre adoptar decisións tales como “isto é galego / isto é un castelanismo / isto é un anglicismo”, ou “isto é un vulgarismo / isto é propio do estándar”, etc. Xa que logo, a obxectividade inicial que se supón propia dunha descrición devén un pouco prescritiva, pois sitúa as variacións lingüísticas dentro ou fóra dunha lingua (é dicir, como propiamente variación ou como algo alleo), ou como axeitadas ou non para determinados niveis.

Evidentemente, esas decisións deben tomarse baseándose en factores o máis obxectivos posibles, sexan puramente lingüísticos –como a gramaticalidade dunha construción¹– ou sexan sociolingüísticos. En calquera caso non deberíamos esquecer que tales decisións non deixan de ser provisorias: non sería a primeira vez que as máis altas instancias lingüísticas de moitos idiomas condenan determinadas expresións da variación como alleas á lingua en cuestión ou propias, por exemplo, dun nivel non estándar, e o tempo e, sobre todo, os falantes encárganse de negarlles toda razón. As linguas *fanse* así.

Esta reflexión xeral vén moi a propósito polo obxecto desta comunicación, a corrección das cláusulas de relativo en galego. Se cadra, as miñas

¹ E, evidentemente, non debemos perder a perspectiva de que xulgamos con base nuns criterios previos, nun modelo teórico co que contrastamos a realidade, seguindo un método indutivo. Xa que logo, todo o que non se adapta a ese modelo é o que condenamos como “agramatical”, por exemplo.

cautelas non son máis que unha consecuencia lóxica da atención que lles veño prestando dende hai tempo a este tipo de construcións, que me leva a mirar con lupa o meu obxecto de estudo e os problemas que suscita; mais coido que, verdadeiramente, as relativas constitúen un dos aspectos da sintaxe galega onde resulta difícil todo este antedito proceso de descrición e prescrición. Os factores lingüísticos e sociolingüísticos con que debemos xogar ao describir estas construcións e prescribir sobre elas, son especialmente complicados e problemáticos.

1.1. Factores sociolingüísticos

Dous son os principais factores sociolingüísticos que debemos considerar, e que son comúns a moitas outras áreas do estudo da nosa lingua.

O primeiro dos problemas preséntase á hora de diferenciar entre o que é propiamente cambio lingüístico máis ou menos espontáneo –e que en principio non exclúe o debido ao contacto lingüístico–, e o que son interferencias produto do proceso de substitución que o galego sofre dende hai séculos a respecto do castelán. O estudo diacrónico da nosa lingua, e a atención a cómo se resolven estas construcións noutros puntos da Romania, con especial consideración das outras linguas peninsulares, e nomeadamente o portugués –é dicir, tendo en conta asemade a perspectiva diatópica–, son imprescindibles para adoptar decisións neste senso.

O segundo problema é a respecto da fixación dos niveis de lingua a que corresponden as diversas variantes das construcións de relativo. Este problema, común a todas as linguas, é especialmente relevante para a nosa, que ten aínda sen desenvolver, nin de xeito espontáneo nin a xeito de intervención planificadora para o corpus, variedades sinfásicas e sinstráticas ben diferenciadas.

1.2 Factores lingüísticos

A construción de cláusulas de relativo presenta unha problemática específica puramente lingüística.

O sistema dos pronomes relativos e a construción de cláusulas de relativo nas linguas románicas sofren unha grande inestabilidade herdada dende o latín. Non sen razón a maioría das linguas románicas presentan, mesmo nas súas gramáticas xerais, apartados especiais dedicados aos problemas das cláusulas de relativo.

A inestabilidade do sistema obríganos a xulgar con moita cautela o carácter máis ou menos propio ou alleo dunha variante, ou a pertenza a determinados rexistros.

O segundo, e gran problema, é o da complexidade sintáctica e semántica deste tipo de construcións. Para construír unha cláusula de relativo, un falante ten que poñer en xogo, asemade:

- Recursos como a deixes ou a anáfora.
- Un mecanismo de complexización do discurso, a subordinación. A súa complexidade inherente pode incrementarse se a cláusula de relativo se integra en estruturas complexas (oracións bipolares, por exemplo) ou se dentro da relativa se acubillan unidades do mesmo nivel ou superior.
- Un sistema de pronomes relativos. A elección dun ou doutro pronome do sistema vén condicionada pola funcionalidade sintáctica e semántica, tanto do pronome dentro da cláusula relativa, como desta con respecto á estrutura en que se integra. Ademais, algúns destes pronomes mesmo poden presentar formas diferentes en función de xénero ou número do antecedente. Deste xeito, delimitáanse espazos funcionais para os pronomes; nalgúns casos existe unha correspondencia claramente biunívoca entre espazo funcional e pronome (*Esta é a casa que vin*), pero na maioría dos casos son varios os pronomes que compiten dentro dun mesmo espazo funcional. Na maioría das linguas románicas faltan estudos que describan o funcionamento do sistema en todos os espazos funcionais posibles, e o galego non é unha excepción.

Esta complexidade é a que provoca, en gran medida, a meirande parte dos problemas de construción de cláusulas relativas: inadecuacións na escolha dos pronomes, supresión de preposicións ou mesmo a elaboración das que denominamos como “falsas relativas”.

O terceiro problema enmárcase dentro das necesidades comunicativas do falante: perante tanta complexidade sintáctica e semántica, bota man doutro tipo de recursos para deixar suficientemente claras as relacións sintácticas e semánticas que se establecen, para intentar aclarar o seu discurso de cara ao receptor. Deste xeito, as construcións de relativo adoitan verse cruzadas por reiteracións, dobres ocupacións de argumentos, etc.

2. O SISTEMA DOS PRONOMES RELATIVOS NO GALEGO ACTUAL

Á hora de emitirmos cláusulas de relativo, os falantes vémonos condicionados polas relacións e funcións de carácter sintáctico e semántico que se establecen na construción:

- a relación de subordinación entre a estrutura superior en que se integra a relativa e a propia relativa, que establece xerarquías;
- a función sintáctica da cláusula relativa con respecto á estrutura superior;
- a función semántica do pronome relativo en relación ao seu antecedente, de ser o caso;
- a función semántica do pronome relativo dentro da cláusula subordinada;
- a función sintáctica do pronome dentro da cláusula subordinada;
- as concordancias en xénero e número que poidan cumprir, de ser o caso;
- os matices de significado que poidan aparecer dependendo do pronome que se use.

Vexámolo a través dun exemplo:

(1a) Foi a Real Audiencia do Reino de Galicia *a que* declarou, mediante un auto, que o mar das rías era común

- A cláusula de relativo (*a que declarou, mediante un auto, que o mar das rías era común*) está subordinada a unha cláusula principal (*Foi a Real Audiencia do Reino de Galicia*).
- A cláusula de relativo realiza a función de atributo a respecto da cláusula principal; non lle cómpre ningunha preposición para esa función.
- O pronome non funciona como modificador dun antecedente, senón que exerce unha función clausal: quedan excluídos das posibilidades de integración na cláusula os pronomes *que* e *o cal* (e variantes).
- O pronome desempeña a función de suxeito dentro da cláusula relativa, polo que non lle cómpre preposición ningunha.
- Como a cláusula principal é unha estrutura ecuativa, que iguala o suxeito e o atributo, este, desempeñado pola cláusula relativa, ten que referirse anaforicamente a un ser non animado (*a Real Audiencia*), que neste contexto carece dos trazos [+humano], [+cantidade], [+lugar], [+tempo], [+modo] ou [+pertenza]. Isto exclúe que poidamos utilizar os pronomes actuais *quen*, *canto*, *onde*, *cando*, *como*, *cuxo*.
- Ademais, a unidade que funciona como suxeito é de xénero feminino. De ser posible -porque o pronome sexa dos que teña flexión-, o relativo debe ser tamén do xénero feminino.




Figura 1: análise de (1a)

A elección do pronome está concluída: a única posibilidade dentro do actual sistema dos pronomes relativos é *a que*. Mais, o exemplo orixinal, tirado dun texto galego actual pertencente a un rexistro estándar, era:

(1b) Foi a Real Audiencia do Reino de Galicia *quen* declarou, mediante un auto, que o mar das rías era común.

Os falantes, cando utilizamos cláusulas de relativo no noso discurso, vémonos obrigados a escolmar un dos pronomes do sistema, o que sexa máis axeitado ás funcións semánticas e sintácticas que debemos establecer para dicir o que pretendemos dicir, e de acordo coas nosas suposicións verbo do nivel de lingua que empreguemos. E non sempre o conseguimos.

Xa que logo, despois dunha primeira descrición das construcións de relativo galegas na actualidade, do que facemos os falantes *en bruto*, que incluíría un exemplo como o antedito, ata chegar a unha descrición máis depurada cómpre un labor de peneira²:

- Comprobar a *galegitude* das diversas variantes e purgar da descrición das relativas galegas aquelas que non o sexan, ou, cando menos, chamar a atención a respecto das dúbidas que suscitan.

² Por exemplo, Álvarez, R. e Xove, X. recoñecen na Introducción da súa *Gramática* que non se trata dunha obra puramente descriptiva: “Ofrece unha descrición da lingua estándar, sen pretensións de dar conta cabal das variacións internas, pero incorporando as que teñen tradición na lingua escrita e as que sendo de extensión relativamente ampla non están contempladas pola regulación normativa actual. Deixa fóra, por tanto, as variacións que son marcadamente dialectais, sen peso na tradición escrita e sentidas como agramaticais para o resto do dominio. No tocante ás variacións diafásicas ou diastráticas, ten en conta algunhas das máis frecuentes, advertindo adoito que se trata de variacións deste tipo. Tampouco pretende ser unha gramática prescriptiva, se ben na descrición xoga con frecuencia co contraste entre o que é correcto, o que non o é ou que é de corrección dubidosa.” (páx. 10-11).

- Considerar a corrección das variantes a respecto da prescrición para o nivel estándar da lingua, de esta existir, e se non, propoñer como propias do padrón aquelas de maior tradición e extensión.
- Adscribir as variantes aos restantes rexistros lingüísticos que se consideren, ben simplemente como constatación, ben como proposta de difusión para arrequeantar a lingua, é dicir, como unha pequena intervención no corpus.

Do estudo das construcións de relativo no galego actual pódese elaborar un catálogo de problemas como o que segue:

a) Interferencias e vacilacións

Relativos relativos: “son varios os sínodos dos cales só nos consta a celebración”

Construcións enfáticas: “é cando durmo que vexo claro”

b) Problemas semánticos

Inadecuación do relativo ao antecedente

Inadecuación do relativo á función sintáctica

c) Problemas sintácticos

Supresión / engádegas da preposición

Problemas nas construcións de xenitivo e de complemento do nome

Dobre ocupación de argumentos

Falsas relativas

Os problemas de integración das bipolares: comparativas, condicionais, concesivas

Os problemas de integración en/das coordinacións

As subordinadas encadeadas

Como xa teño avanzado noutros traballos algúns dos problemas de construción de cláusulas de relativo (vid. Vaquero 1996), limitareime aquí a expoñer outros dous, tratados en certa maneira de xeito sistémico, desde a perspectiva antedita de estudar espazos funcionais:

- Os pronomes *que*, *o que*, *o cal* en cláusulas relativas en función de MOD
- Construcións de xenitivo e complementos do nome

Na análise destes problemas citarei como fonte principal de descrición do funcionamento das cláusulas relativas a *Gramática da lingua galega* de Rosario Álvarez e Xosé Xove. Enténdase esta referencia como necesaria, imprescindible e ineludible, xa que se trata do estudo que máis atención presta

a esta área das relativas e máis detalles presenta sobre o seu funcionamento, tanto dende o plano descritivo como dende o prescriptivo.

Utilizarei exemplos de cláusulas de relativo³ atopados nunha escolma variada de textos (textos literarios, xornalísticos, literarios, científicos, e administrativos)⁴. Algúns forman parte do corpus estudado para a miña tese de doutoramento, un estudo diacrónico sobre as cláusulas de relativo, que segue en fase de desenvolvemento; outros forman parte dos labores de asesoramento lingüístico que se realizan no Servizo de Normalización en que traballo, e outros, da miña atención en lecturas soltas.

3. PROBLEMAS DE CONSTRUCCIÓN DAS CLÁUSULAS DE RELATIVO

3.1. Os pronomes *que*, *o que*, *o cal* en cláusulas relativas en función de MOD

Na lingua actual existe unha grande área funcional dentro do sistema dos pronomes relativos, a delimitada por

- función sintáctica da cláusula = MOD
- contido semántico do relativo = só anafórico, deíctico (en principio)

Para esta área funcional, o sistema dos pronomes relativos actual parece actuar da maneira que se pode resumir no cadro 1:

Cadro 1: Sistema dos pronomes relativos para cláusulas relativas en función de MOD

Sen preposición	Cláusulas relativas restritivas		Cláusulas rel. non restritivas		
	Que		Que	*Quen O Cal O que	*Canto
Con preposición	Que	*Canto	Que	*Canto	
		O que	*Quen	O que	*Quen
		O cal	*Onde	O cal	*Onde
			*Cando		*Cando
			*Como		*Como

* Baixo determinadas condicións de contido semántico

³ Na consideración do que era ou non unha cláusula de relativo (e tamén do que é un pronome relativo), relaxei os criterios que se adoitan utilizar, nun primeiro nivel de descrición, de xeito que no corpus inicial de estudo entren exemplos de dubidosa construción.

⁴ Non utilizo deliberadamente os termos “rexistro” ou “nivel de lingua”, polo escaso desenvolvemento diferenciado destes na lingua galega actual.

Deste cadro dedúcese que a única situación clara e biunívoca para construír unha cláusula de relativo que funcione como MOD dunha unidade anterior, é que esa modificación sexa restritiva e que a función sintáctica que desempeñe o pronome relativo non requira preposición; daquela a única escolla posible é o relativo *que*.

Xa que logo, os relativos *que*, *o cal* e *o que* compiten nas outras tres situacións que se recollen no cadro. En cada unha delas, a escolla do pronome relativo vén condicionada, polo menos, polos seguintes factores:

- O tipo de unidade (e mesmo, de palabra) que constitúa o antecedente
- A función sintáctica que deba desempeñar o relativo dentro da súa cláusula.
- A preposición que lle cumpra ao relativo para desempeñar esa función sintáctica, de ser o caso.
- Os contidos semánticos que poida introducir o pronome relativo: aínda que *o que* e *o cal* adoitan describirse como baleiros doutro contido semántico que non sexa o puramente deíctico, o certo é que en determinados contextos si que achegan outros significados, o que restrinxen as súas posibilidades de uso.

3.1.1 prep + relativo en cláusulas especificativas

Na lingua actual podemos atopar estas tres construcións de relativo:

(2) Utilizaremos como fonte un estudo da Xunta de Galicia *en que* figuran os resultados dunha enquisa...

(3) Establécese un gradiente *no que* se situarían as interaccións entre as aves...

(4) Os vilegos experimentan un fenómeno de topofilia con respecto á vila *na cal* residen.

Nos tres casos, unha cláusula de relativo modifica unha unidade anterior, unha frase substantiva (*Xunta de Galicia*, *gradiente*, *vila*), que é o antecedente do pronome relativo, restrinxíndolle o significado. Trátase, logo, de cláusulas relativas restritivas. Asemade, o pronome relativo (*que*, *o que*, *o cal*) vai acompañado dunha preposición (*en*, nestes casos), da que é termo, que constitúe o seu índice funcional: noutras palabras, para que o pronome relativo poida funcionar como complemento circunstancial ou suplemento nesa cláusula, cómprelle en principio unha preposición. Vexamos a estrutura sintáctica a que responden:




Figura 2: análise de (2), (3), (4)

¿Resulta indiferente utilizar unha ou outra construción? Álvarez e Xove manifestan na páxina 576:

Existe unha forte tendencia a substituír *que* pola forma composta *o que*. (...) Nun estilo coidado debería poñerse freo á tendencia actual a substituír *que* por *o(s) que/a(s) que* tras calquera preposición.

Aínda que polo medio se introduce matizacións a respecto das variacións de uso que se producen dependendo da preposición (se é longa, de uso pouco frecuente), da función sintáctica que desenvolve o relativo (tende a usarse cando é un CI ou un CD [+humano]) e de se pode provocar problemas de interpretación, non aparece ningunha explicación do porqué da recomendación, pois escapaba ao propósito do dito manual.

Segundo os datos que manexo para a miña tese, ata o finais do século XIX utilizábase de xeito exclusivo a construción (2), con independencia da función sintáctica do relativo, da preposición utilizada (cando menos se non era locución prepositiva), e da clase de palabra que constitúe o núcleo da frase substantiva de que é antecedente (vid. Vaquero, I. 1998). Vexamos algúns exemplos:

- Función sintáctica do relativo:
 - complemento directo:
 - (5) pregûtou se avia omê êna corte *a que* Tito quisese mal (MS)
 - complemento indirecto:
 - (6) acharô tres cavaleiros *a que* pregûtarô... (CT)
 - suplemento:
 - (7) a conta das criaturas *de que* avia falado (MS)
 - complemento circunstancial
 - (8) tu seras mal dito. Et outrosi a terra *en que* morares et labrares (GE)

- (9) por que lles foy moy longa a carreya *por que* ouveron de vïr (GE)
- (10) avja de vïr tal sazô *en que* Troya perdería o sseu grâ brío (CT)
- (11) buscando madeyros *de que* fezese seus estormêtos (GE)
- (12) a rrazô *por que* eles alo forô he esta (MS)

- Preposición *a, de, en, por, con, segundo*:
 - (13) queimaralos no profundo/ *segun que* Dios cho ordenou (*agg*)
- Clase de palabra que constitúe o núcleo do antecedente (tanto en singular coma en plural, e mesmo se se trata dunha estrutura coordinada):
 - substantivo:
 - (14) núca oy mâdado *de que* me tâto prouvesse (CT)
 - (15) tanto ouverô que véér et pensar ênos bês que perderam et o traballo e mezquindade *en que* eram que... (GE)
 - indefinido:
 - (16) sobre las duas sepulturas..., hûa *en que* jaz Sancha Gomez, outra *en que* jaz Ysabel (*História e dialectologia do galego-português*)
 - (17) outros moytos ouvo y *a que* prouvo moyto, outros *a que* pesou (CT)
 - demostrativo:
 - (18) por la alma de Domingo Eanes, meu primeyro marido que foy, e por la mïña e daqueles *a que* el e eu somos teudos dentro enno dito moesteyro (HDGP)

A nosa lingua tiña, logo, claramente limitado o espazo funcional que describimos para o relativo *que*, ata a segunda metade do século XIX, cando aparecen os primeiros exemplos de uso de *o que*.

- (19) ROMANCE GALLEGO *no que* se exprica o que significa... (sp)
- (20) Recibino d'outras catíveces *entr'as que* vivo aguniando (cl)
- (21) unh-a caste de besta de carga *n-a que* tanguen á rabear os que gobernan (cl)
- (22) pra que teñamos un nome *c'o que* se nos coneza n-os recibos d'a contribución... (cl)
- (23) Nunca tí seques, fontíña,/ Fonte d'a Ponte Pousada,/ Fonte *á que* fun tantas veces (lpg)
- (24) comprenderáno sólo (...) aqueles, en fin, *n'os que*, a idade, o estudo, a mala sorte, ou o conecemento d'as cousas da vida, fosen minguan-do o tesouro d'as primeiras crências (amt)

Porén, trátase de 6 aparicións en toda a segunda metade do XIX⁵, fronte aos 128 casos en que a forma utilizada é *que*. As dúas posibilidades chegan a convivir no interior do mesmo escrito, utilizadas polo mesmo autor:

- (25) PRIMEIRA PARTE *En que* se decrara o Credo y-os Artículos. (cl)
- (26) Total-as disgrasias que vos suceden, total-as inxusticias que fan con vosoutros, total-as agunías *porque* pasades verédelas n-o Catecismo (cl)
- (27) Qu'hastra lle dán de prestado/ A veira *por que* camiña/ O que naceu desdichado (cg)
- (28) Pois fago uns palotes netos/ *De qu'*eu mesmo m'adimiro (cg)
- (29) Buscan o idêal *tras que* correron (amt)
- (30) Dábanlle citas d'amores/ As mozas *por qu'*él toleaba (amt)

A produción escrita da primeira metade do século XX semella o tempo de transición: a tendencia a utilizar a forma *o que* acentúase fortemente, aínda que convivindo coa forma *que*, tamén para o mesmo autor ou a mesma obra.


- (31) deixaba ver aquel dente de ouro *no que* toda a súa ousadía heirética escintilaba (at)
- (32) Non atraía sobre ista aldea *en que* naceu a ira de Deus, do Noso Señorío (at)
- (33) viron ao lonxe o chafarís brillante *con que* a balea saudaba (at)
- (34) y-â fin d'un xantar *co que* o agasallaron algú dos seus admiradores (ant)
- (35) sen que tal esteriorización poida dar idea do recóndito ser *de que* son emisarios (pp)
- (36) a cordialidá con que ven a ista casa *da que* todos fuxen (afv)
- (37) sentando o precedente d'unha desigualdade alritante, desigualdade *á que* no sucesivo terán que aterse... (ant)
- (38) Castela, representada por este home imaxinario *a que* aludimos, recibirá eisí dos seus vasallos...(ant)

Na segunda metade do século XX imponse a forma *o que* sobre *qué*⁶:

⁵ Mesmo se pode dudar de que o primeiro exemplo constituía unha relativa especificativa, e en canto ao segundo, cómpre subliñar que estamos diante dunha preposición longa, *entre*.

⁶ Os datos que se reflicten neste gráfico e na táboa seguinte corresponden aos da miña tese de doutoramento.

Gráfico 1: Frecuencias dos relativos *que*, *o que*, *o cal* en relativas restritivas con preposición



Cadro 2: Frecuencias dos pronomes relativos *que*, *o que*, *o cal* como termo de certas preposicións

	O QUE	QUE	O CAL
A	26 (96,2%)	1 (3,8%)	
CARA A	1 (100%)		
CON	12 (85,7%)	2 (14,3%)	
DE	9 (75%)	3 (25%)	
EN	83 (63,3%)	45 (34,4%)	3 (2,3%)
PRA	1 (100%)		
POR	5 (100%)		

Esta tendencia a utilizar a forma do relativo *o que* en cláusulas relativas restritivas, cun antecedente constituído por unidades non superiores á frase substantiva, é, xa que logo, recente: ten pouco máis de un século de vida, e aínda convive na actualidade coa forma simple *que*.

Se botamos un ollo ao que ocorre nas dúas linguas románicas máis próximas⁷, comprobamos que esta tendencia triunfa no español plenamente, en especial, cando recolle o trazo [+humano]]⁸, mentres que no portugués semella ser descoñecida.

Na segunda metade do século XX, neste mesmo espazo funcional aparece outra forma do relativo, *o cal*⁹:

⁷ Vid. Porto Dapena (1997), ou Verdonk, R. (1992), para o castelán, e Andrade Peres, J., Móia, T. (1995) e Mira Mateus (1983) para o portugués.

⁸ De feito, Porto Dapena considera que “Es precisamente como término de una preposición cuando el relativo *que* está sometido en su uso a ciertas restricciones, ya que, además de referirse más bien a cosas, puede aparecer únicamente tras las preposiciones *a, con, de, en y por*.” (páx. 24).

⁹ Nos exemplos que a seguir aparecen é frecuente que existan outros problemas de construción.

(39) destaca o punto de vista do vilego para imaxinar e categorizar o espazo *no cal* vive

(40) os vilegos experimentan un fenómeno de topofilia con respecto á vila *na cal* residen

Alvarez e Xove recollen o uso da forma *o cal* para este espazo funcional na súa *Gramática* (páx. 581-582), restrinxindo as súas posibilidades de aparición:

“a) *O cal* non é posible como nexo de Mod. adxunto (especificativo) se a súa frase non leva prep.; en caso contrario, cómpre usar que:

Un rapazote ao *cal* deran unha boa somanta. Había unha pontella pola *cal* pasaban os rabaños.

b) Tamén se debe recorrer a *que* trala prep. en (en que “*cando*, *onde*, *como*”) ou a *onde* (con menos frecuencia a *cando* e *como*):

?Deixo a terra *na cal* nacín / Deixo a terra *en que* nacín / Deixo a terra *onde* nacín.

?Iso foi na tarde *na cal* chegou Ramiro / Iso foi na tarde *en que* chegou Ramiro / [Raramente] “iso foi na tarde *cando* chegou Ramiro”.

Mais, segundo os datos de que dispoño, non é ata a segunda metade do século XX cando aparece *o cal* neste tipo de construcións, e precisamente nas construcións que proscriben Alvarez e Xove (coa preposición *en*); porén, non teño rexistrado ningún en que *o cal* funcione coa preposición *a* como complemento directo ou indirecto. É máis: dende a época medieval, en que se trataba dun relativo moi frecuente (sen entrarmos en consideracións de cáles eran os seus espazos funcionais), ata o século XX é moi rara a aparición de *o cal*¹⁰.

Diacronicamente semella haber unha tendencia a que o pronome *que* perda espazo funcional (moi amplo na época medieval, tanto en cláusulas restritivas como non restritivas) a prol primeiro de *o que* e logo de *o cal* nas cláusulas restritivas, se o relativo necesita preposición.

¹⁰ Na miña base de datos, no corpus correspondente á etapa medieval, constituído por 2.985 exemplos, 125 corresponden a *o cal*; no do galego medio, de 328 exemplos, 4 son de *o cal*; dos 770 exemplos da primeira metade do século XIX, só 1 é de *o cal*; na segunda metade do XIX, de 3003, hai 5; na primeira metade do XX, de 2225, 4; e na segunda metade do XX, de 3380, 11.

Xa que logo, aínda que non podemos descartar de xeito absoluto condicións endóxeas que permitiron a aparición, consolidación e triunfo desta tendencia¹¹, e aínda que cómpre estudar os posibles movementos que se producen noutras áreas funcionais do sistema dos relativos e, ao mellor, poñelos en relación con esta tendencia, a cronoloxía do fenómeno e os resultados da comparación lingüística fano sospeitoso de ser un castelanismo sintáctico. De ser así, deberíase refugar e proscribir, alén das recomendacións de Álvarez e Xove a respecto do coidado no estilo.

Porén, o contacto diario no meu traballo con todo tipo de falantes e escribentes fanme dubidar da eficacia de tales proscripcións ou recomendacións. Para a meirande parte da xente non é doado distinguir nin sequera entre cláusulas restritivas ou explicativas, o que adoita reflectirse nos problemas de puntuación consecuentes. Por outra banda, contrariamente ao que ocorre na área da lexicoloxía, da fonética ou da morfoloxía, a concienciación da posible castelanización no terreo da sintaxe adoita limitarse a problemas de concordancia, pero non chega a estruturas de certa complexidade, como as relativas, o que dificulta aínda máis o labor de prescripción.

3.1.2. Que, o que, o cal *en cláusulas non restritivas*

Segundo o anterior cadro 1, que reproducimos a seguir, ¿é indiferente utilizar *que*, *o que* e *o cal* en cláusulas que funcionan como MOD non restritivo?

Cadro 1: Sistema dos pronomes relativos para cláusulas relativas en función de MOD

Cláusulas relativas restritivas			Cláusulas rel. non restritivas		
Sen preposición	Que		Que	*Quen	
			O Cal	*Canto	
			O que		
Con preposición	Que	*Quen	Que	*Quen	
		O que	*Onde	O que	*Onde
		O cal	*Cando	O cal	*Cando
			*Como		*Como

* Baixo determinadas condicións de contido semántico

¹¹ Aínda que carezo de exemplos para soste esta tese, sospeito que o espazo funcional nalgún momento debeu estar especializado para *que* e *o que* en función da preposición de que se trata-
ra, e que de aí puido comezar a estenderse o uso de *o que* primeiro e logo de *o cal*.

A Gramática de Alvarez e Xove non fai ningunha delimitación no uso dun ou doutro relativo, como se fose indiferente a escolla de calquera dos tres, aínda que á hora de poñeren exemplos non se reflicte esta suposta indiferenza. Vexamos un, tirado da súa páxina 579, dentro do apartado dedicado ao relativo *o que*:

(41a) Propuxo modificar o trazado da estrada, *o que ~ o cal* levantou grandes protestas

É dicir: dentro deste espazo funcional, en que a cláusula relativa funciona como MOD dunha cláusula, de xeito non restritivo, e en que o relativo vén significando “cosa que, feito que”, compiten *o que* e *o cal*. Non creo que haxa dúbidas en canto á imposibilidade da construción

(41b) Propuxo modificar o trazado da estrada, **que* levantou grandes protestas

a non ser que mude por completo a significación da secuencia e, por suposto, as relacións e funcións establecidas: o que levanta protestas xa non é a proposta de modificación do trazado da estrada, senón o propio trazado da estrada. É dicir: xa non se trata da modificación dunha cláusula, senón da modificación dunha FN. [E con certo humor poderíamos engadir que se pasa dunha acción que levanta protestas a outra que atende ás protestas]. Vexamos a diferenza de estruturas e funcións:




Figura 3: análise de (41a)




Figura 4: análise de (41b)

Fagamos agora unha pequena mudanza do exemplo:

(41c) Propuxo modificar o trazado da estrada, **que ~ o cal** tiña moitas curvas

Os pronomes relativos utilizados (*que*, *o cal*) semellan introducir un matiz causal na secuencia: o trazado da estrada modifícase porque ten moitas curvas; neste senso, sería equivalente a dicir

(41d) Como tiña moitas curvas, propuxo modificar o trazado da estrada

Vexamos este mesmo exemplo, mais usando o outro relativo en discordia:

(41e) Propuxo modificar o trazado da estrada, *o que* tiña moitas curvas

Comparemos agora as estruturas sintácticas:




Figura 5: análise de (41c)




Figura 6: análise de (41e)

Como vemos, a estrutura sintáctica xeral é a mesma; a única diferenca aparece a posteriori: o suxeito da cláusula relativa en (41e) é unha frase nominal, e a aparición dun determinante varía o significado da secuencia, que non é o mesmo da anterior: o que fai nesta a cláusula de relativo é identificar mellor o seu antecedente. Comparémolo agora coa versión indiscutiblemente restritiva:

(41f) Propuxo modificar o trazado da estrada *que* tiña moitas curvas




Figura 7: análise de (41f)

En (41e) o que se manifesta é que se vai modificar só a parte do trazado que tiña moitas curvas; en (41f), en troques de presentalo xa delimitado, preséntase como un todo, para logo restrinxir o anaco de trazado que tiña moitas curvas.

Podemos, logo, a falta de máis e mellores datos, facer unha primeira delimitación de usos dos tres pronomes neste grande espazo funcional da modificación non restritiva.

Cadro 3: Sistema dos pronomes relativos para cláusulas relativas en función de MOD non restritivo

Unidade modificada	Relativo	
Cláusula e unidades superiores	O que O cal [cousa que]	
Frase nominal e unidades inferiores	Que O cal	O que [identificador]

No corpus que manexo para a elaboración da tese de doutoramento atópase abondos exemplos de *o que* funcionando neste espazo funcional e con ese matiz identificador; vexamos algúns correspondentes aos séculos XIX e XX:

- (42) ese Sr. Marqués de Tracastela é o proteutor de Maxina, *o que* aquí estivo co señorito (mfe)
- (43) Esa qu'está n-a baranda,/ *A que* ten man d'o candil,/ Teña conta d'o miniño (lpg)
- (44) dixô que a ama do crego/ sería o mellor emprego,/ *o que* meu pai acetôu (ac)
- (45) son eles (...) os que nos levan a morrer no taboado/ Reises, bispos, *os que* a Dios neste mundo representan,/ *os que* se din augustos e escolli-dos/ con poderes de ceo sobre a terra! (om)
- (46) Pois que cobre o seu traballo –*o que* fixo e mais *o que* agora se quer que faga (afv)
- (47) O que eu non podía faguer era o seu conto, *o que* lle vin pintado na surrisa (at)
- (48) Cando algún cabalo forasteiro cai de pousada do alquilador, *o que* nada pode dar porque nada ten, pregunta con moito aquel de pousadeiro abastecido... (cou)
- (49) Atoparan a seu irmán morto. A seu irmán. O de Nova York. O do van. O dos xelados. *O que* deixara todo para atende-los negocios do pai en Bos Aires (arb)

(50) estarei eu, que son xa definitivamente Amado Noia, *o que* se odia a si mesmo (cn)

(51) pode ser que algunha xente do Centro Democrático cumpla agora as súas promesas, *as que* fixo durante a campaña electoral (tei)

(52) aviso e ameaza pra todos vós, *os que* me ledes (cn)

Mais só atopei dous exemplos neste mesmo corpus, un da primeira metade do XIX, e outro da segunda do XX, en que pretende usarse *o que* do mesmo xeito que se usa *que* e *o cal*, como MOD dunha FN ou unidades inferiores, sen pretensións identificadoras. Cómpre sinalar que a puntuación non parece moi acertada:

(53) Xuntiño de min/ estaban dous vellos/ *os que* refungaban/ das cousas do enterro (cgr)

(54a) Por outra, é un xeito de dominación moito mais disfrazado –invocando os dereitos humanos e a democracia– *a que* é tamén moito máis difícil de combater (tei)

¿Trátase dunha incorrección das que denominamos como “inadecuación na escolla do relativo”, ou simplemente dun uso pouco frecuente de *o que*? Nos exemplos anteriores, a identificación que introduce o relativo faise sobre un ser que xa está previamente ben identificado: *o protector de Maxina, o seu conto, seu irmán morto, Amado Noia, as súas promesas, vós*. ¿Estamos diante do mesmo caso en *dous vellos, un xeito de dominación*? Comparemos estes exemplos:

(54b) Por outra, é un xeito de dominación moito mais disfrazado –invocando os dereitos humanos e a democracia–, *que ~ a cal* é tamén moito máis difícil de combater.

(54c) Por outra, é un xeito de dominación moito mais disfrazado –invocando os dereitos humanos e a democracia–, *a que* é tamén moito máis difícil de combater.

(51) pode ser que algunha xente do Centro Democrático cumpla agora as súas promesas, *as que* fixo durante a campaña electoral

En (54b) a cláusula de relativo introduce unha información a maiores sobre o antecedente que non resulta relevante para a mellor identificación deste; en (54c), a modificación exercida pola cláusula serve para identificar, entre os xeitos de dominación existentes, só un: o que é máis difícil de combater. Deste mesmo estilo é a modificación exercida no terceiro exemplo (51); mais, non creo que nos dous exemplos do corpus anteditos

(53) Xuntiño de min/ estaban dous vellos/ *os que* refungaban/ das cousas do enterro

(54a) Por outra, é un xeito de dominación moito mais disfrazado –invocando os dereitos humanos e a democracia– *a que* é tamén moito máis difícil de combater

ese fora o sentido buscado polo falante/escribente.

Ao meu entender, a diferenza no significado provén do tipo de determinante que se utilice, e resulta relevante á hora de escoller relativo nestes espazos funcionais. En calquera caso, este uso de *o que* en troques de *que* ou *o cal* en contextos non identificadores é un uso frecuente en textos de todo tipo, como podemos ver nos seguintes exemplos actuais, que penso que conviría proscribir:

(55) foi dedicada por Brahms ao seu amigo violochelista Josef Gänsbacher, *o que* non regateara esforzos por coloca-lo compositor á fronte da Gingakademie

(56) É tamén de resaltar o valor que teñen os poemas presentes no Cancionero, *os que*, fronte ao estilo italianizante da época, desenvólvanse nun estilo popularizante, reflexo da revitalización do tradicional español no Século de Ouro.

(57) Esta posición vén da visión de Marx segundo *a que* as ideas dominantes son as da clase dominante.

(58) Nesta mesma tendencia atópase Asturias, para *a que* a curva móvese por debaixo da galega no primeiro 36,5% e para *a que* todos os índices son inferiores aos galegos.

3.2 Construcións de xenitivo

En 2001 durante a corrección dun exame de castelán para galego dentro dunhas oposicións de grupo C (é dicir: o nivel de estudos mínimo esixido era o bacharelato), comprobei que os 20 opositores deron ata 14 posibilidades diferentes para a tradución dunha secuencia co pronome relativo *cuyo*. O texto era o seguinte:

(59) La evaluación externa ofrece a los responsables de cada administración la posibilidad de hacer un análisis global y completo de sus organizaciones, *cuyos* resultados podrán ser contrastados con los obtenidos en la autoevaluación.

A xerarquía das unidades e as funcións que se establecen na unidade concreta en que funciona a relativa son as seguintes:

[un análisis global y completo de sus organizaciones, **cuyos** resultados podrán ser contrastados con los obtenidos en la autoevaluación]].




Figura 8: análise de (59)

Parece claro que se xogáramos a facer simple a cláusula relativa, teríamos a seguinte secuencia, xa en galego:

Os resultados da análise global e completa das súas organizacións poderán ser contrastados cos obtidos na autoavaliación.

O antecedente do relativo sería *unha análise global e completa das súas organizacións*, e a modificación non restritiva que exerce a cláusula de relativo refírese a esa FN, o nominal da cal é *análise*. Trátase ademais, dun tipo de modificación coñecida como “xenitiva”, pois expresa os mesmos contidos que o caso xenitivo latino, de pertenza, posesión, parte de algo.

Agruparei as propostas fornecidas polos opositores por tipoloxías.

O primeiro grupo está constituído por aquelas que deixaron a construción tal cal, nun caso co pronome *cuyo*, e noutros tres coa pseudogaleguización *cuiio* (e cómpre lembrar que daquela *cuxo* non estaba recoñecido nas Normas):

(60) ... un análisis global e completo das súas organizacións, *cuyos* resultados poderán ser contrastados...

(61) ... unha análise global e completa das súas organizacións, *cuios* resultados poderán ser contrastados... (3 veces)

O segundo é o das *fuxidas intelixentes* da construción relativa cara a construcións máis sinxelas, como a coordinación; a (62) e a (63) hai que lles obxectar a escolla deses determinantes:

(62) ... unha análise global e completa das súas organizacións, *e os seus* resultados poderán ser contrastados... (2 veces)

(63) ... unha análise global e completa das súas organizacións, *e estes* resultados poderán ser contrastados...

(64) ... unha análise global e completa das súas organizacións; *tales* resultados poderán ser contrastados...

O terceiro grupo é o das solucións *comprometidas e correctas*, mediante dous tipos de construción relativa:

(65) ... unha análise global e completa das súas organizacións, *os resultados da cal* poderán ser contrastados... (2 veces)

(66) ... unha análise global e completa das súas organizacións, *cuns resultados que* poderán ser contrastados...

O cuarto grupo é o das solucións *incorrectas, problemáticas* ou *dubidosas*. E foron 9 en total: case a metade das propostas, o que unido ás catro primeiras –as que usaban *cuyo* ou *cuyo*– dá idea da problemática que rodea esta construción de xenitivo. Vexámolas por partes:

(67) ... unha análise global e completa das súas organizacións, *na que* os resultados poderán ser contrastados... (3 veces)

¿É correcto intentar expresar unha relación xenitiva mediante o uso da preposición *en*? ¿Ou debemos interpretalo como que *no que* funciona en realidade como un complemento circunstancial de lugar? Neste último caso debería poder entender a cláusula relativa do seguinte xeito:

[A avaliación externa ofrece aos responsables de cada administración a posibilidade de facer unha análise global e completa das súas organizacións];

[na análise global e completa das súas organizacións, os resultados poden ser contrastados cos obtidos na autoavaliación.]

Evidentemente, non está a expresar o mesmo que a secuencia de orixe; trátase dunha tradución traidora, e eu diría que absurda, dentro do discurso: *a análise global e completa das súas organizacións* non é unha circunstancia

de ningún tipo en que se poidan contrastar os resultados. E porén, é unha das construcións que máis se emprega para expresar este tipo de contidos xenitivos, de pertenza ou posesión.

(68) ... unha análise global e completa das súas organizacións, *os cales resultados* poderán ser contrastados...

(69) ... unha análise global e completa das súas organizacións, *resultados que* poderanse contrastar...

(70) ... unha análise global e completa das súas organizacións, *dos cales resultados* poderán ser contrastados...

Os exemplos (68), (69) e (70) teñen algo en común: a modificación da FN exercea unha aposición; en (69) *resultados* funciona como NÚC da aposición, e é modificado por unha cláusula relativa introducida por *que*; en (68) e (70) a aposición está constituída por toda a cláusula relativa. Deixando á parte o caso (70), en que se engade unha incorrección polo uso da preposición *de* sen ningunha necesidade funcional, as secuencias (68) e (69) poderían, en principio, ser correctas gramaticalmente. Mais nunha aposición debe haber algún tipo de identidade con respecto ao antecedente, e é obvio que por moita metonimia que intentemos ver, *resultados* non se pode identificar de ningún xeito con *análise*.

(71) ... unha análise global e completa das súas organizacións, *das cales os resultados* poderán ser contrastados...

(72) ... unha análise global e completa das súas organizacións, *das que os resultados* poderán ser contrastados...

Os exemplos (71) e (72) tamén teñen algo en común: polas concordancias en xénero e número que se establecen, os dous relativos empregados, *as cales* e *as que*, non teñen como antecedente *a análise*, senón *as súas organizacións*, o cal evidentemente tampouco responde ao sentido orixinal, malia a aparente corrección gramatical:

[unha análise global e completa das súas organizacións], [os resultados *das organizacións* poderán ser contrastados]

(73) ... un análise global e completo das súas organizacións, *do que os resultados* poderán ser contrastados...

O exemplo (73) demostra evidentes eivas en canto ao coñecemento do xénero dalgunhas palabras -aínda que polo menos é coherente: o xénero

masculino que lle atribúe a *análise* recólleo o relativo-. Ademais, o exemplo suscítame dúas dúbidas: a) ¿é correcta a utilización de *o que*?; b) ¿é correcta a orde de *do que os resultados*?

Na *Gramática da lingua galega* non se explicita nada a respecto das construcións xenitivas, nin en canto aos relativos que funcionan neste espazo nin en canto á orde; e soamente aparece un exemplo que poida dar pistas, no caso de *o cal*, con orde NÚC-MOD (páxina 581):

Levaba a un longo patio, rodeado de casetas e alpendres, *no fondo do cal* se vía un edificio a modo de pazo [Mod. (*de* + FN) na frase que funciona como CC].

Vexamos todas as posibilidades que, en principio, se abren para o exemplo (73), *mutatis mutandi*:

(73a) ...unha análise global e completa das súas organizacións, *da que os resultados* poderán ser contrastados...

(73b) unha análise global e completa das súas organizacións, *os resultados da que* poderán ser contrastados...

(73c) unha análise global e completa das súas organizacións, *da cal os resultados* poderán ser contrastados...

(73d) unha análise global e completa das súas organizacións, *os resultados da cal* poderán ser contrastados...

Apelando mesmo á nosa competencia como falantes, xa podemos descartar a opción (73b) como posible. Centrémonos, logo, nas outras tres.

Segundo infiro dos datos de que dispoño, durante a época medieval podíase utilizar indistintamente os pronomes *o que* e *o cal* nestas construcións xenitivas, aínda que existe unha certa preferencia por este último. A orde máis utilizada é *rel* + *fn*, é dicir, encabezando o relativo a súa cláusula, polo cal o substantivo que modifica aparece *a posteriori* (MOD-NÚC no canto do máis habitual NÚC-MOD). Mais tamén existe un exemplo coa orde inversa:

(74) mostrou hũa carta (...), *de que* o tenor atal est (HDGP, P125)

(75) porlas almas daquelas pessôas *de que* eu aver allêo... (HDGP, P127)

(76) aqui se começa a general et grande estoria que o moy noble rrey dom Afonso (...) mandou fazer *da qual* o prologo da estoria he este (GE, 0-4)

(77) este he traslado de hũa carta de foro, *da qual* o thenor he este (HDGP, L44)

(78) per carta pública escripta en papel e signada (...), *da qual* o thenor he este (HDGP, L44)

(79) per hua carta (...), *da qual* o tenor tal he (HDGP, C10)

(80) prometo enparar e defender conna dita vendiçõ de todo enbargamêto *da qual* oie este dia de mj e de miña voz tollo o iur (HDGP, P126)

(81) per hũa cédula (...), o tenor *da qual* atal he (HDGP, P106)

Pouca máis información podó obter dende un punto de vista diacrónico, porque dende o século XVI só teño rexistrado un exemplo de construción xenitiva que non utilice o relativo *cuxo* e variantes –moi escasas, por outra banda–, e a súa orde é NUC-MOD:

(82) compartían (...) certos anos da infancia e da mocidade, da lembranza *dos cales* tanto precisaba Ramón Rei nestes inicios da vellez (arb70)

Semella, logo, que en primeiro lugar hai unha preferencia polo uso de *o cal* nestas construcións, lóxica, se temos en conta que a distancia que se crea entre o antecedente e o pronome relativo pode provocar o esvaemento da referencia anafórica que tan ben recolle *o cal*. Mais non cremos que se poida condenar como incorrecto o uso de *o que*, sempre e cando sexa o relativo o que encabece a cláusula subordinada.

En segundo lugar, parece resultar indiferente a orde que se utilice cando o relativo é *o cal*, probablemente porque o seu gran poder referencial anafórico llo permite. A orde NUC-MOD é a lóxica tendo en conta que é a orde máis habitual das construcións exocéntricas; a orde MOD-NUC vén dada, en troques, porque o habitual é que as cláusulas relativas vaian encabezadas polo pronome relativo. Mais, se cadra, podemos matizar máis.

Esta é unha construción coñecida nas linguas románicas próximas; no portugués e no castelán existe á par da construción con *cuyo* e *cuyo*; en catalán só existe este tipo de construción no estándar para expresar contidos xenitivos, con *o qual*. Segundo Solá, en catalán son posibles tres variantes, aínda que a última a xulga como incorrecta:

(83) Em parlà d'una persona *el nom de la qual* he oblidat.

(84) Em parlà d'una persona *de la qual* he oblidat *el nom*.

(85) *Aquella casa *de la qual les finestres* estan obertes és la meva

No galego medieval temos exemplos das tres posibilidades de orde, como vimos:

(81) per hũa cédula (...), *o tenor da qual* atal he (HDGP, P106)

(80) prometo enparar e defender conna dita vendiçô de todo enbargamêto *da qual* oie este día de mj e de miña voz tollo *o iur* (HDGP, P126)

(77) este he traslado de hũa carta de foro, *da qual o thenor* he este (HDGP, L44)

Resulta curioso analizar as diferenzas entre (80) e (77): en (80) a cláusula relativa é unha transitiva, e o relativo modifica a unidade que funciona como complemento directo: *Tollo o iur da dita vendiçô*. O exemplo (77) corresponde non só a unha cláusula ecuativa, senón a unha fórmula xurídica. Son poucos os datos de que dispoño como para aventurarme a aconsellar prescribir unha orde ou outra segundo o tipo de construción, aínda que datos e comparación lingüística apunten nese sentido, e así as coñecidas como *relativas relativas* só poderían usarse en cláusulas ecuativas, sendo en xeral máis recomendable as construcións con orde NUC-MOD e as construcións MOD-(PRED)-NUC.

En calquera caso, é evidente que os falantes actuais atopan problemas á hora de expresar contidos de tipo xenitivo mediante construcións de relativo, que non se limitan só os que tratamos ata agora:

- outras escollas inadecuadas de preposición e de pronome

(86) Aqueles fogares *para os que* algún dos seus membros son nenos están representados máis proporcionalmente

(87) elixir estratexias de diversificación da produción cara a produtos *onde* os estándares de produtividade non son tan elevados e dificilmente se poden establecer economías de escala

(88) con destino a estudantes de doutoramento e *que* os recursos económicos familiares per cápita non superen 3,5 veces o salario mínimo

- dobre ocupación de argumentos

(89) Trátase dun total de 25 freguesías *das que* inicialmente os Vermúdez de Castro viñan disfrutando *dunha* serie de beneficios eclesiásticos

(90) informo de que a vivenda propiedade de PS, *da que* son autor *do proxecto* e director *da obra*, executouse...

(91) con especial atención a músicos galegos como Enrique Macías, Angel Barja ou Rogelio Groba, *dos que* estrearon algunhas das *súas* máis importantes composicións

- falsas relativas

(92) Similares diferenzas atópanse entre algúns bulbules africanos, *onde* as variacións entre diferentes especies cando consomen froitos da mesma especie de planta son da orde do 5-15%

- combinacións de varios destes problemas

(93) esta era a situación organizativa comunista antes de 1936, *ano no que a súa* primeira metade estivo marcada para o PCE-G por dous acontecementos

(94) A importancia en volume do mexillón está sempre rondando o 50%, non así en valor, *onde a súa* importancia se eleva ao 75%

(95) Para as precipitacións anuais medias tamén se fixo unha clasificación en ombrotipos, *onde a súa* representación cartográfica aínda non se levou a cabo

(96) aquelas adolescentes *que súa* nai traballa, ven a súa vida posterior...

Probablemente, e sen ánimo de polemizar, a decisión da Real Academia Galega de considerar como normativo o relativo *cuxo* ha facilitar a elaboración correcta das construcións xenitivas mediante estes pronomes relativos. Sen dúbida a súa anterior proscripción non foi acompañada das medidas formativas adecuadas para resolver os problemas duns falantes –mellor aínda, escribentes- que á hora de utilizar o nivel padrón e, debido á instrución recibida, fundamentalmente en castelán, se vían privados dun recurso lingüístico, e pouco adestrados na utilización de construcións alternativas propias.

Aínda así, a aceptación de *cuxo* nas Normas non vai acabar cos problemas de construción das cláusulas relativas que orixinan os contidos de xenitivo, pois este relativo non se pode utilizar cando modifica unha unidade complexa, como no seguinte caso:

(97) A análise das dúas variables correspondentes ás visitas completas só se puido realizar para o tordo malvís, *no cal a duración da visita* é significativamente maior no espiño

CONCLUSIÓN

Os problemas vistos aquí reafirmannos nas consideracións iniciais sobre a complexidade intrínseca á construción de cláusulas relativas. Cómpre aínda unha descrición máis fonda e precisa que parta das áreas funcionais e que abranca todas as variantes, para posteriormente facer un labor de peneira e de adscrición ás diversas variedades da lingua. Velaquí un novo gran de area nesa liña de traballo.

ABREVIATURAS DAS REFERENCIAS DOS EXEMPLOS

ABREV	TÍTULO
CT	<i>Crónica Troiana</i>
HDGP	<i>História e Dialectologia do Galego Português</i>
cgr	<i>Coloquio de 24 gallegos rústicos</i>
MS	<i>Mirages de Santiago</i>
GE	<i>General Estoria</i>
ac	<i>A Casamenteira</i>
agg	<i>A gaita gallega</i>
cg	<i>Cantares gallegos</i>
amt	<i>Aires da miña terra</i>
lp	<i>Cantares galegos (Leiras Pulpeiro)</i>
mfe	<i>Maxina ou a filla espúrea</i>
cl	<i>O catecismo do labrego</i>
sp	<i>O Seor Pedro</i>
lpg	<i>Literatura popular de Galicia</i>
pp	<i>O porco de pé</i>
at	<i>Os arquivos do trasno</i>
cou	<i>Cousas</i>
ant	<i>A Nosa Terra</i>
om	<i>O mariscal</i>
afv	<i>A fiestra valdeira</i>
arb	<i>Antoloxía do relato breve</i>
cn	<i>Crónica de nós</i>
tei	<i>Teima nº 31</i>

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Álvarez, Rosario e Xove, Xosé (2002): *Gramática da lingua galega*, Galaxia, Vigo.
- Andrade Peres, J., Móia, T. (1995): *Áreas críticas da língua portuguesa*, Caminho, Lisboa.
- Mira Mateus, M^a Helena e outras (1983): *Gramática da língua portuguesa*, Almedina, Coímbra.
- Porto Dapena, J.A. (1997): *Oraciones de relativo*, Arco/Libros, S.L., Madrid.
- Solá, Joan: “Relatius relatiús”, en *Avui*, 21/3/96 e 28/3/96.
- Vaquero Quintela, I. (1996): “Construcción de cláusulas de relativo: Problemas”, no *I Congreso Internacional “A Lingua Galega: Historia e Actualidade*, Santiago de Compostela (no prelo).
- Vaquero Quintela, I. (1998): “Relativos medievais: a secuencia prep+que”, comunicación presentada no *Congreso Virtual “A lingua das cantigas”*, celebrado por GALEGO.ORG. Vid. <<http://www.vieiros.com/galego.org/linguadascantigas>>.
- Verdonk, R. (1992): “Los pronombres relativos. Análisis y conclusiones didácticas”, en De Kock, J. e outros (1992): *Gramática española: enseñanza e investigación. II. Gramática 5. Los pronombres demostrativos y relativos*. Ediciones Universidad de Salamanca, Salamanca.

O VERBO GALEGO: USOS E ABUSOS, DESCRICIÓN E PRESCRICIÓN

Xosé Xove

Instituto da Lingua Galega (USC)

1. INTRODUCCIÓN: CUESTIÓNS E INTENCIÓNS

O obxectivo sinalado para a nosa intervención é o de dispoñer o foco de luz sobre problemas de uso en que anda envolvido o verbo. Os problemas non son poucos, mesmo restrinxindo o campo de observación ao ámbito escrito do emprego das unidades verbais, simples ou perifrásticas: problemas no uso do infinitivo (inf. flexionado, inf. como verbo independente, *a* + inf.), do xerundio (posterioridade, especificativo), do participio (participios “dobres”), dos futuros de indicativo (futuro e pospretérito), das formas de pretérito e de futuro de subxuntivo, problemas no uso de *ter* + part., no dalgunhas perífrases modais (*ter de* + inf., *haber (de)* + inf.), no de construcións perifrásticas ou próximas con *vir* (*vir de* + inf), con *voltar*, con perífrases pasivas, e aínda algunhas cousas máis.

Non é posible abordar todos estes problemas na presente sesión, como tampouco tentar facer unha delimitación precisa dos seus ámbitos do uso correcto. As nosas miras encamiñanse a examinar as dificultades de determinar a corrección ou incorrección de expresións situadas nos bordos do que consideramos galego, e, en consecuencia, as dificultades de delimitar e describir o bo uso correspondente. A revisión apóiase en aspectos que atanguen a *ter* + part., ao inf. flex. e a *ter de* + inf., e partimos de inicio da constatación de que a competencia lingüística que temos de noso como galegofalantes vólvese insuficiente e insegura ante mostras do tipo das de (1), (2) e (3):

- (1) a) En cada área temática, pois, cúmprese un determinado obxectivo xeral, pero para acadar ese obxectivo xeral, o alumno *terá que ter superado* previamente e de forma gradual uns obxectivos moito máis concretos (*Cadernos de lingua* 1, 1990: 139).

- b) De non *ter sido* Rector, este libro non existiría como tal, por moito que un *tivese matinado* sobre a institución universitaria (R. Villares, *Idea da Universidade* 1996: 17).
- (2) a) Non te esquezas de *apagares* a luz; Víaos *trataren* con xente da vila (X. R. Freixeiro, *Manual de gramática* 2001: 172).
- b) Mellor che sería *ires* chuchar dúas pastillas de líquene para *curares* esa carraspeira (A. Santamarina, trad., *Pinocchio* 1987: 98).
- (3) a) O Boletín Oficial do Parlameto de Galicia publicará [...] os votos particulares ou as emendas que se *teñan de defender* no Pleno ou en Comisións con capacidade lexislativa plena (*Regulamento do Parlamento*, 1983: 45).
- b) Moito me praxe ver os meus irmáns tan ben reconciliados, despois do que levan altercado, e *teño de mandarles* a dicir que eu tamén quero entrar nesa composición (D. X. Cabana, *Morte de Rei* 1996: 227).

A nosa competencia natural, cando non influenciada polo ensino e orientacións gramaticais ou prescritivas, non abonda para encarar con coñecemento e seguridade exemplos coma os anteriores. A proba é que, dunha banda, os exemplos proceden de bos coñecedores da lingua, con criterio e ollar moi atentos a produciren enunciados ben correctos, mais, doutra banda, é o certo que tamén presentan, para outros, aspectos de dubidosa galeguidade. Cobizamos que a nosa práctica lingüística non quede apertada dentro de marxes estreitas, así que procuramos un galego que amplíe as súas lindes, a ser posible dentro do terreo da autenticidade, do que se entende por bo galego, por galego enxebre. A consecuencia, poida que inevitable, é que en ocasións pisamos areas pouco seguras.

Estes nosos intentos de producirmos un galego rico e “enxebre” non fan senón enraizar coas mesmas ansias de boa parte da tradición escrita, só que eludindo caer nos seus desvíos, nos que hoxe vemos como criterios enteiramente desencamiñados (maiormente, tódalas opcións que entran dentro da hipercorrección). Mais, a pesar de ser moito o camiño andado nos últimos vinte e cinco anos, é evidente que hoxe tamén hai problemas.

Estes usos lingüísticos situados nas marxes do sistema, fóra da nosa competencia natural, teñen como base normas máis ou menos conscientes ou interiorizadas, é dicir, responden a determinadas representacións da realidade da lingua. Non temos sobre deles saber de noso, senón que a pouco e pouco fomos incorporando á nosa práctica o seguro e o menos seguro. Dito doutro modo, expresións e actuacións lingüísticas nosas están rexidas por unha certa visión da lingua que fomos deseñando, representación en grande medida alimentada polo que vemos que fan ou describen persoas e instancias que nos merecen a confianza.

A cuestión é que, dentro de posturas con punto de partida e de chegada no galego, non existen liñas de actuación claras e ben delimitadas nes sectores da lingua a que vimos apuntando e que exemplificamos en particular, dentro das nosas miras, coas frases (1) a (3). As gramáticas e textos destinados a describir como se emprega o galego unhas veces carecen de respostas para usos que nos resultan dubidosos, outras veces discordan entre si e en ocasións ofrecen retratos excesivamente simples, unilaterais ou pouco fundamentados.

Por iso pola nosa parte, comprometidos na elaboración dunha gramática do galego apadriñada pola Real Academia Galega, parécenos obrigado, antes de máis, prestar atención a como son tratados e a como deben encararse usos considerados dubidosos. Os sometidos arestora á vosa consideración presentan atrancos reais cos que bato como lingüista e como falante. Desde o punto de vista da valoración da súa corrección (e tamén da súa prescrición normativa) ofrecen caras distintas, problemas que apuntan en varias direccións, pero todos ilustran, dentro da súa particularidade, situacións que se repiten noutros usos lingüísticos. Veñen a ser, daquela, mostras de certos tipos de problemas con que se enfronta o noso uso lingüístico.

2. O TIPO *TER* + *PART*.

No que levamos dito queda declaradamente asumido que todos (polo menos os presentes e os que andamos a voltas con estas cousas) partimos de que non todo o que circula en textos galegos, escritos ou orais, o aceptamos como “auténtico” galego. Dentro dos produtos da actividade lingüística galega hai moito que situamos non só nas marxes, senón á marxe.

É sabido que as linguas están incrustadas de transposicións alleas e acoñecen cambios orixinados en interferencias doutros idiomas, de modo e maneira que en principio tamén se poderían aceptar en galego xeitos de dicir coma os de (4), (5) e (6). Mais ocorre que na vontade de falar galego “de verdade” está implicada hoxe –e tamén onte e antonte– a decisión de xebrar do uso o que entendemos que é falso galego, e particularmente o que consideramos contaxio do castelán. O estrago do sistema imputable ao castelán é unha consecuencia da situación anormal que padece o idioma, e ante esta situación de ataque destrutivo permanente, todos (polo menos os presentes e os que andamos a voltas con estas cousas) somos rexeneracionistas, puristas.

O “purismo” opera de maneira moi diferente en galego e noutras linguas: en galego é un movemento de defensa ante unha situación conflitiva, mentres que noutras linguas é unha cuestión que afecta a variacións e movementos internos, a escollas entre variedades máis ou menos tradicionais

ou innovadoras. Podemos por iso ser a un tempo fortemente puristas respecto do galego e, en cambio, non apoiarmos a aplicación dun purismo rigoroso en linguas que viven en situacións normais.

Perante este estado de cousas, a consecuencia evidente para o estudioso da lingua é que non pode tomar os datos lingüísticos, e de feito xeralmente non os toma, como galego sen máis. Nalgún momento, queira que non, fai o labor de peneirar. Ou ben deixa directamente fóra da descrición o que considera espurio, ou ben o menciona como variante espuria, pero en calquera caso actúa prescritivamente, de maneira implícita no primeiro modo de proceder e de maneira explícita no segundo. Tanto por finalidade práctica como por atención aos feitos resulta conveniente acoller nas descricións o que é asemade expresión allea ao sistema e mais tamén variante existente nas producións lingüísticas galegas; claro está, como cando se fai referencia a calquera outra variación (diatópica, de rexistro...) que non sexa a que se describe, é preciso acoutar e valorar as variantes, no caso que nos ocupa como expresións que (quizá) non forman parte do sistema “puramente” galego.

1. Na nosa criba, poñemos á beira, en primeiro lugar, o que nos parece claramente substitución ou incrustación allea dentro do sistema “propio”, particularmente o debido á presión do castelán. Os exs. de (4) son nidiamente ilustrativos desa situación, incluído (4e), por máis que esta forma noutros contextos sexa de sanción máis dubidosa e poña de manifesto como nin sequera todo *haber* + part. pode ser catalogado sen máis exame de castellanismo:

- (4) a) ¡Canto tén de *haber sufrido* aquí e alá! (R. Cabanillas / A. Villar Ponte, *O mariscal* 1926: 147).
- b) Non tiña outra cousa que faguer. *Había deixado* os estudos. Despois, íríame pra as Américas. Vendera unhas leiras, e díranme máis de vinte mil réas por ilas (Á. Fole, *Á lus do candil* 1953: 61-62).
- c) A cara daquil home era a dun difunto: enxoita, marela. Il mesmo *habería enterrado* aquil home, mais non se acordaba cando (Á. Fole., *Á lus do candil* 1953: 36).
- d) —É raro que non recorde de *haber lido* ningún conto de aparecidos en Castelao (Á. Fole, *Terra brava* 1955: 73).
- e) Outros apuntaban que quizabes *boubesen dado* morte alí, nunha noite escura, a un pelerño descoñecido (Á. Cunqueiro, *Merlín e familia* 1955: 131).

Os anteriores, castellanismos moi rechamantes pola súa propia expresión co auxiliar *haber*, son casos esporádicos en bos coñecedores da lingua, tales os anteriores.

2. Os exs. de (5) mostran unha situación que, a pesar das aparencias, no fondo non é moi diferente da de (4)¹:

- (5) a) —Sei somentes que se *ten salvado* de milagre (S. Santiago, *O silencio redimido* 1976: 212).
- b) Sen entrar en discusións de detalle, cousa que *temos feito* noutro lugar, abonden aquí dúas observacións (A. Torres Queiruga, *Revelación de Deus* 1985: 389).
- c) O outono de 1957 iníciase para nós coa volta a Galicia de Ramón Cabanillas, á que xa nos *temos referido* (X. L. Franco Grande, *Os anos escuros* 1985: 105).

Fronte aos exs. de (4), estes evitan o castelanismo directo, pero os autores, mesmo bos galegofalantes, non chegan a liberarse do castelán: eses usos non son outra cousa ca calcos debidos á transposición das funcións significativas das unidades castelás (*ba* + part.) aos significantes (*ten* + part.) das unidades galegas. Os textos están escritos como se di nesoutro idioma, pero agora botando man das formas galegas correspondentes, que só existen con outro significado. Estes castelanismos, ausentes por completo da oralidade dos galegofalantes espontáneos, son doadamente detectables e corrixibles, e caracterizados unanimemente de tales, de espurios, en tódalas descricións da lingua.

3. Os exemplos que ata o de agora estivemos manexando son mostras claras de usos incorrectos da lingua, pero hai outros, como (1) e (6), en que o ditame sobre a súa adecuación ou non ao sistema galego resulta máis problemático:

- (6) a) pode que moito do que era actual e vixente no tempo aquel xa *teña deixado* de selo (C. Gonsar, *Desfeita* 1983: 8).
- b) E que eu non podía face-las cousas ben, como ó mellor el quixera —e como eu mesmo quixera *telas feito*—, iso si que está fóra de dúbida (X. L. Franco Grande, *Os anos escuros* 1985: 111).
- c) A xuízo de certos ilustrados de fins do XVIII e comezos do XIX a reforma cultural e moral do clero galego fora cativa, ou non se *tería producido* (P. Saavedra, *Vida cotiá en Galicia* 1992: 185).

¹ En (5b) o contexto (“noutro lugar”) non deixa dúbidas de que *temos feito* se refire a unha única ocasión; tamén (5c) se refire a unha ocasión anterior, aínda que o contexto reproducido permita outras interpretacións. Esas mesmas expresións serían plenamente galegas de se empregaren para destacar o sentido de ‘pluralidade’ do acontecemento expresado polo verbo.

- d) Á mañá, o borrallo / *terase apagado...* / ¡E sobre el despacio, / pasará o gado...! (Manuel María).
- e) Actuou nas dúas horas seguintes como se *tivese esquecido* o enigmático caso (B. Iglesias e M. Vázquez, trad., *Can dos Baskerville* 1996: 53).

Os máis renxen algo nos oídos, pero, aínda así, seguramente moitos opartarían por aceptalos case todos; nesta decisión sen dúbida tería peso o creto outorgado ao usuario de quen procede o exemplo. Visto que a propia competencia en canto galegofalantes fraquea, solicitamos a axuda das instancias acreditadas (gramáticas, manuais, persoas autorizadas en cuestións lingüísticas...) e fórmamonos así unha determinada representación do galego que poñemos logo en acción. Como diría Cunqueiro, esas autoridades e esa visión propia son finalmente as causantes do “choio”.

4. Agora ben, se acudimos ás gramáticas e traballos que fan referencia a este tipo de usos, axiña percibimos que non hai coincidencia entre deles.

G. Rojo declara expresamente que “no existen “tiempos compuestos” en la conjugación gallega” (1974: 123), pero ao tempo incorpora *terei* e *tería* + part. á súa estruturación xeral do sistema verbal galego, formas opostas ás simples correspondentes non só por aspecto perfectivo / imperfectivo, senón tamén temporalmente: *terei* e *tería* + part. expresan anterioridade a unha posterioridade, as simples só posterioridade (1974: 18, 21-22).

Na *Gramática galega* de 1986, de R. Álvarez e outros, tan dependente da descrición de G. Rojo no apartado dedicado ás perífrases verbais, indícase, pola contra, que esta perífrase pode ter “aspecto puramente perfectivo, cando o verbo auxiliar vai en *infinitivo* (*ter*), *futuro* ou *futuro do pretérito* (*terei* / *tería*) ou *imperfecto* de indicativo (*tiña*)” (1986: 413).

X. R. Freixeiro, que nutre en boa medida as súas gramáticas da anteriormente citada, vai máis lonxe e engade o SPto.: “Se o verbo auxiliar vai en infinitivo principalmente, ou tamén en futuro, pospretérito, copretérito ou pretérito de Subx., o valor da perífrase pode ficar en puramente perfectivo: *Xa debías ter falado con teu pai antes*” (2001: 186).

Fronte a esa tendencia a darlle cada vez máis entrada á construción *ter* + part. en usos exclusivamente ‘perfectivos’, distintos dos de ‘anterioridade + pluralidade’ que ten de seu como construción especificamente galega (mesmo particular dentro das linguas románicas), a gramática de R. Álvarez e X. Xove trata de solicitar a máxima prudencia para eses empregos perfectivos e volve á situación inicial: “Nalgunhas ocasións [a perfectividade márcase] con certas formas e tempos de *ter* + Part. (non concordado), particularmente na relación temporal de posterioridade; con todo, é propio sobre todo de construcións non transitivas e de rexistros formais. Xunto con *terá* e *tería* + Part. tamén se empregan *teño* e *tiña* + Part., de acordo coa posibi-

lidade de botar man das formas de simultaneidade para indicar posterioridade. En calquera caso, *ter* + Part. (non concordado) alterna con construcións resultativas (*estar, ter...* + Part. concordado) e con outras posibilidades:

Cando volva o fillo da escola eu xa *tereí marchado* ~ *teño marchado* [tamén “Cando volva o fillo da escola eu xa *marchei*” ou “eu xa non estou aquí”]. Díxome que *tería acabado* ~ *tiña acabado* para as cinco [tamén “...que *acabaría* para as cinco”].

Antes de que acabe o ano xa *ten publicada* outra novela [ou mesmo “xa *publicou* outra novela”, mellor ca “xa *terá publicado* ~ xa *ten publicado* outra novela”].

Aínda que hai outras formas de *ter* + Part. (non concordado) que en ocasións poden empregarse para expresa-la perfectividade, en xeral deben evitarse, pois son infrecuentes en galego, salvo por calco da construción castelá *haber* + Part.” (2002: 342-343).

5. En resumo, respecto das formas posibles, nas exposicións anteriores só hai coincidencia en relación con *tereí* e *tería* + part. En calquera caso, mesmo seguindo o inventario máis amplo de Freixeiro, *teña deixado* de (6a) quedaría excluída como calco do castelán: “pode que moito do que era actual e vixente no tempo aquel xa *deixase* de selo”. En cambio, segundo a relación máis aberta desa mesma gramática, polas formas empregadas serían admisibles (1a-b) e (6b-e), pois teñen inf. (1a: *terá que ter superado*; 1b: *ter sido*; 6b: *telas feito*), futuro (6d: *terase apagado*), pospretérito (6c: *tería producido*) e pto. de subx. (1b: *tívese matinado*; 6e: *tívese esquecido*).

Con tal de mudar o auxiliar *haber* a *ter*, tamén quedarían incluídas dentro das formas posibles tódolos exs. de (4), como reflicte (7):

- (7) a) ¡Canto tén de *ter sufrido* aquí e alá! (R. Cabanillas / A. Villar Ponte, *O mariscal* 1926: 147).
- b) Non tiña outra cousa que faguer. *Tiña deixado* os estudos. Despois, iríame pra as Américas. Vendera unhas leiras, e díranme máis de vinte mil réas por ilas (Á. Fole, *Á lus do candil* 1953: 61-62).
- c) A cara daquil home era a dun difunto: enxoiata, marela. Il mesmo *tería enterrado* aquil home, mais non se acordaba cando. (Á. Fole, *Á lus do candil* 1953: 36).
- d) —É raro que non recorde de *ter lido* ningún conto de aparecidos en Castelao (Á. Fole, *Terra brava* 1955: 73).
- e) Outros apuntaban que quizabes *tívesen dado* morte alí, nunha noite escura, a un peleríño descoñecido (Á. Cunqueiro, *Merlín e familia* 1955: 131).

Xunto coa relación de unidades sinálase, dunha maneira ou outra e sen excepción, a condición de que esas unidades teñen que ter significado ‘perfectivo’. Este é un contido aspectual que se combina por forza con algún valor modal e con algún valor temporal, que poden ser calquera; non é un asunto carente de importancia, pois as unidades verbais poden ter diferentes significados de modo e de tempo, non un só, e polo tanto é preciso saber se a posibilidade de empregar, por exemplo, *tería* + part. con valor ‘perfectivo’ se estende ou non a tódolos seus significados modais e temporais: o pospretérito pode ser modalmente ‘probable’, ‘irreal’ ou ‘non probable nin irreal’, e temporalmente, na suma das súas adscripcións modais, pode aplicarse a calquera relación temporal. Como o carácter de ‘perfectividade’ dentro do significado modotemporal só é explicitamente mencionado en G. Rojo (1974) e R. Álvarez e X. Xove (2002), parece axustado interpretar que nas outras descrições mencionadas é relevante só que a unidade sexa ‘perfectiva’, pero indiferente cales sexan os seus significados de ‘modo’ e ‘tempo’. É dicir, segundo isto entrarían dentro de empregos aceptables como galegos aqueles de (1), (6) –salvo (6a), xa descartado– e (7) en que a perífrase *ter* + part. presente valor de ‘perfectividade’.

Para examinalo queda aínda, entre outras cousas, a cuestión de sabermos a que se refire o termo de ‘perfectivo’, asunto que tampouco é abordado definidamente nalgúns textos citados. En R. Álvarez e outros (1986), por exemplo, seguindo a G. Rojo (1974), non se separa ‘perfectivo’ de ‘resultativo’ nin de ‘terminativo’, contidos diferentes expresados en galego de maneira diferente. En calquera caso, o concepto de ‘perfectivo’ fai sempre referencia a ‘acción ou proceso co seu termo’ nunha certa relación temporal; non pode confundirse con ‘anterior’, pois este trazo refírese á categoría de tempo, é unha relación temporal, en tanto que aquel refírese á categoría de aspecto. Un acontecemento dado como ‘anterior’ acostuma a ser ‘acabado’ desde o punto de vista da orixe ou referencia (en “ás tres *pasei* por alí”, *pasei* é anterior e, no momento en que iso se di, a acción está tamén acabada), pero iso non o fai ‘perfectivo’; se así fose, daquela ese acontecemento sería ‘anterior + perfectivo’, o cal significa que o proceso está acabado *na propia anterioridade*, non visto desde agora. É dicir, un acontecemento pode ser ‘anterior’ + ‘perfectivo’ ou ‘anterior’ + ‘non perfectivo’ (algo así como “ás tres xa *pasara* por alí” fronte a “ás tres *pasei* por alí”: na ‘anterioridade’ localizada con ‘ás tres’, *pasara* marca que nese momento anterior a acción é perfectiva, está realizada, o que non ocorre en *pasei*), ou pode ser ‘simultáneo’ e tamén ‘perfectivo’ ou non (por exemplo, é contextualmente perfectivo *levanta* –a acción enténdese como necesariamente acabada en relación coas outras–, pero non *fai* ou *abrir* en “ao que se *levanta* o primeiro que *fai* é *abrir* as

contras”; a perfectividade de *levanta* podería marcarse expresamente como *levantou*: “ao que se *levantou* o primeiro que *fai* é *abrir* as contras”).

Debido á falta de comprensión do que significa ‘perfectivo’ e da diferenza entre ‘perfectividade’ e ‘anterioridade’, o ex. que dá X. R. Freixeiro, reproducido arriba (*Xa debías ter falado con teu pai antes*), contradí a súa propia doutrina: ou ben esta se formulou mal porque non acolle como galegas expresións ás que se lles quere outorgar carta de galeguidade, ou ben o exemplo é un caso de calco do castelán (e tamén do portugués). O que o exemplo quere dicir é que no pasado (“antes”) alguén debeu facer algo que non fixo. Isto é, *falar* é expresado como modalmente irreal e temporalmente como anterior, pero en absoluto como perfectivo (é dicir, como acción xa acabada no propio pasado “antes”). O que o ex. quere dicir é exactamente o que en galego dicimos como “(Xa) *debiches* ~ *deberas falar* con teu pai antes”.

6. É agora o momento de nos poñermos a examinar se os exemplos de (1) e (6), independentemente do seu contido modotemporal, son ‘perfectivos’. No inf., tipo *ter* + part., éo (1a), pero non (1b) nin (6b); no futuro, tipo *terá* + part., éo (6d), pero non o é o pospretérito do ex. (6c), tipo *tería* + part.; tampouco o é o pret. de subx. de (1b), tipo *tivese* + part., en tanto que (6e) é ambiguo, por admitir unha interpretación resultativa, perfectamente natural en galego, co participio *esquecido* concordando con *caso*, OD de *ter*; a construción, que se levase o OD en pl. sería “como se *tivese esquecidos* os enigmáticos casos”, viría a ser paralela a *estivese esquecido*. De feito, esa é a construción empregada polos tradutores nestoutro exemplo da mesma obra: “acariñaba a idea de utilizala como reclamo, aínda que non *tivese perfilados* todos os detalles do seu complot” (*Can dos Baskerville* 1996: 191). En definitiva, segundo as descricións que máis formas de *ter* + part. contemplan como posibles, pero só en canto que ‘perfectivas’, en principio só virían a ser aceptables en galego (1a) e (6d), ademais de (6e) na interpretación resultativa.

Se reparamos no *terase apagado* de (6d) non se nos escapa que hai outras posibilidades expresivas, pero o seu uso parece perfectamente lexítimo nese contexto. Percibimos que vai de acordo con outros datos do galego empregado de maneira espontánea por galegofalantes. Son exemplos coma este os que validan a introdución nas gramáticas da posibilidade de usar *ter* + part. con significado perfectivo análogo ao que ten en castelán e en portugués.

Non nos resulta tan natural, en troques, (1a). O exemplo “ao que se *levanta*” citado arriba puxo de manifesto como poden existir contidos contextualmente perfectivos sen seren marcados de xeito explícito; mesmo linguas como o español e o portugués, con tempos compostos que expresan conti-

dos perfectivos, deixan sen marcar en ocasións o aspecto que no contexto resulta ser perfectivo. Isto é importante, dado que alude a outra das interrogantes que esperaríamos ver respondidas nas exposicións: ¿en que medida o aspecto ‘perfectivo’ se expresa con *ter* + part.?, ¿é o habitual ou só ocasionalmente permisible?, ¿como se expresa ese contido? Pois ben, *terá que ter superado* de (1a) é un bo exemplo de como formas simples (*superar*) poden manifestar contextualmente o contido perfectivo; de entrada, xa se podería empregar a construción resultativa en lugar da perfectiva (“o alumno *terá que ter superados* previamente e de forma gradual uns obxectivos moito máis concretos”), pero, por outro lado, dise o mesmo coa forma simple do inf., canto máis que neste exemplo o propio carácter de acción acabada está resaltado polo adverbio “previamente”: “En cada área temática, pois, cumprese un determinado obxectivo xeral, pero para acadar ese obxectivo xeral, o alumno *terá que superar* previamente e de forma gradual uns obxectivos moito máis concretos”.

Son polo menos dous factores diferentes os que pulan o uso dalgunhas construcións con *ter* + part. de modo igual a como o fai o castelán con *haber* + part. Como ilustra o exemplo (1a), un deles é o pensar desde o español; son as necesidades creadas desde o español as que están operando e traspasándose ao galego, que simplemente renunciou a marcar esas diferenzas ou expresounas doutro xeito. Coma nos enunciados de (2), o que se calca en formas galegas é un modo de dicir propio do castelán (e o que non é para desprezar, tamén do portugués).

Tamén os exemplos de (7), con *ter* como auxiliar en lugar do *haber* dos textos de procedencia que presenta (4), son proba de que as expresións con *ter* son calcos das equivalentes castelás con *haber*. Non se trata de que (4) sexan mostras de como expresións galegas con *ter* se castellanizan ao empregar como auxiliar o verbo *haber*, senón de que en (7) se evita só o castelanismo directo con *haber*, mais non o da transposición do emprego; aprotéitase o feito de que a construción *ter* + part. existe formalmente en galego, só que con outros significados, para traspasarlle os usos propios do composto castelán *haber* + part.: o resultado final ten así a aparencia de galeguidade.

Un segundo factor é a ausencia de temperanza, de coidado. A organización temporal do verbo galego é diferente da do portugués e da do castelán; estas linguas teñen “tempos compostos”, pero non o galego –así o subliñan tódolos manuais–, e iso significa que naquelas linguas os tempos compostos forman parte dos paradigmas modotemporais, coma as simples; é dicir, expresan relacións temporais particulares, non só aspecto perfectivo. O inf. composto portugués, por exemplo, pode ser ‘perfectivo’, pero tamén ‘anterior’, como en “Lembro-me de um dia *ter encontrado* todos os cromos de

futebol perfectamente organizados e alinhados” (*O Público* 3-10-1999). Isto en galego non existe, non se expresa así. Ignoralo significa que as lindes do que é galego e do que non o é queden varridas, e que o resultado sexa un inzamento invasor e abusivo de formas compostas con *ter*+part. que se percibe mesmo en escritores con bo galego de base e cun galego consciente. Dun “vale ás veces” pásase a “tamén agora”.

7. Tras este percorrido, os primeiros xuízos que podemos formular respecto da relación entre representacións persoais e uso é que nin aquelas se ateen ás exposicións que pasan por máis ou menos autorizadas, nin as propias descricións son completas e inequívocas. É dicir, hai sectores do uso lingüístico con evidencias de estaren influídos polo castelán e con respecto aos cales a descrición é en exceso simplificadora e pouco definida. O que funciona como autoridade (modelos dominantes, relevancia social) non ten necesariamente, sabémolo ben, base científica e obxectiva, pero iso non quita que, cando menos, sexa imprescindible contar con descricións boas, completas e coherentes.

Mais, ¿cales son as descricións boas? Á parte dos problemas xa examinados, segue en pé o feito de que entre os estudos e gramáticas hai diferenzas no propio inventario de formas aceptables. E isto lévanos á cuestión de cales son as bases en que se apoia a descrición. Só se pode avanzar no establecemento dun galego autoxerado se partimos de que a cuestión básica xira, en primeiro lugar, sobre se o que se sabe ou cada un sabe sobre o asunto (é dicir, a representación descritiva da situación) é adecuado ou non, está ben fundamentado ou non.

No caso que nos ocupa, G. Rojo (1974) desbota por calcos casteláns diversas construcións con *tiña*, *tivera*, *tívese*, *ter* e *tendo* + part. Mais aínda aceptando, como aceptamos, o nidio castelanismo de moitas desas construcións, non se ve claro en que fundamenta Rojo as exclusións, pois o material que manexa e achega non as xustifica. Non o temos mellor nas gramáticas citadas, pois non explicitan cales son os datos lingüísticos galegos que confirman a súa posición; actúan con criterio de autoridade, e que lle outorguemos máis confianza a unha ou a outra conta con poucos apoios obxectivos en que sustentarse.

Hai, por un lado, o uso que os galegofalantes espontáneos fan da perífrase *ter* + part., e, polo outro, o como expresan os contidos que a “outra” lingua verque a través de *haber* + part. Coma case sempre, a fonte do galego “enxebre” está no uso que fan os galegofalantes “enxebres”. Nesta ocasión, a dobre mirada, atenta e crítica, cara ao que se di e a como se di o que o “outro” (o castelán) di, debe fornecer a base sobre a que asentar a descrición.

3. O TIPO INFINITIVO FLEXIONADO

O panorama preséntase de xeito diferente, en cambio, no infinitivo flexionado, pois os datos que nos proporciona o galego falado de maneira espontánea son insuficientes para fixar as condicións de uso desta unidade.

1. Nos escritos da primeira metade do século XIX, utilísimos en tantos aspectos para o coñecemento do galego, non é doado dar con algún inf. flex.; o mesmo se constata nunha ollada pola recompilación dese cento de poemas que xuntou Antonio de la Iglesia no *Álbum de la caridad* (1862). Por un que atopamos, hai ducias de contextos que escusan o empregalo:

- (8) a) querían que [...] lles adornasemos as portas da Catedral pidindo limosna, que é o mesmo que *sermos* todos probes, e sólo eles ricos... valla-chos a perdamá (*Tertulia da Quintana* 1820).
- b) Chamanlles bruxas ás vellas / por *ter* cara de carton (*Os rogos dun galego* 1813).
- c) non teñen Inquisicion / con *ser* irexes e Mouros (*Os rogos dun galego* 1813).
- d) Pouco faltou pra me *daren* / un gibon moi apretado (Juan Gómez del Ferrol, *Álbum de la caridad* 1862: 337).
- e) ¡Ai canté! ese era o modo / de nós *salir* de este estado / de miseria en que nos vemos (V. Turnes, *Álbum de la caridad* 1862: 268).

Fronte a isto érguese a gramática de Saco Arce, a quen lle chama a atención esta singularidade do galego de conxugar o infinitivo; o seu testemuño ten aínda máis relevo por ignorar a súa vitalidade tanto no portugués coma na Idade Media: “Una particularidad notabilísima del verbo gallego, es que el infinitivo que en las demás lenguas es modo impersonal, puede aquí conjugarse, como los otros modos, por personas y números” (1868: §46). E aínda engade en nota: “Sin duda parecerá extraña esta doctrina aun a los mismos gallegos, si non han bajado la atención al análisis de su propia lengua”. Sexa ou non polo maxisterio de Saco Arce, que valoraba favorablemente o seu uso –a diferenza de M. Valladares, quen ao lle negar utilidade e recomendar non empregalo está recoñecendo implicitamente a súa existencia (1892/1970: 53)–, o inf. flex. ten unha certa presenza en autores como Lamas Carvajal e Curros.

Chama a atención, en troques, que escritores relativamente actuais e bos coñecedores da lingua practicamente non o empreguen. En toda a narrativa de Á. Cunqueiro poden lerse só media ducia de exs. (X. Xove, 1982: 308); un repaso pola poesía enteira de Celso Emilio Ferreiro non consegue reunir senón tres mostras (X. Xove, 1992: 140), e a lectura de *Á lus do candil* de Á.

Fole non nos achegou máis ca unha: “¿Non notaches algo moi raro onte á noite, un pouquiño despois de te *deitares*?” (1953: 90).

Ao noso entender, unha ausencia do inf. flex. na escrita tan poderosa coma a constatada nos autores citados é mostra dun uso interferido do sistema. Non nos parece que haxa castelanismo en cada ocasión en que, podendo empregar inf. flex., se opte polo invariable; de feito, coidamos que en ningún caso, considerado cada un en por si, hai propiamente un castelanismo directo, porque nunca é obrigado de todo o uso do inf. flex. Agora ben, unha renuncia ampla a valerse do inf. flex. iso si é para nós un mal de interferencia castelá, un castelanismo indirecto, diferente do castelanismo abordado en *ter* + part. Coincide co que J. Kabatek denomina “interferencia negativa de converxencia”, consistente na “excesiva frecuencia en B [galego] de elementos que comparte con A [castelán] (+AB), con renuncia a elementos específicos, inexistentes en A [castelán] (-AB)” (2000: 34).

2. Nun certo momento, á altura das Irmandades da fala, percíbese ben a peculiaridade galega do inf. flex. e reacciónase contra a “interferencia de converxencia” co castelán. Mais o pulo que se lle dá á construción por veces soborda do que o propio sistema autoriza, e aplícanse as regras de uso en contextos en que non son de aplicación. Sábese que o inf. flex. é unha forma caracteristicamente galega que na lingua falada tende a vivir cada vez máis en precario, e polo tanto revitalízase o seu uso, só que chegando a caer en abusos coma os que vemos en (9):

- (9) a) hoxe mesmo *temos que irmos* cabo D. Ramonciño (A. Villar Ponte, *Almas mortas* 1922: 21).
- b) O vello non espicaba como *viñeran a viviren* tan lonxe, en Ourense (R. Otero Pedraio, *Maorazga* 1928: 92).
- c) As milloras intelixencias *encomenzan a se sintiren* defraudadas por il (V. Risco, *Mitteleuropa* 1934: 374).
- d) Calan, quizais medio convencidos, pero axiña *volveren a se aplomaren* no seu (R. Dieste, *Fiesta valdeira* 1958: 70).
- e) Os seus días, a pesares delo, non *deberon estaren* ceibes de acoros, de mágoas e de angurias (F. Cuevillas, *Prosas galegas* 1962: 110).
- f) ...porque tamén *podían seren* certos (E. Blanco Amor, *Xente ao lonxe* 1972: 73).

Como a ultracorrección descansa na orixe nunha concepción máis ou menos consciente do que é correcto, nestes usos existe sempre algún tipo de representación lingüística, só que inadecuada. No tipo de abuso ilustrado por (9), a fonte non é a analoxía directa co castelán, senón a extensión inapropiada, por excesiva, de regras tipicamente galegas (ultracorrección de *hi-*

perenxebrismo). O motor é un sentimento de lealdade e defensa do galego, axuntado a un desexo de recuperalo da influencia do castelán e de potenciar as súas características específicas e diferenciais, mais no fondo revela desconfianza na propia competencia como falantes, xa que a representación falseada (aplícanse regras onde non caben) se impón á realidade da lingua.

3. Seguindo o noso obxectivo de presentar, no relativo á súa carta de “galeguidade”, as caras diferentes e problemas de certos tipos de usos en que están implicadas formas verbais, demos por aceptado sen máis para todos que os exemplos de (9) son claramente incorrectos. O pronunciamento nun sentido ou noutro xa non é tan doado en exemplos coma os de (10):

- (10) a) Porque xa algúns mozos na taberna falaban de se *chegaren* cabo D. Xosé (A. Villar Ponte, *Almas mortas* 1922: 18).
- b) ¿Quién che mandou *descobrires* a don Ramonciño? (A. R. Castelao, *Os vellos non deben de namorarse* 1953: 46).
- c) Os homes corrían polas rúas pra *ergueren* parapetos (R. Otero Pedraio, *Maorazga* 1928: 40).
- d) os españoles non teñen dereito a *confundiren* a nación co Estado castelán, nen os franceses a confundir a nación co estado francés (V. Risco, *Mitteleuropa* 1934: 392).

A reacción de protección e de restauración dun uso que na fala tende a reducirse está levada nos inf. flex. dos anacos anteriores a límites máis indecisos. Mesmo de chegarmos a aceptar a corrección de todos, seguramente conviremos en que (10a) e (10b) son excesivamente forzados. Podemos dicir deles que son casos extremos de “discriminación positiva” a favor dunha forma de noso que tende a ser interferida pola converxencia co castelán. Esta situación oposta á “interferencia de converxencia” vén a ser o que J. Kabatek denomina “interferencia negativa de diverxencia”, isto é, “excesiva frecuencia en B [galego] de elementos que non comparte con A [castelán] (-AB), con renuncia a elementos comúns (+AB)” (2000: 34). Nos nosos exemplos non se trata propiamente –ou non se trata só– de “excesiva frecuencia” do que é diferente, senón de “excesiva ampliación” das regras de uso. Nin sequera teñen por que ser usos interferidos, debidos á vontade de afastarse do castelán: poden ser autoxerados, debidos á procura dun maior “enxebrismo”, pero abusando dunha característica do galego. No noso modo de ver, a procura da “autenticidade” pode levar a escollas “diferentes” das que coincidirían co castelán, pero esas escollas, “diferenciais” de facto, non están movidas forzosamente polo desexo de “diferenciarse” do castelán; aceptamos que hai posturas “diferencialistas” interferidas, dependentes no fondo do castelán, pero non que todo diferencialismo sexa interferencia.

4. Son dúas, en definitiva, as cuestións básicas que temos por diante. Unha está vencellada ao problema de sabermos cales son exactamente os límites das regras de uso do inf. flex., e vén ilustrada polos exemplos de (10)². A outra refírese a se o inf. flex. é de uso obrigado nalgúns contextos, e polo tanto a se a súa ausencia implica dar acubillo a un castelanismo, como ocorrería, por exemplo, en (8b), (8c) e (8e). Un percorrido polos textos de maior axuda e máis recoñecidos dentro das orientacións normativas oficiais volve dar, coma en *ter* + part., resultados non coincidentes.

A *Gramática galega* de R. Álvarez e outros distingue entre inf. invariable “obligatorio”, inf. flex. que “aparece sempre” e inf. flex. “usual”. Segundo as regras que se expoñen alí (1986: 395-398), debemos considerar (10a) e (10b) como hiperenxebrismos: o inf. é invariable obrigadamente se, como en (10a), actúa como complemento preposicional inmediato dun verbo de igual suxeito, e se, como en (10b), está rexido por un verbo causativo (*mandar*) inmediato. Os exemplos (10c) e (10d) son máis indecisos, pois parece que entran dentro do que é posible (non están contemplados nos contextos de inf. necesariamente invariable), pero non do que é usual (o inf. vai precedido de prep. e posposto ao verbo principal, pero coincide con el en suxeito e non parece que estea distanciado dabondo). Se pasamos agora ao asunto da obrigatoriedade do flexionado, o que obtemos da *Gramática* é unha resposta non de todo clara: dise que “aparece sempre” nun par de contextos que explicita, pero o segundo deles –“cando o suxeito, sendo distinto ao do verbo principal, non está expreso e deséxase expresalo” (1986: 397)– parece que converte o uso nunha cuestión de decisión por parte do usuario, segundo el queira ou non expresalo claramente: “Sería mellor *marchar* [en vez de *marcharmos*] desta cidade canto antes”. Segundo o outro contexto que fai que “apareza sempre” o inf. flex.³, os anacos (8b) e (8e), pero non (8c), deberían conter inf. flex. (“Chámanlles bruxas ás vellas / por *teren* cara de cartón”; “ese era o modo de nós *saírmos* deste estado de miseria”); é dicir, se aí o inf. flex. é prescritible, habería que considerar castelanismos (8b) e (8e).

Aínda que con outra exposición, se ben máis detallada e matizada, a *Gramática da lingua galega* de R. Álvarez e X. Xove coincide no substancial coa anterior tanto no relativo ás condicións de uso do inf. flex. –manexa así

² Neste mesmo sentido, R. Álvarez chamaba a atención xa hai dez anos sobre os abusos a que levaba un exceso de discriminación positiva e sobre a necesidade de “termos unha boa descrición gramatical para separar usos forzados pola discriminación positiva a favor do infinitivo conxugado, de posibilidades tradicionais” (1994: 28).

³ “Cando o infinitivo ten un suxeito claramente expreso, distinto ó do verbo principal” (1986: 397).

mesmo os criterios de diferenza ou non de *sux.*, anteposición ou non do *inf.*, e, no caso da posposición, o grao do distanciamento— coma no relativo ao emprego obrigado do *inf. invariable* (2002: 307-310). Desta sorte, a avaliación dos *exs.* (10a-d) cadra conforme coa feita antes. En cambio, esta *Gramática* di de modo explícito que “o *Inf. flexionado* non é estritamente obrigado en ningún caso” (2002: 307), e vólvese só dos criterios de máis ou menos frecuente e recomendable. Desde esta posición, en (8b) e (8e) é moi aconsellable o uso do *inf. flex.*, pero os seus *inf. invariables* non son castelanismos (por máis que a falta reiterada de *inf. flex.*, neses e noutros contextos, manifeste interferencia de “converxencia” por parte do castelán).

X. R. Freixeiro, pola súa parte, fala de “uso obrigatorio” en varios contextos e de uso “recomendábel” noutros (1999: 401; 2001: 172). Agora ben, os criterios que emprega tanto para un (“obrigatorio”) coma para outro (“recomendábel”) son tan diferentes dos xa aludidos que dan lugar a enunciados para el “recomendables” e que segundo as gramáticas de 1986 e 2002 son hiperexcebrismos, tales os exemplos de (2a). Para el o *inf. flex.* é de uso “obrigado” non só cando conta con *sux.* diferente ao do verbo principal (“Marchou por *chegares* tarde”), senón tamén en “Insinuaron *seren* eles os culpábeis” por ter o *inf. suxeito* expreso no texto, aínda que coincida co do verbo rexente, ou en “Antes de *saírmos* de viaxe temos de acabar o traballo”, por ir o *inf.* precedido de preposición e anteposto, a pesar de coincidir en *sux.* co verbo de que depende.

En fin, pode observarse que mesmo existindo acordo con respecto á precariedade do *inf. flex.* e á necesidade de potencialo, as posicións son diferentes en canto a usos obrigados, moi aconsellables, desaconsellables e excluídos: o uso obrigado aquí é só aconsellable alí, o uso aconsellable aquí e mesmo erro alí.

5. Como outra vez a propia competencia é fraca para sancionar nun sentido ou noutro con relativa seguridade, cómpre acudir aos datos. O recurso aos fornecidos pola fala espontánea non é suficiente, pois só deixan aparecer o *inf. flex.* de cando en cando, conque é necesario valerse de fontes externas, que non poden ser outras cás que nos ofrecen o galego medieval e o portugués actual. Faino así o traballo de maior alcance sobre o *inf. flex. galego*, o de F. G. Gondar (1978), pero, por unha banda, depende en exceso de textos literarios de posguerra pouco espontáneos e fiables⁴, e, pola outra, só ten en conta os usos do *inf. flex.*, non a súa ausencia nos contextos en

⁴ Dos 786 *exs.* desta procedencia, “un pouco máis dunha décima parte ten algo máis da metade dos exemplos recollidos”, que son precisamente os que acumulan a maior cantidade de desvíos no seu uso (1978: 139-140).

que pode empregarse. Non permite, por iso, encarar con base relativamente segura os casos máis controvertidos e para os cales, na situación actual do galego, pedimos respostas por parte das normas de uso.

Semella, pois, que só o estudo contrastado de todo o conxunto de informacións de que podemos dispoñer (galego falado, galego escrito actual e antigo, portugués) permitirá elaborar descricións en que o galego non se vexa traizoado. E para nós así será se calcamos, sen máis, as regras de uso do portugués, ou mesmo se as levamos ao extremo de fomentar en galego o que en port. (e no galego medieval) é posible, pero moi raro e infrecuente, como ocorre cos exemplos de (2a). Non parece, sequera, que a situación en galego poida ser equiparada á existente no portugués escrito se temos en conta que neste o uso do inf. flex. é maior ca na lingua falada⁵ e na lingua medieval, esta á súa vez con máis presenza de inf. flex. có galego medieval.

Tomemos o ex. (2b), extraído dunha obra ben recoñecida polo seu excelente galego, e examinemos o emprego do inf. flex. desde o punto de vista da frecuencia. Nada se poderá obxectar a *ires*, con flexión perfectamente acomodada, pero a opción de *curares* non vai de seu: con igualdade de suxeito entre verbo principal e inf. precedido de *para*, o port. tende a prescindir da flexión, o mesmo có galego medieval⁶:

Et hy[ã] asi de hũa parte cõmo da outra todos muy beẽ acabelados para *lir*
dar (Traducción de la Crónica general: § 217).

Et chegarõ y todos seus amĩgos moy ledos pera *rreçeberlos* et pera os *veer* et pera os *pregũtar* de suas fazeẽdas (Crónica troiana: § 24).

A cuestión a propósito dese ex. concreto non é a de se é posible, que o é, senón a de se é “normal” no tal contexto recorrer á flexión con frecuencia, como se fai nesa obra⁷, ou se iso non será caer na “interferencia de diverxencia”, como a ausencia habitual de uso do inf. flex. cae na “interferencia de converxencia”.

⁵ “O infinito conjugado é, pois, mais que tudo, uma característica da língua escrita” (Hampejs 1959: 188).

⁶ Obviamente, hai condicións, nas que agora non é cousa de entrar, que favorecen a posibilidade de conxugar o infinitivo neste contexto.

⁷ Cfr. outros exemplos: “¿Non che sería mellor buscares algo en que traballar para *aprenderes* a gaña-lo pan?”, “Polo de agora pilla este regalo e gárdao para *ceares* á noite”, “Pero dime como fixeches para *botares* nesta fermosa cabana”, “Queremos estar espertos para *seguirmos* camiño”, “Despois de me comprardes trouxéste-me a este sitio para me *matardes*”, “-¿E como fixeches para *descubri-re*-lo complot destas catro ladras?”, etc.

4. O TIPO *TER DE* + *INF.*

O tipo *ter de* + *inf.* ofrece outras caras diferentes ás do *inf. flex.* e ás de *ter* + *part.*, e a primeira delas o feito de ser unha forma descoñecida para os galegofalantes espontáneos desde hai moito.

1. Ten existencia plena en port., a carón da menos empregada *ter que* + *inf.*, como equivalente da construción galega *ter que* + *inf.* Á primeira vista, e desde un criterio autoxerado, non dependente, carece de fundamento acollella no galego só por ser diferente do castelán e por facer coincidir a expresión da 'necesidade' en galego coa máis habitual en port.; nin achega nada nin rexenera nada, pois nunca existiu en galego co significado de 'cumprimento necesario' que ten *ter que* + *inf.*⁸

En galego existiu, pero con outro sentido. Á diferenza de significado entre *ter de* + *inf.* e *ter que* + *inf.* refírese a *Gramática galega*, onde se lle outorga a *ter de* + *inf.* o "matiz de 'acción por cumprir', de "acción de cumprimento obrigatorio pendente" (1986: 407)⁹. Non entramos a discutir se o significado da perífrase está adecuadamente caracterizado, ou aínda se os exemplos aducidos pola gramática cadran ben co exposto nela, mais subliñamos o feito de que segundo esa descrición *ter de* + *inf.* está mal empregado en (11b), e coincide en todo con *ter que* + *inf.* en (11a) e (11c):

- (11) a) O primo veuse vivir á propiedade. Para casar *terían de pedir* dispensa a Roma e iso leva tempo (M. Ledo: *Trasalba ou Violeta e o morto militar* 1985: 139).
- b) *Tiven de me abster* delas, non obstante, por uns cantos anos (X. Rábade Paredes: *Palabra secreta* 1989: 11).
- c) tamén hai pouco que acordar, non sendo decampar, que moi pronto o *teremos de facer*, agás que Deus nos chova gra (D. X. Cabana, *Morte de Rei* 1996: 85).

⁸ X. R. Freixeiro descríbela como equivalente de *ter que* + *inf.* ("hoxe é xeralmente substituída na fala pola fórmula *ter que* + *infinitivo*, con que compartilla os valores"), e aconsella "a súa revitalización e potenciación cando menos no modelo culto de lingua" (2001: 190). R. Álvarez veo doutro xeito: "Da idea de que *ter de facer* é a forma arcaica, dunha tradición case que perdida, nácenlle algúns valedores que a usan arreo na lingua escrita, erroneamente, en lugar de *ter que facer*" (1994: 30).

⁹ É o valor que recollen X. García Cancela e C. L. Díaz Abraira no seu *Manual de linguaxe administrativa*: "expresa o matiz de 'acción por cumprir', de acción de cumprimento obrigatorio pendente", aínda que o ex. que achegan ("Os interesados *teñen de presenta*-las súas instancias no rexistro xeral") sexa equivalente en todo a *ter que* ou *deber (de)* + *inf.* (1991: 64-65).

2. Suposta a falta de equivalencia, queda aínda pendente a cuestión da súa existencia e dos modos do seu existir. Se facemos caso do que observa Saco Arce, as posibilidades formais son reducidísimas, pois di que “no se usa en galego este verbo *ter* con la preposición *de* más que en la primera persona del presente de indicativo” (1868: § 165). Saco, que non dá exemplos, seguramente sabía da expresión a través de cántigas populares, que, como é sabido, presentan aspectos lingüísticos peculiares tanto no relativo á súa vinculación dialectal coma ao feito de acollerem expresións xa sen vida cando se recolleron.

Un percorrido pola base de datos TILG, que integra un milleiro de textos de xéneros diversos (escritos, populares, da fala...), non só deixa ver a ausencia da construción en textos da fala e dos abusos cometidos na súa incorporación á escrita (con uso forte sobre todo a partir das Irmandades da Fala), senón tamén que é nas cántigas populares onde aparece con características de seu tanto no significado coma na morfoloxía. En efecto, os algo máis de 100 exs. extraídos do cancioneiro popular son todos afirmativos e de primeira persoa –destes só un par deles da de plural–, e, como pode comprobarse nos seguintes exemplos, tomados dos publicados por Ballesteros, cun significado próximo ao de *haber (de) + inf.* (expresión da vontade e compromiso firme de cumprir a acción indicada polo inf.), en absoluto equivalente a *ter que + inf.*:

- (12) a) *Teño d'ir a Santa Minia, teño d'ir á Escravitú, téñolles de dar as gracias,* que me deron a salú (Ballesteros, *Cancioneiro popular* 1885: I 199).
- b) *Teño d'aprender á xastre e dende xastre á ladrón, d'os remendos que furtare hei de facer un calzón* (Ballesteros, *Cancioneiro popular* 1886: II 233).
- c) —Mangas e vestidos *teño de poñer*, Mariquiña hermosa, por darche pracer (Ballesteros, *Cancioneiro popular* 1885: I 100).

A pesar da súa nula presenza na fala actual, a consciencia de que *ter de + inf.* existiu na nosa tradición e de que constitúe un trazo característico, pode levar a que algúns queiran botar man dela nalgunha ocasión. De ser así, será conveniente aterse a dous tipos de restricións. O primeiro é o relativo ás formas que poden empregarse e á súa posición no conxunto de unidades que expresan obriga nun sentido amplo e coas que mantén relacións, isto é, *ter, deber, haber* e mesmo *poder* cando vai negado. O segundo refírese ao rexistro lingüístico, pois a súa existencia só pode darse dentro das lindes dun arcaísmo que se emprega só en estilos elevados, moi marcados. Segundo isto, o exemplo (3a), que non mantén ningún dos requisitos da perífrase, pertence de cheo ao hiperenxebrismo, mentres que (3b), entendido no sentido adecuado, é unha mostra de uso correcto.

3. A cuestión dos niveis de uso non é un asunto para descoidar. En galego funcionan dous modos de entender *normativo*, que, por outro lado, teñen orixe no propio texto das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (1982, 1995, 2003). Nun sentido, *normativo* é equivalente de *galego estándar que é de norma*, e polo tanto de uso obrigado en todo tipo de textos e ocasións en que habitualmente en tódolos idiomas se emprega a variedade estándar. O que non impide, naturalmente, que existan outros galegos correctos non normativos empregados nos ámbitos que lles son propios. Neste sentido ten habido intervencións excesivamente “normativistas” que a estas alturas precisan de maior reflexión e moderación.

Mais no texto das *Normas* tamén se inclúen aspectos da lingua relativos unicamente á súa corrección, sen que iso obrigue a empregalos por forza na variedade estándar. No posesivo, por ex., dise: “Existe tamén un posesivo de respecto, *mi*, que acompaña a *madre*, *padre*, ocasionalmente a *tío* e aínda a outros substantivos de tratamento (*amo*, *señor*)” (2003: § 15.2). Destácase esta posibilidade, destácase a súa autenticidade galega e sublíñase a posibilidade do seu emprego, pero ese texto nin se redactou nin se le para que se aplique de maneira obrigada no estándar sempre que se dean as circunstancias enumeradas nas *Normas*.

É dicir, desde o punto de vista normativo sanciónanse como correctas determinadas expresións, pero non se segue que todas sexan tamén de “uso normal”: hainas que son propias de estilos marcados, por fóra dos cales deben evitarse. Non só conta a adecuación a unhas certas condicións formais, sintácticas e de significado, senón tamén a uns ámbitos de uso apropiados.

Tornando a *ter de* + inf., entendemos que nas condicións apropiadas, hai campo para o seu uso. A descrición gramatical pode incorporala como expresión galega, mais iría contra a propia lingua, “inventándoa”, se a colocase no nivel das construcións usais da lingua estándar. Por tratarse dun arcaísmo, acae ben no contexto do exemplo (3b), o que non quita que o mesmo texto que a acolle sobrepase derregas noutras ocasións, como acontece en (11c).

5. CONCLUSIÓN(S)

Asúmese, neste simposio, o avance ininterrompido que se vén producindo na mellora da corrección lingüística, no que depende directamente de ditames normativos e máis alá deles. Agora ben, as sesións fanse porque hai aínda dúbidas e dificultades, e nesa proposta de avanzar un paso máis na procura dun galego máis “limpo”, para nós dun galego máis galego, intégrase a nosa contribución. Nos tipos de problemas que trouxemos a exame, con presenza notable na escrita, latexa de primeiras a cuestión da deshar-

monía das representacións que nos facemos da realidade da lingua, particularmente naqueles sectores fóra do control da nosa competencia lingüística natural. A nosa intervención ilustrou unha vez máis como, nos asuntos examinados, as gramáticas e os textos de máis uso e autoridade, responsables en boa medida das nosas opcións, difiren entre si, non chegan a ser suficientes e, nalgúns casos, non están ben fundamentados. Neste sentido, como xa dixo unha colega de conferencias, a resolución das dificultades só pode estar esteada no fondo coñecemento dos datos e no seu estudo rigoroso.

No tipo *ter* + part. os problemas proveñen da valoración que fagamos da interferencia castelá; a dificultade está en que, a carón de calcos ben evidentes, hai outros usos de resolución máis delicada. Para nós, o cerne dos abusos consiste en que as expresións galegas están construídas a partir dos modos de dicir do castelán. Se é así, a vía de saída vai logo por pensar á galega, e isto implica examinar con atención como se expresa en galego o que o castelán di con *haber* + part. Só así poderá avaliarse tamén en que medida o galego escrito posúe características e necesidades propias, que mesmo poden apoiar un emprego de *ter* + part. cunha marxe de uso máis ampla cá que se observa na fala espontánea.

O descoido que se percibe na atención prestada aos calcos de *ter* + part. vólvese por veces exceso na dedicada a coidar o uso do inf. flex., pois a discriminación positiva ao seu favor para evitar interferencias de converxencia acaba por ser en ocasións interferencia de diverxencia. O inf. flex. é un exemplo de como pode ser imprescindible recorrer ao portugués, pero cómpre así mesmo que á comprensión correcta das regras que operan nesta lingua se una unha aplicación prudente delas. Non nos semella atinado que en galego se vaia mesmo máis alá do que acostuma ir o portugués escrito, e si que se atenda a que neste a frecuencia de emprego xa é en por si maior cá existente no portugués falado e no portugués e galego medievais.

O tipo *ter de* + inf. ilustra o caso dos usos que sobordan non só os límites gramaticais de emprego dunha expresión galega (hipergaleguismo típico, nesta ocasión tanto no referido ás formas coma aos significado atribuídos á perífrase), senón tamén os da lingua funcional (variante social, rexistro) en que a construción debe operar. En *ter de* + inf. trátase de arcaísmo, noutras expresións son usos que consideramos moi marcados: nin *ter de* + inf., nin o xerundio flexionado (*víndomos*), nin a interpolación (*tamén llo eu dixen*) poden ultrapasar tódalas barreiras e daren en ser empregados de modo normal na lingua estándar.

O portugués ten presenza xustificada na delimitación de usos do inf. flex., pero non se está actuando nos problemas en que andan envolvidos *ter* + part. e *ter de* + inf.: non se trataría aí de ningunha “rexeneración” e si de interferencia en partes do galego que precisan doutros coidados médicos.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Álvarez, R. (1994): “Gramática descriptiva e gramática prescritiva”, *Cadernos de lingua* 10, 19-35.
- Álvarez, R. e X. Xove (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Álvarez, R., H. Monteagudo e X. L. Regueira (1986): *Gramática galega*. Vigo: Galaxia.
- Freixeiro Mato, X. R. (1999): “Sobre os usos do infinitivo flexionado e do futuro de subxuntivo no galego moderno”, en R. Álvarez e D. Vilavedra (coord.) (1999): *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Santiago de Compostela: Universidade, I 389-416.
- Freixeiro Mato, X. R. (2001): *Manual de gramática galega*. Vigo: Ed. A Nosa Terra.
- García Cancela, X. e C. L. Díaz Abreira (1991): *Manual de linguaxe administrativa*. Santiago de Compostela: Escola Galega de Administración Pública / Xunta de Galicia.
- García Gondar, F. (1978): *O infinitivo conxugado en galego*. Anexo 13 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade.
- Hampejs, Ž. (1959): “Alguns problemas do infinito conjugado no português”, *Boletim de Filologia* XVIII, 177-194.
- Kabatek, J. (2000): *Os falantes como lingüistas. Tradición, innovación e interferencias no galego actual*. Vigo: Xerais.
- Maurer Jr., Th. H. (1968): *O infinitivo flexionado português (estudo histórico-descritivo)*. São Paulo: Editora Nacional.
- Normas (2003): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. [A Coruña / Santiago de Compostela]: Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega.
- Rojó, G. (1974): *Perífrasis verbales en el gallego actual*. Anexo 2 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade.
- Saco Arce, J. A. (1868): *Gramática gallega*. Lugo: Imp. de Soto Freire.
- TILG = Santamarina, A. (dir.) (2004): *Tesouro informatizado da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Imaxin [<http://www.ti.usc.es/TILG>].
- Valladares, M. (1892/1970): *Elementos de gramática gallega*. Vigo: Galaxia.
- Xove Ferreiro, X. (1982): “Sobre a lingua de Cunqueiro. V. O sistema verbal”, en *Homenaxe a Alvaro Cunqueiro*. Santiago de Compostela: Universidade, 308-340.
- Xove Ferreiro, X. (1992): “A lingua galega en Celso Emilio Ferreiro. V. O verbo”, en Rosario Álvarez Blanco (coord.): *Estudios dedicados a Celso Emilio Ferreiro*. Santiago de Compostela: Universidade, I 119-170.

A SINTAXE NA GRAMÁTICA: PROBLEMAS DE DESCRICIÓN E PROBLEMAS DE PRESCRICIÓN

Francisco A. Cidrás Escáneo

Instituto da Lingua Galega (USC)

1. DOUS OLLARES SOBRE A LINGUA

Comezarei a miña contribución lembrando brevemente (como facía a profesora Inês Duarte na súa, neste mesmo volume) a vella porfía entre os dous tipos básicos, e complementarios, de individuos que conviven na casa común dos que nos dedicamos a traballar nas cousas da lingua: os gramáticos e os lingüistas. Estes, coa angueira posta na máis atinada descrición e explicación científica de cómo funcionan as linguas; aqueles, nortando cara á conformación e lexitimación do estándar máis acaído para os usos máis formais do idioma. Trátase, pois, de dúas maneiras de arar nos mesmos mares: a do lingüista é a actividade do que sente curiosidade pola lingua e quere saber; a do gramático, a do planificador que realiza sempre, explícita ou implicitamente, algunha proposta de intervención sobre ela.

En Galicia, a relación de tensión dialéctica entre lingüistas e gramáticos é historicamente case inexistente, por mor da escasa biodiversidade na fauna galaica dos que esculcan no galego, practicamente reducida a unha especie única. A tradición lingüística galega, aínda que iniciada no século XVIII cun notable proto-lingüista (ou filólogo, ou glotólogo) como foi Sarmiento, está ao longo do XIX e do XX poboada de gramáticos (e abofé que non moitos, nin sequera moi bos) e deserta de lingüistas ata as últimas décadas. O motivo, ben coñecido, ten que ver coa histórica obstinación dos poderes políticos por manteren afastada do ámbito do estudo científico, e de tantos outros, a lingua galega, que, lembrémolo, permaneceu secularmente expulsada da universidade ata hai pouco máis de trinta anos.

Con todo, desde os comezos da historiografía lingüística galega coexistiron entre os gramáticos, case sempre afeccionados, e entre os demais interesados polo galego dúas tendencias. González Seoane (1994) denomínaas popularista e cultista. A primeira estaba integrada por autores como Saco ou Pintos, rexeneracionistas descritivistas, atentos ao uso real do galego como

base para a conformación do estándar; o seu programa describíao Pintos como un labor de “mellorar o dialecto e depuralo con tento” (1853: 36). Á segunda corrente adscribíense autores como Valladares, Manuel Rodríguez ou Martínez Salazar, máis prescritivistas e escépticos sobre a posibilidade de construír o estándar sobre a base dun galego popular que xulgaban excesivamente deturpado e fragmentado dialectal e socialmente para a súa rexeneración. Esta contraposición, clara aínda que non excesivamente polemizada, constitúe a versión local máis próxima dos contundentes debates entre lingüistas e gramáticos que naquela altura se producían noutros países máis normalizados, nunha época histórica (segunda metade do XIX, comezos do XX) de grande afección polemística¹.

O sentido desta dicotómica introdución é claro, e apunta ao cerne mesmo deste simposio: a tensión entre a feliz realidade da variación e a pragmática necesidade da prescrición. Falamos de dous ollares sobre a lingua, que con frecuencia conviven nunha mesma persoa, na súa actividade profesional como estudoso/a da lingua. O do lingüista é un ollar máis atento e respectuoso cos fenómenos de variación; o do gramático, máis atento á uniformidade inherente ao proceso de formación dun galego común. Lembrábo Carballo na súa *Gramática*:

Al gramático –en el sentido más usual o vulgar de la palabra– le estorban las variantes. Su labor es del tipo académico clásico, un labor de política cultural (...). El verdadero lingüista, en cambio, ama los hechos en toda su objetiva riqueza; no trata de encauzar, sino de conocer la vida del idioma, y tiende a mirar como falta de sentido científico la obra del autor de una gramática normativa (Carballo, 1966: 14-15).

Non quixera proxectar co meu discurso unha imaxe sesgada de repulsa da actitude do gramático, de censura do censor, como doadamente ocorrería de estarmos falando dunha lingua cun estándar consolidado. Pois, como afirmaba tamén o propio Carballo, gramático e prescritivista ao cabo, “el idioma no es unicamente un objeto de estudio científico. Es un medio práctico de comunicación que, como tal, debe mantenerse en la forma más adecuada para el cumplimiento de sus fines” (1966: 15), o que leva á necesida-

¹ En L. Prista (2001) pode verse unha panorámica da variopinta tipoloxía dos filólogos, glotólogos, lingüistas, gramáticos e *caturras*, coas súas acedas disputas, no Portugal finisecular, dentro do convulso contexto internacional do nacemento da moderna ciencia da linguaxe. En Galicia, a polémica gramatical entre descritivistas e prescritivistas ten na altura escasa presenza, non porque existise ningún consenso ao respecto, senón porque se deriva ao ámbito ortográfico, no que se reproducen, con moita máis visibilidade (e virulencia), as mesmas tomas de postura.

de de fixación dun *galego común*. Fronte ao que ocorre no ámbito teórico da lingüística, na praxe cívica o principio de que todo o que existe vale, e de que a prescripción normativa é só censura, non pode defenderse máis que ignorando (se cadra de xeito propositado e interesado) a función social da lingua.

O estándar ou norma padrón a que se orientan as gramáticas pode ser caracterizado como un conxunto difuso de usos lingüísticos canónicos asociados aos empregos formais do idioma e ao ascenso social; ao Poder, en fin, que caracterizan e lexitiman asemade. Trátase, pois, dun conxunto imprecisamente delimitado de usos, verbo do cal podemos identificar tres tipos de variables:

- a) Un conxunto relativamente reducido de fenómenos altamente asociados ao estándar, mesmamente de xeito emblemático.
- b) Un conxunto de fenómenos altamente estigmatizados, por sentírense asociados a variedades sociais ou locais non integradoras e daquela excluídos do canon (que constitúen xunto cos anteriores as dúas caras da mesma moeda).
- c) Unha grande cantidade de fenómenos escasamente definidos con relación ao estándar, por non se consideraren particularmente emblemáticos, nin do común nin do particular.

O estándar aparécesenos, pois, como unha construción de perfís e contidos pouco definidos, difíciles de inventariar, mais que, a fin de contas, con toda a súa vaguidade se interioriza e funciona no corpo social. Podemos dicir, parafraseando a Ivo Castro, que é algo pouco coñecido, pero recoñecido: sinxelamente, “vai acontecendo” (Castro 2003: 13).

Máis alá da súa infradeterminación, os elementos con que se ceba o estándar forman sempre unha *gramática reducida*, integrada nuclearmente por unha selección de ítems cunha moi desigual presenza das distintas compoñentes da gramática. Como o estándar está asociado a fenómenos de visualización e a elementos simbólicos, pode afirmarse que a escolla está guiada por un principio xeral, susceptible de todos os matices propios das xeralizacións, en virtude do cal a relevancia dos fenómenos lingüísticos con relación ao estándar é inversa á súa importancia estrutural con relación ao sistema: os elementos máis floridos e epidérmicos son os máis relevantes para o estándar precisamente por seren máis vistosos (e porque visten, identifícan); os elementos máis internos, por seren menos visualizables son menos emblematicizables, e daquela menos relevantes na norma. En Giles e Powesland (1975: 5,6) dánsenos referencias empíricas de como na autoidentificación subxectiva dos modelos de lingua (*speech style*) por parte dos propios

falantes, estes toman como elementos máis relevantes a pronuncia, seguida do vocabulario, mentres que a gramática aparece só en último lugar.

Non xeban estes autores dentro da gramática os trazos sintácticos dos morfolóxicos. Así e todo, parece razoable supor que a prevalencia entre ambos depende das características tipolóxicas de cada lingua. No caso do galego e linguas afíns, cunha morfoloxía rica e por tanto cun alto potencial de variación nesta compoñente, a importancia identitaria da morfoloxía é sen dúbida moi superior á da sintaxe (mesmo se cadra non inferior á do léxico), mentres que nas linguas flexivamente máis pobres (como o inglés) ou non flexivas (como o chinés) a correlación ten obviamente que mudar. Tendo en conta ademais que o estándar está basicamente orientado aos usos escritos da lingua, comprenderase que na súa fixación a ortografía teña sempre un maior peso específico e unha maior urxencia que a ortofonía (estándar fonético). Finalmente as compoñentes máis formais, como a fonoloxía e a semántica, en tanto que carentes de expresión substancial, tanxible, carecen tamén practicamente de interese para a norma².

2. A SINTAXE NAS GRAMÁTICAS

O dito acerca da relevancia de cada disciplina na configuración do estándar condiciona o tratamento que estas reciben e o peso específico que acadan nas gramáticas, obras concibidas, a fin de contas, ao servizo da conformación do estándar. Así obsérvase nas gramáticas de corte tradicional, galegas ou non galegas, unha omnipresenza e lugar de privilexio reservado para a ortografía, acompañada dunha ortofonía ou fonética prescritiva (e tamén unha escasa atención á prosodia, e por suposto á fonoloxía, esquisitez recente). Con algunha frecuencia aparecen seccións que atinxen ao léxico (estruturas lexicais, renovación lexical, formación de palabras), aínda que o

² A secuenciación do proceso de normativización que está a seguir o galego dá boa mostra desta priorización nas compoñentes da gramática: comeza cunhas normas ortográficas (1970) que axiña se convierten tamén en morfolóxicas (con sucesivas reformulacións ata as vixentes de 1982, recentemente modificadas) e segue cun vocabulario ortográfico (1989), que serve de base para os dicionarios académicos ou de vontade normativa. Nos últimos anos (segunda metade dos '90) o debate pasou a incorporar a necesaria definición dun estándar fónico (aspecto que está a centrar boa parte da polémica normativista máis recente) e en moita menor medida tamén do prosódico.

Cunha máis ampla perspectiva histórica, en Fernández Salgado e Monteagudo (1995) faise unha detallada análise do proceso de estandarización do galego literario (escrito) ao longo dos séculos XIX e XX na que se pon de manifesto que os elementos caracterizadores do proceso, en todos os períodos identificados, son as grafías, a morfoloxía e o tratamento do léxico.

prescritivismo neste ámbito corresponde a outro tipo de obra, o Dicionario, a segunda peza básica do corpus normativo, a carón da Gramática. No ámbito estritamente gramatical (pois é sabido que a compoñente fónica, e menos aínda a ortografía, non forman parte da gramática en sentido estrito) obsérvase case sen excepción unha preminencia esmagadora da morfoloxía sobre a sintaxe, tanto na selección de fenómenos descritos como na propia organización editorial das gramáticas, que se organizan con criterios morfoloxistas –por clases de palabras.

Este morfocentrismo das gramáticas tradicionais parece común a todas as tradicións gramaticais e, segundo os especialistas na materia, ten que ver coa propia xénese do coñecemento metalingüístico, ata o punto de sosterse que é só no ámbito das linguas flexivas (dotadas de morfoloxía) onde se produce un nacemento espontáneo ou autóctono da gramática (Auroux 1994: 62). En efecto, a reflexión metalingüística ten a súa base na descomposición da cadea falada –ou, as máis das veces, escrita– en unidades, as “partes do discurso” ou clases de palabras, que se someten a dous tipos de técnicas: o seu inventariado, que dá lugar ao Dicionario, e un labor de extracción desas unidades da linearidade da cadea lingüística para proxectalas na súa dimensión paradigmática, o que constitúe a xénese da Gramática. A morfoloxía convértese así no elemento central da reflexión gramatical, onde a sintaxe desputa só, aquí e acolá, á hora de explicar certos valores de certos morfemas.

Consecuentemente, nas gramáticas de corte tradicional a sintaxe adoita aparecer fragmentariamente como un apéndice de cada clase de palabra. Como moito inclúese ás veces aínda un capítulo final no que se recollen algunhas cuestións relativas a estruturas sintácticas que non resultaban doadamente adscribíbles a ningunha clase mórfica de palabras en concreto. A *Gramática* de Álvarez, Regueira e Monteagudo (1986), “feita partindo dun esquema tradicional” como se advirte xa no primeiro enunciado do seu limiar, é un modelo paradigmático deste xeito de organizar os contidos, como o é tamén no substancial a moito máis recente de Freixeiro (2000).

Verifícase así un tratamento da sintaxe nas gramáticas que contrasta fortemente coa súa importancia estrutural e mesmo coa súa relevancia na historiografía lingüística. Resulta patente o destacado rol da compoñente sintáctica na historia das ideas lingüísticas, en parte desde as primeiras disquisicións filosóficas de Platón e Aristóteles ou a obra de Apolonio, pero sobre todo desde as achegas dos modistas ou as dos gramáticos renacentistas, por non entrar na evidencia da lingüística moderna, desde o século XIX á actualidade. Sen embargo, na historia da gramaticografía, o referido morfocentrismo relega o tratamento da sintaxe á marxinalidade, cando non á pura e simple ausencia. En efecto, ausente estaba na fundacional gramática grega de Dionisio, como ausente está na para nós tamén fundacional, ben que dous mil

anos posterior, gramática de Mirás (1864). E aínda que presente na táboa de materias, pode dicirse que non hai sintaxe tampouco nas gramáticas de Cuveiro (1868) e de Valladares (1892), onde os brevísimos epígrafes que atopamos chaman máis a atención, por baleiros, que a súa eventual ausencia.

Máis proveitosa resulta a análise do xeito como se trata a sintaxe nas gramáticas en que é obxecto de estudo, aínda que sexa case sempre marxinal. A carón desa mesma marxinalidade, o trazo máis característico que se observa é o seu tratamento fragmentario e pouco integrado. A sintaxe nas gramáticas tradicionais adoita centrarse nunha reducida selección de ítems descritos con mellor ou peor tino, mais prototipicamente dispostos a xeito de repertorio acumulativo de observacións sobre singularidades de interese. O grao de elaboración ou integración dos puntos tratados é mínimo, de maneira que se pode dicir que a sintaxe, concibida como unha compoñente estrutural da gramática, segue practicamente ausente. As gramáticas de Saco (1868) e Carballo (1966) son boa mostra disto (e en xeral do escaso avance da gramaticografía galega en cen anos de desamparo)³.

A selección de ítems incluídos nesta sintaxe reducida e fragmentaria característica da gramática tradicional (non só da galega) vén condicionada ao meu ver pola variación lingüística, nunha compoñente globalmente caracterizada como pouco variacional (trazo que cumpriría matizar, abofé, aínda que non é agora o momento de facelo⁴). Especificamente podemos identificar dúas vías de acceso:

a) Fenómenos incorporados en virtude dun ‘problema’ de variación interna, sexa de orde social ou (en menor grao) territorial.

b) Fenómenos incorporados á gramática en virtude da súa ‘peculiaridade’ nunha especie de variación externa –do galego fronte ao castelán ou en xeral fronte á sintaxe común pan(indo) europea.

No seguinte cadro recóllense, a título de ilustración, uns exemplos significativos dos principais ítems que centran a atención sintáctica das gramáticas a través desta dupla vía de acceso:

³ Carballo curiosamente caracteriza con sentido crítico a sintaxe de Saco como un mero “repertorio seguido de observaciones sintácticas” (1966 [1974]: 31) que non integran un verdadeiro “tratado de sintaxe”, pero finalmente el mesmo non fai outra cousa. Como ben sinalou A. Santamarina (1974: 194), a sintaxe é sen dúbida a parte da gramática de Carballo que supón un menor avance sobre a de Saco.

⁴ Véxase ao respecto Cidrás (1994).

(a) Acceso por variación interna. Exs.:	(b) Acceso por variación externa. Exs.:
— Concordancia con <i>haber</i> impersonal	— Posición dos clíticos
— Concordancia con <i>se</i> impersonal	— Usos do infinitivo (/xerundio) conxugado
— Queísmo, dequeísmo	— Usos de <i>a</i> con OD
— Oracións de relativo	— Obxectos preposicionais peculiares (<i>mallar en...</i>)
— Cheísmo, teísmo	— Artigo con posesivo / con nomes propios
— Usos 'orientais' de <i>lle</i> (<i>Non se lles ve; fixolle calar</i>), etc.	— Dativo de solidariedade e outros non argumentais
	— <i>El</i> espletivo, etc.

O interese das gramáticas polos fenómenos do grupo (a) é comprensible, pois o estándar pretende xustamente establecer un padrón común que supere a variación interna que ítems como estes introducen, o que xera unha dinámica prescriptivista (a verdade que non moi activa) á volta deles. A motivación social desta dinámica, aínda que en xeral feble, é moi variable, pois o grao de aceptabilidade externa destes trazos é moi distinto: o dequeísmo está moito máis estigmatizado que o queísmo, o teísmo que o cheísmo, cos fenómenos de concordancia dáse unha notable permeabilidade, etc. Produto desa escasa presión social, os gramáticos non perciben estas concorrencias de estruturas gramaticais como un estorbo (Santamarina 1994: 75) polo que as gramáticas galegas clásicas –ata a de Carballo, ela incluída– maiormente non se ocupan destes ítems, fronte ao que ocorre cos do outro grupo. Co alargamento do espazo da sintaxe nas obras posteriores, pasan xa a ser incorporados.

Un trazo común a este conxunto de ítems é a súa uniformidade translingüística: a pouco que reparemos, decatámonos de que estes son practicamente os mesmos puntos variacionais nos que centran o seu prescriptivo dítame (ás veces con distintas sentencias, iso si) as gramáticas do galego, portugués, español ou catalán. Nalgún caso, como o dos clíticos, hai unha aparencia de singularidade (cheísmo, teísmo; leísmo, laísmo, loísmo; etc.) baixo o que subxace unha problemática común. Sendo a sintaxe unha compoñente moi similar entre as linguas do noso ámbito, próximas abondo como para falarmos dun *Standard Average European* (SAE), é o certo que non amosa moita variación externa (interlingüística) na localización da súa variación interna: esta amosa, en efecto, unha clara tendencia a manifestarse en zonas dispersas, pero coincidentes translingüísticamente.

No que si diverxe o tratamento da sintaxe nas gramáticas das diversas linguas é no conxunto de ítems que aparecen tratados en virtude da vía de acceso (b). O interese das gramáticas por estes puntos tamén é lóxico, pero radicalmente distinto. Trátase daqueles elementos “orixinais”, idiosincrásicos, que fan que cada lingua poida ser vista como máis ela mesma, máis de seu. Nun ámbito como o da sintaxe no que, como dicíamos, os elementos de autoidentidade son escasos e por tanto prezados, é claro que estes ítems non poden ser ignorados nas gramáticas. Ao contrario, tenden a presentar nelas,

como dixemos, un tratamento máis demorado que os do grupo precedente, a pesar de non seren conflitivos para a conformación do estándar, como si o eran aqueles. Téñase en conta que o establecemento dunha norma común ten tamén entre os seus fins o afortalamento dunha identidade común e diferenciada. E non debe esquecerse asemade a función das gramáticas como obras de axuda para aqueles que pretenden integrarse nunha comunidade aprendendo a súa lingua: para eles estes elementos diferenciais son os de maior interese.

Esta vía identitaria pola que a gramática lle dá un tratamento privilexiado a algúns fenómenos non é en absoluto exclusiva do galego nin das linguas ameazadas, pois ten que ver coa función simbólica das gramáticas en calquera lingua como instrumentos de recoñecemento inobxectable da entidade desa lingua. Pero nas linguas pequenas ou minorizadas ese recoñecemento é máis urxente, pois está máis cuestionado. Así en galego esta vía de acceso vese primada pola situación de contacto desigual co español, quen, ademais de arrebatarlle funcións sociais, pola súa propia proximidade pon en perigo a identidade do galego como lingua de seu, o que aumenta a importancia estratéxica destas pezas diferenciais. Non por casualidade, a presión do castelán incide particularmente nestes fenómenos, someténdoo a unha forte tensión asimilacionista: alargamento do uso da preposición *a* con obxecto directo, colocacións imposibles dos clíticos (sobre todo entre neofalantes) ou desuso das opcións máis peculiares (entre todos), abandono das construcións con infinitivo conxugado ou das construcións preposicionais máis “enxebres”... Ora detúrpase, ora nivélase, e sempre se asimila. Transformadas, pois, estas pezas en asediadas posicións estratéxicas, a súa atinada descrición (ou prescrición) gramatical actúa como trincheira defensiva, cos gramáticos convertidos en enxeñeiros zapadores.

Nunha lingua en situación normal, este gramaticalismo identitario tería un carácter menos defensivo, máis matizado e sobre todo máis multilateral: definiríase con relación a un complexo lingüístico (o SAE) sen focalizarse nunha lingua en concreto. No caso do galego, a centralidade no diferencial fronte ao español é unha situación comprensible de entrada, mais á que co tempo lle hai que atopar saída para que non se converta nunha trampa. Tamén os nosos lexicógrafos, ao longo do XIX e en moita menor medida no XX, incorporaban aos seus repertorios canto léxico diferencial recadaban e non incluían as formas comúns co castelán. Hoxe este proceder resulta impensable... entre os lexicógrafos; entre os gramáticos non tanto. O tratamento vicario da sintaxe en Saco (1868) é historicamente comprensible; mesmo se comprende, por desventura, que Carballo, cen anos máis tarde, repita case literalmente argumentos e estratexia; pero non é de razón que estes se prolonguen, con pequenas mudanzas, ata os nosos días:

Si bien los dialectos gallego y castellano, como hijos de un mismo idioma en lo esencial, no presentan gran número de diferencias en su sintaxis, no es sin embargo tan exacta su conformidad en este punto, que no ofrezca algunas verdaderamente dignas de consideración. En estas diferencias se fijará casi exclusivamente nuestra atención, pasando por alto o contentándonos con mencionar lo que sea común a entrambos idiomas (Saco 1868: 134)

Como sabemos, gallego y español general no son sino dos variantes del latín histórico romanceado, y por ello sus semejanzas son estrechas (...). La sintaxis del gallego es, pues, fundamentalmente, la misma del castellano (...). Siguiendo el plan que nos hemos propuesto (...) nos abstendremos de formular la doctrina sintáctica que es común a ambas lenguas; y nos reduciremos a llamar la atención sobre las construcciones que son típicas del gallego frente al castellano (Carballo 1966: 209-210)

Neste sentido, procuramos prestar unha maior atención a aqueles aspectos máis peculiares, ou máis necesitados dun tratamento específico, da morfosintaxe do galego, como por exemplo o dativo de solidariedade, o infinitivo flexionado, o infinitivo xerundial, o futuro de Subx., certas perífrases verbais, a presenza da preposición *a* co CD, etc., deixando nun segundo plano aqueloutros aspectos que non presentan tal singularidade dentro das linguas románicas (Freixeiro 2000: 9-10)

Estou convencido de que este tratamento da sintaxe na gramática tradicional que acabo de describir é fortemente inadecuado. En termos xerais, por marxinal e fragmentario; e no caso do galego, ademais, por subordinado e vicario⁵. Avogo pois por unha gramática feita con outra visión, seguramente a que dá o ollar do lingüista; unha gramática na que a organización e o peso específico dos seus compoñentes deben vir dados pola importancia de cada un deles no sistema lingüístico, non pola súa visibilidade no estándar.

⁵ Esta práctica gramatical subsidiaria paréceme perniciosa en si, polo simbolismo que transmite, nunhas obras eminentemente simbólicas como son as gramáticas. Pero aínda máis porque finalmente se proxecta en actitudes cotiás claramente discriminatorias, como ocorre no ámbito do ensino, onde é habitual que o profesor *de galego* non explique sintaxe nin en xeral teoría gramatical nas súas aulas, porque “iso xa llelo explica o profesor *de lingua*” (é dicir, o de español) e a fin de contas é a mesma cousa. Asíumese con abraiante naturalidade que, en galego, só é preciso incidir, unha e outra vez, nunha anoxosa escolma de fenómenos diferenciais. Pero, que imaxe se proxecta, e se interioriza, do galego con este proceder? Só hai un horizonte normal: en Galicia, o profesor *de lingua* ten que ser o profesor *de galego*. A subsidiariedade, de existir, ten que ser invertida.

O primeiro (e non menor) dos problemas que se levantan neste camiño é a ausencia de modelos sólidos desa gramática de nova planta. Unha falta de referentes que se manifesta cando menos nun triple senso:

a) na necesidade de incluír moitos ítems habitualmente ausentes nas gramáticas;

b) na convicción de que moitos dos incluídos, pola dobre vía que acabamos de caracterizar, amosan con frecuencia un tratamento desenfocado que cumpriría reorientar; e

c) na necesidade de construír un marco que integre a descrición de todos os ítems nun cadro que poida ser visto como unha descrición equilibrada da sintaxe do galego e non como un patchwork.

Ocuparei a última parte da miña contribución cunhas poucas reflexións verbo dos problemas relacionados co dito na alínea (b), que son os que máis teñen que ver coa variación e daquela coa tensión descrición-prescrición que agora nos ocupa. As pedras dos outros dous pedregais tamén atoañ o camiño, pero non é este o momento de cavilar en como achandalas. Centrareime nun peculiar conxunto de construcións sintácticas que denomino inestables e que, postos a falar de pedras, nos han servir de pedra de toque para testar algúns problemas recorrentes na descrición de fenómenos sintácticos variacionais nas gramáticas ao uso, así como nos xuízos prescritivos a eles vencellados.

3. DESCRICIÓN E PRESCRICIÓN EN CONSTRUCIÓNS SINTÁCTICAS INESTABLES

Sabemos que os sistemas lingüísticos son estruturas en constante evolución, pero á vez dotadas dun importante grao de estabilidade de xeito que as mudanzas apenas son perceptíbles na escala temporal humana. Existen con todo algunhas zonas sensibles do sistema en que esa situación de mudanza ou falta de estabilidade é máis patente e resulta sincronicamente perceptible, en xeral por mor de cambios en curso, non plenamente asentados. Cun símil xeolóxico podemos caracterizalas como zonas de alta actividade sísmica. Falamos, pois, de construcións sintácticas variacionais particularmente interesantes para o lingüista (como o son para o investigador-xeólogo as zonas sísmicamente activas) e asemade particularmente dificultosas e comprometidas para o gramático (como o son para o perito-xeólogo que ten que emitir un informe técnico sobre a consistencia dun terreo pouco estable no que se pretende construír). Os peritos, sexan da lingua ou da terra, baten no seu labor con problemas na descrición ou diagnose do fenómeno

e problemas na prescripción das medidas que propoñen adoptar. Dada a miña manifesta incompetencia en materia de ciencias da terra, limitareime a expor como se presentan estes dous tipos de problemas na persoa do gramático.

3.1. *Problemas de descripción*

Todas as gramáticas son descritivas en tanto que todas describen (ou deberían facelo) un sistema lingüístico. Outra cousa é que adicionalmente prendan algo máis. Tamén as gramáticas prescritivas o son, pois describen un sistema que ademais propoñen como canon ou estándar. Pero ¿en que consiste describir algo (sexa unha lingua, a sintaxe dunha lingua ou un fenómeno lingüístico en particular)? Hai moitas maneiras de proceder para facer iso que se chama describir.

3.1.1. Na gramática tradicional tenden a proliferar as descrições feitas demasiado a rentes do chan da realidade que se quere reflectir. Chamareinas por iso, espero que non valorativamente, *descripcións rasantes*. Non se trata, obviamente, de poñer un espello ao nivel da propia realidade, pois iso non daría como resultado unha gramática senón a confección dun corpus. Refírome a un modo de operar consistente nun labor previo de organización aproximativa duns datos, que aparecen caoticamente na realidade da actividade lingüística cotiá, para logo presentalos (describilos) coa sistematización que se supón subxacente a esa fasquía de caos. O labor do gramático sería xustamente esa: poñer en orde os datos e sometelos a unha regrex. Este proceder é congruente cunha concepción utilitaria da gramática como un vademécum, un prontuario de problemas puntuais, deseñado mesmo cun formato FAQ (por dicilo á moda dos tempos), como un solucionario de fácil acceso para as dúbidas máis frecuentes. Está claro que este tipo de obras son moi útiles, necesarias e dunha rendabilidade social incuestionable. Pero non son gramáticas.

Unha gramática debe poder ser usada para solucionar problemas puntuais, e existen múltiples ferramentas accesorias para facilitar esas consultas: envíos internos, enlaces hipertextuais, índices de contidos, de materias, de voces, de autores, de obras... O que non pode é ser deseñada en función deses usos, nin pode limitarse a dar a información que neles pretendidamente se demanda. As gramáticas e os prontuarios son, non por casualidade, produtos editoriais distintos. E se a gramática renuncia a ese algo máis que ten que dar, son desde logo máis útiles os prontuarios; e se ademais organiza o seu deseño en función deses usos, xa non será unha gramática (de dúbidas) senón directamente un prontuario.

Na miña opinión, unha gramática debe orientarse á descrición integrada dun sistema lingüístico, non á descrición casuística dunha serie de fenómenos concibidos como problemas en potencia e escasamente integrados –aínda que organizados dalgún xeito, por suposto. En congruencia con isto, *describir* algo en gramática debe (aspirar a) consistir en *explicar como funciona* ese algo⁶. Non se trata, por tanto, de describir uns datos convenientemente organizados, senón os parámetros ou principios que gobernan un fenómeno. Este tipo de descrición (que fronte á outra podemos chamar *descrición elevada* ao obterse por elevación indutiva, mediante xeralizacións extraídas do particular) resulta sempre preferible a unha proliza enumeración de regras particulares que moitas veces, se son unha descrición exhaustiva, é porque deixan exhausto –e coa cabeza feita un bombo– a quen as le de corrido. Outra cousa é, abofé, que sexamos quen de erguer o noso intelecto e dar coa chave de tan elevada meta.

Pois ben, as devanditas zonas inestables da sintaxe son un bo banco de proba das limitacións deste xeito casuístico de describir a rentes. Ímolo ver coa descrición do uso da preposición *a* introducindo *OD*. O tratamento deste punto emblemático nas gramáticas (galegas e das demais linguas con marca diferencial do obxecto) bandea entre algúns sonoros silencios (como en Carballo, que omite o pouco –pero bo– que dicía Saco) e bastantes prolizas enumeracións de regras que deixan trala súa lectura unha impresión de caos pois esas regras:

- a) pertencen a rangos moi diferentes,
- b) son de natureza heteroxénea,
- c) ás veces encerran contradicións e desde logo solapamentos, e
- d) por numerosas que sexan, non cobren finalmente toda a casuística.

Acaso é porque fan falta máis regras para cubrir novos casos? Ben ao contrario, sobran. O problema está na maneira de definir o fenómeno e de construír esas regras. A gramática de Freixeiro (2000: 630-639), que trata o tema por extenso (en realidade non fala doutra cousa en toda a sección dedicada ao *OD*), con algúns apuntamentos lúcidos e outros non tanto, é un bo mostrario desas eivas. Dásenos unha casuística tan profusa como confusa, difusa e desordenada, que proxecta algunhas luces pero tamén moitas sombras, porque se acenden demasiados focos (demasiadas regras, ou mellor, “casos”) cunha disposición pouco ou mal planificada: observacións imprecisi-

⁶ Ao lingüista sempre lle interesa, ademais, esculcar no *por que* dese xeito de funcionar, pero estas cuestións non adoitan ter xa o seu lugar máis apropiado nas gramáticas.

sas, unhas veces repetidas ou sobrepostas e outras fóra de lugar; unhas poucas elevadas, algunhas rasantes e algunhas rastreiras; nalgún caso contraditorias, produto de acumulacións de fontes diversas que non harmonizan... A vontade de describir máis non conduce a facelo mellor. Canto máis se multiplican as regras, máis se incorre nas pexas (a,b,c), nunca se chega a superar a eiva (d) e máis se afínca o convencemento de que un sistema tan complicado e tan inexacto non pode ser realmente certo.

A descrición debe construírse nun nivel máis abstracto, pois a presenza ou ausencia da preposición non depende de se o OD é *Deus*, *mamá* ou *papá* ou un nome propio de santo (agás *Deus*) e non dunha persoa do común dos mortais, ou de se o verbo é *chamar* ou *mandar*, ou expresa sentimentos como *amar* ou *querer*... e semellantemente un nutrido etcétera de casos, tan longo como variopinto. A descrición debe remitir á explicación do sistema de marcaxe diferencial do obxecto, mecanismo de identificación selectiva do OD fronte a unha eventual confusión deste co suxeito. A decisión de levar ou non marca preposicional realízase conforme uns parámetros –de mecánica común para todas as linguas marcadoras diferenciais– que teñen que ver basicamente co grao de animacidade e determinación da entidade que funciona como OD, e que definen unhas zonas de uso obrigatorio da preposición (as de máis alto potencial de confusión co suxeito) e unhas zonas de conmutación nas que decisión de usar ou non preposición depende dunha avaliación *ad hoc* do falante. Este ten que tomar en consideración elementos adicionais aos devanditos, como a comparación dos trazos semánticos do OD cos do suxeito, as alteracións na orde de constituíntes e certos contextos sintácticos que propician a confusión entre ambos, á vista dos cales o falante toma a decisión, ás veces subxectiva e mesmo subxectivamente variable, de usar ou non a preposición.

Por tanto a descrición deste interesante ítem gramatical (e a doutros moitos⁷) só se pode facer explicando as pautas, ás veces complexas e abstractas, en virtude das cales o falante debe decidir. As descricións demasiado a rentes da casuística teñen o perigo de que non explican, proxectando no sistema a imaxe do caos, tal como se a lingua estivese alentada por unha Mente arrevesada e caprichosa, que gusta de marear os seus atribulados usuarios.

⁷ A colocación dos clíticos é outro punto emblemático da gramática galega (e portuguesa) en que se evidencia este modo de actuar, con longas enumeracións de regras heteroxéneas, cheas de excepcións que se somenten a novas regras, ata conformaren unha aparataxe regulamentista enormemente complexa. Xorde así o receo de aínda non termos atopado as claves certas do tema, que a bo seguro haberían abrir o paso a unha explicación máis sinxela. O problema non é, abofé, doado pero nos últimos tempos téñense producido interesantes avances explicativos neste punto.

Pero o peor é que con frecuencia tampouco describen, porque a cousa-en-si non se deixa apreixar sen mudarmos de estratexia.

3.1.2. Nalgúns casos, por contra, os problemas descritivos veñen dados por un inoportuno desapego verbo dos datos que nos fornece a realidade da lingua. Cunha base empírica eivada constrúese un modelo explicativo aparentemente congruente, mais que acaba por xerar problemas de descrición: uns desaxustes que en realidade están inducidos pola hipótese teórica de que se parte. Ímolo ver facendo unha breve visita a un dos máis típicos, interesantes (e visitados) exemplos de construción sintáctica inestable: o *se* impersonal⁸, “terreo movedizo da sintaxe”, en palabras de Nelson Cartagena (1972: 147). A orixe desa inestabilidade reside no sobrecargo funcional asumido por un clítico que vai incorporando co paso do tempo novas construcións, nun acelerado proceso de desprazamento aínda en curso. Obtense así unha vizosa mostra de variación sintáctica, que se pode enxergar no seguinte exemplario:

- (1a) Alúganse as casas
- (1b) Alégase as casas
- (1c) A casa alégase
- (1d) Alégase a casa
- (1e) Vívase ben
- (1f) Avisouse a Luís
- (1g) Asinouse o acordo polo secretario

Entre os ríos de tinta que ten feito correr este tan inestable *se* impersonal, a maioría dos gramáticos quixeron tal vez proxectarlle unha desexada solidez postulando e describindo dúas construcións sintácticas pretendidamente distintas: unha chamada *pasiva reflexa*, coa FN concordando co verbo, da que sería exemplo canónico (1a) e proba “incontestable” (1g), e outra denominada xeralmente *activa impersonal*, en que a FN non concorda, e que tería como canon (1b) e (1e,f) como mostras “inequívocas”. Realízase unha descrición formal das propiedades de ambas as construcións, na cal finalmente sempre queda unha ampla zona de indeterminación entre as dúas posibilidades, da que serían expoñentes (1c,d). A adscrición destes casos a unha construción ou outra das postuladas resulta absolutamente apriorística e sometida a disputas francamente bizantinas (iso si, cunha certa tendencia a in-

⁸ Para unha caracterización máis demorada desta construción e dos meus puntos de vista sobre ela, vid. Cidrás (1991).

interpretar (1c) como pasiva e (1d) como activa impersonal). Realmente, toda a descripción destas construcións pronominais impersonais está inzada de apriorismo e bizantinismo.

Algúns gramáticos sosteñen que todas estas construcións pronominais deben ser analizadas como pasivas (reflexas): tal é a posición de autores como Bello, e moitos outros no seu ronsel, na gramática española, ou a de Vázquez Cuesta na portuguesa, por acudir a autoridades de referencia nos nosos ámbitos máis próximos. Outros gramáticos analízanas por contra todas como activas (impersoais): é o que fan autores tan solventes como Lenz ou Said Ali. Finalmente atopamos a postura intermedia -unhas son activas (1a,g), outras pasivas (1b,e,f)-, solución ecléctica que é a máis estendida na gramática tradicional e a que atopamos, no ámbito galego, en Álvarez, Regueira e Monteagudo (1986) e logo tamén en Álvarez e Xove (2002). Como é doado de apreciar, cando o verbo está en P3 a concordancia verbal pode indistintamente considerarse inducida quer pola FN (como nas pasivas) quer por unha proforma (como nas impersoais, cfr. P3-*chove*, P3-*bai caldo*, P3-*parece que...*), polo que se produce unha neutralización das marcas das dúas construcións: “entón a construción pode corresponder tanto a impersonal activa coma a impersonal pasiva” (Álvarez e Xove 2002: 89). A “solución” alternativa consiste, como apuntabamos máis arriba, na adscripción apriorística a unha construción ou outra, en virtude da paráfrase que, ao gusto do gramático, se faga da ocorrencia (*alégase a casa* = ‘alguén a aluga’ vs. ‘é alugada por alguén’).

O problema non está nunha incómoda, por frecuentísima, neutralización dunha oposición (de voz) coa que se caracterizaban contrastivamente dous tipos de construcións con *se* –activas impersoais vs. pasivas reflexas. O problema é, segundo eu vexo as cousas, que non hai tal oposición (que, abofé, en ningunha gramática se define, por ningures se nos explica en qué consiste) e por tanto só hai unha única construción e non dúas. Concorde ou non as respectivas FFNN, todas as construcións (1a-g) son reflexivas e todas son impersoais –salvo (1g), que riza o rizo ao incorporar o chamado complemento axente– e non aprecio entre elas unha oposición de voz activa vs. pasiva, que en calquera caso habería que caracterizar funcionalmente, cousa que nunca se fai. En ausencia desa caracterización, a percepción é que o falante emprega unha única construción na que a eventual concordancia ou discordancia coa FN non responde a unha escolla funcional pola súa parte, coa que pretenda provocar no seu interlocutor distintos efectos pragmáticos, nin por suposto evocar nel distintos contidos representativos.

O que temos por tanto é unha única construción impersonal, cunha inestabilidade formal nas marcas de concordancia que é consecuencia da redución argumental a que se somete unha estrutura primitivamente biactancial:

alugar (*alguén, algo*) > *alugarse* (*algo*). A desaparición da primeira FN fai perder a relevancia de como se resolve a concordancia verbal coa FN restante. Pois ben, o gramático ten que dar conta desta falta de decantamento nas marcas desta construción e describir consecuentemente os elementos variacionais que dela se derivan, caracterizando todas as variantes conforme as súas condicións de uso real na lingua: así (1g) podería estar caracterizado como tecnolectal e hipercaracterizador dun código que se procura afastado da lingua franca, (1a) como máis frecuente que (1b), sobre todo na lingua escrita, etc. Pero en todo caso como variantes dunha única construción, que ten como finalidade permitirlle ao emisor a formación de enunciados impersonais.

Postulando a existencia de dúas construcións (unha activa, outra pasiva) o que se fai é disfrazar unha situación real de variación inestable coa fasquía de dúas estruturas máis estables. Pero, ademais de ser unha pura aparencia carente de soporte empírico, a hipótese acaba por xerar tamén problemas de prescrición claramente indesexables, como veremos.

3.2. *Problemas de prescrición*

Como xa quedou dito, a presión uniformadora no eido da sintaxe é menor que a existente noutras disciplinas (ortografía, morfoloxía, léxico) por mor do seu escaso relevo na configuración dun estándar diferenciado. Seguramente por iso, a xustificación da prescrición sintáctica e a súa propia formulación vén con frecuencia inducida por análises explicativas excluínates. Xorde máis dunha deformación profesional que non dunha demanda social. Especificamente para o caso da construción pronominal impersonal, os múltiples e contraditorios xuízos prescritivos que se teñen dado á volta dela están condicionados por apriorísticas tomas de postura dos gramáticos con relación a un falso dilema levantado por eles mesmos. Vexámolo, aínda que sexa pouco máis que nun abrir e pechar de ollos.

En efecto, os defensores do carácter activo destas construcións pronominais rexeitan como agramaticais ou inaceptables as construcións con complemento axente (tipo (1g)), ao seren contraditorias coa “gramática” ou modelo explicativo que eles propugnan, aínda a pesar de estaren presentes desde a Idade Media en todos os períodos da lingua. E visto que non poden propugnar, por arraigadas, o desterro das construcións concordadas (tipo (1a) *alúganse casas*) xustificáncas como unha falsa concordancia, produto dun alargamento analóxico a partir doutra estrutura viciña: “é devida à influência de frases de verbo pronominal com sentido manifestamente reflexivo”, xustificaba Said Ali (1908: 16).

Por contra, os defensores do carácter pasivo destas construcións repudian simetricamente a variante non concordada (tipo (1b) *alúgase casas*)

considerándoa imposible ou, cando non, vulgar, ponderando daquela o seu carácter cuantitativamente marxinal, alí onde os outros a defendían con empeño, atribuíndo a súa relativa escaseza na lingua escrita á autocorrección derivada dun acoso purista alentado por “profesionales y ... aficionados a la filología, que siempre han gustado de volverse de espaldas a la lingüística”⁹. E aínda que claramente relutantes aos postulados do modelo explicativo proposto, teñen que aceptar a gramaticalidade das construcións con verbo intransitivo (tipo (1e)) e coa FN introducida por preposición (tipo (1f)), acudindo a unhas análises tan artificiosas como dificilmente sostíbeis para xustificalas. Así Bello (1847) analiza *se duerme* “como si dijéramos *se ejecuta el dormir*” (§787) e *se colocó a las damas* como *se dio colocación a las damas* (§791). Elimina, por tanto, o problema da imposibilidade de analizar como pasivas unhas construcións realizando a análise sobre unhas paráfrases súas que, a fin de contas, son xa outras contrucións distintas.

Repárese, para o caso do que nos interesa agora, na simetría dos comportamentos, co común recurso á proscripción normativa, aínda que con orientacións opostas, condicionadas polas distintas gramáticas explicativas de que en cada caso se parte. Cando a proscripción se revela inviable, procúranse saídas máis ou menos decorosas para xustificar a “anomalía”. Pero repárese, máis alá da anécdota, en que deste xeito o que se fai é poñer o estándar ao servizo da gramática –acernando a realidade para axustala ao molde explicativo que se propón– en vez de construír unha gramática ao servizo do estándar –ao servizo do afortalamento dunha norma padrón común.

Vaiamos ao sentido último da prescripción. Trátase dunha concesión gramática que emenda a convición ecolóxica de que a *variatio delectat*. O deleite da diversidade subordínase á necesidade uniformadora inherente ao proceso de conformación dun estándar, en tanto que este se revela como indispensable para a normalización social do idioma. Mais o principio así concedido de que, asemade, *variatio obstat*, ten que ter unha amplitude moi restritiva, limitada a tan magna causa. Non pode converterse nun principio con máis poder do estritamente necesario, toda vez que seguimos gozando da diversidade. Así as cousas cabe preguntarse: se os falantes, para referiren a mesma realidade nos mesmos contextos de uso din unhas veces *Alúgase esas casas* e outras *Alúganse esas casas*, ¿por que habemos de proscribir ou estigmatizar ningunha delas? ¿É razoable pensar que resulta danada a solidez

⁹ C. P. Otero (1968: 1842). A contraargumentación deste lingüista galego é neste punto nidia, e tamén paradigmática dun modo de operar que fai prevalecer a gramática (proposta polo gramático) sobre a lingua (usada polos falantes): “Los dientes cariados abundan más que los no caridos, y no por eso se deduce que las caries son lo normal” (*ibid.*).

e a eficiencia do estándar por fiarmos ao criterio do falante tanta discrecionalidade?

Exemplos deste tipo podémolos atopar en moitos ámbitos da sintaxe, e o da concordancia é de certo un terreo moi fértil na produción destas estruturas inestables. O cal non ten que ver (saliéntese a obviedade) cun obstinado desleixo colectivo no uso deste mecanismo sintáctico, senón coas condicións da súa propia mecánica de funcionamento. Coa mesma pedra (e coa mesma porfía prescritivista) batemos, por exemplo, ao darmos conta da alternancia *boubo festas* vs. *bouberon festas*, ben que neste caso a sentença prescritiva tende a actuar en sentido inverso, rexeitando a variedade concordada¹⁰. E en definitiva perante o mesmo dilema nos coloca a dupla posibilidade de concordancia nas construcións mensurativas do tipo *A maioría dos asistentes votou / votaron a favor da proposta*, e semellantemente moitas outras alternancias rastrexables en moitas linguas (supoño que en todas as que dispoñen do mecanismo da concordancia), envolvendo sempre variantes perfectamente motivadas pola gramática desas linguas, e non desde logo produto dun solecismo que só existe na mente de quen proscribe¹¹.

O abuso dos dobretes nun código, a discrecionalidade non discriminada, son recursos potencialmente perniciosos nun proceso de estandarización (é dicir, de construción de *un* sistema normativo *común*), pois poden servir para dar a falsa impresión de termos un estándar uniforme cando o que temos son diversos modelos de lingua (se cadra mesmo pouco afíns) que conviven baixo un mesmo teito, pero sen faceren vida en común. Como os hóspedes dunha pensión, que non por viviren na mesma casa forman unha familia. Pero mesmamente porque non todas as compoñentes da gramática teñen a mesma relevancia na configuración do estándar, tampouco a discrecionalidade e o mantemento da variación ten nas distintas compoñentes os mesmos efectos sobre a solidez e eficacia do estándar. No ámbito da ortografía e da morfoloxía, pola grande recorrencia dos seus ítems e pola súa alta visibilidade, o abuso dos dobretes pode levar doadamente á situación ilusoria que

¹⁰ En catalán, por contra, onde esta mesma alternancia ten unha distribución dialectal, é a construción concordada a opción non marcada dos dialectos central e valenciano. A pesar de ser unha opción reivindicada para o estándar por diversos gramáticos e mesmo inicialmente por Fabra, o xuízo gramatical dominante tende a non aboala, co que é moito máis frecuente na fala que na escrita, nunha sorte de diglosia interna que se repite decote en todas estas construcións sintácticas inestables.

¹¹ Outro exemplo, inexistente en galego, nos fornece de novo o catalán (por non mudar de lingua de contraste) coa alternancia *Arribarà / arribaràn mols estrangers* (Rosselló 2002: 1892) característica dos falares nor-occidentais e limitada a verbos inacusativos con FN indefinida posverbal –características que determinan o tratamento da FN como un obxecto, dentro da FV, e non como un suxeito, argumento externo.

acabamos de describir. As efémeras *Normas* de 1980 foron un bo exemplo disto; dicíndoo con palabras de Monteagudo, a proposta “aparentaba ofrecer tantas posibilidades de escolla, que semellaba unha codificación en paralelo de posturas que se estaban revelando incompatibles e irreconciliables” (1990: 310).

Na sintaxe, por contra, os riscos que o mantemento de ítems variacionais supón para a solidez do estándar son moito menores, como menor é o peso específico desta compoñente no estándar e asemade o seu teor simbólico, certamente baixo. Por iso as variantes dunha construción sintáctica non adoitan estar socialmente moi marcadas nin moi estigmatizadas, e por iso os gramáticos non adoitan percibir a súa concorrencia como un perigo para a consolidación do estándar:

Ó contrario do que ocorre no campo da fonética e da morfoloxía, no que as normativas adoitan ser moi restrictivas ofrecendo só unha variante como prescritiva, na sintaxe, dentro do gramatical, pode haber varias estruturas aceptales. (...) A sintaxe é a parte da gramática que menos ‘abstand’ e ‘ausbau’ (separadas / elaboradas) son o portugués e o galego, o galego e o castelán e en xeral tódalas linguas románicas e outras que forman familias parecidas. Por iso a sintaxe non é tratada case nunca de modo prescriptivo, a non ser para condenar algunhas construcións agramaticais (**teu coche* en vez de *o teu coche*) inducidas polo contacto co castelán; na maioría dos casos ou ben se describe o uso ou, como moito, se recomenda unha construción como máis enxebre (Santamarina 1994: 75)

Este veu sendo o modo de actuar dominante na historiografía gramatical galega e non vexo motivo para mudalo. Non acabo de ver a pertinencia, nin moito menos a efectividade, de orientacións gramaticais excesivamente intervencionistas ou tendentes a un prescritivismo a ultranza, e non concordo desde logo con ningún tipo de exclusivismo dogmático, por ben intencionada que sexa a vontade dos seus valedores. Avogo (e vogo), pois, por un prescritivismo minimalista en sintaxe, que levante acta das opcións socialmente rexeitadas *de facto* e, en todo caso, faga propostas correctoras para neutralizar interferencias externas. Un prescritivismo fedatario (descritivista, por tanto) e moderadamente correctivo. Paréceme perigosa a tentación do prescritivismo prospectivo ou proactivo, que procura orientar os falantes a prol ou en contra de opcións que a sociedade asume non discriminatoriamente (dentro das xeradas polo propio sistema, por suposto); dunha banda, polo que ten de atentatorio contra unha diversidade que non supón ningún risco para a norma e constitúe unha riqueza para a lingua que debe ser preservada; por outra parte, polo que ten de dirixismo teleolóxico, actitude frecuentemente paternalista e benévola, pero sempre potencialmente perigosa.

RECAPITULACIÓN

Remato xa cunha breve recapitulación das ideas nucleares desenvolvidas nesta contribución, artellada en dous treitos simétricos. No primeiro expoño unhas consideracións retrospectivas acerca do tratamento dado á sintaxe nas gramáticas tradicionais. No segundo desenvolvo algunhas reflexións prospectivas acerca do xeito como debe ser tratada esta compoñente nunha gramática de hoxe en día, nomeadamente na dinámica da tensión entre descrición (da variación) e prescrición (dun código común).

A caracterización que fago do tratamento da sintaxe nas gramáticas tradicionais susténtase sobre as seguintes trabes:

- O estándar está integrado por un conxunto difuso de usos lingüísticos canónicos, a xeito de gramática reducida, na que a selección de ítems mostra unha moi desigual presenza das distintas compoñentes da gramática. A escolla está guiada por un principio de visibilidade en virtude da cal a relevancia dos fenómenos lingüísticos con relación ao estándar é inversa á súa importancia estrutural con relación ao sistema.
- O papel destas compoñentes na configuración do estándar condiciona o seu tratamento e o peso específico que acadan nas gramáticas (obras tradicionalmente concibidas ao servizo da conformación do estándar), como evidencia a organización morfoloxista común a case todas elas.
- Este morfocentrismo relega a sintaxe nas gramáticas tradicionais á marginalidade (cando non á simple ausencia) e a un tratamento fragmentario e pouco integrado dos fenómenos descritos, o que resulta congruente coa baixa presenza e visibilidade da sintaxe no estándar.
- A selección dos ítems sintácticos fragmentariamente incorporados ás gramáticas vén condicionada pola variación lingüística e prodúcese a través de dúas vías de acceso:
 - a) unha vía identitaria, pola que se lle dá un tratamento privilexiado aos escasos fenómenos diferenciais ou de autoidentificación e que constitúe a primeira e máis caudalosa fonte de selección, e
 - b) unha vía de acceso por variación interna, máis escasa e recente, que dá entrada a fenómenos sintácticos variacionais á volta dos cales se vai xerando certa dinámica prescritivista, en xeral feble e pouco perentoria, como demostra o feito de estaren practicamente ausentes das gramáticas galegas ata hai un par de décadas.
- Este tratamento marxinal e fragmentario da sintaxe nas gramáticas é insatisfactorio e debe ser substituído por unha descrición integrada, dentro dunha concepción da gramática en que a organización dos

seus compoñentes debe vir dada pola importancia de cada un deles no sistema lingüístico, non pola súa visibilidade no estándar.

Complementando esta caracterización, na segunda parte fago algunhas reflexións acerca de como considero que se debe orientar a descrición destes fenómenos, tomando como base ilustrativa construcións sintácticas inestables, que amosan variación por mor de mudanzas en curso, e que nos serven para testar problemas no seu tratamento descritivo e prescritivo:

- Fronte ás descricións construídas demasiado a rentes dos feitos mesmos que se queren reflectir, describir algo en gramática debe (aspirar a) consistir en explicar como funciona ese algo. A descrición dun fenómeno variacional ten que dar conta das pautas, ás veces complexas e abstractas, en virtude das cales o falante debe decidir, e non limitarse a organizar unha casuística de prolixas regras de diveso rango.
- O prescritivismo gramatical é unha concesión pragmática pola que, excepcionalmente, a diversidade se subordina á necesidade uniformadora do estándar. Fronte ao que ocorre na morfoloxía ou na ortografía, a presión prescritivista en sintaxe é polo xeral feble e a concorrencia de estruturas non se percibe como un perigo. O prescritivismo en sintaxe debe ter, por tanto, un carácter minimalista, fedatario e, en todo caso, moderadamente correctivo. Paréceme inadecuada a tendencia ao prescritivismo sistemático e proactivo.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Álvarez Blanco, R., X. L. Regueira e H. Monteagudo (1986): *Gramática galega*. Vigo: Galaxia.
- Álvarez Blanco, R. e X. Xove (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Auroux, S. (1994): *La révolution technologique de la grammatisation*. Liège: Mardaga.
- Bello, A. (1847): *Gramática de la lengua castellana destinada al uso de los americanos*. Santiago de Chile: El Progreso.
- Carballo Calero, R. (1966): *Gramática elemental del gallego común*. Vigo: Galaxia, 1968².
- Cartagena, N. (1972): *Sentido y estructura de las construcciones pronominales en español*. Concepción: Instituto Central de Lenguas / Universidad de Concepción.

- Castro, I. (2003): "O lingüista e a fixación da norma", en *Actas do XVIII Encontro da Associação Portuguesa de Lingüística*. Lisboa: APL, 11-24.
- Cidrás Escáneo, F. A. (1991): "As construcións pronominais en galego. Proposta de clasificación e caracterización", en M. Brea e F. Fernández Rei (coords.) *Homenaxe ó Prof. Constantino García*. Santiago de Compostela: Universidade, vol. 1, 101-125.
- Cidrás Escáneo, F. A. (1994): "Modelos de lingua e variación sintáctica", *Cadernos de Lingua* 10, 103-118.
- Cuveiro, J. (1868): *El habla gallega. Observaciones y datos sobre su origen y vicisitudes*. Pontevedra: Imp. J. A. Antúnez.
- Fernández Salgado, B. e H. Monteagudo (1995): "Do galego literario ó galego común. O proceso de estandarización na época contemporánea", en H. Monteagudo (ed.), *Estudios de sociolingüística galega: sobre a norma do galego culto*. Vigo: Galaxia, 99-176.
- Freixeiro Mato, X. R. (2000): *Gramática da lingua galega*. Vol. II. *Morfosintaxe*. Vigo: A Nosa Terra.
- Giles, H. e P. F. Powesland (1975): *Style Speech and Social Evaluation*. London: Academic Press.
- González Seoane, E. (1994): "Concepcións do galego estándar nos gramáticos galegos do século XIX", en *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, vol. VI, 75-88.
- Mirás, F. (1864): *Compendio de gramática gallega-castellana*. Santiago: Imp. M. Mirás.
- Monteagudo, H. (1990): "Sobre a polémica da normativa do galego", *Grial* 107, 294-316.
- Otero, C. P. (1968): "El otro se", en *Actas del XI Congreso de Lingüística y Filología Románicas*. Madrid: CSIC, 1841-1851.
- Pintos, J. M. (1853): *A gaita gallega tocada po lo gaiteiro, ou sea Carta de Cristus para ir deprendendo a ler, escribir e falar ben a lingua gallega, e ainda mais*. Pontevedra: Imp. J. y P. Vilas.
- Prista, L. (2001): "De filólogos a linguistas", en M. H. Mira Mateus (coord.), *Caminhos do Português*. Lisboa: Biblioteca Nacional, 157-198.
- Rossellò, J. (2002): "El SV, I: Verb i arguments verbals", en J. Solà *et al.* (dirs.), *Gramàtica del català contemporani*. Barcelona: Empúries, 1853-1949.
- Saco Arce, J. A. (1868): *Gramática gallega*. Lugo: Imp. Soto Freire. Cito pola 2ª ed. Ourense: Tanco, 1967.
- Said Ali, M. (1908): *Dificuldades da língua portuguesa*. Rio de Janeiro: Livraria Acadêmica, 1966⁶.
- Santamarina, A. (1974): "Gramática", en *Gran Enciclopedia Gallega*. Xixón: Silverio Cañada, vol. 16 [198?], 191-195.

- Santamarina, A. (1994): "Norma e estándar", en G. Holtus, M. Metzeltin, C. Schmitt (eds.), *Lexikon der Romanistischen Linguistik. VI, 2. Galegisch, Portugiesisch*. Tübingen: Max Niemeyer, 66-79.
- Valladares, M. (1892): *Elementos de gramática gallega*. Vigo: Galaxia, 1970.

A DEFINICIÓN DUN ESTÁNDAR SINTÁCTICO: PROBLEMAS, CAUTELAS, LÍMITES

Rosario Álvarez

Instituto da Lingua Galega (USC)

Correspóndeme a min abordar o asunto dun estándar sintáctico, non só no sentido da conveniencia de definirmos e codificarmos esa tal variedade, senón, de aceptado o anterior, no de cales deben ser os criterios de selección dos trazos considerados e, en última instancia, as súas características globais. Nas presentacións realizadas neste mesmo volume polos representantes de grandes proxectos de gramáticas de linguas peninsulares podemos comprobar un moi alto grao de coincidencia na maneira de encarar a variación sintáctica á hora de describir a sintaxe estándar, a pesar das diferenzas obxectivas e evidentes, lingüísticas e sociolingüísticas, entre as catro linguas históricas consideradas.

Continuando a presentación feita neses capítulos, convén lembrar que a sintaxe é un dos ámbitos en que resulta máis evidente a escasa marxe de manobra alí aludida, porque na maior parte dos casos xa se produciu ou se está a producir unha decantación social que fai prevalecer unhas formas sobre outras, e máis porque hai unha amplísima coincidencia de base entre a sintaxe das distintas variedades dunha lingua histórica; é, ademais, un ámbito no que non é doado realizar unha codificación precisa e completa, e de feito esta non acostuma existir nin sequera nas linguas que máis avanzaron neste camiño e nas gramáticas con maior carga prescritiva, que con frecuencia se limitan a pronunciarse sobre tal ou cal construción. Mais non por iso renunciamos á redacción dunha gramática que, tamén na sintaxe, dea conta da maneira ou maneiras de ser do galego estándar.

As liñas xerais esbozadas entón para a gramática no seu conxunto, son aplicables tamén á sintaxe, e podémolas resumir en seis principios básicos:

- (a) A sintaxe do galego estándar nin se pode corresponder coa dunha variedade determinada nin pode acoller unicamente trazos que se dean na totalidade das distintas variedades, sexan estas do tipo que sexan, nin sequera limitarse aos que estean espallados por todo o territorio. Dito doutro xeito, a sintaxe estándar ten que tecer estrutu-

ras e comportamentos sintácticos procedentes de diferentes variedades territoriais, sociais, estilísticas ou cronolóxicas.

- (b) A acollida dunha forma dada (e usarei *forma* en sentido amplo) non implica a exclusión doutras equivalentes. En todo caso, eventualmente, débese advertir do diferente grao de aceptabilidade, vixencia ou adecuación, cando estes se poidan obxectivar a través da tradición gramatical ou deducir do sentimento xeral dos falantes.
- (c) A descrición debe ser abranxente da maior cantidade posible das opcións e contextos reais, de maneira que se vexa reflectido nela o maior número posible de falantes.
- (d) A selección dos trazos considerados ten unha dobre limitación: dunha banda, a reducida marxe de manobra que deixa a decantación xa citada, que ten que ver coa aceptación polos falantes; doutra, a extensión, complexidade e fondura do texto descritivo. Digamos que a maior difusión no uso, oral ou escrito, e a maior tradición gramatical son unha garantía de selección dos trazos; por contra, unir ser moi minoritarios con marcar en exceso unha certa variedade propician a súa exclusión.
- (e) É preciso guiar ou precisar a descrición en casos de posibles ambigüidades, así como tomar decisión explícita naqueles en que comportamentos posibles e mesmo habituais en determinadas variedades son inaceptables noutras.
- (f) Aínda sendo unha descrición obxectiva, cabe destacar os trazos característicos do galego por medio dun exercicio de comparación gramatical implícito, e de xeito especial aqueles que, por non coincidiren co español, corren máis perigo de quedaren abandonados no uso.

Como puidemos comprobar neste mesmo foro, as liñas xerais son doadamente enunciáveis e aceptables sen apenas discusión. Ora ben, sen restarlle importancia ao feito extraordinario de sabermos cal é o noso norte, nin ao de que a maior parte das estruturas e comportamentos sintácticos son integrables sen ningún tipo de problema na variedade estándar, o labor presenta un grao de dificultade maior do que aparenta a primeira vista. Os problemas reais con que nos enfrontamos, á hora da descrición, teñen que ver, sobre todo, ou con características inherentes á propia sintaxe, ou coa dificultade de conseguir datos, *fiabes* e en número *suficiente*, sobre os que nos basear.

A ESPECIFICIDADE DA VARIACIÓN SINTÁCTICA: PROBLEMAS E CAUTELAS

1. No campo da sintaxe a variación séntese comunmente como algo positivo, como unha amplitude de recursos que constitúe en si mesma unha riqueza. A duplicidade de formas non resulta incómoda ao usuario, que agradece esta liberdade de escolla e a lixeireza que o cambio de estrutura achega ás súas composicións textuais. Os estilistas e os ensinantes promovemos con vehemencia este tipo de variación, e do mesmo xeito que exhortamos a que feita unha escolla morfolóxica esta se manteña congruentemente ata o final (p. ex., *posíbel, pagar o xantar, ao...*), aconsellamos non repetir arreo os mesmos esquemas sintácticos. Así, por exemplo, ofrecemos opcións alternativas, coma as seguintes:

Xunto ás oracións conxuntivas con *que* as oracións amodotemporais con infinitivo, preferiblemente conxugado: “Fágocho coa condición [de *que veñas* ~ de *vir(es)*] comigo”.

A construción ‘prep. *de* + inf.’ é tamén unha alternativa a oracións conxuntivas con *se* con valor condicional (“*De vires* comigo, fágocho = *Se ves* comigo, fágocho”), sen que importe a posible anfiboloxía derivada de que unha construción idéntica sexa alternativa a oracións con valor temporal (“[*De vires* ~ de *que veñas*] comigo, fágocho = *Así que veñas* comigo, fágocho”).

2. Aínda que un falante nunca chegue a actualizar as posibilidades máximas do sistema, a gramática interiorizada da súa lingua fai que acepte e comprenda formas sintácticas nunca antes producidas por el nin á súa volta, cunha ampla marxe de maior ou menor dúbida sobre a gramaticalidade das que forzan máis as regras e por iso se sitúan nas marxes de tolerancia.

Estas fronteiras difusas do que é gramatical, ou mesmo do que é aceptable, dificultan moito a captación de datos. Os que traballamos con *corpora* obtidos a través de textos (orais ou escritos) somos conscientes de que hai unha grande variedade de construcións que non ocorren nunca neles ou que o fan raramente, por motivos de moi diversa índole, ou que ocorren nunha proporción que non se corresponde coa vitalidade real para os falantes (á alza ou á baixa); se para resolvermos os casos conflitivos recorreremos á enquisa directa, colocamos adoito os falantes nunha posición de moi serias dúbidas sobre as súas propias escollas sintácticas, sobre as que coñecen e non practican, sobre as que son aceptables aínda que inusuais na súa conterna e, incluso, sobre as decididamente agramaticais.

Vou poñer un exemplo que considero ilustrativo. Hai uns anos, con ocasión dunha investigación sobre a posición dos clíticos respecto do infinitivo, topeime co problema dos límites da posición ‘nexo + clítico + inf.’ cando o nexo non fose unha preposición, pois, de acordo coa miña competencia,

non dubidaba en casos como “Non sabía *como me* poñer”, “Non sabía *se llo* dicir”..., mais si, e moito, en casos coma “?Non tiven máis remedio *ca llo* contar”, que eu non diría nunca aínda que non atopaba claramente rexeitable. Elaborei un cuestionario de 50 enunciados, cada un deles con dúas opcións (do tipo “¡Eu xa non teño *que facerlle!* vs ¡Eu xa non teño *que lle facer!*”), no que combinaba distintos nexos, distintas funcións da oración amodal, infinitivos flexionados e sen flexionar, distintas formas pronominais, etc., e pedínlles colaboración a 29 galegofalantes de distintas procedencias xeográficas e nivel cultural alto, dos cales 28 son lingüistas, non sempre dedicados á lingüística galega, pero en todo caso afeitos á reflexión gramatical. Sobre os cen enunciados resultantes pedíáselles que marcasen de xeito diferenciado: (a) aqueles que din ou poden dicir, eles mesmos, nesa orde; (b) os que non din pero consideran aceptables; (c) en caso de haber dúas opcións para eles posibles, indicaren orde de preferencia; (d) no caso de percibiren diferenzas de significado entre os membros da parella, facelo constar. O resultado parece, en principio, desolador: só en tres dos cincuenta enunciados hai coincidencia plena; noutros hai respostas tendenciais que van dunha parte entre ‘é a que eu uso de xeito preferente’ a ‘non a uso, pero é aceptable’, e doutra entre ‘non é posible’ e ‘non a uso, pero é aceptable’; noutros, finalmente, cabe todo tipo de respostas.

Ora ben, iso non significa que a pesquisa sexa inviable por estes camiños nin que non se poidan obter resultados válidos, só que é preciso extremarmos as cautelas. Continuando co exemplo da posición anterior do pronome átono respecto do infinitivo, nunha oración dependente introducida por un nexo, a situación con que nos atopamos é a seguinte:

- (a) Se o nexo é unha preposición, a marxe de aceptación é moi superior á práctica real dos falantes, pois son moitos os que a aceptan e consideran preferible a pesar de non a practicar, seguindo unha forte tendencia á énclice que se vén dando nos últimos séculos e que nuns territorios avanzou máis ca noutros: “Non tiña ansia *de me levantar* ~ *de levantarme*”. Ningún falante adulto e ben instalado no sistema rexeita a énclice como alternativa válida na súa gramática, mais cabe que informantes novos do tipo dos enquisados por B. Silva (cf. neste mesmo volume) rexeiten a próclise como non normal, ben por pertenceren a un tramo de idade que aínda está en proceso de adquisición da lingua, ben por representaren un novo estadio evolutivo. Esta circunstancia non debe alterar o sentido da descrición do estándar (isto é, non implica darlle preferencia á énclice porque é aceptada por todos), pero si aconsella deterse a describir e comentar o grao de vixencia e o estatus da variante tradicional outrora máis habitual.

- (b) Se o nexo é un relativo —con frecuencia interrogativo— ou a conx. *se*, tamén hai amplo acordo sobre a aceptabilidade, a pesar de que neste caso son moito máis numerosos os falantes que nunca a practican: “Tendes ben *onde vos* divertir”, “Non temos *con que lles* pagar”, “¡Non hai *que lle* facer!”, “Aínda non decidiu *canto lles* pedir polo piso”, “Eu non sei *se che* levar o pan, se non”, etc. son usuais para unha ampla maioría e aceptables para todos. As dúbidas que algúns dos nosos informantes manifestan teñen que ver coas probabilidades de que eles mesmos, como usuarios, cheguen a producir enunciados con esta orde, mais ao gramático esváenselle coa evidencia de que a practican outros usuarios espontáneos, polo xeral inmersos de maneira moi constante no uso do galego. De feito, do corpus textual podemos extraer rexistros coma os que serviron de base ao noso cuestionario: “Eu, ¡diðs míol!, non sabía como *me* poñer. Non sabía como *me* poñer” (Cambados), “e non temos donde *lle* poñer nada” (Triacastela), “e se non se colle, non hai que *lle* facer” (Lalín), “alí xa non hai naide a quen *lle* vender nada” (Guitiriz), “eu non sei si *che* levar o pan á aira” (Pedrafita). Os mesmos argumentos e a mesma base documental valen para a énclice, na que non nos imos demorar: “non sabían en que *gastalos* siquera, nin como *gastalos*” (Silleda), “que tiña el un sitio donde *colocalo*” (Santiago de Compostela), “Non hai nada que *facerlle*” (Castro de Rei), “non atopaba con que *mecelas*” (Ancares-LE).
- (c) Se o nexo é comparativo, incluso non formando parte dun esquema propiamente de comparación, as dúbidas dos nosos informantes sobre a gramaticalidade son moito maiores. Aceptan sen reservas como propias “Cubríanos *máis* compralas feitas *ca facelas*”, “Agora non nos queda *máis* que facer *que darlles* unha boa desculpa”, “Custa *tanto* amañar unha casa vella *coma facela* nova”, “É *máis* fácil pensalo *do que facelo* (~ *ca facelo*, *que facelo*, *de que facelo*)”, “E non lles quedou *máis* remedio *que poñerte* a coser”, etc., pero canto á posición anterior ao infinitivo (*ca as facer*, *que lles dar*...) divíden-se entre os que a rexeitan sen paliativos e os que a consideran aceptable, a pesar de non a usar, con moi raras excepcións a prol desta orde en tal ou cal sintagma concreto. Os datos do noso corpus textual confirman amplamente a posición enclítica e, de forma moi significativa, non nos permiten achegar exemplos espontáneos de posición anterior ao infinitivo: “agora cubríanos *más* comprallas feitas *que faellas*” (Boal), “non houbo *más* remedio *que botarme* polas feiras” (Noia), “porque non nos facía *máis ca falarnos* dos mortos, da compañía, das meigas” (Moraña), “el non tuvo *máis* recursos *ca ba-*

terse de buzos" (Coristanco), "Bueno, porque se se dera cosechado algo, *mellor ca compralo* era" (Lalín). A énclise é tamén a orde que se observa en escritores cunha gramática enxebre que non tenden a ultrapasar os límites sancionados polo uso ("Eu non fixen *máis que axudarche* a tirar fóra esa malenconía que che revolve os miolos", López Ferreiro), o que non quita para que tamén poidamos aducir testemuños de próclise, tirados de textos recentes escritos procura-damente en galego estándar e con pretensión de pureza gramatical galega (p. ex., "nada *mellor que se mergullar* no relato histórico do lugar para...", *O Correo Galego*). En conclusión, trátase de construcións semellantes ou iguais na forma, mais cunha diferenza gramatical que determina, entre outros trazos, a posición do clítico. Así o mostra a reacción de moitos dos nosos informantes diante da parella "Non tiñas *máis que chamarme* vs Non tiñas *máis que me chamar*", pois a pesar de que a esas alturas da enquisa era máis ca evidente que se trataba sempre da mesma construción e significado, con distinta orde, seleccionan as dúas respostas advertindo que *máis que me chamar* significa 'ningunha outra cousa á parte das que xa me chamaches' (por tanto cun *que* pronominal), entanto que *máis que chamarme*, que pode ser equivalente á anterior, enténdese prioritariamente como 'só tiñas que chamarme' (por tanto dentro dunha estrutura de relevo en que se emprega un *que* conxuntivo 'comparativo'). Ora ben, ¿que debe facer o gramático nunha situación semellante? Porque se ben é certo que o uso se inclina ás claras pola énclise, non nos pode deixar indiferentes o feito de que falantes cualificados, en número significativo, non sempre rexeitan como allea ao sistema a orde 'nexo comparativo + clítico + inf.'.¹ Diante de tal situación, ao gramático cábenlle opcións entre as que non é doado decidir: (a) actuar con extrema cautela e describir a posibilidade de próclise circunscribíndoa aos contextos seguros, sancionados amplamente polo uso, é dicir, a cando o nexo é un pronome relativo ou a conx. *se*, o que implica a exclusión doutras conxuncións con infinitivo; (b) aceptar que a consciencia dos falantes é un valor en si mesma e describir a situación en chanzos de tolerancia, situando nun máis preeminente os contextos seguros e noutro aqueles que, non sendo normais, pertencen dalgún xeito á gramática porque son

¹ Non se comportan por igual diante das distintas frases propostas. No maior grao de rexeitamento semellan xogar outros factores, como evitar o encontro vocálico en secuencias do tipo *comas*, *ca o*, fronte a unha maior aceptación de *coma lles*, *ca te*, *ca nos...*, ou a presenza do infinitivo flexionado na oración dependente (cando esta é posible).

aceptables para unha parte significativa dos falantes. Saliento que os problemas se presentan xa á hora da descrición, pero é evidente que aumentarían se se tratase de, a partir desta, facer algún tipo de prescrición.

As dúas opcións teñen vantaxes e inconvenientes. Eu quixera, neste foro, chamar a atención sobre un problema que en Galicia se presenta de maneira moi acuciante, como consecuencia da alta implicación social no proceso de elaboración do estándar. A inclusión dunha construción pouco usual nunha gramática española, portuguesa, italiana..., polo xeral non ten máis transcendencia social có feito de quedar sancionada como posible e consignada no inventario, á parte da incorporación ocasional ao seu acervo por parte de individuos concretos; en cambio, se nós deramos como posible “Nunca é tan duro oírelle contar *coma o vivires*”, é moi probable que saltase axiña aos manuais de estilo, aos libros de texto, aos cadernos de exercicios, etc., por moitas advertencias cautelosas que a acompañasen, pois o engado da novidade, da diferenza, é moi poderoso. Están fóra do control dos gramáticos as repercusións abusivas ou negativas que teñen algúns dos seus ditames, particularmente nunha sociedade en que o individuo dubida con frecuencia da validez das solucións que usa adoito e está afeito a actuar como unha esponxa, no empeño colectivo de construímos a variedade estándar mudando e arrequeitando a base propia con achegas de distintas procedencias. A consciencia desta falta de control obríganos a ser aínda máis tímidos e cautelosos, sobre todo nas descricións que non forman parte da discusión científica entre especialistas, nas revistas e foros adecuados; e, xa que logo, a non describírmolos a próclise como unha opción aceptable tras os nexos comparativos.

- (d) Finalmente, outros nexos implican con certeza a énclise, o que non significa que non se poidan aducir exemplos da lingua escrita en que tal ou cal autor se extralimitase, nin que estes non atopen tamén certa marxe de tolerancia entre os nosos enquisados. É o caso da conx. *que* en enunciados valorativos (“¡Mira *que comelo!*”) ou o *como* exemplificador (“Axudábaos en cousas de primeira necesidade, *como pedirilles* vez para o médico”). Élles aplicable o dito a propósito do contexto anterior, cun maior grao de cautela consonte o menor grao de admisibilidade que manifestan os falantes; de todos os xeitos, para o gramático esta escasa marxe de aceptación reforza a fractura entre as construcións con nexo relativo e conx. *se* e as construcións cos restantes nexos, e con ela a escolla da opción máis restritiva entre as expostas na alínea precedente.

3. Máis aínda, da experiencia anterior dedúcese que para os nosos informantes, mesmo para os tecnicamente mellor cualificados, non é doado distinguir o que choca contra os seus hábitos como falantes por ser de moi dúbida gramaticalidade (como “*¿Mira *que* o facer!”) e o que o fai só por ser infrecuente e inusual, é dicir, non-normal a pesar de estar ben xustificado de acordo coas regras da gramática. Por iso, cando falantes cualificados rexeitan un esquema impersoal do tipo “Aquí *bótase* patacas, millo, fabas...”, non sabemos con certeza se iso implica que a opción non concordada está fóra da gramática de determinadas variedades (diatópicas, estilísticas..., e por tanto deberíamos conciliar a existencia de gramáticas con distintas regras e distinto inventario de construcións) ou se só nos están informando de que, entre as dúas opcións existentes na súa gramática, eles optan adoito por “Aquí *bótanse* patacas, millo, fabas...” e non son conscientes de actualizar a outra nezas ou parecidas condicións (e por tanto a diferenza entre uns e outros falantes sería de grao, non afectaría á configuración do sistema).

En todo caso, as oscilacións dos falantes entre o rexeitamento e a aceptabilidade, de costas ao uso, colócanos tamén na disxuntiva de se están interpretando como agramatical o que simplemente é inusual (extralimítandose no seu rexeitamento) ou se a súa aceptación é indicio do nacemento dun cambio por analoxía (e, en definitiva, os que aceptan están adiántandose á comunidade).

4. Non todo o que produce un falante —por moi “paradigmático” que sexa— é extensible á gramática dos seus coterráneos, ao seu dialecto. Con frecuencia, maior na oralidade ca na escrita, producimos formas sintácticas case irrepitibles, que polo feito de quedaren rexistradas por azar nunha mostra de fala non teñen mellor carta de natureza para pasar a formar parte da descrición nin a ser norma. Vexamos de novo algúns exemplos significativos sobre casos concretos:

Diante dun sintagma como “pero a min encantábame oíla, encantábame *oíla aqueles contos* que ela contaba” (Noia), sen ningunha pausa ou inflexión tras *oíla*, podemos especular coa posibilidade dialectal dun OI expresado con acusativo ou conxectar sobre a pervivencia minoritaria de construcións emparentadas co dobre acusativo latino; ou máis ben, a falta de testemuños recorrentes que avalen as anteriores hipóteses, atribuílo a un anacoluto causado polo cruzamento de construcións no discurso, que se produce de forma ocasional e non debe pasar á descrición: ‘oír a alguén’ + ‘oír algo (a alguén)’.

Na oralidade hai mil e un problemas de concordancia. Cando o suxeito é composto atopamos tanto exemplos en que o verbo concorda de maneira natural en plural, como exemplos en que o fai en singular, co

máis próximo: “E *funo* comprar *eu e a tía Felipa* a andar desde Ribadavia ata Maside (Ribadavia) / E *fómolo* comprar *eu e a tía Felipa* a andar desde Ribadavia ata Maside” (distinto de “E *funo* comprar *eu, e a tía Felipa*, a andar...” e de “E *funo* comprar, *eu e a tía Felipa*, a andar...”, con aposición rectificadora); e non sempre é posible sabermos con certeza se, apoiándonos no segundo grupo de exemplos, debemos extraer unha regra gramatical excepcional ou se, simplemente, hai que explicalos por ser unha construción gramatical que se vai configurando, refacendo, ao ritmo da elocución, e non sempre cun resultado final canónico (isto é:volvendo ao primeiro exemplo, o locutor comeza falando en P1 e rectifica, pero xa non está en tempo de cambiar a parte inicial). Desde o punto de vista da descrición gramatical é diferente, e non por iso máis ou menos aceptable, a concordancia inesperada de “Hoxe *cada un andan* pola súa vida, quen ten coche xa marcha coa moza” (Ribadavia), onde se presenta un problema que ten que ver coa gramática e referencia dos distributivos, pois o que se baralla é se *cada un* tamén pode concordar en plural, na medida en que significa ‘todos os individuos do grupo considerados un a un’, ou se só pode facelo en singular e o testemuño aducido é *lapsus linguae*. Tamén é diferente dos anteriores o caso de “Unha vez *era o lobo e mais o raposo*” (Xermade), onde ademais das preguntas iniciais cabe plantexar se existe unha construción con *ser* existencial impersonal ou se se trata dun cruzamento ocasional con *había*. E así por diante.

Vou poñer un último exemplo de que na lingua oral espontánea se producen de forma habitual quebras e secuencias sintácticas que están fóra da norma. Ninguén dubida de que o clítico precede ao verbo nas subordinadas e todos marcaríamos como contrarios á norma sintagmas coma os que seguen, que sen embargo recoñecemos como reais e non infrecuentes en falantes con plena competencia, como aqueles dos que os tiramos: “e gracias que inda nos vai indo ben, que se vén unha cousa mala *como facíase* antes que había malos espíritos, que alomenos aora eso, agora, acabaron...” (Vilalba), “Claro, sacábaselle máis jugo, prò había algún vello *que púñase* a contar un cuento” (A Fonsagrada).

Son problemas que suscitan en nós o dilema de se se trata en verdade de realizacións ocasionais, por circunstancias excepcionais, non ben formadas de acordo coas regras da gramática dos propios individuos que as producen, ou de ata que punto baixo esa aparencia estes sintagmas encobren comportamentos gramaticais infrecuentes, pero que cómpre considerar dentro da descrición. En todo caso, se ben é certo que unha andoriña non fai verán, si obriga a preguntármonos por que aparece e a investigarmos se hai máis ocorrencias nas que ata agora non se reparara ou outros fenómenos concomitantes:

“Afogaron as mulleres, as dúas que había en casa afogáronas; unha volveu *no si* no cimiterio, pero foron e matárona” (Rubiá): suxire a conexión non só coa caída das formas reflexivas tónicas de 3P, senón tamén coa perda do seu significado categorial de ‘persoa’ (óense e lense sintagmas do tipo “Volvín en si”), e daquela o artigo estaría confirmando un chanzo máis na perda do valor pronominal de *si*.

“¿Ti coidas que sería ben, cando deámo-lo consentimento para que Mariñas entre na casa, *o lle mostrar* ise retrato co’isa fiestra que o está dicindo todo?” (Dieste): a presenza do artigo, innecesario nominalizador dunha oración amodal que se caracteriza de seu pola súa capacidade de funcionar como unha FN, forma un sintagma que garda certa analoxía formal cos constituídos por ‘prep. + inf.’, e un autor da categoría de Rafael Dieste recoloca o clítico coma se se tratase dese tipo de sintagma, mostrando con iso que na súa gramática o ámbito de aplicación das regras que regulan a posición proclítica ten límites un tanto difusos ou que, cando menos, el está aberto a unha reelaboración das mesmas en beneficio dun modelo lingüístico que considera mellor.

En “Namentras Gonzalo Ozores, *vístose* dono do campo, mandou dar alto á súa xente pra que non se espallasen” (López Ferreiro) o clítico encóstate no participio, ocupando unha posición que non figura nas descrições gramaticais do galego, nin do portugués, e que certamente resulta rechamante; ora ben, a autoridade de López Ferreiro e a presenza tamén esporádica noutros autores obriga a tomala en consideración, para ver en que medida se trata dun simple trazo imitativo de posicións arcaizantes, con perifrases ou complexos verbais invertidos (coma en “Arrolan os pinales a túa morte; xa ti *arroládo-los tés* con cántiga de mourenzas”, Filgueira Valverde), ou dunha opción minoritaria de construción e posición ata agora non descritas entre nós (cf., coa autoridade de Otero Pedrayo, “Por calquera deles Doña Adelina [...] *houbérase* desprendido das malas ca boa roupa, e *póstose* a servir de confiteira dun mantecadeiro”).

5. O falante espontáneo ten escasa consciencia da pertenza de variantes sintácticas a linguas funcionais distintas, en parte porque non vai máis aló da posibilidade/imposibilidade de producilas ou da aceptabilidade/inaceptabilidade ao recibilas, en parte porque as formas sintácticas non teñen socialmente o valor marcativo ou identitario que teñen outras formas (coma *oucalitro*, *cafeses*, *abuelo*...), en parte porque resulta máis difícil establecer o termo de referencia para a ‘corrección’. En xeral, as adscripcións deste tipo ou a penalización de determinadas formas sintácticas son consecuencia de prexuízos ou prescricións difundidas socialmente desde arriba, a través de ins-

trumentos que manexan as elites sociais, cunha atención preferente ás variedades escritas.

Tamén para o gramático resulta difícil determinar se esta ou aquela construción pertencen a variedades distintas, e mesmo establecer os criterios para poder discriminalas. Seguramente esta dificultade está na base da aceptación xeral de que na sintaxe hai moitas variables, que inclúen variantes entre as que o usuario escolle en función de cada acto comunicativo concreto. Tomemos como exemplo algúns dos moitos problemas relacionados coas opcións de concordancia, todos eles explicables gramaticalmente²: “E {ía, ían} a Ana María, e mais un fillo desa prima carnal, que...”, “Unha grande parte dos asistentes {aplaudiu, aplaudiron}”, “Fomos nós quen {dixo, dixemos} iso”, “Hai cen anos todo {era, eran} aparicións nesta nosa terra”, “Erguíámonos a ver se bailaba o sol, pero o sol non bailaba, quen bailabamos {era, eramos} nosoutros apañando os toxos”, “Eu ata agora non son vella, pero {dóeme, doénme} as pernas”... Exemplifican comportamentos recorrentes e non explicables por anacolutos circunstanciais debidos á repentización do discurso oral, polo que o lingüista debe tomalos en consideración para explicar como e por que se producen, aínda que sexa para concluír que ningún ou só parte deles deben formar parte da gramática do galego estándar. Pero cun rexeitamento apriorístico arriscámonos a trasladar á descrición os nosos propios prexuízos, en parte debidos a que determinadas opcións canxan mal nunha descrición “regular” de base prescritivista en exceso —que procura unha lingua oral que sexa traslación directa da lingua escrita, e esta un código construído á perfección de acordo coas regras precisas da gramática, con formas plenas, sen redundancias nin omisións, sen formas expletivas, etc.—, en parte herdados de modelos elaborados para outras gramáticas, coma a escolar do español.

6. Finalmente, a sintaxe é un ámbito en que non hai grandes diferenzas obxectivas entre as distintas variedades do galego, como en xeral é habitual que ocorra nas linguas da nosa contorna; máis aínda, nin sequera hai grandes diferenzas entre linguas da mesma familia, no noso caso entre as románicas (e poderíamos dicir entre as indoeuropeas), como seguramente xa

² Chamo especialmente a atención sobre a concordancia, porque a ruptura deste trazo cohesivo é tamén frecuente na escrita, sobre todo en estilos moi formais: “A CIG-Ensino entende que *o funcionario* docente do grupo B (Mestres de profesorado Técnico de F.P.) que *accederon* ao Corpo de profesores/as de Ensino Secundario, *teñen* que seguir cobrando a contía en concepto de trienios”, “Educación Infantil. Teñen previsto ofertar todas as que, ao día de hoxe, estean funcionando como *tal*” (tomados dun boletín de información sindical). Cf. o exemplo anterior de López Ferreiro: “á súa xente... espallasen”.

comprobarían a través dos exemplos aducidos neste foro, sen previo acordo, polos representantes dos equipos catalán, español e portugués.

Quizais por iso, e como consecuencia de todo o anterior, a sintaxe é un ámbito en que a incorporación de formas a partir doutras variedades e incluso doutras linguas próximas resulta máis doada e menos rechamante, quitado naturalmente que vaian contra o funcionamento básico do idioma. En xeral, o falante non ten consciencia dos límites precisos da sintaxe da súa lingua, o que implica aí unha alta marxe de aceptabilidade.

OS LÍMITES DO ESTÁNDAR

Nesta segunda parte da miña intervención tentarei presentar unha serie de casos en que se comproba a existencia de variación, para mostrar algunhas das dificultades con que nos encaramos á hora da selección (lémbrese a dobre limitación de que falabamos ao comezo) ou da descrición. Por razóns de espazo e tempo voume cinguir a variantes territoriais, deixando para outra ocasión o moi complexo mundo das variantes sociais, estilísticas e cronolóxicas. Os problemas escolmados son reais, xurdidos da experiencia de redacción da gramática, e teñen orixe na consideración de variantes ben acreditadas e que consideramos endóxeas ou cunha longa implantación.

1. Por principio, todas as variantes territoriais teñen cabida na descrición do estándar. A pregunta é se se integran todas por vía de simple suma, con independencia do grao de congruencia gramatical no sistema mixto resultante, ou se cabe algún tipo de selección e con que criterio se debe realizar. Vexamos isto sobre algúns exemplos concretos:

En parte de Galicia, na lingua coloquial, úsase con normalidade o artigo con antropónimos referidos a persoas que pertencen ao ámbito social do locutor, o que denota familiaridade e confianza co designado, coa contrapartida de que pode ser irrespectuoso se esas condicións faltan; no resto non se usa ou só se fai raramente. Movémonos, por tanto, entre a presenza e a ausencia de artigo, non estamos nunha situación de confrontación de dúas gramáticas que lle atribúen significados contrapostos, e isto facilita a integración de ámbalas opcións, coas advertencias oportunas acerca da implantación real na lingua, dos estilos, das condicións pragmáticas, etc.

As secuencias de clíticos seguen unha complexa rede de regras, que en xeral funcionan do mesmo xeito en todas as variedades galegas. Un caso de excepción constitúeo a secuencia *lleme ~ melle* en casos coma “Quítalle a culler e {pón*lleme*, pón*melle*} a tapa” (sendo *me* dativo de in-

terese [DI] e *lle* OI), con distribución territorial complementaria, que en poucas palabras podemos describir como unha opción preferente *melle* no occidente e unha opción excluínte *lleme* no oriente. A marxe de variación na lingua espontánea redúcese ao esquema '*me* DI + *lle* OI', pois con outras funcións dos clíticos implicados a orde é fixa e uniforme: *lle-me se lle* é Complemento de Solidariedade, de acordo coa regra que outorga a este unha posición adiantada, de destaque ("Os garavanzos non *lle me* prestan"), e *melle* nos restantes casos (p. ex., "Abracéimelle ós pés", co refl. *me* OD + o dativo posesivo *lle* OI), de acordo coa regra xeral que establece a orde SE-2P-1P-3P. Na nosa opinión, a descrición debe acoller as dúas variantes nos contextos sinalados, sen deixarse levar cara a *lleme* guiada polo maior grao de tolerancia, neste punto, dos falantes occidentais; ademais, debe acollela só no contexto sinalado, por máis que na lingua escrita atopemos por veces secuencias anormais.

Nos dous casos propostos, entre moitos que se poderían escolmar, a inclusión de variantes non provoca incongruencia gramatical, nin parece que poida ter efectos desestabilizadores no sistema, nin vai en contra de trazos identitarios que cumpra preservar. Non é ese o caso doutras variacións diatópicas coma as seguintes:

A posición do pronome "á ferrolá", que se vén atribuíndo a unha forte interferencia lingüística do español na comarca nos últimos séculos, e que habería que investigar máis a fondo: "Primeiro arámo-la terra, e despois *a* ghradamos, e si é preciso, *a* volvemos arar outra vez, si está mala, que *lle* chamamos levantala. E despois *a* volvemos a ghradar, *lle* botamos... esterco que *lle* chamamos ó que sacamos das cuadras, e despois... *lle* botamos tamén algún abono. Despois se é preciso, *se* ghradan pa que non bote moita herba, antes de sachalas (...). Arrimámoslle terra, se é outra especie de arao, e *se lle* arrima terra, aos dous, aos sucos por un lado e por outro" (labrador nacido en 1905, San Cristovo-Ferrol). En todo caso, con independencia da súa orixe e de que sexa unha opción minoritaria, as posibilidades de inclusión están limitadas pola similitude coa gramática do español e coas medidas de política lingüística tendentes a defender os trazos identitarios fronte á agresión e a interferencia da lingua dominadora. Iso non quita que o lingüista se ocupe de estudar e describir a posición do pronome nesa variedade, un coñecemento do que sen dúbida se tirará proveito en distintas liñas, nin que o gramático teña en conta esta realidade á hora de redactar a gramática; pero non implica, en ningún caso, incluílo na definición da variedade (mixta) estándar.

Pola mesma razón non teñen cabida as comparativas do tipo "¡Pre-
gúntalle a Mateu que minte *coma eu!*" (A Gudiña) ou "Nin, eu quero mu-

rir antias *que tu*” (Boal), por máis que unha e outra sexan normais no galego na franxa máis oriental.

Entre un grupo e outro preséntanse outros casos discutibles, pois a suma indiscriminada de construcións pode dar lugar a problemas gramaticais de distinto alcance:

Todos os galegos coñecemos e usamos un complemento con *entre* (+ FN composta ou FN con N plural) que en predicados transitivos salienta a cooperación e parceria entre os participantes referidos no Sux. para a consecución dun resultado (OD), sen que sexan precisas a copresenza nin a simultaneidade: “As pedras despois cargábamolas *entre un-bos rapaces i-èu*” (Castroverde). En cambio, é dialectal unha construción derivada da anterior en que a frase con *entre*, coas mesmas condicións formais, se emprega con verbos intransitivos e outros con que non cabe partillar a acción conducente a un resultado; nesta segunda construción, o complemento pasa a indicar que os distintos participantes realizan a acción asemade, en copresenza: “Unha vez fomos ó Cebreiro *entre eu e Tonín de Cascarilla*” (Baralla), “Unha vez *entre el e outro* querían roubarlle os fillolos á Amalia” (A Fonsagrada).

Na medida en que esta construción é complementaria da anterior (predicados transitivos con OD / predicados intransitivos), non debería ser problema ampliar o abano de recursos da gramática do galego estándar acollendo ambas como posibilidades; en todo caso, os falantes que non temos a segunda de noso non pasaremos de mostrar estraneza ante o descoñecido ou non usual, pero non hai perigo de que a interpretemos de acordo coa nosa gramática (sería absurdo ‘eu e Tonín fomos ó Cebreiro, un pouco un, un pouco o outro’). Ora ben, a segunda pode ser problemática cando o verbo ten capacidade para xerar predicados transitivos ou intransitivos, porque nese caso a maior parte dos galegos —os non pertencentes á área dialectal aludida— quedaremos perplexos ou tenderemos a interpretalos equivocadamente como cooperación na acción en predicados transitivos con OD omitido e non como copresenza dos participantes en predicados intransitivos³: “Comemos *entre tres* na mesa, os outros pagaron, eu non paguei” (A Porqueira).

³ A obxección é pequena, pois con ese criterio habería que excluír do estándar moitas outras formas que acadaron unha sólida implantación: *está a chover* ten significado aspectual de desenvolvemento medio da acción (‘está chovendo’), de acordo coa construción chamada “infinitivo xerundial”, en principio dialectal, ou o significado aspectual inminente (‘está a piques de chover’), máis xeral.

Noutros casos pódese producir un auténtico choque de gramáticas, entre opcións inadmisibles para amplos grupos de falantes:

É sabido que en galego non é posible a concorrencia dos clíticos *se* + *o*, polo que en termos xerais se opta ou por non pronominalizar o OD (“Desde aquí non *se ve os rapaces*”, “...*os rapaces non se ven*”) ou por evitar *se* (“Desde aquí *un* non ve os rapaces”, “...non *vemos os rapaces*”); dialectalmente existe, ademais, a posibilidade de pronominalizar o OD co pronome dativo, o que implica o tópico con prep. *a* (“*aos rapaces non se lles ve*”) e outras restricións aínda por determinar de xeito preciso, como que o referente sexa de persoa e o verbo de percepción (**ás torres non se lles ve*, **aos muiñeiros xa non se lles atopa con facilidade*). Para os galegos que non falan esa variedade, a construción é inaceptable, pois esa secuencia só é posible como predicado transitivo en que se omite o OD, “non *se lles ve* [algo]”; con todo, atopamos mostras literarias desta secuencia *selle(s)* fóra do seu dominio dialectal (como “Disque, ás vegadas, *víaselle* dacabalo, ó mencer”, Blanco Amor), o que podería servir para avalar a súa aceptación e rendibilidade no sistema común, se non fose porque atopamos moitas máis evidencias de que a secuencia *selle* con estes valores está entrando por castelanismo (como “...di o alcalde no programa de Televisión municipal na que *se lle entrevista*”, *A Nosa Terra*). Por iso consideramos desaconsellable introducila como opción alternativa en pé de igualdade na descrición do galego estándar, xa que esta variante minoritaria —e sometida a fortes restricións que a fan pouco rendible— parece servir para darlle carta de natureza a un castelanismo moi potente que non precisa ser alentado senón freado; o que non implica a súa condena, senón a limitación a uns certos rexistros que cómpre determinar.

2. A inclusión de variantes diatópicas non garda relación directa coa extensión territorial, pois de feito no proceso de decantación do estándar que tivo lugar nos últimos séculos, de forma espontánea ou inducida, xa se viñeron consolidando opcións moi minoritarias que foron “rescatadas” do esquecemento. De por parte, a escasa dimensión territorial non pode ser esgrimida como argumento en contra na construción dun estándar que no seu ditame morfolóxico contempla formas inexistentes na lingua falada —isto é, con territorio cero—, coma as relativas con *cuxo* ou os esquemas oracionais con futuro de subxuntivo. Non falo destas, porque a decisión sobre a súa inclusión na variedade estándar xa está tomada, senón doutras que están ás portas:

Pensemos na orde de palabras. Podemos estar todos de acordo en que é inaceptable, por exemplo, a incorporación de secuencias do tipo **me dixo que*, que podería entrar por castelanismo; pero non ocorre o

mesmo con *baille que dicilo*, característica dunha área dialectal moi reducida, porque en última instancia cada un dos clíticos ocupa por separado unha posición posible de acordo coa gramática asumida por todos os galegos. Sendo certo que no resto do territorio é inusual a disgregación das formas de dativo e acusativo, que se presentan amalgamadas, tamén o é que a separación de clíticos é posible na gramática común noutras condicións; así, nun enunciado coma o do seguinte fragmento omítese polo xeral o OD de *seguir*, que de estar presente nunca se podería situar a carón de *se*: “O capelán corre moito. Non *se pode seguir*”(Lamas) → “...non *se pode seguilo*”. E noutros complexos verbais, non perifrásticos, a dobre opción é aínda máis patente: “*Déixame vela* outro pouco” (Blanco Amor) = “*déixama ver* outro pouco”.

A construción comparativa con *do que* é normal cando o segundo membro é unha oración modotemporal (“É máis difícil *do que parecía*”), pero noutros contextos só se dá espontaneamente nunha área dialectal bastante reducida, en que ademais non é opción única. Na enquisa a que faciamos referencia máis arriba, incluímos a parella “É máis fácil pensalo *do que facelo* vs. ...*do que o facer*”, á que a maior parte dos informantes respondeu cambiando *do que* por *ca*, *que* ou *què*; o rexeitamento sería maior se en lugar dunha oración de infinitivo introducise unha FN: “Comeu peor *do que eu*”. Sen embargo hai unha tradición que apoia a súa inclusión nas nosas gramáticas, por veces sen explicitar as restricións, e hoxe por hoxe semella difícil ir contra esta práctica (como tamén afondar nesa liña para engadir unha opción moito máis normal nese territorio, “Comeu peor *do que a min*”).

Todos nos reconecemos na construción “Os nenos están na casa”, en que o verbo *estar* se acompaña dun complemento situacional, localización en repouso, con *en*.. Dialectalmente existen tamén “María está *da* praia”, “Vouche dar *da* cara”..., en que un complemento semellante se constrúe con *de*, e “Quedaron *aos* lameiros”, “Naceron *aos* Vilares”..., en que o fai con *a*. Unen ser opcións minoritarias a estar fóra das gramáticas e da tradición escrita, polo que seguramente tarden en poderse incorporar á gramática do estándar ou non o fagan nunca.

3. Outro problema é como se fai a “xeneralización” a partir dunha variante diatópica determinada, como se describe e como se integra na gramática común.

Nas *Normas* establécese como única forma de plural *lles*, de onde se desprende a obriga de empregala en todos os casos en que se quere expresar o significado ‘plural’, pois non se recolle ao seu carón a forma sincrética *lle* ‘singular+ plural’, tan presente na lingua oral espontánea:

Cómpre chama-la atención sobre o dativo de plural *lles*, xa que en grande parte de Galicia existe unha única forma *lle*, sen distinción de número. Escóllese este sistema, propio do cuadrante nororiental de Galicia, por ser máis completo e claro, ó non presenta-la mencionada neutralización (Normas 2003: 92). Semella que se acolle unha parella oposta polo trazo de número *lle/lles* característica do galego lugués e mindoniense, (Normas 1982: 60), cando en realidade *lles* non é unha forma dialectal, pois tanto esta coma a sincrética *lle* existen en toda Galicia. As diferenzas diatópicas están na súa gramática.

No galego nororiental emprégase adoito pl. *lles*, pois a forma sincrética *lle* só o fai favorecida, en ningún caso obrigada, por algún destes contextos en que hai unha frase correferente co clítico: (a) en condicións de redobro do clítico, coa frase con preposición *a* seguindo ao verbo (“Sempre se *lle* fai mal ós *chavales*”, O Vicedo); (b) a frase con preposición contén un distributivo (“Adxudicábaselle *a cada un* o que pidía”, Ribadeo); (c) a frase con *a* contén unha cuantificación do tipo *a máis de, á maioría de, á cuarta parte de...* (“Pero eu *a máis de dous* xa nunca *lle* din, Guitiriz); (d) a frase nominal precedida de prep. *a* é composta (“E despois deixoulle todo *ón sobrín i-ón irmau*”, Baralla); (e) en oracións de relativo con *que* correferente sen marcas de función oracional e por tanto sen a prep. *a* esperable (“Un caldeiro destes *que lle* chaman agora «caldeiro empotrado»”, Castroverde).

No resto de Galicia emprégase xeralmente a forma sincrética *lle*, e resérvese *lles* para cando se precisa marcar de xeito explícito o número para así garantir de xeito inequívoco a referencia: ...un meniño de..., vai facer oito anos, e máis unha meniña de tres anos. (...) Púxolle o pai moitas cousas; eu *leveilles* uns poucos caramelos, que me deron na casa, que eu non *lle* comprei nada (Caldas de Reis; ‘levóulleslos a eles’, non ao pai para que llelos puxese; nos outros dous casos escúsase o plural). E ela que estaba de acá, e máis aquí o sogro do que fora comigo no coche, pois..., dixémoslles «Beixá pa baixo» (Cotobade).

¿Como presentar a descrición na lingua estándar? A opción máis simple, e máis cómoda, é describir taxativamente que cando o referente é singular se emprega *lle* (e *llo*) e que cando o referente é plural se emprega *lles* (e *llelo*), sen marxe para a excepción, obviando que este comportamento non se corresponde con ningunha das variedades diatópicas. Outra opción, congruente coa selección do sistema “propio do cuadrante nororiental” (Normas 1982: 60), sería incorporar *lles* xunto co comportamento gramatical descrito de maneira moi simple máis arriba como lugués e mindoniense, o que sen dúbida constitúe un punto de dificultade para a aprendizaxe do resto dos galegos. A terceira opción, consistente en inte-

grar en pé de igualdade as dúas gramáticas dialectais, está fóra de discusión por ser contraria ao sentido do ditame normativo.

REMATE

Quixen poñer sobre a mesa un mostrario dos problemas con que nos enfrontamos á hora de redactar unha sintaxe do galego estándar e facelo non de forma teórica, senón enfrontándonos con casos e problemas concretos, de distinta importancia e de diverso alcance, aínda a risco de que esta viaxe a través de exemplos e dificultades varias poida producir unha impresión de dispersión ou, o que sería máis grave, de enxurrada involuntariamente esmagadora. Quixera rematar recollendo dúas liñas de forza que flúen por baixo da miña exposición: dunha banda, que a pesar da unidade de criterios básicos enunciada no inicio e da aparencia de unidade sintáctica das distintas variedades do galego, a escolma e descrición dos trazos definitorios da gramática do galego estándar ten que enfrontarse cun tipo moi variado de problemas que cómpre resolver asiadamente; doutra, que a resolución destas dificultades non se pode basear en apriorismos nin facerse de xeito irresponsable por vía de simple suma, pois incluso coa convicción de máxima apertura é preciso esteala no estudo rigoroso das distintas construcións e no fondo coñecemento da gramática das distintas variedades.

DO USO Á NORMA, DA NORMA AO USO
(VARIACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA E ESTANDARIZACIÓN
NO IDIOMA GALEGO)

Henrique Monteagudo

Instituto da Lingua Galega (USC)

Unha comunidade arredor de calquera tipo de normas —lingüísticas, éticas, relixiosas ou legais— non cae do ceo tal cal, nin se alicerza nunha harmonía preestablecida universalmente implantada: máis ben é produto e resultado inestable do traballo ou coordinación permanentes no tocante á creación e preservación das normas que a definen como comunidade, sexa lingüística ou doutro tipo. No seu seo, algúns senten máis responsabilidade ca outros, e mesmo adoita crearse un nutrido grupo de membros dela que son designados e remunerados pola comunidade para se dedicaren precisamente a mantela. [...] O cultivo da lingua é, pois, un labor necesario para crear e preservar a comunidade lingüística, e as persoas que se preocupan do que é correcto ou incorrecto participan nesta tarefa velando polo cumprimento das normas comúns que definen a comunidade como un grupo de persoas que se entenden mutuamente ata o punto de seren capaces de interpretar o comportamento (lingüístico) como unha acción (lingüística) mediante esas normas comúns, é dicir, mediante expectativas comúns e expectativas de expectativas que non deben ser contrariadas. O feito de que normas secundarias sexan ás veces obxecto dun exceso de atención non debe utilizarse como argumento para desacreditar na súa totalidade a idea principal e a propia empresa do cultivo da lingua, na cal colabora a comunidade lingüística en todo o seu conxunto.

(Renate Bartsch)

Recentemente dei ao prelo un traballo de longo alento sobre o proceso de estandarización do idioma galego. Fora o meu propósito revisar nel, a partir dunha perspectiva histórica, os aspectos máis problemáticos da cuestión abordada e os debates movidos á súa volta. Nese traballo contéñense observacións que, coido, aquecerían á presente ocasión, pero que sería escusado repetir aquí¹. No contributo que abren estas liñas teño mentes de de-

¹ Véxase Monteagudo 2003, especialmente pp. 44-46 e 113-20.

senvolver nunha reflexión de horizontes máis teóricos sobre a variación lingüística, que se quere ofrecer como un convite a unha pescuda de enorme interese e de importancia difícil de esaxerar no ámbito galego pero aínda case totalmente inédita nos nosos pagos²; cunha coda en defensa dun prescritivismo racionalmente motivado, en polémica máis ou menos aberta tanto coas posicións esencialistas (sexan nativistas ou ultrapuristas) canto coas laxistas.

Na primeira sección do traballo, atinxente á variación lingüística, procurei aclarar perspectivas e afinar conceptos nun terreo dabondo complexo e esvaradío ata o extremo. Coido que a tentativa pagou a pena, aínda que son consciente de que cómpre decruar moito máis o terreo; en todo caso, é difícil avanzar sen o esteo dunha investigación empírica da que carecemos case totalmente (carencia esta pola que asumo a alicuota parte da responsabilidade). A segunda sección, centrada na prescrición, benefíciase dun labor previo dabondo intenso, ao que hai que engadir a recente descuberta persoal dunha sociolingüística brasileira que está a xurdir con admirable pulo, e coa que coido imperativo que trabemos diálogo intelectual. Así e todo, para afondar neste aspecto cumpriría contar cun vagar que hoxe por hoxe me é imposible conseguir, malia os xenerosos sacrificios dalgunhas das persoas máis próximas, que quero agradecer de todo corazón.

Nos últimos vinte anos téñense realizado en Galicia unha nutrida serie de inquéritos de campo que permiten facérmonos unha imaxe aproximada da situación sociolingüística do noso país³. Esta imaxe adoita formularse en termos da distribución desigual do coñecemento e uso do galego e o castelán a través de distintos sectores da sociedade galega. Os parámetros que mellor dan conta desa distribución socialmente condicionada teñen que ver dunha banda cunha serie de contextos de uso (en función do interlocutor, dos dominios de uso/xéneros comunicativos ou do soporte oral/ escrito do texto) e doutra banda coa identidade social dos falantes, establecida en termos de estatus (clase social, ingresos, categoría profesional, nivel de estudos e hábitat de nacemento ou residencia parecen ser os factores máis importantes), de xénero/ sexo e mais idade. Nestes traballos, 'galego' e 'castelán' aparecen como variables independentes, ou, por dicilo doutro xeito, como categorías invariantes, non sometidas a escrutinio. Pero, a pouco coñecemento que se posúa da realidade lingüística galega, aínda que sexa puramente empírico e non reflexivo, sabemos que, por caso, o galego e o castelán que 'sa-

² Salvo, claro está, o impresionante desenvolvemento dos estudos dialectolóxicos, dun valor inestimable e en pleno proceso de renovación, pero que non esgotan o tema.

³ Véxase por exemplo a bibliografía elencada en Monteagudo 2002: 26-28.

be’/usa’ unha rapaza de clase media que vive no centro dunha cidade (poñamos Vigo ou A Coruña) non son os mesmos galego ou castelán que ‘sa-be’/‘usa’ ou seu curmán que mora na aldea, e menos aínda os dun seu tío emigrante en Suíza ou da súa avoa campesiña.

No presente traballo, cando falamos de ‘variación sociolingüística’ o que imos problematizar é precisamente esta vertente da cuestión: o que agora funcionarán como variables independentes serán as categorías sociais/funcionais, mentres que a lingua (en concreto, o galego), constituirá a variable dependente, sometida á pescuda. En sociolingüística, o enfoque descrito no parágrafo anterior denomínase ‘socioloxía da lingua’, o que imos emprender aquí denominámolo ‘sociolingüística (estrita)’. Seicásí, no caso da nosa situación, fronte á relativa abundancia de traballos de socioloxía da lingua (doadamente explicable pola urxencia de establecer un diagnóstico sobre a situación do galego que sirva de base a unha política lingüística eficaz), atopámonos cunha notable carestía de investigacións ‘estritamente’ sociolingüísticas. Isto condicionará, como é lóxico, a orientación e o horizonte do noso percurso.

O que vén a seguir pode lerse como prolegómeno ao traballo sobre a estandarización lingüística que citei ao comezo, unha especie de exploración dos presupostos que lle subxacen. Constitúe, tamén, unha reflexión preliminar sobre o tema proposto no Simposio onde se presentou; por tanto, debe entenderse como un limiar ao conxunto do volume que o contén, aínda que veña colocado ao remate deste. Será cousa, logo, de tornarmos no futuro sobre os temas aquí apuntados, equipados xa dunha investigación de campo máis densa e mellor alicerzada.

I. DO USO Á NORMA

Entre as ideas máis importantes que a sociolingüística veu confirmar, afinar e desenvolver no tocante aos estudos da linguaxe atópanse estas dúas: (a) as linguas constitúen sistemas abertos, heteroxéneos e dinámicos, mellor definibles como sistemas de sistemas (polisistemas); ráchase así coa tradicional visión das linguas como entidades discretas e homoxéneas, estruturas ríxidas, estáticas e pechadas; (b) as características de abertura e heteroxeneidade dos sistemas lingüísticos non constitúen un empeitizo para o funcionamento das linguas na comunicación, pola contra, responden ao carácter interconexo e internamente diversificado das comunidades de falantes. Impónse pois un paradigma de coñecemento que incorpore a complexidade real dos sistemas lingüísticos como un elemento central.

Gaetano Berruto pregúntase polas raíces profundas do fenómeno da variación lingüística e apunta que esta é unha característica inherente que responde a dúas necesidades innatas da especie humana, a diferenciación e a identificación:

A variación lingüística, cos seus matices que se engaden ao valores comunicativos referenciais do código lingua, permiten ao instrumento lingua responder da maneira máis flexible e funcional ás esixencias cada vez máis diversificadas e complexas da vida, da estrutura e das relacións sociais. Ao tempo, a variación lingüística pode ser empregada, conferíndolle determinados valores simbólicos, como un importante medio e vehículo de información, afirmación e transmisión da identidade sociocultural e incluso persoal (Berruto 2004: 89).

Por outras palabras, a heteroxeneidade interna dos sistemas lingüísticos é funcional, a homoxeneidade é o que resultaría disfuncional (Lucchesi 2002: 66-67). Nese senso, despois de denunciar a natureza “mitolóxica” do suposto carácter discreto (*discreteness*) dos sistemas lingüísticos, Robert LePage sinala que o que esixe unha explicación non é o fenómeno da variación lingüística, mais en todo caso a formación do concepto dunha *lingua* homoxénea; consecuentemente, este autor propón abandonar a noción estereotipada de *lingua*⁴.

O estudoso devandito analiza a influencia que as tradicións gramaticais acostuman ter no proceso de construción dunha ‘lingua’: pártese da observación do discurso, continúaase pola acuñación de estereotipos do tipo ‘lingua X’ aos que son asignados determinados textos (entendendo por texto calquera produto verbal minimamente congruente), e vaise elaborando un modelo gramatical cada vez máis abstracto e focalizado de tal lingua X, que, convenientemente difundido, imposto e recoñecido, informa unhas prácticas lingüísticas que son presentadas como referencia exemplar. No proceso, conforme a lingua X é progresivamente nomeada, formalizada, estandarizada, institucionalizada e totemizada, tanto o comportamento lingüístico real coma a percepción e a conceptualización deste vai experimentando sucesivos reaxustes, de maneira que se avanza desde un estadio inicial de extrema

⁴ Véxase LePage 1989 e 1997: 26 e 30-31. Nunha vea similar, na presentación da súa obra *Bilingualism* (1989), Suzanne Romaine reflexionaba sobre o título do libro, semellante ao doutros moitos estudos sobre o mesmo fenómeno, chamando a atención sobre a estrañeza que produciría un volume que se titulase *Monolingüismo*. O suposto subxacente é que o bilingüismo é anómalo, mentres que o monolingüismo representa a situación normal. Por certo, Romaine chega a afirmar o seguinte: “the notion of a language is very much an European artifact”. Unha afirmación coa que concordamos plenamente (véxase Monteagudo 1997).

difusividade cara a unha focalización crecentemente máis intensa. Velaí en funcionamento o que o autor denomina ‘a lóxica dos sistemas pechados’, en que se inscribe a circularidade do proceso de descrición-prescrición gramatical (LePage / Tabouret-Keller 1985: 180-206).

Un, que comezou a falar, escribir e a estudar o galego antes de que se desen os pasos decisivos cara á estandarización, que despois asistiu á xestación das primeiras *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* oficiais (1982) e que logo foi co-autor dunha *Gramática galega* que veu a lume hai case vinte anos (1986), pode dar testemuña de como a primeira obra (un código prescriptivo) e mais a segunda (un manual pretensamente descritivo) contribuíron a focalizar tanto a imaxe canto o uso do idioma galego, limitando a variación nos textos escritos e en certo senso tamén nos orais (de contado matizaremos isto). Destarte, falando en termos xerais, a *Gramática* describe mellor o galego actual (cando menos, a súa variedade estándar) ca o galego que se usaba daquela: describindo e codificando un modelo de lingua que entón tiña unha existencia pouco menos que virtual, contribuímos a facelo real, sen sermos totalmente conscientes disto.

1. O AXIOMA DO RELATIVISMO SOCIOLINGÜÍSTICO E O DILEMA ESTRUCTURA/ACCIÓN

“A sociolingüística pola súa natureza está moi vencellada a un/ha específico/a e particular país/sociedade/comunidade e ás diferenzas entre eles/as, de maneira que o contido tanto dos seus conceptos canto das súas unidades de análise fundamentais é sensible ás especificidades que a informan nunha determinada situación socio-cultural, así que pode variar (mesmo moito) de sociedade a sociedade, de cultura a cultura, de tradición a tradición”. Así define Berruto (1995: 64) o que el denomina ‘axioma do relativismo lingüístico’, que como acabamos de ver, afecta á mesma noción de ‘lingua’, non menos cá de ‘dialecto’⁵. As análises neste terreo adoitan estar fortemente

⁵ Véxase a nota anterior polo atinxe á noción de ‘lingua’. Canto á de ‘dialecto’, xusto é a que escolle Berruto como exemplo do relativismo lingüístico. En efecto, son notablemente distintas as maneiras de entender o termo ‘dialecto’ nas tradicións lingüísticas anglófona, francófona e hispanófona. Canto á tradición anglófona, referirémonos a isto máis adiante (véxase ademais Hudson 1996: 31). Verbo da francófona, son ilustrativas as observacións de Jollin-Bertocchi (2003: 28): “La variation régionale et la diversité dialectale sont deux choses distinctes: sur un même territoire national coexistent souvent plusieurs langues bien différenciées, appelées dialectes pour marquer leur statut de langues dominées sur le plan socioculturel, et généralement exclues de l’enseignement de base”. Unha visión teórica da noción de ‘dialecto’ atópase no artigo xa citado de E. Coseriu (1981b), que fai mención indirecta ao problema do relativismo lingüístico, sen se deter nel.

condicionados pola propia realidade sociolingüística de cada sociedade, pola cultura lingüística correspondente (Schiffman 1996) e pola tradición académica de que parte cada estudoso. É así que todos os estudos sobre variación lingüística son contextualmente (isto é, culturalmente) dependentes, e sono nun grao moi elevado, polo que hai que ter moita conta de non aplicar mecanicamente á específica situación do galego esquemas derivados da análise doutras dadas situacións.

Velaquí un corolario do devandito axioma que nos atinxe especialmente: o primeiro problema que se presenta á hora de aplicar ao estudo da lingua galega o que podemos denominar 'paradigma variacionista', é que este foi construído (igual que os paradigmas 'invariacionistas' que o precederon) a partir do estudo de linguas 'normais', de locutores monolingües e de comunidades lingüísticas 'normalizadas'⁶. Nesas condicións, por caso, a distinción entre variación 'intersistémica' e variación 'intrasistémica' parece evidente; pola contra, nunha situación de contacto lingüístico coma a nosa, está lonxe de selo, pois ambos os tipos de variación se atopan fitamente entrefebrados, ata o punto de que non hai xeito de distinguir nidiamente un do outro. Non por casualidade, anteriores tentativas de analizar a variación sociolingüística en Galicia atenderon fundamentalmente á variación interlingüística, como despois mostraremos⁷. Á hora de abordar o asunto da variación, non podemos perder de vista de a situación de contacto lingüístico galego/ castelán, máis en concreto, do marco de diglosia composta, ao tempo social e funcional, en que o castelán ocupa nunha posición dominante e o galego subordinada⁸.

Por outra banda, non é menos certo que estamos asistindo ao momento decisivo, á fase final, do proceso de constitución dun sistema lingüístico galego autónomo, que dura xa século e medio, e que se atopa en relación simbiótica coa dinámica de formación dunha identidade galega colectiva. Un proceso que basicamente consistiu nunha pugna por arrincar o galego do continuum interlectal diglósico galego-castelán, a forza de marcar distancias con idioma dominante. Canto a isto, Ferguson sinala que os conxuntos de

⁶ Véxase Milroy / Milroy 1997: 50-5. Con linguas 'normais' e comunidades 'normalizadas' referímonos a linguas plenamente estandarizadas e solidamente establecidas na respectiva sociedade: linguas estado-nacionais de países (oficialmente) monolingües, conforme o modelo euro-occidental.

⁷ Véxase Cáccamo 1989: 278-88; Monteagudo / Santamarina 1993: 144-51; e Dubert 2002, a pesar das diferenzas noutros aspectos dos respectivos traballos. Aproveitamos para deixar aquí constancia de que o segundo artigo, aínda que publicado en 1993, foi redactado e entregado para a súa publicación en 1989.

⁸ Para a distinción 'diglosia social' / 'diglosia funcional' véxase Monteagudo 1998: 42-45.

trazos que identifican as variedades lingüísticas varían grandemente no grao de cohesión que mostran como sistemas e no grao de nitidez das fronteiras entre variedades que delimitan, pero que “canto máis cohesionados se achán os sistemas, tanto máis nidas son as fronteiras; e canto máis son estes percibidos polos participantes como entidades separadas, tanto máis útil e analízalos como variedades lingüísticas” (1994: 23). Un dos efectos, non colateral nin imprevisto, mais principal e deliberado (aínda máis, afincadamente procurado, cando menos polos seus promotores) do proceso de estandarización, xustamente derivado da función identificadora do estándar, consiste na súa contribución á ‘marcaxe de fronteiras’ entre o galego e o castelán⁹.

Esta última observación condúcenos a outro aspecto da especificidade da situación do idioma galego que resulta incontornable cando abordamos o asunto que nos ocupa. O proceso de estandarización do galego só moi recentemente gañou pulo e se deu encarreirado de maneira decidida. Hoxe mesmo, malia os importantes progresos conseguidos nas tres últimas décadas, tal proceso está lonxe da súa culminación –meta esta que, sobexo resulta lembralo, está vencellada a unha normalización social de consecución incerta. En troca, acontece que na maior parte dos traballos de referencia sobre a variación sociolingüística (poñamos por caso os realizados nos ámbitos italiano, francés ou anglonorteamericano) a vixencia do estándar non só constitúe un dado de partida incuestionable, mais unha referencia central (mesmo, se como acontece en Italia, a estandarización da comunidade lingüística non está completada realizada).

Isto último explícase pola boa razón de que a variedade estándar constitúe o eixo da arquitectura da lingua, o seu principio organizador, aspecto no que nos deteremos máis adiante. Non é que a estandarización redunde nunha redución global da variación lingüística, como ás veces equivocadamente se supón. É innegable que a estandarización implica un certo grao de uniformización da lingua (mediante a fixación, codificación e difusión dunha variedade-modelo) e de homoxeneización da comunidade falante (isto é,

⁹ Xa os teóricos de Praga apuntaban á función identificadora (isto é, internamente unificadora e externamente separadora) da variedade estándar (véxase Monteagudo 1994), unha función de relevancia difícil de esaxerar no marco da dinámica simbiótica a que nos referemos antes. No caso galego as posicións historicamente variaron (e varían) canto á importancia outorgada á función ‘separadora’ e ao grao de distancia con respecto ao castelán que se considera óptimo. Así tanto os ultra-enxebistas coma os reintegracionistas colocan o listón moito máis lonxe cá ‘corrente central’ rexeneracionista. Con todo, resulta claramente abusiva a acusación de que as *Normas* oficiais tenden cara a (ou mesmo procuran) a dialectalización do galego. Outra cousa é que algúns dos sectores máis conscientes da galegofonía estimen que a distancia que aquelas ‘marcan’ con respecto ao castelán resulte curta ou insuficiente (véxase sobre isto Monteagudo 2003: 90-92).

aceptación, aprendizaxe e adopción efectiva desta variedade polos utentes), pero tamén implica diversificación así lingüística coma socio-funcional, que se traduce na ampliación do abano de estilos (en particular da súa ‘franja alta’, a correlativa aos contextos formais), coa xeración de novos rexistros funcionais (as variedades especializadas) e o correspondente incremento de recursos idiomáticos, uns e outros ao dispor de novos utentes en ocasións de uso moitas veces inéditas¹⁰. A diferenza entre unha lingua/ comunidade estandarizada e outra que non o está radica, pois, non na ‘cantidade’ global de variación sociolingüística (supostamente menor na primeira ca na segunda) mais no carácter e organización desa variación, coa redución ou eliminación da redundante segundo un criterio socio-funcional e o incremento metódico e controlado (polo menos en parte) da variación pertinente, convenientemente distribuída e arrombada, segundo o mesmo criterio

A consideración do proceso de estandarización, unha manifestación especial do fenómeno máis xeral que demos en denominar ‘elaboración da lingua’, suxírenos a necesidade de distinguir entre variantes/variedades vernáculos e cultivadas. As primeiras serían nativas, as transmitidas e adquiridas pola xeneralidade dos falantes mediante socialización primaria; as segundas, as elaboradas, serían as transmitidas e aprendidas mediante socialización secundaria. A distinción, con todo, non é tallante nin necesariamente permanente, pois unha variedade vernáculo poder ser obxecto de cultivo (ata, se é o caso, tornarse na base dun estándar), mentres que as variedades cultivadas poden vernacularizarse, cando menos parcialmente. Volveremos sobre esta cuestión.

Pasamos agora a outra cuestión previa ao presente traballo. No estudo sociolingüístico da variación lingüística desenvólvense dúas estratexias de investigación que responden a cadansúa perspectiva: a variacionista ou correlacional e a interaccional ou interpretativa. A primeira contempla a cuestión desde o punto de vista do observador externo que se sitúa no nivel das estruturas sociais (o nivel ‘macro’), neste caso das estruturas sociolingüísticas que condicionan o comportamento dos falantes; por tanto as súas nocións centrais son do tipo de ‘comunidade lingüística’, ‘lingua’ ou ‘variedade’. A segunda colócase na perspectiva dos axentes en contextos reais de actuación (nivel ‘micro’) e do sentido que estes dan ás accións (súas e dos outros ‘actores’), neste caso dos locutores que nas súas interaccións manexan un

¹⁰ Referímonos a neofalantes absolutos, pero tamén neousuarios relativos, por caso, falantes nativos dunha variedade vernáculo que antes eran bilingües/ diglósicos e agora utilizan a variedade estándar na lectoescritura, no ámbito profesional, no dominio público.

determinado repertorio lingüístico; xa que logo as súas nocións centrais son do tipo 'discurso', 'texto' ou 'variante'¹¹. Sabido é que debaixo da diverxencia entre estas dúas orientacións (que podemos designar como 'lingua/ discurso') latexan problemas de grande alcance na teoría sociolóxica (o dilema punto de vista da estrutura/ dos axentes; a dicotomía nivel macro-/ nivel micro- da análise), que, por razóns obvias, non aspiramos a debullar neste lugar. Coidamos que no fondo constitúen enfoques complementarios, empori- so, sen perder de vista a segunda perspectiva, imos privilexiar a primeira, no convencemento de que é a fundamental e, ademais, no noso caso resulta prioritaria. Espero que ao longo das liñas que seguen queden máis ou me- nos claros os argumentos en que descansa esta nosa convición.

2. OS EIXOS OU PARÁMETROS DE VARIACIÓN

O fenómeno da variación maniféstase na existencia de *variables*, isto é, de unidades de calquera plano do sistema gramatical (fónico, morfolóxico, sintáctico,...) que presentan realizacións diferentes¹². Cada unha desas posi- bles realizacións representa unha *variante*. Xa que logo, unha *variante* é un elemento lingüístico que se atopa en concorrencia con outro ou outros, re- presentando cada un deles realizacións alternativas dunha mesma unidade; o conxunto das variantes constitúe tal unidade (a *variable*). Existen variantes analizables en termos gramaticais, coma tal, varias realizacións dun fonema condicionadas polo contexto fonético (caso dos alófonos [b] e [β] do fonema /b/). En troques, no caso doutras variantes, a aparición dunha ou outra non depende de (ou correlaciona con) factores lingüístico-estruturais, mais de factores sociais ou comunicativo-funcionais, como pode ser a identidade do falante (procedencia xeográfica, estatus sociocultural, sexo ou grupo de ida- de...) ou ben a situación de uso da lingua ou o tipo de texto en que apare- ce (formal/ informal, escrita/ falada, poema/ manual de instrucións...).

O segundo tipo de variantes constitúen as variantes sociolingüísticas, que son as que nos van interesar aquí. Por vía de exemplo: os fonos [g] / [h] / [x] na pronuncia da consoante inicial de *gato*; os finais -an/ -ao / -au nos nomes do tipo *chan* / *chao* / *chau*; as formas *dereito* / *direito* / *dreito*, *poblema* / *pro- blema*, *estar* / *tar*; *pa* / *pra* / *para*; os plurais -ns/ -s / -is en nomes como *ra-*

¹¹ Esta liña de investigación está representada en Galicia por C. Álvarez Cáccamo, que se especia- lizou no estudo dun fenómeno, a alternancia de códigos ('code-switching') que non imos tocar aquí; véxase por caso Álvarez Cáccamo 1998 e a súa propia bibliografía aí citada.

¹² Empregamos 'gramatical' nunha acepción lata, que inclúe tamén os estratos semántico, infor- mativo e pragmático.

zóns / razós / razoís; a orde dos clíticos en sintagmas como *váiseche / vái-chese*; as variacións morfosintácticas, léxico-semánticas ou pragmáticas en enunciados como *non che vin / non te vin / non te mirei / non te mirín*; *non cheirei de por onde me viña aquel ghicho / non me dei de conta de que me quería aquel tipo / non me decatei das intencións daquel individuo*; *permíteme acceder, cabaleiro? / podo entrar, amigo? / paso que arraso, meu!*

Coas variables sociolingüísticas relaciónase a noción de *variedade*, que podemos definir como un (sub)sistema congruente de variantes, cunha distribución análoga nun determinado parámetro –coma tal: ‘a fala de Fisterra’, ‘a linguaxe da poesía de Curros Enríquez’, ‘a xerga dos canteiros’, ‘o falar xuvenil’ ou ‘o galego común’¹³. Moitos autores empregan o termo *lecto* como sinónimo de ‘variedade’, e outros utilizan, dun xeito máis ou menos sistemático, *dialecto* como sinónimo de ambas as dúas designacións. Endebén, o termo ‘variedade’ cobre un espectro semántico considerablemente máis amplo ca ‘lecto’: o primeiro pode ser coextensivo con ‘lingua’ pero pode referirse a un falar local e mesmo a un treito de fala, mentres que o segundo se aplica máis ben ás variedades de que imos falar no presente artigo, isto é, (sub)sistemas lingüísticos que ocupan unha posición intermedia entre as linguas e os falares individuais (os idiolectos). Por parte, ‘dialecto’ presenta o problema da súa ambigüidade, polo que é preferible limitar o seu uso ás variedades diatópicas.

É sabido que xa a lingüística estrutural funcional, cando menos algúns dos seus representantes máis cualificados, se tiña achegado con tino á cuestión da variación sociolingüística intrasistemática. Así, seguindo a coñecida proposta de Eugenio Coseriu (1981a: 302-7, e 1981b: 1-3 e 12-17), debemos distinguir variantes / variedades diacrónicas e sincrónicas. O criterio para identificar as primeiras é de tipo cronolóxico: trátase de variantes / variedades distribuídas ao longo do eixo temporal. Entre as segundas, que son as que nos interesarán aquí, este lingüista distingue os seguintes eixos ou parámetros de variación:

- O eixo espacial, xeográfico ou territorial: variantes e variedades diatópicas.
- O eixo social ou de estrato sociocultural: variantes e variedades diastráticas.
- O eixo da modalidade expresiva: variantes e variedades diafásicas.

As variedades correspondentes a estes tres parámetros son denominadas por Coseriu segundo unha terminoloxía bastante corrente: a) dialectos, b) niveis, e c) estilos ou rexistros. O mesmo estudoso advirte que cada un dos

¹³ Desde o punto de vista sociolingüístico, Hudson define a variedade como “conxunto de elementos lingüísticos cunha distribución social similar” (Hudson 1996: 22). Teríamos que alargar moito o alcance do ‘social’ para que esta definición fose dabondo abrangente.

(sub)sistemas lingüísticos delimitados segundo os criterios devanditos é homoxéneo só desde un punto de vista: en cada dialecto poden comprobarse diferenzas diastráticas e diafásicas (e por tanto, niveis e estilos de lingua) e en cada nivel, diferenzas diatópicas e estilísticas, e en cada estilo, diferenzas diatópicas e diastráticas. Por parte, os límites entre os niveis e os estilos de lingua poden ser diversos nos distintos dialectos; e os límites entre os estilos tamén poden ser diversos nos distintos niveis. Axiña volveremos sobre isto. A caracterización en cada plano da lingua (fónico, morfolóxico, sintáctico, ...) das variedades identificables nas distintas dimensións sinaladas, o estudo das relacións mutuas entre estas e análise da posición relativa que ocupan no sistema lingüístico permiten deseñar o que se deu en denominar a 'arquitectura' dunha lingua histórica, isto é, a configuración ou articulación interna do correspondente diasistema (Coseriu 1981b: 21-22; Berruto 2004: 91)¹⁴.

Canto ao eixo espacial, Coseriu sinala que as diferenzas diatópicas son evidentes en moitos idiomas ao nivel da 'lingua popular', pero tamén existen ao nivel da 'lingua común' no plano rexional (variedades rexionais), e nas linguas de gran difusión ao nivel da 'lingua común e literaria' no plano internacional (variedades nacionais, propias de países politicamente independentes e culturalmente autónomos). No tocante ás diferenzas entre os estratos socioculturais da comunidade lingüística, o autor advirte que se refire a aquelas que non coinciden coas diferenzas diatópicas (as que existen entre 'lingua común' e os 'dialectos'): así, por caso, o 'italiano popular' sería catalogado como modalidade diastrática do 'italiano común'. Finalmente, verbo das diferenzas canto á modalidade expresiva, Coseriu refírese explicitamente ás que opoñen a lingua falada e a lingua escrita, o modo de falar familiar fronte ao público (ou o solemne), a linguaxe corrente e a burocrática, ou os distintos xéneros literarios. Tamén considera dentro deste eixo de variación as diferenzas que caracterizan distintos grupos biolóxicos (varóns/ mulleres, nenos/ mozos/....) no interior do mesmo estrato sociocultural.

Dado o amplo recoñecemento con que conta, a devandita proposta pódenos servir de soleira e de fío condutor para a reflexión sobre o asunto que nos ocupa. Así e todo, apuntaríamos á partida algunhas matizacións e observacións críticas con carácter xeral. En primeiro lugar —e tal como sinalamos anteriormente, moi importante para nós—, nas situacións de contacto entre linguas é imprescindible ter en conta que adoito a variación *intrasistémica* é inseparable da variación *intersistémica* (que poderíamos denominar diaglósi-

¹⁴ Nós preferimos empregar o termo 'polisistema' no canto de 'diasistema', por razóns que explicamos noutro lugar (Monteagudo 1997).

ca), resultante das influencias recíprocas e a mutua interpenetración entre as linguas en contacto. Consecuentemente, podemos falar de variantes e variedades interlectais (as segundas é corrente denomínalas ‘interlectos’). En segundo lugar, a sociolingüística cuestiona radicalmente a dicotomía diacronía/ sincronía, pois o estudo da variación permite contemplar o fenómeno do cambio lingüístico como un proceso, non, tal como o contempla a lingüística histórica tradicional, como un resultado. De toda maneira, non imos desenvolver aquí esta última observación.

Pola contra, interésanos máis problematizar a distinción entre a variación diatópica e a diastrática, na liña da tradición lingüística anglófona, que trata conxuntamente ambos fenómenos baixo a etiqueta de ‘dialecto’ (lembremos de novo o axioma do relativismo lingüístico). Así, Halliday, na súa proposta de clasificación da variación lingüística define conxuntamente a variación socio-dialectal, e opona á socio-funcional, segundo o seguinte esquema (que presentamos en forma adaptada e simplificada):

Variación socio-dialectal Dialectos (xeo-sociais) = Variables dependentes do usuario	Variación socio-funcional Rexistros/ estilos = Variables dependentes do uso
• Un sociodialecto é: • o que un fala habitualmente • determinado por quen é (grupo social/rexión de orixe ou adopción) • expresa diversidade da estrutura social (pautas de xerarquía social)	• Un estilo é: • o que un fala nunha situación dada • determinado polo que está a facer (natureza da actividade social en curso) • expresa diversidade de procesos sociais (división social do traballo)
• Os sociodialectos son maneiras distintas de dicir o mesmo e tenden a diferenciarse en fonética/fonoloxía, gramática e léxico	• Os estilos son maneiras dicir cousas diferentes, e tenden a diferenciarse na semántica (e por tanto en léxico e gramática, e ás veces en fonoloxía).
• Exemplos típicos: Variedades subculturais (subestándar)	• Exemplos típicos: Linguaxes de especialidade (tecnolectos)
• Principais variables de control: Clase social, hábitat (rural/ urbano), xeración/ idade, xénero • Caracterízanse por: Fortes actitudes cara a eles como símbolo de diversidade social	• Principais variables de control: Campo (tipo de acción social), teor (relacións de rol), modo (organización simbólica) • Caracterízanse por: Distincións importantes fala/escrita; lingua en acción/ lingua en reflexión

Táboa 1.- Diferenzas sociolecto-dialecto versus estilo/rexistro.

Adaptado de Halliday (1978: 35).

A proposta de Halliday seméllanos máis fundamental cá de Coseriu, aínda que non necesariamente incompatible con esta. Segundo ela, a variación lingüística (sincrónica) organízase segundo dous parámetros fundamentais: a identidade social do falante e os contextos de uso da lingua. A primeira determina a variedade ‘básica’ do locutor, os segundos condicionan o rexistro utilizado segundo as ocasións. Para este autor, o sociodialecto (el fala de ‘dialect’) “non é asunto de escolla” e “acompañanos toda a vida” (Halliday 1978: 33)¹⁵.

Tampouco Trudgill, un especialista británico no que el mesmo denomina Xeolingüística (unha disciplina que pretende aliar a dialectoloxía tradicional coa sociolingüística), non distingue tallantemente entre o que adoitamos denominar dialectos (xeográficos) e sociolectos. Unha razón disto pode ser, como el mesmo sinala, que a variación rexional (xeográfica) acostuma ser moito máis marcada entre os falantes das clases populares e de baixo nivel educativo do que entre os de clases medias e altas ‘educadas’ (véxase figura nº 1)¹⁶. Canto máis se baixa na escala social, maiores son as diferenzas fónicas, gramaticais e léxicas entre as variedades territoriais e con respecto á variedade común¹⁷; o maior nivel de variación rexional atópase nos dialectos rurais, particularmente os falados polas persoas maiores con baixo nivel educativo. O gráfico enfatiza a natureza continua (non discreta) da variación lingüística, aspecto este de que nos ocuparemos axiña: “resulta aínda menos axeitado falar de dialectos sociais discretos do que de dialectos rexionais discretos, dado que as variedades se funden unha na outra, e as diferenzas entre elas baséanse na frecuencia de ocorrencia de variantes particulares máis que na presenza ou ausencia destas” (Trudgill 1983: 187). Por parte, como veremos, os dialectos territoriais defínense por un abano de variables máis amplo (canto ao número e canto aos niveis de lingua atinxidos) do que os sociolectos.

¹⁵ Aínda que a sociedade actual, coa mobilidade social e xeográfica que a caracteriza, dá a moitos falantes a oportunidade de (ou obrigaos a) aprender e usar dous ou máis sociodialectos, sucesiva ou coordinadamente. No segundo caso, alternará o uso deles dependendo do contexto de situación –deste xeito, os sociodialectos poden tornarse un aspecto do rexistro. Por outra banda, débese ter en conta que a variación relacionada coa idade ou o grupo xeracional introduce trazos lingüísticos ‘transitorios’ (isto é, que os individuos adoptan nunha etapa determinada da súa vida, pero que despois abandonan) que caracterizan os distintos grupos etarios, especialmente a infancia e a mocidade.

¹⁶ Véxase Trudgill 1974: 41 e 1983: 186-88.

¹⁷ O autor fala de ‘estándar’ onde nós poñemos ‘común’. As razóns deste cambio terminolóxico explicáranse na segunda sección do traballo.




Figura 1. *Variación dialectal segundo as clases sociais* (Trudgill 1974: 41).


Así e todo, o diagrama deseñado na figura nº 1 presenta unha visión un tanto distorcida dos feitos, pois o grao de distancia lingüística entre os dialectos rexionais e a variedade estándar é variable: no caso galego, as falas do bloque central, especialmente as centro-septentrionais, atópanse máis preto do estándar cás do bloque occidental, probablemente as máis arredadas do estándar sexan as falas do galego extremo-oriental (en especial, o galego 'estremeiro').

En definitiva, concordamos con Halliday, Trudgill e a escola británica en que está xustificado considerar un eixo fundamental de variación 'sociodialectal'; non obstante, tamén nos parece útil, cando menos para analizar a situación do galego, distinguir ulteriormente un parámetro de variación diatópica e outro de variación diastrática

Outro reparo, de menor entidade, á proposta de Coseriu relaciónase coa consideración das 'variedades nacionais' das linguas de ampla difusión: neste caso, a variación ten unha obvia dimensión territorial, pero acostuma afectar ao plano normativo (mesmo á escrita: American ~ British Spelling, ortografía brasileira ~ portuguesa, etc.); de xeito que nos semella conveniente recoñecer un parámetro máis de variación diatópica, que atinxiría á norma. Así, poderíamos falar de variantes e variedades dianómicas¹⁸ como un tipo particular de variedades diatópicas. Tampouco isto nos vai interesar especialmente arestora. Finalmente, seguindo o criterio de varios estudosos, dentro do eixo diafásico (ou en íntima relación con este) coidamos conveniente distinguir un nivel de variación diamésica, definida segundo o medio ou canle de comunicación, que oporía a lingua falada e a lingua escrita (para a noción véxase Beruto 2004: 99-100; estudan a cuestión máis a fondo, entre outros, Biber 1988, Halliday 1990 e Leckie-Tarry 1995: 52-71).

En resumo, podemos considerar a variación sociolingüística estruturada nas seguintes categorías básicas:

¹⁸ As variedades dianómicas sería os 'nomolectos', coma os distintos 'centros' das linguas pluricéntricas.



3. VARIANTES E VARIEDADES: OBXECTIVIDADE, SUBXECTIVIDADE, REALIDADE INTERSUBXECTIVA

Un problema fundamental que presenta o estudo das variedades lingüísticas, análogo ao que acontece coas linguas, é o da súa realidade obxectiva. Richard Hudson, coherente coa súa posición acerca da imposibilidade de definir en termos estritamente estruturais as linguas (o mesmo que os seus correlatos, as ‘comunidades lingüísticas’), precisamente a causa do seu carácter non homoxéneo e non discreto, considera que “non hai maneira de delimitar as variedades, e por tanto temos que concluír que as variedades non existen” (1996: 39). Para este autor, unhas e outras entidades existen só na medida en que as persoas son conscientes delas, de maneira que a súa realidade é meramente subxectiva. O único que tería existencia obxectiva serían as ‘variantes’, unidades mínimas marcadas con respecto a un dos eixos de variación (ou simultaneamente verbo de varios destes), e o que acontecería realmente é que no discurso o/a falante, dependendo da súa competencia, da situación en que se atopa e das súas intencións comunicativas, escollería variantes dun e outro tipo e combinaríaaas (non sempre de xeito consistente, e en función, entre outros factores, da súa destreza) coa mira posta no efecto de comunicación procurado.

Hudson colócase aquí na perspectiva interaccionista con todas as súas consecuencias, seguindo a teoría dos actos lingüísticos como ‘actos de identidade’, formulada por Robert LePage, conforme a cal o locutor bota man “de regras sociais complexas para alternar e combinar elementos procedentes de varios códigos dun repertorio partillado”, de modo e maneira que, “crea por si mesmo os modelos do seu comportamento lingüístico por mor de aproximarse aos [modelos] do grupo ou grupos con que en cada ocasión desexa

ser identificado, e/ou para distanciarse daqueloutros de que desexa ser diferenciado” (LePage / Tabouret-Keller 1985: 180 e 181). Destarte, para LePage a combinación nun texto dado de variantes de distinto tipo non constitúe en absoluto unha anomalía. Na nosa opinión, Hudson está no certo ao constatar a dificultade de definición das variedades en termos obxectivos, pero chega a unha conclusión excesivamente radical, que se pode obxectar desde as dúas perspectivas: a inxenua (preteórica) dos falantes e a científica da sociolingüística.

Canto á primeira, será do caso invocar o célebre ‘teorema de Thomas’, segundo o cal se os individuos definen algo como real, é real nas súas consecuencias, do cal se segue que, no ámbito dos fenómenos sociais, a efectos prácticos non importa tanto que unha cousa sexa certa como que a xente a defina como tal. Se os individuos etiquetan as producións lingüísticas en termos de linguas e de variedades, e se esas distincións están firmemente ancoradas na súa consciencia metalingüística, como incorporadas ás tradicións culturais da comunidade (isto é, institucionalizadas na respectiva cultura lingüística), na práctica é como se esas entidades existisen, e a análise da realidade lingüística non as pode descoñecer –o cal non significa, obviamente, tampouco se deban admitir acriticamente como base para unha pescuda científica. É certo que, tal como antes sinalamos, a existencia desas distincións é resultado de estereotipacións (e por tanto, de procesos de categorización en que criterios escasamente obxectivos e coherentes se aplican dun xeito abondo aleatorio), pero isto non torna en menos reais os efectos da súa aplicación polos falantes á hora de catalogar as prácticas lingüísticas e os seus produtos (os textos).

Doutra banda, e aínda máis importante, as variedades atópanse adoito definidas socialmente por un número limitado de trazos (fónicos, morfosintácticos e léxicos) aos que os locutores outorgan maior saliencia e que por tanto teñen carácter de sinalizadores do discurso. Estes sinalizadores teñen un papel moi importante na interacción, pois son empregados como síntomas da identidade social do falante e do nivel de formalidade da situación –por tanto das intencións comunicativas correspondentes–, e deste xeito suscitan determinado tipo de reaccións do interlocutor –entre outras cousas, xeran expectativas canto ao curso previsible da interacción.

Canto a isto, hai que advertir que do mesmo xeito que tendemos a percibir outras culturas en termos de diferenzas significativas da nosa propia (que poden ser irrelevantes naquela), cada locutor tende a oír a fala dos outros en termos de trazos salientes na súa propia, e a atribuírle a estes unha significación social conforme aos seus propios esquemas valorativos, se cadra ignorando trazos lingüísticos que son socialmente significativos para outros locutores, ou pasando por alto a distinta interpretación social que os ditos

trazos poden ter para estes. Esta observación é especialmente importante para os (socio)lingüistas: trazos que a estes lles parecen especialmente relevantes poden resultar secundarios ou insignificantes para os falantes. Inversamente, como veremos, estes poden outorgar relevancia a trazos que desde o punto de vista lingüístico parecen carentes de importancia¹⁹.

Pasemos arestora ao plano da teoría lingüística. Por vía da regra os enunciados lingüísticos ofrecen unha 'saturación típica' non só do que Labov denomina *estereotipos*, mais tamén do que el chama indicadores e marcadores: isto é o que nos permite clasificar tal enunciado / texto como pertencente a tal ou tal outro lecto ou variedade²⁰. Canto a isto, debemos ter en conta que a relación entre as variables lingüísticas e as non lingüísticas é de natureza probabilística (máis/ menos), e non –ou raramente– de natureza categórica (presenza/ ausencia). Destarte, Berruto (1995: 152-58) propón concibir as variedades como constituídas arredor de focos onde se concentran feixes de trazos prototípicos, focos que marcarían o centro das categorías; por tanto, as principais variedades lingüísticas coincidirían con agrupamentos significativos e congruentes ('adensamentos') de trazos en puntos determinados do *continuum* lingüístico²¹. No mesmo senso, xa vimos antes que Ferguson sinala que "canto máis cohesionados se achan os sistemas, tanto máis nidias son as fronteiras; e canto máis son estes percibidos polos participantes como entidades separadas, tanto máis útil e analízalos como variedades lingüísticas" (1994: 23).

A este mesmo proceso dinámico e dialéctico (do plano obxectivo ao intersubxectivo e viceversa) de definición dos sistemas se refire LePage cando emprega o termo 'focalización', e xa advertimos previamente en que consiste o contributo dos gramáticos neste terreo: ao salientaren algúns trazos como 'típicos' dunha lingua, axudan decisivamente a definila, balizando as

¹⁹ O observador externo ten o problema de que tenderá a 'reinterpretar' dos trazos do grupo estudado en termos dos seus propios esquemas valorativos. O problema do observador interno é que corre o perigo de procurar confirmar os seus propios estereotipos.

²⁰ Lembramos que Labov (1983: 299-14; 387) distingue tres tipos de variables sociolingüísticas: (a) Os *indicadores*, variables que presentan unha distribución regular ao longo dos grupos sociais (de estatus, etarios, étnicos, etc.), pero son empregados por cada individuo máis ou menos do mesmo xeito en todos os contextos. Se tales contextos poden ser ordenados nunha escala xerárquica, daquela os indicadores están socialmente estratificados. Así e todo, os indicadores aparecen dotados de escaso poder avaliativo. (b) Os *marcadores*, variables que presentan unha distribución social e tamén unha diferenciación (unha estratificación) estilística. Aínda que adoito permanecen por debaixo do control consciente, trazos deste tipo poden suscitar respostas avaliativas regulares. (c) Os *estereotipos*, variantes socialmente marcadas, etiquetadas de forma notoria pola sociedade. Os trazos estereotipadores esbozan unha imaxe da estrutura sociolingüística da sociedade correspondente, unha imaxe case sempre parcial, escasamente sistemática e non de todo congruente.

²¹ A noción de continuum será revisada, e matizada, de contado.

fronteiras entre tal lingua e outras coas que portén ou está en contacto. Precisamente, como atrás anotamos e máis adiante desenvolveremos, neste punto o galego atópase actualmente aínda nunha situación abondo difusa e fluída, pero o proceso de estandarización está contribuíndo a focalizar e estabilizar as variedades, e ao mesmo tempo a definir o idioma propio fronte ao castelán.

Xa que logo, as dificultades que ofrece a definición ‘científica’ das linguas e dos lectos (dos ‘polisistemas’ e dos ‘subsistemas’ lingüísticos) non os tornan seres ficticios, fantasmagorías dos falantes ou entequeiras caprichosas dos lingüistas: na práctica, as persoas distinguen variedades (como tamén distinguen linguas) e actúan en consonancia con esas distincións, de maneira que estas entidades existen nos seus cerebros e condicionan a súa visión da realidade e o seu desempeño lingüístico. Endebén, o que resulta de crucial importancia, para evitar confusións, é deixar claro que unha cousa é moverse no plano ‘intersubxectivo’ dos locutores e outra no plano ‘obxectivo’ dos (socio)lingüistas. No plano intersubxectivo, debemos falar en termos dos trazos estereotipadores e das avaliacións socioculturais que os falantes activan no curso das interaccións lingüísticas co gallo de modular a produción lingüística propia e de interpretar a dos seus interlocutores. No plano obxectivo, debemos falar das variables que identificamos mediante a análise metódica e sistemática dos produtos lingüísticos, e da correlación entre as devanditas variables e os parámetros sociais correspondentes.

Consecuentemente, cadramos consteste con Berruto cando xustifica a noción de variedade, xa que “o recoñecemento e a identificación de variedades, como feixes de variantes nos distintos niveis da análise que correlacionan con factores sociais, é un achado fundamental da sociolingüística e ademais representa un momento irrenunciábel do necesario proceso de abstracción que a teoría e a análise científica deben realizar perante a ilimitada variabilidade e caoticidade do real” (2004: 98)²².

4. ARQUITECTURA DO SISTEMA. GRADACIÓN, MULTIDIMENSIONALIDADE, XERARQUÍA

Podemos concibir, pois, a lingua como un sistema polilectal; ora, problema distinto é establecer como se artellan esas variedades para configurar a arquitectura dun sistema tal. Tense presentado unha concepción da lingua

²² Desde este punto de vista son comprensibles as reservas (que partillamos) deste autor fronte á sociolingüística interaccional, na que advirte o perigo de “transformar a análise nunha reprodución fractal do real” (Berruto, 1995: 46-50).

como un continuum lineal e unidimensional de lectos ordenados nunha escala implicacional²³. Esta era a imaxe inicialmente proposta por algúns creolistas, unha visión xustamente criticada por LePage / Tabouret-Keller (1985: 180-86), que dá conta só parcial do fenómeno da variación, e fronte a cal estes autores defenden un modelo radicalmente contraposto das linguas como espazos multidimensionais e repertorios abertos, nos cales, tal como quedou atrás dito, os falantes, ao produciren un texto e en función da súa competencia, o contexto, a audiencia, e as súas intencións comunicativas e expresivas, escollen variantes marcadas por unha determinada connotación socioestilística. Pola súa banda, Berruto propón un modelo de arquitectura da lingua disposto en forma un *gradatum* escalar multidimensional, orientado entre polos opostos, no cal as variedades emerxen como puntos de adensamento de trazos (Berruto 1995: 152-58).

Vexamos. Das variedades entendidas como 'focos' ou puntos de adensamento de trazos prototípicos falamos xa antes. A idea de *gradatum* coidamos que resulta máis precisa cá de *continuum*: a primeira supón unidades discretas, con transicións graduais e non fronteiras tallantes entre elas; a noción de continuum indicaría simplemente que non hai posibilidade de distinguir unidades discretas, dada a borrosidade das fronteiras. A multidimensionalidade remite ao cruzamento inextricable e á combinación transversal de varios eixos de variación, ao carácter 'holográfico' do fenómeno da variación, de maneira que cada variante pode atoparse posicionada simultaneamente en relación con varias dimensións. A característica de multidimensionalidade do espazo lingüístico debemos entendela como explicitamente contraposta á de ordenación en escala implicacional: unha configuración multidimensional é necesariamente distinta a unha implicacional. Verbo disto, Berruto aclara:

As tres dimensións de variación non actúan illadamente, mais interactúan e interfírense en varios modos. En primeiro lugar, unha produción lingüística concreta dun falante calquera terá sempre unha colocación simultánea verbo dos tres eixes: diatópico, diastrático e diafásico. En segundo lugar, trazos lingüísticos orixinais e primariamente marcados como diatópicos poden asumir valor (aínda máis) marcado diastraticamente, e trazos marcados en orixe como diastráticos poden asumir valor marcado diatopicamente, de xeito tal que as marcxas diatópica, diastrática e diafásica se presentan adoito inextricablemente copresentes (Berruto 1995: 149-50).

²³ É o modelo que Dubert 2002 tenta aplicar ao galego. Tamén houbo tentativas, máis arriscadas, de aplicalo á escrita (Álvarez Cáccamo / Herrero Valeiro 1996).

Unha idea semellante é expresada por R. LePage ao aseverar que “os dialectos e rexistros solápanse considerablemente: o dialecto dunha persoa é un rexistro para outra” (1996: 47). A figura que Labov ofrece da estratificación socio-estilística da variante [ɪŋ] do segmento *-ing* en final de palabra é moi ilustrativa do que estamos a dicir (véxase figura 1).




Figura 2. Estratificación socio-estilística de [ɪŋ] para -ing entre adultos brancos neoiorquinos, segundo Labov (1983: 301).

Xa que logo, determinadas variantes poden asociarse a máis dun tipo de ‘lecto’, e mesmo poden mudar de estatus: como antes sinalamos, a gheada, por exemplo, que en principio é unha variante diatópica, pode converterse nun momento dado ou para certos falantes nunha variante estilística; e isto non implica que necesariamente perda o carácter anterior de variante diatópica. Para quen escribe estas liñas, o dialecto (galego) de orixe constitúe hoxe nunhas ocasións unha variedade contextual (empregada segundo os interlocutores) e noutras unha variedade estilística (usada en ‘estilo alternativo’, con efectos expresivos e en particular humorísticos). Similarmente, o castelán é empregado por moitos galegofalantes, ademais de como variedade contextual (dependendo dos interlocutores ou ás veces do escenario institucional da interacción), como variedade estilística (expresiva e tamén frecuentemente escarniña).

Destarte, as certas observacións de Coseriu sobre o aspecto ‘multidimensional’ da variación lingüística (el non emprega este adxectivo) son recentes dunha maior concreción. En principio, parece certo que en cada dialecto se poden comprobar diferenzas diastráticas e diafásicas, en cada nivel, diferenzas diatópicas e de estilo, e así sucesivamente. Pero non é menos certo que tanto a magnitude real da variación canto a súa percepción polos falantes e a interpretación social a que se acha sometida non é equiparable

para todos os casos. Por vía de exemplo: en teoría, poderíase escribir un tratado de metafísica nun dialecto, pero na práctica os dialectos non adoitan empregarse nese tipo de textos. Por parte, a 'lingua común' pode presentar matizacións dialectais máis ou menos marcadas ('variedades rexionais') pero o rango e a escala de variación diatópica é nela, por definición, moito máis reducido do que existe entre os dialectos territoriais. Como veremos máis adiante, estes matices non carecen de importancia des que tentamos obter unha imaxe minimamente precisa da arquitectura da lingua.

Acabamos de apuntar que as variedades ou lectos adoitan atoparse definidas por un número relativamente reducido de variables. Xa que logo, non debemos concibir cada variedade como un sistema feito e dereito, isto é, caracterizado por un completo abano de trazos que o caracterizan da cima ao cabo, en todos e cada un dos planos da lingua (do fónico e morfolóxico ao semántico e o pragmático): un lecto é un subsistema, isto é, constitúe unha agrupación de variantes congruente pero incompleta; non é un microsistema, ou sexa, non consiste nunha versión reducida dunha lingua. A variación lingüística presenta un rango, amplitude e configuración distintos conforme o parámetro en que nos movamos (diatópico, diastrático, diafásico...), no senso de que o tipo e cantidade de trazos caracterizadores non son equivalentes para todas e cada un dos lectos identificables en todos e cada un dos parámetros: certos lectos poden acharse caracterizados por un número elevado de variables, outros por un número reducido; ademais, estas variables poden pertencer, segundo os casos, ao plano fónico, morfolóxico, sintáctico, léxico, semántico, ou pragmático, sós ou en calquera tipo de combinación.

Coseriu sostén que os dialectos xeográficos acostuman ser máis completos do punto de vista lingüístico (isto é, atoparse máis e mellor caracterizados nos distintos planos da lingua), en canto que as variedades sociais e contextuais se achan caracterizadas dun xeito moito máis parcial (en termos coserianos, son 'formas só parcialmente diverxentes da lingua común'): "o *dialectal* caracteriza integramente un xeito de falar, mentres que os feitos caracterizadores dos niveis e estilos de lingua atinxen xeralmente só a aspectos parciais (aínda que, ás veces, de validez intrínseca moi ampla)" (Coseriu 1981b: 16). De aquí deriva a idea de que existe unha 'xerarquía' das variedades, unha idea que expresa moi ben o colega Dubert (2002: 14-16): "existe unha xerarquía de ordenación das variedades, de modo que a primeira gran división é a diatópica; dentro de cada xeolecto [dialecto] existirán diferentes sociolectos; e dentro de cada sociolecto, un conxunto de estilos"²⁴.

A devandita idea, en rigor, é incompatible co modelo 'multidimensional' da variación lingüística tal como o propón LePage. En troca, coido que pode

²⁴ Véxase para isto tamén Berruto 1995: 150-51.

ser compatible con este –e máis conforme á realidade efectiva da variación tal como se manifesta no uso da lingua– se reformulamos a defición de ambos e somos máis precisos canto ao número, tipo e entidade das variables afectadas por cada un dos parámetros de variación. Canto ao primeiro, coido que nin o modelo de sistema polilectal estruturado presupón forzosamente que as variantes se achan meticulosamente estibadas unhas con outras en paquetes compactos e indisolubles (os lectos), á súa vez rixidamente arranxados nunha xerarquía inflexible; nin o modelo multidimensional implica por forza a noción dun repertorio lingüístico caótico, do espazo lingüístico como un totum revolutum onde un pandemonio de variantes disxuntas flutúa estradas sen orde nin concerto.

Canto á correlación entre eixos de variación e número, tipo e entidade das variables afectadas, algo dixemos antes; a isto engadimos agora: a variación dialectal afectaría unhas determinadas variables gramaticais (sobre todo fónicas e morfolóxicas, en menor medida, léxicas e sintáticas), e seccionaría verticalmente o sistema lingüístico, mentres que a variación socio-funcional afectaría outra serie distinta de variables (algunhas fónicas e morfosintáticas, pero sobre todo léxico-semánticas e pragmáticas), e seccionaría o sistema lingüístico transversalmente, en senso oblicuo. Nesta liña, será interesante evocar aquí unha hipótese de Hudson (que o mesmo autor califica como “moi tentativa”) segundo a cal a sintaxe é o marcador da cohesión da sociedade, o léxico é o marcador das divisións sociais, e a pronuncia reflicte o grupo social permanente co que o falante se identifica; xa que logo, os falantes tenderían a eliminar do seu idiolecto as variantes sintáticas e en troca a cultivar activamente alternativas léxicas para marcar distincións sociais sutís (Hudson 1996: 45).

A proposta de Hudson repousa na idea tradicional de que o núcleo ‘fundamental’ da lingua residiría na sintaxe, o menos variable de todos; os planos morfolóxico e fonolóxico situaríase, nesa orde, nun nivel menos profundo, e resultarían máis variables, e o léxico atoparíase nunha posición máis periférica, e sería o máis variable dos tres. O dialecto presentaría variables características nos tres planos, o sociolecto máis ben no fónico e no léxico (e menos no morfosintático) e o estilo máis no léxico (menos no fónico, e menos aínda no morfosintático). Tomado en groso e en xeral, tal cadro pode reflectir dun xeito aproximativo a percepción dos propios falantes, e incluso a intuición de boa parte dos lingüistas. Endebén, a análise a fondo revela que a variación sintáctica e semántica nos eixos social e funcional (e non digamos xa entre lingua falada e escrita) é bastante maior do que poida parecer a primeira vista²⁵.

²⁵ A título de exemplo, véxase o magnífico traballo sobre variación sintáctica entre distintos rexistros do galego realizado por Cidrás Escáneo 1994. Son moi numerosos os traballos sobre as di-

Será interesante introducir aquí unha reflexión sobre os diferentes comportamentos verbo da variación que ofrecen as linguas sen normalizar ('incompletas'), en comparanza coas linguas normalizadas ('completas'). Isto é, linguas que non experimentaron un amplo despregamento funcional (parámetros socio-comunivativos) e que non están estandarizadas (parámetros lingüísticos), fronte a aquelas outras estandarizadas e funcionalmente desenvolvidas. Por vía da regra, as primeiras caracterízanse por unha variación xeográfica relativamente maior –con eventual deriva cara á fragmentación dialectal– fronte a unha escasa diversificación nas dimensións social e funcional; mentres que as segundas, pola contra, adoitan ser dialectalmente máis compactas –adoito cunha tendencia cara á redución das diferenzas e incluso cara á homoxeneización, fóra o caso da variación dianómica nas linguas de extensión internacional–, e mostrarse máis diversificadas nas outras dúas dimensións (social e funcional). O galego, unha lingua en proceso de desenvolvemento, está experimentando unha diversificación social e estilística inédita, o cal constitúe, case inevitablemente, unha fonte de perplexidades e mesmo de tensións²⁶. Volveremos sobre isto.

5. A VARIACIÓN DIAFÁSICA OU SOCIO-FUNCIONAL: REXISTRO / ESTILO

E con isto chegou o momento de referirse a un dos parámetros da variación lingüística: a diastrática, a que nos permite definir os rexistros ou estilos²⁷. Nas súas pescudas sociolingüísticas, Labov (1983: 105-53) ten empregado o termo 'estilo (contextual)' nun senso restrinxido, como pauta regular de variación na produción oral (en particular, na pronuncia) que depende da atención que o locutor presta ás formas lingüísticas que emprega na súa fala, unha atención que varía en función da situación comunicativa. A Labov intéresáballe dun xeito moi concreto establecer unha grella de 'estilos' útil para analizar o material lingüístico recollido en investigacións de campo. Segundo isto, o noso autor distingue: contexto-estilo A (situación informal/ discurso

ferenzas entre lingua escrita e falada, con atención ao aspecto léxico-semántico e ao sintáctico (Halliday 1990 ofrece un bo exemplo). Canto á variación sociolectal, a prolongada discusión sobre a hipótese dos dous códigos (restrinxido e elaborado) e a teoría do déficit, é boa testemuña da profundidade das diferenzas. Véxase, entre outros, Bernstein 1971/1972/1975 e Halliday 1979: 24-31 e 101-07.

²⁶ Sobre isto saliento entre a abundante bibliografía os traballos de Kabatek 1991, 1996a e 1996b; Regueira 1994, 1997, 1999 e 2002; e Vidal 1997. Pódense ver as miñas consideracións ao respecto en Monteagudo 2002b, en particular as pp. 113-120.

²⁷ Salvo indicación expresa en contrario, seguindo o uso xeral, empregaremos 'rexistro' e 'estilo' como sinónimos.

casual), contexto B-estilo A (situación formal/ discurso espontáneo), contexto-estilo B (situación formal/ discurso coidado), contexto-estilo C (lectura de texto), contexto-estilo D (lectura de listas de palabras), contexto-estilo D' (lectura de pares mínimos).²⁸ A proposta de Labov ten basicamente un carácter analítico e metodolóxico, e está, como dixemos, pensada para a recollida e tratamento de textos orais; o estudoso americano non pretende deseñar unha tipoloxía 'universal' (sen ir máis lonxe, un falante analfabeto carece dos 'estilos' C, D ou D' tal como os define Labov)²⁹. Temos aí, por tanto, unha primeira acepción específica do termo 'estilo'.

Obviamente, todos os locutores modulan a súa fala en función do contexto de comunicación, de maneira que todos eles posúen un abano de estilos; de feito, a destreza para adaptar a fala ao contexto constitúe un compoñente básico da competencia comunicativa³⁰. Debemos de coidarnos de considerar os falantes como 'autómatas' que se limitan a aplicar uns guións de conduta lingüística pre-establecida ás situacións comunicativas en que se ven involucrados. Pola contra, os interlocutores e o texto non son engranaes pasivos dun mecanismo socio-funcional, mais o locutor pode participar activamente na definición da situación, empregando como recurso precisamente o seu discurso (isto é, o uso da lingua). Doutra banda, o que un locutor pode categorizar como 'estilo coidado' pode ser catalogado por outro como 'estilo espontáneo' (para non saírmos dos termos empregados por Labov).

No entanto, a variación estilística non só pode contemplarse desde a perspectiva do locutor nun nivel 'micro', mais tamén desde a perspectiva social, do nivel 'macro'. Desde a perspectiva macro, podemos pois constatar que, aínda que todos os falantes posúen un abano de estilos, este non necesariamente coincide co repertorio de estilos socialmente recoñecidos (Ure

²⁸ Das anteriores, a única distinción merecente dunha explicación é a que establece entre o discurso *casual* "a fala cotiá empregada en situacións informais, sen ningunha atención á lingua", e o discurso *espontáneo*, definido como "unha contrapartida ao discurso casual que se dá en contextos formais, non como resposta a unha situación formal, mais precisamente a pesar dela" (de aí que se fale de contexto B, isto é formal, e estilo A, isto é, informal); trátase dunha "fala cargada de excitación ou de emoción, onde as constriccións dunha situación formal desaparecen" (Labov 1983: 124).

²⁹ Secomasí, cos analfabetos, aínda que carecen de estilo de lectura, poden posuír o de recitado (dun texto que saiban de memoria), e algo similar acontece coas listas de palabras (nas enumeracións dos días da semana ou os meses do ano, por exemplo); análoga observación vale para os pares mínimos.

³⁰ Concordamos, pois, neste punto, coa posición de Dubert: "todo falante normal debe, cando menos, saber producir textos nunha serie de estilos máis ou menos formais" (2002: 18). Secomasí, no que vén a seguir matizaremos o alcance desta afirmación.

1982: 6). Máis aínda, non todos os falantes dominan este repertorio: case calquera falante é capaz de improvisar un discurso máis ou menos lucido en estilo formal ante unha audiencia regularmente ampla (por caso, unha breve alocución de boasvindas, unha felicitación ou un agradecemento nunha festa familiar), pero poucos son quen a desenvolver unha disertación solemne ante un auditorio amplo e anónimo. Xa que logo, todos os locutores dispoñen dunha competencia parcial en varios rexistros, e todos son capaces de se adaptar á situación en que se ven involucrados; pero con máis ou menos destreza ou acerto segundo o falante e o rexistro manexado. Por tanto, podemos recoñecer unha segunda acepción do termo 'estilo', para nos referirmos a cada unha das variedades socialmente recoñecidas:

A escala de rexistros lingüísticos comprende o abano de situacións sociais recoñecidas e controladas polos seus falantes, situacións para as que existen modelos apropiados. Cada comunidade lingüística posúe o seu propio sistema de rexistros, que corresponde co repertorio de actividades en que os seus membros participan de xeito habitual (Ure 1982: 1).

E velaquí como se interconectan e solapan os distintos parámetros de variación, pois o acceso ao comando en rexistros 'elevados' dependerá en boa medida do nivel de instrución, da riqueza relativa de experiencias e da posibilidade de acceso a determinados recursos culturais, factores estes obviamente mediados polo estatus social (Berruto 1995: 142-46). En efecto, en todas as comunidades lingüísticas mininamente desenvolvidas un discriminante sociolingüístico importante vén constituído pola destreza no manexo da lecto-escritura, pola competencia na variedade estándar e polo comando dos rexistros lingüísticos elevados que esixen a utilización desta³¹.

O fenómeno devandito non nos debe levar a confundir a variación diafásica coa social: é un feito que os membros dos grupos sociais acomodados, en virtude precisamente do seu estatus, gozan dun mellor acceso, máis ocasións de uso e por tanto maior dominio dunha serie de variedades lingüísticas, ao contrario do que acontece cos grupos sociais desavantaxados; pero ese feito non converte automaticamente esas variedades en 'variedades sociais'. A asociación entre dunha banda a variedade estándar e os rexistros elevados de lingua (igual cá lecto-escritura) e doutra os grupos sociais privi-

³¹ Nótese pois como se pode denunciar como unha falacia a visión da lingua como un patrimonio comunitario partillado equitativamente por todos os falantes, posuidores dunha competencia lingüística equivalente. Obviamente, as destrezas lingüísticas, e máis aínda as comunicativas, atópanse desigualmente repartidas (véxase sobre isto Bourdieu 1982: 23-25).

lexiados é socio-cultural e continxente, non é intrínseca e necesaria. Por iso mesmo, os grupos sociais desfavorecidos teñen todos os argumentos para non posicionarse contra a variedade estándar e os rexistros elevados; ao revés, o lóxico é loitar activamente contra a marxinalización ou exclusión destes canto á apropiación e uso de tales recursos lingüísticos. O rexeitamento do estándar e dos rexistros elevados en nome das connotacións sociais que hogano leva asociado o seu emprego resulta tan insensata como o resultaría o rechazo da alfabetización das masas hai cen ou cincuenta anos, fundado en argumentos do mesmo tipo.

As dimensións da variación contextual ou diafásica son dabondo complexas, pois, como di Hudson, “diferentes elementos lingüísticos son sensíbles a diferentes aspectos do acto de comunicación, do mesmo xeito que diferentes elementos reaccionan de xeito distinto ás diferentes características (sociais) do falante” (1996: 47). Daquela, tornamos á noción de estilo/ rexistro, tal como aparece definida por Halliday (véxase táboa nº 1): unha variable dependente do uso, ou máis, particularmente, do contexto. Son diversas as tentativas de definir os factores contextuais relevantes para definir un acto de fala, que constituirían os reguladores do estilo/ rexistro correspondente³². Así, tense sinalado que o estilo/ rexistro depende: (1) dos *locutores* que interveñen na situación comunicativa e da súa mutua relación (grao de familiaridade), (2) do *escenario* da interacción (formalidade da ocasión) e (3) do *asunto* (funcións ou propósito do acto de comunicación). O propio Halliday preferiu definir o contexto en función dos tres principais tipos de factores situacionais que determinan os tipos de selección de elementos lingüísticos: a) Campo (*field*): escenario institucional (tema/ actividade en marcha, ámbito...); b) teor (*tenor*): relacións entre os participantes (familiaridade, estatus, rol, emoción...); c) modo (*mode*): canle de comunicación (fala/ escrita, teléfono...).

O ‘campo’ refírese á actividade que ten lugar, o ‘teor’ aos participantes nela, o ‘modo’ ao papel que xoga a lingua. Unha das variables que se inclúen no modo é a que podemos denominar ‘medio’ (*medium*), que opón o discurso oral ao discurso escrito. Como é evidente, a distinción entre o rexistro oral e o rexistro escrito non é só de ‘medio’ de transmisión, mais ten unhas implicacións de moito alcance, que non aquece sinalar agora³³, de aí que estimemos xustificado distinguir un eixo de variación diamésico, ao que nos referimos antes. De feito, cando tratamos o asunto da variación na pers-

³² Un esquema detallado dos ‘compónentes da situación de comunicación’ ofréceneo Brown / Fraser 1979: 35. Véxase tamén Giles / Coupland 1991: 1-31.

³³ Para unha introdución, sumaria pero esclarecedora, véxase Halliday 1990.

pectiva da lingua normativa, debemos deixar constancia de que a prescrición se refire primariamente e atinxe fundamentalmente á escrita. Ora, o discurso formal oral constitúe practicamente un discurso de oralidade secundaria (isto é, mediado pola escrita ou dependente deste), e algo semellante, aínda que nunha medida moito menor, se podería dicir do semiformal (Ong 2002)³⁴.

Outra dimensión da variación estilística, moi importante no proceso de modernización da lingua, é a relacionada coa creación de rexistros especializados (VES), asociada á ampliación do abano de actividades en que esta lingua é empregada (Ure 1982). Os rexistros especializados poden clasificarse en dous parámetros: tipo (relacionado co tema) e grao de especialización. Este aspecto da cuestión, que temos tocado noutros traballos, non nos aquece arestora³⁵. Obviamente, o subdesenvolvemento estilístico do galego é consecuencia directa da diglosia, en concreto, da súa vertente funcional.

Finalmente, afirmamos antes que o locutor non era un autómatas; sinalamos tamén que a súa competencia comunicativa (desigual de falante a falante segundo o estilo) é un factor determinante, subliñamos agora que á parte dos elementos obxectivos que imos considerar a seguir, existen uns factores subxectivos que adoito son ignorados cando se trata do estilo. Referímonos en particular a dous aspectos que son moi difíciles de capturar nunha visión sintética da cuestión, pois están subsumidos na etiqueta do teor: o carácter denotativo *versus* coloración connotativa dos textos (cos seus matices e diferentes niveis de intensidade: dramática, irónica, satírica, humorística, afectiva, ...) e mais á expresión lingüística das actitudes respecto a outros interlocutores (afecto, indiferenza, agresividade, deferencia...).

³⁴ Ademais de rexistro/ estilo, do que falamos previamente, teñen sido empregados outros termos en referencia á variación contextual, tales como 'xénero' e 'tipo de texto'. Así, segundo Ferguson, 'rexistro' está asociado a unha "situación comunicativa que ocorre regularmente na sociedade" mentres que xénero se refire a un "tipo de mensaxe que ocorre regularmente nunha sociedade" (1994: 20-21). Pola súa banda, Biber ten definido o xénero como "categoría de textos que o falante maduro dunha lingua distingue inmediatamente, por caso, novela, artigo de xornal, editorial, contributo académico, conferencia, programa de radio, conversa ordinaria" (1995: 8). Nesta liña, este mesmo autor recolle a definición de 'xénero' como "instancia convencional de organización textual". Como se ve, trátase dunha noción moi próxima á de 'rexistro', se acaso incidindo máis no aspecto do contido e do formato do texto do que nos aspectos extra-textuais. Canto aos 'tipos de texto', Biber enténdeos como categorías establecidas en termos estritamente lingüísticos, definidas de tal xeito que os textos de cada tipo son maximamente similares no tocante ás súas características lingüísticas, mentres que cada un dos tipos é maximamente diferente aos outros no tocante ás ditas características. Eu mesmo teño empregado reiteradamente as designacións 'xénero comunicativo/ tipo de texto' (véxase por caso Lamuela / Monteagudo 1996: 281-83).

³⁵ Véxase, por caso, Lamuela / Monteagudo 1996: 281-94.

6. REXISTROS E GRAO DE FORMALIDADE

Dado que no presente contributo só pretendemos unha aproximación á cuestión, unha vez deixamos constancia da proposta de Halliday e das precisións de Biber, ímonos referir dun xeito esquemático á cuestión da variación diafásica, atendendo ao criterio principal xeralmente empregado para unha primeira aproximación ao rango de estilos/ rexistros: o grao de formalidade. Na nosa opinión, a 'formalidade' é unha noción complexa que captura sinteticamente varios dos aspectos máis decisivos da situación de comunicación, particularmente nas dimensións do campo e o teor. Así, o grao de formalidade depende esencialmente do ámbito de comunicación (asociado a certo tipo de actividades) e do tipo de relacións entre participantes. Canto ao primeiro, pódense distinguir entre outros os ámbitos públicos (coma os relacionados coa comunicación institucional e certos ritos relixiosos ou cívicos), semipúblicos (coma os da comunicación individual de carácter profesional ou corporativo), privados (coma os relacionados coa sociabilidade entre pares) e íntimos (coma os das relacións familiares). Canto ao segundo, factores relevantes poden ser a distancia ou escasa familiaridade, ou ben notables diferenzas de estatus (como entre unha persoa maior e outra persoa moza) ou asimetría de roles (como nas interaccións profesor $\leftrightarrow$ estudantes, cliente $\leftrightarrow$ dependente, xefa $\leftrightarrow$ subordinados, médico $\leftrightarrow$ paciente) entre os interlocutores.

Segundo o nivel de formalidade, podemos distinguir tres rexistros básicos (véxase a táboa nº 2), tanto na fala coma na escrita, que resultan da distinción entre tres niveis de monitorización do emisor verbo da súa propia actuación lingüística: un nivel de máximo control, no rexistro formal (mensaxe reflectida, suxeita a planificación previa; acto de emisión tenso, que se manifesta, por exemplo, nunha menor velocidade de emisión); un nivel de control medio, no rexistro semiformal; e un nivel de control mínimo, no rexistro informal (mensaxe improvisada ou espontánea, acto de emisión distenso, que se manifesta nunha maior velocidade, por caso).

O contexto-tipo que corresponde ao rexistro formal é o da comunicación impersoal, xeralmente pública (ou entre interlocutores descoñecidos) e institucionalmente mediada (literatura, ritos cívicos ou relixiosos, etc.), polo que se caracteriza polos trazos 'tenso' (mesmo tensión articulatoria, no caso da fala) e 'reflectido' (o discurso é frecuentemente elaborado con moito coidado, como é o caso da literatura), o rexistro formal falado, como dixemos, depende estreitamente do escrito. O contexto-tipo do rexistro semiformal é o das comunicación semi-públicas, entre persoas pouco coñecidas, en situacións que obrigan a un certo distanciamento e/ ou imponen certa xerarquía entre os interlocutores, o que obriga a un control medio sobre a comunicación. O contexto-tipo que corresponde ao rexistro informal é o da comunicación pri-

vada, entre persoas coñecidas, en situacións que non impoñen distancias nin xerarquías ríxidas entre os participantes, de maneira que se caracteriza polos trazos ‘distenso’ (mesmo na articulación da fala) e ‘espontáneo’.

REXISTROS		
		[+CONTROLADO]
tenso	FORMAL	reflectido
	SEMIFORMAL	
distenso	INFORMAL	espontáneo
[-CONTROLADO]		

Táboa 2.- Tres rexistros básicos da fala e da escrita. *Elaboración propia*

Esta división tripartita (continuadora da clásica en *sermo illustris*, *sermo mediocris* e *sermo humilis*) é suceptible dunha maior matización (táboa nº 3), por caso distinguindo dentro do rexistro formal falado o oratorio (solemne), o esmerado (serio) e o impersoal (distante), dentro do rexistro formal escrito o literario (da creación ficional), o cultivado (da prosa elaborada) e o instrumental (prosa informativa e documentaria). Analogamente, dentro do rexistro informal na fala distinguiríamos o rexistro coloquial (relaxado), o familiar (afectivo) e o alternativo (o máis expresivo, o que os lingüistas italianos denominan graficamente como ‘turpiloquio’), mentres que na escrita distinguiríamos o rexistro cursivo (ordinario), o trivial (descoidado) e o transgresor (efectista). Non seguimos por esa liña, pois non é o noso obxectivo ofrecer aquí unha nomenclatura ou clasificación exhaustivas nin unha xustificación pormenorizada dos distintos estilos de fala e escrita en galego, tarefa que require un traballo previo de investigación empírica que, polo que sabemos, non foi aínda abordado.

Gustaríanos, iso si, chamar a atención para os estilos tradicionalmente denominados ‘vulgares’, designación esta que nos parece cargada de connotacións sociais e prexuízos valorativos, que o vencellan ás ‘clases inferiores’ e aos individuos incultos. Dunha banda, cando na bibliografía lingüística se fala de ‘vulgarismo’ habitualmente se denota unha fala caracterizada polo que confusamente se denominan barbarismos (isto é, ‘impurezas’ na pronuncia) e solecismos (aínda que este termo adoita referirse máis ben ás ‘faltas’ na sintaxe), no cal basicamente se engloban pronunciacións ultra-vernáculas³⁶ e diversos metaplasmos típicos dos falantes non instruídos. Trátase,

³⁶ Este tipo de variantes adoitan ser o resultado da acomodación á fonémica vernácula de empréstimos cultos ou de estranxeirismos (‘poblema’, ‘efeuto’, ‘adimirar’, etc.); por iso é aínda máis chocante referirse a elas como ‘barbarismos’.

pois, dun fenómeno máis ben de variación social que non estilística. Doutra banda, cando se fala de 'linguaxe vulgar' remítese ao que que os lingüistas italianos, con termo ben gráfico, denominan 'turpiloquio', isto é, o emprego de vocábulos disfémicos ou tabús; este emprego pode tamén correlacionar coa identidade social do falante³⁷, pero préstase tamén ao xogo dos 'estilos'. É neste último senso que empregamos os termos de estilo 'alternativo' na fala e 'transgresor' na escrita, que fan referencia ao seu carácter marxinal e anticonvencional, conforme o sistema de valores dominante.

FALA/ESCRITA		
		[+CONTROLADO]
tenso	oratorio ← literario	reflectido
	esmerado ← cultivado	
	impersoal ← instrumental	
	coloquial → cursivo	
	familiar → trivial	
distenso	alternativo → transgresor	espontáneo
[-CONTROLADO]		

Táboa 3. Seis rexistros na fala e na escrita. Elaboración propia

Na táboa nº 3, a dirección das frechas indica que mentres nos rexistros 'altos' é basicamente a lingua escrita a que marca a pauta e a lingua falada recibe a influencia desta, nos rexistros 'baixos' acontece o contrario. Os casos extremos son ilustrativos: o rexistro oratorio resulta, por vía da regra, da lectura en voz alta dun texto escrito; o rexistro transgresor resulta dunha imitación deliberada na escrita (adoito, literaria), do estilo alternativo da fala aínda que aquí tamén entraría determinado tipo de inscricións murais).

Lembramos que estes rexistros, tal como nós os concibimos, non correlacionan directamente coa posición social do falante (non se confunden, pois, cos sociolectos), mais, insistimos, coa situación de comunicación. Isto non significa que non exista unha asociación entre a dimensión funcional e a social, pero esta asociación non é directa, mais está mediada polo nivel educativo: en particular, para dominar o rexistros formais cómpre posuír unha competencia lingüístico-comunicativa considerablemente elevada, que practicamente só se pode obter mediante a educación formal. Por outra banda, a ocasión de exercer de 'protagonista' (emisor principal, se se quere) dunha interacción realiza-

³⁷ Tanto en termos de clase social/ nivel de instrución coma por caso de grupo etario: sábese que os falantes instruídos recorren menos (ou incluso evitan) o turpiloquio; doutra banda, os falares xuvenís recréanse no palabrón.

da nun contexto/ situación formal (isto é, que esixe o emprego estilo formal) non se lle presenta a todo o mundo, mais soamente a individuos que gozan dun determinado status institucional, un status máis accesible para persoas de clase social acomodada. Secomasí, reiteramos, non se pode confundir a variación estilística coa diastrática, pois son dous fenómenos de natureza diversa, e, salvo en casos particulares, a primeira correlaciona só indirectamente coa segunda. De feito, cando tratamos de variación diastrática, ao que nos referimos, en principio, é á lingua falada e aos estilos coloquial e familiar.

7. VARIACIÓN DIASTRÁTICA. LINGUA, DISCURSO E ACTOS DE IDENTIDADE

Para podermos categorizar as variantes e a partir de aí establecer as variedades sociolingüísticas, cómpre dispoñer previamente dunha definición minimamente operativa das variables extra-lingüísticas relevantes. Así, as variables de xénero/ sexo e idade son relativamente doadas de definir e de manexar, pois permiten delimitar cun grao satisfactorio de claridade grupos ben identificados, tamén desde o punto de vista sociolingüístico –aínda que adoito máis por trazos paralingüísticos (cualidade e timbre da voz, entoación) e discursivos (pautas de comunicación) do que propiamente lingüísticos. Algo similar, embora xa non tan claramente, podemos dicir da variable ‘hábitat’: o ambiente e as características lingüístico-comunicativas dos núcleos urbanos maiores é claramente distinto (comezando pola súa maior complexidade) ao dos poboadamentos rurais, e ambos máis ou menos discernibles dos das vilas medianas e pequenas. A variación dialectal ‘estrita’ (diatópica) adoita ser menos marcada nos primeiros, en troca, a variación social/funcional acostuma resultar moito máis ampla nas cidades que non nas vilas e aldeas.

Endebén, acontece que no caso da estratificación social carecemos de tal definición previa das variables extra-lingüísticas, o cal é unha fonte de dificultades: para operar con esta noción é imprescindible posuír unha idea clara da estrutura de cada sociedade, o problema é que entre os sociólogos existe escaso acordo a respecto desta cuestión fundamental (Berruto 1980 e 1995: 119-46). Por iso, paradoxalmente, a noción de ‘sociolecto’ está lonxe de ocupar un lugar central na teoría sociolingüística. Os factores aos que se adoita outorgar maior peso na definición do status social son a ocupación, a renda, o nivel educativo e a residencia; adicionalmente, tamén se pode considerar a orixe familiar e/ou a profesión dos proxenitores, entre outros factores³⁸, como noción máis complexa e abranxente tense proposto a de

³⁸ Algúns sociólogos distinguen entre os status de adscrición ou ‘de partida’ (pertenza relixiosa ou étnica, de casta, sexo ou familia) e o de ‘logro’ ou ‘de chegada’ (educación, renda, ocupación).

‘estilo de vida’ (Berruto 1995: 127). Aínda que a correlación entre as variables antes citadas adoita ser estreita (unha profesión de prestixio adoita esixir un alto nivel educativo que só está ao acado dos descendentes de familias con ingresos elevados, que por vía da regra habitan nas cidades ou os seus arredores), o certo é cada unha delas delimita grupos sociais parcialmente distintos; por parte, varias das ditas distincións téñense revelado escasamente operativas para a sociolingüística.

Por tanto, podemos preguntarnos ¿existe unha única xerarquía ou cando menos unha xerarquía ‘fundamental’ para cada sociedade? Ou a estratificación social é un termo vago que abrangue un abano de diversas estruturas xerárquicas frouxamente interrelacionadas? Os estudos dispoñibles ofrecen relativamente pouca base para a noción do estatus como fenómeno unitario. As sociedades contemporáneas presentan unha estrutura moi complexa e matizada, en razón da mobilidade do corpo social: analogamente ao que acontece coas variedades lingüísticas, é practicamente imposible efectuar unha división nidia dunha sociedade nun pequeno número de clases ben definidas, pois os grupos de estatus forman un continuum gradual, en que ademais se atravesan e solapan os diversos criterios que antes indicamos.

Aínda así, coidamos que as observacións que antes desenvolvemos acerca da definición das variedades lingüísticas (e as linguas) son de aplicación ao caso: os actores sociais recoñecen estratos sociais (probablemente como consecuencia de estereotipacións), e por outra banda é posible dexergalos con criterios obxectivos. É certo que uns e outros agrupamentos non coinciden completamente, tamén o é que non existen fronteiras tallantes, pero isto non converte tales clasificacións en arbitrarias; no entanto, resultan de grande utilidade tanto para guiar o comportamento dos axentes coma para explicar a estrutura e dinámica sociolingüística das comunidades. Para máis, resulta que a variación lingüística é unha variable que os propios actores utilizan frecuentemente (en combinación con outras) á hora de establecer as categorías sociais (o cal, por certo, fai aínda máis insostenible a posición dos sociólogos que ignoran esta variable).

Unha observación incidental: neste asunto discrepamos con Coseriu cando clasifica no eixo diafásico a variación relacionada co xénero-sexo (home/muller) e os grupos etarios (infancia/ mocidade/ madurez/ ancianidade). Estas variables responden claramente a categorías sociais, non, como afirma este autor, biolóxicas: está claro que os grupos de xénero ou idade, aínda

Véxase nesta liña Labov 1983: 352-53. Tamén é de grande importancia para o comportamento lingüístico o que podemos denominar estatus ‘de aspiración’, que apuntan ao grupo con que o falante *desexa* ser identificado.

que teñen unha obvia base biolóxica, constitúen construtos socioculturais. Pola contra, coidamos que os denominados tecnolectos, 'linguaxes de especialidade' ou 'variedades especializadas', como nós preferimos denominalas (e onde incluimos os argots e as xergas; abreviaremos VES) son máis ben variedades diafásicas que non, como quere Coseriu, diastráticas, pois o seu uso depende de factores contextuais³⁹. En todo caso, tampouco as VES nos van ocupar aquí.

Sexa como for, para identificar, caracterizar e clasificar os sociolectos en calquera comunidade lingüística, parece imprescindible ter unha idea previa de cales son as variables sociais coas que imos tentar correlacionar as variables lingüísticas en aprezo, e unha cuestión tan complexa non pode despa-charse cunha rápidas pinceladas impresionistas⁴⁰. O risco de deixarse levar pola intuición neste terreo xa o sinalou, coa súa agudeza habitual, P. Bourdieu:

Tanto en canto ignoren o límite que é constitutivo da súa ciencia, aos lingüistas non lles queda outra que procuraren desesperadamente na lingua o que en realidade está inscrito nas relacións sociais en que esta funciona, ou ben facer socioloxía sen se decatar, ou sexa, a risco de descubriren na propia gramática o que a socioloxía espontánea do lingüista importou nela de xeito inconsciente (1982: 14-15).

Sen contradicir o sociólogo francés, podía respondérselle, na liña que deixamos apuntado, que moitas das dificultades para elaborar unha teoría sociolingüística sólida derivan do feito de que os sociólogos acostuman dar a lingua por suposta e non a consideran un obxecto problemático; pero aínda por riba, tampouco non ofrecen unha teoría sociolóxica en que se poida estear unha teoría do uso lingüístico (Coulmas 1996: 5). No entanto, todos os

³⁹ A linguaxe técnica especializada dunha profesión ou dominio do coñecemento non constitúe unha variedade 'fundamental' para os seus usuarios, que só a empregarán nos contextos aq-ue-ntes.

⁴⁰ Véxase Dubert 2002: 16. É certo que, tal como sinala este autor no lugar indicado, un dialectólogo non está comprometido a estudar a realidade xeográfica que el fai correlacionar cos datos lingüísticos que analiza, pero un dialectólogo non pode facer dialectoloxía sen ter previamente un 'mapa' claro do territorio: non se admitiría nun dialectólogo a aseveración de que 'lle dá a impresión' de que Fisterra cae no occidente de Galicia, e que "ten entendido" que este sector do territorio galego é fronteirizo con Portugal. Por razóns análogas, non se pode facer sociolectoloxía sen apoiarse nunha visión minimamente clara e obxectivamente contrastable da estrutura da sociedade galega. Naturalmente, o sociolingüista ou sociolectólogo non se ocupa de estudar e definir tal estrutura, como o dialectólogo non se encarga de traxear mapas, pero debe dispor deles.

falantes teñen consciencia en graos diversos do fenómeno da variación e son capaces de identificar o seu valor social, de aí que exista un xuízo consensual sobre os usos lingüísticos, tanto os valorizados canto os desvalorizados (Jollin-Bertocchi 2003: 30). Cara a isto mesmo apunta Labov: “as actitudes sociais ante a lingua son extremadamente uniformes no interior dunha comunidade lingüística [...] o correlato da estratificación regular dunha variable sociolingüística no plano do comportamento é o acordo uniforme no plano das reaccións subxectivas a respecto de tal variable”⁴¹.

Algúns autores procuraron unha saída da dificultade mediante o recurso a unha sociolingüística ‘interpretativa’: “un traballo que comeza pola observación do desempeño lingüístico e interpréao en termos de significado social; no canto de comezar pola estrutura social e procurar os seus correlatos lingüísticos” (Le Page 1996: 31). A isto, poderíamos opoñer, na liña de M. A. K. Halliday (1978: 34-5): “hai unha diferenza entre o ‘social’ e o ‘sociolóxico’: se describimos un contexto de situación en termos de observacións *ad hoc* acerca dos escenarios en que se usa a lingua, isto pode ser cualificado como unha achega ‘social’ á lingua, pero dificilmente como unha achega ‘sociolóxica’; para o segundo sería precisa unha teoría da estrutura e o cambio sociais”. ¿Debemos conformarnos cunha achega ‘social’ (fundada nas percepcións dos propios locutores), e renunciar, cando menos de momento, á achega sociolóxica? Velaí o dilema entre a sociolingüística correlacional e a interaccionista, ao que xa nos referimos antes neste artigo.

A proposta de Hudson (1996: 187), na liña do apuntado canto á variación lingüística, pode permitir avanzar un pouco no camiño da identificación dos grupos sociais: “A noción de grupos sociais discretos é menos iluminadora que a visión da sociedade organizada arredor dunha serie de diferentes puntos focais, cada un dos cales define unha norma separada de conduta [incluíndo o aspecto lingüístico-comunicativo] e atrae, en graos variables, a lealdade de certos membros da sociedade”. A partir de aí, Hudson estéase na teoría de LePage sobre os ‘actos de identidade’ (LePage / Tabouret-Keller 1985: 180-86). Segundo esta, tanto os grupos sociais canto as propiedades lingüísticas que a estes se atribúen son perceptos de cada individuo en boa parte idiosincráticos, aínda que contrinxidos por realidades obxectivas. Os grupos fórmanse mediante actos de proxección e focalización, non necesariamente conscientes ou racionais. As ‘explicacións’ residen nas complexas

⁴¹ Labov 1983: 312. Porén, o presunto carácter consensual destes xuízos foi fundadamente contestado por outros sociolingüistas, que salientan as tensións e conflitos que atravesan as comunidades lingüísticas (Milroy / Milroy 1997: 52-53).

motivacións psicolóxicas dos individuos, condicionados por factores sociais. Destarte, os grupos sociais relevantes son os que o individuo percibe como tales, que non necesariamente cadran cos que o sociolingüista establece segundo métodos obxectivos. Cada individuo crea os sistemas do seu comportamento lingüístico con tal de que se asemelle ao do grupo ou grupos con que el, dependendo da ocasión, desexa ser identificado, na medida en que:

- a) pode identificar os grupos,
- b) ten a oportunidade e a capacidade de observar e analizar os sistemas de conduta destes,
- c) posúe unha motivación dabondo forte que o impulsa a escoller e a adaptar o seu comportamento en consecuencia,
- d) ten capacidade abonda para adaptar o seu comportamento no senso desexado.

Para axeitar o seu comportamento, o individuo precisa experimentar unha duradeira exposición á variedade lingüística correspondente, posuír a suficiente destreza lingüística para incorporala ao propio repertorio e estar disposto a identificarse coa clase de persoa que a usa. Segundo LePage, todos somos 'camaleóns lingüísticos', modulamos o noso discurso dependendo da identidade que queremos proxectar en cada ocasión particular.

Coidamos que este modelo de desempeño lingüístico é moi acaído para explicar os fenómenos de cambio de lingua que se verifican en procesos de substitución/ retención lingüística coma o galego, aínda que se cadra resulta excesivamente indeterminada á hora de conceptualizar operativamente o repertorio lingüístico da comunidade (véxase o dito antes). Seguimos mantendo que non se pode prescindir das nocións de 'variedade' nin de 'estrato social', a risco de atomizar indefinidamente a realidade sociolingüística e bloquear calquera posibilidade de análise teórica e a grande escala. Por caso, a investigación en socioloxía da lingua realizada ata a actualidade mostra contundentemente que á hora de determinar a distribución social do galego e o castelán as variables xénero, idade, hábitat, nivel de estudos e tipo de ocupación-categoría profesional constitúen discriminantes de indubidable relevancia. Non vemos por que razón esas mesmas variables non van ser tamén pertinentes á hora de estudar a variación lingüística. Recoñecendo que a variable 'estrato social' é a de definición e manexo máis complexo, coidamos que se pode facer operativa utilizando como categoría de referencia a ocupación- categoría profesional, e combinándoa co nivel de estudos, que resulta dunha relevancia obvia cando atendemos ao aspecto lingüístico.

8. A CUESTIÓN DO 'ACENTO'

No plano do coñecemento común dos locutores, un dos marcadores máis importantes do sociodialecto básico do falante é o 'acento', unha percepción borrosa en que se funden un conxunto bastante heteroxéneo de fenómenos sonoros: variables propiamente fonéticas (coma, no galego, gheada, distintos tipos de seseo, ou timbre, duración e intensidade de certas vogais) e trazos prosódicos como a entoación, xuntamente con riscos paralingüísticos como a velocidade de dicción ou a cualidade da voz. É de salientar que un aspecto coma este, relativamente periférico desde o punto de vista da estrutura lingüística, resulte ter unha especial relevancia na percepción e categorización dos falantes, os cales extraen del unha 'información' moi significativa sobre a identidade social do locutor. Será de interese referirnos aquí a unha recente investigación do Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega⁴², en que se utilizaba a técnica das máscaras (*matched-guise technique*) para explorar as actitudes lingüísticas da mocidade galega, e na que se manexaba a variable 'lingua' combinada coa variable 'acento' (castelán con acento castelán / castelán con acento galego / galego con acento castelán / galego con acento galego). O devandito estudo chega á conclusión, solidamente apoiada na investigación empírica, de que

a variable 'lingua da máscara' non inflúe por si mesma nas puntuacións adxudicadas ás variedades lingüísticas. [...] A ausencia de acento galego (e presenza de acento castelán) determina case exclusivamente a percepción que teñen os rapaces [enquisados] do falante [...] En definitiva, neste sector da poboación atópanse fortes prexuízos asociados ós trazos fonéticos e prosódicos do galego. Os devanditos prexuízos refírense fundamentalmente á dimensión de 'competencia-status social' [...] Os resultados obtidos indican que a base sobre a que se establecen os procesos de categorización social dos falantes nun contexto de uso público da lingua está configurada polo acento galego e polo sexo das máscaras (RAG 2004: 37 e 68).

Coidamos que os achados deste traballo botan luz sobre os debates acerca do '(neo)galego urbano' a que antes nos referimos de pasada. Secomasí, sospeitamos que por debaixo das valoracións aparentemente consensuais do acento sinaladas polos estudosos ("tamén se confirma para esta mostra a ausencia de influxo de variables sociodemográficas e sociolingüísticas nas valoracións actitudinais", *ibidem*), que van ao encontro da posición 'conse-

⁴² Casares Berg et alii 2003: 19-70; véxase tamén Casares Berg / Fernández Salgado / Loredó Gutiérrez / Suárez Fernández 2003.

sualista' de Labov, subxacen esquemas de valoración contrapostos entre os galego-falantes e os castelán-falantes, que quizais se poderían elicitar mediante outro tipo de procedementos de investigación. Cara a isto, na liña de Milroy/ Milroy a que no referimos atrás, apunta un estudo realizado entre alumnos de ensino medio en Ourense hai uns quince anos, que detectaba tres grupos sociolingüísticos (tocante ás actitudes) ben caracterizados, galego-falantes rurais, galego-falantes urbanos e castelán-falantes urbanos:

Os primeiros amosan unha boa disposición cara ó seu propio grupo e unha alta valoración tanto do galego coma do castelán. Os segundos, aínda que recoñecen a importancia do castelán, son máis críticos cos comportamentos asimilacionistas. Pola súa parte, os castelán-falantes urbanos teñen unha alta estima do seu grupo, e sobre todo, dos galego-falantes; actitudes moi positivas que, sen embargo, non se manifestan coa mesma intensidade cara ó uso da lingua galega (Carballeira Anllo et alii 1994: 17).

Estamos ante dúas cuestións en que convirá aprofundar mediante a realización de novas pescudas de campo.

II. DA NORMA AO USO

9. SOCIO-ESTILO, ESTÁNDAR E NIVEL

Á hora de trataren dos 'niveis de lingua', a maioría dos estudosos operan non con variables estritamente sociais, mais cun híbrido de variables sociais e funcionais, nos seguintes termos: (a) os sociolectos superiores aparecen representados por un rexistro elevado ('esmerado' e/ou 'impersoal'); (b) os sociolectos medios por rexistros medios ('impersoal' e 'coloquial'); e (c) os sociolectos inferiores por rexistros baixos ('familiar' e incluso 'alternativo'). É como se a cada sociolecto correspondese un estilo 'cardinal', que sería o máis representativo del. O certo é que tal asociación –case sempre implícita, mesmo inconsciente, que probablemente responda a un proceso de estereotipación social– presenta unha imaxe distorcida da realidade, pois o lóxico sería comparar os tres sociolectos nun mesmo estilo (por caso, o coloquial). O que acontece é que en termos tanto de representación social coma de análise académica, unha asociación disimétrica coma a anterior presenta a vantaxe de que produce prototipos de variedades claramente distintos entre si, subliñando as diferenzas e reforzando os contrastes entre elas.

Pero hai máis. Cando se trata de niveis de lingua, adóitase operar con entidades aínda máis complexas, definidas non só nas dimensións social e funcional, mais tamén en termos de conformidade/ desviación con respecto ao ‘estándar’, segundo un criterio moi corrente entre os estudosos que traballan sobre idiomas ‘normalizados’ (o cal, no aspecto propiamente lingüístico significa, precisamente, idiomas plenamente estandarizados)⁴³. Por caso, Jollin-Bertocchi (2003: 37-41), que ofrece un tratamento paradigmático desta cuestión nun idioma arquetípico, o francés, sostén que o termo ‘nivel de lingua’ expresa a organización ideolóxica da lingua en usos ‘baixos’ e ‘elevados’, e esta noción se aplica “moi exactamente” ás variacións segundo a clase social. En consecuencia, distingue tres niveis, un intermedio, normativo ou neutro, outro supernormativo (*français cultivé*) e outro subnormativo (*français populaire*). Daquela, do que se nos está a falar non é dos principais ‘socio-estilos’, mais dunha noción aínda máis ampla.

Xa que logo, a noción de ‘niveis de lingua’ á derradeira remite a un esquema simplificado da arquitectura global do sistema, unha visión sincrética desta, unha especie de síntese panóptica en que se combinan dúas dimensións diferentes, a funcional e a social, e dúas perspectivas, a descritiva e a prescritiva. Canto a isto último, aparentemente, cando falamos de ‘estándar’ non estamos a referirnos á estratificación social da lingua, mais a unha perspectiva diferente sobre a variación lingüística, relativa á codificación e á prescrición. O que acontece na realidade é que o código normativo adoita descansar na regulación metódica e pautada dun sociolecto de prestixio, máis precisamente do estilo ‘cardinal’ (medio-alto) dese sociolecto –mellor aínda, dunha versión idealizada desa variedade, tal como mostraremos máis adiante.

A base do estándar-código normativo é unha variedade lingüística asociada a usos e usuarios privilexiados, que ademais, acostuma ser adoptada por este grupo de estatus como emblema distintivo da súa posición hexemónica. Por riba, pode acontecer que o dominio deste código estea franqueado exclusivamente (ou case) a ese mesmo grupo, e se atope coutado máis ou menos severamente aos outros grupos sociais. Nestas circunstancias, o termo ‘estándar’ case inevitablemente comporta unha forte connotación social, ou, remite directamente a un sociolecto⁴⁴. Os casos do francés e o inglés corresponden historicamente a esas tres condicións, aínda que en tempos recentes

⁴³ A xeito de exemplo, véxase Trudgill (1983: 186-200) para o inglés.

⁴⁴ “Entre nosaltres, com en totes les cultures occidentals, l’standard proposat, a l’igual que la normativa literària, arrenca d’uns presupòsits d’hegemonia històrica de la classe burgesa, la qual protagonitzà la reivindicació política i cultural arreu” (López del Castillo 1984: 28).

o estándar democratizouse, e o acceso a el, vía sistema educativo, se encontra ao acado de todos os grupos sociais.

O caso do galego non é tan así, como tampouco o son o do alemán e o italiano, por citar outros idiomas que se apartan dese modelo. En galego, o estándar ten unha base polidialectal, seleccionada e elevada mediante un proceso de adopción, o que implica que, de comezo, carecía de falantes nativos: nestas condicións, o código normativo realízase inicialmente nos rexistros formais da lingua (ou máis ben como 'base común' aos rexistros formais, especialmente da escrita)⁴⁵. Así e todo, sucede que o seu uso como variedade formal (non 'nativa') está inicialmente limitado a un sector social determinado, de tamaño reducido (un grupo de elite socio-cultural): destarte, o que para este grupo constitúe variación diafásica (de rexistro) pode ser interpretada por outros grupos como variación diastrática (de sociolecto). Na actualidade, o que está a acontecer é que esta variedade comeza a ser adoptada como vernáculo (variedade de instalación e nativa, transmitida interxeneracionalmente por vía familiar) por parte dun certo sector da sociedade, e deste xeito vai reforzándose a asociación con este.

Como corolario do dito, será conveniente introducir algunha aclaración sobre o que se entende por 'estándar', pois este termo engloba varias nocións moi próximas que neste lugar cómpre matizar: a) o código normativo; b) a variedade modelo ou exemplar, definida tamén, simultaneamente, nos eixos social e no estilístico; c) e finalmente, o lecto 'axial' da lingua (o 'axiolecto', se se nos permite), un subsistema de variedades sociais e estilísticas neutro desde o punto de vista da variación diatópica. Na primeira acepción, a idea de estándar remite non tanto a unha variedade lingüística en senso estrito, canto a unha matriz en que se atopan definidas (por vía da regra nun nivel decrecente de rixidez) e fixadas unha serie de variables morfosintácticas, fónico-gráficas e léxicas, que en conxunto forman o armazón elemental dunha gramática completa, da lingua falada e mais da escrita; adoito con especial énfase precisamente nos aspectos máis variables (onde aparecen con máis frecuencia os 'desvíos' e 'incorreccións'). Trátase dunha especie de módulo apto para o desenvolvemento dunha serie virtualmente indefinida de variedades, un formato nuclear que é posible despregar en varios sentidos. Cando falamos de 'estándar' neste senso, situámonos na perspectiva da codificación e a prescrición.

Como dixemos, o estándar-código ten a súa base en e serve de base para un conxunto de variedades socioestilísticas 'cardinais' que o materializan do xeito máis fiel, consideradas modélicas ou de referencia; en virtude preci-

⁴⁵ Véxase para isto Lamuela / Monteagudo 1996: 260-63.

samente da codificación e mais da súa asociación a usuarios, textos e contextos prestixiosos.

Entre as variedades socio-estilísticas, as mellores candidatas para tornárense base do estándar son dúas: o rexistro ‘esmerado’ do sociolecto superior e o rexistro ‘impersoal’ do sociolecto medio; cara a eles apuntan os nosos termos de ‘variedade exemplar’ e ‘variedade común’, respectivamente. Para algúns autores a clave da bóveda estaría representada pola segunda variedade: “o termo medio de todos aqueles niveis que convén propor como norma do uso falado para todos” (López del Castillo 1984: 28; algo similar vai implícita na proposta de Jollin-Bertocchi a que acabamos de referirnos).

Aínda que o estándar por unhas razóns ou por outras se atope vencellado a un nivel socio-funcional medio-alto, así e todo, pola propia lóxica das dinámicas sociolingüísticas⁴⁶, en condicións normais máis cedo ou máis tarde acaba espallándose a grupos sociais inferiores e alargándose nun abano máis ou menos dilatado de estilos. Destarte, acaba por xerarse unha escala completa de variedades socioestilísticas labradas cun menor ou maior grao de fidelidade conforme o formato do estándar-normativo. Tal conxunto de variedades é central e neutro (no senso de que non se atopa marcado desde o punto de vista da variación diatópica), e constitúe o espiñazo da lingua, a súa columna vertebral. Neste último senso, o ‘estándar’ é un dialecto feito e dereito, só que un dialecto moi especial, pois ten carácter ‘supradialectal’ ou mellor, ‘transdialectal’: constitúese no que antes denominamos o ‘axiolecto’.

10. SOCIOLECTO E INTERLECTO: ARQUITECTURA DA LINGUA GALEGA

Ao comezo deste artigo falamos de relativismo sociolingüístico. Unha boa mostra deste fenómeno constitúe o tipo de análise da variación sociolingüística en Galicia que se veu desenvolvendo ata a data, que non tomou como referencia principal o estándar (pois tal cousa non existiu ata data recente en galego), mais a variación diaglósica ou, o que é o mesmo, inter-sistemática⁴⁷. A razón disto é que, como dixemos, o eixo organizador da variación sociolingüística en Galicia é a diglosia galego/ castelán, á que vai intimamente vencellada o fenómeno da interpenetración mutua das linguas,

⁴⁶ Véxase o dito antes con respecto aos actos de identidade, e tamén o que expoñemos máis adiante verbo dos procesos de asimilación / substitución.

⁴⁷ Niso coinciden, con matices, Álvarez Cáccamo 1989: 278-88; Monteagudo / Santamarina 1993: 144-51; e Dubert 2002, a pesar das diferenzas noutros aspectos dos respectivos traballos. Aproveitamos para deixar aquí constancia de que o segundo artigo, aínda que publicado en 1993, foi redactado e entregado para a súa publicación en 1989.

un fenómeno reforzado pola extensión crecente do bilingüismo⁴⁸. Obviamente, na dita situación é posible caracterizar os sociolectos con respecto ao maior/ menor grao de interinfluencia que presentan, e identificar 'interlectos' situados nalgún punto do *gradatum* multidimensional polarizado entre o galego e o castelán⁴⁹; ou, máis precisamente, entre o galego estándar (ou a súa realización concreta, o galego exemplar, que así e todo resulta unha entidade de carácter ideal) e o castelán estándar (ou a súa concreción material, o castelán exemplar). No interior de tal escala espazo atópanse mergulladas boa parte das producións lingüísticas que se realizan nas interaccións entre os membros da comunidade lingüística galega⁵⁰.

Dentro do dito *gradatum* interlectal coidamos que é factible, e mesmo adecuado, distinguir variedades relativamente definidas e estables, doutras moito máis difusas e volátiles⁵¹. Como o concepto de variedade interlectal inestable foi posto en cuestión (Dubert 2002: 18-19), volvo sobre el, reafirmándome na súa pertinencia: os bilingües esporádicos e/ou con competencia precaria nunha lingua secundaria (ás veces trátase de persoas de lingua inicial distinta á habitual) teñen tendencia a construír ou botar man de modalidades convenientemente simplificadas ou adaptadas desta. É de aí de onde xorden os interlectos inestables: modalidades fortemente galeguizadas do castelán rexional (*castrapo*) e severamente castelanizadas de galego popular (*chapurreado*). Tanto as primeiras coma as segundas poden vernacularizarse (tornarse 'linguas de instalación' e incluso 'linguas iniciais' para algúns falantes), e converterse no que Dubert acertadamente denomina 'interlinguas fosilizadas' (2002: 23); aínda neste caso, continúan caracterizándose pola súa extrema fluidez e difusividade. Advertimos que non deben confundirse as anteriores coas variedades 'adxacentes', que máis abaixo denominamos 'castelán galeguizado' e 'galego castelanizado' (sobreenténdase nos dous casos o adverbio *fortemente*), que son modalidades plenamente vernáculos e considerablemente máis estables.

Por parte, a situación sociolingüística de Galicia caracterízase dunhas decadas a esta parte por un dinamismo impresionante: non se trata dunha evo-

⁴⁸ Véxase, a título ilustrativo, os datos do Mapa Sociolingüístico de Galicia no tocante á lingua habitual do entrevistado segundo o nivel de estudos e segundo a clase social (RAG 1995: 56 e 59).

⁴⁹ Lembremos que esta imaxe contraponse á do continuum en escala implicacional (aínda que unha parte dos fenómenos adoptan, efectivamente, unha configuración escalar implicacional).

⁵⁰ Unha comunidade bilingüe/ diglósica, que quizais está comezando a escindir-se en dúas, pero este é outro asunto do que non imos ocuparnos.

⁵¹ Sempre tendo en conta que nas condicións de contacto lingüístico a difusividade tende a ser máis intensa, mentres que nas de monolingüismo a tendencia é a unha maior focalización, de xeito que, por vía da regra, nas primeiras as variedades tenden a ser menos definidas estables ca nas segundas.

lución a paso lixeiro, trátase propiamente dunha conxuntura crítica, se cadra, dunha auténtica *catástrofe*. Empregamos este último termo á mantenta, cunha intención puramente descritiva, desprovisto de calquera connotación expresiva –en particular do seu aparente dramatismo. Referímonos a un modelo de evolución (socio)lingüística que non descansa na noción tradicional dun progreso lineal e un avance paseniño a ritmo constante, mais que recoñece a importancia crucial dos períodos de turbulencia, de aceleración brusca, de acumulación exponencial e precipitación repentina dunha serie de mutacións de distinto carácter, en que os parámetros ecolóxicos dunha lingua (ou se se quere, as condicións socio-históricas básicas da súa comunidade falante) experimentan unhas mudanzas drásticas, incontrolables, que impulsan e á vez son impulsados por transformacións radicais da cultura e a consciencia metalingüística da comunidade, e que conducen a disgregacións caóticas e reconfiguracións inopinadas de distintas parcelas do sistema lingüístico e mesmo do propio sistema canto tal⁵².

A dinámica do contacto de linguas realízase por dúas vías, non incompatibles mais complementarias: a substitución e a asimilación. A substitución consiste no cambio de lingua, a asimilación é produto da atracción dunha lingua sobre outra, e consiste na progresiva aproximación das formas e estruturas da segunda cara á primeira. A substitución habitualmente implica non o abandono súpeto e radical da lingua propia e a adopción igualmente instantánea e completa da lingua allea (isto si pode darse no caso da transmisión interxeneracional), mais a adopción da segunda en certos contextos de uso, e no seu caso, a gradual extensión destes contextos e finalmente a adopción desta como ‘lingua de instalación’ (o que raramente implica a monolingualización total nesta).

A asimilación implica a incrustación e adaptación de formas e estruturas dunha lingua-fonte noutra lingua-meta, por diversas vías: dunha banda, por razón de economía de esforzo de aprendizaxe e actuación (*performance*), os bilingües habituais tenden a fusionar canto posible as dúas linguas que empregan habitualmente, tomando como base a súa competencia na lingua primaria (inicial ou dominante) pero incorporando a esta certos elementos e estruturas da lingua secundaria (ou auxiliar); doutra banda, os bilingües transeúntes (que mudan de lingua de ‘instalación’ ou principal) arrastran á súa nova lingua ‘principal’ elementos da súa lingua primeira; finalmente, monolingües en cada unha das dúas linguas, en condicións de estreita convivencia e de presenza ambiental forte de ambas, incorporan elementos dunha na outra.

⁵² Véxase sobre a noción de ‘catástrofe’ aplicada á historia da lingua López García 1996 e 2000: 44-48.

Diversos estudos suxiren que no tocante á lingua, a sociedade non se atopa necesariamente polarizada entre ‘arriba’ e ‘abaixo’; poden existir distintas pautas contraditorias, orixinadas en distintos grupos sociais, e incluso os que marcan a pauta non son necesariamente os grupos extremos (na cima ou no cabo), tamén poden selo grupos intermedios. En palabras de Labov, “o estudo dos cambios fonéticos actuais móstranos que unha innovación lingüística pode iniciarse nun grupo particular e desenvolverse fóra del, e que este desenvolvemento é normal; e tamén que ese grupo pode ser o de maior estatus, pero non é preciso e nin sequera frecuente que o sexa” (1983: 355). Temos razóns para acautelarnos contra unha visión mecánica da realidade lingüística en termos do modelo implicacional, como se existise un continuum polilectal que, tal escaleira mecánica, se movease continuamente desde o galego vernáculo cara ao castelán estandarizado das clases medias urbanas, un modelo que implica que todas as innovacións lingüísticas proceden sempre do mesmo punto (o castelán) e avanza na mesma dirección (daquel cara ao galego). Esta visión estéase nun presuposto demostradamente falso: frecuentemente se dá o caso de que as mudanzas en variedades ‘altas’ se moven en dirección contraria a outras mudanzas en variedades máis ‘baixas’, e xa que logo unha destas variedades poden finalmente atraer a outra ou ben orientárense entrambas cara á diverxencia e á fragmentación.

Así, no medio das turbulencias que están a experimentar a sociedade e a lingua galegas neste período, dunha banda pugna por estabilizarse e establecerse (a redundancia é só aparente) un galego estándar que a duras penas consegue atinxir a condición de plenamente ‘codificado’, que se concreta na fala non tanto nun galego exemplar (ideal máis ca efectivo), coma nun galego ‘común’ para-estándar, flexible e discretamente diverso. Doutra banda, xorde como novidade o fenómeno do denominado ‘neo-galego urbano’ (quizais sería máis exacto denominado ‘para-galego’), que tanta preocupación ten suscitado. En realidade, o ‘neo-galego urbano’ é o correlato elevado do galego chapurreado: ambas e dúas son variedades interlectais de carácter oportunista, producidas por castelán-falantes que se senten motivados para falar galego só ocasionalmente. A diferenza entre o ‘chapurreado’ e o ‘neo-galego’ radica en que o primeiro resulta máis neboento e volátil ca o segundo, dado que precisamente este se emprega en funcións socio-comunicativas ‘altas’ (mesmo se escribe) e está orientado cara ao estándar.

O atranco que representa tal neo-galego cara á estandarización dun galego ‘auténtico’ non radica na súa mera existencia –esta mesmo pode considerarse un síntoma positivo dunha crecente presión social a favor do galego, dunha orientación cara a esta lingua de sectores previamente castelanófonos–, mais na súa tendencia a estabilizarse e a solapar o ‘galego exemplar auténtico’, interferindo a irradiación deste e incluso constituíndose en varie-

dade de prestixio e referencia (mesmo para os galego-falantes), con perigo de que consiga suplantar aquel.

En definitiva, o espazo lingüístico galego, de carácter composto, estaría configurado polas seguintes variedades básicas:

- a) *Castelán exemplar*, pautado polo castelán estándar, propio das clases altas e medio-altas urbanas, xeralmente monolingües e dotadas dun nivel elevado ou medio-elevado de instrución; atópase en proceso de expansión, atinxindo as camadas mozas das clases medias e medio-baixas das principais cidades.
- b) *Castelán rexional*, con modulacións galegas, típico das clases medio-baixas urbanas e das camadas medias semiurbanas e rurais, cun nivel de instrución medio ou baixo, por vía da regra bilingües de dominancia castelá pero ás veces orixinariamente galego-falantes; dunha banda estase aproximando ao castelán exemplar, doutra está atraendo cara a si o castelán vulgar, tamén cede falantes ao galego común.
- c) *Castelán vulgar*, marcadamente galeguizado, característico de sectores das clases populares (sobre todo urbanas e semi-urbanas) e das clases medio-baixas semiurbanas e rurais, carentes de ou con escasa instrución, xeralmente bilingües de dominancia galega; está recuando entre os grupos máis mozos perante o avance do castelán rexional.
- d) *Galego exemplar*, a penas materializado, e máis na escrita do que na oralidade.
- e) *Galego común*, medianamente depurado e uniforme, en proceso de consolidación, que aniña en franxas das clases medias urbanas e semi-urbanas, xeralmente cun nivel medio a alto de instrución, bilingües de dominancia galega ou monolingües galegos por elección; está avanzando lentamente a custa do castelán rexional e atraendo cara a si as outras variedades galegas.
- f) *Galego (popular) tradicional*, con incrustacións castelás superficiais, asociado a sectores das clases populares semi-urbanas e en xeral ás camadas populares rurais, cun nivel baixo ou nulo de instrución, monolingües (por necesidade) ou bilingües de dominancia galega; dunha banda está a aproximarse ao castelán vulgar e rexional (deriva histórica) e doutra está experimentando o influxo do galego común (tendencia recente).
- g) *Galego popular (urbano)*, marcadamente castelanizado, característico das clases populares urbanas con escasa ou nula instrución e de sectores das clases medias semi-urbanas e rurais con instrución media ou baixa; habitual en falantes bilingües de dominancia galega ou de dominancia castelá pero de lingua inicial galega. A súa posición vese se-

riamente erosionada pola forte competencia que sofre do castelán rexional e vulgar, e en moito menor medida, do galego común.

Aos anteriores sociolectos debemos engadir tres auténticos interlectos:

- a) *Castrapo*, ou ‘castelán intencional’, variedade mixta producida por galego-falantes monolingües ou bilingües ocasionais, escasa ou nula-mente instruídos.
- b) *Galego chapurreado*, ou ‘galego intencional’, variedade mixta producida por castelán-falantes urbanos, monolingües ou bilingües ocasionais, cun nivel escaso ou nulo de instrución.
- c) *Para-galego* ou *neo-galego urbano*, interlecto mixto producido por falantes iniciais do castelán exemplar ou rexional, cun nivel elevado de instrución, que conseguiron unha aprendizaxe defectuosa do galego; a categorización desta variedade é disputada: galego (incluso exemplar) para os seus locutores e para un sector da comunidade lingüística, castelán superficialmente galeguizado para outro sector da mesma.

castelán exemplar	<i>neogalego urbano</i>	galego exemplar
castelán rexional		galego común
castelán vulgar	→ <i>galego chapurreado</i> → ← <i>castrapo</i> ←	galego popular galego tradicional

Táboa 4. Configuración do espazo lingüístico composto en Galicia.

O que acabamos de ofrecer é un cadro sumario, en trazos grosos, pero coidamos que pode dar unha idea aproximada da situación. Cumpriría caracterizar lingüisticamente cada unha das variedades, mediante trazos como o emprego correcto do pretérito perfecto (*he dicho*) no castelán exemplar fronte ao emprego exclusivo do pretérito indefinido (*dije*) nos casteláns rexional e vulgar, a alternancia na utilización das formas ‘composta’ e ‘simple’ do antepretérito do indicativo (*había dicho* / *dijera*) neste fronte ao uso exclusivo da segunda no castelán vulgar (*dijera*). Doutra banda, podíamos sinalar a distinción coidadosa das formas *dixera* (antepretérito de indicativo) ~ *dixese* (pretérito de subxuntivo) no galego exemplar fronte ao uso estendido da primeira no galego común, que se volve practicamente exclusivo nos galego popular e tradicional (aínda que variedades deste conservan *dixese* polo menos nalgúns casos), e a utilización dos castelanismos *había dito* e *hei dito* (ou *tiña/ teño dito* con valor equivalente), –entrambos ignorados nos galegos común, exemplar e tradicional–, respectivamente no galego popular (que alterna *había dito* co máis frecuente *dixera*) e o neogalego urbano (*tiña dito/ hei-teño dito* por *dixera/ dixeran*). De todos os xeitos, cómpre reali-

zar un maior esforzo de investigación empírica neste terreo, que se atopa francamente desatendido⁵³.

O galego tradicional (e en menor medida, o popular) caracterízase por unha grande variedade interna, que en boa parte se confunde coa variación diatópica: por tanto, nese nivel as dimensións da variación dialectal e sociolectal atópanse inextricablemente unidas. O mesmo non pode dicirse dos galegos común e exemplar, aínda que o primeiro tamén se atopa 'matizado' diatopicamente.

11. NORMA OBXECTIVA E NORMA PRESCRIPTIVA

Diciamos ao comezo da sección anterior que a sociolingüística veu a confirmar e explorar a heteroxeneidade constitutiva dos sistemas lingüísticos. Sinalemos agora que non se limitou a isto. Un dos obxectos de estudo aos que prestou máis atención foi a problemática da norma lingüística e das correspondentes actividades de codificación e prescrición, asuntos dos que a lingüística 'científica' contemporánea se tiña desentendido⁵⁴. O concepto de *norma*, malia a súa aparente obviedade, non está libre de confusións; para simplificar, e no que nos interesa aquí, comezaremos por distinguir dous tipos de 'norma': a obxectiva e a prescritiva⁵⁵. A distinción farase máis doada se reparamos en dous adxectivos derivados: *normal*, isto é, corrente ou rutineiro, un adxectivo descritivo que pode traducirse en termos de frecuencia estatística; fronte a *normativo*, isto é, conforme a unha regra, que equivale aproximadamente a 'prescrito'. En principio, unha variante *normal* nun (sub)sistema ou variedade lingüística é a que adoita aparecer nun texto producido nesa determinada variedade; sinxelamente, é frecuente nel, segundo un modelo probabilístico. Unha variante *normativa* é de uso preceptivo en determinados tipos de variedades, conforme un determinado código normativo. Tocante ao concepto de norma, temos, pois que distinguir a norma obxectiva da norma prescritiva. Vexamos.

a) Norma obxectiva ou *norma usual* (*norme d'usage*): todo (sub)sistema lingüístico defínese pola presenza, frecuencia e pautas de distribución (se-

⁵³ O cal, por certo, non xustifica as imprecisións e erros de vulto (debidos en parte aos preconceptos do autor e noutra parte ao descoñecemento dos estudos dialectolóxicos galegos) que contén o por outra banda estimable artigo de Álvarez Cáccamo 1989.

⁵⁴ Para unha crítica desta posición, véxase en particular Trudgill 1984: 186-225; Milroy / Milroy 1985: 1-28; Daneš 1987; e Coulmas 1989.

⁵⁵ En realidade, cada unha destas 'normas' é un conxunto coherente de 'normas' particulares, que rexen a distribución e estatus de cada serie de variantes.

gundo certos parámetros sociolingüísticos) dun determinado conxunto de trazos; o que é o mesmo, por unha norma obxectiva inherente e constitutiva, que ten carácter implícito e que se manifesta no *uso*. Neste senso, pois, a noción de norma remite ao corrente, ao *normal* en senso cuantitativo e descriptivo, ás pautas observables na actividade lingüística dun grupo ou nunha situación comunicativa determinados. Así pois, toda variedade lingüística está definida por unha norma inherente: o *normal*-obxectivo no meu dialecto (galego) de orixe é pronunciar [(se)ho] e non [(θe)ho] ou [(θe)yo], igualmente, a norma dese mesmo dialecto maniféstase na pronuncia [ˈnβ o] e exclúe a pronuncia [ˈnβ ol]; o mesmo acontece con [(di)ʒo] e [(ʒente) fronte a [(di) ʒo] e [(ʒente), *ti fixestes* e *non che vin* fronte a *ti fixeches* e *non te vin*. Dito outra- mente, o meu dialecto orixinario é un (sub)sistema caracterizado precisamente por esas e outras variantes *normais*, e conxuntamente definen a súa norma obxectiva específica.

O lóxico, pois, desde o punto de vista descriptivo é definir as variantes desde o punto de vista da súa frecuencia. Deste xeito, poderíamos distinguir os seguintes tipos de variantes: típica (frecuente), subtípica (menos frecuente) e atípica (insólita). Tamén aquí sería posible introducir distincións máis finas, se iso nos interesase, o que non é o caso no presente contributo. Por vía de exemplo, comparando a frecuencia de variantes co-ocorrentes pódese falar de variantes co-frecuentes ou concorrentes (coa mesma frecuencia aproximada), variantes superfrecuentes e variantes subfrecuentes (as primeiras máis frecuentes entre outras, as segundas menos frecuentes ca outra ou outras). Se se desexa introducir a dimensión diacrónica, pode falarse de variantes conservadoras, neutras e innovadoras; ou regresivas (de frecuencia decrecente no tempo), estables (de frecuencia non variable no tempo) e progresivas (con frecuencia en aumento no tempo). Se se queren introducir matices de distribución nalgún dos eixos de variación, pódese falar de variantes marcadas (polo estilo, polo estrato social, etc.), fronte a variantes non marcadas. En todo caso, queda claro, que todas as variedades da lingua, precisamente por selo, teñen unha norma inherente, constitutiva, a norma *obxectiva*.

b) Norma prescritiva: esta noción implica a vixencia de determinados códigos de comportamento, entendidos como conxuntos de regras imperativas, instrucións e recomendacións contidas nun corpus metalingüístico (gramáticas, dicionarios, manuais e outros textos), por tanto, explícitas. É unha noción que remite ao *normativo*, o que se aconsella ou impón como ‘correcto’ –e correlativamente, o que recomenda como ‘aconsellable’ ou se tolera como ‘admisible’, ou ben o que se califica como ‘desaconsellable’ ou se refuga como ‘incorrecto’– en nome dalgunha doutrina (no noso caso, dalgún ‘ideal de lingua’, do que falaremos a seguir) e/ ou autoridade. A norma des-

critiva (o estándar-código) define a variedade *padrón*, ou sinxelamente o *padrón lingüístico*.

A vixencia dunha norma prescritiva implica a existencia dun dispositivo ideolóxico e dun aparello institucional socialmente recoñecidos, con autoridade para definir o que é correcto (lexítimo) e con capacidade para impor o seu criterio (Bartsch 1987: 133-49). A vixencia das prescricións lingüísticas fúndase máis ben no que en termos gramscianos podemos denominar *bexemonía* (dominio consentido) que non na *coerción* (dominación imposta e mantida pola forza). Isto significa que a vixencia da norma lingüística repousa nun consenso na avaliación das variantes e variedades no seo comunidade lingüística, un consenso que entre outras cousas se manifesta na asignación de sancións e recompensas simbólicas, outorgadas espontaneamente polos seus membros (xuízos implícitos ou explícitos, conscientes ou semi-conscientes, do tipo *que mal/ben fala fulano!* ou *Ben/mal dito!*). Así e todo, non se pode esquecer que para a inculcación xeneralizada da norma lingüística (especialmente na escrita) é fundamental o papel de institucións formativas, nomeadamente o sistema educativo, cun aspecto coercitivo, expresado en premios / penalizacións prácticas (por caso, unha mellor/ peor nota nun exame a causa da ortografía).

En principio, as nocións de norma obxectiva e norma prescritiva semellan dabondo claras. Porén, en situacións de contacto lingüístico prolongado e íntimo, a cuestión complicase. Máis aínda, se, como acontece no caso galego, ese contacto se produce en condicións de disimetría, en dous sentidos: (a) entre unha lingua dominante que monopolizou durante séculos a comunicación escrita e formal e unha lingua dominada reducida á comunicación oral e informal; e (b), posuíndo a primeira o seu propio centro de gravidade 'externo' á situación de contacto (isto é, o código normativo, variedades formais e o groso comunidade falante non afectados por esta), e véndose a segunda afectada de cheo por tal situación (co groso da comunidade falante exposta ao contacto, e carente de código normativo e variedades formais). Nas condicións devanditas, acontece que a norma obxectiva da lingua subordinada conterá numerosos elementos 'espurios', isto é, xeneticamente procedentes da lingua dominante.

Neste caso, os gramáticos dificilmente se poden contentar cunha simple descrición das normas obxectivas correspondentes ás variedades da lingua subalterna. Case inevitablemente terán que afrontar a tarefa de acertar cales variantes rexistradas na norma obxectiva son xenuínas e cales son espurias (pola súa orixe ou por resultaren de dinámicas externas á lingua subalterna ou dependentes da situación de contacto coa lingua dominante). Tarefa especialmente esgrevia, se, coma no noso caso, as dúas linguas son xenetica-

mente próximas e estruturalmente semellantes, xa que isto pode agravar o sentimento de inseguranza lingüística nos só dos falantes, mais tamén dos lingüistas, que non poden descansar tranquilamente nos seus propios xuízos metalingüísticos, nin tampouco acudir a falantes e textos autorizados (libres de 'contaminación'). Aínda posteriormente, os prescritores deberán determinar cales deses elementos deben ser depurados e cales (se algún) deben ser incorporados á norma prescritiva. Tendo en conta esa situación, e o perigo resultante de fagocitación da lingua dominada mediante a súa disolución na dominante ou dialectalización por parte desta, o purismo lingüístico parece unha actitude racionalmente xustificada. Emporiso, é debatible é o grao desexable de intensidade de tal purismo: tornaremos sobre isto.

12. DO PRESCRIPTIVISMO PREXUIZOSO AO NORMATIVISMO RACIONAL

A prevalencia da variedade normativa esteouse tradicionalmente nunha ideoloxía prescristivista fondamente arraizada na cultura lingüística europea, con precedentes remotos xa en Grecia e Roma, e unha continuada elaboración desde o Renacemento. Desde esta ideoloxía, a lingua é concibida como unha entidade rixidamente xerarquizada, coroada pola variedade culta (conformada inicialmente pola escrita literaria e pola fala da corte rexía; máis tarde, segundo os gustos e os usos da alta burguesía urbana) e o código normativo emanado desta, que servían de padrón para medir e valorizar as variedades non padronizadas, consideradas como deturpacións daquela. O prescristivismo tradicional áchase vencellado á pervivencia de estruturas sociais e esquemas de valores autoritarios e discriminatorios, e descansa nunha mancha de preconceptos, que a final converten a variedade padrón nun elemento clave da hexemonía e do control en mans dun grupo de prestixio e a tornan nun pesado factor exclusión sociocultural. A lingüística científica, formalmente, mostrouse distante con respecto a esa ideoloxía prescristivista, pero renunciou a realizar unha crítica a fondo desta, e na práctica chegou a reforzala, contribuíndo deste xeito á súa perduración.

Endebén, nas últimas décadas está a xurdir un novo tipo de normativismo crítico e racional. Este normativismo, que funde as súas raíces na teoría da lingua estándar do Círculo Lingüístico de Praga, non nega a necesidade da regulación lingüística e incluso denuncia a negativa de certas teorías lingüísticas 'científicas' a trataren o problema (Monteagudo 1994, Daneš 1987). Esta nova visión procura unha xustificación enteiramente nova da prescrición lingüística, tentando comprometer os lingüistas no fomento dunha cultura lingüística desprexuzada e non asociada ao mantemento de relacións de dominación social, unha posición desde a cal os lingüistas non só non deben refugar a colabora-

ción nas tarefas normativas, como teñen que colaborar nelas (nesta liña, ademais do xa citado Daneš 1987, entre outros, Coulmas 1989 e Bagno 2003).

Unha das tarefas máis relevantes da sociolingüística consistiu en fornecer ferramentas para a crítica do prescritivismo prexuízoso. Desta crítica derivouse unha relativización da importancia das variedades normativas e das ideoloxías prescritivistas, obstinadas en marxinar toda variante condenada e bloquear toda mudanza. As linguas xa non poden ser contempladas como entidades monolíticas e homoxéneas, das que as ‘variedades padrón’ serían os máis cualificados representantes –ou peor aínda, as súas formas acabadas–, mentres que as variantes e variedades non padronizadas constituirían ‘erros’, ‘desvíos’ ou ‘anomalías’. Se os usos (normas obxectivas) varían, a norma varía ao mesmo tempo, e daquela pode definirse como ‘uso non marcado en relación ao contexto dun dado enunciado’. Así, existirá non unha norma única, mais varias normas específicas segundo o contexto, o medio social, o lugar, o individuo.

Por outra banda, tende a doptarse unha visión máis abranxente, non exclusivamente desde a perspectiva parcial da variedade padrón, mais con pretensións pansistemáticas. Nesta perspectiva, a noción que corresponde á de corrección é a de ‘adecuación’, que nos permite falar de variantes apropiadas ou aptas, variantes tolerables, e variantes inapropiadas. Non se trata dun cambio de nomenclatura, pois agora trátase de lexitimar os xuízos de adecuación que van asociados á noción de norma obxectiva de cada estilo: por tanto, xa non se trata unicamente de que digamos que nun estilo formal é ‘inapropiado’ (no canto de ‘incorrecto’) empregar variantes non padronizadas. Trátase de que admitamos que, reciprocamente, nun estilo informal pode ser tamén ‘inapropiado’ empregar variantes normativas. Destarte, podemos dicir que para cada estilo de lingua existen variantes *óptimas* que son consideradas máis acaídas para o tal estilo, e non só outras *subóptimas*, tal como acontecería na perspectiva tradicional (se só era correcto o normativo, todo o incorrecto era, por definición, subóptimo), mais tamén *superóptimas*, isto, é ‘excesivamente correctas’.

Así e todo, engánase quen pense que a sociolingüística derogou os estándares como entidades inútiles, opresivas e por tanto non lexitimadas, que denunciou as actividades de prescrición como globalmente nocivas ou irracionais, e que condenou as actitudes asociadas a aqueles e a estes. No que se esforzou foi en contribuír a relativizar a importancia dos primeiros, a reformular os fundamentos, métodos e obxectivos das segundas e a elucidar, peneirar e depurar as terceiras. De aí xorde un normativismo crítico e informado, esclarecido canto aos seus obxectivos e métodos de traballo, respectuoso coa diversidade lingüística, as identidades e as actitudes que se asocian con esta, promotor da tolerancia e da flexibilidade, e coidadoso non só

de non asumir mais de combater os preconceitos, na procura dun tratamento equitativo e racional dos problemas.

Desde este normativismo ilustrado, salientase a importancia e utilidade da norma padrón como elemento de auto-regulación do sistema, como forza centrípeta no interior do vasto universo centrífugo de toda lingua humana, en especial para a práctica da escrita (Bartsch 1987: 141-49 e 227-93, Bartsch 2003). A función básica dun padrón de lingua é estimular, polo menos na escrita, unha relativa cohesión nun espazo sociocultural amplo e diversificado, e garantir unha base de comunicación entre as distintas variedades (históricas, xeográficas, sociais e funcionais). O emprego dese padrón xorde dun equilibrio dinámico consentido entre a liberdade / creatividade de cada falante e a necesidade de comunicar e integrarse socialmente. A vixencia do padrón impón unha certa estabilización da lingua, procurando controlar os efectos virtualmente desintegradores da variación e ralentizar o impacto potencialmente desestabilizador das mudanzas. O ideal do estándar sería, en palabras de Haugen, 'variación mínima da forma e máxima na función'. Os teóricos de Praga sinalaban como as súas características a estabilidade, a elasticidade, a polivalencia e o prestixio. En palabras de Renate Bartsch,

no tocante á preocupación pola corrección, esta é unha actitude necesaria, cargada de valor positivo e coherente cun trazo característico e común do estilo de vida dos humanos: o desexo de controlar as súas accións e produtos e de procurar os medios necesarios para garantir que os instrumentos lingüísticos de comunicación e interacción sexan amplamente recoñecibles e interpretables (2003: 30).

Esta mesma autora sinala que preocuparse polo que está ben e o que está mal, o que é correcto ou incorrecto, aceptado ou non aceptado, é unha base necesaria para todo comportamento humano, que as persoas queren controlar e do que queren responsabilizarse, e é unha condición previa para a comprensión: na interpretación do comportamento (lingüístico) sempre presupomos que os medios (lingüísticos) son correctamente empregados, mentres non houber indicación do contrario.

13. A VARIEDADE PADRÓN, A VARIEDADE COMÚN E AS VARIEDADES VERNÁCULAS

No apartado § 1 do presente traballo, ao fío do concepto de estandarización, introducimos unha distinción entre variedades vernáculos e variedades cultivadas. As primeiras, dicíamos, serían nativas, as transmitidas e adquiridas pola xeneralidade dos falantes mediante socialización primaria; as segundas, as elaboradas, serían as transmitidas e aprendidas mediante sociali-

zación secundaria. A análise desenvolvida no apartado § 10, co gallo das nocións de socio-estilo, estándar e nivel, permítenos agora afirmar que as variedades cultivadas son características dos 'niveis' altos (socialmente recoñecidos como tales), as variedades vernáculas son as características dos 'niveis' inferiores. Todas as linguas, en canto están vivas, posúen variedades vernáculas, que son as empregadas pola xeneralidade dos seus falantes nas situacións de comunicación máis habituais. Só as linguas que se atopan un estado máis avanzado de desenvolvemento –que corresponden ao seu uso en sociedades cun mínimo de complexidade–, se diversifican social e funcionalmente, e xeran variedades cultivadas. No caso das linguas que se despregaron na escrita, a diversificación de estilos adoita ser maior; dándose o caso de que a escrita require (e facilita) un grao maior de elaboración da lingua.

Como dixemos, o camiño que leva das variedades vernáculas ao padrón lingüístico é un camiño de ida e volta. A partir daquelas xéranse as variedades cultas ou exemplares, correspondentes aos estilos máis elevados, e estas serven de base para as variedades-padrón codificadas. A variedade padrón existe basicamente nunha forma codificada, pouco menos ca virtual. Pola súa banda, unha vez constituídas, as últimas inflúen sobre a variedade exemplar, que, de regra, representa a materialización efectiva do padrón lingüístico, aínda que raramente reflicte dunha forma fiel este, pois a variedade culta é máis flexible, e implica algún tipo de compromiso entre o padrón e as variedades vernáculas. Ese compromiso é aínda maior no caso do que podemos denominar 'variedade común', característica dos estilos semiformais, moito máis permeables ás variedades vernáculas.

En condicións lingüísticas normais, pois, existe unha interpenetración das distintas variedades lingüísticas, de maneira que o padrón, sempre artificial e cuase-virtual (excepto na escrita), se realiza nunha variedade exemplar (escrita e falada), aínda relativamente rixida, que á súa vez inflúe en e déixase influír por unha variedade común moito máis flexible, versátil e permeable ás variedades vernáculas. Deste xeito, o influxo da variedade padrón chega, aínda que moi atenuado, ás variedades vernáculas. O proceso de constitución desas variedades padrón, exemplar e común é precisamente o que denominamos estandarización: o rótulo de estándar recobre estas tres variedades. Un estándar que existe só en forma de variedade padrón é un estándar artificial, alleo ás prácticas lingüísticas reais dos falantes. Un estándar que se materializa nunha variedade exemplar xa ten un carácter máis real, máis próximo á actuación efectiva dos falantes. Un estándar normal debe tamén apoiarse en e servirle de orientación a unha variedade común, que é a verdadeiramente usual. En definitiva, podemos dicir que o padrón constitúe a norma prescritiva do estándar, a variedade exemplar constitúe a versión 'forte' da norma obxectiva do estándar, a variedade común constitúe a

versión ‘feble’ da norma obxectiva do estándar (un ‘para-estándar’, podería dicirse) e as variedades vernáculos sitúanse no terreo do sub-estándar.

Non todos os falantes acceden á competencia lingüística plena na variedade exemplar, este acceso está máis ben reservado aos falantes instruídos, pertencentes á elite educada, que pode ser máis ou menos ampla. Pero o que un falante vernáculo do galego debe saber é que a normalización da lingua implica unha diversificación desta, e que xa non pode contentarse coa competencia adquirida espontaneamente na variedade vernáculo correspondente, mais debe esforzarse por arrequentar o seu repertorio lingüístico ata conseguir o dominio da variedade común e polo menos unha familiaridade coa variedade exemplar. Inversamente, un aprendiz de galego, e máis se vai usar profesionalmente a lingua, ten que saber que o dominio dos estilos formais do idioma é insuficiente; xa que unha competencia lingüística minimamente desenvolvida esixe posuír un abano de rexistros algo máis amplo: un bo aprendiz ten que aspirar a dominar a variedade común e familiarizarse con algunha variedade vernáculo. Os falantes nativos non deben deixarse arrastrar por un nativismo inxenuo que lles vede o acceso ás variedades común e exemplar da lingua; os neofalantes teñen que esforzarse por alicerzar solidamente a súa competencia no idioma galego mediante a familiarización con modalidades vernáculos.

14. NORMA SUBXECTIVA OU IDEAL DE LINGUA. O GALEGO ESTÁNDAR, ENTRE O SUBESTÁNDAR E O SUPERESTÁNDAR

Algúns autores propoñen distinguir aínda outro tipo de norma, a que denominan *norma subxectiva* ou *norma ideal*, fundada nas actitudes e o sistema de valores en que estas se sustentan e que guían a avaliación subxectiva do desempeño lingüístico dos falantes ou a cualidade dos textos. O certo é que a norma, “qualquer que seja, não pode ser compreendida apenas como um conjunto de formas lingüísticas [variantes]; ela é também (e principalmente) um agregado de valores socioculturais articulados com aquelas formas” (Faraco 2002: 39), de feito, o que atopamos é “um complexo entrecruzamento de elementos léxico-gramaticais e outros tantos de natureza ideológica” que no seu conxunto definen as normas (Idem, 41; véxase tamén de Castilho 2002). A norma subxectiva non se confunde coa norma prescritiva, mais en todo caso pode dicirse que a segunda está fundada nun determinado ideal de lingua. Concretamente, en Galicia e en relación co idioma podemos distinguir tres grandes tipos de ideais de lingua, que se poden colocar nun continuum organizado nun eixo que vai da maior proximidade á maior distancia con respecto ao galego vernáculo:

- 1) *Ideais de lingua subestándar*: refugan ou son reacios á constitución dun estándar galego, pois manteñen valores anti-prescritivistas e igualitaristas, e dirixen as súas lealdades máis cara ao local do que cara ao supralocal. O espontáneo, o auténtico e 'natural' valóranse moi por riba do controlado, o elaborado e 'artificial'. Podemos sinalar dúas correntes subestándar. Para unha, o ideal de lingua agóchase nos sociolectos urbanos (máis ben, dos barrios periféricos e as vilas grandes): é aí onde podemos atopar unha lingua viva, expresiva e innovadora. Para outros, tal ideal reside nos falares tradicionais, nos dialectos rurais ou semi-rurais, onde se aconchea o galego auténtico. Denominamos as respectivas actitudes (ou normas subxectivas) demótica e nativista: os bravús e os folquis, se se me permite a analoxía. Na corrente nativista conviven actitudes máis puristas, de defensa a ultranza do enxebrismo, con outras anti-puristas. Estas últimas son claramente dominantes na actitude demótica. Tanto esta coma o nativismo non purista móstranse claramente abertos aos castelanismos, polo que os seus ideais de lingua (especialmente da tendencia demótica) se aproximan ao interlectal.
- 2) *Ideais de lingua estándar*: propugan a construción dunha variedade central para o galego, un estándar autónomo e autocentrado (endonormativo). As lealdades diríxense máis cara á identidade colectiva galega (nacional) do que ás identidades parciais de grupo, en especial locais ou sociais. En xeral, predominan as actitudes igualitaristas, aínda que con intensidade variable: maior nos popularistas, máis atenuada nos cultistas. Como se acaba de ver, distinguimos dúas tendencias: unha máis popularista, partidaria dun estándar achegado ao galego vernáculo, e outra máis cultista, que postula un estándar máis orientado cara á lingua literaria. As actitudes con respecto ao prescritivismo van desde unha posición flexible (máis característica, pero non exclusiva, do popularismo) a outra máis ríxida (máis característica, pero tampouco exclusiva) do cultismo. Igualmente, a intensidade das actitudes puristas varía, aínda que a tendencia é similar ao que acabamos de dicir: o popularismo adoita ser menos purista, e o cultismo máis esixente neste terreo.
- 3) *Ideais de lingua superestándar*: propugnan a adopción dun estándar de orientación parcial ou totalmente exonormativa, adaptado do portugués ou identificado con este; notablemente afastado, por tanto, do galego vernáculo. Por vía da regra, son fortemente elitistas, puristas (contra os elementos non recoñecidos como lexítimos na norma lusitana) e prescritivistas.

CORRENTES/ TENDENCIAS	IDEAL DE LINGUA	DOMINIO EXISTENCIAL
A.1. demótica SUBESTÁNDAR	galego (peri)urbano sociolectos urbanos	falantes innovadores, tradicionais, neofalantes
A.2. nativista	galego tradicional dialectos (rurais)	falantes conservadores, tradicionais
B.1. popularista ESTÁNDAR	estándar de base vernácula galego común	falantes innovadores tradicionais, neofalantes
B.2. cultista	estándar de base literaria galego culto	falantes innovadores, tradicionais, neofalantes,
C.1. reintegracionista SUPERESTÁNDAR	estándar elitista lusitanizado	neofalantes innovadores
C.2. lusista	estándar portugués	neofalantes innovadores

Non me cabe dúbida de que, tanto historicamente coma na actualidade, a corrente central, maioritaria e que marcou as liñas básicas do proceso de estandarización do galego contemporáneo é a que aí denomino a do 'galego estándar' (Monteagudo 2003: 58-60). É certo que as outras correntes tiveron propugnadores e adherentes, algúns moi importantes, que deixaron a súa pegada na cultura lingüística do país e nos valores que conforman as distintas 'normas subxectivas' ou ideais de lingua. Esa pegada foi moito menor, endebén, no proceso de constitución do padrón e da norma culta, isto é, tanto da norma prescritiva coma da norma obxectiva do estándar. Aquela corrente central móvese entre dous polos, popularismo e cultismo, e a súa dinámica explícase fundamentalmente pola dialéctica entre estes. Como dixemos antes, na nosa opinión tanto as tendencias subestándar coma as superestándar conducen a un pozo cego: a primeira, ignorando a xustificación funcional do estándar, de feito bloquea o proceso de estandarización, a segunda, virada de costas á xustificación histórica da constitución dun estándar galego, conduciría a un divorcio insuperable entre as variedades vernácula e a culta, de consecuencias probablemente catastróficas para a pervivencia do idioma galego. Retomando unha terminoloxía que utilizamos antes, a primeira constitúe unha posición subóptima, a última unha superóptima, ambas inadecuadas.

O que aquí propugnamos, pois, como orientacións para o galego estándar é un prescritivismo funcional e ilustrado, que caracterizamos por catro trazos (elasticidade, relativismo, gradación e proporcionalidade) e un purismo racionalmente motivado. Un prescritivismo elástico, pois postula que as normas lingüísticas se ofrezan como orientacións para o comportamento lingüístico máis que imporse como ditames imperativos para o común dos falantes (cousa distinta é os falantes-modelo, coma os profesores, locutores, actores e personaxes públicos, con obrigas específicas e contextos de instrución

formal). Relativista, pois proclama o valor pragmático e simbólico da diversidade da lingua, reconece o valor de cada un dos estilos e variedades da lingua e asume o convencionalismo das variedades estandarizadas, ao tempo que admite que existen erros non só subóptimos, mais tamén superóptimos. A valorización das variedades vernáculas e dos estilos de comunicación informais implica que aparezan como tan inapropiadas variantes marcadamente informais en contextos formais como a inversa, variantes marcadamente formais en contextos informais. Prescritivismo graduado, pois sostén que as prescricións teñen máis forza e validez para certos estilos de comunicación que para outros, e incluso que carecen de xustificación para algúns. Prescritivismo proporcionado, pois defende que a esixencia de conformidade á normativa non deben ser as mesmas para todos os falantes e todas as situacións.

Canto ao purismo racionalmente motivado, xa Bartsch (2003: 40-41) argumentou a prol da xustificación dun certo conservadorismo lingüístico na variedade exemplar da lingua, en termos que non cómpre reiterar aquí. Fixemos invocación tamén da necesidade de defender o galego da presión poderosísima do castelán, que ameaza simplemente coa súa absorción e disolución. En definitiva, falando disto podemos evocar o dito aquel de que 'eu son nacionalista porque quero deixar de selo'. Non creo que o nacionalismo teña un contido trascendental, pero asúmoo como actitude defensiva ante unha ameaza que está a piques de aniquilar a nosa cultura, a nosa lingua e a nosa identidade colectiva. Igualmente, tanto o prescritivismo coma o diferencialismo purista en por si parécenme actitudes antipáticas, baleiras e irracionais, o que acontece é que o galego precisa desesperadamente un padrón lingüístico efectivo, orientado nun sentido diferencialista, para estabilizarse, desenvolverse e resistir a presión asimiladora do castelán. Hoxe por hoxe, son os dilemas con que nos enfrontamos, e neles temos que concentrarnos para podelo superar. Confío en que, discorrendo, falando e construíndo entre todos e todas saberemos conseguilo.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Álvarez Cáccamo, C. (1989): "Variaçom lingüística e o factor social na Galiza", *Hispanic Linguistics* 2.2, 253-98.
- Álvarez Cáccamo, C. (1998): "From 'switching code' to 'code switching': Towards a reconceptualisation of communicative codes", en P. Auer (ed.), *Code Switching in Conversation. Language, interaction and identity*. London / New York: Routledge, 29-48.
- Álvarez Cáccamo, C. / Herrero Valeiro, P. (1996): "O *continuum* da escrita na Galiza: entre o espanhol e o português", *Agália* 46, 143-56.

- Bagno, M. (ed.) (2002): *Linguística da norma*. São Paulo: Loyola.
- Bagno, M. (2003): *A norma oculta. Lingua & poder na sociedade brasileira*. São Paulo: Parábola.
- Bartsch, R. (1987): *Norms of Language. Theoretical and Practical Aspects*. London / New York: Longman.
- Bartsch, R. (2003): “Estandarización e cultivo das linguas: Posibilidades, límites e xustificación”, *Grial* 160, 30-41.
- Bernstein, B. (1971/1973/1975): *Classes, codes and control*. London, Routledge and Kegan Paul.
- Berruto, G. (1980): *La variabilità sociale della lingua*. Torino: Loescher.
- Berruto, G. (1995): *Fondamenti di sociolinguistica*. Roma / Bari: Laterza.
- Berruto, G. (2004): *Prima lezioni di sociolinguistica*. Roma/ Bari: Lareza.
- Biber, D. (1988), *Variation across speech and writing*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Biber, D. (1994): “An Analytical Framework for Register Studies”, en D. Biber & E. Finegan (eds.): *Sociolinguistic Perspectives on Register*. New York/ Oxford: Oxford University Pres, 31-56.
- Biber, D. (1995): *Dimensions of Register Variation. A cross-linguistic comparison*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Brown, P. / Fraser, C. (1979): “Speech as a marker of situation”, en K. R. Scherer / H. Giles (eds.), *Social markers in speech*. Cambridge: Cambridge University Press, 33-108.
- Carballeira Anllo, X. M. / González Lorenzo, M. / Iglesias Sierra, P. / Lameiras Fernández, M. (1994): “Actitudes e usos da poboación ourensá de ensino medio”, en R. Lorenzo (ed.), *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas. Volume VI. Sección VI. Galego. Sección VIII. Romania nova*. A Coruña, Fundación ‘Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa’, 17-27.
- Casares Berg, H. / Fernández Salgado, X. A. / Loredó Gutiérrez, X. / Suárez Fernández, I. (2003): “Actitudes lingüísticas en Galicia”, *Grial* 160, 52-59.
- Casares Berg, H. et alii (2003): *O galego segundo a mocidade. Unha achega ás actitudes e discursos sociais baseada en técnicas experimentais e cualitativas*. A Coruña: Real Academia Galega- Seminario de Sociolingüística.
- Castillo, A. Teixeira de (2002): “Variação dialetal e ensino institucionalizado da língua portuguesa”, en M. Bagno (ed.), 27-36.
- Cidrás Escáneo, F. (1994): “Modelos de lingua e variación sintáctica”, *CADERNOS de Lingua* 10, 103-118.
- Coseriu, E. (1981 a): “La lengua funcional” en E. Coseriu, *Lecciones de lingüística general*. Madrid: Gredos, 287-315.

- Coseriu, E. (1981b): "Los conceptos de 'dialecto', 'nivel' y 'estilo de lengua' y el sentido propio de la dialectología", *Lingüística Española Actual* 3, 1-32.
- Coulmas, F. (1989): "Democracy and the crisis of normative linguistics", en F. Coulmas (ed.), *Language Adaptation*. Cambridge: Cambridge University Press, 177-193.
- Coulmas, F. (1996): "Introduction" en F. Coulmas (ed.), *The Handbook of Sociolinguistics*. Oxford: Blackwell Publishers, 1-11.
- Daneš, F. (1987): "Values and Attitudes in Language Standardization", en J. Chloupek, J. Nekvapil et alii, *Reader in Czech Sociolinguistics*. Amsterdam/ Philadelphia: John Benjamin, 206-45.
- Dubert, F. (2002): "Os sociolectos galegos", *Cadernos de lingua* 24, 5-27.
- Faraco, C. A. (2002): "Norma-padrão brasileira: desembaraçando alguns nós", en M. Bagno (ed.), 37-61.
- Ferguson, Ch. A. (1994): "Dialect, Register, and Genre: Working Assumptions About Conventionalization", en D. Biber & E. Finegan (eds.): *Sociolinguistic Perspectives on Register*. New York/ Oxford: Oxford University Press, 15-30.
- Giles, H. / Coupland, N. (1991): *Language: Contexts and Consequences*. Buckingham: Open University Press.
- Halliday, M. A. K. (1978): *Language as Social Semiotic. The Social Interpretation of Language and Meaning*. London: Edward Arnold Publishers.
- Halliday, M. A. K. (1990), *Spoken and Written Language*. Oxford: Oxford University Press.
- Hudson, R. A. (1996² [1980]): *Sociolinguistics*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Jollin-Bertocchi, S. (2003): *Les niveaux de langage*. Paris: Hachette.
- Kabatek, Johannes (1991): "Interferencias entre galego e castelán: problemas do galego estándar", *Cadernos de Lingua* 4, 39-48.
- Kabatek, Johannes (1994): "Galego escrito e lingua común na segunda metade do século XX", *Grial* 122, 157-179.
- Kabatek, Johannes (1996): *Die Sprecher als Linguisten. Interferenz- und Sprachwandelphänomene dargestellt am Galicischen Gegenwart*, Tübingen, Max Niemeyer. [Trad. ao galego, *Os falantes como lingüistas. Tradición, innovación e interferencias no galego actual*. Vigo: Xerais, 2000.]
- Kabatek, Johannes (1997 a): "Strengthening identity, differentiation and change in contemporary Galician", en Cheshire, Jenny & Stein, Dieter (eds.), *Taming the Vernacular. From Dialect to Written Standard Language*, London/ New York: Longman, 185-199.
- Kabatek, Johannes (1997 b): "The Koineization Process of Contemporary Galician as a Field for the Study of Language Change", en Fernández Salgado, Benigno (ed.), *Proceedings of the 4th International Conference on*

- Galician Studies /Actas do IV Congreso Internacional de Estudios Galegos*, 2 vols., Oxford: Centre for Galician Studies, vol. I, pp. 163-178.
- Labov, W. (1983): *Modelos sociolingüísticos*. Madrid: Cátedra.
- Lamuela, X. / Monteagudo, H. (1996): "Planificación lingüística", en M. Fernández Pérez (coord.), *Avances en... Lingüística Aplicada*. Santiago: Universidade de Santiago de Compostela, 229-301.
- Leckie-Tarry, H. (1995): *Language & Context. A functional linguistic theory of register*. London / New York: Pinter.
- LePage, R. & Tabouret-Keller, A. (1985): *Acts of Identity. Creole-based approaches to language and ethnicity*. Cambridge, Cambridge University Press.
- LePage, R. 1989: "What is a language?", *York Papers in Linguistics* 13, 9-24.
- LePage, R. B. (1996): "The Evolution of a Sociolinguistic Theory of Language", en F. Coulmas (ed.), *The Handbook of Sociolinguistics*. Oxford: Blackwell Publishers, 15-32.
- López del Castillo, Ll. (1984 [1976]): *Llengua standard i nivells de llenguatge*. Barcelona: Laia.
- López García, Á. (1996): "Teoría de catástrofes y variación lingüística", *Revista de la Sociedad Española de Lingüística* 26.1, 15-43.
- López García, Á. (2000): *Cómo surgió el español*. Madrid, Gredos.
- Lucchesi, D. (2002): "Norma lingüística e realidade social", en M. Bagno (ed.), 63-92.
- Milroy, J. / Milroy, L. (1985): *Authority in Language. Investigating Language Prescription and Standardisation*. London / New York: Routledge and Kegan Paul.
- Milroy, J. & Milroy, L. (1997): "Varieties and Variation", en F. Coulmas (ed.), *The Handbook of Sociolinguistics*. Blackwell, Oxford, 47-64.
- Monteagudo, H. (1994): "Aspectos da teoría da lingua estándar do Círculo Lingüístico de Praga e os seus continuadores", *Grial* 122, 141-55.
- Monteagudo, H. (1997): "Modelos de lingua. Consideracións teóricas ó fío do debate sobre a estandarización do galego", *Cadernos de lingua* 16, 5-33.
- Monteagudo, H. (1998): *Historia social da lingua galega*. Vigo, Galaxia.
- Monteagudo, H. (2002): "Presentación", en H. Monteagudo / X. M. Bouzada (eds.), *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000). Volume I. Política lingüística. Análise e perspectivas*. Santiago: Consello da Cultura Galega, 9-28.
- Monteagudo, H. (2003): "A demanda da norma. Avances, problemas e perspectivas no proceso de estandarización do idioma galego", en H. Monteagudo / X. M. Bouzada (eds.), *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000). Volume III. Elaboración e difusión da lingua*. Santiago: Consello da Cultura Galega, 37-129.
- Ong, W. J. (2002): *Orality and Literacy*. London / New York: Routledge.

- R.A.G. (1995): *Usos lingüísticos en Galicia. Compendio do volume II do Mapa Sociolingüístico de Galicia*. S.I.: Real Academia Galega- Seminario de Sociolingüística.
- Regueira, Xosé Luís (1994): "Modelos fonéticos e autenticidade lingüística", en *Cadernos de Lingua* 10, 37-60.
- Regueira, Xosé Luís (1997): "Elementos para a definición dun modelo fonético estándar da lingua galega", en Fernández Salgado, Benigno (ed.), *Proceedings of the 4th International Conference on Galician Studies / Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos*, 2 vols., Oxford: Centre for Galician Studies, vol. I, 179-194.
- Regueira, Xosé Luís (1999): "Estándar oral e variación social da lingua galega", en Álvarez, Rosario & Vilavedra, Dolores (eds.), *Cinguidos por unha arela común*, 2 vols., Santiago: Universidade de Santiago de Compostela, vol. I, 855-875.
- Regueira, Xosé Luís (2002): "A sílaba en galego: lingua, estándar e ideoloxía", en Lorenzo, Ramón (coord.), *Homenaxe a Fernando R. Tato Plaza*, Santiago: Universidade de Santiago de Compostela, 235-254.
- Schiffman, H. (1996): *Linguistic Culture and Language Policy*. London / New York: Routledge.
- Trudgill, P. (1982 [1974]): *Sociolinguistics. An Introduction to Language and Society*. London: Penguin.
- Trudgill, P. (1983): *On Dialect. Social and Geographical Perspectives*. New York / London: New York University Press.
- Ure, J. (1982): "Introduction: approaches to the study of register range", *International Journal of the Sociology of Language* 35, 1-23.
- Veiga, R. (2004): "A lingua do noso audiovisual", en *Libro branco da cinematografía e artes visuais en Galicia*. Santiago, Consello da Cultura Galega, 311-30.
- Vidal Figueroa, T. (1997): "Estructuras fonéticas de tres dialectos de Vigo", *Verba* 24, 313-332.

PROGRAMA

13 novembro (xoves) FACULTADE DE FILOLOXÍA

16,30 **Inauguración.** Alfonso Zulueta de Haz (Presidente do Consello da Cultura Galega) e Antón Santamarina Fernández (Director do Instituto da Lingua Galega).

1ª SESIÓN: Descrición vs prescrición nos grandes proxectos de gramática peninsulares

17,00 **Violeta Demonte** (Universidad Autónoma de Madrid): *La norma en la gramática, la gramática en la norma.*

18,30 **Joan Solà** (Universitat de Barcelona): *Descrició i prescrició en la Gramàtica del català contemporani.*

14 novembro (venres) FACULTADE DE FILOLOXÍA

17,00 **Inês Duarte** (Universidade de Lisboa): *Gramática descritiva, língua padrão e variação.*

18,30 Reflexión e debate conxuntos dos conferencistas co Equipo de Gramática da Real Academia Galega (**Rosario Álvarez, Francisco Cidrás, Ernesto G. Seoane, X. L. Regueira, Xosé Xove**).

2ª SESIÓN: A estandarización da ortografía

18 novembro (martes) FACULTADE DE FILOLOXÍA

17,00 **Serafín Alonso Pintos** (IES de Ribadavia) e **Pablo Sánchez Vidal** (IES de Xinzo de Limia): *Escribir e prescribir. Variación e prescrición ortográfica en lingua galega (1950-2000).*

- 18,00 **Luz Cures Vázquez, Marta Negro Romero, Xesús Manuel Mosquera** (Instituto da Lingua Galega): *Dime que acentúo ben / Dime qué acentúo ben.*
- 19,00 **Concepción Diéguez Diéguez, Soraya Domínguez Portela, Belén López Gómez, Fátima Rodríguez Ruibal** (Instituto da Lingua Galega): *Maíúsculas e minúsculas: criterios de uso.*

3ª SESIÓN: O estándar oral

21 novembro (venres) FACULTADE DE FILOLOXÍA

- 17,00 **Elisa Fernández Rei** (Universidade de Santiago de Compostela): *O estándar prosódico.*
- 18,00 **Xosé Luís Regueira** (Universidade de Santiago de Compostela): *O estándar fonético.*
- 19,00 **Mesa redonda (Ramón Novo, Cándido Pazó):** *O estándar oral nos medios de comunicación audiovisuais e no teatro.*

4ª SESIÓN: O estándar sintáctico

25 novembro (martes) FACULTADE DE FILOLOXÍA

- 17,00 **Isabel Vaquero Quintela** (Servicio de Normalización Lingüística-Universidade de Santiago de Compostela): *Corrección lingüística das cláusulas de relativo.*
- 18,00 **Xosé Xove Ferreiro** (Universidade de Santiago de Compostela): *O verbo galego, usos e abusos, descrición e prescrición.*
- 19,00 **Francisco Cidrás Escáneo** (Universidade de Santiago de Compostela): *Descrición e prescrición en construcións sintácticas inestables.*

28 novembro (venres) FACULTADE DE FILOLOXÍA

- 17,00 **Bieito Silva Valdivia** (Instituto de Ciencias da Educación-Universidade de Santiago de Compostela): *Converxencia e diverxencia lingüísticas. Vitalidade de certas estruturas morfosintácticas en galego.*
- 18,00 **Rosario Álvarez Blanco** (Universidade de Santiago de Compostela): *A definición dun estándar sintáctico: problemas, cautelas, límites.*
- 19,00 **Mesa redonda (Dolores Torres París, Antón Palacio Sánchez):** *Estandarización da escrita no ámbito editorial.*

5ª SESIÓN: O estándar morfolóxico

2 decembro (martes) CONSELLO DA CULTURA GALEGA

17,00 **Lara Santos** (Imaxin Software): *O diminutivo na definición do estándar morfolóxico.*

18,00 **Francisco Dubert** (Universidade de Santiago de Compostela): Algúns problemas da estandarización da compoñente morfolóxica do galego.

19,00 **Henrique Monteagudo** (Universidade de Santiago de Compostela): *Idioma, norma, escrita.*

20,30 **Conclusións e Clausura.** Alfonso Zulueta de Haz (Presidente do Consello da Cultura Galega) e Antón Santamarina Fernández (Director do Instituto da Lingua Galega).

Organiza:

Instituto da Lingua Galega (Universidade de Santiago de Compostela) / Consello da Cultura Galega.

Comité organizador:

Henrique Monteagudo Romero, Rosario Álvarez Blanco, Elisa Fernández Rei, Mónica Martínez Baleirón, Silvia Viso Pérez.

Comité científico:

Antón Santamarina Fernández, X. L. Regueira Fernández, Ernesto González Seoane, Rosario Álvarez Blanco, Henrique Monteagudo Romero.

